



TESE DE DOUTORAMENTO

**A CONSTRUCCIÓN DO SIGNIFICADO DA PROTESTA
NA CRISE DO PRESTIGE
Análise das axendas, os marcos
e os discursos de Nunca Máis
e dos medios de comunicación**

Teresa Barberena Fernández

Departamento de Ciencias da Comunicación
Facultade de Ciencias da Comunicación

Santiago de Compostela
2015





TESE DE DOUTORAMENTO

**A CONSTRUCCIÓN DO SIGNIFICADO DA PROTESTA
NA CRISE DO PRESTIGE
Análise das axendas, os marcos
e os discursos de Nunca Máis
e dos medios de comunicación**

Autora: Teresa Barberena Fernández

Asdo.....

Director da tese: Luís Álvarez Pousa

Asdo.....

Departamento de Ciencias da Comunicación
Facultade de Ciencias da Comunicación

Santiago de Compostela
2015



D. Luís Álvarez Pousa

Como director da tese de doutoramento titulada <<A construción do significado da protesta na crise do Prestige. Análise das axendas, os marcos e os discursos de Nunca Máis e dos medios de comunicación>>

Presentada por Dna. Teresa Barberena Fernández

Alumna do programa de doutoramento 2152 Xornalismo e Comunicación (2002-2004)

Autoriza a presentación da tese indicada, considerando que reúne os requisitos esixidos no artigo 34 do regulamento de Estudos de Doutoramento, e que como Director da mesma non incurre nas causas de abstención establecidas na lei 30/1992.

Asdo.....



Aos que berraron “Nunca Más!”





Agradecementos

Esta tese comezou meses antes de que afundise o barco Prestige nas costas galegas, nos meus días na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade Autónoma de Barcelona cando participei no Observatori de Cobertura de Conflictos xunto aos profesores Mavi Dolç (*et tindrè sempre en la memòria*) e Xavier Girò. Agradézolles a súa xenerosidade e a súa paixón por transmitirnos o interese na investigación en comunicación como medio de transformación da sociedade. Uns meses despois chegaba o Prestige ás costas galegas e nacía Nunca Máis. Nese curso volvíñ a Galicia a facer o doutoramento en Xornalismo e Comunicación da Facultade de Comunicación da Universidade de Santiago. Aquí coñecín ao profesor Manuel Martínez Nicolás a quen debo agradecerlle a súa rigurosidade e seriedade no estudo das ciencias da comunicación. Comecei con el a andaina do traballo titulado sobre Nunca Máis, mais teño que confesar que non foi ata agora, ata a tese, na que vin o necesarias que foron todas as súas recomendacións. Mágoa non poder telo preto. Afortunadamente, puiden contar co profesor Luis Álvarez Pousa, para quen só teño palabras de agradecemento pola paciencia e a agarda destes anos. Sempre tivo o seu despacho aberto para recibirme e guiarme nesta difícil labor. A el, entre moitas outras cousas, teño que agradecerlle o facerme sentir parte da facultade e convidarme a participar no grupo de Cidadanía e Comunicación e no Observatorio Galego dos medios.

Nestas primeiras liñas tamén quero mencionar os meus pais, grazas o seu apoio incondicional podo hoxe ler a miña tese de doutoramento.

Durante todos estes anos, ademais de entre libros, camiñei entre xentes xenerosas. En primeiro lugar, os meus compañeiros do curso de doutoramento con moitos dos cales sigo mantendo contacto. Moisés que foi unha peza chave en momentos importantes deste proceso. E especialmente, Jose e Óscar, os que espero que sigan os meus pasos o antes posible. Non podo esquecerme de agradecer ao profesor José Pereira que me facilitase o material recompilado do Prestige; a Marcelo, Comba e Belén que me convidaron a participar no Real-Code e a outros compañeiros como Paulo, aos bibliotecarios, conserxes e ao resto de traballadores da Facultade. Sen esquecerme de Mayte e Rubén.

E, por suposto, un recordo e mil grazas ao profesor Manuel Pinto que me acolleu en outono de 2009 na Universidade do Minho.

Para o final deixo á familia e ás miñas amizades que perdoaron a miña ausencia durante todo este tempo, en especial o meu fillo Christos.

Desculpas pola espera, xa estou aquí!



A construción do significado da protesta na crise do Prestige

Análise das axendas, os marcos e os discursos de Nunca Máis e dos medios de comunicación

RESUMO

A crise do afundimento do buque petroleiro Prestige provocou, ademais dunha gran catástrofe medioambiental, unha crise social e política. A presente investigación estuda a creación de significado que fixo o movemento social Nunca Máis e os medios de comunicación galegos, La Voz de Galicia e El Correo Gallego, españois, El País e ABC, desta situación de emerxencia. Para conocer como construíron a realidade o actor protesta e os media analizáronse os discursos de ámbolos dous con diferentes metodoloxía. No proceso de construción de significados, Nunca Máis creou a súa propia identidade colectiva baseada na identidade galega malia iso non conseguiu unha cobertura mediática favorable. Neste traballo analízase o discurso do movemento social e dos medios de comunicación para coñecer se houbo un aliñamento dos marcos de referencia ou non durante os primeiros meses da crise. Unha das premisas de partida é coñecer como constrúe o actor da protesta a súa identidade e como esta é transmitida polos media. Unha das hipóteses foi que Nunca Máis só cobrou interese para os medios de comunicación cando houbo un posicionamento a favor ou en contra do movemento por parte do poder político, o que se demostra durante o estudo.

PALABRAS CHAVE

comunicación e protesta social, teorías dos movementos sociais, análise do discurso da protesta, Nunca Máis

RESUMEN

La crisis del hundimiento del buque petrolero Prestige provocó, además de una gran catástrofe medioambiental, una crisis social y política. La presente investigación estudia la creación de significado que hizo el movimiento social Nunca Más y los medios de comunicación gallegos, La Voz de Galicia y El Correo Gallego, españoles, El País y ABC, de esta situación de emergencia. Para conocer como construyeron la realidad el actor protesta y los media se analizaron los discurso de ambos usando varias metodologías. En el proceso de construcción de significados, Nunca Más creó su propia identidad colectiva basada en la identidad gallega a pesar de eso no consiguió una cobertura mediática favorable. En este trabajo se analiza el discurso del movimiento social y de los medios de comunicación para conocer si hubo un alineamiento de los marcos de referencia o no durante los primeros meses de la crisis. Una de las premisas de partida es conocer como construye el actor de la protesta su identidad y como esta es transmitida polos media. Una de las hipótesis fue que Nunca Más sólo cobró interés para los medios de comunicación cuando se posicionó a favor o en contra del movimiento el poder político, lo que se demuestra en el estudio.

PALABRAS CLAVE

comunicación y protesta social, teorías de los movimientos sociales, análisis del discurso de protesta, Nunca Más


**Constructing the Meaning of Protest during the *Prestige* Oil spill Crisis
Analysis of the agendas, frameworks and discourses of the *Nunca Más* movement and
the media**

SUMMARY

The sinking of the tanker *Prestige* resulted not only in a huge environmental catastrophe, but also in a social and political one. This dissertation investigates how meaning was created by the citizen's movement *Nunca Más* and by Galician newspapers *La Voz de Galicia* and *El Correo Gallego* and Spanish dailies *El País* and *ABC*, in this situation of emergency. In order to understand how reality was constructed by the protest entity and the media, the discourses of both were analysed with different methodologies. In the process of meaning construction, *Nunca Más* created its own collective identity based on a Galician identity, but in spite of this, it did not get favourable media coverage. In this work, the discourse of this social movement and the media is analysed to understand if their reference frameworks were aligned or not during the first months of the crisis. An initial premise was to understand how the protest entity itself constructed its identity and how this was conveyed by the media. One of the hypothesis was that the media focused attention on *Nunca Más* only after a positioning for or against the movement by the political instances, something that is proven in this study.

KEYWORDS

communication and social protest, social movement theory, protest discourse analysis, *Nunca Más*



Índice

0. Introducción

0.1. Estrutura xeral

1. Deseño da investigación	19
1.1. Xustificación da proposta.....	19
1.2. Estudo do caso.....	21
1.3. Delimitación do obxecto de estudo.....	27
1.4. Obxectivos da investigación.....	31
1.5. Xustificación das hipótesis.....	32
1.6. Procedemento da investigación.....	34
1.7. Deseños da investigación.....	34
1.7.1. Técnicas de investigación.....	36
1.7.1.1. Observación participante.....	36
1.7.1.2. Grupo de discusión.....	37
1.7.1.3. Entrevistas.....	38
1.7.1.4. A análise de contido.....	39
1.7.1.5. A análise de contido cualitativa.....	42

MARCO TEÓRICO

2. Globalización, risco e identidade.....	47
2.1. A globalización.....	48
2.1.1. O estado zombie.....	51
2.1.2. A modernidade reflexiva e a sociedade do risco.....	54
2.1.3. A identidade da resistencia.....	59
3. A construción da protesta.....	67
3.1. Os movementos sociais.....	67
3.1.1. A sociedade civil.....	69
3.1.2. Teorías sobre movementos sociais.....	71
3.1.2.1 O comportamento colectivo.....	74
3.1.2.2 A mobilización de recursos.....	76

3.1.2.3 Os novos movementos sociais.....	77
3.1.3 O xiro cultural.....	79
3.1.3.1. As oportunidades políticas.....	82
3.1.3.2. As formas de organización.....	86
3.1.3.3. A construción de significados.....	89
3.1.3.3.1. A identidade colectiva.....	89
3.1.3.3.2. As emocións.....	92
3.1.3.3.3. A construción social da protesta.....	93
3.1.3.4. Outros procesos que dotan de contido.....	98
3.1.3.4.1. A ideoloxía.....	99
3.1.3.4.2. A cultura e a tradición.....	99
3.1.3.5 Repertorios de acción colectiva.....	101
3.1.3.6. Os medios alternativos e a contrainformación.....	104
3.2. Os media e a protesta social.....	106
3.2.1. Comunicación e información.....	110
3.2.2. A axenda setting.....	113
3.2.2.2. O xogo das axendas.....	115
3.2.3. O framing.....	117
3.2.4. O proceso informativo.....	119
3.2.4.1. Do acontecemento á noticia.....	121
3.2.4.2. As fontes de información.....	123
3.2.5. A lexitimación das informacións.....	127
3.2.6. O xornalismo especializado.....	129
3.2.6.1. O xornalismo de sucesos e o xornalismo científico-técnico.....	131
3.3. Os sistemas político-mediáticos.....	134
3.3.1. A comunicación política.....	135
3.3.1.1. A tematización.....	138
3.3.2. Estratexias de comunicación políticas.....	140
3.3.3. A comunicación de crise.....	142
4. A catástrofe do Prestige.....	145
4.1. Mareas negras históricas.....	147
4.2. O escenario da traxedia.....	148
4.3. Os actores da crise.....	151

4.3.1. A actuación dos gobernos.....	152
4.3.2. A plataforma Nunca Máis.....	157
4.3.2.1. O movemento ecolóxico.....	159
4.3.2.2. O movemento vecinal.....	161
4.3.2.3. Os partidos políticos.....	162
4.3.2.4 Novos colectivos: novos discursos culturais.....	166
4.3.3. As traballadoras e os traballadores do mar.....	168
4.3.4. Os voluntarios.....	169
4.3.5. Os científicos.....	170
4.3.6. Greenpeace.....	172
4.3.7. Os medios de comunicación.....	173
4.3.8. Outros estados: Francia e Portugal.....	174

MARCO PRÁCTICO

5. Os discursos e a identidade de Nunca Máis.....	177
5.1. Nunca Máis, un movemento social.....	177
5.1.1. A catástrofe, unha oportunidade política?.....	179
5.1.1.1. O nacemento de Nunca Máis.....	179
5.1.1.2. O ciclo de protesta.....	184
5.1.1.3. O éxito ou fracaso de Nunca Máis.....	186
5.1.2. A organización do movemento galego.....	193
5.1.3. O xiro cultural.....	196
5.1.3.1. Os marcos de referencia do movemento social.....	197
5.1.3.2. A identidade de Nunca Máis.....	204
5.1.3.3. As emocións.....	210
5.1.4. A cultura de Nunca Máis.....	211
5.1.5. A estratexias de comunicación da plataforma.....	214
5.1.5.1. A comunicación externa do movemento galego.....	215
5.1.5.2. A guerrilla da comunicación en Nunca Máis.....	222
5.2. O discurso mediático na crise do Prestige.....	228
5.2.1. A relevancia da catástrofe petroleira.....	228
5.2.1.1. A portada dos diarios.....	229
5.2.1.2. O acompañamento gráfico.....	230
5.2.1.3. A categoría das informacións.....	231

5.2.1.4. Os xéneros xornalísticos.....	231
5.2.2. A tematización da crise do Prestige.....	232
5.2.2.1. Os temas máis relevantes.....	235
5.2.2.1.1. A tematización en La Voz de Galicia.....	238
5.2.2.1.2. A tematización en El Correo Gallego.....	240
5.2.2.1.3. A tematización en El País.....	242
5.2.2.1.4. A tematización en ABC.....	244
5.2.2.2. A tematización en portada.....	245
5.2.2.3. O encadramento e a tematización no Prestige.....	252
5.2.3. A actorialización.....	257
5.2.3.1. Os actores da crise como fontes de información.....	258
5.2.3.2. Os actores institucionais.....	259
5.2.3.2.1. O actor goberno español.....	260
5.2.3.2.2. O actor impersonal.....	262
5.2.3.2.3. O actor Xunta de Galicia.....	263
5.2.3.3. Actores que exercen de contrapunto.....	264
5.2.3.3.1. Os científicos.....	264
5.2.3.3.2. A xente do mar.....	267
5.2.4. O actor protesta: Nunca Máis.....	270
5.2.4.1. A cobertura da protesta.....	276
5.2.4.1.1. A manifestación do 1 de decembro.....	277
5.2.4.1.2. A manifestación do 23-F.....	282
5.2.4.2. A cobertura da polémica.....	285
5.2.4.3. A identidade mediática de Nunca Máis.....	288
5.2.5. Os medios de comunicación estranxeiros.....	293
5.2.5.1. O Jornal de Noticias.....	293
5.2.5.2. Le Monde.....	300
5.2.5.3. Eleutherotipia.....	303
5.2.6. O caso do Mar Exeo en La Voz de Galicia.....	305
5.2.7. Un ano despois do Prestige.....	308
6. Conclusións.....	315
6.1. A construción de significado por nunca máis e polos media.....	315
6.2. A creación de identidade colectiva e mediática de nunca máis.....	316

6.3. A presenza e tematización da protesta social nos medios de comunicación.....	317
6.4. As rotinas de produción xornalística.....	317
7. Bibliografía.....	319
8. Anexos.....	333





1. O deseño da investigación

1.1 XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA

O ano que comecei os meus estudos de doutoramento, o 2002, foi o mesmo no que o buque petroleiro Prestige afundi. Un ano antes tomara contacto co estudo dos movementos sociais grazas ao Observatori de Cobertura de Conflictos (OCC) da Facultade de Comunicación da Universidade Autónoma de Barcelona. O interese que espertara en min a protesta social daquela e o feito do nacemento dun movemento de protesta ao redor da crise do Prestige, levoume a escoller a plataforma Nunca Máis como obxecto de estudo da miña investigación para o Diploma de Estudos Avanzados centrándome na súa estratexia de comunicación. Ese primeiro achegamento servíume para confirmar que o tema da protesta do Prestige tiña moitas perspectivas nas que seguir afondando. Así que á hora de levar adiante o reto de 'construír' unha tese de doutoramento, seguí co mesmo obxecto de estudo.

Coa idea de poñer a comunicación da acción colectiva no centro de debate e consciente da importancia que ten hoxe en día, dar significado, definir unha situación e que esa definición sexa a hexemónica, estudei as estratexias empregadas por Nunca Máis e a recepción das mesmas feitas polos medios. Nesta nova aproximación ao obxecto de estudo, busco ir máis aló e contrapoñer o poder de construír realidades a través do enmarque e dos discursos dos movementos sociais e contrastalo co dos medios de comunicación.

Nesta construción de realidades, o primeiro que se define é un a si mesmo, a súa propia natureza. A construción da identidade dun movemento é o proceso máis significativo para o mesmo. O caso de Nunca Máis ten ademais un atractivo engadido, o colectivo baséase nunha identidade cultural preexistente, a galega e ademais busca transformala e renovala tendo de escenario de fondo a participación nas mobilizacións de protesta. Este traballo de construción da identidade dos movementos sociais é comunicada polos medios de comunicación a súa audiencia. Pola súa banda, os medios de comunicación constrúen un discurso sobre os movementos sociais, unha identidade mediática.

Os discursos dos axentes sociais e a súa transmisión xa sexa a través dos medios de comunicación ou coas accións de protesta van conformando a construción da realidade. Unha realidade na que entran en xogo os intereses dos diferentes actores e que levan a unha verdadeira batalla por impoñer significados á sociedade. Como di Melucci, (2001:86): “Pode que o coñecemento non sexa a acción, pero na medida que a información se erixe no principal recurso, coñecer e imaxinar convértese nos modos de construír o mundo”. Nesta poxa pola significación Nunca Máis tivo que verse cara a cara con dous gobernos, o autonómico e o estatal e con todo o poder que teñen as institucións á hora de influír na construción da realidade que fan os medios de comunicación.

Outro punto forte do tema de investigación é que a protesta nace dunha crise ecolóxica que desemboca nunha crise política e incluso, diría, social. A audiencia do movemento, os

galegos, estaban tendo un coñecemento directo do que acontecía, a contaminación estaba nas praias, non se podía ocultar ou poñerlle un valado coma pasou en outras crises ecolóxicas coma a de Doñana (Elías, 2006). Polo que calquera intento de ocultar a realidade por calquera fonte de información non podía funcionar, xa que non había consonancia cognitiva entre emisores e receptores da mensaxe. Disto decatáronse os medios de comunicación que, tiveron que capear o temporal, encontrando un punto de converxencia entre os discursos do poder e o que vivían os seus lectores. Mais a necesidade de encadramentos ben fixados e non indeterminados, fixo que moitos cidadáns usaran unha nova ferramenta da comunicación, Internet, coa que tiñan acceso a medios de comunicación internacionais, de Francia e de Portugal, que seguían con interese a catástrofe con vistas aos posibles efectos que podían ter no seu ecosistema e que, desafortunadamente, acabaron tendo.

“A información está contaminada esencialmente por unha serie de mentiras que poden ser de feito demostradas. É preciso descontaminala de esas mentiras, é preciso descontaminala de certa ideoloxía: pódense defender todas as ideas, todas as ideas poden ser defendidas; anunciadas, porén, como ideas e non como algo natural” (Ignacio Ramonet, 2005)

O interese principal de estudar os discursos durante a catástrofe do Prestige é que é un caso para analizar a construción da realidade nunha situación de emerxencia social. A crise é un momento que lles dá moitas posibilidades aos estudos sociolóxicos para coñecer os procesos de cambio da sociedade. O estudo da crise ten particularidades coma explica Morin (1975: 31-35 citado en Rodrigo Alsina). Entre elas e citando textualmente a Morin destacar: “Nunha crise se o acontecemento é demasiado perturbador desencadea mecanismos de regresión; pero, por outra banda, suscita procesos de innovación que cambiarán a sociedade”; “a crise é un revelador significativo de realidades latentes e subterráneas” e “a crise une nela o carácter accidental (continxente, que acotece), o carácter de necesidade (pon de manifesto realidades máis profundas) e o carácter de conflito.

Polo tanto a crise do Prestige dá a oportunidade de estudar situacións que non teríamos oportunidade de observar durante unha etapa de normalidade social. No estudo da construción da realidade é acaído coñecer como afecta esta situación á representación de situacións e actores, así coma a interactuación entre estes últimos. Coñecer se as crises dan oportunidades para que outros actores poidan construír a realidade, dar a súa versión e non só os medios de comunicación. Sobre a relación existente entre os fenómenos e os colectivos representados nos medios e a realidade, McQuail (1991:249 citado en Berganza e Ruiz, 2005) chega a varias conclusións, das que se recollen as que poden ser de interese para o presente estudo.

- Existe unha sólida *sobrerrepresentación* das elites como fontes de noticias. Os gobernos, xefes de estado, portavoces oficiais dan a coñecer opinións, versións da realidade e “producen” noticias en moito maior grao que o cidadán medio
- Tamén os obxectos da información adoitan corresponderlles ás elites políticas, económicas ou sociais. Desde este punto de vista, non hai un reflexo proporcional da sociedade en sentido estatístico
- As minorías, os que escapan a norma e os marxinais de distinto tipo reciben tratamento diferencial que garda escasa relación co seu peso cuantitativo á súa

importancia real. Adoitase ignorar os grupos minoritarios que non presentan problemas e outórgaselle unha grande atención a aqueles que se considera que puidesen representar un problema para a sociedade. Incluso se poden tratar de forma negativa

Ao estudar unha crise podemos ver se segue esta *sobrerrepresentación* das elites coma fontes e a marxinación doutros grupos coma un movemento social ou se hai un cambio da norma pola situación de emerxencia, “unha fiestra que se abre nos medios de comunicación para dar entrada a novas fontes de información” (McAdam et al, 1996), a novos discursos, que dean unha visión alternativa e polo tanto, constrúan unha realidade diferente á tradicional, aínda que sexa temporalmente.

A partir do estudo feito para o DEA, no que tiña avanzado na construción social dos significados polos movementos sociais, no encadramento da protesta, precisaba agora confrontalo coa construción da realidade por parte dos medios de comunicación. Tiña pois que encontrar un estudo interdisciplinar no que se tivesen estudado a construción da realidade por medios de comunicación e por movementos sociais. Acabei pois chegando á teoría do encadramento que dentro da socioloxía interpretativo é o centro da fenomenoloxía, a etnometodoloxía, a análise psicosocial, o estudo dos movementos sociais, o análise da cultura e os símbolos e a comunicación de masas. Novos autores ou non tan novos abrían novas hipóteses que tiñan na crise do Prestige e en Nunca Máis, un obxecto de estudo perfecto para ser confirmadas ou refutadas. A construción de marcos de referencia dos movementos sociais e dos medios de comunicación dunha crise. Unha boa oportunidade para coñecer quen dá sentido ás nosas vidas: os nosos coñecementos, a tradición e a cultura, as relacións persoais e os colectivos de todo índole ou os medios de comunicación. Segundo Sádaba (2008), “os estudosos dos movementos sociais consideran que a elaboración de sentido dos acontecementos é unha construción social da que forman parte os medios de comunicación” mentres que “os investigadores en comunicación suxiren que son os medios os que crean a realidade do que ocorre na sociedade”. Ao situarme no lado dos investigadores en comunicación parto da idea que son os media, mais en casos de crise como o que se estuda, a experiencia particular e a sabedoría popular (Gamson, 1992) acaban por imporse sobre os discursos do poder mediático. Máis, adiante, nas hipóteses, introducirase outra variable: o recordo. A memoria constrúese día a día, e nese combate gañan os medios xa que seguen traballando na construción da realidade do vivido cando os movementos deixaron de latir. Como dixo Valle-Inclán: “As cousas non son como as vemos, senón como as recordamos”

1.2 ESTUDO DO CASO

Como comparar a influencia dos movementos sociais e dos media na sociedade? Esta foi unha das preguntas que me levou máis tempo responder. Primeiro, partín da idea que lera nalgún libro sobre protesta de que os movementos sociais son medios de comunicación, non era un punto de erróneo de partida, xa que no fondo o que explica esta frase é que ambos son construtores da realidade social. Mais eu fixen unha lectura diferente, superficial, e comecei a ler todo tipo de información sobre a comunicación dos movementos sociais, medios alternativos, guerrilla da comunicación e uso de Internet. Lecturas que tamén forman parte da investigación mais son unha parte pequena do proceso de creación de discursos por parte dos movementos e ademais, non me proporcionaba o que buscaba: comparar o poder de influencia

na sociedade dos medias co dos movementos. Comecei entón a combinar as lecturas sobre a crise e os media, mais non trataban o actor protesta. Volvín de novo a ler e reler sobre movementos sociais e comecei a ver o interese dos marcos de referencia, a importancia da cultura e a identidade (McAdam e al., 1996; Laraña, 1999; Melucci, 1996; Tarrow, 2001). Isto era o que quería estudar, Nunca Máis, como un movemento que enmarcaba a realidade, cunha cultura propia. Mais seguía sen ver como encadralo dentro dunha tese dun departamento de comunicación. Entre tanto, outros libros, artigos, teses doutorais comezaron a darme pistas de que o acontecido na crise do Prestige non era algo extraordinario que viviamos nunha sociedade do risco (Beck, 2006; Beck, U; Giddens, A; y Lash, S; Melucci, 2001) e isto lévanos a ser reflexivos. O quebracabezas cadra, mais queda a peza máis importante, como conflúen os media, os movementos sociais e outros actores como o poder político? Estudar os movementos sociais e os seus discursos e a entrada que teñen na axenda dos medios? Unha idea interesante mais deixaba en segundo plano o que quería estudar desde o principio: o movemento por si mesmo, darlle relevancia a Nunca Máis, como creador de identidade, de discursos. Neste punto morto atopeime por casualidade cunha lectura que comezou a cadrar todo isto, *Movimientos sociales: debates sin mordaza* (Sampedro, 1997). O autor estuda a importancia do control das axendas e dos enmarques e como é capaz o movemento de desobediencia civil e servizo militar de entrar na axenda político. Isto lévame a teoría da axenda *setting* (McCombs, 2006) e a do *framing*, pouco a pouco, todo comeza a cobrar sentido, sobre todo ao topar cunha teoría xa coñecida: a construción de marcos. A todo isto, acaban de darlle forma outras lecturas (Sádaba, 2008; Gamson, 1992) e de aí, ás rutinas xornalísticas, á obxectividade (Tuchman, 1999) e o xornalismo especializado (Álvarez Pousa, 2004), sempre presente por recomendación do meu titor mais que precisou dun longo camiño para volver a el. Neste punto, dar un repaso á influencia da política nos medios e viceversa, política mediatizada e medios politizados, é precisa (Martínez Nicolás, 2012). O marco teórico comeza a coller forma, queda agora o máis importante a metodoloxía a aplicar para analizar os medios de comunicación. Para iso, volvín á orixe, a análise de contido e a codificación feita por Manuel Martínez Nicolás no estudo sobre o Prestige feito na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago, que ao volver aplicala vin toda a súa potencialidade. Nunca tanto sentido cobrou para min o verso de Machado: “Caminante, no hay camino, se hace camino al andar”. Mais queda o máis importante, a meta, o obxectivo, o por que un se pecha na súa casa meses e meses a facer esta longa camiñada. Aí sempre a filosofía do análise crítico do discurso, en min xa desde o OCC, que subliña a importancia de descubrir, revelar ou divulgar aquilo que está agochado nos discursos do poder.

Entre unhas e outras lecturas, investigaba sobre os estudos (teses, artigos) que se estaban publicando sobre o Prestige (Ruano, 2006, 2007) e Nunca Máis e a súa representación nos medios de comunicación. Do Prestige e o seu tratamento mediático saíron varias teses de doutoramento en universidades de toda España (Complutense de Madrid, Autónoma de Barcelona, Vigo, País Vasco, Málaga, A Coruña) e artigos. Mais comprobei que Nunca Máis non produciu tanto interese como o que me suscitaba en min. O obxecto de estudo Nunca Máis tratouse pouco e desde as teorías da oportunidade política e comparado con outros movementos, sen entidade por si mesmo. O maior interese por este movemento encontreino de novo en Sampedro, concretamente nunha artigo sobre a representación nos medios de comunicación, a que fai xunto a José López Rey (2006) baixo o título: “Nunca Máis y la cara

O deseño da investigación
oculta de la esfera pública: control de la visibilidad mediática de un movimiento social”.

Artigos e libros publicados sobre o Prestige e Nunca Máis

-Aguilar Fernández, Susana e Ballesteros Pena, Ana. El modelo de proceso político a debate. Una explicación alternativa al origen y consecuencias del movimiento social “Nunca Máis”

As autoras analizan a oportunidades políticas que xurdiron para o nacemento de Nunca Máis e sosteñen que “nada relevante parecía ter cambiado ou, estar a cambiar, no contexto de oportunidades políticas de Galicia no momento de creación de NM como para ofrecer novos incentivos á acción colectiva”. O movemento fracasou ao intentar transformar a fiestra de oportunidade no curto prazo nun horizonte oportunidade a longo prazo. As autoras din que os logros de Nunca Máis foron moi limitados.

Calvo Hernández, Aline Reis e López, Jorge S (2007). Los movimientos sociales y lo social en movimiento. Un estudio psicosocial sobre la acción colectiva a través del sector social. En *Psicología política*, nº 34 (7-38).

Comparativa entre Nunca Máis e o Non á guerra, os seus marcos de referencia e o seu repertorio de acción.

-Cases Méndez, José Ignacio (ed) (2010). Catástrofes medioambientales. La Reacción social y política. Valencia: Tirant lo blanch

Neste libro hai varios artigos sobre os efectos sociais e políticos do desastre do Prestige de diferentes profesores e grupos universitarios. Un deles titulado “El movimiento nunca máis... ¿'un nuevo movimiento social' caracterizado por sus problemas de división interna? Escrito por Werner Palz, trata a politización e a división do Nunca Máis para o que se basea en outros artigos e no libro “El País de Nunca Máis e máis que nunca”. É un artigo feito de presuposicións e suxestións en contra do movemento sen investigación propia.

-Coronel Arias, Paulina; García Vázquez, Nancy Janett; Gaxiola Baqueiro, Elisa G.; Mendoza Ibarra, Ana Lucía; e Patiño Macías, Aida. Corresponsabilidad Estado-sociedad civil internacional. Greenpeace España y el caso Prestige

Artigo no que se fai un repaso sobre a sociedade civil e a sociedade civil internacional e se exemplifica o seu traballo nas accións de denuncia do Greenpeace da catástrofe do Prestige.

-Cotillo Pereira, Alberto. Auge y caída del caso Prestige como problema social

Cotillo sinala que o suceso do Prestige non serviu para aumentar a conciencia ecolóxica na poboación mais alá do momento álxido do problema. Para o autor, “a conversión do caso do Prestige dun accidente tecnolóxico a un problema social é un indicio do paso da sociedade industrial á sociedade do risco. Cotillo fai mención nas conclusións ao estudo de Aguilar e Ballesteros citado anteriormente.

-De Santiago, Mar (2006). La dimensión mediática en una situación de catástrofe y crisis: opinión pública y movilización social. En *La Comunicación en situaciones de crisis: del 11-M al 14-M*. Pamplona: EUNSA

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

De Santiago analiza os marcos interpretativos dos xornais: El País, ABC e La Voz de Galicia. A socióloga conclúe que o ABC minimizou as repercusións e responsabilidades da catástrofe en relación aos outros dous xornais. El País sinala o goberno e as súas decisións coma responsables. Pola súa banda, La Voz de Galicia decántase por un marco de identidade no que resalta o abandono, xa histórico, de Galicia por parte dos dirixentes políticos.

-Diz Otero, Isabel e Lois González, Marta (2005). La reconstrucción de la sociedad civil en Galicia: La catástrofe del Prestige y el movimiento Nunca Más. En Revista de Estudios nº 129

O artigo de Diz e Lois ten un carácter descritivo sobre a Plataforma Nunca Más. O estudo amosa un coñecemento do contexto galego e do movemento social en si. Analiza a organización de Nunca Más e a opinión pública sobre o movemento a través dos datos da enquisa de Sondaxe.

- Elías, Carlos (2006). Medio ambiente, manipulación política y control mediático del riesgo. Análisis del caso del hundimiento del petrolero Prestige. En Ámbitos, nº15. pp 171-190

Elías sinala que a crise do Prestige foi a primeira vez que os científicos españois se uniron para loitar contra a manipulación política. O autor analiza as técnicas de manipulación do goberno español, dálles consellos aos xornalistas á hora de analizar informes científicos, compara os informes sobre a toxicidade do fuel do CEDRE e do CSIC, concluíndo que o último é un plaxio con pequenas variacións. Nas conclusións sinala que o grupo PRISA foi máis crítico contra o goberno na crise do Prestige que na de Doñana, na que estivo tamén implicado o PSOE de Andalucía. En cuanto a El Mundo di que foi máis crítico e o ABC, o máis suave. Acaba cunha comparación entre o caso Doñana e o Prestige, sinalando que os xornalistas buscaron outras fontes científicas na crise galega, fiándose menos do CSIC, sobre no estranxeiro. Unha das causas apunta que foi que o comité científico de Doñana se constituíu dous días despois da catástrofe e no caso do Prestige tardaron 26 días. Ademais no caso de Doñana só os científicos españois acreditados podían pasar á zona contaminada, no caso do Prestige non se podía poñer valados ao mar e había outros países afectados, Portugal e Francia.

-López Rey, José A. (2004). El caso Prestige en Galicia. Las funciones latentes de la participación ciudadana en una democracia representativa. Coimbra: VIII Congreso Luso-Afro-Brasileiro de Ciencias Sociais

Resumo sobre o desastre do Prestige e o xurdimento a organización do movemento social Nunca Más.

-Pont Vidal, Josep (2004). Movimientos sociales, socialismo y socialdemocracia: la necesaria complementariedad política. En Sistemas: Revista de Ciencias Sociales, nº 178, pp: 47-70

Pont avoga pola maior participación da socialdemocracia española (PSOE) nos movementos sociais dos últimos anos, nados pola globalización e contra as políticas da segunda lexislatura do Partido Popular na que ten maioría absoluta. Os movementos que identifica son: o movemento contra a LOU, o movemento obreiro, movemento antiglobalización,

movemento antitransvase das Terras do Ebro, movemento en reacción á catástrofe do Prestige e movemento contra a guerra de Iraq.

-Pradel, Marc; Duarte, Marisa; Carbó, Rosa; e Herreros, Tomás. La última oleada de movilizaciones (2002-2004)

Artigo que analiza as protestas máis importantes que ocorreron en España entre marzo de 2002 e marzo de 2004, referíndose ao concepto de ciclo de protestas. O autor relaciona este ciclo de protestas coa maioría absoluta do segundo goberno do Partido Popular que os levou a adoptar reformas en contra da opinión pública xeral. Entre as protestas analizadas están as protestas contra a LOU, polo transvase do Ebro, manifestación contra o cumio Europeo en Barcelona, a folga xeral do 20 de xuño de 2002, a crise do Prestige, o NON á guerra e mobilizacións polos atentados do 11-M.

-Redondo, Javier. Estrategias de comunicación en tiempo de crisis: Los mensajes del gobierno a través de los medios tras el hundimiento del Prestige. VIII Congreso Español de Ciencia Política y de la Administración Política para un mundo en cambio.

Redondo analiza os marcos de referencia no Prestige e sinala que o goberno non foi quen de impoñer o seu na crise. “O marco interpretativo que acabou impoñéndose como marco de referencia foi o da oposición política, principalmente PSOE, BNG e IU; polos medios de comunicación, El País, La Voz de Galicia e Telecinco; e polos colectivos sociais, Nunca Máis e os voluntarios. Redondo conclúe que o goberno non puido impoñer os seus marcos porque os temas ambientais espertan a máxima sensibilidade no público; a creación de espectáculo coa noticia; a crise abre unha fiestra de oportunidade política; a minimización da crise volveuse na súa contra e falta de coordinación nas declaracións dos dirixentes e varios portavoces.

-Rodríguez Teijeiro, Ariadna. Información del riesgo y opinión pública: convergencias y divergencias en el caso Prestige

Rodríguez Teijeiro compara a “realidade da catástrofe transmitida a través dos medios de comunicación, e polo tanto, da realidade percibida de maneira directa pola poboación afectada”. Así mesmo analiza a xestión informativa da catástrofe. Na comparación entre a cobertura da crise do xornal El País e La Voz de Galicia, sinala que o medio galego tivo unha “primeira fase da catástrofe as noticias destacan polo seu carácter alarmista, que van decaendo en intensidade ata o pesimismo para, finalmente, acabar subliñando os aspectos máis positivos da xestión da catástrofe. En canto a El País, sinala que “o contido de grande parte das noticias publicada neste diario céntrase, basicamente, en diversas críticas cara as decisións, actuacións e comunicados institucionais levados a cabo durante a xestión da catástrofe”. Nos grupos de discusión, houbo unha desconfianza cara aos medios de comunicación sobre todo en canto ao estado das praias e os posibles efectos no medio mariño.

-Sampedro Blanco, Víctor e López Rey, José A (2006). Nunca Máis y la cara oculta de la esfera pública: control de la visibilidad mediática de un movimiento social. En *Medios de comunicación y solidaridad: reflexiones en torno a la (des)articulación social*. Castelló de la Plana: Universitat Jaume I

Sampedro Blanco e López Rey analiza a presenza de Nunca Máis como promotores de

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

noticias en El País, El Mundo e ABC e conclúen que foi escasa. Acaban por destacar a importancia que tivo Internet como fonte para acceder a información crítica nesta crise.

-Torres Romay, Emma (2004). O papel dos intelectuais na transmisión de propaganda a través dos medios de comunicación. O caoso da catástrofe do Prestige. Santiago de Compostela: III Congreso Luso-Gallego de Estudios Periodísticos.

A profesora Torres Romay fai un repaso das actividades feitas polos intelectuais galegos tanto da ciencia como da cultura en prol de difundir unha versión crítica da xestión do goberno.

-Viñas, Verónica (2009). Catástrofes y cambio de políticas públicas. Prestige seis años después. Un análisis de marcos interpretativos. En *Revista Española de Investigaciones Sociológicas* (Reis), 127 pp 121-153

Viñas analiza cales son os discursos dominantes en relación ás políticas públicas tras a crise do Prestige (como se define o problema, que se identifica como causa do problema, a quen se lle atribúe a responsabilidade do mesmo). Trala análise conclúe que “o accidente do Prestige non significou un cambio esencial nas políticas públicas españolas referidas á prevención e a loita contra a contaminación mariña contra vertidos” xa que os marcos dominantes foron os marcos do movemento social Nunca Máis, polo que “un problema medioambiental converteuse nunha solución económica”.

Teses doutorais sobre Prestige desde a comunicación

-Cruz Sandoval, Judith (2004). *La crisis y su influencia en las estrategias de comunicación organizacional*. Barcelona: Departamento de Comunicación Audiovisual y Publicidad, Universidad Autónoma de Barcelona

Cruz Sandoval estuda tres casos de comunicación de crise: Baxter, o Prestige e o mercado Hidalgo. Dúas organizacións, Baxter e Hidalgo son empresas privadas e no caso do Prestige analiza a actuación do goberno central.

-González Villariny, Natalí. *La comunicación del riesgo en la prensa escrita: Un estudio del tratamiento informativo del naufragio del petrolero “Prestige” en los diarios “El País” y “El Mundo”*. Madrid: Departamento de Sociología VI, Universidad Complutense de Madrid

González Villariny di nas conclusións da tese que non houbo diferenzas significativas na cobertura do Prestige entre os xornais “El País” y “El Mundo”. O goberno de Aznar foi sinalado polos dous medios como o máximo responsable do accidente. As noticias máis sensacionalistas foron sobre os danos do vertido. En canto á xerarquía temática das información, os dous xornais destacaron o contido político.

-Martín Molina, Víctor Manuel. *Posición editorial en la prensa de EE. UU y España sobre las Mareas Negras provocadas por el hombre: I Guerra de Irak (1991), Prestige (2002) y Golfo de México (2012)*. Málaga: Facultad de Ciencias de la Comunicación, Universidad de Málaga

A tese de Martín Molina analiza o discurso editorial de medios de referencia sobre diferentes vertidos de petróleo para ver se hai maior interese polos factores políticos e económicos ou polos ecolóxicos. Aínda que comproba que hai un crecente interese polos temas ecolóxicos,

son os políticos e os económicos aos que dan maior importancia.

-Odrizola, Javier (2008). *Información de Crisis y Periodismo Medioambiental. El caso Prestige en la Prensa Vasca* (tese doutoral non publicada). Leioia: Departamento de Periodismo II: UPV

Odrizola comproba que é certa a súa principal hipótese de partida que “os medios de comunicación analizados – Deia y El Correo – carecen dunha estratexia informativa suficientemente desenvolta en temas ambientais como para enfrontarse a unha catástrofe coma o Prestige”, polo que a maioría das informacións tiran polo contido político. Hai moita presenza de fontes institucionais e pouco uso de fontes científicas.

-Rodríguez Teijeiro, Ariadna. *El proceso de comunicación mediática del Caso Prestige : efectos sobre la percepción social de la población afectada*. A Coruña. Departamento de Socioloxía e Ciencia Política da Administración, Universidade da Coruña

Segundo Rodríguez Teijeiro, os medios construíron unha hiperrealidade mediática que pasan da representación á simulación da realidade creando convulsión na sociedade. Foron así os medios de comunicación os que provocaron a mobilización da poboación.

-Venté Alarcón, Marciano Favián (2012). *La intervención de la prensa en la cristalización política de acontecimientos: Un análisis a partir del hundimiento del "Prestige"*. Departamento de Sociología I, UNED

Venté analiza tres medios de comunicación galegos: La Voz de Galicia, Faro de Vigo e Diario de Pontevedra ao redor de cinco fitos de referencia: a primeira aparición de Nunca Máis nos medios de comunicación, o conflito de TRAGSA que enfronta o colectivo de voluntarios co persoal contratado pola empresa pública, a prohibición da entrada dos barcos anticontaminación por parte da Xunta de Galicia, a destitución de José Cuíña como conselleiro e a grande manifestación de Nunca Máis en Madrid.

-Vicente Mariño, Miguel (2009). *La cobertura televisiva de la crisis del Prestige. Agendas, encuadres y discursos en los noticiarios españoles*. Barcelona: Departament de Comunicació Audiovisual i Publicitat, Universitat Autònoma de Barcelona

Vicente Mariño analiza a cobertura televisiva da crise por TVE, Antena 3, Telecinco e TV3. Sinala que tras o estilo sobrio de TVE, houbo unha selección tendenciosa das informacións no que as posicións políticas ocupan máis espazo que as críticas. En canto a TV3 sinala que compuxo uns informativos máis equilibrados e que deu voz aos sectores máis críticos. Antena 3 ofreceu moita información ao principio da crise, diminuindo a partir de 2003. Apostaron polos testemuños dos afectados e as conexións en directo. Telecinco centrouse na cobertura do acontecemento, ocupando a maior parte do seu informativo.

1.3. DELIMITACIÓN DO OBXECTO DE ESTUDO

O obxecto de estudo de partida é o movemento social Nunca Máis, a súa identidade e os seus discursos e como estes penetran ou non no sistema mediático. O primeiro paso é coñecer o propio obxecto de estudo: Nunca Máis. O achegamento a un movemento social é difícil por varios motivos. En primeiro lugar, non existe moita historiografía sobre eles. Este feito fai que se é un movemento social non contemporáneo haxa que recorrer a outras fontes como pode

ser a prensa do seu tempo. Trece anos despois do afundimento do Prestige, non existe un só libro, fóra dos publicados polo propio movemento no seu día, que recolla o significado do movemento en si mesmo. Isto obríganos a achegarnos nós mesmos xunto o obxecto de estudo e este achegamento ten que ser durante o período que está en plena actividade, xa que despois é difícil ter acceso os seus membros. Afortunadamente, no DEA fixen este traballo. Outra das dificultades son as reticencias dos membros dun colectivo social a ser 'bechos' de laboratorio e menos na situación de “baixo sospeita” na que estaba Nunca Máis a partir de 2003. Naquela época puiden facer entrevistas cara a cara e grupos de discusión con colectivos que seguían activos, Nunca Máis e Burla Negra, por exemplo. Mais, por exemplo, outros como Area Negra só puiden contactar a través do correo electrónico. Por circunstancias, só se comprometeron a contestarme por este medio de comunicación, polo que me devolveron un cuestionario sucinto de pouco valor para a investigación. En definitiva, o obxecto Nunca Máis foi abordado desde o achegamento a el, os seus discursos escritos (manifestos, libros,..) e os seus eventos (manifestacións, foros, outros eventos, reunións...).

Os marcos de referencia e discursos de Nunca Máis tiñan que compararse cos dos medios de comunicación e ademais analizar o propio discurso que fixeron os medias do obxecto de estudo. En definitiva, estudar os medios de comunicación como construtores e transmisores da realidade. Había que decidir que medio de comunicación: prensa, radio ou televisión era o máis axeitado. Decanteime pola prensa baseándome en Marletti (Badía, 1992) que considera que “a organización do modelo das noticias e do modelo posterior de circulación das información, tende a basearse nunha dobre secuencia”. Por unha banda, a selección das noticias polo medio televisivo actúa como fonte primaria de actualidade, é dicir, representa un primeiro momento de construción da realidade informativa e de redución da complexidade da realidade. Mentres que a prensa ao “chegar ao lector, ao día seguinte, supón, en cambio, o segundo momento de estruturación da experiencia informativa”. Considera que a prensa é un mapa do cotiá no que o lector pode confrontar as impresións do telexornal do serán. Polo tanto, fronte á función da información televisiva de canalizar inicialmente a circulación das noticias, a función da prensa escrita organiza a memoria dos acontecementos. Para Álvarez Pousa (1999), “os xornais son instrumentos para o control político, contrapeso dos abusos políticos, poder social, termómetro da vitalidade e da autenticidade dun sistema, dun réxime, sociedade ou país”.

Para escoller os diarios a analizar, decidiuse por abranguer o ámbito galego e o español, así que escolléronse dous de cada un destes espazos comunicativos.

Medias dos exemplares diarios vendidos (Datos da OJD)			
Diario	2001	2002	2003
El País	433.617	435.298	440.226
ABC	279.050	262.874	266.818
La Voz de Galicia	108.201	110.825	108.643
El Correo Gallego	22.735	Sen control da OJD	Sen control da OJD
Elaboración propia			

A selección dos diarios máis que, por motivos de difusión de exemplares, de diarios vendidos, fixose pensando na liña editorial dos mesmos, coa idea de que quedase representado

o espectro progresista e conservador. Da prensa galega, analizouse os dous diarios autonómicos: La Voz de Galicia e El Correo Gallego e de tirada nacional: El País e ABC.

La Voz de Galicia defínese no seu Estatuto como “un diario independente, rexional, de información xeral cunha clara vocación europea e autonómica, defensor da democracia pluralista segundo os principios liberais e sociais, e que se compromete a gardar a orde democrática e legal establecida na Constitución e no Estatuto de Autonomía”. No seu estudo sobre o enmarque da aprobación do Estatuto de Autonomía en La Voz de Galicia, Maiez considera que “hai unha estreita relación semántico-conceptual” naqueles anos entre o capital ideolóxico do galeguismo histórico e as informacións que analizou. Polo que conclúe que os marcos interpretativos de La Voz de Galicia constitúen unha esquematización moderada polas súas teses centrais do rexionalismo e o nacionalismo galego dos séculos XIX y XX. Amósase, así claramente, o “eles” e o “nosoutros”. O nosoutros sería o pobo galego. O marco de diagnóstico sobre o Estatuto de Autonomía sería a marxinación de Galicia e as causas situaríanse no Estado Español Centralista. Sitúase como marco de prognóstico a alternativa da obtención da autonomía e o rango de nacionalidade histórica, que ten que ser protagonizada polos “partidos políticos galleguizadores” e polo “pueblo gallego”. Así que hai unha chamada á mobilización co marco de motivación da “defensa de la dignidad nacional” e a “reclamación de una auténtica autonomía”.

El Correo Gallego naceu en Ferrol en 1878 baixo outro nome. O diario foi adquiriu a súa actual cabeceira en 1938 cando se traspasou á Editorial Compostela. El Correo Gallego é en 1995 o terceiro xornal en Galicia en número de difusión. O xornal defínese de filosofía liberal e independente, con tendencia política de centro dereita (Bilbao-Fullaondo).

El País é un xornal que naceu despois da ditadura de Franco e isto marcouno como un dos primeiros medios que apoiaron máis abertamente a sociedade democrática, por exemplo, en capítulos como o 23F. Na actualidade, é o diario máis lido en España de prensa xeneralista e sitúase na esquerda liberal. Na outra cara da moeda está ABC que é o xornal máis antigo publicado en Madrid e ten unha tendencia conservadora monárquica.

Unha das maneiras de ver os reencadramentos dos medios de comunicación e dos movementos sociais ao lonxe é afastarse en tempo e espazo. Por iso, considerouse axeitado para este estudo, facer un pequeno achegamento á prensa internacional, sobre todo, porque a crise do Prestige traspasou fronteiras. Para facer esta análise escolléronse tres diarios de liña progresistas e con grande tirada e difusión como son o Jornal de Notícias, de Portugal; Le Monde, de Francia e Eleftherotypia, de Grecia.

Medias dos exemplares diarios vendidos dos diarios estranxeiros			
País		2002 (nov-dic)	2003 (xan-febreiro)
Portugal (datos de Associação Portuguesa para o Controlo de Tiragem e Circulação (APCT))	Jornal de Notícias	111.649	106.706
		2002	2003
Francia (OJD)	Le Monde	407.085	389.249
		2004	
Grecia	Eleftherotypia	237.263	---

O Jornal de Notícias foi elixido porque, ademais de ser o segundo diario en importancia por tirada, é o único xornal luso importante con sede en Oporto. Isto fai que ademais de centrarse nos asuntos nacionais e internacionais, se dedique aos da rexión onde está situado. Isto faino interesante para a análise da catástrofe do Prestige, xa que as costas do norte de Portugal tamén sufriron a contaminación. Pola súa banda, Le Monde naceu en 1944 e o seu interese é ser un diario de grande tirada, con moita influencia e moi centrado nos asuntos internacionais. A súa tendencia é considerada liberal de esquerdas. Eleftherotypia, ao igual que El País, foi o primeiro diario nacido despois dunha ditadura no seu país, concretamente, neste caso, a ditadura militar en 1974. Acostuma a considerarse que ideoloxicamente está próximo o PASOK, os socialistas gregos.

Corpus de análise

A delimitación temporal do corpus de análise foi desde que o Prestige encallou ata uns días despois da manifestación do 23-F en Madrid convocada por Nunca Máis. Son tres meses e medio nos que se xereou unha cantidade enorme de unidades informativas sobre o suceso.

Diarios analizados e unidades informativas							
La Voz de Galicia		El Correo Gallego		El País		ABC	
Total	%	Total	%	Total	%	Total	%
1531	32	1555	33	929	20	753	16
							4768
Elaboración propia							

Da análise destes medios e este período inténtase extraer información sobre a axenda informativo dos medios, os encadramentos da crise e os discursos durante as semanas que estivo máis viva na sociedade a catástrofe do Prestige. Coñecer a que temas e actores, o encadramento das informacións e os seus discursos danos unha radiografía da construción da realidade mediática que viviron os galegos nesa etapa. A esta análise, se lle comparamos as unidades informativas publicadas polos media un ano despois, podemos ver se houbo ou non reencadramento da crise. Partimos da idea que nunha situación de emerxencia como a do Prestige hai un 'desencadrée' entre os marcos do poder e a percepción social. Este feito non pode durar no tempo, hai que observar como os media axustan os seus marcos.

Unidades informativas nos diarios analizados un ano despois da crise							
La Voz de Galicia		El Correo Gallego		El País		ABC	
Total	%	Total	%	Total	%	Total	%
91	74,5	16	13	10	8	5	4
							122
Elaboración propia							

Tamén é de interese ver as axendas, os encadramentos e os discursos doutras crises similares vividas en Galicia e narrada por algún dos diarios do noso corpus. Concretamente,

O deseño da investigación

escolleuse a crise do Mar Exeo, no ano 1992, ao ser unha catástrofe parecida á do Prestige aínda que con unhas consecuencias ambientais inferiores e só o diario La Voz de Galicia, por ser o de máis difusión e sobre todo, por ter a súa sede na Coruña, onde aconteceu o suceso. En total, o diario publicou 49 pezas informativas ao redor do Mar Exeo nos dous meses posteriores ao afundimento.

En canto aos diarios estranxeiros, o que máis cobertura fixo da crise do Prestige, foi o luso Jornal de Notícias, despois Le Monde e por último, Eleutherotipia, que malia ser unha crise onde había tripulación e empresas gregas envoltas, non lle prestou demasiada atención nos primeiros meses do suceso. A ampla cobertura feita por Jornal de Notícias ten que ver coa inminente chegada de petróleo ás costas do norte de Portugal. O diario portugués, aínda que se distribúe en todo o país, ten especial atención á información do norte.

Unidades informativas nos diarios estranxeiros analizados					
Jornal de Notícias		Le Monde		Eleutherotipia	
Total	%	Total	%	Total	%
209	64,5	99	30,5	16	4,9
					324
Elaboración propia					

1.4 OBXECTIVOS DA INVESTIGACIÓN

A investigación parte de buscar a comprensión do fenómeno de construción da realidade dunha crise feita, en primeiro lugar, polos movementos de protesta nados da mesma e en segundo lugar, polos medios de comunicación e de maneira complementaria á anterior, polos poderes políticos. Como xa se apuntei antes, a comprensión do enmarque duns e outros dunha situación concreta de crise busca comprender as lóxicas dos discursos do poder e como poden ser variadas polos movementos sociais. Isto fai que sexa un estudo interdisciplinar (coñecemento social, política, medios e cultura) xa que o discurso dominante molla toda a sociedade e penetra nela dunha maneira que hai que sinalar para que poida ser identificado. Tamén os movementos sociais actúan en diferentes esferas na súa loita por configurar o discurso predominante e poder así, cambiar a sociedade. Nesta definición de realidades, o crear o significado dun mesmo é prioritario. Os movementos sociais son significado en si mesmo, os seus membros, a súa organización, o modo de exercer o poder, a súa cultura, etc., todo confórmaos como actor e os significados que crean deben servir para vehicular as súas demandas. Isto fai que os movementos ademais de conseguir introducir os seus discursos na axenda mediática como medio para entrar na axenda política, non deben descoidar a súa significatividade e prestar atención á construción deles que fan os media. Con todo este estudo, búscase non só analizar a construción da realidade polos movementos e os medios e que se coñezan, senón axudar a reflexionar sobre que estratexias deben seguir os colectivos á hora de introducir as súas demandas nas axendas política e mediática, e sobre como deben enmarcar e crear o seu discurso.

O obxectivo xeral da investigación:

- Coñecer quen constrúe o significado da realidade, se os movementos sociais ou os medios de comunicación e as relacións e influencias que hai entre ambos nunha

situación de crise como a estudada

Obxectivos específicos:

- Identificar a identidade colectiva construída polo movemento social Nunca Máis e observar se contrasta ou non coa identidade mediática e se os media os tratan como uns actores marxinais ou hexemónicos
- Describir os problemas que teñen os políticos e, incluso os medios de comunicación, nunha situación de 'desencadrée' da realidade a causa dunha crise e comprender como conseguen "reencadrarla" e que oportunidades lles dá esta indefinición de marcos aos movementos sociais para introducir os seus discursos
- Identificar se as demandas se o actor Nunca Máis e as súas demandas lles interesaron aos medios de comunicación por si mesmas ou tiveron primeiro que entrar na axenda política
- Reparar se a construción mediática da protesta social se caracterizou por un discurso simplificador de evento social ou de conflito ou se serviu para transmitir as mensaxes do movemento
- Observar se os medios de comunicación construíron un xornalismo informativo ou interpretativo e relacionalos coa capacidade ou incapacidade dos mesmos para reencadrar a realidade nesta situación de emerxencia
- Discernir cando e como os medios de comunicación encadran a realidade e se o fan de acordo cos intereses do poder nun proceso de construción da memoria colectiva

1.5 XUSTIFICACIÓN DAS HIPÓTESES

As seguintes hipóteses nacen das preguntas que me quedaron sen contestar na miña anterior investigación sobre Nunca Máis.

A. Relativas á construción de significado de Nunca Máis e dos media

1. A situación de emerxencia social, abriu unha fiestra mediática para Nunca Máis grazas á que puido competir co poder na construción da realidade
2. Só aliñando todos os discursos dos diferentes actores protesta como fixo Nunca Máis, pódese competir na creación da realidade cos medios de comunicación e co poder
3. Unha vez pasada a etapa de emerxencia social, os medios de comunicación reencadran a realidade dacordo cos intereses do poder político para dar unha discurso unificado que é o que queda da memoria colectiva dunha sociedade

As hipótese relativas á construción do significado de Nunca Máis e á súa oportunidade de chegar os medios durante un curto espazo de tempo (fiestra mediática) identifíqueina como hipótese de construción de significado, porque tamén o é, mais quizais sería máis correcto identificala como hipótese sobre oportunidade política. Como é unha oportunidade de crear significado encadreina neste apartado. A maneira de comprobar esta premisa é mediante unha análise de contidos dos medios de comunicación.

En canto á segunda premisa das hipóteses relativas á construción de significado de Nunca Máis e dos media subliña a importancia de que todos os actores implicados na protesta deben aliñar os seus discursos para non provocar máis confusión. Tamén pode probarse a través da análise de contidos e comparala coa análise da cobertura doutra crise similar, noutra época da

historia de Galicia, como foi a do Mar Exeo. Outra hipótese é que o encadramento vai cambiando durante o tempo polo que se vai movendo o cadro ata axustar a realidade ao que lle demanda o poder. Polo tanto, ámbalas dúas hipóteses precisan unha comparación entre o encadramento (diagnose, prognóstico e motivación) da crise por parte de Nunca Máis e dos media durante a crise e tamén antes e despois.

B. Relativas á creación da identidade colectiva e mediática de Nunca Máis

4. Nunca Máis competiu na creación da súa propia identidade cos medios de comunicación e do poder, ámbolos dous quixeron influír na percepción da mesma como maneira de manter a súa posición hexemónica
5. Os medios de comunicación consideraban a Nunca Máis unha identidade minoritaria, é dicir marxinal e opositora, diferente ás lexitimadas polo marco político
6. A penetración de Nunca Máis na sociedade veuse favorecida polos seu encadramento da crise mais sobre todo, por ofrecer unha identidade de acollimento coñecida, a propia dos afectados pola crise: os galegos

O segundo grupo de hipóteses relativas á construción de significado do propio actor Nunca Máis de si mesmo e dos medios do actor protesta. Moita da influencia que tivo Nunca Máis na sociedade foi grazas a súa identidade colectiva baseada na cultura galega. Isto fíxolles conectar enseguida coa sociedade ao compartir os mesmos símbolos. Esta premisa é de difícil comprobación, hai que guiarse polos discursos (entrevistas e grupos de discusión) do propio Nunca Máis sobre se foi este un dos ingredientes do seu éxito. Aínda que construír unha identidade do “nosoutros”, non garante que os medios de comunicación, nin sequera os que cobren o territorio onde vive esa identidade social, consideren o actor como parte do “nosoutros”, pode ser que o vexan como uns “eles” marxinais ou non.

C. Relativas á presenza e tematización da protesta social nos medios de comunicación

7. Nunca Máis so interesou aos medios cando entrou na axenda política, é dicir, cando houbo un posicionamento por parte dos partidos políticos, do poder ou da oposición, a favor ou en contra da mesma
8. A construción mediática de Nunca Máis caracterízouse por un discurso simplificador xa sexa ligándoa ao carácter de evento social ou ao conflito e non recolle os discursos que buscan os movementos sociais transmitir á sociedade con as súas actuacións

O terceiro grupo de hipóteses analizarían a tematización da protesta social nos medios de comunicación para saber se a entrada do actor protesta na axenda política favorece a súa cobertura nos medios e se cando son cubertos son recollidos os seus discursos ou non.

D. Relativa ás rutinas de produción xornalística

9. O xornalismo interpretativo e especializado durante unha etapa de crise como a do Prestige da marcos de referencia ao lector claros e evita o desconcerto social que provoca o xornalismo de declaracións.

Por último, a hipótese relativa ás rutinas de produción xornalística busca coñecer que tipo de xornalismo se fixo durante a crise e se foi un xornalismo especializado que dea análise e explicacións aos afectados da crise para axudarlles a dar sentido á realidade.

1.6. PROCEDEMENTO DA INVESTIGACIÓN

A investigación foi o resultado dun proceso que naceu coa idea de facer un estudo sobre a comunicación dun movemento durante a etapa dos cursos de doutoramento ata a última etapa de redacción da tese. Entre un e outro momento pasaron trece anos nos que a investigación foi madurando a consecuencia das lecturas que se realizaban durante a primeira parte da investigación para a tese, a máis extensa, e que foi a elaboración do marco teórico. A raíz de diferentes lecturas fun vendo a posibilidade de darlle unha volta epistemolóxica ao estudo e virar cara unha investigación de construción da realidade a través da tematización e o enmarque dos actores implicados coa particularidade de que todo aconteceu durante unha crise de lexitimidade dos poderes.

Todo iso desde a análise crítica do discurso que estuda as estratexias e discursos das elites e as súas consecuencias cognitivas e sociais. Este posicionamento usa diferentes técnicas de investigación. Así que houbo unha triangulación ao introducir varias técnicas de recollida e/ou análise de datos co fin de afondar ao máximo no obxecto de estudo. Na primeira etapa de investigación centreime no estudo de Nunca Máis mediante técnicas cualitativas coma a observación participante, o grupo de discusión, a entrevista en profundidade e análise do discurso. Na segunda etapa, incorporei novas técnicas coma o análise de contidos cuantitativos das pezas informativas publicadas durante os catro primeiros meses da crise. Para ver outros enfoques do que significou Nunca Máis, analizáronse pezas informativas da prensa grega, portuguesa e francesa sobre a catástrofe do Prestige. O último paso do proceso da investigación foi a redacción da tese.

1.7. DESEÑOS DA INVESTIGACIÓN

A investigación parte da análise crítica do discurso que é “o estudo da reprodución do poder, do abuso do poder e, polo tanto, da dominación a través do discurso”, segundo Teun A. Van Dijk (1997). Segundo o proposto polo autor, os medios de comunicación resaltan as boas propiedades e accións do grupo co que se identifican ou defenden nun momento determinado; resaltan as malas propiedades e accións do grupo o que se opoñen; mitigan as malas propiedades e accións do grupo co que se identifican ou que defenden; e, consecuentemente, mitigan as boas propiedades e accións do grupo o que se opoñen.

Van Dijk amosa nos seus estudos a relación do discurso e a ideoloxía. Así a produción da noticia é un traballo de discurso que leva consigo un traballo de construción, produción e comprensión da noticia. En todo discurso, hai unha relación entre o coñecemento e o control ideolóxico. Hai que ver o que os xornais publicaron sobre Nunca Máis, pero tamén valorar o que non deron a coñecer, o que recibe o lector/a. A labor da análise crítica do discurso caracterízase por seguir os seguintes criterios (Van Dijk, 1997):

- Diríxese máis cara os problemas ou os temas que cara os paradigmas. Calquera teoría ou metodoloxía é adecuada sempre e cando permita estudar eficazmente os problemas sociais relevantes, coma pode ser o sexismo, o racismo, o colonialismo ou outras formas de desigualdade social
- A ACD non conforma unha escola nin un campo nin unha disciplina de análise de discurso, senón que se trata dun posicionamento ou postura explicitamente crítico para estudar o texto ou a fala

- O traballo de análise crítica do discurso adoita ser inter ou multidisciplinario e fíxase particularmente na relación existente entre o discurso e a sociedade (coa inclusión do coñecemento social, política e cultura)
- A ACD forma parte dun amplo espectro de estudos críticos (moitas veces marxinais ou marxinais) sobre humanidades ou ciencias sociais
- Os estudos efectuados pola ACD poden fixarse en todos os niveis e dimensións do discurso, é dicir, gramaticais (fonoloxía, sintaxe, semántica), estilo, retórica, organización esquemática, actos de fala, estratexias pragmáticas e de interacción, entre outros.
- Moitos dos estudos de ACD non se limitan aos procedementos do discurso puramente “verbais” senón que tamén se fixan noutras dimensións semióticas (imaxes, películas, sons, música, xestos) dos sucesos comunicativos
- Cando se estuda o rol do discurso na sociedade, a ACD céntrase particularmente nas relacións (de grupo) de poder, dominación e desigualdade, así como na maneira na que os integrantes dun grupo social reproducen ou opoñen resistencia a través do texto ou a fala
- A labor da ACD diríxese, na meirande parte dos casos, ás estruturas e estratexias de dominio e resistencia, tanto as que se desenvolven no discurso como as lexitimadas e as que se producen nas relacións sociais de clase, xénero, étnicas, raciais, de orientación sexual, lingua, relixión, idade, nacionalidade ou nacionalismos
- Unha grande parte da labor da ACD diríxese a subliñar as ideoloxías que teñen un papel na reprodución da resistencia á dominación ou á desigualdade
- Nos obxectivos descritivos, explicativos e prácticos dos estudos da ACD radica un esforzo para descubrir, revelar ou divulgar aquilo que é implícito, que está agochado ou que por algún motivo non é inmediatamente obvio nas relacións de dominación discursiva ou das súas ideoloxías. A ACD céntrase especificamente nas estratexias de manipulación, lexitimación, creación de consenso e outros mecanismos discursivos que inflúen no pensamento en beneficio dos poderosos
- O esforzo por descubrir os medios discursivos de control mental e de influencia social levan consigo a adopción dunha postura crítica e de oposición contra os que ocupan o poder e as elites
- Os estudos de ACD esfórzanse en formular ou manter unha perspectiva global de solidariedade para cos grupos dominados, por exemplo, formulando propostas estratéxicas que exerzan e desenvolvan un contrapoder e unha contraideoloxía cando se dá a práctica de confrontación e de resistencia

Á hora do deseño da investigación fóronse engadindo diferentes técnicas para conseguir captar mellor o obxecto de estudo de base: o movemento social (os seus discursos e identidades). Fíxose unha triangulación metodolóxica que é unha combinación de técnicas, pero hai que ter en conta que se partía dunha triangulación interdisciplinar xa que se tocan diferentes disciplinas como a socioloxía, a política, a psicoloxía e a comunicación.

A triangulación metodolóxica é cando se utilizan polo menos dúas técnicas de investigación (cuantitativa e cualitativa) ou dúas metodoloxías distintas co propósito de coñecer e analizar un mesmo obxecto da realidade social. Con esta estratexia, coa

triangulación, preténdese ante todo reforzar a validez dos resultados. Cando con dous diferentes métodos obtemos unha idéntica ou similar imaxe da realidade social, a nosa confianza na veracidade desa imaxe increméntase (Berganza Conde e Ruiz San Román, 2005).

1.7.1 Técnicas de investigación

As técnicas de investigación usadas foron nesta orde: observación participativa, grupo de discusión, entrevista en profundidade e análise de contidos cuantitativo e cualitativo.

As técnicas de observación participativa, entrevistas en profundidade e o grupo de discusión son técnicas que teñen unha grande utilidade no primeiro momento como medio de obtención de datos preliminares, antes dunha investigación cuantitativa. É unha maneira de achegamento ao obxecto de estudo que pode abrir novas hipóteses ou liñas de estudo. Foron moitas as preguntas abertas na primeira investigación sobre a organización e comunicación de Nunca Máis, moitas postas na mesa polos membros do movemento social tanto nos foros, como nos grupos de discusión ou nas entrevistas en profundidade, as que abriron a pertinencia dunha segunda investigación máis profunda sobre o tema que é a presente tese.

“As tormentas de ideas recollidas dos diferentes ambientes posibles, e levadas a aterrizar con analizadores históricos, para logo construír outros analizadores novos, e a experimentar pola negociación dos sectores implicados e implicables, estamos abrindo un procedemento operativo de programar participadamente e con eficiencia social (Juan Manuel Delgado e Juan Gutiérrez, 1998).

1.7.1.1 Observación participante

A observación participante é unha técnica cualitativa usada para observar pequenos grupos, comunidades ou institucións. Pódese diferenciar entre tres tipos de observación participante:

- Observación directa participante ou observación global, na que o investigador se integra no medio do grupo estudado e intervén nas súas prácticas e rituais cotiás. O observador interpreta activamente as condutas máis rechamantes deste grupo e rexistra aquelas interaccións entre os suxeitos e o medio que resultan teoricamente significativas
- Observación directa non participante, dentro da que cabería distinguir a observación extensiva ou enquisa e a observación intensiva de pequenos grupos ou casos individualizados. Por regra xeral, a información obtida por medio destes procedementos atópase limitada pola elaboración artificial de cuestionarios e outras técnicas de interpelación, así como polo ánimo do suxeito observado á hora de colaborar voluntariamente na práctica experimental
- A observación indirecta, por último, recibe o seu nome debido á mediación dos obxectos de análise. Dentro desta categoría encóntrase tanto as técnicas cuantitativas como cualitativas de análise de documentos escritos, sonoros ou visuais (análise de contido, análise de discurso, análise argumentativa, etc)

A observación indirecta levouse a cabo coa análise de documentos que se foron

recollendo en diferentes eventos do movemento coma manifestacións ou foros:

- manifesto do 1 de decembro
- manifesto do 23 de febreiro
- manifesto do 4 de maio
- manifesto fundacional actualizado
- manifesto da cadea humana da Ensinanza
- Conclusións do Foro Negro
- Conclusións do Foro da Verdade
- Discurso de clausura do Foro da Verdade
- Números publicados de Contramaré
- Números publicados do Xornal Nunca Máis
- Libros publicados de Burla Negra

A técnica da observación directa participante estivo presente coa participación en actividades puntuais de Nunca Máis, como a asistencia a manifestacións, ao Foro Negro ou ao Foro da Verdade, ou nas reunións de Burla Negra, unha vez á semana no seu local.

O Foro Negro celebrouse o 23 e 24 de novembro de 2003 no Instituto Galego da Información en Santiago de Compostela organizado por Burla Negra para “discutir o futuro da plataforma Nunca Máis e analizar o panorama cultural do país”.

O Foro da Verdade celebrouse en maio de 2004 para analizar as consecuencias do desastre do Prestige. Dividiuse en diferentes mesas sectoriais: mesa do sector pesqueiro, mesa da comisión xurídica, mesa dos medios de comunicación, mesa científico ambiental, mesa seguridade marítima, mesa de saúde, mesa socioeconómica e mesa sobre movementos sociais.

1.7.1.2 Grupo de discusión

Enténdese por grupo de discusión aquela técnica ou enfoque baseados na reunión dun colectivo humano, cuxo número non adoita superar a ducia de individuos, destinada a inducir a produción do discurso espontáneo dos seus participantes, ante un conxunto de conceptos delimitados polo investigador ou pola persoa encargada de realizar o estudo (De Miguel en Berganza e Ruiz, 2005)

Organizouse un grupo de discusión con sete membros de Burla Negra na que os membros do colectivo analizaron internamente e en foros de Nunca Máis moitos dos puntos relacionados coa organización, o discurso e a identidade do seu colectivo, Burla Negra. Non obstante, entre eles mesmos fluían moitos discursos contrapostos que acababan aliñándose nunha soa voz. Foi, polo tanto, unha oportunidade de observar o exercicio de construción do discurso social no movemento social. Os temas ou ítems que se abriron o debate foron:

1. Nacemento e organización de Burla Negra
2. A importancia da cultura dentro de Nunca Máis
3. Que supuxo Nunca Máis? Que quedou da identidade de Nunca Máis?
4. A relación cos medios de comunicación
5. As estratexias de comunicación de Burla Negra
6. Creación dos propios medios de comunicación e páxinas web
7. Relación coa plataforma Nunca Máis

1.7.1.3. Entrevistas

As funcións que ten que cumprir a entrevista como método de investigación científica , segundo De Miguel (2005), son: obter información sobre as entidades comunicativas (emisores, receptores, canles ou medios de comunicación); facilitar a análise das relacións existentes entre varias desas entidades; influír no coñecemento de aspectos da conduta comunicativa (opinións, sentimentos, motivacións, etc) que resultan opacos a través doutros métodos de indagación científica e exercer un efecto clarificador nos proceso de indución e dedución analíticos.

Unha das funcións das entrevistas como método de investigación é coñecer aspectos da conduta comunicativas coma opinións, sentimentos ou motivacións... moi importantes no achegamento á acción colectiva. Polo tanto, a entrevista preséntase coma un método ideal para chegar á ánima do movemento e non quedarse na superficie.

En canto ás modalidades de entrevista segundo a súa finalidade e procedementos poden ser: entrevista estruturada ou sistematizada; ou entrevista non sistematizada. Optouse pola entrevista non sistematizada que outorga maior liberdade para que os actores interactúen, e dentro desta modalidade, por unha entrevista en profundidade.

Segundo De Miguel (2005), a entrevista en profundidade está nos extremos da entrevista estruturada e a completamente desestruturada e por iso, recibe tamén a denominación de entrevista semiestandarizada nalgúns manuais. O entrevistador ten unha lista de ítems ou temas que desexa cubrir, pero carece dun cuestionario formalizado que guíe a orde ou os contidos das preguntas. O investigador ten que conseguir que as súas propias aptitudes interpelativas contribúan a provocar as respostas ás cuestións mediante tácticas de achegamento interpersonal. Na entrevista en profundidade úsanse tópicos e hipóteses seleccionadas con anterioridade a súa aplicación. As preguntas non están concretadas previamente. Esta incerteza voluntaria aporta unha enorme flexibilidade con respecto ás preguntas que serán formuladas, xa que as cuestións non están definidas ou escritas ao comezo da reunión e iso promove que "o entrevistador adquira a capacidade de afondar en áreas ou temáticas non previstas e se adentre na subxectividade do entrevistado, nos seus sentimentos, pensamentos e motivacións reais" (Bailey,1987 citado en De Miguel, 2005)

Entrevistouse un dos portavoces de Nunca Máis como representante do núcleo organizativo do movemento e a xefa do Gabinete de prensa da plataforma galega. Con estas entrevistas afondouse no discurso e na comunicación interna e externa de Nunca Máis. Unha entrevista a un portavoz de Adegas aclarou o por que non xurdiu un movemento exclusivamente ecoloxista do afundimento do Prestige. A entrevista con Nunca Máis foi feita en maio de 2004, un ano e medio despois do nacemento da plataforma. Os temas a tratar na entrevista coa plataforma Nunca Máis foron:

- Factores que o propiciaron o nacemento de Nunca Máis
- Estrato social, sexo, nivel de estudos e lugar de procedencia do participante no movemento social
- Cal foi o problema (diagnose) do afundimento do Prestige? Cal é a solución (prognóstico)?
- Estratexia de comunicación de Nunca Máis

- Poden as mensaxes minoritarias competir coas do poder?
- Relación cos medios de comunicación
- A figura dos portavoces do movemento social
- O discurso dun movemento social
- Relación cos movementos que conforman a plataforma (comunicación interna)
- A cultura galega na conformación do colectivo
- O nacionalismo galego na plataforma Nunca Máis (acusacións de manipulación)
- Tivo froitos a mobilización social ou non?
- Etapas de Nunca Máis no seu primeiro ano
- A internacionalización de Nunca Máis
- Opinión sobre o traballo de outros colectivos da plataforma (Burla Negra)
- Por que non houbo unha colaboración con Greenpeace?
- A identidade de Nunca Máis
- A relación ou non relación cos gobernos centrais e autonómico

Entrevistouse un membro de Adegas para ver a visión dun colectivo que traballou dentro da plataforma (a outra cara da moeda). Así como a importancia do movemento ecoloxista dentro de Nunca Máis e todo o seu traballo en prol da concienciación ambiental. A entrevista tamén foi feita en maio de 2004 e os ítems de partida foron moi similares aos de Nunca Máis con pequenas modificacións.

- Cando entra Adegas na conformación de Nunca Máis
- Estrato social, sexo, nivel de estudos e lugar de procedencia dos membros de Adegas
- Cal foi o problema (diagnose) do afundimento do Prestige? Cal é a solución (prognóstico)?
- Estratexia de comunicación de Adegas
- Relación cos medios de comunicación
- Traballo de Adegas na limpeza das praias
- Relación coa plataforma Nunca Máis (comunicación interna)
- A cultura galega e o ecoloxismo na conformación do colectivo
- O nacionalismo galego na plataforma Nunca Máis (acusacións de manipulación)
- Tivo froitos a mobilización social ou non
- Opinión sobre o traballo de Adegas dentro de Nunca Máis

1.7.1.4. A Análise de contido

A análise de contido é unha das técnicas máis usadas nas investigacións en comunicación sobre todo nos estudos nos que se analizan os efectos consecuencia do uso ou consumo dos medios de comunicación. A análise de contido serve para medir a frecuencia de aparición de certas unidades de significación lingüística partindo da idea de que hai relación entre esta frecuencia e o interese de quen produce o texto. Con este tipo de técnicas pódese chegar a discernir preguntas como: Cal foi a cobertura mediática do feito? Que fontes de información foron citadas e cales foron excluídas? Que temas se trataron e cales non?

Segundo Bernard Berelson (1952) é unha técnica de investigación para describir de

forma obxectiva, sistemática e cuantitativa o contido manifesto da comunicación. Moi similar é a descrición de Ole R. Holsti (1969) que a define coma calquera técnica de investigación que sirva para facer inferencias mediante a identificación sistemática e obxectiva de características específicas dentro deste texto. Para Klaus Krippendorff (1980) é unha técnica de investigación que se utiliza para facer inferencias reproducibles e válidas de datos ao contexto dos mesmos (citados en Sánchez Aranda, 2005).

Para facer un análise de contido hai que facer unha categorización que é a tarefa mediante a que clasificamos os elementos constitutivos dun conxunto por diferenciación a partir de criterios previamente establecidos. A trazos xerais hai dous tipos fundamentais de categorías: as formais, como lonxitude, posición no artigo, duración, imaxes nas que aparecen características gramaticais, partes do discurso e as de contido, do tipo tema principal, tendencia, significado, orientación, connotacións (Sánchez Aranda, 2005).

A categorización da análise de contido foi feita por Manuel Martínez Nicolás para a base de datos do grupo de investigación “Medios de Comunicación e Cidadanía” no que participei no ano 2004. Esta categorización céntrase na análise do discurso informativo que Martínez Nicolás considera que é a maneira de coñecer “a mediatización da política e a politización dos medios”.

“O amplísimo e variado coñecemento do que dispoñemos sobre a mediatización da política (a forma en que as lóxicas mediáticas afectan á actividade política) e sobre a politización dos medios (o uso dos medios como parte das estratexias de comunicación pública dos actores do sistema político) permitiu identificar algúns dos trazos característicos da comunicación política nas democracias parlamentarias. Polo que respecta aos medios, contamos cunha descrición suficiente dos resultados do seu modo de achegamento á política: personalización, negatividade (corrupción, desviacións), conflictividade, énfase nas estratexias políticas antes que nos debates sobre políticas públicas, cinismo, etc. Este coñecemento sobre a cobertura mediática da política xerouse principalmente mediante o análise do discurso informativo, polo que se trata, en certa maneira, dun saber descontextualizado. A restitución dese contexto require atender aos mecanismos (ideoloxías profesionais, valores, organización do traballo, prácticas profesionais) que explican os modos de informar sobre a política, e é aquí onde, ao noso parecer, faise pertinente un enfoque que pretenda reconstruír as culturas profesionais do xornalismo” (Martínez Nicolás e Humanes, 2012)

Na súa tese Martínez Nicolás (1994) apóiase na teoría da discursividade social que busca “describir a dimensión semiótica dos fenómenos sociais asumindo que esa dimensión é o produto dun proceso de produción discursiva e que ese proceso ten lugar no marco dun sistema produtivo -un ámbito específico da produción de sentido- que condicionará o modo en que este fenómeno quede significativamente constituído”. Para o autor os textos deixan pegadas que teñen que para describilas “hai que identificar as variacións dos marcos interpretativos que propón un discurso e atribuír eses cambios, en caso de que sexa factible, unha causa”.

“O estudo do proceso de produción dun discurso social consiste, pois, en reconstruír, a través das marcas presente nos textos, as operacións e as estratexias despregadas por unha práctica discursiva para conferir significado a un determinado obxecto de referencia, tendo en conta que na configuración de sentido a que dean lugar a estas

operacións e estratexias repercutirán as condicións nas que se desenvolve aquela práctica” (Martínez Nicolás, 1994).

Para captar o discurso social transmitido sobre o SIDA e seguindo a lóxica de estudosos italianos como Verón, Martínez Nicolás procede a análise de catro operacións: valoración, tematización, actorialización e referenciación. Por valoración entende “o valor que a práctica xornalística concede a un fenómeno social en tanto que referente informativo do seu discurso”. Tematización é “a selección reiterada de determinados emerxentes, organiza ou estrutura o referente do seu discurso en torno a certos aspectos ou áreas particulares de interese que denominamos temas”. Pola súa banda, a actorialización designa o “procedemento polo que os medios de comunicación, a través das informacións que difunden, dispoñen o grao de participación e o réxime de visibilidade dos diversos suxeitos que interveñen na situación, outorgándolles así o estatuto de actores públicos con competencia para xestionalos, simbólica ou materialmente”. Por último, a referenciación “cuxa análise pretende desvelar, cando se aplica ao discurso informativo, as modalidades mediante as que a práctica xornalística identifica, vale dicir, da identidade, ao acontecemento ou fenómeno social obxecto do seu discurso”. Esta última operación só se analizará en referencia á actorialización de Nunca Máis a través da análise de contido cualitativo como veremos no seguinte apartado.

As categorías deseñadas por Martínez Nicolás no seu día para análise da crise so Prestige reducínanse no apartado de actores para facer máis sinxela a extracción de datos.

Categorías formais	
Nome do medio	La Voz de Galicia El Correo Gallego El País ABC
Data de publicación	
Orde na páxina	Noticia principal Noticia coprincipal Noticia secundaria
Tipo de texto	Entrevista Noticia Outros Reportaxe /Crónica
Acompañamento gráfico	Fotografía Fotografía + infografía Ilustración Infografía Non existe Outros
Tipo de marco	Ecolóxico Económico Non determinado Político Sanitario Social / Humano Técnico Xudicial

<p>Tema do marco</p>	<p>Accidente /afundimento Actuación /capitán /mariñeiros Comisións parlamentarias Corredor atlántico Económico-custe Económico-impacto Económico-plans Económico subvencións Emerxencias-plans Goberno actuación Goberno afastamento Goberno inspección Impacto ecolóxico Limpeza medios Limpeza Prestige Mariñeiros actuación Normativa transporte Nunca Máis xustiza Nunca Máis actuación Outros Partidos oposición actuación Petroleiras actuación Políticas xustiza Prestige actuación empresa Prestige condicións Prestige xustiza Prohibición pesca Saúde riscos Salvamento Selado / extracción do fuel Situación mareas /vertidos Social impacto Xunta actuación Zonas afectadas</p>
<p>Actores</p>	<p>Goberno español Parlamento de Galicia Parlamento de España Países estranxeiros Ecoloxistas Salvamento Casa Real Institucións militares Institucións educativas Institución sanitarias Institucións científicas Mariñeiros Nunca Máis Xunta de Galicia Partido popular Partidos da oposición</p>
<p>Datos dos actores</p>	<p>Nome Tipo Contexto Valoración Fonte Tema Promove</p>

1.7.1.5 A Análise de contido cualitativa

As noticias nas que Nunca Máis é protagonista vanse analizar dunha maneira cualitativa. Esta análise vai seguir o cadro proposto polo Observatori de Cobertura de Conflictos da Universidade Autónoma de Barcelona (feito por Mavi Dolç e Xavier Girò) como guía para a análise da cobertura da protesta contra a reunión do Banco Mundial en Barcelona e que se basea no traballo de Van Dijk (1997). Con esta análise preténdese ver a identidade mediática que se lle deu a Nunca Máis polos medios de comunicación. Volvendo a Martínez Nicolás (1994), a referenciación “maniféstase na superficie dos textos a través dunha serie de dispositivos, lingüísticos ou de natureza, de índole moi diversa, por exemplo, metáforas, tópicos, slogans, comparacións, iconas e moitos outros”.

Análise dun texto xornalístico
1. Elementos lingüísticos
De orde pragmática
a) Envío a outros textos para reforzar a argumentación ou a credibilidade
As citas directas dan máis credibilidade/ mellor argumentación
As citas indirectas son menos cribles
Os pés de foto poden servir para terxiversar
Moitas veces as citas introdúcense con verbos valorativos: “intentou argumentar”
b) Envíos intratextuais que dan coherencia local
Os conectores que son organizadores e dan unha lóxica aparente
Por exemplo: “como dicíamos ao abrir o telexornal”, “outra cuestión é...”, “pasamos á información local”
As expresións que indican que se retoma un tema, pode ser incongruente
Por exemplo: “e aínda hai máis porque esta tarde...”, “e volvendo ao que dicíamos hai un momento”
c) Presenza do emisor: avaliación do Nosoutros / Eu
Os pronomes fortes de persoa producen unha avaliación positiva do nosoutros (evítanse normalmente nos telexornais)
Identificación do emisor ou non do emisor para posiblemente eludir responsabilidades
d) Desdebuxar o emisor
-Inclusión do emisor nun plural como se fan as editoriais que denotan un grao institucional ou, ás veces, de non responsabilidade
-Reenvío da auditoría do enunciado, total ou parcial, a outro Polo que é máis argumentativo e elimina responsabilidades Por exemplo: “A Xunta non entende...”
e) Presenza de elementos que sitúan o enunciado no contexto
-De lugar e de tempo (aquí, aí, agora, mañá, hai uns días)

-De cousa ou de terceira persoa (iso explica, este político, estas imaxes)
-Fan referencia ao propio discurso coma conxunto global (estes informativos)
De orde gramatical
a) Prioriza elementos significativos dentro da oración
-Tematiza: cambio de orde da frase e presenza dun clítico (ex: ao reo, levárono á cárcere)
-Focalización: desprazamento de elementos da frase, sen clíticos (ex: con elegancia e discreción, Moya vai..)
-Pasividade. (ex. Dous manifestantes foron abatidos)
-Estruturas con verbo elíptico (ex. Preocupación aínda en relación co Ebro)
b) Recursos para a minguar responsabilidades do suxeito gramatical
-Frases con suxeito non concreto, indefinido, impersoal (ex. A cordialidade que se apreñaba no encontro)
-Frases con verbos de acontecementos como haber, pasar, producir,.. (ex. Fai xa tres anos dos atentados)
-Frases con formas verbais que afastan a acción da realidade (ex. O goberno debeu dar ordes)
-Frases con formas non persoais do verbo (ex. Os dous portos son considerados de importancia para BCN)
-Frases pasivas reflexas, pronominais ou morfolóxicas (Ex. Esta tarde vivíronse momentos de tensión)
c) Especificacións da maneira de enfocar o emisor o seu enunciado
-Modalidades declarativas para dar información (A veces, por enunciados avaliativos: “Pujol entra a debater sobre finanzas”)
-Modalidades interrogativas retóricas (Autopresentación positiva: “Tenía competencias para investigar?”)
-Modalidades exclamativas (emocional)
De orde semántica
a) Interpelacións ao receptor
-Saúdos e despedidas
-Frases ou expresións que implican complicidade ou aproximación (ex. “Para que se fagan unha idea”)
b) Elemento que afecta a validez do enunciado ou o modificano
-Verbos modais ou que actúan coma modais: tería que ter tributado, quereuse recuperar, pode chegar a tardar un ano, volveu a poñerse en evidencia, debe facelo
-Adverbios ou sintagmas adverbiais que afectan o enunciado globalmente: sen dúbida, pode ser, afortunadamente
-Conxuncións ou locucións conxuntivas que expresan concesión, restrición, etc. por iso, con todo, pero
c) Designación da realidade que denota valoración
-Nomes que denotan opinión (cadro ideolóxico) Ex: imperio Rumasa, batalla campal

-Adxectivos, sintagmas de adxectivo ou cuantitativos valorativos (unha reunión importante, acusacións duras)
-Adverbios ou sintagmas adverbiais que denotan apreciacións de accións ou cualificacións (Ex. Non é delito, só falta; é xusto aquí onde se equivoca; persegue claramente favorecer a reactivación)
-Verbos que describen sentimentos, estados de ánimo, valoracións (ex. Conmoción a Francia, X carga contra)
d) Recursos retóricos ou doutra orde
-Expresións, locucións, frases feitas (ex. Terán que verse as caras, poñer fin á situación)
-Metáforas ou recursos poéticos (ex. A saúde do teatro, un mar de problemas)
-Anglicismos, castelanismos ou galeguismos: <i>top ten</i> , o seu <i>look</i>





2. Globalización, risco e identidade

A globalización entraña riscos que aparecen con múltiples caras: lumes, contaminación, enfermidades, crises económicas. Galicia sufriu en carne propia varios males da chamada globalización. O máis espectacular foi a catástrofe do Prestige, o afundimento dun barco petrolero a poucas millas do litoral que contaminou a costa en 2002 e 2003. O suceso foi consecuencia dunha concatenación de feitos nos que quedou patente a irresponsabilidade das multinacionais petroleras, a pouca seguridade marítima, a baixa protección do medio mariño e as malas decisións políticas. As decisións políticas, cuestionadas polos medios de comunicación, mariñeiros, científicos e pola propia cidadanía, levaron a mobilizacións nas rúas a través da protesta, e nas rochas, na limpeza do litoral como voluntarios enfundados en monos brancos ata xullo de 2003.

Ante desastres como esta, o cidadán séntese indefenso, xa que o estado e os políticos non teñen a forza necesaria para parar o lado máis negativo da globalización. Como explica o sociólogo Ulrich Beck: “A clase política que vela polo benestar, o dereito e pola orde, a súa vez, incorre, baixo todo tipo de acusación social, na implantación de perigos no mundo e minimiza a súa importancia, perigos que ameazan en grao límite á vida”. Isto fai que a sociedade teña que actuar contra estes riscos e esixir que os sectores industriais portadores de perigos sexan controlados polos poderes públicos. Esta sociedade aparece cando o individuo ten que actuar ante un risco ou perigo que atenta contra a súa propia supervivencia e contra o mundo que coñece como foi o caso do Prestige.

Nesta primeira eclosión da sociedade do risco, os gobernos acalan os perigos do capitalismo. Pensando inocentemente que aínda poden controlar a opinión pública e o entorno informativo, e así á sociedade civil. Como demostrou a crise do Prestige, a globalización das comunicacións fai que tamén a cidadanía abra o seu entorno informativo e teña acceso a todo tipo de fontes de información como medios estranxeiros ou contra-información. Na maioría dos casos, consúmeos grazas á tecnoloxía, a través de Internet.

Unha das características da loita da sociedade civil nesta crise foi a re-invenção da identidade colectiva que unha das diferenzas con outras mobilizacións do ciclo de protestas daquel período. Porén, a identidade é un valor moi presente como maneira de resistencia á globalización do pensamento a través da cultura e os medios de comunicación.

O calado da crise do Prestige, a maior crise ecolóxica que viviu o estado español, fixo que dúcias de estudos e teses se escribisen sobre o tema, sobre todo, ao redor da rexeneración medioambiental e a seguridade marítima. Tamén tivo atención a cobertura dos medios de comunicación do suceso que foi analizada por varios autores, así coma a comunicación da crise por parte do goberno. Menor atención tivo nos estudos de socioloxía, política e comunicación, a plataforma Nunca Máis, nacida da crise do Prestige. Este movemento social é un paradigma da chegada da globalización a Galicia. A reacción da sociedade do risco ante a inercia dun goberno que se ve superado por unha catástrofe consecuencia da globalización. Ante o desbor-

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

damento da situación, agroman as dúas Galicia, a que vive de costas ao seu tempo e a reflexiva que toma o temón da crise desde as rúas pero tamén parando a contaminación desde os barcos pesqueiros e limpando os penedos.

2.1. A GLOBALIZACIÓN

O termo globalización é de uso corrente por todos hoxe en día aínda que ten pouco máis de trinta anos de existencia. Foi acuñado nos anos 80 polo economista Theodore Levitt que no seu artigo “The Globalization of Markets”. No escrito, o profesor de Harvard describía o proceso económico global que, grazas ás novas tecnoloxías da comunicación, instauraba a sociedade de consumo o que abre novas posibilidades comerciais ás empresas.

“Unha poderosa forza conduce ao mundo cara a unha converxencia comunal-e esa forza é a tecnoloxía. Ela proletarizou a comunicación, o transporte e o poder viaxar. Ela fixo que lugares illados e xentes empobrecidas estean ansiosas polos atractivos da modernidade. Case todos en tódolos lugares do mundo queren tódalas cousas das que eles escoitaron, sobre todo, se as viron ou experimentaron vía as novas tecnoloxías.

O resultado é unha nova realidade comercial, a emerxencia de mercados globais para produtos de consumo estandarizados nunha escala inimaxinada previamente. Corporación enfócanse cara a esta nova realidade de enormes economías de escala en produción, distribución, márketing e xestión”.

O profesor Levitt concretou que as tecnoloxías eran a forza que impulsaba o comercio global. Dende aquela, o termo globalización foi enchéndose de máis significado e servindo tamén para definir os cambios na sociedade e na cultura, non só na economía.

Ulrich Beck (1998:13) ao falar de globalización distingue entre tres conceptos: globalismo, globalidade y globalización. Por globalismo entende o concepto segundo o cal o mercado global substitúe os asuntos político seguindo a lóxica do liberalismo. É a visión dos que imaxinan os Estados coma empresas. O termo globalidade designa o feito de que neste momento histórico non hai ningún país ou grupo que poida vivir á marxe dos demais. Polo que todo o que ocorre no planeta xa non poderá ser un suceso localmente delimitado, senón que todos os sucesos, vitorias e catástrofes afectarán a todo o mundo.

Nesta lóxica, para Beck, globalización significa os procesos en virtude dos cales os Estados nacionais soberanos mestúranse e superponse mediante actores transnacionais e as súas respectivas probabilidades de poder, orientacións, identidades e os seus varios armazóns. En consecuencia, globalización significa tamén ausencia do Estado mundial; máis concretamente, sociedade mundial sen Estado mundial e sen goberno mundial.

Os tres conceptos revisados refírense ao discurso (o globalismo), a interacción dos fenómenos no espazo mundial (a globalidade) e á desaparición da orde política baseada na soberanía dos Estados (a globalización). E, con isto, indícanos a aparición de “outra era”, cunha nova ideoloxía (o pensamento único), cun espazo político dilatado (a area política é o mundo, aínda que esta fágase cotiá no local) e cun conflito onde os actores políticos hexemónicos xa non son os Estados se non que aparecen con forza empresas transnacionais, grupos de interese e organiza-

Globalización, risco e identidade

cións multilaterais que poñen en cuestión un dos conceptos chave da política dos últimos séculos, o da soberanía nacional (Martí i Puig, 2004)

Estes tres conceptos intégranse para a maioría dos sociólogos nun só, o de globalización que se definiría, pois, como un proceso económico, social, tecnolóxico e cultural que unifica non só os mercados, senón tamén as culturas e as sociedades, creando interdependencia entre os diferentes países. Como xa se sinalou ao falar de Levitt, a tecnoloxía foi a que impulsou este proceso. A nova Revolución concibiuse durante a II Guerra Mundial cos avances tecnolóxicos no eido da electrónica. Máis tarde, nos anos setenta, agromou coa difusión das tecnoloxías da información. A innovación veu da man de innovacións como a electrónica, as computadoras e as telecomunicacións (Castells, 1998: vol.1). Hai quen sinala un ano concreto: 1969 como o momento da eclosión xa que nese ano tres avances melloran a comunicación global: a primeira retransmisión vía satélite, a creación de Internet e a chegada do home á Lúa. E un par de anos antes, inventárase o *chip*.

Outros investigadores como Edgar Morin sinalan fitos políticos como punto de partida do proceso. O sociólogo pon a vista no ano 1990, un ano despois da caída do Muro de Berlín como o inicio dunha etapa de expansión do mercado guiado polo liberalismo económico e alimentado pola expansión informática.

Hai quen olla máis para atrás e apunta que o proceso de globalización foi iniciado co Imperialismo de mediados do século XIX polo que países europeos se anexionaron territorios en África e Asia na súa busca de materias primas para a Revolución Industrial. Como consecuencia aparecen os primeiros bancos e aseguradoras e prodúcense tamén as primeiras migracións masivas entre Europa e América. Outro fito importante é o nacemento do FMI, o Banco Mundial e un dos primeiros mercados rexionais integrados, a Comunidade Económica Europea despois da II Guerra Mundial. Nesta etapa prodúcese a descolonización de África e Asia, é dicir, a fin do Imperialismo. Sen dúbida, é moi difícil datar o inicio dun proceso tan complexo coma a globalización, xa que é a confluencia de moitos fitos que desembocou na actual globalización.

A mundialización coñeceu tres etapas. A primeira relaciónase coa conquista do territorio entre os séculos XVI e XVIII; a segunda, entre o XVIII e o XX, correspondeu á explotación física do mundo segundo un criterio que presupuña o seu carácter “infinito”. A terceira etapa, que vivimos agora, ponnos fronte ao feito de que o mundo é finito, fráxil, e de que os problemas de convivencia entre pobos e culturas volveuse predominante” (Wolton, 2004: 22).

A ideoloxía deste proceso é o liberalismo, o *laissez faire* que é abandeirado polas empresas multinacionais, tanto financeiras coma non financeiras, que fan que os mercados estean máis integrados e globalizados. “A globalización está baseada nunha serie de liberdades: a liberdade de comerciar co resto dos países do mundo aproveitando as vantaxes comparativas de cada un; a liberdade de investir os capitais alí onde teñen un maior rendemento dentro dun risco asumible e a liberdade de establecerse no país que se desexe” (De la Dehesa, 2000: 18). A isto hai que engadir a des-regularización e a privatización dos servizos públicos. Os cabalos de Troia do proceso de globalización son os avances no transporte e nas telecomunicacións

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

que abarataron os custos no transporte de mercadorías e de capitais coma liberalización dos intercambios de bens, servizos e capitais.

A expansión da globalización e a súa ideoloxía vén preconizada por unha nova cultura que se difunde a través dos medios de comunicación e que incita ao consumo de novos estilos de vida. Imperan códigos de información e imaxes de representacións transmitidos polos media globais que fan que consumidores de diferentes países demanden o mesmo sen ter en conta as súas orixes. Hai unha relación entre cultura, medios de comunicación e identidade na que se afonda máis adiante e que é primordial para entender o proceso da globalización.

O poder da globalización está en ocupar as mentes das persoas, ás que trata como simples consumidores de mercadorías, segundo Ignacio Ramonet, que sinala que o sistema dos media é o aparato ideolóxico da globalización.

“É o sistema que, en certa medida, constitúe o modo de inscribir, no disco duro do noso cerebro, o programa para que aceptemos a globalización. Este sistema ideolóxico, ese aparato ideolóxico global, é o aparato dos media no seu conxunto. É dicir, o que a prensa di, repíteo a televisión, repíteo a radio, e non só nos informativos, se non tamén nas ficcións, na presentación de certo modelo de vida que hai que presentar” (Ramonet, 2005: 196).

Para Blanca Muñoz, “a cultura volveuse o campo de batalla da chamada globalización”. Son os medios de comunicacións transnacionais cos que debilitan aquelas estruturas de defensa dos principios de igualdade e liberdades, levando á exclusión a enormes grupos da poboación. A socióloga sinala que creouse un novo nivel da cultura: a cultura global que únese aos xa existentes: cultura humanista-rationa, cultural popular e cultura de masas. A cultura-global enténdense como unha forma ideolóxica nova de establecer o rol da economía dentro dos procesos de socialización, creación e incluso orientación dos individuos nas sociedades actuais (Muñoz, 2005: 6).

Os medios de comunicación ademais de ser axentes discursivos tamén son empresas internacionais que se estenden por todo o mundo en busca de atopar novos clientes que se anuncien nos seus espazos ou incluso vender os seus propios produtos. Segundo Ramonet (2005: 196), a información hoxe considérase esencialmente unha mercadoría. Pasouse dun mundo do inmediato, do instantáneo, non hai tempo para estudar a información. A información faise cada vez máis de impresións e emocións. Por último, a información é cada día máis gratuíta, quen paga agora a información en realidade é a publicidade. Antes as empresas xornalísticas vendían información aos cidadáns. Hoxe a empresa dos media vende consumidores aos anunciantes.

O gran valor que ten a comunicación nestes tempos fixo que nos últimos anos houbera unha concentración dos grandes grupos dos medios de comunicación internacionais. As seis primeiras multinacionais do ránking son AOL-Time Warner, Vivendi Universal, Disney, News, Bertelsmann e Viacom.

“Estas dirixen dous terzos das informacións e dos contidos culturais dispoñibles no planeta. Combinan a propiedade de estudos, produtoras, distribuidoras e exhibidoras de películas, discográficas, editoriais, parques temáticos, televisións abertas e de pago, emisoras de radio, re-

vistas, xornais, servizos en liña, portais e provedores de internet, vídeo, videoxogos, programas, CD-ROM, DVD, equipos deportivos, megastores, axencias de publicidade e márketing, telefonía móbil, telecomunicacións, transmisión de datos, axencias de noticias e locais de espectáculos” (De Morais, 2005: 156).

Como os medios de comunicación de masas están controlados en gran medida polos gobernos e as corporacións, na sociedade rede a autonomía comunicativa constrúese fundamentalmente nas redes de Internet e nas plataformas de comunicación sen fíos. As redes sociais ofrecen a posibilidade de liberar e coordinar accións sen atrancos. Este é só un elemento dos procesos comunicativos a través dos cales os movementos sociais relaciónanse coa sociedade en xeral. Tamén precisan establecer un espazo público creando comunidades libres no espazo urbano (Castells, 2012: 27).

Nicholas Negroponte, director de investigación no MIT Media Lab describe como mérito e calidade substancial da revolución dixital o feito de que permite estar en todas partes, eliminando distancias, tempo, divisións, barreiras xeográficas e facendo o mundo totalmente accesible: a transmisión da información xerará un universo de intercambio de ideas e socialización universal, de acceso a todo o coñecemento e a todo o saber que puidese ser reproducido en formato dixital (Pellerey, 2015: 137).

Sobre a abstracción desta nova sociedade tamén reflexiona Castells (1998) que define termos como espazos fluxos, tempo atemporal, comunidades virtuais ou virtualidade real. Por espazo dos fluxos refírese á organización das prácticas sociais en tempo compartido que funciona a través de fluxos. Fluxos son as secuencias de intercambio ou interacción concretas, determinadas, entre posicións fisicamente inconexas que manteñen actores sociais nas estruturas económicas, políticas e simbólicas como a comunicación. Por exemplo, en espazos novos como o chat ou a Bolsa. O termo atemporal defínese así mesmo e significa que a comunicación en rede fai que non haxa comunicacións con horas diferentes, por exemplo, cando son en diferentes países. A través de Internet, créanse comunidades virtuais que é a comunicación interactiva organizada en torno a un interese compartido aínda que, ás veces, a propia comunicación é o obxectivo. A sociedade rede produce a cultura da virtualidade real. É un sistema que captura a mesma realidade e introducida nun mundo virtual no mundo de facer crer. As dimensións do espazo e o tempo nas interaccións comunicativas altéranse polas tecnoloxías da comunicación como pasou no seu día pola comunicación de masas.

“As novas tecnoloxías da información crean a posibilidade de que a acción se desvencelle do espazo e do tempo, dando lugar á presentificación do tempo e a virtualización do espazo. Por vez primeira na historia da humanidade prodúcese socialmente aquilo que só o pensamento máximo permitira, saber, a posibilidade de subtraer a acción humana ao espazo e ao tempo” (Melucci, 2001:32).

2.1.1 O Estado *zombie*

O estado perdeu poder pola globalización económica caendo nunha controversia. A legitimidade do estado está baseada na democracia en que cada persoa exerce o seu dereito a elixir aos gobernos a través do voto. Con esta fórmula os gobernos teñen que responder ante os cidadáns. Porén na actualidade a democracia veuse menoscabada polas presións que sofren os

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

governos do poder económico privado. No eido económico tivo que adaptarse ás regras impostas polo liberalismo económico: a privatización e o des-regulamento, o que minou os seus piares. Os Estados encóntranse fronte a un novo actor tan poderoso ou máis que el, as multinacionais. Moitas corporacións internacionais xeran máis riqueza que a maioría dos países.

“Por causa das fusións, o número de firmas xigantes cun peso a veces superior aos Estados, multiplícase. A cifra de negocios da General Motors é superior ao produto interior bruto (PIB) de Dinamarca; a de Exxon-Mobil é superior ao PIB de Austria. Cada unha das 100 principais empresas mundiais venda máis do que exporta cada un dos 120 países máis pobres. E as 23 empresas máis poderosas venden máis que certos xigantes do sur como a India, Brasil, Indonésia ou México. Estas grandes firmas controlan o 70% do comercio mundial” (Ramonet e Chao, 2005 artigo publicado no libro Colectivo Mar de Tinta).

Os estados cederon poder a prol de organismos supranacionais, para controlar a súa política monetaria, decidir o seu orzamento ou organizar o seu comercio. Empresas multinacionais e transnacionais obrigan aos estados-nación a axustarse aos seus imperativos dirixidos cara o lucro. Novas organizacións globais como o Banco Mundial, a Organización Mundial do Comercio e a Organización Mundial da Propiedade Intelectual impoñen as súas regras. Aos Estados só lles queda o poder para regulamentar e controlar os movementos económicos dos seus cidadáns. Ademais o estado non soubo ocuparse das novas fronteiras que se abriron en temas internacionais e que foron ocupando novos actores que ocupan eses espazos non rexidos polos Estados e que son coñecidos como Organizacións sen Animo de Lucro ou ONGs. Estas organizacións teñen, en moitos casos, capacidade de acción a escala internacional; non están constituídas para un país, senón para o planeta; e tratan problemas en termos de interconexión do mundo (Norte-Sur).

Outras das bases do Estado-Nación era a idea do auto-abastecemento nacional. “Desde a Segunda Guerra Mundial ata hoxe en día o consumo interno de bens e servizos dun país satisfai, en proporción crecente, con importacións e a prezos cada vez máis baixos. A idea auto-abastecemento (...) Outro dos substratos do Estado-Nación erosionados notablemente é o da seguridade nacional. Moi poucos países poden defenderse, por si mesmos, dun ataque con mísil nuclear ou dunha guerra química ou bacteriana. A dimensión da seguridade nacional é de tal magnitude que os países teñen que defenderse integrados en organizacións supranacionais ou internacionais como a OTAN” (De la Dehesa, 2000: 110-111). Para Beck, institucións do estado como os exércitos, entre outras, son institucións zombis que “levan clinicamente mortas moito tempo pero son incapaces de morrer”.

Ademais da perda de poder no eido económico, deixou de ter peso no mundo da comunicación. Por unha banda, pola liberalización do sector público dos medios de comunicación, que nos anos oitenta levoulles a privatizar a meirande parte das televisións e radios públicas ou de abrir o sector a novos operadores. Ben é certo que os gobernos seguen controlando medios importantes e teñen mecanismos de influencia nos medios de comunicación. Mais os media tamén precisan amosar a súa independencia para ser cribles, non só fronte á opinión pública, senón con respecto á pluralidade dos seus donos e anunciantes.

O estado-nación cada vez é máis impotente para controlar a política monetaria, decidir o seu orzamento, organizar a produción e o comercio, recadar os orzamentos sobre sociedades e

cumprir os seus compromisos para proporcionar prestacións sociais. Todo isto levou a unha desconfianza dos cidadáns aos estados que se agravou pola crise de credibilidade do sistema político, baseado na competencia aberta entre os partidos políticos. “Atrapado no ámbito dos medios, reducido a un liderado personalizado, dependente dunha complexa manipulación tecnolóxica, empurrado a un financiamento ilegal, arrastrado polos escándalos políticos, o sistema de partidos perdeu o seu atractivo e a súa fiabilidade, e a todos os fins prácticos, é un resto burocrático, privado da súa confianza pública” (Navarro, 1981 citado en Castells, 1998 b: 381).

Para achegar o goberno á cidadanía e centrarse nos retos da globalización, os estados descentralizaron algo do seu poder en asuntos de xestións cotiá nas institucións locais e rexionais, o que favorece a reaparición de demandas nacionais. Polo que o Estado ve recortado o seu poder por arriba polas institucións de goberno transnacionais e por abaixo, polas institucións de goberno locais e rexionais. De aí a célebre frase de Daniel Bell: “O Estado nacional é demasiado pequeno para os grandes problemas da vida, e demasiado grande para os pequenos problemas de la vida”. Ao ceder poder por abaixo reapareceron nacionalismos que tamén poñen en dúbida a súa lexitimidade.

“O control estatal sobre o espazo e o tempo vese superado cada vez máis polos fluxos globais de capital, bens, servizos, tecnoloxía, comunicación e poder. A captura, por parte do estado, do tempo histórico mediante a súa apropiación da tradición e a (re)construción da identidade nacional é desafiada polas identidades plurais definidas polos suxeitos autónomos. O intento do estado de reafirmar o seu poder no ámbito global desenvolvendo institucións supranacionais socava aínda máis a súa soberanía. E o seu esforzo por restaurar a lexitimidade descentralizando o poder administrativo rexional e local reforza as tendencias centrífugas, ao achegar aos cidadáns ao goberno para aumentar a súa desconfianza cara o estado-nación. Mentres que o capitalismo global prospera e as ideoloxías nacionalistas explotan por todo o mundo, o estado-nación, tal e como se creou na Idade Media da historia, parece estar perdendo o seu poder, aínda que, e isto é esencial, non a súa influencia. (Castells, 1998: vol2 -272).

Todas estas contradicións nas que se atopa o estado emerxen nas situacións de risco e perigo nas que os cidadáns, que lle cederon o poder, esperan recibir protección e seguridade. Como xa se sinalou na sociedade do risco, os Estados afrontan riscos e perigos en lugar de inimigos, un cambio enorme na súa propia natureza. Beck (1998) sinala que moitas veces estes perigos, ecolóxicos, químicos ou xenéticos, son orixinados por decisións políticas ou pola falta de regulamento político da economía. A sociedade do risco aparece alí onde os sistemas de normas sociais fracasan en relación coa seguridade prometida ante os perigos desatados pola toma de decisións. En situacións de emerxencia, a sociedade do risco atópase co baleiro político. Beck explica que á hora de xestionar politicamente as ameazas, “xorde un baleiro de competencia, incluso de ideas ao respecto”. Ante este baleiro, a sociedade do risco, co medo, é solidaria, e convértese en forza política. As sociedades do risco tamén poden negar o perigo por medo. Como sinala Beck: “os perigos sempre poden ser eliminados mediante a interpretación”. E puntualiza, “A tempos e xeracións axitados e intranquilos poden seguirilles outros nos que o medo a través des-interpretacións convértese nun compoñente domesticado do seu pensamento e da súa vivencia”.

Atópase polo tanto o Estado nunha encrucillada da que só el mesmo pode saír, enchéndose de novo de significado. Giddens (2000: 88) avoga por democratizar a democracia para devolverlla aos cidadáns. As medidas que sinala son: reforma constitucional e busca de maior transparencia nos asuntos públicos: procedementos democráticos alternativos como referendos populares; unha colaboración máis estreita cos movementos sociais; fomento dunha cultura cívica sólida e maior diálogos cos medios de comunicación. Neste senso tamén apunta Álvarez Pousa, a necesidade de tecer unha rede de relacións entre comunicación, cultura e política democrática que teña como nó de enlace á cidadanía- ou cidadanías-, respectando a diversidade e a pluralidade de culturas, políticas e sistemas de comunicación. Nesa estratexia teñen os medios de comunicación de masas, os vellos e os novos medios, un rol estelar en combinación con outros actores sociais representativos. A eles corresponde dar oxíxeno a unha nova cultura política que active o potencial cívico da colectividade, e fortaleza á vez o sentido de pertenza e compromiso coa comunidade política e cos cidadáns que a integran (Álvarez Pousa, 2004: 70).

2.1.2 A modernidade reflexiva e a sociedade do risco

Aínda que pode parecer que a globalización é un proceso externo que non afecta á vida cotiá dos cidadáns, provocou cambios profundos na configuración das sociedades. Foron uns cambios silandeiros que non se percibiron a primeira vista pero que foron socavando as institucións máis sólidas da sociedade moderna o que afondou na individualización.

A nova sociedade conserva as súas institucións concha (Giddens, 2000: 31), o estado-nación, a familia, o traballo, a tradición, a natureza, aparentemente iguais por fóra mais están a sufriren unha transformación. A desorientación do estado, a desestruturación familiar, a flexibilidade laboral, o abandono das tradicións ou a destrución da natureza son algúns destes cambios que deixan ao ser humano sen táboas de salvamento nas que apoiarse. “Os seres humanos foron desprendidos das condicións tradicionais de clase e das referencias de aprovisionamento da familia e remitidos a si mesmos e ao seu destino laboral individual con todos os seus riscos, oportunidades e contradicións” (Beck, 1998: 96). O sociólogo alemán di que “a agudización e a individualización das desigualdades sociais entrelázanse” e “como consecuencias, os problemas do sistema son transformados e desmontados politicamente como fracaso persoal”.

A nova etapa é consecuencia da evolución da anterior, a modernidade. Por Modernidade enténdese o período histórico e social que nace da transformación da sociedade pre-industrial e rural da Idade Media nunha sociedade diferente, moderna e urbana, chamada sociedade industrial que comeza no Renacemento. Nesta etapa nacen as institucións estatais, xorden as clases sociais, industrialízase a produción e a ciencia e a razón prevalecen sobre a relixión. É a etapa que xorde da Revolución Industrial e a instauración do capitalismo na meirande parte de Occidente.

Todas estas institucións transformáronse nas últimas décadas debido ás incertezas xeradas pola globalización. Para renomear esta nova sociedade, os sociólogos acuñaron diferentes denominacións e explicacións sobre a transformación das estruturas sociais. Unha das máis estendidas é a de posmodernidade de Jean-François Lyotard (1979) que fai fincapé en que o coñecemento é considerado nesta etapa como un produto máis do mercado. Este produto é valioso para os estados que se disputan o dominio das informacións. Modernidade líquida é a acepción elixida por Zygmunt Bauman para referirse a esta etapa de cambio e transitoriedade

Globalización, risco e identidade que flúe como un líquido polo avance do capitalismo como a desregulación, flexibilización ou a liberalización dos mercados. Nesta etapa o individuo vese abocado a ser libre.

Máis optimista é o concepto de modernidade reflexiva de Beck que sinala que a individualización desta etapa é “a desintegración das certezas da sociedade industrial e da compulsión de atopar e buscar novas certezas para un mesmo”.

“Individualización significa o proceso de desvinculación (*disembedding*) e en segundo lugar, o proceso de re-vinculación ás novas formas de vida da sociedade industrial en substitución das antigas, nas que o individuo debe producir, representar e combinar por si mesmo as súas biografías (...) Individualización, polo tanto, significa que a biografía estándar convértese nunha biografía de elección ou na expresión de Giddens, <<unha biografía reflexiva>>.” (Beck, 1997: 28-30).

O termo de modernidade reflexiva tamén é usado por Giddens, o que combina co sociedade postradicional, a que considera a primeira sociedade global. Para o autor, a globalización altera o equilibrio entre tradición e modernidade. Giddens contrapón a tradición á globalización na súa organización do tempo e o espazo, o que provoca desarraigo.

“A tradición refírese á organización do tempo e por tanto do espazo; o mesmo ocorre coa globalización se ben unha funciona de forma oposta á outra. Mentres que a tradición controla o espazo mediante o seu control do tempo, coa globalización ocorre ao revés. A globalización é esencialmente <<acción á distancia>>; a ausencia predomina sobre a presenza non na sedimentación do tempo, senón a causa da reestruturación do espazo” (Giddens, 1997: 123).

Melucci sinala que estamos nunha crise do concepto moderno de individuo, un paso máis na individualidade, no pensamento dun mesmo con plenos dereitos para auto-realizarse. Nunca ata os nosos días se deron tantas posibilidades para o individuo: a transformación dos sistemas educativos, o cambio dos valores familiares, a extensión dos dereitos persoais, a multiplicación das oportunidades culturais... todo isto permite construír a individualidade.

“Este proceso faise visible precisamente no momento no que os individuos adquiren os recursos suficientes para pensarse como individuos e actuar coma eles, é dicir, cando son capaces de construír a súa identidade como algo que xa non lles vén dado, e sobre todo, non lles ven dado dunha vez para sempre, se non que depende das potencialidades das que cada persoa poida sentirse responsable” (Melucci, 2001: 43).

Volvendo a Giddens e Beck debemos sinalar que ambos conflúen no seu pensamento ao advertir que o que caracteriza esta nova etapa é a reflexión que fai a cidadanía ao advertir os riscos que xeran a xestión política e científica das innovacións e son os cidadáns os que van formando unha conciencia social que transformará o futuro da sociedade. “Modernidade reflexiva” significa autoconfrontación cos efectos da sociedade do risco que non pode ser tratados e asimilados dentro do sistema da sociedade industrial” (Beck, 1997: 18-19). Este é o cambio que ve Beck e sinala as diferenzas entre a sociedade actual e a anterior.

“A primeira diferenza é que na sociedade industrial a riqueza e a súa creación está por riba de todo, a sociedade do risco é máis reflexiva e mide máis as consecuencias, é dicir, o reparto dos riscos, por riba, do reparto da riqueza. A segunda diferenza é que a sociedade do risco non é unha sociedade de clases, como a industrial. Os riscos son igualadores, afectan a todos por igual. Por exemplo, no caso do Prestige, os grandes armadores sufriron igual que os pequenos empresarios do mar galego. Non se pode negar que os máis pobres están máis indefensos ante os riscos e que os máis ricos poden mercar seguridade. Porén, todos sofren ante unha situación de risco, en maior ou menor medida. As sociedades do risco non son sociedades de clase; as súas situacións de perigo non se poden pensar como situacións de clases, nin os seus conflitos como conflitos de clases” (Beck, 1998: 42).

Unha das diferenzas que sinala Beck é o fin das clases sociais respecto aos riscos. O efecto *boomerang* dos riscos fai que “tampouco os ricos e poderosos estean seguros” xa que os efectos latentes golpean aos centros de produción. Porén, Beck admite que os procesos de globalización están agudizando as desigualdades entre países ricos e pobres. “E é o chamado Terceiro Mundo, onde os cidadáns corren máis riscos. Alí vese como hai que padece os riscos e quen se beneficia deles, que os consume e quen os produce”.

Estes son os riscos que denomina Beck de distribución dos males aos que se superpoñen os que denomina de distribución dos bens (renda, traballo, seguridade social). Todos estes riscos produto da globalización crean pobreza e sociedades máis inxustas. As tres cuartas partes da poboación mundial vive na pobreza. Ramonet (1998) sinala que “hai dúas décadas o desemprego era case descoñecido en Europa, hoxe en día temos 18 millóns de parados e 50 millóns de pobres”.

O termo de modernidade “reflexiva”, segundo o aclara Beck (1998), non indica en primeiro termo “reflexión” (proceso de pensar detidamente en algo), se non autoconfrontación cos efectos da sociedade do risco que non poden ser tratados dentro da sociedade industrial. Para chegar a esta confrontación cos riscos, os cidadáns pasan por dúas etapas. Un primeiro estadio no que os efectos e as ameazas son sistemáticas, en cambio, non son temas de debate público nin causa de conflitos políticos. Nesta fase o auto-concepto de sociedade industrial segue predominando, multiplicando e lexitimando as ameazas producidas pola toma de decisións como riscos residuais. Nunha segunda etapa, tórnase a situación, os perigos fan que os cidadáns comecen a pensar no ben común sobre o progreso. Os riscos da sociedade industrial comezan a dominar os debates e conflitos públicos, políticos e privados. Ante os riscos, as institucións da sociedade industrial convértense en produtores e lexitimadores de ameazas que non poden controlar. Neste momento, a sociedade segue tomando decisións e emprendendo actuacións segundo as pautas da antiga sociedade do industrial, e por outro lado, os debates e conflitos que se derivan do dinamismo da sociedade do risco cémense sobre as organizacións de intereses, o sistemas xudicial e a política (Beck et al, 1997: 18).

Nesta segunda etapa, cando se visualizan os riscos, é cando os cidadáns teñen a oportunidade de activar máis igualdade, máis liberdade e máis capacidade de autoconstrución do que prometía a modernidade, permítelle opoñerse ás limitacións e imperativos do fatalismo do progreso da sociedade industrial.

“Hai que distinguir entre a sociedade do risco e a sociedade da catástrofe. A sociedade do risco é a anticipación da sociedade da catástrofe. É unha enorme forza mobilizadora e ademais é unha forma de producir xustamente ao contrario: á esperanza de que o cambio é posible, debido a que algún día os horizontes políticos se abrirán e haberá que aproveitar esa oportunidade. Desta forma o risco é unha forza de mobilización constantemente usada polos movementos sociais en moitos conflitos xa que os pon na mesa da discusión pública.” (Entrevista a Ulrich Beck en *Revista Némesis*, XI, 119-123 por Ugalde, Manuel; Menchaca, Javiera e Vargas, Salvador).

Neste encontro do cidadán co paradoxal da globalización comeza a construción dunha sociedade autocrítica. Nesta sociedade hai unha confrontación entre os que crean riscos, contaminantes, e os sectores afectados. Os sustentadores destes riscos, os expertos científicos, os políticos e os xestores das industrias, comezan a ser desautorizados polos consumidores. É dicir, son os riscos os que xeran a auto-politización da sociedade industrial moderna.

“Os novos movementos sociais son, por unha banda, expresión de novas situacións de perigo na sociedade do risco e por outra banda, as súas formas de politización e as seus problemas de estabilidade son os resultado de procesos da formación social de identidade en mundos da vida destradicionalizados, individualizados” (Beck, 1998:99).

É o momento nos que os cidadáns exercen os seus dereitos fundamentais e convértense. Desde un punto de vista autoritario, pódese pensar que esta autoconsciencia do cidadán é resistencia ao poder do Estado. Mais é todo o contrario, é o momento no que os cidadáns exercen os seus dereitos fundamentais, é a democracia efectiva. Os conflitos políticos configuran unha nova cultura política que se xeneraliza e que transforma en hábitos de vida, en iniciativas cidadáns, en novos movementos sociais, asociacións profesionais, etc. Beck considera que estes novos foros de política teñen máis poder do que parece, xa que moitas iniciativas cidadáns son as que poñen nas axendas temas como o dun mundo ameazado fronte á actitude de resistencia dos partidos políticos.

“Non deixa de ser certo que os temas do futuro, que están agora en boca de todos, non se orixinaron na amplitude de visión dos gobernantes ou nas loitas parlamentarias e certamente non nas catedrais do poder do mundo empresarial, na ciencia e no estado. Incluíronse na axenda pese á resistencia combinada desta ignorancia institucionalizada por enmarañados grupos moralizadores que loitaban uns cos outros en torno ao modo máis axeitado de facer as cousas” (Beck et al, 1997: 35)

Todas estas iniciativas encádranse no que Beck denomina subpolítica e que para el significa “configurar a sociedade desde abaixo”. Esta nova maneira de facer política non está contemplada pola ciencia política que entende o concepto de política de interese desde tres prismas. O de coñecer a constitución institucional da comunidade política coa que a sociedade se organiza (*polity*); as liñas dos programas políticos (*policy*) e por último, os procesos de conflitos políticos relativos ao reparto de poder e as posicións de poder (*politics*). “O individuo non se considera adecuado para a política, senón que os interrogantes diríxense a axentes corporativos, é dicir, colectivos” (Beck et al, 1997: 38).

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

En contraposición ao termo de *politics* está o de *sub-politics* ou subpolítica que se difere desta en que axentes “externos” ao sistema político ou corporativo aparecen no escenario do deseño social e non só axentes sociais e colectivos tamén os individuos exercer o poder configurador da política desde abaixo. Esta subpolítica é transformadora das regras do sistema político e, por iso, debe ser denominada “política reflexiva” en contraposición á política normal, que se dirixe por normas.

Inventar o político significa unha política creativa e autocreativa que non cultive nin renove as antigas hostilidades, nin derive delas os seus instrumentos de poder e os intensifique, en lugar diso, trátase dunha política que deseñe e forxe novos contidos, novas formas e novas alianzas (Beck et al, 1997: 56).

Esta subpolítica adáptase á nova configuración da sociedade na que o goberno xa non é o cerebro da sociedade, que rexe o resto das instancias. Esta nova etapa precisa unha sociedade organizada en rede. Desde esta visión, Castells acuña o termo sociedade en rede. O sociólogo pon o acento na tendencia dominante na era da información de organizarse en redes. Castells sinala que forma de rede da organización social xa existiu noutras épocas mais nesta etapa cala en toda a estrutura social.

“As redes son os instrumentos apropiados para unha economía baseada na innovación, a globalización e a concentración descentralizada; para o traballo, os traballadores e as empresas que se basean na flexibilidade e a adaptabilidade para a cultura de deconstrución e reconstrución incesantes; para unha política encamiñada ao procesamento inmediato de novos valores e opinións públicas e para unha organización social que pretende superar o espazo e o tempo. Porén, a morfoloxía de redes tamén é unha fonte de reorganización das relacións de poder” (Castells, 1998a: 507).

A nova modernidade tamén significa o final da contraposición entre a natureza e a sociedade. A natureza xa non pode ser pensada sen a sociedade e viceversa. Nesta liña, Melucci (2001: 30) sinala que vivimos noutra modernidade porque temos a capacidade de autodestruírnos coa enerxía nuclear e intervimos sobre a natureza interna cos avances na xenética e na neurociencia.

As destrucións da natureza integradas na circulación universal da produción industrial, deixan de ser meras destrucións da natureza e convértense nun compoñente integral da dinámica social, económica e política. A natureza convértese nun proxecto social, que hai que reconstruír, configurar e transformar.

“O efecto secundario inadvertido da socialización da natureza é a socialización das destrucións e ameazas da natureza, a súa transformación en contradicións e conflitos económicos, sociais e políticos: as lesións das condicións naturais da vida transfórmanse en ameazas médicas, sociais e económicas globais para os seres humanos, con desafíos completamente novos ás institucións sociais e políticas da sociedade mundial superindustrializada” (Beck, 1998: 89).

Nesta lóxica enmárcase o concepto de risco manufacturado (Giddens, 2000: 38-39) diferente do de risco externo. Por risco externo enténdese o risco que vén dos suxeitos da tradición ou da natureza mentres que o risco manufacturado é creado polo impacto mesmo do coñecemento científico. O risco manufacturado refírese a situacións que temos pouca experiencia histórica en afrontar como é o caso da maioría dos riscos medioambientais, como o quecemento global. Desta maneira, a ciencia pasa de ser só unha fonte de solución de problemas a ser tamén unha fonte que orixina problemas. Agora a propia ciencia é sometida a criterios científicos para medir os seus produtos, consecuencias e defectos.

Comézase a dubidar que o Estado e os expertos saiban cara onde imos, é unha desmopolización do coñecemento.

“As argumentacións científicas, que desde a Ilustración era a única instancia de lexitimación aceptada, parecen perder, ao xeneralizarse, a súa aureola de autoridade racional inatacable e converterse en algo accesible socialmente. Desde o punto de vista sociolóxico, esa tendencia preséntase incluso como resultado dos procesos de cientificación. O feito de que as afirmacións científicas xa non sexan sacrosantas e que poidan ser discutidas nos ámbitos da vida cotiá significa simplemente que deixou de ser privilexio da ciencia a dúbida sistemática como principio estruturante do discurso científico” (Beck, 1998: 219).

2.1.3 A identidade da resistencia

Na globalización abríronse novos escenarios con novas dicotomías políticas: seguro- inseguro e política e apolítico, moi afastadas da clásica entre esquerda e dereita da sociedade industrial. A estas dúas novas contraposicións, hai que engadir os de dentro-fóra. Estes últimos polos cobran protagonismo no mundo “sen fronteiras” do que se gaba a globalización e que ten un lado escuro de exilios económicos, guerras nacionalistas e migracións de refuxiados. Hai un reprego das sociedades cara a si mesmas, é o local en contraposición ao global.

“Cando o mundo vólvese demasiado grande para controlalo, os actores sociais pretenden reducirlo ao seu tamaño e alcance. Cando as redes disolven o tempo e o espazo, a xente ancorase nos lugares e recorda a súa memoria histórica. Cando o sustento patriarcal da personalidade quebra, a xente afirma o valor transcendente da familia e a comunidade, a vontade de Deus “ (Castells, 1998 b:89).

Hai a controversia de que canto máis viaxan os individuos, máis participan da chamada industria cultural mundial, máis precisan defender a súa identidade cultural, lingüística e rexional. “Co fin das distancias físicas revelouse a importancia das distancias culturais” (Wolton, 2004: 27). Débese en certa medida, a que hai unha industria cultural mundial difundida polos medios de comunicación pero non hai unha cultura mundial nin unha comunicación mundializada. Por cultura enténdese a definición da Unesco 2001: “A cultura debe ser considerada como o conxunto de trazos distintivos, espirituais e materiais, intelectuais e afectivos que caracterizan a unha sociedade ou grupo social (...) e que abarca, ademais das artes e as letras, os modos de vida, as formas de convivencia, os sistemas de valores, as tradicións e as crenzas”.

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

Unha das causas desta nova eclosión da identidade é a sociedade dos riscos. Os pobos afectados por grandes crises reafirmaron ao longo da súa historia a súa identidade como maneira de resistencia á destrución. Foi o caso da crise económica arxentina do ano 2001 ou da actual en Grecia. O mesmo pasou cando os Estados Unidos foron atacados polo terrorismo en setembro de 2001 ou cando hai grandes contaminacións que afectan a vida dun territorio, como foi o caso de Galicia co afundimento do Prestige.

“Nun mundo coma este de cambio incontrolado e confuso, a xente tende a reagruparse en torno a identidades primarias: relixiosa, étnica, territorial, nacional (...). É un mundo de fluxos globais de riqueza, poder e imaxes, a busca da identidade, colectiva ou individual, atribuída ou construída, convértese na fonte fundamental de significado social” (Manuel Castells, 1998 a: 29).

Como explica Dominique Wolton, “os que falan de cosmopolitismo son os que se benefician da globalización, mentres os que a sofren, para resistir miran máis ben ao lado das identidades culturais e nacionais”. O autor considera que a ideoloxía do cidadán mundial é a das “persoas de arriba” e resúmeo así “as elites son mundialistas, e os pobos, como é lóxico, nacionalistas” e “non hai cosmopolitismos, salvo para quen se benefician con el”.

“A mundialización ao desestabilizar todas as identidades, ao facer máis visibles as desigualdades, ao acentuar o peso da modernidade, xera desequilibrios. Trala sedución da apertura xorde a necesidade de recuperar o que ten sentido por si mesmo: a identidade cultura convértese entón nun fenómeno central. Non deben subestimarse as reivindicacións culturais, do contrario pasan a ser as antecámaras das revoltas” (Wolton, 2004: 54).

Melucci sinala que os sistemas contemporáneos son contraditorios xa que conteñen procesos contraditorios como a autonomía dos individuos e, ao mesmo tempo, tendencias cara a masificación dos procesos sociais baseados na exclusión, a despersonalización, a manipulación da información, o consumo estandarizado, o conformismo e a apatía. Estas son a realidade das dúas.

“Hoxe en día os modelos culturais das sociedades centrais impoñense como códigos universais de comportamento e de comunicación. Tenden a borrar as diferenzas culturais e a eliminar a mesma posibilidade de comunicar, algo que sempre require igualdade, pero tamén diversidade. A apelación á identidade étnica e territorial nace a miúdo do marco de cuestións nacionais abertas desde hai tempo e cuestiona problemas políticos extremadamente complexos. Porén, esa apelación tamén expresa, á vez que oculta, novas necesidades propias dunha sociedade planetaria. Na sociedade da comunicación global os individuos e os grupos exixen o dereito a ser diferentes e resistense á absorción das súas diversidades dentro dos modelos dominantes. Desta resistencia nacen novos e dramáticos retos respecto á posibilidade mesma de atopar un fundamento común para o vivir social” (Melucci, 2001)

Nestas situacións de crise cultural, as sociedades xa non poden apoiarse na tradición que foi unha das institucións máis afogadas pola globalización e teñen que construír unha nova tradición. Como indica Giddens, a sociedade postradicional é un final e tamén é o comezo a un universo social de acción e experiencia xenuinamente novo. Trátase dunha orde social na que os nexos sociais teñen que facerse e non herdarse do pasado, “a nivel persoal e a nivel colectivo, esta é unha empresa difícil mais contén a promesa de grandes recompensas”. Para iso, hai que activar a memoria colectiva a través da tradición como di Giddens: “A integridade da tradición derivase non no mero feito da persistencia ao longo do tempo, se non no traballo continuado de interpretación que se leva a cabo para identificar os vínculos que unen o presente ao pasado” (Beck et al, 1997: 84). A tradición é un medio de identidade e esixe significado, á vez que é un proceso constante de recapitulación e reinterpretación.

A identidade nacional e a cultura quedan colonizadas por uns códigos culturais globais, impostos na maioría dos casos por Occidente, concretamente polos Estados Unidos. Os costumes, o imaxinario colectivo, os valores e as iconas son consumidos en todo o mundo, homoxeneizando á poboación mundial. Como contestación a esta homoxeneización da cultura da globalización, prodúcese o efecto contrario, a revalorización da identidade cultural colectiva. E esta identidade colectiva pasa de ser un feito cultural ou social, a ser un feito político. É un proceso paradoxal no que mentres a sociedade de masas destrúe as tradicións, os pobos encarnan un proceso colectivo de revalorización da súa cultura como resistencia á globalización.

Nesta restitución das identidades a lingua e as imaxes comunais son elementos fundamentais para re-estruturar a sociedade e volver a situalo na historia cun novo modelo de comunicación. Nos territorios con identidade propia están baixo o control dun estado os desaxustes de poder que poida haber entre ambos gobernos aumentan coa globalización pola perda da forza dos estados.

“Unha vez que se establecía unha nación, baixo o control territorial dun estado dado, a historia compartida creou lazos sociais e culturais, así coma intereses económicos e políticos entre os seus membros. Porén, a representación desigual de intereses sociais, culturas e territorios no estado-nación rachou as institucións nacionais cara os intereses das elites que o orixinaron e a súa xeografía de alianzas, abrindo paso a crise institucionais cando as identidades sometidas, arraigadas na historia ou restauradas ideoloxicamente, foron capaces de mobilizarse para obter unha renegociación do seu contrato nacional histórico” (Castells, 1998 b:299).

Segundo Melucci, neste tempo é novo o nacemento de conflitos de denominación, un conflito sobre o significado das palabras e as cousas nunha sociedade na que o nome suplanta a realidade. Por ese motivo, o idioma, a través da identidade étnica e lingüística, cobra tanta importancia: na sociedade da información de hoxe, o modo no que denominamos as cousas decide inmediatamente a súa propia existencia. O compoñente idiomático nos conflitos étnicos é, polo tanto, non simplemente a reivindicación dun dereito tradicional. É crucial hoxe para denominar un modo diferente. Deste modo, o dereito da autonomía na construción do mundo afirmase na diversidade do idioma. Idiomas diferentes dan lugar a mundos diferentes e o vencello coa lingua materna capacita ao individuo para denominar o mundo coma desexe, resistindo ou opoñéndose ao léxico estandarizado imposto polos centros planetarios da cultura de masas.

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

Como afirma Morin (1994, citado por Rodrigo, 2005), “a cultura que é o propio da sociedade humana, está organizada e é organizada polo vehículo cognitivo que é a linguaxe, a partir da capital cognitiva colectiva dos coñecementos adquiridos, das habilidades aprendidas, das experiencias vividas, da memoria histórica, das crenzas míticas dunha sociedade. Así maniféstanse as “representacións colectivas”, a “consciencia colectiva”, a “imaxinación colectiva”. E a partir do seu capital cognitivo, a cultura institúe as regras/normas que organizan a sociedade e gobernan os comportamentos individuais. As regras/normas culturais xeran procesos sociais e rexeran globalmente a complexidade social adquirida por esa mesma cultura.

“Existe unha poderosa razón para o xurdimento nas nosas sociedades dun nacionalismo baseado na lingua. Se o nacionalismo é frecuentemente unha reacción contra unha identidade autónoma ameazada, nun mundo sometido á homoxeneización cultural pola ideoloxía da modernización e o poder dos medios de comunicación globais, a lingua, como expresión directa da cultura, convértese na trincheira da resistencia cultural, o último bastión do autocontrol, o refuxio do significado identificable” (Castells, 1998: vol.2, 75).

Volvendo ao triángulo infernal da comunicación, cultura e identidade que a globalización fai que estean en tres niveis diferentes cando hai que reconectalas. A comunicación foi ao longo das historia o transmisor da cultura, nun proceso constante de apertura e socialización. Na actualidade van a diferentes velocidades, o que deixa a cultura desconcertada.

“Debe evitarse a espiral do silencio na que os individuos e os grupos repréganse sobre si mesmos e calan. Unha cultura máis dinámica, vencellada a unha comunicación máis aberta, permite que os individuos se expresen. Ademais é preciso que non se sintan excluídos da sociedade e da modernidade. Aquí é onde a multiplicación actual das técnicas xera unha responsabilidade cultural e política. Non basta que existan informacións, tamén é preciso que os diferentes segmentos da sociedade poidan orientarse nelas; do contrario, a comunicación deixa de cumprir a súa función de lazo social”. (Wolton, 2004: 56).

Wolton estratifica a diversidade cultural en capas sociais: a das elites, que remite facilmente ao cosmopolitismo de aeroporto; a dos excluídos, que busca referentes e son sensibles á identidade-refuxio; e a dos privilexiados, encargados de construír a identidade cultural relacional. Nunca existiu unha cultura global, mais alá do cosmopolitismo, que ten un fondo comercial. Na globalización avógase polo individualismo e non pola colectividade, rexeitando todas as referencias sociolóxicas e ideolóxicas preexistentes. “A necesidade dunha identidade cultural colectiva volve a saír á superficie, pero se identificase co nacionalismo e iso faino sospeitoso” (Wolton, 2004: 58). A novidade que identifica Wolton respecto a identidades culturais colectivas é que son un feito histórico na actualidade.

“A reivindicación da identidade efectúase dun modo colectivo e co seguinte fenómeno novo: comparado co que coñecemos no último medio século, trátase dunha identidade cultural colectiva que pasa máis explicitamente que antes pola referencia a unha problemática política. A identidade cultural individual era un feito da sociedade. A identidade cultural colectiva é directamente un feito político” (Wolton, 2004: 59).

O retorno ao colectivo da sociedade de masas, da creación dunha clase media, axudou a que esta volta na globalización á busca dunha identidade colectiva. Unha identidade que xa non ten como piar a tradición.

“A emerxencia da identidade cultural colectiva é sen dúbida unha cousa diferente do que existía no pasado e que acostumaba resumirse no nacionalismo. O que entendemos por nacionalismo foi modificado e completado por ese tres aportes contemporáneos chamados modernidade, comunicación e política. As reivindicacións culturais identitarias de onte estaban máis vencelladas a certa tradición que a aceptación do que era entón a sociedade contemporánea. Hoxe, esta forma de identidade colectiva xorde no seo dos estados nacionais pola súa cara á vez colectiva, dinámica, aberta á modernidade, reivindicativa, cultural no sentido amplo, debe ser pensada por ela mesma se non identificada sen máis trámite cos resabidos nacionalistas” (Wolton, 2004: 60).

Segundo Castells (1998a: 399) as identidades son un tema crucial porque na era da información o poder xira en torno a códigos culturais da sociedade, e as identidades “constrúen intereses, valores e proxectos en torno á experiencia e néganse a disolverse, establecendo unha conexión específica entre natureza, historia, xeografía e cultura”.

Wolton diferencia entre dous tipos de identidade: a cultural-refuxio e a cultural relacional. Por identidade cultural refuxio entende aquela que vai contra os excesos de apertura, as perdas de referentes e que incluso pode chegar a ser agresiva. En contraposición, a identidade cultural relacional é aquela que preservando a identidade colectiva pon en xogo, igualmente, a cooperación. A maioría dos países europeos están nesta identidade cultural relacional. O futuro da política internacional consiste en fomentar a identidade cultural relacional e evitar a identidade cultural refuxio. Como di Wolton, “a democracia foi política, despois social e no século XXI será cultural”. Refírese a que hai que activar unha democracia cultural no que se respecten as identidade e á vez se consiga aceptar o carácter heteroxéneo das sociedades.

Castells (1998) distingue tres formas e orixes da construción da identidade: identidade lexitimadora, identidade de resistencia e identidade de proxecto. A identidade lexitimadora é a que introduciron as institucións dominantes para lexitimar a dominación que exercían sobre outros actores. A identidade de resistencia é dos actores que se atopan en posicións, ou en condicións devaluadas ou estigmatizadas pola lóxica da dominación, ante o que constrúen trincheiras de resistencia e supervivencia baseadas en principios diferentes ou opostos aos que impregnan as institucións da sociedade. Na identidade proxecto: “baseándose nos materiais culturais de que dispoñen, constrúen unha nova identidade que redefine a súa posición na sociedade e, ao facelo, buscan a transformación de toda a estrutura social” (Castells, 1998:30). Castells explica que as identidades que comezan como resistencia poden inducir proxectos. Para Castells, as identidades que lexitiman son as que xeran a sociedade civil. Nesta liña de pensamento considera que a identidade para a resistencia conduce a comunas ou comunidades.

As demandas de base étnico e territorial poñen ao descuberto tamén a crise do sistema internacional baseado no modelo de estado-nación, que hoxe se revela incapaz de conter a pluralidade dos pobos e das culturas dentro dos confíns dunha orde política centralizada. Segun-

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

do Melucci, o nacionalismo étnico en Occidente xurdiu durante o período que culmina a finais dos sesenta. A etnicidade foi o criterio ao redor do que se organizou a defensa dos intereses materiais. Desde a Segunda Guerra Mundial o desenvolvemento económico do centro con respecto á periferia exacerba as desigualdades tradicionais entre áreas xeográficas.

As rexións centrais monopolizaron a explotación de recursos en áreas remotas, condenándooas á marxinação social e económica. As políticas deseñadas para concentrar o desenvolvemento nun número restrinxido de polos xeográficos induciu migracións laborais masivas, o que contribuíu a debilitar as rexións periféricas e a crear unha relación que algúns autores chamaron “colonialismo interno”.

O crecemento dos estados-nación históricos configurou e consolidou o illamento de minorías étnicas en áreas económica e socialmente periféricas. O desenvolvemento post-bélico vén de reafirmar e acentuar esta coincidencia entre ser membro dun grupo étnico subordinado e ser obxecto de discriminación económica. Non hai dúbida de que a división “étnica” do traballo afecta non só ás relacións entre áreas xeográficas, senón que se estende tamén á distribución de roles ocupacionais e de ingresos, incluso dentro da mesma clase social. Dita discriminación, sobre todo nas áreas con recursos locais propios, desencadeou a maioría das loitas de carácter etnonacional.

A segunda característica desta loita é a súa reivindicación e defensa da autonomía cultural. A reafirmación dunha herdanza cultural (lingua, costumes e tradicións dun grupo étnico) proporcionou ás minorías unha arma coa que enfrontarse ao monopolio cultural e lingüístico dos grupos dominantes e resistirse á integración forzosa nos sistemas de códigos simbólicos impostos polo centro.

Esa última características está relacionada cunha terceira: co obxecto de preservar a súa herdanza cultural, os movementos etnonacionais amosan as súas demandas políticas en pos dunha distribución diferente na toma de decisións entre grupos sociais, así como de independencia política, ou polo menos, de autonomía substancial.

A solidariedade étnica renace neste tempo. A identidade étnica proporciónase un espazo simbólico para a expresión de forzas conflitivas que van máis aló da condición específica do grupo étnico en cuestión. Moitas análises sosteñen que a identidade étnica se está transformando progresivamente nunha identidade simbólica.

“A identidade étnica coas súas redes de solidariedade e a súa herdanza cultural, demostran que é capaz de proporcionar a linguaxe, os símbolos e os recursos organizativos mediante os que poden expresar novos conflitos”. (Melucci, 2001: 104)

Hai que mencionar o vínculo existente entre as mobilizacións baseadas no territorio e a nova onda de acción colectiva preocupada pola defensa do medio ambiente. É posible que unha herdanza localista coas súas raíces históricas no territorio dado incorpore os compoñentes defensivos da cultura medioambiental recente, para a que o territorio é o depositario dunha identidade cuasi-natural e a súa protección o garante da supervivencia da humanidade.

“A mobilización nacionalista asumiu a miúdo unha connotación esquerdista explícita, pois viña asociada a unha orientación anticapitalista que denunciaba a subordinación do grupo étnico a un sistema social dado e xa non só unicamente a unha forma de organización política representada por un estado-nación centralizado”. (Melucci, 2001: 104).





3. A construción da protesta

O presente capítulo analiza a creación de significados por parte dos movementos sociais e dos medios de comunicación. Este proceso dálle sentido tamén ao propio colectivo e a todos os actores que interactúan con eles. Consiste pois en establecer as teorías que explican como “episodios completos de protestas, os seus actores e accións son dotados dun marco grazas á interacción dos participantes, dos opoñentes, da prensa e doutras partes significativas” (McAdam et al, 2001:45). Neste encadramento da realidade trabállase tamén na propia configuración do “nós colectivo”, da identidade social que se conforma, polo tanto, polos discursos tanto do movemento como dos outros actores que interactúan con el e polos medios de comunicación. Na mesma liña pensa Laraña (1999), que sinala que “identidade pública designa a influencia que persoas alleas ao movemento social configuran a forma en que os seus seguidores se ven a si mesmos”. Dita influencia é exercida polos medios de comunicación como por persoas que non participan no movemento e as definicións que del fan outros colectivos, as institucións e os contra movementos.

De por si, os movementos sociais son axentes de significación colectiva, rol que comparte cos medios de comunicación. A construción do significado social por parte dos movementos sociais é un proceso colectivo dentro e fóra do propio colectivo e incluso na relación cos seus opoñentes. A loita entre o movemento e o seu antagonista é pola apropiación de valores sociais, que teñen que introducir ou reforzar na sociedade a través dunha loita discursiva desigual, xa que algún dos actores ten máis recursos ca o outro.

O movemento social é un actor que busca cambiar algo na sociedade. Para conseguir os seus fins os seus temas teñen que entrar na axenda política e na opinión pública. Isto fai que teña que loitar porque os seus marcos de referencia entren nos medios de comunicación como paso previo á entrada na axenda política.

3.1. OS MOVEMENTOS SOCIAIS

A grandes trazos defínese movemento social como o axente colectivo que intervéen no proceso de transformación social. Os obxectivos dos Movementos Sociais non teñen porque ser “revolucionarios” no senso de aplicar unha subversión total ao sistema social, pero si esixen a transformación de estruturas sociais relevantes. Joachim Raschke considera que “un movemento social é un axente colectivo mobilizador, que persegue o obxectivo de provocar, impedir ou anular un cambio social fundamental, obrando para iso con certa continuidade, un alto nivel de integración simbólica e un nivel baixo de especificación de roles, e valéndose de formas de acción e organización variables” (Fernández Buey e Riechmann, 1995).

Tarrow (2012:33) considera que os movementos sociais son “as secuencias de acción política baseadas en redes sociais internas e marcos de acción colectiva que desenvolven a capacidade para manter desafíos fronte a opoñentes poderosos”. Así mesmo faise eco da definición de Charles Tilly (1986) que sinala que os movementos son “desafíos colectivos propostos por persoas que comparten obxectivos comúns e solidariedade nunha interacción mantida coas elites, os opoñentes e as autoridades”. Por desafío colectivo entende a interrupción, a obstrución ou a introdución de incerteza nas actividades doutros e é usado polos movementos para converterse no punto focal dos seus seguidores, atraer a atención dos seus opoñentes ou de terceiros ou crear un colectivo. O obxectivo común son as exixencias que lles propoñen aos seus adversarios, gobernantes ou elites. Nesta definición ponse tamén o acento en que non se pode crear un movemento social sen explotar sentimentos profundos coma a solidariedade e a identidade. A acción colectiva xerada hai que mantela fronte ao antagonista durante un período de tempo.

Os autores europeos Ron Eyerman e Andrew Jamison (1991) consideran que os movementos son espazos públicos temporais que provén a sociedade de identidades e ideais. Hai, por tanto, nos movementos sociais unha creación de coñecemento propia. Eyerman e Jamison defenden que a creación de coñecemento é un proceso colectivo, produto dunha serie de encontros sociais, dentro dos movementos, entre os diferentes movementos e, incluso o máis importantes quizais, entre os movementos e os seus opoñentes. A creación polos movementos sociais de discursos alternativos á realidade desenvólvense fundamentalmente a través das redes sociais e das subculturas existentes no mesmo.

A relevancia da identidade dos movementos sociais foi fundamental para os estudos europeos dos chamados novos movementos sociais, entre os que se atopa o autor italiano Melucci, un dos defensores do termo identidade colectiva. O autor fai fincapé na importancia do conflito para que haxa a creación dunha identidade alternativa con valores diferentes aos predominantes na sociedade. Melucci considera que a noción de movemento social (Melucci, 1996) designa “unha acción colectiva que se acolle á solidariedade, manifesta un conflito, e supón a infracción dos límites de compatibilidade do sistema dentro do que a acción toma lugar”. Nesta definición, a acción colectiva implica a loita de dous actores, dos que cada un se caracteriza por unha solidariedade específica e que se opón á dos outros para a apropiación e o destino de valores e recursos sociais. Esta loita non é só dos recursos senón, como apunta Melucci, dos valores sociais, que teñen que introducir ou reforzar na sociedade a través dunha loita discursiva. Esta loita discursiva é desigual, xa que un actor ten máis medios para impoñer o seu discurso. Neste proceso, o movemento social crea a súa identidade colectiva e intenta impor os seus valores na sociedade. Os estudos europeos coinciden na importancia da identidade e dos valores nos movementos sociais, á hora de actuar na sociedade para cambiar os valores predominantes, que nos introduciu o poder. Laraña (1999:127) intenta completar a definición de Melucci definindo movemento social coma unha forma de acción colectiva que apela á solidariedade para promover ou impedir cambios sociais cuxa existencia é en si mesma unha forma de percibir a realidade. Volvendo controvertido un aspecto que antes era normativo que implica unha ruptura dos límites do sistema de normas e de relacións, sociais no que se desenvolve a súa acción que ten capacidade para producir normas e lexitimacións na sociedade.

Unha lectura dos movementos sociais desde a conflictividade levan á enunciación de Diani que sinala que é “unha rede de interaccións informais entre unha pluralidade de individuos, grupos e/ou organizacións, involucrados nun conflito cultural ou político sobre a base dunha identidade colectiva compartida. Nesta visión coincide con Touraine para o que os movementos sociais son conflitos organizados. O sociólogo francés distingue tres principios neste actor: a identidade do movemento, o adversario do movemento e a visión do modelo social do movemento, que eu denomino, obxecto social (2002 citado en Castells, 1998b: 93). A identidade fai referencia a autodefinición do movemento, de o que é, en nome de quen fala. O adversario fai referencia ao principal inimigo do movemento, segundo o identifica este de forma explícita. O obxecto social fai referencia á visión do movemento, do tipo de orde social ou organización social, que desexaría obter no horizonte histórico da súa acción colectiva.

Unha definición máis ampla dos movementos sociais que apunta a varios puntos (Casado, Ibarra e Martínez, 2012)

- Trátase dunha forma de acción colectiva protagonizada por unha variedade de organizacións que, sempre que a represión, o control ou a infiltración non levan a funcionamento clandestinos ou semi-clandestinos, acostuma ser de fácil acceso e estrutura pouco formalizada e xerarquizada. Organizacións e colectivos que, mantendo a súa autonomía, comparten un sentido de pertenza ou identidade colectiva en torno a un modo crítico e inconformista (indómito, rebelde, disidente) de comprender e estar no mundo; denunciando e desnaturalizando determinadas estruturas de poder establecidas, sen aceptar o que as convencións, expectativas e estruturas sociais vixentes deparan
- Expresan mediante a súa capacidade creativa de discursos, mensaxes e esquemas cognitivos, unha serie de demandas e necesidades colectivas de interese xeral. E fan desde a lóxica política do conflito, sinalando responsabilidades políticas e identificando adversarios a través de prácticas de mobilizacións en ocasións confrontadas e transgresoras. O que acostuma xerar respostas represivas por parte do sistema xurídico-político institucionalizado, aínda que non pretenden o poder político institucionalizado, si buscan a transformación das relacións de poder na sociedade no seu conxunto.
- Ademais desenvolven propostas e prácticas alternativas en construción coa vontade de reclamar e prefigurar un horizonte de emancipación sen subordinacións, e polo tanto inclusivo para todos os pobos, para todos os grupos sociais e para todas as persoas.

3.1.1 A Sociedade civil

Os movementos sociais encádranse dentro da chamada sociedade civil. Para moitos historiadores a caída do muro de Berlín foi o fito que iniciou o proceso de globalización. Este acontecemento puxo de novo en voga o termo sociedade civil relacionándoo coas ideas de “antipolítica” e “o poder dos sen poder”. Facíanse eco da loita da sociedade civil dos países do Este para derribar os muros que os separaban da democracia. Enténdese desde entón o termo sociedade civil a toda aquela cidadanía activa que se reúne a través de colectivos sociais

fóra da política, para cambiar a sociedade desde movementos sociais, asociacións, Ong's ou entidades sen ánimo de lucro. Mais o termo sociedade civil foi transformándose ao longo da historia. No século XVII e XVIII, a sociedade civil non era distinta do Estado e aos dereitos individuais fundamentais. Non hai unha distinción entre sociedade civil e Estado ata o século XIX coa centralización do Estado e o cambio de status dos individuos de súbditos a cidadáns. Segundo Gramsci, a sociedade civil está formada por unha serie de aparatos, como a Igrexa, os sindicatos, os partidos, as cooperativas, as asociacións cívicas, etc., que, por unha banda, prolongan dinámicas do estado pero, por outra, están arraigados entre a xente". Foi Hegel quen definiu a sociedade civil coma "a fase da diferenza intermedia entre a familia e o Estado". Todas as teorías modernas coinciden en identificar sociedade civil con autonomía individual e igualdade. Así como en establecer que a súa base é o Estado de dereito.

Kaldor (2003: 66) define a sociedade civil coma "o medio a través do que se negocian e reproducen un ou moitos contratos sociais entre individuos, tanto homes coma mulleres e os centros políticos e económicos de poder". Segundo a autora, a súa definición é compatible coa de Ernest Gellner, que di que a sociedade civil é "un conxunto de diferentes institucións non gobernamentais suficientemente forte coma para contrarrestar o estado, aínda que non lle impida ao estado cumprir a súa función como mantedor da paz e árbitro de intereses fundamentais". Así como coas definicións de John Keane para quen o termo designa "un conxunto complexo e dinámico de institucións non gobernamentais legalmente protexidas que tenden a non ser violentas, autoorganizadas, de pensamento propio e permanentemente en tensión unha coa outra e coas institucións estatais que enmarcan, constrúen e permiten as súas actividades". Para Kaldor a sociedade civil inclúe todas aquelas organizacións, formais e informais, ás que os cidadáns poden unirse para facer escoitar as súas voces coma os movementos sociais, as Ong's ou as redes cívicas.

Kandor insiste en que o orixinal do termo sociedade civil, a partir dos anos oitenta, é o seu uso por pensadores dos países de Europa do Este, coma Adam Michnik ou Václav Benda, que poñían énfase en que a finalidade da oposición política non era tomar o poder, senón cambiar as relacións entre Estado e sociedade civil. Ademais ao mesmo tempo, avogan pola autoorganización, a autonomía, a solidariedade e a non violencia. A esta iniciativa política da cidadanía chamóuselle antipolítica, "un contrapoder que non pode tomar o poder nin o desexa" e o seu poder é o seu peso moral e cultural.

Para Kandor estas ideas foron moi importantes para configurar a "sociedade civil global" que entrou en xogo a partir de 1989 na política de escena global, na que interactúan as institucións internacionais coas redes, grupos e movementos sociais a escala global. Tamén sinala como contribuíu a creación desta sociedade civil global, o movemento pacifista de Europa Central e outros movementos coma o ecoloxista, que fixeron patente a posibilidade real das redes de cidadáns de atravesar fronteiras e abrir fendas nas sociedades pechadas.

O concepto de sociedade civil só pode entenderse dentro dun estado. Kandor (2005, 145) sostén que "a sociedade civil precisa goberno, un marco de normas e institucións para xestionar a sociedade que ela mesma axuda a construír e ao mesmo tempo, que lle proporciona as condicións para o seu funcionamento. O contexto do estado axuda á desaparición da violencia e a que a xente poida participar libremente na sociedade civil.

Segundo Maldonado (2002, citado en Coronel e al.), a sociedade civil ten dúas vertentes de análise: unha parte da premisa de que a sociedade civil é un movemento en contra do Estado e que actúa coma un contrapeso do mesmo; e a outra ten a idea de que a sociedade civil é un complemento á función do Estado a partir das organizacións non gobernamentais.

O primeiro en teorizar sobre o Estado e acción colectiva foi Alexis de Tocqueville. O autor consideraba que os Estados centralizados, coma o de Francia, fanse máis poderosos ao destruír organismos intermedios e reducir a autonomía local polo que non incentiva a participación institucional. En situacións de revolta coma en 1789, desembócase na violencia e acábase en sistemas despóticos. Pola outra banda, estarían os Estados Unidos, onde a sociedade civil e os gobernos locais eran máis fortes polo que a participación era máis regular e polo tanto, máis democrática.

Na súa expansión, o Estado tivo que proverse de medios de comunicación grazas aos que mobilizaron a opinión pública, crear un funcionariado, impoñer impostos, crear un marco legal para regulamentar as relacións e moitas outras medidas que foron configurando a moderna cidadanía. Segundo Tarrow (2012: 162), as dúas áreas máis características do crecemento do Estado no século XIX – a extensión do sufraxio e o nacemento dunha policía profesional- estiveron vinculadas ao temor que provocaban as accións colectivas. Para Charles Tilly (citado en Tarrow, 2012) os requirimentos que esixen a guerra obrigan aos gobernantes a construír Estados máis sólidos, recadar impostos, recrutar soldados e ampliar o alcance do Estado. Nesta empresa, co fin de convencer os cidadáns da necesidade das guerras, os gobernantes amplían dereitos, expanden protección e crean o Estado de Benestar.

3.1.2. Teorías sobre movementos sociais

Aínda que a meirande parte dos estudosos consideran que os movementos sociais aparecen na Revolución Francesa (1789), a teorización sobre eles ten que esperar á época do movemento obreiro. A principios do século XX, os movementos sociais contextualizábanse como formas de comportamento político non institucionalizado e potencialmente perigosos, aos que se se lles deixaba actuar, ameazaban a estabilidade dos modos de vida establecidos (eran considerados perigosos para a democracia liberal). Xa, nos anos 60, aparecerán para algúns teóricos os chamados novos movementos sociais da man dos movementos estudantís, que provocarán un cambio na teorización sobre a acción colectiva. Os movementos antiglobalización serán chamados por algúns estudosos como Novísimos Movementos Sociais en alusión a que teñen diferenzas cos Novos Movementos Sociais.

Non obstante, hai teóricos coma Sidney G. Tarrow (2012:31) que apuntan que aínda que os movementos sociais son unha invención da era moderna, a acción colectiva, cando os “cidadáns correntes unen as súas forzas para enfrontarse ás elites, ás autoridades e aos seus antagonistas sociais”, sempre estivo presente ao longo da historia conseguindo cambios nas sociedades e na política de todos os tempos. Na Idade Media as revoltas acostumaban xurdir coas fames e a suba dos impostos. As protestas ían dirixidas aos mercadores e ás veces, a nobres e reis. Outras veces as protestas ían polo dereito á terra ou por unha inxustiza cometida polas autoridades.

A data máis sinalada como o inicio dos movementos sociais é o 14 de xullo de 1789 coa Revolución Francesa. Segundo Tarrow (2012: 116), os movementos sociais como se coñecen hoxe en día fixeron a súa aparición masiva no século XVIII e débese a cambios estruturais asociados á construción do Estado e ao capitalismo. “Tanto en Europa como en América, o capitalismo creou novos contactos, novas identidades e novas divisións, mentres que os Estados consolidados proporcionaron novos obxectivos para a acción colectiva. Os movementos sociais maduraron xunto ao avance do capitalismo e dentro da armadura do Estado-nación” (Tarrow, 2012: 135).

Estes movementos foron impulsados polo nacemento dos medios de comunicación, impresos comerciais e polos novos modelos de asociacións. As *chambrées*, que se desenvolveron en Francia na década de 1840, e os *coffee house* ingleses, eran lugares de agrupacións informais onde se podían ler xornais e falar de política. Se a veciñanza ou a familia son lugares de encontro de vínculos fortes, a prensa tiña o papel de unir a lectores que non estaban no mesmo lugar e que compartían puntos de vista, facer vínculos febles. É dicir, servían coma estruturas informais de conexión entre grupos sociais e localidades distantes. A expansión dos movementos sociais a novos públicos.

Historicamente, relacionábase o nacemento dos movementos sociais coa división de clases da sociedade industrial. Sinalábase a Revolución Francesa coma unha revolución burguesa e considerábase que os traballadores ingleses da Revolución Industrial adquirían conciencia de clase nas fábricas. Karl Marx foi o principal propagador da idea de que os movementos sociais estaban baseados na clase. Hoxe en día, os estudosos poñen en dúbida esta afirmación e avogan polas accións interclasistas. Por exemplo, na Revolución Francesa uníronse artesáns, xornaleiros e clases medias con poucos representantes do estrato máis baixo. Tarrow considera que “a longa historia dos movementos sociais amosa que estes son demasiado febles ou demasiado efémeros para representar os intereses dunha soa clase, excepto en épocas de crise excepcionais” (2012:140).

As escolas dominantes no estudo dos movementos sociais proveñen de diferentes tradicións intelectuais. Ademais de que están influenciadas pola situación e a historia do país no que se desenvolveron. A chamada teoría do comportamento colectivo, estuda desde a área da psicoloxía, as reaccións individuais dos actores que se implican nos movementos sociais. Estas teorías marcan o camiño das que logo serán as teorías de interacción simbólica que, a súa vez, é importante pola formulación do termo *frame*. Pola súa parte, na escola da mobilización de recursos, o movemento defínese en termos operacionais: as organizacións distínguense por sectores ou industrias e o movemento é un organismo de mobilización e recrutamento. Os teóricos dos novos movementos sociais céntranse no significado socio histórico dos movementos. Ao xuntar as grandes correntes no estudo dos movementos sociais perfilarase un retrato máis amplo da acción colectiva.

García López (2013) avoga por seguir a liña de Donatella Della Porta e Mario Diani (2011), facer unha síntese de todas elas e buscar as preguntas ás que intentan dar resposta cada unha das diferentes posicións teóricas. Os autores propoñen catro bloques que corresponden con catro enfoques diferentes no estudo dos movementos sociais:

- Se o cambio social crea ou non as condicións para a creación de movementos sociais, é dicir, como se desenvolve o conflito social. Estaría relacionado co enfoque europeo dos novos movementos sociais que estudaron as “determinantes estruturais da protesta”, “de como os modos da sociedade capitalista influían na configuración dos movementos sociais
- O valor da representación cultural que portan os movementos, a identidade, os símbolos e os valores que xeran na mobilización. Fai referencia á liña de estudo do da interacción simbólica que se centra na construción de identidades e na produción simbólica
- A terceira como se fai posible a acción colectiva: os intereses, as formas de organizacións do movemento e os recursos. Apunta directamente á teoría da mobilización de recursos
- A cuarta son dinámicas sociais, culturais e políticas para o éxito ou fracaso da protesta. Sería tratada pola teoría dos procesos políticos.

Tamén Calle (2007) apuntou que a análise dos movementos sociais se centraba en catro dimensións que correspondían a catro preguntas: o para que (o impacto da mobilización), o por que (as razóns e os agravios que explican a mobilización, o como (os discursos e formas que constrúen o movemento) e o cando (a relación co contexto social e político).

Outra maneira de abordar as teorías dos movementos sociais é abordalas desde a área de estudo. As teorías do comportamento colectivo son teorías psicolóxicas; a de mobilización de recursos ten un marcado carácter económico, a de procesos políticos ten unha vertente política e outra cultural e psicolóxica, coa introdución da categoría *frame* que converterían en *frame* cultural e por último, os Novos Movementos Sociais revaloriza a cultura.

A grande maioría dos autores dentro da NMS foron tamén chamados 'accionalistas', xa que consideran que o obxecto propio da psicoloxía non era o estudo da estrutura social, das súas institucións e organizacións, senón a 'acción social', recuperando a importancia que a estrutura e acción colectiva teñen como motor de conflito. Neste enfoque, a dimensión cultural recobrou toda a súa potencialidade, pero xa non vinculada a procesos íntimos do imaxinario individual, senón coma produto dunha cosmovisión colectiva. Desde esta escola, as accións colectivas explicáronse a partir da posibilidade dos distintos actores de loitar polo control da cultura, creando a súa propia historicidade. Á vez, estes movementos serían capaces de xerar áreas e redes onde se crean núcleos de individuos e grupos compartindo culturas e identidades. (Tomás Longa, 2010).

Fernández (2013) cita que Ibarra, Gomà y Martí (2002) determinan que os movementos sociais se estudaron en tres direccións: a nivel externo, a nivel interno e respecto ao seu impacto. Refírense a nivel externo coma a análise de “como os movementos sociais realizan a tarefa de captar e vehicular as demandas dos cidadáns”. Por outra banda, a perspectiva que estuda o nivel interno é o intento de observar o movemento coma un tipo concreto “de acción

colectiva, cun repertorio propio, cunha forma singular de organización e unha simboloxía específica”. A análise do impacto dos movementos céntrase en estudar os rendementos que obteñen en cada unha das dimensións sobre as que inciden ou queren incidir.

Nesta liña están McAdam, McCarthy e Zald (1999) explican que hai unha coincidencia entre estudosos de diferentes países en centrarse na análise de tres grupos de factores, nos que se estruturará tamén parte do presente capítulo, despois de facer un repaso polas principais teorías:

- A estrutura de oportunidades políticas e as constricións que teñen que afrontar os movementos sociais (oportunidades políticas)
- As formas de organización, tanto formais coma informais, a disposición dos contestatarios (estruturas de mobilización)
- Os procesos colectivos de interpretación, atribución e construción social que median entre a oportunidade e a acción (procesos de enmarque)

3.1.2.1 O comportamento colectivo

As teorías de comportamento colectivo naceron dentro da psicoloxía para explicar por que o individuo formaba parte dunha revolta ou dun movemento colectivo. Así as teorías do comportamento colectivo parten de que hai dous tipos de acción: as accións institucionais convencionais e as non institucionais colectivas. As accións non institucionais colectivas son accións que non están guiadas polas normas sociais existentes pero que se forman para responder ás situacións non definidas e/ou non estruturadas; son nas que se investiga o comportamento do individuo que participa nelas. Estas situacións compréndense en termos de ruptura, sexa dos órganos de control social, sexa da adecuación da integración normativa, en razón de cambios estruturais.

As primeiras teorías do comportamento colectivo naceron a finais do s.XIX e foron superadas e rexeitadas ao longo do s.XX. Entre estas teorías atópanse as teorías do contaxio ou a teoría da imitación. A teoría do contaxio considera que a humanidade ten unha predisposición a volver ao seu estado salvaxe: *l'état de nature*. A civilización domou estes instintos ata que o home se atopou coa *foule*, que lle rompeu o equilibrio dos instintos domados. Esta transformación brusca do home estaría orixinada polo “contaxio mutuo de emocións”. Segundo o medio social no que cada un evolucione, o individuo terá máis ou menos propensión a volver ao seu estado de salvaxismo. A lei da imitación considera que para que naza a *foule* precisase que os suxeitos compoñan unha colectividade polo que teñan predisposición a parecerse. Des destas primeiras teorías, tamén, é a de Gustave Le Bon, que escribe que a personalidade de cada individuo anúlase para formar nada máis que unha vasta “alma colectiva”. Este sentimento permite a liberación dos instintos, a liberación favorecida por un sentimento de impunidade que nace do anonimato (Fillieule e Péchu, 1993).

Autores norteamericanos seguiron coa liña de estudo do comportamento colectivo francés. Así, E. Blumer retoma a idea do comportamento colectivo e dálle un novo xiro ao consideralo un mecanismo de innovación. As novas formas de comportamento colectivo organizadas emerxerían no “estado desorganizado, non regrado, fluído e activo” (Olivier Fillieule e

Cécile Péchu, 1993). Blumer identifica a súa orixe nos cambios culturais que provocan a insatisfacción a través da nova concepción que os individuos desenvolven destes. Nacen, así, os movementos sociais que posúen as características das sociedades en miniatura: organización, cultura, consciencia de pertenza, liderado. “L’esprit de corps”, concepción de Blumer, é unha forma de entusiasmo de grupo que nace da identificación dun emisorio, da amizade informal entre os membros dun mesmo movemento e dos rituais, e é fundamental para reforzar a solidariedade e dar a vida a un movemento. A importancia de Blumer radica en que chama a atención sobre os procesos de construción social da protesta, o desenvolvemento do entusiasmo, a cohesión interna e o compromiso individual, así como o poñerse uns obxectivos e unhas argumentacións que reforcen a pertenza do individuo á organización. Hai unha aproximación da teoría á importancia da construción do movemento, pero o individuo non participa activamente na creación continua da identidade. É o movemento o que gaña a atención do individuo, esporta os seus intereses, explota os agravios, disipa as dúbidas e activa os sentimentos mediante o contacto interpersonal (Ibarra e Tejerina, 1998).

A principios dos anos 60, Smelser buscará integrar nos seus traballos o paradigma do comportamento colectivo aos primeiros elementos dun estudo das estruturas da acción colectiva. A acción colectiva deixa de definirse polas súas características físicas ou temporais. As características da explicación non son de orde psicolóxica senón de natureza social. Smelser inténase nas relacións dos actores e non na personalidade individual. Analízanse os roles, as organizacións, as normas e os valores. O comportamento colectivo defínese como unha mobilización non institucional que se volve cara á acción co fin de modificar un ou máis tipos de tensións, sobre a base dunha reconstitución xeneralizada dun dos compoñentes da acción.

Así, o comportamento colectivo xurdiría por seis fenómenos que se dan á vez: a condutividade estrutural; a tensión estrutural; a cristalización da crenza xeneralizada; os factores precipitantes; a mobilización para a acción e o control social. Smelser asegura que en todo comportamento colectivo existe unha tensión estrutural subxacente. Os individuos únense para actuar en cooperación cando algo funciona mal no seu ambiente social e padecen as inxustizas das convencións sociais existentes. O comportamento colectivo é un intento de solucionar as consecuencias xeradas pola tensión. Os individuos combinan varios compoñentes da acción nunha crenza na que pretenden aportar solucións á situación. Cando as persoas se mobilizan debido a esta crenza, hai unha situación de comportamento colectivo. Estas crenzas xeneralizadas moven as persoas a participar na acción colectiva e crean unha cultura común que fai posible o liderado, a mobilización e a acción concertada. As crenzas supoñen unha definición da realidade, mediante a que se trata de “explicar” a situación na que se atopan as persoas. Segundo Smelser, as crenzas puideron existir durante moito tempo nun estado latente, activándose baixo determinadas formas de condutividade estrutural e de tensión. As crenzas xeneralizadas incorporan unha diagnose sobre as forzas e axentes responsables do fracaso da regulación normativa ou valorativa, así como un esbozo do programa alternativo. Para o desenvolvemento das crenzas xeneralizadas é importante a aparición de factores precipitantes que crean unha sensación de urxencia e aceleren a mobilización para a acción. Estes factores precipitantes poden ser accidentais ou buscados, pero en calquera caso alcanzan un grao e unha significación social para os que se mobilizan.

3.1.2.2. A mobilización de recursos

En EE.UU xorden novas teorías que deixan de explicar os fenómenos de acción colectiva como feitos do anonimato, da irracionalidade e do grao de frustración do individuo, debido á cantidade de movementos contestatarios ao redor dos dereitos cívicos, os movementos estudantís e os movementos contra a guerra de Vietnam que xorden no país norteamericano. Precísase atopar, ademais, unha resposta dende o marxismo ortodoxo a este tipo de movementos, xa que non concibían unha loita que non se relacionase co traballo e o capital. Necesitábanse novas interpretacións. Así que nos anos 60, en Estados Unidos naceu o concepto de *resource mobilizations approach*.

A mobilización de recursos tomou como punto de partida á análise das organizacións e non dos individuos. Hai un paso, así, da psicoloxía colectiva á socioloxía e a economía. A idea común que une as diferentes correntes do novo modelo é o trato dos movementos sociais como ideoloxicamente lexítimos e resultado de comportamentos voluntarios. Así, Marcus Olson, dentro da corrente dos economistas, asegura que a participación en movementos sociais débese a unha elección racional, na que “os individuos non participarán en accións colectivas á menos que os beneficios superen os custos da acción”. Así, analízase o porqué da mobilización: as finalidades que marcan os movementos en función das oportunidades. (Fillieule e Péchu, 1993).

A teoría da mobilización de recursos de MacCarthy e Zald trata a eficacia coa que os movementos (organizacións) empregan os recursos de que dispoñen (cartos, coñecementos) para alcanzar os seus obxectivos xa que consideran que os movementos sociais dependen de organizacións que os mobilicen. A insatisfacción social dáse por sentada. Investígase a figura do “empresario movimentista”, aquel individuo ou grupo de persoas que toman a iniciativa nas tarefas de organización. MacCarthy e Zald engaden conceptos como recursos, modos de adquisición e o seu uso estratéxico (cartos e tempo), xa que os MS son entendidos como estruturas orientadas ao cambio social, como empresas de mobilización, que identifican os seus fins e intentan promovelos. Entre os recursos, tamén se contemplan recursos inmateriais como os coñecementos. A novidade destes autores foi que cambiaron o punto de estudo sobre os movementos sociais, pasaron da busca do “por que” se orixinan dos estudosos anteriores, a fíxase nos medios, no “como”.

Dende un modelo político, Anthony Obershall fíxase o reto de facer unha simple extensión da teoría de Olson e acaba facendo unha teoría diferente mostrando que, en realidade, os individuos pertencen a colectividade e non poden ser asimilados como produtores económicos illados nunha situación de protesta. Aínda así, continua fiel ao principio olsoniano da racionalidade da acción colectiva e da importancia de contar coa estrutura de riscos e coas recompensas na explicación da acción. Obershall identifica unha dimensión horizontal e vertical da mobilización. A dimensión horizontal é necesaria para a mobilización, “unha rede de comunicación preestablecida, de recursos xa mobilizados, a presenza de individuos que sexan líderes e unha tradición de participación entre os membros da colectividade. A dimensión vertical nunha comunidade segméntase (ausencia de relación dun grupo coas elites centrais), por elites e centros de poder. A acción colectiva dáse grazas aos obxectivos comúns de oposición

e hostilidade. Obershall concilia na súa teoría a ciencia económica e a socioloxía estrutural e non profunda nas causas políticas.

Piven y Cloward e a súa teoría da provocación de masas innovan polo interese que poñen na importancia das ideoloxías e no rol negativo que dan ás organizacións. Na súa análise do “movemento dos pobres”, os autores inspíranse no marxismo, dándolle a maior importancia ao plano da política. Piven e Cloward aseguran que aínda que un cambio social rápido favorece a acción colectiva, a existencia de tensións estruturais non é suficiente para que os individuos se desentendan dos traumas da vida cotiá, a xente debe percibir a privación e a desorganización da que teñen experiencia como inxusta e remediabile. Así, as persoas responsabilizan da mala situación ás elites e o sistema. Isto acontece no período de transformacións sociais porque as persoas afectadas son numerosas e as elites están desestabilizadas. Prodúcese, deste modo, unha ruptura coas institucións. Os participantes nas protestas introducen na vida cotiá xa que a xente non pode desafiar as institucións ás que non teñen acceso e ás que non contribúen. Así nas protestas norteamericanas pola guerra de Vietnam os estudantes levaban as protestas ás facultades e non a lugares institucionais.

“Estou de acordo co enfoque da mobilización de recursos precisamente porque creo que o movemento está presente moito antes do que a súa mobilización se fai visible, pois non podería ser explicado doutro modo, senón dependerá da existencia dun discurso construído previamente, dunha orientación á acción e as redes de solidariedade que son reais e efectivas, aínda que non visibles con anterioridade. Estou preocupado pola consideración de ámbolos dous aspectos: os movementos sociais non deberían ser restrinxidos ao nivel visible que, aínda que esencial para a súa existencia, supervivencia e efectos colectivos, non constitúen a raíz, a *raison d'être* de ditos movementos. Os movementos atópanse ocultos nas redes subterráneas onde todo o que se fai manifesto cando acontece a mobilización pública xa estaba presente, deseñado, e por expresalo así, nominado” (Melucci, 2001: 82)

3.1.2.3 Os Novos movementos sociais

Nos anos 70, tralas teorías anteriores quedan moitas dúbidas sen resolver. Os investigadores europeos máis influenciados polos cadros de análise marxista comezaron a apuntar o cambio do capitalismo e a desaparición da clase obreira. Os autores europeos, que estudan as razóns históricas da evolución dos movementos, clasificaron os movementos segundo razóns históricas en tres tipos diferentes: o movemento burgués da etapa pre-industrial; o movemento industrial nacido pola industrialización e os novos movementos sociais (NMS) da fase post-industrial, despois dos anos 60.

Ronald Inglehart (Fernández Buey e Riechmann, 1995) baséase no psicólogo Abraham Maslow, para amosar que unha vez que as necesidades materiais están satisfeitas, o home volve as súas preferencias cara as necesidades non materiais da natureza intelectual ou estética. O xurdimento e a proliferación de novos movementos sociais está relacionado coa crise de credibilidade das canles convencionais para a participación na vida pública nas democracias occidentais. Polo que hai un maior nivel de competencia política e unha demanda crecente de participación nos procesos de decisión.

Os novos movementos sociais caracterizaríanse por un pluralismo de ideas e valores que teñen en común a busca da democratización da vida cotiá e da expansión dos dereitos civís fronte ao Estado. Estes movementos sociais non comparten os roles estruturais dos seus seguidores, como pode ser a clase social, e implicanse no desenvolvemento de aspectos da identidade dos seus membros que antes non tiñan importancia. Hai un marcado carácter simbólico e cultural que fai que os membros compartan unha identidade común. Isto é máis destacable nos movementos étnicos ou nacionalistas que xorden no contexto de Estados xa constituídos. Os membros non comparten orixe social, pero si unha serie de estatus sociais como a idade, o xénero ou a orientación sexual. Polo que moitas veces, estes movementos implican aspectos íntimos dos membros como é a da orientación sexual no movemento homosexual. Hai un esfumado entre o individuo e o grupo. Moitos movementos maniféstanse ou exprésanse a través de accións individuais en lugar de facelo por medio de grupos mobilizados ou nun contexto de grupo. A organización dos novos movementos sociais tende a ser difusa e descentralizada. Hai varios modos, normalmente constitúense seccións locais con autonomía propia. Outra característica é o uso de tácticas de mobilización radicais, de resistencia ao funcionamento das institucións, que se diferencian das prácticas tradicionais do movemento obreiro. Os novos movementos adoitan empregar novas pautas de mobilización caracterizadas pola non violencia e a desobediencia civil, que con frecuencia representan un desafío ás normas de comportamento vixentes a través da dramatización (Laraña, Johnston e Gusfield, 1994).

Claus Offe (1992), un dos maiores teóricos dos novos movementos sociais, apunta as características típicas ideais que se evidencian nos seus contidos, valores, formas de acción e actores dos movementos. Estas características son coincidentes na maioría dos autores que identifican a emerxencia dos Novos Movementos. Por contidos, enténdese un interese por un territorio (físico), un espazo de actividades ou “mundo de vida”, como o corpo, a saúde e a identidade sexual; a veciñanza, a cidade e o entorno físico; a herdanza e a identidade cultural, étnica, nacional e lingüística; as condicións físicas de vida e a supervivencia da humanidade, en xeral. Os máis importantes son a autonomía e a identidade.

Moitos autores consideran que o menos novo dos NMS son os seus valores, xa que veñen doutras tradicións, e sinalan que o carácter moderno dos novos movementos sociais maniféstase porque asumiron, como convicción evidente, que o curso da historia e da sociedade son continxentes, é dicir, que poden ser creados e cambiados polas persoas e polas forzas sociais decididas con ese fin, máis que por principios metasociais de orde divina ou natural. Ademais, estes movementos decatáranse da necesidade de frear a dinámica de autodestrución da sociedade actual, expresada por Walter Benjamin: “A historia é un tren arrastrado por revolucións que son as súas locomotoras, ben podería ser que hoxe a revolución consista en que un pasaxeiro tire do freo” (Fernández Buey e Riechman, 1995).

En canto ao modo de actuar, na organización interna acódese moito á diferenciación, a que o linde entre o rol dos líderes formais e dos demais membros estea desdibuxada. Polo que se refire ao modo de actuar externo, vemos as tácticas das manifestacións e das outras formas de actuación recorren á presenza física de grandes masas de xente. Estas tácticas tratan de mobilizar a opinión pública e de atraer a súa atención con métodos legais. As reivindicacións de protesta van articuladas case sempre en formas lóxicas e gramaticais negativas, como indican

palabras clave como “nunca”, “en ningún lado”, “fin”, “peche”, “fora”. As tácticas de reivindicación usadas na protesta indican que o grupo de actores mobilizado (real ou potencialmente) concíbese a si mesmo como unha alianza de veto, e moitas veces, monotemática, que deixa un amplo espazo para unha ampla diversidade de lexitimacións e crenzas entre os que protestan. Os movementos sociais non se refiren a outros actores e opoñentes políticos en termos de negociacións, compromisos, reformas, melloras ou progresos graduais a conseguir con tácticas e presións organizadas, senón máis ben en termos de fortes antinomías tales como si/non, eles/nós, o desexable e o intolerable, vitoria e derrota, agora ou nunca. Estas lóxicas apenas permiten desenvolver prácticas de negociación política nin tácticas graduais.

Ao falar de actores, non se fai referencia ao código político establecido (esquerda/dereita, liberal/conservador), nin a códigos socioeconómicos. Os movementos sociais están formados por tres segmentos da sociedade claramente definidos: a nova clase media, especialmente os que traballan en profesións de servizos humanos e/ou servizo público e unha categoría da poboación formada por xente á marxe do mercado de traballo (parados, estudantes, amas de casa, persoas retiradas) (Offe, 1992).

Cadro extraído de Partidos Políticos e novos movementos sociais (Offe, 1992)	
Vello paradigma	Novo paradigma
Actores: Grupos socioeconómicos actuando como grupos (en interese do grupo) e involucrados en conflitos de distribución	Actores: Grupos socioeconómicos no actuando como tales sino en nome de colectividade atribuídas.
Contidos: Crecemento económico e distribución; seguridade militar e social; control social	Contidos: Mantemento da paz, medio ambiente; dereitos humanos, formas non alienadas de traballo.
Valores: Liberdade e seguridade no consumo privado e progreso material	Valores: Autonomía persoal e identidade en oposición ó control centralizado, etc
Modos de acción: Interno: organización formal, asociacións representativas a gran escala. Externo: Intermediación pluralista ou corporativa de intereses, competencia entre partidos políticos, regra da maioría.	Modos de Acción: Interno: informalidade, espontaneidade, baixo grado de diferenciación horizontal e vertical. Externo: política de protesta baseada en esixencias formuladas en termos predominantemente negativos.

3.1.3 O xiro cultural

A teoría do proceso político e a dos Novos Movementos Sociais comezaron a encontrar puntos de encontro nos anos 90 ao chegar ambos á importancia da construción social de significados para a protesta. Tilly, o pai da teoría do proceso político, dálle moita importancia á organización do grupo, á identidade común. Tanto a mobilización como a acción política non se producen sen intereses comúns. A acción política non se orixina nas cabezas dos seus organizadores, son transmitidas historicamente duns movementos a outros, herdadas, así as “convencións aprendidas da acción colectiva forman parte da cultura pública da sociedade” (Tarrow, 2012: 68).

Dentro do modelo de proceso político está o de culturas de acción colectiva. Esta introdución da cultura dentro do modelo do proceso político foi un dos pasos para estudar os factores estruturais á construción de significados: as emocións, o discurso e os marcos. Esta corrente estivo influenciada pola psicólogo Erving Goffman e o seu concepto de marco que foi adaptada por David Snow e os seus colaboradores. Outras nocións chave foron a de “mobilización de consenso” de Bert Klanderman e os “paquetes ideolóxicos” de William Gamson. A interacción simbólica tamén pode verse coma unha evolución da teoría do comportamento colectivo. Así mesmo, MacCarthy y Zald, dentro da mobilización de recursos, pasaron de centrarse no “como” da acción colectiva, en vez de no “por que”. Tamén, o estudo da cultura foi primordial para os teóricos europeos dos Novos Movementos Sociais.

Como sinala Laraña (1999: 88), os enfoques estadounidense e europeo, o de marcos de acción colectiva e o de Melucci, son complementarios. Mentres que Snow e os seus colaboradores se ocupan dos procesos de persuasión que producen crenzas colectivas entre os seguidores dun movemento; Melucci destaca a natureza construída da identidade colectiva nas redes dos movementos e a lóxica intrínseca do conflito que comporta.

Zald explica que o estudo da cultura dos movementos sociais xurdiu grazas á evolución do estruturalismo francés, á crecente importancia da semiótica, ao desenvolvemento da hermenéutica e á análise do discurso, o marxismo gramsciano, a teoría psicanalítica, ás teorías feministas, ao posmodernismo, á análise literaria, etc. Hai catro correntes que influíron directamente sobre o estudo da cultura nos movementos sociais:

- A análise en profundidade da cultura e dos símbolos que xurdiron e o desenvolvemento da antropoloxía
- A análise dos marcos e os roles cuxa orixe hai que buscar na revolución cognitiva da psicoloxía social a partir de Goffman
- A análise do dramático e o retórico relacionado coa interacción simbólica e tamén coa teoría literaria e da persuasión
- A análise da cultura, considerándoa un conxunto de repertorios para a acción e coma ferramenta. Un dos primeiros estudosos en reparar nisto foi Charles Tilly cos seus repertorios de acción

Como xa se explicou os movementos sociais buscan a transformación dun subsistema: socioeconómico, político ou sociocultural. Raschke identifica dúas intencións estratéxicas básicas: movementos con orientación de poder e movementos con orientación cultural. (Citado en Fernández Buey e Riechmann, 1995). Sen embargo, os NMS da fase postindustrial combinan a orientación de poder coa cultural. Debido á grande importancia que ten na sociedade postindustrial dominar o coñecemento e a cultura. Así, as propostas, tácticas e organizacións dos novos movementos sociais fanse eco das presións e dos temas culturais. A cultura, composta polas normas, valores, tradicións, comunidade, que os actores definen como lexítima,

define o enmarque do movemento e a súa identidade. O movemento feminista e o movemento polos dereitos dos homosexuais son exemplos de colectivos cun forte compoñente cultural.

Wolton (2004) di que os *antimundialistas* foron os primeiros que situaron a cultura e a comunicación no centro das súas reivindicacións, indicando que a representación do mundo non era a acertada e que o conflito debíase á vitoria das técnicas mundiais de comunicación. Porén, estes movementos xamais loitaron pola cultura ou a comunicación, senón que se centraron no medio natural, a enerxía, etc.

Goffman (En Johnston & Klandermans, 1995) considera que as organizacións dos movementos poden ser entendidas como técnicas, políticas, estruturais, culturais e dramatúxicas. Gary Alan Fine (1995) engade unha quinta categoría: *budle of narratives* ou feixe de relatos, que é como os membros comparten os fins da organización e un status baseado nas súas identidades. Así unha *ideocultura* consiste no sistema de coñecementos, crenzas, comportamentos e costumes compartidas polos membros dun grupo de interacción ao que os membros poden referirse e que poden utilizarse como base de interacción. Os membros recoñecen que comparten experiencias, e estas experiencias poden converterse en ferramentas coas que construír a realidade social.

Así, as historias nárранse como proceso das nosas experiencias. Os resultados das conversacións constrúen unha identificación compartida e recoñecen reaccións emocionais comúns que son doadamente expresadas. Un movemento social non é só un conxunto de crenzas, accións e actores, tamén o é de historias. As lealdades do movemento dependen das contas persoais, que concretamente clarifican que o esforzo estendido é considerado polos outros, que teñen sentimentos e experiencias similares. Estas narrativas constitúen a informal historia do grupo. Gary Alan Fine categoriza tres tipos de narracións dentro dos movementos sociais:

- Historias de horror que xustifican a pertenza a un movemento. Algunha experiencia negativa dramatízase, compílase, e persuádese nun relatorio, particularmente cando se presenta, como movemento narrativo típicamente, a unha audiencia simpática. Os horrores xustifican a existencia de moitos movementos, xa que revela un “problema social” que ha de ser confrontado polo suxeito.
- *War stories* contan experiencias que os membros dun movemento teñen no contexto da súa participación na acción.
- *Happy endings* son narracións nas hai un beneficio na participación do movemento.

Nos movementos nos que os membros gastan moito tempo xuntos, son artellados, e valoran a fluidez narrativa, as narrativas son usadas máis frecuentemente e teñen un rol central e prominente. As narrativas persoais deberían ser máis comúns en movementos como o dos dereitos dos homosexuais e o dos dereitos civís que os que están en contra da guerra ou antinucleares.

Como xa se sinalou anteriormente as teorías referidas levan a analizar tres factores claves nos movementos sociais: as oportunidades políticas, as estruturas de mobilización e os procesos de enmarque. Aínda que este estudo está centrado na construción de significado dos mo-

vementos sociais, proceso dentro do que se inclúen os procesos de enmarque, hai que ter en conta tamén as estruturas de mobilización e as oportunidades políticas para ter unha radiografía completa da construción do movemento social.

3.1.3.1. As oportunidades políticas

O concepto de estrutura de oportunidade política adoita usarse para explicar tanto o xurdimento da acción colectiva coma o resultados do movemento social. O xurdimento dos movementos sociais é un dos temas máis tratados polas diferentes teorías. O modelo de proceso político destacou a necesidade da ampliación da oportunidade política para que se xere un movemento social nun momento dado. Outras correntes tamén sinalaron que ten que darse a conxunción dunha infraestrutura previa organizativa, formal ou informal, unhas ideas compartidas e que se dea unha situación de tensión. Para referirse á oportunidade política, Kingdon acuñou o termo "fiestra política" porque se abre temporalmente dando a oportunidade de impoñer solucións ou chamar a atención sobre un problema. Estas fiestras poden aparecer en forma de sucesos imprevistos ou coma actos programados ou esperados coma o control dos orzamentos. Unha fiestra que se pode abrir tamén pode ser un maior acceso aos medios de comunicación de masas (Tarrow, 2012)

As oportunidades son, segundo Jack Goldstone e Charles Tilly (Tarrow, 2012: 279), a probabilidade percibida de que as accións de protesta social conduzan ao éxito na consecución dun resultado desexado. É calquera cambio que altere o equilibrio dos recursos políticos e económicos entre un estado e os que o desafían, que debilite a capacidade do Estado para recompensar os seus seguidores ou castigar os seus oponentes, para seguir unha política coherente, ou que retire o apoio interno ou externo ao réxime, aumenta as oportunidades.

Segundo a tradición de oportunidades políticas, hai mecanismos no entorno inmediato que poden desencadear a mobilización:

- A atribución de oportunidade ou ameaza
- A dispoñibilidade de aliados potenciais
- A formación de coalicións, dentro da política convencional ou nas súas marxes
- O marco de episodios globais de acción colectiva

Gamson e Meyer sosteñen que as oportunidades teñen un forte compoñente cultural e McAdam (1999: 52) sinala que hai catro formas xerais de expandir as oportunidades culturais que parecen incrementar as posibilidades de aparición de movementos sociais.

- A existencia e percepción dunha contradición flagrante entre un valor culturalmente defendido e as prácticas sociais convencionais
- Penurias súbitas
- A posta de manifesto da ilexitimidade ou vulnerabilidade dun réxime

- A dispoñibilidade dun marco innovador de carácter xeral con arranxo ao que os des-conformes poden esquematizar as súas protestas e reivindicacións

Un dos estudos menos recorrente sobre movementos sociais é a análise dos resultados políticos conseguidos pola protesta. A tipoloxía mellor coñecida foi a de Gamson en *The Strategy of Social Protest* que distinguiu entre dous resultados: a obtención de novas vantaxes e a mellora da aceptación. Tom Rochon e Daniel Mazmamian engadiría un terceiro resultado: os cambios nos valores sociais (Tarrow, 2012: 369). Todos estes resultados e máis poden mesturarse segundo os casos. James Franklin nun estudo sobre a análise das respostas producidas por unha protesta en América latina identificou: concesión, represión, tolerancia e unha mestura de concesión e represión.

O éxito dun movemento non ten por que ser só político, pode desembocar nos chamados “bens colectivos” coma o logro dunha identidade colectiva; a introdución na axenda política de cuestións que quedarían fóra ou en ter mobilizadores seguidores para o seguinte ciclo de protesta colectiva. Así sinálase que, ademais do fracaso ou éxito sobre o programa político, hai tres consecuencias indirectas e a longo prazo dos movementos (Tarrow, 2012: 377):

- O seu efecto sobre a politización e o futuro activismo político da xente e os grupos que participan neles.
- O efecto da súa loita sobre as institucións e as prácticas políticas
- A súa contribución aos cambios na cultura política

Un dos posibles resultados e impactos dos movementos sociais son os culturais, dos que se falará detidamente no apartado de construción de significados. Hai tres liñas de investigación relacionadas coas influencias culturais dos movementos sociais (Tarrow, 2012: 395): estudos sobre cambios de valores, crenzas ou opinións; a cultura coma rede de símbolos e significados atribuída a ditos símbolos, e a cultura coma marco no que se inscribe a visión do mundo e a situación social de comunidades ou subculturas.

William Gamson concluíu nun estudo sobre a acción colectiva na historia norteamericana que os grupos que alcanzaban maior éxito non eran os que non buscaban gozar de novos beneficios, senón dun maior acceso que lles ofrecera posteriormente unha nova e máis perdurable estrutura de oportunidades. Nesta mesma liña, Gamson considera que os movementos que esixen cambios fundamentais e ameazan as elites teñen menos futuro que os que demandan só melloras. Hai que destacar tamén que os grupos de protesta introducen nas axendas cuestións que poden ser usadas por outros grupos no futuro. Tamén poden crear oportunidades para que actores políticos fagan súas as demandas ou a solución que se demanda e así conseguir maior apoio. Segundo Tarrow (en McAdam e al, 1999:95) pode haber catro beneficiados da acción colectiva.

- A ampliación de oportunidades do propio grupo. Por exemplo, coa incorporación de novas formas de acción no seu repertorio
- A ampliación de oportunidades para outros. A protesta pode amosar reivindicación que tamén teñen outros colectivos ou abrírlle áreas de acción inexistente anteriormente
- A creación de oportunidades para os oponentes. Os grupos de protesta que actúan imprudentemente poden xerar oportunidades para os antagonistas
- A creación de oportunidades para as elites. Grupos das elites poden apropiarse da protesta se lles vai ofrecer incentivos cos que alcanzar os seus propios obxectivos

Como se ve as oportunidades duns grupos de protestas poden estenderse a outros, a este proceso chámase difusión e “ocorre cando certos grupos logran determinados triunfos que invita a outros a perseguir resultados similares, cando alguén se ve afectado polas demandas de grupos insurxentes, e cando a supremacía dunha organización ou institución se ve ameazada e responde recorrendo á acción colectiva” (Soule, 2004 citado en Tarrow, 2012). A difusión poden ser directa, indirecta ou mediada, na que un terceiro grupo é o intermediario. Na difusión indirecta é moi importante o rol dos medios de comunicación coma difusores.

En contraposición ao xurdimento do movemento social está o estudo do fracaso deste, que é un dos obxectos de estudo menos tratados polos especialistas. Hai que ter en conta que os movementos sociais sofren moitas ameazas coma pode ser a capacidade ou vontade do estado ou outros actores de controlar a disidencia. Tarrow cita a Gamson (1990) para indicar que a supresión é o destino máis probable para os movementos que esixen cambios fundamentais e ameazan as elites que para a aqueles que só demandan melloras. Nesta lóxica, os réximes autoritarios con instrumentos represivos suprimen os movementos sociais mentres que os representativos facilitan a protesta. “Aínda que a represión directa sexa unha medida máis brutal e temible, está comprobado que o aumento dos custes de organización e mobilización é unha estratexia máis efectiva para reducir a acción colectiva a longo prazo” (Tilly, 1978 citado en Tarrow, 2012).

Os procesos de desmobilización postos en marcha por outros actores e institucións opostos á protesta son:

- Esgotamento, o cansazo de alongar a protesta

“A medida que os movementos se organizan, os activistas discuten sobre métodos e obxectivos e divídense en faccións, ocasionan riscos, custes persoais e a longo prazo fatiga e desilusión. O resultado é un descenso da participación que pode verse estimulado se as autoridades políticas e as forzas da orde son o suficientemente intelixentes para aproveitar o momento oportuno e esperar que chegue o esgotamento” (Tarrow, 2012: 354). O esgotamento conduce a dous mecanismos completarios:

- Radicalización da protesta, a adopción de formas de protesta máis violentas ou que provoquen unha maior alteración da orde

- Institucionalización, a incorporación total ou parcial dalgunhas organizacións ás rutinas da política organizada

O Estado e outros antagonistas xogan as súas cartas na desmobilización a través de dous mecanismos: a represión ou a facilitación. A facilitación é proporcionar as demandas que esixe o movemento para acabar coa protesta.

Os movementos sociais enfróntanse a seis retos se queren converterse en motores de cambio da sociedade e non fracasar, segundo McAdam (1999: 477):

- Conseguir novos membros
- Manter a moral e o nivel de compromiso dos membros cos que xa contan
- Conseguir cobertura dos medios de comunicación, o ideal sería que apoiase os seus puntos de vista, aínda que non é preciso
- Mobilizar o apoio de grupos externos
- Limitar as opcións de control social que puideran ser exercidas polos seus oponentes
- Influir sobre o político e conseguir que o estado actúe

Voss (en McAdams e al, 1999:320) fai referencia a un estudo de Gamson (1990) que concluíu que máis da metade das organizacións incluídas na súa mostra representativa fracasaran parcial ou totalmente. Voss apunta a que o fracaso pode afectar á forma e posibilidade futura de levar a cabo accións colectivas e exemplifícao co caso dos *Knights of Labor* dos Estados Unidos. A desmoralización do movemento sindicalista e o seu descrédito fixo que perdera toda a capacidade de mobilización. Detrás estivo a boa organización das asociacións de empresarios que tiñan máis recursos económicos e maior poder político. Voss tamén apunta que o crecemento rápido do movemento e a cantidade de folgas fixo que non se creasen os marcos interpretativos precisos para conducir a todas as asembleas locais e que se producise un desgaste desta forza. “Os movementos sociais que deixaron unha pegada máis fonda na historia lograron porque conseguiron manter con éxito a acción colectiva fronte a oponentes mellor equipados” (Tarrow, 2012: 41). O fracaso dos Knights deu ao traste co desenvolvemento forte do sindicalismo nos Estados Unidos e sobre todo coa crenza de que non podían prosperar as demandas dos traballadores nese país.

“O curioso silencio que mantiveron os líderes locais dos Knights tralo fracaso é algo que tamén rexistra a prensa sindicalista doutros lugares, e existe certa similitude na biografía dos líderes sindicais máis destacados. Á marxe da inevitable guerra de reproches entre algúns líderes nacionais dos Knights, a Orde foi perdendo forza en toda a nación. Practicamente non existen artigos ou discursos publicados, en ningún lugar do país, nos que se intenten ofrecer razóns que expliquen o colapso dos Knights. Non existen mártires, non se presentaron proxectos alternativos nos que se explicara como a vindeira vez a clase traballadora sería capaz de vencer os seus inimigos. De feito, non flotaba no ambiente a idea ou sensación de que puidera haber

unha vindeira vez. É coma se ocorrese o contrario ao que McAdam denomina liberación cognitiva: en cambio, o que si se aprecia é unha distorsión ou traba cognitiva” (McAdam e al, 1999: 358).

Polo tanto, os movementos encontraron non só oportunidades políticas, senón a outra cara da moeda, restricións políticas, que Tarrow (2012: 74) define como “aqueles factores que desactivan dita acción (como a represión, pero tamén a capacidade das autoridades de presentarse coma un bloque sólido fronte aos rebeldes”. Moitas veces as autoridades non reprimen a protesta e usan outras estratexias coma illar uns sectores doutros para acabar con ela, coma fixo George Pompidou na primavera de 1968:

“O primeiro que fixo o goberno foi resistir a tentación de reprimir brutalmente as manifestacións, previr as alianzas da clase obreira e os estudantes foi a segunda; activar a economía, a terceira, e reclamar os votos da clase media foi a cuarta. Para conseguir o seu primeiro obxectivo, o prefecto da policía de París puxo freo á violencia policial; de feito, 1968 marcou un cambio permanente na práctica do control policial das manifestacións. Para conseguir o seu segundo obxectivo, o primeiro ministro George Pompidou negociou espectaculares aumentos salariais cos sindicatos para lograr que volvesen ao traballo e illar os estudantes nos seus reducidos universitarios. Para conseguir o terceiro, efectuou unha devaluación da moeda a fin de reequilibrar o cambio das rendas cos salarios” (Tarrow, 2012)

O ciclo de protesta é un dos termos máis usados dentro do modelo do proceso político. Laraña (1999) defíneo como o período no que aumentan os conflitos coma consecuencia de cambios na estrutura de oportunidades para a acción colectiva. O ciclo de protesta, segundo Tarrow, enténdese como unha fase de intensificación dos conflitos e a confrontación no sistema social que inclúe unha rápida difusión da acción colectiva dos sectores máis mobilizados aos menos mobilizados; un ritmo de innovación acelerado nas formas de confrontación; marcos novos e transformados da acción colectiva; unha combinación de organización organizada e non organizada”.

3.1.3.2. As formas de organización

As organizacións nacen a partir de protestas e teñen que fiar o seu tramado. O normal é que a organización naza coma local e vaia expandíndose coa acción colectiva ata cubrir toda a rexión, o estado ou incluso, o mundo, en caso de que o seu radio de acción chegue ata alí. O máis importante nunha primeira etapa son as redes interpersoais que son as que asentan a base. Non existe un modelo de organización, mais a organización dun movemento é importante na conformación da súa identidade. Segundo Clemens, “ao intentar reordenar o mundo, os movementos seleccionan, combinan e transforman os modelos e prácticas de organización que están na base das institucións (McAdam e al, 199: 301). A organización pode servir para a creación de alianzas entre grupos que defenden, aparentemente, intereses distintos como foi

o caso da identidade común que mantiveron as clases produtivas integradas por agricultores e traballadores no século XIX.

As organizacións son parte da cultura do movemento e é o lugar de interacción cos activistas e co que relacionarse con outros grupos, institucións ou políticas existentes. Como indica Clemens, “A distribución será un produto da socialización, da exposición a diversos modelos organizativos e da forma en que ambas cousas casen. Así os repertorios de organización varían segundo os grupos no seo dunha sociedade, entre sociedades e no tempo”. A organización xerárquica, herdada de sindicatos e partidos, perde o seu carácter subversivo co tempo, pola contra se é unha estrutura anárquica, perde interacción cos aliados, autoridades e seguidores. Nos anos setenta, avogouse por un modelo mixto no que o núcleo ou organización nai dese unhas pautas, e o uso de marca e as unidades descentralizadas de base creasen formas de participación directa e redes de confianza na poboación. A partir do século XXI e da man do movemento antiglobalización, hai unha primacía do modelo rede cuxos atributos son, segundo Martí Sáez (2005), o alto grao de flexibilidade, de horizontalidade, de capacidade de conexión e de proximidade entre os membros. Como sinala Tarrow, “cada paso á institucionalización das organizacións do movemento provoca un paso contrario na dirección dos modelos de organización de base” (2012: 229).

A forma de organización créase para chegar da mellor maneira posible a alcanzar os obxectivos. Incluso moitas veces créanse pensando en chegar aos medios de comunicación coma medio para chegar á opinión pública. Segundo Martí e Puig (2005), March e Olsen sostían que o importante é crear “un núcleo duro que exerza a función de liderado, que lles dea coherencia ás propostas e que interactúe co resto do entorno da organización. Ao redor deste núcleo hai que conseguir un entorno social mobilizado que lle dea corpo ao movemento e que se sume á acción colectiva. Segundo McAdam (citado por Martí e Puig, 2005) as persoas que configuran este entorno pertencen á rede que configuran os grupos de contacto directo. Son os procesos de grupo, máis que a ideoloxía ou as consignas, os que transforman o potencial para acción colectiva en participación. Polo que é a confianza a que a configura. Termos coma comunidades de memoria, subculturas de protesta, infraestruturas de protesta ou contextos de *micromobilización* serviron para definir por diferentes autores estas estruturas de solidariedade e comunicación que dan orixe á formación do entorno social mobilizado. O concepto de activista de larga duración foi proposto por McAdam (1994) para analizar as continuidades culturais dos movementos sociais e reducir o sesgo estruturalista que caracterizou a literatura especializada. Este trazo maniféstase na tendencia a situar o foco de atención nas organizacións e as redes de asociacións preexistentes coma unha dimensión chave para explicar a súa formación e a súa persistencia no tempo (Laraña, 1999: 124).

Moitas veces, os movementos nacen dentro de institucións, utilizando as súas estruturas e ideoloxía, coma por exemplo a Igrexa Católica que é unha das máis profusas neste acubillo, son os chamados “contornos hóspedes”. E tamén aproveitan estes grupos para conseguir unha infraestrutura sen burocratizarse por iso aprovéitanse do que McAdam chamou “apropiación local”.

Nos últimos anos, os movementos sociais servíronse de Internet coma unha ferramenta de comunicación que permite a coordinación. Tarrow (2012: 73) destaca que a través de Internet,

de diversos tipos de redes sociais e de medios de comunicación persoais, os individuos e os grupos adquiriron unha capacidade de crear noticias que supera con creces as que teñen os media tradicionais para configurar a acción colectiva. Segundo Martí i Puig (2005) canto máis se usa a convocatoria física máis se usa Internet e viceversa, é dicir, é un elemento de intensificación e reforzo da rede física.

Para Castells (2005: 220) hai tres características que son fundamentais na interacción entre internet e os movementos sociais. Na sociedade predominan os movementos sociais en rede, baseados en coalicións que se constitúen en torno a valores e proxectos. Internet é unha estrutura organizativa e o instrumento de comunicación que permite a flexibilidade e a temporalidade da mobilización pero mantendo ao mesmo tempo un carácter de coordinación e unha capacidade de enfoque desa mobilización. A segunda característica é que estes movementos dependen cada vez máis da súa capacidade de comunicación e da capacidade de levar cabo un recrutamento de apoios e de estímulos mediante esa chamada de valores. Por último, cada vez máis, o poder funciona en redes locais e os cidadáns viven en sociedades locais. Internet permite este artellamento de proxectos locais mediante protestas globais. Internet é a conexión global-local que é a nova forma de control e de mobilización da sociedade.

Para Tarrow (2012, 401) veuse un avance da acción colectiva transnacional e ten cinco procesos asociados:

- Internacionalización: A utilización de tácticas de protesta internas co fin de exercer presión aos gobernos nacionais para que defendan os intereses das persoas fronte as ameazas externas. Segundo indica Tarrow, a maioría dos actores sociais responden ás directivas da UE protestando contra os seus propios gobernos.
- Enmarcado global: O enmarcado de asuntos internos en termos máis xerais do que as demandas orixinais poden suxerir. Moitos activistas enmarcan problemas internos no contexto da globalización.
- Difusión transnacional: A propagación de formas similares de acción e reivindicacións similares a través das fronteiras
- Externacionalización: Accións emprendidas por actores internos contra axentes externos en iniciativas dirixidas a defender os seus intereses. As institucións internacionais ofrecen un marco para externalizar as demandas de tres maneiras principais: a observación das prácticas dos Estados e a súa divulgación, a censura do seu comportamento e a imposición de sancións.
- Formación de coalicións transnacionais: Creación de redes transnacionais para apoiar a cooperación transfronteiriza.

Segundo Pont, os movementos pasan por diferentes fases no seu proceso de desenvolvemento:

- Fase 1. Crise como experiencia colectiva, é cando as consecuencias da crise son asumidas conscientemente entre as persoas afectadas e superar as experiencias individuais

- Fase 2. Propagación das consecuencias da crise. É o momento no que hai un traballo público efectivo e faise unha apelación pública que se centra no aspecto da solidariedade, a necesidade de impulsar a cooperación e a xustiza social.
- Fase 3. Artellamento da protesta. Iníciase cando os responsables (políticos e económicos) non reaccionan. Esíxense medidas para frear as causas da crise, e ponse énfase na extensión da protesta para ter o suficiente apoio.
- Fase 4: Intensificación do movemento e artellamento da ideoloxía. O motivo que orixina a protesta faise público. O movemento defínese esixíndolle á cidadanía que se comprometa a favor ou en contra da protesta
- Fase 5. Organización do movemento e institucionalización. Aparece a necesidade de buscar novas formas organizativas no aspecto de intercambio de información.

3.1.3.3 A construción de significados

Nos movementos sociais ademais da construción dunha organización danse espazos de construción de significados e solidariedade. Para iso usan tres mecanismo segundo Tarrow (2012: 251):

- Definen, cristalizan e constrúen as identidades colectivas.
- Os movementos reflicten, captan e danlles forma ás emocións para mobilizar seguidores.
- Dotan dun marco á acción política colectiva. Segundo os traballos de Snow e os seus colaboradores, os marcos son a construción dun esquema interpretativo que simplifica e condensa o que pasa.

3.1.3.3.1 A identidade colectiva

Foi Alberto Melucci quen sinalou que as identidades son un compoñente fundamental que define quen somos, quen son eles e onde están as fronteiras. A identidade colectiva é a definición compartida dun grupo que deriva dos intereses comúns da colectividade, das experiencias e da solidariedade (Melucci, 1996). Para Melucci, como para outros analistas dos novos movementos sociais, a identidade colectiva non debe ser confundida coa identidade social. A identidade colectiva está construída, activada e sostida só mediante a interacción das comunidades nun movemento social e compartido por factores como estrutura política de oportunidades, a potencialidade dos seus recursos, e a forza da organización, en materia de recursos e poder. Para Habermas (Melucci, 1996), *inner nature* é a habilidade para controlar a capacidade para a acción e a produción de significado. Dentro destas accións, individuos e grupos participan compartindo a súa identidade que é o resultado de decisións e plans, ao mesmo tempo que condicións e contratos (*self-realization*). Estas oportunidades incrementan o cultural na natureza do individuo e forman a chamada cultural *surplus* (aprendizaxe, socialización e comunicación). Os individuos poden participar nun proceso de compartir a súa identidade como un proceso social de produción e aprendizaxe.

Melucci contextualiza identidade colectiva tendo en conta tres procesos interrelacionados: a construción dun grupo de fronteiras que establecen as diferenzas entre o grupo que fai presión e o grupo dominante; a consciencia, os marcos interpretativos que emerxen da loita dos grupos para definir e dar conta dos seus intereses; e a politización, do día a día, mediante o uso de símbolos e as accións para resistir e reestruturar o sistema dominante.

Polo tanto o concepto de identidade colectiva é un proceso de construción dun sistema de acción mediante a comunicación entre actores. Esta acción é un proceso que envolve definicións cognitivas que concirnen os fins, significados e ao campo de acción. A identidade colectiva é un proceso referido ao traballo de rede da actividade das relacións entre os actores que interactúan, comunican e inflúen os uns cos outros nunha negociación e na toma de decisións. As formas de organización e modelos de liderado, canais de comunicación e tecnoloxías da comunicación son partes que constitúen esta rede de relacións. Ademais necesítase un investimento emocional que lles faga aos membros sentirse dunha comunidade. A acción colectiva, como se apuntou ao principio, é unha relación entre polo menos dous adversarios: o movemento e o grupo ao que se opón. Ambos actores responden mutuamente ás accións do outro. Así, debemos coñecer, para entender os procesos de mobilización, os camiños que ten o sistema dominante para reprimir a acción colectiva. Xa que, por si mesmo, o sistema xa marcou regras previas e a distribución dos recursos.

Os actores colectivos desenvolven unha capacidade de resolver conflitos e vólvense máis independentes e autónomos na súa capacidade de acción. A identidade colectiva asegura a continuidade e permanencia do movemento e establece os límites do actor respecto ao medio social. Deste xeito, a identidade regula as relacións dos membros, define os requisitos para reunir o movemento e os criterios polos que os seus membros se recoñecen e son recoñecidos.

A identidade colectiva é, polo tanto, un acto de comunicación. A noción de identidade colectiva é relevante na acción colectiva. Implica a inclusión no campo social como parte da construción e o seu significado na definición formal (discursos públicos, documentos, opinións), hai sempre unha negociación activa, un traballo interactivo entre os individuos. Os procesos de mobilización, as formas de organización, os modelos de liderado, ideoloxías e formas de comunicación.

Melucci expón a importancia da relación teórica que existe entre os aspectos organizativos e culturais, que forman a identidade, ampliando a análise das redes sociais e amosando a importancia nas formas de acción colectiva. O autor italiano considera que os movementos contemporáneos céntranse nunhas áreas ou redes de relacións sociais que se establecen entre persoas e grupos sen visibilidade pública, “somexidos na vida cotiá”, onde se xesta a acción colectiva. Estas redes son laboratorios nos que se nacen novos códigos de comportamentos, estruturas de sentido e confiren o carácter antagonista do movemento. Todos estes elementos son os “recursos cognitivos” que os manteñen unidos e lles dan forza aos membros para enfrontarse ás estruturas de poder (Melucci, 1996).

Segundo Castells (1998), “Por identidade, no referente aos actores sociais, entendo o proceso de construción do sentido atendendo a un atributo cultural, ou un conxunto relacionado de atributos culturais, ao que se lle dá prioridade sobre o resto de fontes de sentido. Un individuo determinado ou un actor colectivo pode ter unha pluralidade de identidades”. E continúa,

“desde unha perspectiva sociolóxica, todas as identidades son construídas. O esencial é como, desde que, por quen e para que. A construción das identidades utiliza materiais da historia, a xeografía, a bioloxía, as institucións produtivas e reprodutivas, a memoria colectiva e as fantasías persoais, os aparatos do poder e as revelacións relixiosas. Son os individuos, os grupos sociais e as sociedades procesan todos eses materiais e reordenan no seu sentido, segundo as determinacións sociais e os proxectos culturais implantados na súa estrutura social, e os proxectos culturais implantados na súa estrutura social e no seu marco espazo/temporal”. O sociólogo identifica 3 tipos de construción social de identidades na que chama sociedade rede:

- Identidade lexitimadora. Introducida polas institucións dominantes da sociedade para estender e racionalizar a súa dominación fronte aos actores sociais
- Identidade de resistencia. Xerada polos actores que se atopan en posicións/condicións devaliadas e estigmatizadas pola lóxica da dominación, polo que constrúen trincheiras de resistencia e supervivencia baseándose en principios diferentes ou opostos aos das institucións da sociedade
- Identidade proxecto. Cando os actores sociais, baseándose nos materiais culturais de que dispoñen, constrúen unha nova identidade que redefine a súa posición na sociedade e, ao facelo, buscan a transformación de toda a estrutura social.

Os obxectivos dos novos movementos sociais e dos nacionalismos son bastante diverxentes (Johnston, 1994). Os Novos Movementos Sociais focalízanse na busca individual da identidade nun contexto global de programas para o cambio social, mentres que os movementos nacionalistas reflicten as aspiracións políticas e culturais de comunidades que están subordinadas por unha rexión. Non obstante, ámbalas dúas correntes converxen en dous puntos:

- Con relación ás motivacións que impulsan a participar: as metas e actividades dos nacionalistas están profundamente vinculadas á identidade dos seus participantes, aínda que eses movementos dan a prioridade a elementos culturais e lingüísticos, en vez de situalos nos estilos de vida dos seus seguidores como fan os movementos.
- Os pautas de participación están presentes no día a día dos seus adheridos.

Os chamados novos movementos sociais proliferaron ao mesmo tempo que o nacionalismo. Os nacionalistas teñen unha forte capacidade para recoller baixo a súa bandeira distintas reivindicacións doutros movementos debido a “fonte de controversia e solidariedade da cultura minoritaria” (Johnston, 1994). No contexto dunha minoría nacional, case todos os problemas poden atribuírseles ás políticas deseñadas dende o poder central, e a súa solución máis xusta adoita situarse na devolución política á rexión. A defensa nacionalista da paz, das peticións dos novos movementos sociais (dereitos da muller, a paz, ecoloxismo) dáse nun contexto social onde os significados desas opcións e formas de acción están asumidas pola cultura actual. Non obstante, os novos movementos sociais non teñen unha sensación de inxustiza como os movementos nacionalistas. Os nacionalistas teñen unha forte carga emotiva debido a

que os membros comparten unha simboloxía que é reprimida na súa vida cotiá o que pode ser unha ameaza a súa forma de vida.

A formación dos novos movementos sociais parece non ter a súa orixe en sentimentos compartidos de inxustiza que se definen colectivamente, senón máis ben no feito de que os seus membros cheguen a eles como individuos que en busca de solidariedade en tanto que identidade social entre persoas que antes non se coñecían. O marco de identidade é moi importante nos movementos nacionalistas xa que as súas culturas están baseadas en lazos sociais e nun desenvolvemento do sistema de símbolos, valores e crenzas. Ademais, esta cultura é redefinida de xeración en xeración. A importante capacidade de mobilización dos movementos nacionalistas de Euskadi e Cataluña débese, segundo Johnston, á forte relación con símbolos culturais, que durante a súa etapa de latencia no Réxime de Franco, conectaron a actividade política coa tradición cultural. A súa continuidade no presente atribúese a interacción nunha variedade de asociacións culturais e recreativas, que mantiñan o seu carácter legal grazas ao manto protector da Igrexa, como polos procesos de socialización a través dos cales as xeracións adultas preservaron os trazos culturais propios destas comunidades étnicas.

3.1.3.3.2 *As emocións*

Como apunta Rodrigo Alsina (2001: 63), as emocións estiveron presente na historia do pensamento desde Platón. O comunicador apunta a que foi nos anos 80 cando as emocións comezaron a ser un tema transdisciplinar que preocupaba disciplinas tan diversas coma a socioloxía (Luhmann), a bioloxía (Vincent), a filosofía (Meyer), a historia (Duby), a semiótica (Pezzini), a antropoloxía (Rosaldo) ou a psicoloxía (Schmidt-Atzer). Este crecente interese atribúello á postmodernidade e solidariedade social da época da que está nacemento unha nova cultura do sentimento. A concepción constructivista de Armon-Jones (citado por Rodrigo Alsina, 2001) trata as premisas das emocións:

- As emocións caracterízanse por que os seus contidos non son naturais senón determinados polas crenzas culturais e morais dunha comunidade determinada
- As emocións son aprendidas ao mesmo tempo que as crenzas, os valores, as normas e as expectativas da cultura.
- As emocións son patróns socioculturalmente determinadas pola experiencia e maniféstanse en situacións sociais específicas

Para manter a solidariedade entre os activistas ten que haber un traballo emocional de fondo. Nas diferentes fases da mobilizacións, invocanse unhas emocións ou outras. Segundo Laraña (1999), a inversión emocional dos seguidores dos movementos sociais é básica para entender por que as súas mensaxes motivan a participación. A dimensión emocional consegue conectar as ideas (a aliñación dos actores cos marcos do movemento) coa acción (a participación). Nesa liña, Collins di que as emocións son o pegamento da solidariedade e o que mobiliza o conflito e Jasper sinala que as emocións e os valores morais contribúen a explicar a emer-

xencia ou o desenvolvemento dun movemento e tamén o seu declive: frustración de expectativas, insatisfacción, envexa, ciúmes (citados en Tomás Longa, 2010). Así mesmo, as emocións serven para relacionarse cos outros actores significativos (Tarrow, 2012: 272)

- Cos aliados, cuxa cultura emocional pode ser diferente da do grupo primario que constitúe o movemento
- Cos espectadores ocasionais que o movemento pode querer atraer moderando un pouco as súas emocións
- Cos medios de comunicación que, aínda que son indiferentes ante as sutilezas emocionais, están atentos as expresións emocionais para atraer a súa audiencia
- Coas forzas da orde, cuxas tácticas represivas poden provocar que os militantes comentan actos de vinganza
- Coas autoridades públicas cuxa indiferenza ante os obxectivos do movemento poden provocar ira, a desilusión, ou ámbalas dúas.

3.1.3.3.3 *A construción social da protesta*

A análise de marcos de referencia foi proposta por Goffman para explicar como o individuo da sentido ao mundo. Un marco de referencia é un esquema interpretativo que simplifica e condensa o ‘mundo exterior’ ao sinalar e codificar selectivamente os obxectos, situacións, acontecementos, experiencias e as accións que se produciron no entorno presente e pasado de cada individuo. Segundo Zald (1999:371), os marcos son metáforas específicas, representacións simbólicas e indicacións cognitivas utilizadas para presentar condutas ou eventos de forma avaliativa e para suxerir formas de acción alternativas.

Goffman aplicaba o termo “elaboración de marcos” como o modo que un individuo constrúe a realidade, pero na tradición dos movementos sociais que partiu da súa obra, os académicos centráronse no modo en que os movementos sitúan os agravios específicos en marcos de acción colectiva que dignifican as reivindicacións, que as conectan con outras e contribúen a producir unha identidade colectiva. O concepto pode ampliarse para explicar o modo en que episodios completos de protestas, os seus actores e accións, son dotados dun marco grazas á interacción dos participantes, dos oponentes, da prensa e doutras partes significativas (Mc Adam et al, 2001:45).

Os marcos dominantes funcionarían como a gramática para un código lingüístico, permitindo entender e falar do que sucede no mundo con sentido. Non obstante, aínda que todos os marcos funcionan da mesma maneira poden amosar diferenzas en tres aspectos de que se compoñen. Calquera marco dominante ten que cumprir unha función explicativa a través da elaboración dunha diagnose que implica tanto a identificación dun problema como a atribución de culpabilidade ou causalidade. En segundo lugar, desenvólvese unha función de articulación, podéndose diferenciar entre uns marcos máis restrinxidos e ríxidos e outros máis elaborados e flexibles. En terceiro lugar, encontramos a función de mobilización potencial que dependería de dúas variables: a relevancia para o mundo e a vida dos adheridos e simpatizan-

tes e a capacidade de resonancia potencial, baseada na credibilidade simbólica ou fidelidade narrativa.

Os modelos para a análise da construción da protesta parten da consideración de que a acción colectiva é unha transformación significativa na conciencia colectiva dos actores implicados. Para estudar como se produce esta transformación, apareceron diferentes enfoques. A esta transformación chámase liberación cognitiva. Piven e Cloward (Fillieule e Péchu, 1993) definen a liberación cognitiva como un cambio de conciencia en tres sentidos: o sistema perde lexitimidade, a xente que normalmente é fatalista comeza a esixir cambios e hai un novo sentido de eficacia.

Varios autores cuestiónanse a relación entre a existencia dunha situación, a formulación de motivos de queixa e a toma de conciencia por un movemento a través da súa ideoloxía e os fins que defende. Segundo Ferree e Millar (Fillieule e Péchu, 1993), unha modificación do sistema das 'atribucións sociais' dominantes é condición previa a toda mobilización se se dá a tendencia xeral da xente a estimar a vontade e as disposicións persoais na explicación do comportamento a expensas dos factores de situación. Mesmo as vítimas dunha opresión obxectiva non percibirán a súa situación como unha inxustiza se se lles atribúe a súa situación ás súas propias calidades persoais. O traballo de recrutamento dos movementos sociais permítelle á xente interpretar a súa situación como resultado das forzas de control exteriores a eles. Este recoñecemento deslexitima o sistema. Para obter apoios, un movemento debe facer que comporta a súa visión o maior número de persoas. Para iso, prodúcese un traballo de descodificador do real que un pode descompoñer en diferentes elementos: identificar un problema, cualificalo en termos políticos, designar os responsables, propoñer unha solución que poida ser obtida grazas á acción colectiva.

Gamson (1992) suxire tres compoñentes no enmarque da acción colectiva que levan á implicación do actor individual na visión do movemento social: inxustiza, *agency* e identificación. O compoñente de inxustiza refírese á indignación moral expresada na forma de conciencia política. A inxustiza non poder ser provocada por factores abstractos porque a acción colectiva non se pode facer nada para solucionaralo. Os actores da inxustiza poden ser corporacións, gobernos ou específicos grupos. Eles son presentados como maliciosos e indiferentes, o que provoca indignación. "Os movementos considéranse inextricabilmente unidos a planeamentos éticos que fan que aquilo que antes podía ser aceptado coma unha desgraza agora se considere intolerable, que hai algo ilexítimo no sistema e esa inxustiza debe rectificarse" (Turner e Killian, 1987 citado en Laraña, 1999:260).

A *agency* refírese á conciencia de que é posible alterar as condicións e as políticas indesexables ou inxustas mediante a acción colectiva. A acción colectiva implica nalgún sentido de eficacia colectiva e rexeita a inmutabilidade das situacións indesexables. Este compoñente da forza á xente para definirse a eles mesmos como axentes potenciais da súa propia historia. "As fontes ou axentes poden ser un movemento social organizado, activistas, os medios de comunicación de masas interactuando con grupos de interese e expertos" (Gamson e Modigliani, 1989 citado en McAdam, 1999).

A compoñente de identidade refírese ao proceso de definir o “nosoutros” en oposición do “eles”, os que teñen diferentes intereses e valores. “Eles” son responsables obxectivamente e teñen o poder de cambiar e actuar de maneira diferente.

Snow e os seus colaboradores, explica a participación neles por conexión entre as orientacións interpretativas dos individuos e as que propoñen as organizacións destes movementos. Esta análise de marcos é tamén utilizado para coñecer o enmarque do discurso predominante na sociedade ou aplícase ao enmarque do discurso dos medios de comunicación. A organización que enmarca unha situación precisa da integración entre tres clases de procedementos de atribución de significados: a identificación dun feito como problemático e os seus responsables (diagnose), a proposta de solucións a ese problema (prognóstico) e o de motivación, establece un vocabulario de motivacións que xustifican pasar á acción. Os marcos de motivación implican un proceso de construción social e de recoñecemento de motivos e identidades de protagonistas. Esta teoría considera que o éxito da mobilización dos potenciais seguidores depende da capacidade de integrar estes tres aspectos.

Snow identificou un conxunto de estratexias de aliñamento de marcos de referencia. Trátase duns procesos nos que os movementos sociais intentan influír nas interpretacións de diversas audiencias. Así, co concepto *frame alignment*, Snow refírese á relación entre as interpretacións dos individuos e as das organizacións nun movemento social polo que cando se produce ese aliñamento o conxunto de valores, intereses e crenzas individuais e as actividades, obxectivos e ideoloxías da organización chegan a ser congruentes e complementarios. O concepto de *frame alignment* é bastante similar ao de mobilización de consenso e ámbolos dous utilízanse para analizar a comunicación persuasiva das organizacións dun movemento. Polo tanto, Snow, Benford e os seus colaboradores consideran que os sistemas de pensamento ou ideoloxías son froito de interaccións e emerxen dos procesos de creación de marcos de referencia, e o outro consiste en que eses marcos son estruturas cognitivas que guían a acción colectiva, e xeran outros marcos. Así os procesos de creación de marcos producen marcos que a súa vez condicionan os seguintes procesos de creación de marcos.

O *frame alignment* implica catro tipos distintos de procesos: a conexión dos marcos interpretativos (*bridging*), a explicación e o desenvolvemento dun marco (*amplification*), a extensión dun marco interpretativo (extensión) e a súa transformación (*transformation*). A conexión de marcos (*frame bridging*) refírese ao proceso polo cal se establece a relación entre dous o máis marcos de significados sobre un problema, os cales son congruentes nun plano ideolóxico pero non teñen unha relación estrutural entre eles. A extensión de marcos (*frame extension*) refírese á expansión dos límites de referencia dun movemento para incorporar intereses e puntos de vista que non tiñan unha clara relación cos seus obxectivos iniciais, pero son importantes polos seus potenciais seguidores (Laraña, Johnston e Gusfield, 1994). Nesta liña está o concepto consenso do traballo de Goffman que propuxo para designar os acordos prácticos aos que chegan as persoas na interacción por razóns prácticas, como permitir o funcionamento do grupo. A amplificación de marcos é a relación dos valores e das crenzas dos suxeitos cos do movemento, mentres que a transformación do marco é desbotar marcos inoperantes e crear novos (Sádaba, 2008).

	Experiencia individual	Experiencia social
Conexión	Marcos persoais	Marcos de movementos sociais Marcos de medios de comunicación
Amplificación		
Extensión		
Transformación		
Elaborado por Sádaba (2008)		

Scout, Benford y Show consideran que no terreo da acción colectiva promóvense e reafirmanse unhas identidades individuais e colectivas de dúas formas diferentes, que están relacionadas aínda que son distintas analiticamente: a través da participación na propia acción colectiva, nos actos reivindicativos ou nas manifestacións de adhesión (*celebrating*), e tamén a través dos procesos de creación de marcos de referencia.

Estas categorías hanse de poñer en relación cos tres conxuntos de identidades definidas dende a acción colectiva: protagonistas, antagonistas e a audiencia; xa que os tres campos repercuten na creación de marcos.

En primeiro lugar, existe un tipo de individuos e de colectivos que son identificados como protagonistas pola súa maneira de promover ou simpatizar cos valores metas e prácticas dun movemento social; estes actores son os que tamén se benefician das accións do movemento. En segundo lugar, atópase outro grupo de persoas e colectivos que parecen estar unidos para opoñerse aos esforzos dos protagonistas e que se definen como antagonistas. Finalmente, defínese un terceiro grupo chamado audiencias, xa que son neutrais ou observadores non comprometidos, aínda que algúns poden informar dos acontecementos que presenciaren.

No intento de situar á propia organización no espazo e no tempo con relación aos outros grupos, de crear o campo dos protagonistas, tense que considerar un proceso de creación de marcos delimitadores ou marcos que definen límites (*boundary framing*). Os marcos delimitadores xorden das interpretacións dos actores dos movementos sobre asuntos que se refíren ao seu movemento ou a outras organizacións sociais. Tamén, hai que observalo como un “marco de conciencia” (*consciousness framing*), co que se explica aos membros das organizacións a importancia dalgunha nova materia e se fixan os foros informativos pertinentes.

Os campos de identidade dos antagonistas consisten nunha serie de atribucións de identidade (*identity attributions*) a individuos e grupos que se opoñen ao movemento. Estas atribucións inclúen as declaracións sobre os contramovementos, as organizacións antimovementos, as institucións hostís e o sector público co que non se pode; así como cos axentes de control social. O movemento constrúe unha serie de identidades que se lles imputan aos líderes destes movementos contrarios, dos adversarios famosos e de base. Estas atribucións son importantes para considerar quen ten a responsabilidade ou a culpabilidade e recollen os puntos fortes e febles dos adversarios.

As audiencias están integradas por organizacións afíns ao movemento, polos medios de comunicación, polas elites e poder, polos seguidores marxinais, os simpatizantes e a xente da rúa. Unha característica común de todas estas audiencias é que son consideradas capaces de recibir favorablemente as mensaxes dos protagonistas. A atribución desta identidade supón enmarcar como observador a certos individuos ou colectivos.

“En primeiro lugar existe un tipo de individuos e colectivos que son identificados coma protagonistas pola súa forma de promover ou simpatizar cos valores, metas e prácticas dun movemento social; estes actores son os que tamén se benefician das accións do movemento. En segundo lugar, hai outro conxunto de persoas e colectivos que parecen estar unidos para opoñerse aos esforzos dos protagonistas e polo tanto identifícanse coma antagonistas. Finalmente, temos un terceiro grupo de persoas que son percibidas como audiencias no sentido de que son neutrais ou son observadores non comprometidos, aínda que algúns deles poden responder a, ou informar de, os acontecementos que presencien” (Hunt, Benford y Snow, 1994 citado en Laraña, 1999).

O concepto de construcións fenomenolóxicas refírense ás condicións culturais que existen no contexto no que xorden os movementos. Snow e Benford identificaron tres construcións fenomenolóxicas (Laraña, 1999:264):

- Credibilidade empírica dun marco de acción colectiva, refírese á forma en que encaixa cos acontecementos que se están producindo no mundo e a posibilidade de verificar a validez dese marco na súa interpretación
- Concordancia coa experiencia é a forma en que eses marcos coinciden con, ou diverxen de, a experiencia das persoas que pretenden mobilizar, e remite á sintonía entre os marcos de acción colectiva e as formas en que esas situacións foron ou son vividas polos que participaron nela, ou poden facelo no futuro próximo
- Fidelidade narrativa, o grao en que os marcos creados encaixan nos relatos que constitúen a herdanza cultural dunha sociedade, que maniféstase nos seus principais mitos, historias e *folk tales*, ou narracións que forman parte da cultura local e transmítense de xeración en xeración.

O termo bricolaxe foi usado por Richard Samuels para denominar a selección que fan os líderes dos movementos de temas coñecidos co fin de persuadir aos cidadáns para que se unan a causa e van engadindo novos temas para que se abran novas liñas de protesta. “A bricolaxe reúne marcos aceptados e outros innovadores para lexitimar a acción colectiva e mobilizar marcos aceptados para novos propósitos” (Tarrow, 2012: 257). É a maneira de acomodar os símbolos herdados e os marcos máis contestatarios da protesta. No proceso de enmarcado, tamén hai unha busca por parte dos movementos de manterse nas marxes do consenso político

para non ter unha oposición frontal ao pensamento hexemónico na sociedade e para poder ter entrada nos medios de comunicación.

Moitas veces os marcos sofren transformacións, a creación de novas definicións da situación a partir das xa existentes, para aliñar, co marco do movemento, un novo sector de seguidores que non sintonizan cos programas, causas e valores que promoven algunhas organizacións do movemento. Cando isto acontece, deben formular e desenvolver novos valores, rexeitar algunhas ideas vellas, remarcar as crenzas equivocadas e corrixir os erros de enmarque (*misframing*) (Snow e outros). Nesta liña, Goffman sinala que a transformación de marcos de referencia implica asignar chaves (*keying*) que permiten redefinir actividades, acontecementos e biografías, cuxo sentido desde o marco de referencia anterior é modificado polo novo, o que xera interpretacións distintas dos feitos (Laraña, 1999: 374). Zald (1999) esboza seis tópicos que afectan a relación entre movementos, creación de marcos e sociedade, en xeral.

- A construción cultural de repertorios de argumentos e aos marcos nos que se encadran
- As contradicións culturais e os sucesos históricos coma elementos que proporcionan oportunidades para levar adiante este proceso de enmarque
- Procesos de creación de marcos coma unha actividade estratéxica. “Os marcos son postos en cuestión, no ámbito interno, polos líderes e os cadros que debaten sobre as visións do mundo e as metas alternativas que debería defender o movemento e, no ámbito externo, por actores pertencentes a contramovementos, por meros espectadores ou por funcionarios do Estado que se opoñen ao movemento” (1999: 370)
- Os procesos competitivos
- Os medios de comunicación, para comprender a difusión e o éxito dos marcos, é preciso analizar as rutinas de produción dos medios e o impacto potencial dos distintos tipos de masas.
- Solapamento das oportunidades políticas e da mobilización para darlle forma ao que resulta das loitas entre defensores de marcos diferentes e que se ve reflectido a curto e longo prazo nas políticas e no stock cultural

3.1.3.4. Outros procesos que dotan de contido

Os movementos sociais dótanse de contido e de significado a través de outras accións que serven para aliñar. Para Zald (1999: 371), a creación de marcos interpretativos vai unida á cultura e a ideoloxía porque as tres categorías se refiren ao contido e aos procesos que dotan de sentido os obxectos e os accións. Define cultura como o conxunto compartido de crenzas e formas de ver o mundo, mediado e constituído polos símbolos e a linguaxe propios dun grupo ou sociedade. Ideoloxía é o conxunto de crenzas que serven para xustificar ou opoñerse a unha orde política determinada, ademais de para interpretar o mundo do político. Tarrow (2012:72) explica que os movementos están comezando a empregar termos técnicos respecto

a estas tres categorías que describen os significados compartidos que impulsan a acción colectiva: marcos cognitivos, bagaxes ideolóxicos e discursos culturais.

3.1.3.4.1. A ideoloxía

A ideoloxía (Melucci, 1996) é o conxunto de enmarques simbólicos que os actores colectivos usan para representar as súas propias accións e un sistema de relacións sociais. A produción simbólica constitúe parte de relacións, pero ao mesmo tempo, os actores tenden a separarse do sistema do que parten, para defender os seus propios intereses. O actor social é o verdadeiro intérprete da súa totalidade, o que tivo atributos positivos en cultura, política e termos de moral. Mentres que o contrario é negativo na súa totalidade.

Alberoni (Melucci, 1996) considera que a ideoloxía é moi importante para o desenvolvemento dos movementos sociais. O nacemento do movemento social marcaríase polos momentos de totemia, nos que todas as cousas parecen posibles. Nun momento de fusións de novas formas de solidariedade nas que prevalecen as dimensións expresivas e a identificación emocional. Neste nacemento existiría o chamado 'rol central de renacemento', no que os actores colectivos fan referencia ás nais da sociedade. Neste momento de formación, o movemento reestrutura vellos lealdades en novos campos de traballo colectivos, unha identidade colectiva, un linguaxe coñecido. O movemento xunta pasado e futuro e demanda transformación de símbolos e modelos tradicionais. Os novos movementos teñen unha utopía regresiva. A característica da utopía é a identificación inmediata entre o actor e os fins da sociedade global. Unha utopía é regresiva cando a transformación é igualada co retorno ó pasado e o mito dun novo nacemento. Despois do nacemento, esta ideoloxía non desaparece pero dá paso a unhas novas linguaxes e a novos símbolos.

No crecemento do movemento social, a ideoloxía estaría ligada á función de integración con respecto ao movemento como un todo, esta función está realizada pola proposta repetida por valores e normas, o control da conduta, e a estabilización de certos rituais. Ademais, a ideoloxía tería unha función estratéxica co medio. Mediante a capacidade de discurso, a ideoloxía é un dos recursos que se poden usar para reducir os custos e maximizar os beneficios da acción. Por iso, pódense ensanchar as marxes nas que o movemento social actúa para aumentar a posibilidade de exercer influencia, e a ideoloxía pode intentar ensanchar a base dos MS para envolver grupos que ao principio non estaban no conflito.

Hai que ter en conta que un dos grandes perigos aos que está exposto un movemento social é o das grandes presións que soporta debido á fragmentación interna e ás iniciativas dos adversarios. A unidade refórzase cando o movemento se consolida e para eso, é importante a ideoloxía.

3.1.3.4.2. A cultura e a tradición

Moitos estudosos da teoría construtivista consideran o concepto de procesos de aliñación de marco para describir os esforzos polos que os organizadores dun movemento tratan de vincular as orientacións cognitivas dos individuos coas organizacións dos movementos sociais. O

obxectivo consiste en propoñer unha visión do mundo que lexitime e motive a protesta e parte do éxito depende da resonancia cultural dos marcos de referencia promovidos polos organizadores. Para iso, os líderes dos movementos tratan de asociar as súas reivindicacións á controversias públicas de gran resonancia na sociedade en xeral. Un paradigma desta asociación foi o feito por Martin Luther King coa súa frase “Teño un soño” que evocaba á Biblia. King creou un marco de referencia sobre os dereitos civís que non só sintonizou cos oprimidos senón tamén cos opresores.

Así mesmo, ao ser parte da cultura, as formas estéticas da representación simbólica levan consigo a tradición e a memoria colectiva. Ao ser marcos de significado e interpretación que herdamos, a arte e a música, por exemplo, poden ser uns recursos idóneos que os movementos sociais poden utilizar para mobilizar e organizar a protesta e, a un nivel máis profundo aínda, converterse no fundamento dunha redefinición dunha situación. Polo tanto as tradicións ao ser marcos estruturados de significado forman redes simbólicas ou culturais, que acompañan ou reforzan as redes materiais, a organización, os círculos de amizades, a comunidade, dimensións que ocupan unha parte importante da actual teorización sobre movementos sociais. Segundo Edward Shils (Citado en Johnston e Klandermans, 1996) pode entenderse a tradición como un conxunto de crenzas ou costumes que pasan de xeración en xeración e que inflúen no exercicio e interpretación da vida. Como mensaxeiros ou vehículos de tradición, a música e a arte transmiten imaxes e símbolos que provocan emoción, alentan a interpretación e poden converterse no soporte que faga posible a acción, incluída a que se define estritamente como acción política.

Entendemos como praxis cultural Eyerman, (Ron & Jamison, Andrew, 1996) como o desenvolvemento estético do que se etiquetou como praxis cognitiva dos movementos sociais. Alí onde a praxe cognitiva se refire á formación da conciencia dentro dos movementos sociais e ao papel que xogan os intelectuais do movemento, a praxe cultural céntrase na contribución do estético á construción do significado e á formación da identidade colectiva, dentro dun movemento social e entre os distintos movementos sociais. Os conceptos parellos de tradición e ritual son claves para comprender a praxe cultural dos movementos sociais. Ao igual que a tradición, o ritual é central na construción do significado. Pódese definir o ritual como unha acción que dramatiza e recupera a mitoloxía compartida dun grupo social. Durkheim afirmaba que os rituais son centrais na construción da solidariedade de grupo e na creación e mantemento da orde social. Os rituais cumpren unha función semellante nos movementos sociais, máis exactamente no proceso central da formación da identidade colectiva.

Hai catro situacións que poden levar a expansión das oportunidade culturais para que os movementos sociais se lexitimen.

- Contradicións ideolóxicas ou culturais, que sería calquera acontecemento que sirva para dramatizar unha contradición manifesta entre un valor cultural moi difundido e as prácticas sociais convencionais.
- Reivindicacións de rápido desenvolvemento que son os procesos de enmarque dun acontecemento dramático, extensamente divulgados e xeralmente non esperados que serven para dramatizar e, en consecuencia, aumentar a conciencia e oposición públicas respecto a unhas condicións públicas que ata o momento eran aceptadas.

- Dramatizacións da vulnerabilidade do sistema
- Un marco dominante de protesta que lexitima a acción colectiva. Os movementos sociais poden lexitimarse recorrendo a algunha norma cultural compartida por eles e pola sociedade.

Na formación dun movemento os diferentes colectivos que o conforman son unha fonte de recursos culturais, xa que a maioría dos novos movementos se apoian nunha base cognitiva e cultural, máis ampla, de loitas ideolóxicas similares do pasado. Así, os repertorios culturais eximen as novas xeracións de potenciais activistas de ter que construír os marcos de novos movementos dende a nada. Todos os activistas dos movementos sociais son, dalgunha maneira, intelectuais do movemento porque o seu activismo contribúe á formación da identidade colectiva dos movementos, é dicir, a facer do movemento o que é.

Os movementos sociais non só utilizan e recambian os distintos elementos do stock cultural, engaden novos que poden volver a ser utilizados por outros movementos no futuro.

“Os marcos interpretativos de movementos exitosos pasan a formar parte da políticos, dos slogans e dos símbolos da cultura en xeral. (...) Os movementos tenden a apropiarse das tácticas e estruturas dos movementos exitosos. Son exemplos a seguir, campos de proba e modelos. É menos frecuente que modelos que non teñen éxito xeren modelos ideolóxicos e simbólicos que sexan aproveitados polos demais” (Zald, 1999: 383)

Laraña (1999) cita a McAdam, na súa definición de repertorios culturais duradeiros que eximen as novas xeracións de activistas de ter que construír os marcos de novos movementos sociais da nada. Estes repertorios están presentes nas subculturas activistas de longa duración, que da un piar na base cognitiva e cultural de loitas ideolóxicas similares. Nestas subculturas de oposición unha lingua diferenciada é un medio básico de interacción.

3.1.3.5. Repertorios de acción colectiva

Os movementos sociais son depositarios dun repertorio de acción colectiva que aprenderon ao longo da historia. Hai unha memoria das accións que se poden emprender durante a protesta. Charles Tilly foi quen acuñou o termo “repertorio de acción colectiva” que pon en valor tanto “o que a xente fai cando intervén nun conflito con outros como o que sabe facer e o que os outros esperan que faga” (Tarrow, 2012:84). Estes repertorios evolucionan coa historia dos movementos. Así nas revoltas campesiñas da sociedade feudal, a acción era directa e illada localmente coma queimas de igrexas, motíns ou roubos de impostos inxustos.

O lado máis político dos movementos sociais emerxerá co modelo de Charles Tilly. A súa primeira obra na liña do concepto “estrutura de oportunidade política” foi *From Mobilization to Revolution* (1978). Para Tilly, os movementos sociais só poden ser estudados en conexión coa política e considera que a súa estratexia, estrutura e éxito variará en función dos diferentes

tipos de Estado. O autor dáse conta de que desde o século XVI ao XX evolucionou a acción política. Co capitalismo moderno e os Estados-Nación evolucionaron as formas de organización da acción colectiva: as solidariedades comunais foron destruídas, pouco a pouco, e remprazadas por asociacións voluntarias. Mentres que nos séculos anteriores as demandas eran ‘reactivas’ nos séculos XIX e XX son ‘proactivas’ (piden os dereitos que non exerceron polo momento). Desde os dous primeiros períodos ao momento da loita entre grupos polo control dos recursos do grupo, a acción colectiva está levada polas comunidades solidarias preexistentes. Ao contrario, as reivindicacións de control das estruturas nacionais, e non só a resistencia a estas estruturas, son o feito das grandes asociacións modernas. Isto débese á nacionalización do campo político ao poñer entre as mans destas vastas estruturas os recursos antes localizados nos pequenos grupos. Pero a construción e organización formais teñen igualmente beneficios do movemento de urbanización e do desenvolvemento dos mass media, que permitiron reducir os custes da mobilizacións ao facer que causen impacto sobre a vida cotiá. Así a institucionalización da democracia e a participación electoral de masas creou un ambiente favorable ás asociacións voluntarias.

Nunha liña temporal, a forma máis antiga de protesta pola comida foi a que Tilly chamou “acción retributiva” e consistía no ataque directo a un celeiro cheo de comida ou o roubo dun cargamento de alimentos. Nas reivindicacións das revoltas pola terra había un ritual de reunión dos que carecían de terra con forcas e gadañas antes de dirixirse a ocupar as terras. Outras das mobilizacións da Idade Media eran durante os funerais dunha vítima dun ultraxe que podía levar a un motín dos asistentes. Todos estes repertorios de ataque violento ou de dramatización do descontento foron desprazados, pouco a pouco, por outros.

Tarrow (2012: 100) sinala que foi no ano 1765 cando os británicos quixeron impoñerlles novos impostos aos territorios americanos cando os bostonianos comezaron a empregar unha forma de acción organizada: o boicot ou “non importación”, como lle chamaban eles. Esta medida tomada polos comerciantes coloniais ía contra a Ley do Azucre de 1764 e consistía en importar menos mercadorías de luxo de Inglaterra. O boicoteo converteuse nunha medida de presión empregada con asiduidade polos colonos rebeldes e foi o inicio da rebelión americana. Outra das novas medidas foi a petición que era unha antiga forma de solicitarlles desagravios aos patróns ou ao Parlamento por particulares. En 1788 comezou a circular a primeira petición contra a escravitude. Uns anos despois xa había asembleas públicas dos abolicionistas para pedir sinaturas.

En Francia, os inicios da Revolución Francesa están na reunión dos estamentos do clero e os nobres no castelo de Vizille no que fixeron un chamamento para rexeitar o pago de impostos ao Rei ata que non convocase os Estados Xerais. Ao ano seguinte, foi a toma da Bastilla e o nacemento do concepto de soberanía nacional. Segundo Tarrow nestas revoltas cheas de xornadas violentas, naceu nestas revoltas un lugar simbólico para a creación da identidade colectiva: a barricada. “Cando se enfrontaban a tropas hostís, os defensores dunha barricada convertíanse en camaradas, desenvolvían unha división do traballo asumindo os roles dos loitadores, construtores e provedores e creaban redes sociais que unirían de novos aos superviventes en futuras confrontacións” (Tarrow, 2012: 108).

Os cambios e innovacións nos repertorios levan tamén a cambios nos modos de represión dos antagonistas. Así, como apunta Tarrow, as barricadas levaron a que o goberno posterior de Napoleón ordenase construír grandes avenidas no centro de París nas que puidesen entrar os canóns do exército para reducir rapidamente calquera barricada. O fin das barricadas levou ao desenvolvemento de novos instrumentos de axitación menos ameazadoras para o poder coma a folga e a manifestación pública.

A folga é o abandono do posto de traballo co fin de deter a produción, reducir os beneficios ou impedir o fluxo dos negocios privados e públicos. A folga está relacionado co traballo e co movemento sindical. Pola súa banda, as manifestacións parecen ter a súa inspiración nas procesións relixiosas e comezaron a usarse como forma de alteración da orde no século XIX coa crecente democratización das sociedades occidentais.

As manifestacións públicas son actualmente o repertorio de acción máis usado. Nos últimos tempos, houbo innovacións nestas marchas coa incorporación de repertorios de tácticas teatrais. Segundos Tarrow (2012:180), a incorporación destas representacións ás protestas engaden diversión e emoción á política pública, ademais de contribuír a fomentar a solidariedade a través da interacción dos artistas e de alterar a rutina cotiá, desarmando os oponentes. É a acción da alteración da orde. Exemplos son as marchas que se fan en París contra as leis de inmigración nas que se vai con maletas de cartón, para conectar coa idea das deportacións nazis, ou as maletas que se exhibían nalgunhas manifestacións de Nunca Máis que levaban ao recordo do histórico exilio económico dos galegos.

As representacións son tamén unha forma de conseguir espazo público co entretemento e as noticias, é unha táctica dos movementos para minorizar o monopolio do Estado na formación da opinión pública.

O repertorio de protesta ofrécélles aos movementos tres tipos básicos de acción colectiva: violencia, comportamento rutineiro e alteración da orde. As accións violentas son as máis espectaculares pero levan á represión. No polo contrario, están os comportamentos rutineiros, os máis institucionalizados. As alteracións da orde son, entre outros, o bloqueo do tráfico ou a interrupción dos asuntos públicos. Os manifestantes crean molestias a terceiros e involucran ás autoridades no conflito. Dentro deste grupo están a práctica do obxecto que consiste en atacar directamente ao obxecto que crea indignación. Por exemplo, encadearse nunha vivenda que vai ser desafuzada pola policía ou unha maneira non violenta, tecer a súa propia roupa en teares manuais para non mercar a dos británicos, como facían os seguidores de Gandhi.

A innovación nos repertorios dáse na primeira etapa xa que co tempo téndense a estratexias máis rutineiras coma publicacións, relación cos medios ou *lobbying*. As accións de alteración da normalidade precisan un alto grao de compromiso por parte dos participantes o que o tempo vai desactivando.

A maior parte dos grupos ecoloxistas operan creando acontecementos que chamen a atención dos medios de comunicación. A relación simbiótica entre os medios e os ecoloxistas provén de varias fontes. En primeiro lugar, as tácticas de acción directa non violenta, que dominaron o movemento desde comezos dos anos setenta, proporcionado un bo material de información, sobre todo cando as noticias requiren informacións frescas (...) O autosacrificio

coma soportar a detención e a cárcere, arriscar a vida no océano, encadearse ás árbores, utilizar o seu corpo para bloquear unha construción indesexable ou os transportes... En segundo lugar, a lexitimidade dos temas suscitados polos ecoloxistas, ao conectar directamente cos valores humanistas básicos. Os ecoloxistas tamén estiveron á vangarda das novas tecnoloxías de comunicación coma ferramentas organizativas e mobilizadoras, sobre todo no caso de Internet.

3.1.3.6 Os medios alternativos e a contrainformación

Os chamados medios de comunicación alternativos son vías de propagación das mensaxes dos movementos sociais, dos seus marcos de referencia. Noam Chomsky (citado en Atton, 2000) considera os medios alternativos como os medios de comunicación que son controlados polos cidadáns, en oposición aos que son controlados polo Estado ou por unha corporación. Outros autores como Coca e Peñalva (2002), non contemplan a oposición ao sistema como característico. Para os autores, a prensa alternativa engloba calquera modelo de xornalismo que saia do convencional polo seu sistema de financiamento, ou seu planteamento comunicativo (en xeral), a relación cos lectores ou incluso a distribución. Atton (2000) considera que as características máis importantes dos medios alternativos atópanse nos seus contidos, a súa presentación, as innovacións na reprografía, o modo de distribución, o cambio de roles e responsabilidades dos autores do media e da transformación nos procesos de comunicación. En canto o contido, as noticias teñen un novos valores noticias diferentes ós dos mass media, ademais, predominan os contidos políticos, sociais e culturais radicais. En canto ao formato da publicación, considérase que os medios alternativos xogan máis coa linguaxe gráfica e visual e presentan máis formas de maquetación que os mass media. Tamén, hai unha innovación e adaptación na reprografía dos medios escritos no que se pode utilizar dende offset ata a fotocopiadora, segundo os recursos económicos dos creadores. Ao que está moi ligado a forma de distribuír o media alternativo, entre os citados pola autora: lugares alternativos de distribución, redes de distribución alternativas e clandestinas ou a propia impresión e distribución dos lectores grazas ó *anti-copyright*.

Durante os anos 90, a contrainformación fíxose eco de dúas novas estratexias: *anticopyright* e a *open distribution*. O *anti-copyright* é un movemento en contra dos dereitos de propiedade intelectual. A raíz do que naceu o *open copyright* co que se persegue que os lectores fagan copias dos documentos que desexen, mentres que non sexa para fins comerciais. Desta maneira, pódense diseminar as ideas e o creador da idea ten que poñer menos recursos de distribución da súa parte. O *open copyright* hase de combinar coa *open distribution* na que o lector faríase cargo de imprimir ou fotocopiar e distribuír os artigos entre o seu espazo de influencia. Esta idea xa fora utilizada pola intelectualidade da Unión Soviética dos anos 80, co chamado *samizdat*. O *samizdat* era un xornal feito a maquina ou manuscrito, que pasaba de man a man e cada persoa facía unha ou varias copias con fórmulas rudimentarias como o papel cartón. Ás veces, os multiplicadores engadían artigos de creación propia (Coca e Peñalva, 2002).

Atton destaca que nos medios alternativos hai que traballar pola transformación das relacións sociais dentro da 'redacción' do media e a transformación dos procesos de comunica-

ción, refírese o uso dunha comunicación horizontal e de redes que provoca unha desprofesionalización no que o lector é escritor e incluso impresor e distribuidor. Esta idea tamén a recolle Enzersberger (Atton, 2000) que considera que os medios alternativos utilízanse dunha maneira política e de emancipación dos medias que se caracteriza pola interactividade entre audiencia e creadores, a produción colectiva e unha preocupación polas necesidades ordinarias da xente.

Segundo Chris Atton, a prensa alternativa non só está construída na crítica senón na construción de noticias, baseadas en valores alternativos e *frameworks* de noticias reunidas e accesibles. Estes valores proceden do desexo de presentar outras interpretacións das historias e presentar historias que, normalmente, non son consideradas noticias, co que se cambia a xerarquía (Glasgow University Media Group, 1976:245; citado en Atton, 2000). Esta opinión é coincidente coa de Jonh Fiske que considera que a diferenza entre os medios de masas e os medios alternativos é a selección de noticias e a forma na que esta selección se fai, particularmente como os medios alternativos politizan a ‘represión dos eventos’. Así o grupo norteamericano Project Censores que fai un anual coas chamadas *top censored stories*. Das 25 historias presentadas no anuario do 1999, chamadas “the news that didn’t make the news”, só catro foron cubertas polos medios de masas americanos. O *Project Censored* considera que o resto das historias non entraron nos media por varias razóns: por consello do Goberno, por presións comerciais de anunciantes, por un innato conservadorismo nas novas reportaxes, por novas prioridades.

Hai unha forte ligadura entre os medios alternativos e os movementos sociais. Numerosas publicacións creceron ao redor de varios grupos e movementos, documentando as súas accións á vez que lles proporcionaban estratexias e tácticas de discurso ao movemento e teorizan o debate. A produción dos media é unha ocasión para que os activistas reflexionen e falen sobre o seu discurso, ademais que os envolve nun proxecto creativo que os fortalece, o ver patente o seu traballo. A publicación pode servir para darlle coraxe os seus lectores para participar no movemento. Adoita propoñérselle aos lectores participar ou dunha maneira pasiva na que o lector só aporta financiamento ó movemento ou activamente, no que o lector debe participar contando as súas propias experiencias no movemento e fícerse eco dos seus propios dereitos.

Volvendo a Melucci (1996), a noción de “action on action”, que podería ser mobilización da información, ou información en acción, como o desenvolvemento dunha práctica reflexiva que se dirixe ao cambio da vida dos participantes, que leva a unha reflexión do individuo nun espazo libre (media alternativo) no que é capaz de desenvolver o seu propio potencial creativo e contribuír dende a súa posición. Na idea do “movement intellectual” (Eyerman e Jamison, 1991), adoita haber unha ligadura entre os media alternativa (knowledge production) e os intelectuais do movemento, que adoitan ser os encargados da produción destas publicacións.


Os medios alternativos poden chegar a ser medios masivos e ter unha gran difusión, sobre todo cando o soporte é Internet. Un dos exemplos máis coñecidos é o do movemento zapatista en México, que enviou comunicados a todo o mundo a través da rede. Manuel Castells (2003) definiu o movemento zapatista como o primeiro movemento da ‘guerrilla informacional’. O desprezo de información zapatista fíxose a través de reportaxes alternativas, vídeos e cámaras

web, radio en Internet, arquivos, listas de discusións, *chat rooms*, boletíns e documentos sonoros.

“Los zapatistas fueron capaces de establecer un puente comunicativo con los medios de comunicación mediante sus escritos bien contruídos y su afortunada puesta en escena como en el caso del pasamontañas, que desempeñó un papel tan importante en la popularización de la imagen de los revolucionarios. En la representación teatral de la revolución más innovadora, fueron fundamentales las telecomunicaciones, los vídeos y la comunicación a través del ordenador tanto para difundir sus mensajes de Chiapas al mundo como para crear una red de solidaridades” (Castells, 2003).

3.2. OS MEDIA E A PROTESTA SOCIAL

Os movementos sociais teñen que acceder aos medias como maneira de influír na opinión pública. Sampedro (1997) sinala que tanto os medios de comunicación e as institucións son os lugares nos que se debaten, enmarcan e presentan os problemas sociais ao público. Os movementos sociais, coma Nunca Máis, como actores excluídos do proceso político precisan construír nos medios de comunicación unha axenda e un marco discursivo que fagan posible cuestionalos ou que provoquen un proceso alternativo. Entendéndose o control da axenda como a capacidade para limitar as posibles accións de outros actores, seleccionando os temas que acaparan a atención e a actividade dos políticos e dos xornalistas de forma favorable e pódese construír a percepción da realidade das audiencias (Sampedro, 1997). William Gamson (citado por Sádaba, 2008) desmitifica o poder outorgado aos medios de comunicación en relación coa acción colectiva, ao afirmar que non son a única fonte de coñecemento e que a súa influencia non equivale en todos os casos ao control social. O autor recorda que hai outras fontes de coñecemento para o público coma son: o coñecemento pola propia experiencia e a sabedoría popular, que sería a combinación do persoal e do cultural.



Os medios de comunicación desempeñan un papel central no enmarque interpretativo da realidade, e, polo tanto, na transmisión das diversas ideoloxías, valores e intereses que compiten entre si na sociedade. Os marcos interpretativos dos medios de comunicación son pautas persistentes de cognición, de dotación de sentido e interpretación que integran o sentido común dos seus consumidores. Mediante selección, énfase ou exclusión, xeran sinxelos esquemas e rutinas de comprensión e percepción da realidade, os marcos facilitan o procesamento da información de forma rápida e rutineira, ao tempo que mediante este filtrado introducen corte, reelaboración e exclusión. O enmarque consiste na selección de determinados aspectos da realidade percibida e destacados nun texto comunicativo dado, de tal modo que se induce a unha específica definición do problema, unha determinada interpretación causal, unha avalia-

ción moral e unha recomendación de tratamento ou solución para o problema descrito (Sampedro, 2003).

Conscientes da importancia que ten a cobertura dos *mass media* para difundir as actividades puntuais e, sobre todo, polo rol de construción da identidade pública do colectivo, todo movemento social ten unha estratexia de comunicación coa prensa. Os novos movementos sociais perseguen o recoñecemento político das súas demandas e para iso, necesitan a persuasión, o cambio e a mobilización do cambio social. O primeiro, implica entrar na axenda política, o segundo require o acceso aos medios de comunicación. Polo que os actores excluídos do proceso político necesitan construír nos medios de comunicación unha axenda e un marco discursivo que difunda políticas alternativas. Non se trata tanto de establecer a axenda dos medios, como de participar na súa construción integrando novos temas e participantes. A isto denomínoo Sampedro (1997), o xogo da axenda, e depende dos recursos, estratexias e alianzas que os grupos poidan despreñar en determinadas situacións históricas. O contexto político e discursivo no que se desenvolven as políticas públicas condicionan á axenda dos medios, pero esta tamén é froito dos ‘xogadores’ (Sampedro, 1997). Xa desde as teorías de mobilización de recursos, moitos autores pensan nos medias como posibles instrumentos para conseguir as metas do movemento. Segundo, Kielbowicz y Scherer (citado en Liesbet Van Zoonen, 1997), os medios de comunicación proporcionan ao movemento os seguintes recursos:

- Para alcanzar o público en xeral e adquirir a aprobación de ideas para mobilizar potenciais participantes.
- O media pode prover de unións simbólicas con outros actores sociais e políticos (como partidos políticos, goberno, etc). Estes poden variar a súa axenda polos movementos.
- Polas relacións internas, xa que o saír nos medias da un apoio psicolóxico.

Hai que ter en conta, ademais, que a relación entre novos movementos sociais e medios de comunicación parten dun punto de vista diferente, xa que os primeiros usan ‘novas políticas’, mentres que os segundos, ‘vellas’. Así que os media non reflicten o proceso complexo dos novos movementos. As mensaxes polisémicas dos novos movementos son reflectidas dunha maneira unidireccional polos media. O coñecemento producido polos novos movementos sociais afástanse das necesidades dos media, xa que é ‘ambiguo, inacabado e versátil’. Así algúns autores afirman que os movementos sociais cun paradigma ‘vello’ obteñen mellor cobertura dos media. Os movementos construírán eventos como noticias, que adoitan ser polisémicos. Os movementos sociais non teñen acceso normal aos medios, segundo Molotch (1979; Citado en Liesbet Van Zoonen, 1996): “Un movemento social é “anormal” máis que normal, máis episódico que continuo, máis extraordinario que rutineiro, ilexítimo máis que lexítimo. Nesta posición é da que parte un movemento social xeralmente na súa loita polo acceso”.

Hai polo tanto unha incompatibilidade entre os movementos sociais e os media xa que como explica Gitlin (citado en Castells, 2003): “Ás noticias interésalles o acontecemento, non

a condición subxacente; a persoa, non o grupo; o conflito, non o consenso; o feito que “adianta a noticia”, non o que a explica”. E aínda que o feito de que os movementos sociais estean envoltos en conflito podería axudarlles a ter cobertura dos medios de comunicación. Iso non garante a implicación de máis persoas na mobilización colectiva.

Polo contrario, hai dinámicas dentro da produción das noticias que limita a participación popular na vida política como explica Bennet (2004). O autor considera que a distribución do poder é estreita e os procesos de decisións son pechados, os xornalistas non son libres, teñen dependencia dun pequeno grupo de expertos públicos, portavoces e dos pronunciamentos do poder. As reportaxes con imaxes de violencia, inseguridade económica e guerra nuclear reforzan as palabras da autoridade, políticas que promoven a orde, a seguridade e as solucións políticas. Bennet conclúe, que poucos estadounidenses se envolveren na política e “moitos non se poden imaxinar como facer unha política diferente”. Poderíase romper con esta desidia lendo publicacións especializadas con outro rango de discurso, pero “os que toman tempo para informarse non saben como comunicarse coa maioría e permanecen atrapados no outro lado da imaxinería dos medios de comunicación”.

Así mesmo, Gitlin (citado en Castells, 2003) atopa que con frecuencia a calidade das imaxes que os medios dan das identidade dos movementos sociais non os representan. A identidade colectiva está formada por moitos aspectos, e é bastante posible que a cobertura mediática reforce unha parte que os movementos desexan encubrir e ao mesmo tempo que é contradictorio con outras partes do movemento. Pola tendencia do discurso mediático de enfatizar a loita, redúceno á base do conflito, divorciando o nivel do movemento do nivel da solidariedade de grupo. Por iso, algúns movementos sociais levan unha política de non relación cos medios de comunicación, xa que consideran que os medios non son espazos de oposición que cuestionan a axenda política, senón son espazos de poder. O poder que se materializa na información mediática defínese como “a capacidade relativa para bloquear a discusión pública de temas posibles, para influír as percepcións da opinión pública que manteñan os actores relevantes na toma de decisións unha vez que un tema ‘se fai público’, para definir temas e opcións baixo discusión, para influír na participación de outros actores, e para inducir aos que toman as decisións a adoptar a política desexada” (Lemert, 1981; citado en Sampedro, 1997: 48).

Algúns autores chegaron a asegurar que a existencia dos movementos sociais depende dos medios coa frase: “The modern mass media have become central to the life and death of social movements” (Kielbowicz and Scherer, 1986; citados en Liesbet Van Zoonen, 1996). Asimesmo, Motolch chámalle á relación dos movementos cos medios ‘unha danza de morte’. Unha visión moi diferente ten Melucci que caracteriza os movementos sociais como novos medios que fan pública a existencia de conflitos e prodúcenlles un desafío simbólico aos códigos dominantes da sociedade.

Todas estas teorías sobre as relacións entre os movementos sociais e os media, resúmeas Sampedro (1997), en tres grandes modelos:

- Os enfoques da elite ou de clase alcanzan conclusións que sosteñan a hexemonía ideolóxica ou de control social. A mosca que os medios banalizan os activistas ou encobren a loita das organizacións sociais con menos recursos.
- O pluralismo considera que a información pode ser mobilizada (como calquera outro recurso) por actores que teñen o suficiente nivel organizativo e apoio social. Nesta relación, non se asegura que haxa un beneficio para os movementos de comunicación, pero si uns custos de recursos. Na hipótese pluralista os movementos sociais son fontes que proporcionan información, a cambio de cobertura. Incluso a mobilización sería atractiva para os medios de comunicación porque é personalizada, emotiva, conflitiva e dramática.
- Modelo institucionalista. A ideoloxía xornalística e as rutinas profesionais non favorecen a cobertura dos actores sociais atípicos, xa que os tratan de fontes incómodas por carecer de estruturas estables e de redes de relación coa prensa e que a duración e o curso das súas actividades non é estable. Todos estes factores levan consigo unha relación desigual entre os grupos non privilexiados e a prensa, todo o contrario á relación entre os políticos e os medios de comunicación. Polo que, os movementos sociais necesitan os medios máis que estes a eles. Pasa todo o contrario cos políticos e os medios de comunicación, na que os media necesitan dos recursos institucionais.

Porén, os media poden opoñerse ao movemento nos seus fins: desmobilizando participantes, mobilizando opositores, debilitando credibilidade, aliñando actores políticos ou levando ao colectivo a que a busca da atención mediática sexa unha meta en si mesma, dando como resultado “políticas de masturbación” (Molotch) e creando tensións e conflitos. As políticas de masturbación consistirían na continua mobilización dos colectivos en busca do recoñecemento dos medios de comunicación. Polo que os media producen estímulos positivos e negativos ós movementos.

Para Sampedro (2003), toda comunicación é de identidade xa que nos representa e presenta ante os demais. Polo que é sempre unha comunicación da diferenza, xa que establece, aínda que sexa de modo explícito, uns roles a adoptar. A diferenza entre “nosoutros” e “eles”, unha vez consolidada, tradúcese en diferentes dereitos normativos, obrigas e sancións que se corresponden con distintos papeis sociais. A partir de aí, xéranse as chamadas políticas de identidade, baseadas nas diferenzas, hipotéticamente intrínsecas, que existen entre determinados colectivos. Estes tenden a definirse con identidades públicas (pola súa visibilidade mediática), portadoras de conflito e intereses que, de este modo, requiren a atención dos poderes públicos. Existe, polo tanto, unha xerarquía de identidades públicas que, dependendo do tratamento mediático, se dividen en hexemónicas e minoritarias, con enorme transcendencia para os distintos actores sociais, segundo sexan representados e poidan alterar esa representación nos medios. Son identidades hexemónicas as que están lexitimadas polo marco político ou económico imperante. Fronte ao que as identidades minoritarias se situarían en unha posición marxinal u opositora.

“Toda representación das audiencias garda unha estreita dependencia cos obxectivos económicos e políticos dos medios de comunicación. De aí que a política (das identidades) se dispute no que se podería chamar os mercados de identidades: a interrelación medios-política-economía asigna valores diferentes, en gran parte xestionados polos profesionais dos medios. (...) o mercado das identidades tende a reproducir as desigualdades estruturais dos individuos e dos grupos sociais, que pugnan para facerse cunhas identidades públicas que fagan avanzar os seus intereses” (Sampedro, 2003).

Na mesma liña pensa Laraña (1999), que sinala que “identidade pública designa a influencia que persoas alleas ao movemento social configuran a forma en que os seus seguidores se ven a si mesmos”. Dita influencia é exercida polos medios de comunicación como por persoas que non participan no movemento e as definicións que del fan os organismos estatais e contramovimentos. Laraña considera que a disociación entre a imaxe pública do movemento e a que ten a súa base social pode ter efectos negativos para o movemento social. O sociólogo estudou como os estudantes que se mobilizaron en España nos anos 1986-87 sentían que eran manipulados por outras organizacións e intereses alleos a eles (sindicatos maioritarios e partidos da oposición) como consecuencia do seu acceso aos medios de comunicación, os que utilizaron para potenciar a imaxe do movemento coma instrumento de oposición ao goberno.

Polo tanto no proceso de construción da realidade, os medios de comunicación levan paralelamente a cabo procesos de construción identitaria. Rodrigo Alsina (2005, 145) sinala que os medios de comunicación deseñan un horizonte espacial cognitivo e emotivo polo que se establecen unhas fronteiras que marcan os límites entre o “nosoutros” e o “eles”. A información faise desde unha perspectiva de identidade que institúe un espazo mental e un espazo sentimental. O espazo mental establece as fronteiras que separan dos outros e o espazo sentimental encherá outro de valores. Este establecemento de identidade/alteridade faise desde o etnocentrismo. O etnocentrismo (Rodrigo Alsina, 2001:75) identifícase nos media en que estes se dirixen a unha comunidade cultural determinada; os medios encadran o mundo mediante as súas seccións (local/nacional/internacional); os medios son instrumentos de simplificación da realidade (seguen os estereotipos da cultura na que se encontran) e por último, as rutinas xornalísticas, con tempos de produción rápidos que non sempre permiten unha autorreflexión. Kline (1982, citado en Rodrigo Alsina, 2005) conclúe nun dos seus estudos que “a tradición xornalística de cada país parece posuír a súa propia versión dunha imparcialidade que sostén o ámbito da expresión das noticias e da expresividade das súas reportaxes”, polo que o propio concepto de obxectividade que lexítima as información non só cambia segundo das épocas senón tamén segundo os países.

3.2.1 Comunicación e información

O presente estudo abarca diferentes tipos de comunicación desde a comunicación de grupo, á comunicación de masas, pasando pola comunicación institucional. Todas elas encádranse dentro do estudo das teorías da comunicación que moitas veces se limita simplemente aos estudos da comunicación de masas. Entendemos a comunicación de masas pola definición de

Janowitz (1986) que di que comprende as institucións e técnicas, mediante as cales grupos especializados empregan medios tecnolóxicos (prensa, radios, películas) para difundir contidos simbólicos a audiencias amplas, heteroxéneas e moi dispersas.

Mais hai que poñer en valor que este eido de estudo da comunicación é moito máis amplo, abarca un proceso máis global, e non só estuda a transmisión de informacións, o contido da mensaxe. Non poderíamos comprender a construción do significado dun movemento social sen ter en conta a comunicación de ruído ou a institucional sobre o obxecto de estudo. Así, como sinala Fitzgerald (2003 citado en Alsina, 2001) o concepto de identidade pode ser ponte entre os estudos de comunicación interpersonal e de masas. Aínda que este concepto parece estar máis próximo á comunicación interpersonal non se pode ignorar a influencia dos medios de comunicación nos procesos de identificación. Os discursos dos medios de comunicación proporcionan modelos de identidade a diferentes niveis, persoais, profesionais, subculturais, culturais, etc. Estes modelos que se amosan aos espectadores axúdanlles a formar ou renegociar a súa identidade.

As teorías da comunicación comezan a institucionalizarse cientificamente cando Laswell presenta o seu modelo no artigo Estructura e Función na Comunicación de Masas. A influencia que naquela época tiñan o comportamento da sociedade de masas influíu na súa concepción do acto comunicativo. Este pode comprenderse contestando a cinco preguntas: Quen di Que en Que canle a Quen e con Que efecto? Máis tarde, en 1960, Jakobson, no artigo “Lingüística e poética” expón o modelo do proceso de comunicación. Os seis elementos son: emisor, receptor, mensaxe, canle, código e contexto. Con esta teoría a comunicación será definida e descrita coma un proceso técnico de transmisión de unidades para expresar significados. Desta época tamén é a teoría de Shannon, que desenvolve un modelo matemático da comunicación co obxectivo de aumentar a velocidade de transmisión das mensaxes e analizar as mellores condicións para a súa transmisión.

Nos anos 60, hai unha aposta pola semioloxía que Barthes define coma a ciencia xeral unificada perseguida durante vinte anos, capaz de explicar os feitos baixo a comunicación humana. O seu éxito radia na mestura entre comunicación e estrutura. A semioloxía nace de Jakobson, Lévi-Strauss e Barthes, a través da adopción inicial do estruturalismo de onde vén a estrutura: a ciencia de unión entre a comunicación e a estrutura toma forma, primeiro, coma ciencia do intercambio social de mensaxes, para logo converterse nunha disciplina sobre os procesos de produción e o uso do sentido. (Pellerey, 2015). Pasouse da semiótica do signo, ás semiótica do discurso.

Rodrigo Alsina (2005: 26) avoga pola sociosemiótica, unión entre a socioloxía e a semiótica, coma disciplina idónea para o estudo da comunicación de masas. Considera que as teorías da construción social da realidade de Berger e Luckmann (1979) e da construción do temario, *axenda-setting*, (McCombs e Shaw, 1972) son de grande utilidade para explicar a creación do discurso. Para ao autor unha sociosemiótica da comunicación social tería que ser pluridisciplinar e dar conta, ademais da produción de discursos polos media, da organización do traballo comunicativo, da incidencia das industrias comunicativas no mesmo e das dependencias políticas e económicas que condicionan á industria.

No repaso histórico sobre as teorías da comunicación no camiño cara as teorías dos efectos cognitivos, hai que destacar o papel dos chamados autores de Palo Alto que a través da psicoterapia destacaron o papel da interacción, da comunicación. No principal texto teórico dos autores de Palo Alto, *Pragmatic of Human Communication A Study of International Patterns, Pathologies and Paradoxes*, escrito por Paul Watzlawick, Janet H. Beavin e Don D. Jackson, en 1967, dá lugar a un concepto erróneo pero significativo para unha nova teoría orientada ao éxito. Nos dous breves capítulos iniciais, os autores describen a comunicación (ben entendida coma a transmisión de mensaxes) coma unha condición na que se atopa naturalmente inmersa a vida humana, e explican que a novidade reside en considerala coma un proceso de interacción, preparando o escenario dunha novidade revolucionaria, omitindo que a retroalimentación é unha noción adquirida nas ciencias. De feito, a comunicación ten funcións pragmáticas, é dicir, inflúe no comportamento do receptores. (Pellerey, 2015:109).

Estes autores asentaron a premisa de que controlar a comunicación significa controlar e dominar a realidade. Esta idea foi primordial para entender a comunicación como instrumento de interacción, fundador da identidade, entendida coma o modo de estruturar as relacións.

A evolución das teorías da comunicación levaron a que, pouco a pouco, se pasase de pensar a comunicación coma un proceso de transmisión de información a un proceso de construción de sentido. Nunha primeira etapa considerábase que os medios eran un espello da realidade, reflectían simplemente o que o xornalista tiña diante de si, coma un espello, que só transmiten o presente social. Esta idea desbotouse co tempo e pasouse a que os medios son construtores da realidade social que transmiten a través das noticias. Os defensores dos media coma construtores do real explican que os medios non só transmiten, senón que preparan, presentan e elaboran unha realidade que modifican cando non forman (López e García, 2009).

Berger e Luckmann (1979) definiron o concepto de construción social da realidade coma “un proceso de institucionalización das prácticas e dos roles na vida cotiá”. Partindo desta idea, Rodrigo Alsina sinala que o proceso de comunicación social dos medios de comunicación é unha actividade socialmente lexitimada para producir construcións da realidade.

“Dentro da perspectiva da construción social da realidade, concibo a construción da noticia coma un tipo especial de realidade: é a realidade simbólica, pública e cotiá. Desde este punto de vista habería que falar da construción da realidade social. Os xornalistas son, coma todas as persoas, construtores da realidade do seu entorno. Pero ademais dan forma de narración a esta realidade e, difundíndoa, convértena nunha realidade pública sobre o acontecer diario” (Rodrigo Alsina, 2005).

Grossi (citado en Rodrigo Alsina, 2005) di que se pode definir sinteticamente a natureza e a especificidade da construción da realidade a través dos media pola relación de tres elementos: a institucionalización do rol xornalístico; a obxectivación do segundo grao do proceso e a publicación coma éxito do proceso. A institucionalización do rol xornalístico é o vínculo entre quen produce e quen consume a información. Para iso, precísase que haxa un contrato fiduciario público que conseguise coa institucionalización e lexitimación do rol do xornalista. A

construción da realidade social nos media opera e estrutúrase grazas a outras construcións da realidade que están no primeiro nivel da experiencia social. Isto é a obxectivación do segundo grao do proceso. Por último, chega a publicación do traballo xornalístico coma fin do proceso. Foi a socióloga Gay Tuchman a que analizou o papel dos medios coma construtores da realidade, desmitificando a obxectividade e o profesionalismo que serve para agochar o rol dos media coma para lexitar o estado das cousas. A consecuencia é un xornalismo de expresión na que os contidos banalízanse e baléiranse de contido. Débese, pois, abandonar a falacia de que os xornalistas son obxectivos e buscar a obxectividade do método a través do xornalismo especializado.

3.2.2 A axenda *setting*

As teorías dos efectos cognitivos dos medios de comunicación foron evolucionando desde principios do século XX de acordo coa época. Os primeiros estudos estiveron baixo a influencia do condutismo, e das teorías de Freud sobre o inconsciente, polo que sinalaron que os medios de comunicación influían na maneira de pensar dos consumidores. Nesta etapa as masas son obxecto de estudo e son caracterizadas coma individuos illados psicoloxicamente, sen relación cos outros. Desta etapa son a teoría da bala máxica pola que audiencia non pode facer nada ante o impacto da bala, a mensaxe, que se dispara desde os medios de comunicación.

Coa entrada das ciencias da comunicación no estadio de ciencias científicas, coas teorías de Laswell e Shannon, comezou a desbotarse a psicoloxía condutista para estudar a comunicación de masas. Nos anos 40 formulouse o principio da exposición, percepción e retención selectivas que consideran que o individuo consomen, interpretan e recordan as mensaxes que son favorables á súa maneira de pensar. Desta época é o estudo *People's Choice*, de Paul F. Lazarsfeld, Bernard Berelson e Hazel Gaudet, do que se conclúe a importancia da influencia de grupo e dos líderes opinión e os seus mecanismos de influencia interpersonal, naceu así a chamada teoría dos dous chanzos da comunicación.

En 1960, Joseph T. Kappler publicou o seu libro *The effects of mass communication* no que se desenvolve a teoría dos efectos limitados, que considera que a comunicación de masas non é suficiente para influír no público e teñen que darse outros factores.

Nos anos 70, hai unha volta á importancia dos efectos, concretándose na teoría da axenda *setting*. Esta teoría sinala que os temas tratados e postos de relevo polos medios de comunicación coinciden cos que son importantes para o público. Os media non teñen o poder de dicirlle a xente o que pensar pero si en que pensar.

McCombs e Shaw acuñaron o termo axenda *setting* para referirse a unha potencialidade dos medios de comunicación a dirixir a atención da opinión pública cara certos temas particulares, que eles presentan coma os máis sobresaíntes, como resumiu Bernad Cohen, “pode que os medios non lle digan a xente o que ten que pensar pero si os temas sobre os que ten que pensara”. A primeira investigación de McCombs e Shaw foi en 1972 na que analizaron as eleccións de 1968 de Chapell Hill (Carolina do Norte) en nove medios de comunicación e contrastouse cunha enquisa feita aos habitantes nos que se lle preguntaba polos problemas máis importantes.

A teoría do establecemento da axenda está emparentada coa do *gatekeeping* ao sinalar que os medios seleccionan, codifican e difunden certas mensaxes mentres que exclúen total ou parcialmente outras. Como consecuencia desta xerarquización, o público orienta a súa atención cara a determinados obxectos e cuestións da escena política e social e ademais asigna importancia a cada unha destas cuestións influído polo grao de relevancia que os mass media lles outorgan. Show (1996) sinala que como consecuencia da acción dos diferentes medios de comunicación, a opinión pública é consciente ou ignora, presta atención ou non, pon de relevo ou pasa por alto, certas cuestións do escenario público.

A axenda *setting* ou establecemento da axenda ten dous niveis. O primeiro é a xa sinalada transmisión da relevancia dun obxecto. O segundo nivel é a transmisión da relevancia dun atributo. O atributo é termo acuñado para denominar a toda a gama de propiedades e trazos que caracterizan un obxecto. Con este paso, os medios ademais de indicarnos en que pensar, sinalan como pensar sobre os obxectos.

Este segundo nivel da axenda vencella a teoría o *framing*. Así, encadrar, en termos de axenda *setting*, é seleccionar e poñer de relevo atributos concretos dun obxecto na axenda mediática. O encadramento é un atributo do obxecto en cuestión, dado que describe o obxecto. A diferenza é que o encadramento vai máis aló. Ten poder para estruturar o pensamento e moldear a maneira na que pensamos dos temas de interese público. Os encadramentos chaman a atención sobre os puntos de vista dominantes nas imaxes. Non só suxiren o que é relevante e o que non, tamén dunha maneira activa promoven unha definición do problema determinado, unha interpretación causal, unha evolución moral e/ou unha recomendación do tratamento para o asunto descrito (Robert Entman citado en McCombs, 2004)

Polo tanto, o establecemento da axenda de atributos fusiona de maneira explícita a teoría da *axenda-setting* co concepto de encadramento (McCombs e Ghamen citado en McCombs) e céntrase na capacidade dos medios de comunicación de influír na maneira na que nos facemos unha imaxe dos obxectos. Hai amplos conxuntos de atributos que describen diversos aspectos dun obxecto, atributos únicos que definen encadramentos dominantes e atributos únicos que funcionan como argumentos convincentes.

O terceiro nivel da axenda *setting* son os argumentos convincentes que fan referencia a que determinadas características dun obxecto poden lograr resonancia entre o público, volvéndose argumentos especialmente convincentes para a relevancia do tema, persoa ou asunto en cuestión.

Seguindo esta lóxica, Rodrigo Alsina (2005) sinala que o público crea o seu propio temario dos asuntos que considera importantes a partir dos medios de comunicación. Existen tres tipos de temarios do público: o temario intrapersoal, o interpersoal e o comunitario. O temario intrapersoal é o que cada individuo considera persoalmente como temas máis importantes. O temario interpersoal é o que ten maior importancia nas súas relacións interpersoais. O temario comunitario corresponde á opinión pública e sería o que as persoas pensan que os outros establecen como o máis importante.

Segundo Eyal (McCombs, 1981 citado en Rodrigo Alsina, 2005: 164) hai dous tipos de temas:

- Os temas dos cales os individuos teñen unha experiencia directa e persoal, e polos que se senten moito máis implicados
- Os temas que son case dominio exclusivo dos mass media e nos que se dá unha menor implicación persoal

3.2.2.2 O xogo das axendas

A teoría da axenda *building* reflexiona sobre o traballo dos medios coma construtores da realidade a través da selección de contidos ou na influencia que teñen os actores sociais e as institucións nestes factores de selección, coma por exemplo, os gabinetes de comunicación ou os movementos sociais que queren que entren os seus temas para ser escoitados pola opinión pública. Neste proceso de configuración da axenda mediática tamén inflúe a axenda política, converténdose así nun proceso político. Lang e Lang sinalan que hai catro procesos na construción da axenda por parte dos medios. A primeira fase sería a selección entre os temas que entran ou non entran nos medios. A segunda fase é o enmarcado do obxecto, no que poden subliñarse ou esconderse aspectos do obxecto. O terceiro paso é unir o obxecto a diferentes símbolos e na cuarta aparecerían os obxectos. Na primeira parte sería o establecemento da axenda e despois xa a construción da mesma.

O interese que suscita a axenda mediática débese, segundo Redondo (2006), ao dobre rol que se lle atribúe aos medios de comunicación: son capaces de filtrar as cuestións de relevancia e polo tanto, de fixar a axenda en dous sentidos: cara arriba e cara abaixo (a pública e política e a do público).

Autores coma Rogers e Deaving (1994) sosteñen que, ao analizar a función de establecer a axenda, débese considerar que o proceso completo require comprender a dinámica que se establece entre tres compoñentes ou axendas diferenciadas. A axenda dos medios refírese a aqueles temas que os medios retratan coma os máis importantes nun momento determinado. O estudo da cobertura dun tema pasa pola análise de contidos. A axenda pública fai referencia á orde e ao contido dos tópicos establecidos e privilexiados pola opinión pública e mídese coas enquisas de opinión pública. A axenda política vincúlase co deseño de políticas e coas prioridades establecidas polas elites políticas e mídense as accións políticas coma a presentación de novas leis, os orzamentos e outras decisións legislativas. Na sociedade hai moitas axendas organizadas como ilustra a seguinte táboa.

Tabla 7.1. Unha visión ampla do establecemento da axenda		
Outras axendas	Axenda mediática	Axenda do público
Organizacións Grupos de presión Relacións públicas Campañas políticas		
Obxectos	Normas informativas Obxectos	Obxectos
Transferencia da relevancia		
Atributos	Normas informativas Atributos	Atributos
		Elaborado por McCombs, 2004

Os esforzos dos movementos sociais van encamiñados a entrar na axenda pública, sexa na electoral ou na do goberno. Para iso, os movementos deseñan tácticas para transmitir os marcos que crearon sexa directamente ou indirectamente, a través da axenda mediática ou pública. Os movementos sociais acostuman ter contactos con algúns líderes, xornalistas, partidos políticos, funcionarios, ao que recorren para iso (McCarthy et al, 1999: 414).

Entran pois, os movementos sociais, no xogo das axendas (Ettema et al, 1991; citado en Sampedro Blanco) cuxo desenlace depende dos recursos, estratexias e alianzas que os grupos de actores poden despreñar en determinadas situacións históricas. O contexto político e discursivo no que desenvólven as políticas públicas condiciona a axenda mediática, pero tamén é froito das actividades dos “xogadores”.

“Os distintos actores que interveñen no que denominamos proceso comunicativo loitan por influír na axenda dos outros dous en tres niveis: (i) en primeiro lugar, á hora de determinar o obxecto sobre o que hai que pensar; (ii), en segundo lugar, á hora de perfilar a definición do obxecto, isto é, os atributos que dominan o tema que se erixe en relevante, as palabras chave que van ser utilizadas polos distintos actores; e, (iii) en terceiro lugar, unha vez que temos o obxecto e os atributos, procédease a encadrar: *seleccionar algúns aspectos dunha realidade que percébase e darlles máis relevancia nun texto comunicativo, de maneira que promóvese unha definición do problema determinado, unha interpretación causal, unha avaliación moral e/ou unha recomendación do tratamento* do obxecto. Encadrar constitúe, polo tanto, o terceiro e último chanzo do proceso de configuración dunha realidade. Ao encadrar, organizamos os atributos. Deste modo completamos o “enfoque de interpretación” dun asunto. Primeiro, trátase de concentrar a atención, logo de facilitar a comprensión e, por fin de prestar a avaliación” (Redondo, 2006)

Schattschneider (1960:68; citado por Sampedro Blanco) “a definición das alternativas é o instrumento supremo do poder, os antagonistas en raras ocasións poden poñerse de acordo sobre os temas de controversia, porque o poder está inmerso na definición. Aquel que determina as cuestións políticas dirixe o país, porque a definición das alternativas é a elección de conflitos, e a elección de conflitos confire poder”. El autor tamén afirma que “o resultado de todo conflito vén determinado polo alcance do seu contaxio”.

Segundo Sampedro, o poder que se materializa na información mediática defínese como “a capacidade relativa para bloquear a discusión pública de temas posibles, para influenciar as percepcións da opinión pública que manteñen os actores relevantes na toma de decisións unha vez que un tema “se fai público”, para definir temas e opcións baixo discusión, para influír a participación doutros actores, e para inducir aos que toman as decisións a adoptar a política desexada”. Nesta lóxica, a teoría do “cubo do lixo” (garbage can model) di que as políticas públicas nacen dunha “colección de solucións que buscan problemas; temas e valores que buscan contextos de toma de decisións nos que ser aplicados; solucións que buscan problemas para os que poderían ser a resposta; e políticos responsables de adoptar decisións que buscan traballo” (Cohen, March, Olsen, 1972). É dicir, os problemas precisan de solucións e as solucións deben encontrar portavoces e recursos. Pero, a percepción pública destes factores é moi

importante. Os medios de comunicación poderían ofertar plataformas para difundir marcos discursivos de incidencia política considerable.

Para que unha proposta dos movementos sociais entre na axenda política requírese, en primeiro lugar, que se defina o problema demandado a acción dos poderes públicos e en segundo lugar, deben avanzarse propostas que o resolvan e por último, os actores e acontecementos deben resultar favorables (Elder y Cobb, 1984, citado en Sampedro). O primeiro proceso sinalado coincide coa imposición do marco discursivo. É dicir, na forma de enmarcar as reivindicacións para influír na opinión pública, captar ou mobilizar seguidores e competir con outros actores. Os dous últimos procesos da axenda-proposta e acontecementos políticos solápanse coa estrutura de oportunidade política. Concepto que aplica a escola da mobilización de recursos dos movementos sociais e que abrangue os factores do contexto institucional no que estes desenvolveron as súas actividades, condicionando o seu éxito.

A configuración dun asunto como problema político (varias institucións recoñecen unha demanda) precisa de indicadores e datos de relevancia social. Deben elaborarse argumentos que identifiquen os responsables e as causas do problema, de forma que non pareza inevitable ou xustificable. A xeración de propostas resulta favorecida, segundo Sampedro se hai comunidades de expertos unidos; se se recadan apoios políticos e se son coincidentes cos criterios técnicos e os valores sociais imperantes.

3.2.3 O *framing*

A teoría do *framing* vén a describir o proceso interactivo polo que os suxeitos interpretan a realidade, e que se atopa na base da socioloxía interpretativa. Vimos xa como os movementos sociais crean marcos de referencia para construír a realidade social, imos ver agora como o fan os medios de comunicación. A teoría dos *framing* parte da premisa de que as informacións dos media son unha simbólica dos feitos usando filtros coma os formatos, as rutinas de información ou a organización mediática. Os *frames* son estruturas cognitivas básicas que guían a percepción e a representación da realidade. Pode que non sexan construídos conscientemente, pero son inconscientemente adoptados no curso do proceso comunicativo. Os *frames* estruturan as partes da realidade que se transforman na noticia (Maher, 2001 citado en Águila-Coghlan e Gaitán).

As disputas en torno á creación de marcos interpretativos ten lugar por medio de procesos interactivos cara a cara e difúndense a través dunha diversidade de medios: xornais, libros, panfletos, radio e televisión. Facer un *frame* é seleccionar algúns aspectos da realidade percibida e facelos máis relevantes e notorios nun texto de comunicación, de tal modo que promovan un particular problema, definición, interpretación, unha avaliación moral e/ou recomende un tratamento especial para o elemento descrito (Entman, 1993 citado por Águila-Coghlan e Gaitán). O encadre mediático, segundo Águila-Coghlan e Gaitán, implica dúas principais operacións: énfase ou prioridade de certos elementos das noticias; e simplificación e fraccionamento da realidade mediante a selección dun feito con exclusión de outros, e por medio da limitación do campo semántico (inclusión/exclusión de significados ao definir un feito, interpretalo na causa,avalialo moralmente e recomendar como afrontalo).

“O framing debe pensarse coma unha perspectiva integradora, coma un proceso comunicativo que implica tanto patróns cognitivos coma contextos socioculturais, e no que os discursos mediáticos se atopan vinculados ás circunstancias de produción e recepción da noticia. Deste modo, os fundamentos teóricos do framing integran a concepción sociolóxica e a psicolóxica; a configuración dos encadres dos medios e os encadres resultantes do procesamento cognitivo dos receptores” (Marín e Zamora, 2014)

Como xa se explicou durante este capítulo, as teorías do *framing* e da axenda *setting* son complementarias. Os marcos ou *frames* son “elementos cos que se elaboran as axendas, e polo tanto, sitúanse no ámbito da creación das noticias máis que no dos seus efectos” (Sádaba, 2008). A autora distingue, así, que a teoría da axenda *setting* estuda a transferencia e accesibilidade dos temas, mentres que a do *framing*, sobre a interpretación do mundo.

Hai dúas liñas de estudo dos encadramentos: encadramentos equivalentes e encadramentos de relevo. Os encadramentos equivalentes analizan os efectos que dependen de como se presenta unha información, no lugar dos efectos que varían segundo que aspectos dun determinado asunto son resaltados ou destacados no discurso. Hai estudos sobre os encadramentos máis empregados polos medios para explicar os acontecementos e captar a atención das audiencias. Unhas das clasificacións é a de De Vreese, Peter & Semetko que distinguen dous tipos de frames: os encadramentos específicos (*issue specific frames*) e os encadramentos xerais (*generic frames*). Entre os encadramentos xerais sitúanse os formatos episódico e temático. Tamén destacar os catro *frames* propostos por Neuman, Just & Crigler (1992) e que amplían Semetko & Valkenburg (2000) nunha categoría, identificando a existencia de cinco patróns persistentes de cobertura ou encadramento principais: conflito, entre individuos, grupos ou institucións; interese humano, co que se personaliza, dramatiza ou se lle dá un ángulo emocional a un asunto; responsabilidade, que pon o énfase no que unha institución ou individuo é responsable de causar ou solucionar un problema; consecuencias económicas, para determinado individuo, grupo, institución, rexión ou país; e moralidade, que prevé unha lectura moral ou relixiosa do problema tratado (Marín e Zamora, 2014).

Marín e Zamora (2014) sinalan os principios que hai que ter en conta dos encadramentos segundo D'Angelo (2002) e Matthes (2012):

- Hai sempre varios encadramentos sobre os asuntos políticos e unha loita por establecer unha interpretación dominante ao respecto
- Todos os actores implicados poden adoptar uns encadramentos en lugar de outros, modificar os existentes ou aportar os seus propios
- Os encadramentos evolucionan co tempo nun proceso dinámico e diacrónico de forma que a acción dos diversos actores e niveis inflúe directa ou indirectamente no resto
- Os encadramentos non son mensaxes persuasivas excepcionais e illadas, senón que responden a un patrón de interpretación repetido e articulado por elementos conecta-

dos consistentemente, que suxire unha certa avaliación e atribución de causas ou responsabilidades na solución do problema.

Os diferentes paradigmas que tratan o *frame* son o cognitivo, o crítico e o construcionista. O cognitivo investiga o impacto dos *frames* nos individuos. O crítico sinala que “as prácticas xornalísticas e as rutinas informativas presentados coma procedementos obxectivos, fan que a noticia lexitime o status quo xa que o xornalista para realizar o seu traballo apoia estruturas, mecanismos e procesos institucionais e os reproduce (Tuchman, 1983, citada por Marín e Zamora, 2014). Desde esta perspectiva sinálase que os *frames* promovidos polas fontes oficiais e os poderosos teñen maior presenza nos contidos dos medios. Ponse sobre a mesa a dificultade que teñen os movementos sociais para desafiar os *frames* promovidos polo poder.

Para Tuchman, “os marcos serían as normas transmitidas e compartidas polos membros dunha redacción a través dos cales se mira a realidade sobre a que se informa”. Refírese aos procesos de recollida, selección e difusión da información vinculada á organización na que se traballa. A autora sinala que a noticia lexitima o status quo das institucións sociais (Sádaba, 2008). Tuchman vai a conceptos da socioloxía de Garfinkel como reflexividade e indexividade para explicar como a noticia é un modo de coñecemento da realidade. Mentres que o termo reflexividade ordena a realidade para facela accesible, o termo indexividade describe como a noticia se converte en significado é “a facultade pola que se poden atribuír significados aparte do contexto onde foron producidos e procesados pola necesidade dun contexto propio”.

Sádaba (2008) chama a atención sobre que os estudosos dos movementos sociais consideren que a elaboración de sentido dos acontecementos é unha construción social da que forman parte os medios de comunicación. Os investigadores en comunicación suxiren que son os medios os que crean o significado do que ocorre na sociedade.

3.2.4 O proceso informativo

O traballo de configurar a axenda ou o temario do medio está en mans do *gatekeeper* ou gardabarreiras, función que pode desempeñar o director dun medio, o xefe da sección dun diario ou o editor dun telexornal, entre outros. Para configurar o temario ou axenda dun medio hai tres operacións básicas: a) inclusión da información; b) exclusión da información, e c) xerarquización da información (Fontcuberta, 2011). Dentro da inclusión está a xerarquización, que é ordenar, priorizar, destacar algo sobre a masa e relativizar outros temas. Xerarquizar supón que unhas informacións sexan máis elaboradas que outras e que teñan elementos ou non coma infografías, fotografías, na prensa ou declaracións a viva voz, na radio e na televisión (López, 1995). Golding e Elliot (1979 citado en Rodrigo Alsina, 2005: 206) describen a produción das noticias a partir de catro momentos esenciais:

- Planificación. Fíxanse a longo prazo os acontecementos previsibles para prever os recursos e asignalos. A curto prazo fíxase a cobertura das noticias do día

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

- Recompilación. Os reporteiros e correspondentes recollen material para noticias e lévano á redacción
- Selección. Recóllese o material dos reporteiros, correspondentes, axencias e faise unha selección limitada para a transmisión final
- Producción. Os ítems seleccionados ordénanse e trátanse para unha presentación adecuada e prepáranse para saír no programa

A selección das informacións é un dos traballos máis importantes. Lévanos ao concepto de seleccionador ou “gatekeeper” acuñado en 1947 por Kurt Lewin. David Mannin White aplicouno ao xornalismo partindo de dúas premisas: a difusión das noticias faise a través de canles e nestas canles hai puntos, portas ou esclusas, polas que as noticias poden pasar ou ser retidas. Rositi (citado en Badía, 1992:86) elaborou unha clasificación das funcións de selección característica das axencias de información non especializadas:

- A función de selección de primeiro grao. É dicir, a regulamentación dunha maneira de dereito xenérico do acceso ás redes comunicativas segundo a forza social dos suxeitos que realizan as accións, serán ou non seleccionadas
- A función de xerarquización, que consiste nunha selección de segundo grao e no que os acontecementos seleccionados son clasificados en diversos niveis de relevancia.
- A función de elección de tema ou selección de terceiro grao. O concepto de elección de tema que provén do concepto de opinión pública de Luhmann no sentido no que se trata de seleccionar os grandes temas nos que se ten que concentrar a opinión pública.

Os factores que determinan a selección de noticias, segundo Galtung e Ruge (1980 citados en Rodrigo Alsina, 2005: 175) son:

- Frecuencia. Se un acontecemento se produce no tempo axustado á periodicidade do medio e ao seu tempo de produción é máis probable que se converta en noticia
- Limiar. Percíbese máis un acontecemento cuxo limiar de intensidade sexa moi alto ou se o seu nivel normal de significación ten un aumento repentino
- Ausencia de ambigüidade. Cando menos ambiguo sexa o significado dun acontecemento máis probable que sexa noticia.
- Significatividade. Pode ser pola afinidade cultural ou pola relevancia do acontecemento. Aumenta a posibilidade de selección se un acontecemento conecta cos intereses e a cultura dunha determinada comunidade
- Consonancia. Ante determinadas expectativas da audiencia, un acontecemento terá máis posibilidades de ser seleccionado se se adecúa a estas expectativas

- Imprevisibilidade. Ante dous acontecementos parecidos terá máis posibilidades de ser seleccionado o máis imprevisible e raro
- Continuidade. Ao aparecer un acontecemento noticiable, producirá unha continuidade con acontecementos que gardan relación con el
- Composición. Un medio de comunicación transmite un conxunto de noticias que debe ser equilibrado, atendendo á composición xeral do medio
- Valores culturais en referencia a países da elite ou a persoas da elite. Os acontecementos fan referencia a persoas ou países que teñen un recoñecido prestixio, o que fan que sexan representados como modelos e terán máis posibilidades de ser noticia que un país ou persoa descoñecidos

Túñez (1999) sinala que o proceso de selección dos xornalistas coma *gatekeepers* faise tanto no temario coma no texto. Túñez sinala que o xornalista actúa coma *gatekeeper* do texto ao escoller entre todo o material do que dispón e a orde e relevancia na que se transmite. O último retoque da información queda en mans do editor.

“A veces a edición final serve para adaptar o traballo do redactor á liña editorial do medio a través da reordenación de contidos, a exclusión ou inclusión dalgún dos actores protagonistas, corrixir xerarquizacións temáticas ou de protagonistas...Estas adaptacións nunca son admitidas coma unha reordenación da mensaxe para deixalo acorde á estratexia da dirección ou da empresa senon que se acode a criterios xornalísticos para acabar axustándoas coma reaxustes precisos” (Túñez, 1999)

3.2.4.1 Do acontecemento á noticia

O xornalista é o construtor da noticia, enmarcado dita actividade na construción social da realidade (Berger y Luckmann, 1979). Rodrigo-Alsina (2005, 50) relaciona o acontecemento -noticia coa realidade social a partir da noción da construción da realidade, como produción de sentido a través da práctica produtiva e as rutinas organizativas da profesión xornalística. O comunicador recorre á definición de Abraham Moles para o concepto de acontecemento como tipos de variacións perceptibles dun enorno que non foi previsto polo ocupando no centro do entorno e a de Edgar Morin que sinala que a noción de acontecemento ten dúas características: é todo o que sucede no tempo e é todo o improbable, singular, accidental.

Cando un feito é considerado acontecemento por unha multiplicidade de medios e se transmite en forma de noticia no mercado comunicativo prodúcese un efecto multiplicador, de orquestración. O acontecemento - noticia ten como característica a de ser repetitivo. Así pois, cando un acontecemento é ao mesmo tempo transmitido como noticia por un grande conxunto de medios, podemos valorar claramente a transcendencia social do mesmo. Tradicionalmente, defíníuse acontecemento coma o que sucede no tempo e todo o que é improbable, singular e accidental (Morin, 1972, citado en Fontcuberta, 2011).

Foi Walter Lippman quen reparou na *noticiabilidade* co que explica porque uns xornalistas cobren uns sucesos e outros non, que logo acuñou como valor noticia Mauro Wolf e definiu coma “o conxunto de criterios, operacións, instrumentos cos que os aparatos de información abordan a tarefa de elixir de cotío, entre un número imprevisible e indefinido de acontecementos” (López e García, 2009). O discurso tradicional consideraba que para que un feito fose considerado noticia tiña que ter cinco características: actualidade, novidade, veracidade, periodicidade e interese público (Fontcuberta, 2011). Outra das clasificacións usadas para definir cando un acontecemento é seleccionado polo sistema comunicativo é o de Böckelmann (citado por Alsina, 2005:171):

- A referencia ao persoal, ao privado e ao íntimo. Isto fai referencia as chamadas noticias de interese humano
- Os síntomas de éxito persoal, da consecución de prestixio
- A novidade, a modernidade dos fenómenos, as últimas tendencias
- Os síntomas do exercicio do poder e a súa representación
- A distinción entre normalidade e anormalidade da conduta humana
- A violencia, a agresividade e a dor. Os delitos, os accidentes, as catástrofes reciben unha notable atención por parte dos medios de comunicación
- As formas de competición e rivalidade, coma por exemplo no deporte entre distintos equipos de fútbol.
- Referencia ao incremento da propiedade no aspecto dos ingresos e haberes persoais e de enriquecemento individual
- As crises e síntomas de crise
- A observación do extraordinario, do singular e do exótico

Tuchman distingue entre noticias brandas, duras, súbitas, en desenvolvemento e de secuencia. Unha noticia branda é un relato de interese humano que non perde actualidade aínda que se publique máis tarde. Unha noticia dura é unha información cuxo grao de obsolescencia é alto, senón se publica inmediatamente perde vixencia. Unha noticia súbita é unha noticia dura na que o grao de obsolescencia, ten como característica principal a de ser imprevista (non programada). Unha noticia en desenvolvemento é unha noticia na que se van producindo acontecementos novos ou que produce derivacións que tamén son noticia. Unha noticia de secuencia é unha serie de relatos sobre o mesmo tema baseados en sucesos que están ocorrendo durante un período.

Na actualidade, a maioría das noticias conteñen actualidade, proximidade, prominencia e sobre todo, conflito e consecuencias. Cantas máis consecuencias teña un feito, maior será a súa permanencia nos medios de comunicación, e polo tanto, terán máis posibilidades de converterse nun tema coñecido e tratado polo público (Fontcuberta, 2011). Borrat (2003) sinala

que o conflito é o valor primordial das noticias e o criterio básico para decidir exclusións, inclusións e xerarquizacións ao longo de todo o proceso. Para o autor, o xornalismo ocúpase primordialmente de “interaccións de conflito entre dos ou máis actores de interese que as fontes e os xornalistas puideron coñecer e narrar sobre a dobre base dos datos empíricos e os coñecementos inferidos, do observado e do inferido, imaxinado, sospeitado”. O xornalista ten que indagar sobre a subxectividade dos actores para “investigar como interpreta cada actor a interacción social na que está involucrado, que obxectivos se propón e que medios utiliza para alcanzalos”. A interpretación da actuación dos actores correspóndelle ás fontes, os xornalistas e os lectores.

Na outra cara da moeda están os non acontecementos que é converter en noticia un feito que non se produciu, nin está previsto que se produza. Moitas das noticias baseadas en non acontecementos son informacións filtradas que chegan a un medio a cambio de que non revele a fonte de información. Moitas destas informacións son manipulacións. A tipoloxía de non acontecementos segundo Fontcuberta (2011) é:

- Noticias inventadas. Son aquelas publicadas nos medios e construídas a partir de declaracións, hipóteses, etc., que non existen na realidade e non reciben posterior rectificación por parte dos medios
- Noticias erróneas. Son as construídas con datos que se deron a coñecer coma verdadeiros e logo resultaron falsos. O erro pode vir dunha información insuficiente, dunha incorrecta interpretación do xornalista dos datos dos que dispón, ou dunha deliberada actitude desinformadora por parte do emisor ou as fontes de información
- Noticias baseadas na especulación. Son as noticias construídas sobre hipóteses non comprobadas ou ruxerruxe non confirmados

3.2.4.2. As fontes de información

Segundo Van Dijk (1990, citado por López e García, 2009), os xornalistas case nunca tratan cos feitos mesmos senón con versións xa codificadas, é dicir, interpretacións ou construción dos feitos en forma de discurso de moitas fontes. Os xornalistas dependen das fontes porque non poden ser observadores directos de todos os acontecementos. Ademais, as fontes danlle lexitimidade ás informacións. As fontes de información son persoas, institucións e organismos de toda natureza que facilitan a información que precisan os medios para subministrar as noticias. Os tipos de fontes, segundo Borrat (1989, citado por Fontcuberta, 2011) son: A fonte resistente, que opón fortes obstáculos e restricións a quen busca información nela; a fonte aberta, que non opón resistencia pero tampouco ten a iniciativa, precisa que o busquen para comunicar a información, a fonte espontánea, que ten a iniciativa de informar, a fonte ávida é igual que a espontánea pero con urxencia de dar a coñecer as súas informacións e a fonte compulsiva, que toma a iniciativa e usa todos os seus recursos para obrigar ao medio a comunicar a súa información.

Borrat (2003) fai unha clasificación máis extensa segundo diferentes variables:

- Segundo teña coñecemento directo ou mediante outras fontes de interacción: fontes primarias, das que hai dous subtipos, noticiais e testemuñas; e fontes secundarias
- Segundo que posición asumen fronte aos noticiais enfrontados pola interacción do conflito: Fontes aliñadas cun actor noticial e, polo tanto contra o noticial antagónico, e fontes non aliñadas
- Segundo quen toma a iniciativa na comunicación co actor: fontes activas cando elas mesmas toman a iniciativa e fontes reactivas cando respectan a iniciativa do autor
- Segundo as súas capacidades para a comunicación xornalística: fontes profesionais e fontes non profesionais
- Segundo a frecuencia das súas relacións comunicativas co xornalista e/ou o medio: fontes permanentes, fontes frecuentes, fontes ocasionais
- Segundo os contidos das súas mensaxes: fontes de información exclusiva e fontes de información compartida
- Segundo o tratamento que lles asignen os textos publicados ou emitidos: fontes omitidas, fontes identificadas, fontes veladas

López (1993) clasifica as fontes en: propias (establecidas polo propio medio); institucionais (as que proceden do poder político, financeiro); fontes espontáneas (que adoitan vir de sectores da sociedade en conflito co poder e fontes confidenciais e/ou anónimas. Fontcuberta (2011) explica que a obtención de fontes de información fiables e de calidade da prestixio ao medio e fai súa a cita de Héctor Borrat: “canto maior sexa a cantidade, a calidade e a diversidade das informacións que comunica e das fontes que cita, tanto maior será a súa credibilidade, e polo tanto a súa influencia”. Gans (1993) considera que os xornalistas son simples mensaxeiros que reciben a información e transfórmana en noticias, cun grao de intervención mínima. Son mensaxeiros das súas fontes. “como resultado a información política é o que os representantes queren comunicar sobre o proceso político”. “Hai que deixar constancia do peso das fontes institucionais (institucións do Estado, grandes empresas), xa que, en primeiro lugar, son de doado acceso porque teñen gabinetes de comunicación que provén os xornalistas de información autorizada e, en segundo lugar, están lexitimadas coma fontes de consulta obrigatoria de acordo coas normas de traballo do xornalista” (Rodrigo Alsina, 2005: 192). Segundo López (1993), “a selección das fontes e a súa constante revisión servirán para eludir un dos perigos da produción do temario xornalístico: reiterar fontes institucionais e, dentro delas, establecer unhas rutinas burocráticas que veñen xustificadas pola falta de gañas de traballar e de ser críticos”.

A relación entre as fontes e o xornalistas é moi complexa e pode derivar en conflito porque uns actores son excluídos, porque unha fonte omite información, etc. Gieber e Johnson (1961, citados por Rodrigo Alsina, 2005) descubren os diferentes tipos de relacións entre o informador e as súas fontes:

- Pode darse unha total independencia entre a fonte e o xornalista. Hai un distanciamento entre o que produce a noticia e o que informa sobre a mesma
- A fonte e o xornalista cooperan
- A fonte é que practicamente fai a noticia. É o caso dos comunicados oficiais, as notas de prensa dos gabinetes de comunicación

Álvarez Pousa (2003:50) sinala que hai que distinguir entre as fontes instaladas nas axendas dos medios de comunicación ou rede de fontes e as que están fontes que se manteñen fóra das fontes, e avoga pola entrada de fontes expertas non homologadas para que “contribúan a frear, a condicionar e a filtrar os fluxos de información procedentes da rede, maioritariamente fontes institucionais, tanto públicas como privadas, e oficiais”. Coa axuda das fontes expertas, o emisor “achegarase o máis posible á verdade e afastarase tamén o máis posible do verosímil, producindo sentido durante todas e cada unha das fases do proceso de produción e comunicación xornalística”. Neste proceso as fontes danlle sentido á realidade representada mediante a achega de datos, accións ou feitos informativos que, aparte de noticiais, sexan significativos, mediante a súa propia interpretación /contextualización, e tamén mediante valoracións e argumentacións.

Na selección das fontes de información, o xornalista debe distinguir entre expertos e especialistas. Os expertos teñen coñecementos científicos nunha área, mentres que os segundos, coñecementos técnicos. A estas categorías hai que engadir-lles as de especialistas, que son os intelectuais e/ou líderes de opinión que dan unha visión crítica en temas da actualidade. Todas elas son fontes que interpretan a realidade.

Cadro das tres categorías de fontes expertas		
Expertos científicos ou expertos de precisión	Intelectuais e/ou líderes de opinión	Especialistas, comunicadores e/ou divulgadores
-Coñecementos científicos na área do saber humano -Utilización de metodoloxía científica das ciencias sociais para investigar a realidade	-Cualificación máis ou menos especializada, e recoñecida socialmente na área da cultura científica e/ou humanística	-Coñecementos temáticos relacionados necesariamente coa actualidade
-Descoñecemento de técnicas e instrumentos comunicativos	-Descoñecemento de técnicas ou instrumentos comunicativos	-Coñecementos das técnicas xornalísticas e dos instrumentos comunicativos
-Obxectivo da súa intervención no proceso xornalístico: coproducir sentido e argumentación	-Obxectivo da súa intervención no proceso xornalístico: coproducir sentido e argumentación	-Obxectivo: coproducir fundamentalmente sentido, e tamén argumentación
-Función: lexitiman o medio e tamén o seu discurso interpretativo, valorativo e editorial, reforzando a	-Función: lexitiman o medio e tamén o seu discurso interpretativo, valorativo e editorial, reforzando a	-Función: lexitimación do medio e do xornalista como intérpretes e mediadores, e de si mesmos como intérpre-

súa identidade e o seu potencial como medio de referencia	súa identidade e o seu potencial como medio de referencia	tes
-Fontes selectas, selectivas e case sempre exclusivas, que aportan información non contraditoria e á vez orixinal	-Fontes selectas, selectivas e case sempre exclusivas, que aportan opinión	-Fontes selectas, estables, compartidas ou exclusivas
-Criterios diferenciais para a súa selección: fundamentalmente a súa autoridade científica, secundariamente a súa homologación cultural coa liña editorial do medio	-Criterios diferenciais para a súa selección: fundamentalmente a súa autoridade moral e homologación cultural coa liña editorial do medio	-Criterios diferenciais para a súa selección: suministradoras de información previsible e non contraditoria
-Tipos: a) explícitas, e polo tanto abertas a outros medios, aparecendo como tales nos relatos xornalísticos construídos co base multidisciplinar b) implícitas, vinculadas á “nomenclatura” do medio (consellos editoriais, consellos de dirección, etc), xa sexa para incidir na liña editorial, xa sexa para delimitar territorios e fronteiras nas que o medio compromete a súa identidade	-Tipos, que poden intercambiarse en función de temas e de urxencias produtivas e/ou por soportes: a) líderes intelectuais e de opinión con presenza habitual ou conxuntural nos medios, tanto en páxinas de opinión como de información (unha ampla gama que abarca académicos, ensaístas, columnistas, articulistas, críticos,.. b) intérpretes en relevantes cuestións de actualidade, especialmente cando sorprenden pola súa transcendencia social	-Tipos, atendendo ao nivel de profesionalización e de ubicación respecto do medio e dos feitos: a) implicados directa ou indirectamente nos feitos b) autónomos na rede de fontes c) orgánicos na rede, representando a institucións, públicas ou privadas, ou a órganos centralizados e convencionais de produción informativa, como axencias ou gabinetes de comunicación d) os propios xornalistas especializados en calidade de expertos (especializados en temas, nas técnicas xornalísticas e na metodoloxía de indagación)
Elaboración propia a partir da clasificación de Álvarez Pousa (2003)		

En canto ás fontes de información que se usan para a información especializada en ciencia e técnica, Moreno (2004) fai a seguinte clasificación.

Clasificación de fontes de información científico-técnica	
Fontes de información de institucións públicas e privadas	Os comunicados de prensa e as convocatorias de roldas de prensa Gabinetes de prensa das institucións públicas As universidades e organismos públicos de investigación Os centros de investigación privados: as empresas As axencias de información especializada: os servizos especializados de axencias de noticias: Reuters Health, EFE salud
Os investigadores como fonte de información científica	Os congresos, os simposios, as reunións, os carteis científicos

	Documentos persoais
Os organismos non gobernamentais	Os organismos non gobernamentais na información científica As asociacións de consumidores e usuarios Os colectivos de cidadáns
Libros e revistas especializadas	O artigo científico Os libros de divulgación científica As revistas científicas especializadas
Redes e bases de datos	O acceso ás comunidades de expertos As bases de datos cos proxectos de investigación Internet como fonte de información científica
Elaboración a partir da clasificación de Moreno (2004)	

3.2.5 A lexitimación das informacións

Os profesionais dos media lexitiman as informacións que produce a través da chamada obxectividade xornalísticas que teóricamente é a chave á verdade. Mais o xornalismo obxectivo tradicional está cheo de preconceitos, estereotipos detrás da fachada de estrutura real dos feitos. Segundo Jeffrey Olen (citado en Catalán, 1997) hai tres contrastes entre a verdade e o práctica comunicativa. En primeiro lugar, a verdade é máis ampla que o feito. Ademais do feito hai que contextualizalo para que o entenda o lector. En segundo lugar, un feito é un fenómeno, unha verdade é a explicación ideal dos feitos. Catalán puntualiza: “coñecer que sucedeu é coñecer os feitos, pero comprender o que sucedeu é asunto da verdade”. Por último, o feito é aquilo que o xornalista observa: informar dos feitos é informar do que o xornalista ve e oe. De todo isto, Catalán conclúe que a subxectividade humana é o único medio de interpretación posible ao alcance dos humanos. Nun mundo complexo como o actual, o autor avoga por un xornalismo interpretativo como o impulsado nos anos 60 e 70 polo Novo Xornalismo nos Estados Unidos no que o emisor explique o significado do feito dunha maneira veraz, segundo cre que aconteceu.

“O informador, pois, debe ser veraz sen restrición algunha, dito doutra maneira, debe ser obxectivo no único sentido posible no que o é para un informador: no sentido de que, aínda cando o que diga ou o que escriba sexa erróneo debido á subxectividade intrínseca da relación do coñecemento e descrición sinalada, debe dicir aquilo que pensa que ocorreu, e non algo diferente, o contrario do que pensa que ocorreu. Isto implica que o informador debe ser veraz á hora de informar dun feito, e todo o imparcial que poida á hora de interpretalo: esta imparcialidade constitúe, nada menos, pero tamén nada máis, unha actitude de honradez intelectual (a autopercepción de que un non está deformando de forma tendenciosa o feito) que permite separar o que sucedeu de aquilo que desexa que aconteza” (Catalán, 1997)

A propia teoría do *framing* nega o obxectivismo xa que argumenta que, en tanto que o xornalista conta o que sucede, está encadrando a realidade e aporta o seu punto de vista. Os profesionais dos medios de comunicación outorganlles ás noticias un enfoque ou encadramento determinado, é dicir, organizan o contido das noticias polo que aportan un contexto mediante o proceso de selección, énfase, exclusión e elaboración dos acontecementos (Sádaba, 2008). Unha das estratexias para lexitimarse que usan os media é a de dar diferentes puntos de vista dun mesmo feito. Juan Ramón Muñoz Torres (citado en Sádaba, 2008) critica a chamada “doutrina da equidade” que cre que “para informar chega con difundir distintas versións sobre un tema, para que o lector poida elixir entre elas, como se a verdade puidera ser obxecto de elección”.

Para Tuchman, as estratexias dos xornalistas para soste a obxectividade dunha noticia son “tácticas ofensivas destinadas a prever o ataque ou a refletir, desde o punto de vista defensivo, as críticas e son (Tuchman, 1995). Estas estratexias son a chamada obxectividade ritual e está presente tanto na forma como nas relacións organizativas e o contido.

- Presentar a posibilidade de contrastar a pretendida verdade, sinalando claramente as fontes
- Presentación de probas suplementarias ulteriores que reafirmen o feito, ao que chama a evidencia sustentadora. Pódese facer unha recadación de afirmacións polo xornalista sobre uns feitos comprobados
- O uso das comiñas. Ponse o texto na boca do outro. Supón un distanciamento do xornalista. Os xornalistas ven as citas da opinión doutras persoas coma unha forma de evidencia sustentadora. Ao intercalar a opinión de alguén máis, cren que se afastan eles mesmos da participación na historia, e con iso, deixan que os “feitos” falen.
- Os xornalistas usan a etiqueta de “análise xornalístico” (reportaxe) para colocar unha barreira entre unha historia problemática e outros relatos informativos das páxinas de información xeral. Esa materia é unha interpretación que o xornalista fai dos feitos.
- Estrutura da información dunha forma adecuada. A dificultade que supón a selección e a xerarquización redúcense grazas á fórmula da estrutura das noticias: quen, que, cando, onde, como e por que. Estas cinco interrogantes son o que se chaman “os feitos materiais” principais do suceso. Un xornalista que ordena o suceso segundo estas indicacións pode afirmar que foi “obxectivo”.
- Separación por seccións da información e da opinión, dos feitos e dos contidos

Tuchman (1995) sinala que todos estes “procedementos informativos exemplificados como atributos formais son en realidade estratexias cos que os xornalistas se protexen das críticas e da exixencia profesional de obxectividade dos profanos, especialmente dado que o seu coñecemento profesional especializado non é suficientemente respectado polos consumidores de noticias e, polo tanto, pode ser incluso base dun ataque crítico”. Polo tanto, os procedementos rituais que lles serven aos profesionais para protexerse a si mesmos, non son garan-

te de conseguir a obxectividade que perseguen. Tuchman indica que, pola contra, constitúen unha invitación á percepción selectiva, insisten erroneamente en que *os feitos falan por si mesmos*, son un mecanismo de desacreditar e un medio para introducir a opinión do redactor da noticia; están relacionados directamente coa política editorial dunha organización informativa particular e fan errar ao consumidor de noticias ao suxerir que a análise xornalística é seria, meditada ou definitiva.

Grossi é aínda máis crítico cos procedementos rituais que considera que son maneiras de que o poder manteña o seu dominio. Considera que estas teorías parten da idea de que a capacidade de crear a realidade social é exclusivamente asignada ás prácticas produtivas e discursivas internas das organizacións xornalísticas -sometidas ao sistema político e á lóxica capitalista de produción da información-, de maneira que se torna irrelevante a interacción co público -audiencia- e coas súas construcións da realidade.

A obxectividade ritual de Tuchman é o mecanismo de lexitimación dos xornalistas do seu traballo como construtores da realidade. Mais o que ten que ser obxectivo non é o profesional da información senón o método. Polo tanto, hai que avogar por unha obxectividade de método. É o cambio do xornalismo de expresión, baseado na práctica normativa, polo xornalismo de significación, da especialización dos contidos.

3.2.6 O xornalismo especializado

Álvarez Pousa (2004) di que as rutinas xornalísticas teñen como finalidade “enmascarar os déficits que xera esa desnaturalizada maneira de construír a realidade”. Segue explicando que ver non é igual a comprender, e polo tanto a imaxe dun acontecemento non é suficiente para darlle significación. Así como a información non é coñecemento. O autor aposta porque os medios de comunicación sexan xeradores de coñecemento e para iso ten que ser un xornalismo de especialización que integre de maneira interpretativo/valorativa o saber. O resultado é un xornalismo de significación contraposto ao actualmente establecido, o xornalismo de expresión, “que xeneraliza a cultura mosaico, a acumulación de noticias sen vertebración previa” coa finalidade de simplificala e facela máis consumible. Para conseguilo, Álvarez Pousa sinala que hai que integrar a metodoloxía de investigación, recorrendo a fontes de información expertas, facendo un achegamento desde múltiples perspectivas (*multiperspectivismo*) e así conseguir chegar ás causas (*multicausalidade*) e as posibles consecuencias. É, pois, o paso do xornalismo de expresión, de contidos banalizados e baleiros de sentido polo xornalismo de significación, do xornalismo especializado.

As características do xornalismo de expresión, segundo Pérez Tornero (citado en Álvarez Pousa, 2004) son: a fragmentación da realidade en escenas soltas sen darlle importancia ao contexto dos acontecementos; a desestruturación e fragmentación de argumentos, supeditándose á lectura rápida, afastándose dos feitos do seu contexto histórico e primando a anécdota e non a análise global; o espectáculo do contido polo que se valora máis a súa capacidade de emoción da mensaxe informativa que o seu valor de verdade; a dramatización, considerando por enriba de todo o impacto que poida producir a mensaxe; a recreación de mitos; a en-

xeñería do acontecemento, botando man incluso da fabulación; a obsesión polo presente e a figuratividade, pola que contan as aparencias dos fenómenos, as súas manifestacións visibles.

Muñoz-Torres (1997) distingue os mensaxes xornalísticos especializados dos non xornalísticos porque son dignos de ser coñecidos polo conxunto da sociedade, e non só por unha elite reducida de especialistas. O xornalista especializado é un mediador que obxectiva a realidade e administra o saber socialmente compartido, que ten como principal calidade o saber divulgar aqueles temas de carácter científico-técnico e cultural que son relevantes para o conxunto da sociedade actual. O autor sinala seis grandes bloques temáticos ou áreas de especialización: política, economía, ciencia e tecnoloxía, cultura, deportes e o heteroxéneo sociedade. En política encadraríanse os asuntos internacionais, nacionais, autonómicos e locais; en economía, a macroeconomía, información para o consumo, finanzas e información laboral e sindical; en ciencia e tecnoloxía, asuntos científico-técnicos, con inclusión de temas sanitarios e ambientais; en cultural, asuntos relativos ás artes plásticas, as letras e os espectáculos; en deportes, os deportes practicados individualmente e en equipo e en sociedade, recolle asuntos relativos á situación social de diferentes colectivos, a educación, os sucesos, etc.

Para Borrat (1993, citado en Herrero, 1997) é posible describir o Xornalismo Especializado como “unha maneira de producir textos xornalísticos caracterizados pola coherencia interna dos textos; a correspondencia das súas afirmacións coa realidade; e a pertinencia dos conceptos, as categorías e os modelos de análise aplicados, fora cal fora o tipo de texto e o tipo de linguaxe escollidos, o tipo de xornal onde estes textos se publiquen e o tipo de audiencia ao que se dirixe”. Sobre esta afirmación, Herrero explica que o xornalismo especializado pode encontrarse en calquera tipo de textos (narrativos, descritivos ou narrativos); de linguaxes (de alto nivel teórico ou popular); de xornais (de información xeral ou selectiva, comerciais ou académicos); e de audiencias (de elite, de masas ou especialistas).

Quesada (2004) ve os inicios do xornalismo especializado no xornalismo de investigación xa que se inspira na súa metodoloxía profesional. A autora subliña que as metodoloxías deste xornalismo son diferentes ao do xornalismo xeneralista e ambas conviven na mesma redacción.

Xornalismo Especializado		Xornalismo Xeneralista
Metodoloxía profesional	Documentación Entrevistas persoais Contraste con dúas fontes expertas e independentes Axenda de expertos e profesionais especializados Textos interpretativos e argumentativos	Declaracións Roldas de prensa Contraste da información con todos os implicados Axenda de fontes oficiais Textos informativos e interpretativos
Actitude profesional ante a información	Rigor informativo Información en profundidade Selectiva cos contidos	Rapidez informativa Informacións en exclusiva Receptiva xenérica
Obxectivos profesionais	Informar e formar ás audiencias sectoriais Informar destacando o como e o	Informar ás audiencias de masas Informar das 6W's Ser un bo xornalista

	porque; tamén o por que non Ser un comunicador experto na área da súa especialización	
Fonte: Montse Quesada, 1993 (citada por Quesada, 2004)		

Herrero (1997) relaciona o xornalismo especializado coa evolución do propios xornalismo, dos xéneros e dos públicos. O paso que se deu dun xornalismo informativo a un xornalismo de interpretación e explicativo. Para esta nova etapa xa non serve a noticia clásica coa súa estrutura piramidal. Agora hai que contextualizar as informacións con datos do pasado (background) e do presente (análise e explicación), conseguir citas de expertos, autoridades, implicados nos feitos, e as valoracións propias do autor teñen que ser documentadas. Desta maneira xorde un novo profesional, un xornalista especializado que “sabe documentarse; sabe buscar fontes específicas, consúltalas e relacionarse con elas; sabe valorar a relevancia do acontecemento e como tratar especificamente a información e, polo tanto, pode dar significado aos feitos, ao situalos nun contexto de espazo e tempo adecuado”.

Entre os xéneros do xornalismo especializado destaca os xéneros informativo-interpretativos coma o reportaxe-informe, a entrevista de personalidade e a crónica especializada. O reportaxe informe é un relato documentado que expón uns feitos, explicándoos nos seus antecedentes, causas e consecuencias. Presenta fontes documentadas e persoais ben seleccionadas e traballadas e aporta valoracións de expertos que lle dan profundidade. A entrevista de personalidade está baseada na técnica do diálogo que implica saber preguntar e saber escoitar. Por último, a crónica especializada é a narración dun acontecemento do que o xornalista é testemuña e do que está ben documentado e manexa fontes especializadas.

3.2.6.1 Xornalismo de sucesos e xornalismo científico-técnico

A catástrofe do Prestige pode encadrarse nun primeiro momento dentro do sucesos de comunidades en perigo que son a esencia das informacións de sucesos tráxicos que se demandan polos medios da comunicación. Mais un xornalismo de calidade precisa encadralo dentro do xornalismo técnico científico no que se dean resposta ás causas e consecuencias da catástrofe. Neste apartado contrapóñense dous tipos de xornalismo que conviven durante situacións de emerxencias e que, paradoxalmente, teñen un *modus operandi* diferente, como son o xornalismo de sucesos e o xornalismo científico-técnico. Por unha parte, o xornalismo de sucesos que tende ao sensacionalismo e en raras ocasións recorre a fontes de información expertas, e pola outra banda, o xornalismo científico-técnico onde as fontes expertas e a documentación son imprescindibles. Este encontro ou desencontro, segundo se vexa, ao meu parecer, deixa patente como os medios de comunicación actuais reducen a vertente informativa e interpretativa para converterse nun mero pasatempo, centrando a súa atención naqueles acontecementos máis espectaculares e deixando relegadas as explicacións das causas e das consecuencias. Segundo García (2009), a catástrofe ten dúas temporalidades: unha instantánea (a do suceso en si mesmo e destrución das cousas) e outra inmediata (de efectos derivados e recuperación das cousas). O xornalismo de sucesos e o xornalismo técnico-científico encóntranse na mesma ca-

tástrofe pero en diferentes temporalidades, o primeiro no instantáneo e o segundo, na inmediata. No primeiro momento, o comunicador recrease na descrición das causas da catástrofe, das súas manifestacións e sobre todo, dos seus efectos. E cando finalmente se dominan as causas da catástrofe, cando o comunicador profesional recorre, moi loxicamente, ás regras establecidas: elabora un relato que ten unha narrativa clásica: presentación, nó e conclusión. Nesta lóxica da información como narración da orde social, os expertos son os conselleiros dos heroes (García, 2005).

Os sucesos de comunidade en perigo son historias de infortunio a grande escala. Son as noticias sobre grandes desastres. Estas informacións teñen unha compoñente morbosa xa que está ligado á morte e á destrución. A importancia destas novas radica no inconsciente colectivo. Segundo Jung, o inconsciente colectivo, o corazón destas historias radica na reconstrución de certos arquetipos antigos reafirmados contemporaneamente. Os acontecementos éñchense do poder da significación máis alá do seu lugar habitual na orde universal do obxecto. Considérase que o mundo ten unha conciencia, máis alá da intervención humana, que intencionalmente e premeditadamente altera a orde das cousas. Nas historias sobre comunidades en perigo resulta crucial para construír unha impotencia e vulnerabilidade no nivel social máis amplo. Por iso, as historias sobre comunidades en perigo, moitas veces, personifican o mundo inanimado. Ráchase así a harmonía comunitaria para restaurar o equilibrio alterado.

Segundo Quesada (2007), o suceso ten un dos factores de para ser noticia, a excepcionalidade, o inesperado, o saírse do acontecer normal e tamén adoita combinar o interese xeral e o interese humano. O concepto de sucesos provén da palabra francesa “faits divers”, é dicir, “acontecementos diversos”, polo que abarca todas as novas que non entran na sección de política ou deportes. Os sucesos divídanse segundo Kayeser (1974:142) en catástrofes naturais, accidentes, crimes e delitos e varios. Para outros estudosos, os sucesos límitanse aos casos xudiciais e policiais. Pero, hoxe en día, os sucesos son máis amplos que un tipo de nova. O seu tratamento característico, de cor amarelo, impregna toda a sección de sociedade e incluso, entra en outras seccións das que albergan as chamadas noticias duras: política ou a economía. É un enfoque no que o xornalismo busca o dramatismo do acontecemento, a dor ou a felicidade dos protagonistas, lavadas ao extremo.

O xornalismo de sucesos é anterior á aparición das especialidades xornalísticas, existe case dende a orixe da prensa escrita, xa as antigas “gacetas” informaban de crimes, naufraxios e de todo tipo de desastres. Moitos estudosos sitúan o nacemento dos sucesos nos xornais do século XIX e sinalan a Joseph Pulitzer como o fundador do xornalismo moderno nos EE.UU. Pulitzer mandaba os xornalistas da súa publicación á rúa a buscar os sucesos. Desta maneira, comezou a ser habitual a publicación de acontecementos como dramas familiares, crimes e outros sucesos. Herdeiro desta maneira de entender o xornalismo foi William Randolph Hearst, considerado o creador da prensa amarela ou do sensacionalismo polo seu tratamento esaxerado destes acontecementos dramáticos. Hearst buscaba titulares de impacto que atraesen a atención dos lectores. Desta maneira conseguiu vender millóns de xornais e converterse nun magnate (Quesada, 2007).

En contraposición, á longa historia do xornalismo de sucesos están o xornalismo científico moderno que Fernández del Moral di que xorde a raíz da bomba de Hiroshima. Dentro do

xornalismo científico técnico podemos situar o emerxente xornalismo ambiental que comeza a ser unha especialidade xornalística consolidada. Son dúas disciplinas relacionadas xa que o xornalismo ambiental aparece para tratar os efectos e os impactos socioambientais do desenvolvemento técnico científico. En sucesos como catástrofes, a ciencia, o poder político e económico reaccionan a demandas sociais concretas de axentes, institucións e movementos sociais para discutir a axenda de investigación. A sociedade do risco afectolles ás relacións entre a ciencias, a tecnoloxía e a sociedade, abrindo o ámbito institucional da ciencia á acción outros axentes e institucións da sociedade civil que reclaman intervención sobre cuestións tecnolóxicas e científicas a través de “culturas participativas”. (Polino e Chiappe, 2011).

Callón et al (2001, citado por Polino e Chiappe, 2011) identifica puntos de acceso onde o público pode intervir no proceso de produción de coñecementos. Un sería cando hai un conflito entre os coñecementos expertos e os non expertos, e o outro cando o coñecemento non experto intervén no proceso mesmo de definición da axenda de investigación. Os autores fan referencia ao estudo de Epstein (1996) no que dá un bo exemplo de como a axenda de investigación temperá do estudo da sida definiuse de maneira colectiva a partir da presión das asociacións de pacientes que puxaron por involucrarse no deseño dos experimentos. Tamén citan a Nelkin (1984) que denomina as persoas que se involucran nas controversias da ciencia e a tecnoloxía como “veciños” da ciencia e a tecnoloxía, cuxa participación se caracteriza por ser reactiva ante os prexuízos e potenciais riscos que poden ter apareladas determinadas decisións políticas en materia técnica e científica (instalacións dunha planta nuclear, dunha fábrica considerada altamente contaminante, etc), é dicir, xérase coma unha resposta ante unha circunstancia que pode afectarlles ou prexudicalles, a nivel sanitario, ambiental ou simplemente na calidade de vida.

A todo isto, Polino e Chiappe conclúen que a participación cidadá debe ser considerada coma unha dimensión máis da cultura científica entendida nun sentido máis amplo do social que derivan en aprendizaxes sociais e individuais, tanto nos casos nos que se produce por canles institucionais (conferencias) ou ben mediante a implicación de individuos ou comunidades (protesta social, o consumo diferenciado de bens e servizos), é dicir, é un proceso positivo xa que axuda á apropiación política e social da ciencia e a tecnoloxía.

As persoas conforman o seu coñecemento a través da información que provén dos medios para unha construción do seu saber en ciencia e tecnoloxía que lles axude a tomar decisións relevantes na vida cotiá. Por iso, o rol dos medios de comunicación é tan importante neste eido. Fernández de Moral (1997) sinala que a importancia que ten a ciencia na actualidade fai que sexa preciso que teña que ser controlada pola política, pola moral e polos medios de comunicación. En canto ao labor dos xornalistas, o autor sinala que hai un cambio deontolóxico nos últimos anos nos que se considera que “o mellor xornalista non é o que diga as cousas con máis imparcialidade, senón o que se preocupe de coñecer a fondo o tema e sexa capaz de emitir os seus propios xuízos, os xuízos dun xornalista especializado”.

3.3. OS SISTEMAS POLÍTICO-MEDIÁTICOS

Martínez Nicolás (2011) sinala que na actualidade hai unha interdependencia entre os sistemas político e informativo ou mediático que está afectando os modos de facer política e os modos de facer información no sentido que compromete o adecuado funcionamento da esfera pública nas democracias contemporáneas.

Hallin e Mancini (2008) distinguen tres diferentes modelos políticos mediáticos nas democracias occidentais: o liberal que se caracteriza por medios comerciais e politicamente neutrais cunha alta profesionalización; o democrático corporativo, no que coexisten medios comerciais con outros dependentes de grupos sociais e políticos e o modelo pluralista politizado no que o Estado ten un papel relevante.

O sistema mediático español sitúase dentro do modelo mediterráneo ou pluralista polarizado que caracterízase, segundo Hallin e Mancini, por unha prensa orientada cara as elites con tiradas relativamente curtas e unha corresponde importancia dos medios electrónicos. A liberdade de expresión e o desenvolvemento das industrias dos medios de comunicación privados tardaron en aparecer. Adoita haber unha instrumentalización dos medios de comunicación por parte do goberno, polos partidos políticos e polos empresarios industriais vinculados á política.

No modelo de medios do sur de Europa segue existindo o clientelismo que instrumentalizan tanto os medios públicos coma os privados. No caso dos medios de comunicación públicos, os nombramentos adoitan facerse a base de lealtades políticas antes que seguindo criterios puramente profesionais. Pola súa banda, os propietarios das empresas privadas terán conexións políticas que son esenciais para conseguir contratos ou concesións gubernamentais. Moitas veces estes empresarios usan os seus medios de comunicación como medio para negociar con outras elites e para intervir no mundo político. Este modelo contraponse ao da cultura política que exalta o ben común ou o interese público (Hallin e Mancini, 2008).

A explicación que da Hallin e Mancini sobre o tardío desenvolvemento dos medios de comunicación no sur de Europa é o desenvolvemento tarde e dunha maneira feble do industrialismo e do mercado, debido á forza que tiña a Igrexa e os terratenentes. Así, “os xornais de grande tirada nunca se desenvolveron e a profesionalidad xornalística foi restrinxida polo clientelismo”.

Combinación das táboas do sistema político e dos sistemas políticos do Modelo mediterráneo ou pluralista polarizado (Francia, Grecia, Italia, Portugal e España)			
Medios de comunicación		Sistemas políticos	
Industria da prensa	Tiradas pequenas; prensa de elite orientada políticamente	Historia política: pautas de conflito e consenso	Democratización tardía; pluralismo polarizado
Paralelismo político	Alto nivel de paralelismo político; pluralismo externo, prensa orientada cara o comentario; modelo	Goberno de consenso ou de maioría	Ambos

	parlamentario ou gubernamental de control da radio-televisión		
Profesionalización	Profesionalización menor (sindicatos febles); instrumentalización	Pluralismo individual versus organizado	Pluralismo organizado; importante papel dos partidos políticos
Papel do Estado no sistema de medios de comunicación	Forte intervención estatal; prensa subvencionada en Francia e Italia; períodos de censura; desregulamento salvaxe (excepto en Francia)	Papel do Estado	Dirixismo, forte implicación do Estado e dos partidos na economía; períodos de autoritarismo, Estado do benestar forte en Francia e Italia
		Autoridade racional-legal	Menor desenvolvemento da autoridade racional-legal (excepto en Francia): clientelismo
Hallin e Mancini, 2008: 62-63			

Martínez Nicolás e Humanes (2014) nun artigo sobre a mediatización da política no xornalismo español analizan o modelo pluralista polarizado do sistema político-mediático español para confirmar a súa presenza ao longo de tres décadas (1980-2010) e chamar a atención sobre un cambio de tendencia (2000-2010) no que hai un descenso da presenza da política no temario informativo e por primeira vez na etapa analizada por eles, as informacións políticas de carácter interpretativo, crítico ou escéptico superan as descritivas.

Na presente investigación, polo tanto, pártese de que o español era un modelo pluralista polarizado durante a crise do Prestige, ano 2002-2003, como así o confirman Martínez Nicolás e Humanes no seu artigo.

3.3.1 A comunicación política

Segundo Saperas (2000, Casero Ripollés, 2012), a mediatización provoca que a orde social e política deveña, de forma crecente, nunha orde mediática. Debido a iso, sitúa o xornalismo no lugar central do entramado social. Os medios, a raíz deste fenómeno, desempeñan un dobre rol: son simultaneamente espazo e actor, terreno de xogo e xogador (Casero Ripollés, 2012).

A importancia dos medios de comunicación para a política levou á profesionalización da comunicación política que son tanto os gabinetes de prensa e comunicación, spin doctors, os expertos en relacións públicas e márketing. Estas oficinas de comunicación política condicionan o traballo do xornalismo, xa que median entre eles e os políticos. Segundo Casero Ripollés (2012), a súa acción provoca dous efectos perniciosos. Primeiro, potencian a propaganda máis que a información, mediante a imposición de temas e o seu enfoque dos feitos. Segundo, o xordimento de spin doctors aumenta o control sobre o acceso da información por parte do sistema política.

A noción de comunicación política nace da tese da centralidade comunicativa que define a vida política nas sociedades complexas. Grossi entende comunicación política como “o ámbito de relacións e de prácticas, comunicativas, organizativas e simbólicas que concirnen á difusión, á representación, a percepción e a interiorización da acción política na sociedade de masas, e que está caracterizada polas relacións entre tres actores principais: as institucións políticas (partidos, gobernos), as institucións de comunicación (medios de comunicación) e os cidadáns-audiencia (considerando o seu dobre rol de portadores de comportamentos políticos e de consumidores de información)” (Grossi, citado en Badía, 1992).

Grossi divide as dimensións estruturais da comunicación política dos partidos políticos nas sociedades capitalistas avanzadas:

- A dimensión referida á produción, que comprenden as estruturas e canles de comunicación no que se apoia o asentamento do partido. Distingue tres niveis: a) autoprodución que posibilita o contacto do partido cos destinatarios das súas mensaxes sen ningunha mediación de fóra; b) a promoción, que fai referencia os aparellos internos que o partido emprende para informar continuamente das propias actividades, propostas, etc; e c) o acceso directo os medios de comunicación
- A dimensión referida á modalidade de comunicación que comprende os xéneros e tipos de mensaxes producidos. Hai catro modalidades: a propagandística, a informativa, a da imaxe e a da *tematización*. Esta última fai referencia á capacidade de trasladar á opinión pública e de confrontación política temas e controversias que activen a atención dos media para que creen mobilización.
- A dimensión referida os destinatarios. Hai que multiplicar e especificar a natureza das mensaxes a partir de tipos de destinatarios, da función da mensaxe mesma e das circunstancias contextuais. Iso non nega o deseño, doutra banda, de estratexias que sexan para públicos externos e internos do partido.
- A dimensión referida aos contextos nos que operan os procesos de comunicación política. As estratexias de comunicación teñen que pensarse para o contexto no que operan e teñen que relacionar a relevancia do acontecemento, os obxectivos planeados e os medios máis adecuados de comunicación para integrar e soste a acción do partido.

Grossi (citado en Badía, 1992) sinala tres áreas de influencia que integran os distintos efectos que os media producen ou poden producir no sector da comunicación política.

- Efectos sobre a natureza e o funcionamento do sistema político
- Efectos sobre a percepción da política por parte dos cidadáns /audiencia
- Efectos sobre a configuración da esfera pública política

A cada unha destas áreas, Grossi distínguelles dúas funcións principais exercidas polos medios de comunicación. Por unha banda, unha función de estruturación, segundo a cal os medios contextualizan e representan publicamente a política e fortalecen as institucións dun recurso e dun respaldo de mediación. Por outra banda, unha función de subrogación, segundo a cal os media compiten cos actores políticos, con tal de substituílos funcionalmente ou de asumir tarefas políticas que tradicionalmente non lle corresponden ás institucións comunicativas.

Nas sociedades complexas disolveuse o modelo de partido político de masas organizado e centralizado. Como sinala Badía (1992: 130), os partidos perderon o monopolio da mediación políticas nas dinámicas sociais, tanto no terreo do artellamento e a conciliación dos intereses e da prensa de decisión, coma no terreo da mediación simbólica. Por iso teñen que revisar radicalmente as estratexias de comunicación política a fin de encarar a nova complexidade social, para o que precisa un novo marco sistemático de interacción entre política e comunicación. Os problemas aos que se enfrenta a política son sinalados por Grossi:

- Infravaloración dos procesos de formación da opinión pública. Os partidos teñen que producir opinión pública, é dicir, teñen que *tematizar* publicamente os problemas puntuais e as propostas globais respecto de toda a sociedade e non só respecto dos militantes e dos grupos que son o seu referente de clase
- Teñen que distinguir xerarquicamente o nivel propagandístico propio da competición electoral do nivel informativo da *tematización dos issues* e do nivel cognitivo da elaboración de cultura política
- Infravaloración das fontes de produción política e cultural extrainstitucionais
- O absolutismo da lóxica de autoprodución de comunicación política, socioal e historicamente superada pola afirmación contemporánea dun sistema comunicativo socialmente lexitimado por exercer funcións de mediación simbólica entre os partidos e a sociedade, e, máis en xeral, entre os cidadáns e o sistema político
- Un recurso, sexa excesivo, sexa á inversa escaso, cara as políticas de imaxe
- Dificultade para coordinar e alternar, segundo as exixencias que respectivamente haxa de satisfacer as estratexias comunicativas, unha diversificación das mensaxes que correspondan coa existencia de públicos igualmente diferenciados socialmente, e unha capacidade paralela de centralos sobre temas e valores unificadores que susciten agregacións básicas de consenso.
- Descoñecemento das utilización discursivo e lingüísticas que especificamente permiten os distintos medios de comunicación, igualmente coma unha asunción irreflexiva das modalidades e dos xéneros dispoñibles.

Todo isto coloca a política dentro dunha situación de crise / transformación no que conflúen dous factores. Dunha banda, a mesma complexidade da sociedade, que repercutiu no

sistema político e na lóxica que orienta a actividade política; doutra, os procesos converxentes de potenciación e institucionalización do sistema de medios de comunicación de masas, coma ámbito central das funcións de mediación e de estruturación simbólicas da experiencia colectiva, non só no eido da cultura de masas senón tamén no da política (Badía, 1992: 133). Houbo un paso dos partidos xurdidos na segunda metade do século que cubrían funcións de formación ideolóxica, de socialización política e incluso, de medio de comunicación, a través do que proporcionaban os grupos sociais uns esquemas cognitivos de interpretación unitaria da realidade social. Coa evolución da sociedade industrial xorden actores políticos colectivos que non corresponden o principio de organización/partido, como de tipos de mobilización política que non poden ser explicados a partir do principio de organización militante (Badía, 1992: 141). Volvendo a Grossi e a súa aposta pola creación de mecanismos de mediación simbólica que faciliten a comprensión dos fenómenos sociais tamén recomenda que as distintas institucións produzan identidades que as caractericen socialmente, é dicir, que as institucións fagan unha construción simbólico e cognoscitiva da súa representación específica. Nesta liña, Grossi (Badía, 1992:150) identifica tres tipos de imaxe a partir da fonte que as produce e que conflúen na definición da imaxe pública global do partido político a escala da sociedade: 1) a imaxe autoproducida, é dicir, aquela directamente construída polos partidos políticos; 2) a imaxe *heteroproducida*, é dicir, aquela continuamente articulada por outras institucións (adversarios políticos e medios de comunicación) e finalmente 3) a imaxe sedimentada, aquela imaxe que xa é presente e que circula pola sociedade, en tanto que síntese de procesos socio-históricos precedentes.

3.3.1.1 A tematización

Polo tanto unha das labores da comunicación política é a tematización dos acontecementos e a súa selección para que entren na axenda política. Marletti (citado en Badía, 1992) su-bliña que máis alá do estudo de simple citación ou mención dun tema, a noción de tematización aluda a procedementos cognoscitivos que se atribúen a aqueles acontecementos, situacións, conflitos, etc que conseguiron concentrar a atención social, é dicir, que se converteron en obxecto de debate público co fin de ser resoltas.

“Tematizar, desde este punto de vista máis concreto significa dispoñer de criterios non tan só argumentos, senón de conveniencia útil da influencia práctica, que indican a necesidade que un tema determinado sexa inscrito na axenda pública dunha colectividade nacional. Hoxe a lexitimación e o consenso xóganse non só na área das identidades e das ideoloxías, senón na área dos temas, os políticos danse conta perfectamente que “tematizar” significa dispoñer dun importante recurso político para o control da conxuntura. Neste sentido, os procesos de tematización son efectivamente procesos “racionais”, pero non no sentido intelectual, senón no sentido que a capacidade de tematización pode definir o grao de racionalidade posible dun sistema político, na negociación das decisións e na recomposición da demanda política da base” (Marletti, citado en Badía, 1992)

Ás veces, entran no sistema políticos tematizacións de fóra do sistema político e mediático, nun intento destes sistemas de influír nas decisións políticas. Marletti sinala que as institucións de investigación científica, os intelectuais e os ambientes universitarios poden ser capaces de artellar procesos sociais de tematización, sobre todo, en situacións de crise política e social, de destrución do medio natural, etc. O autor italiano sinala que o sistema político pode absorber estas tematizacións pero non aquelas que veñen de movementos anti-institucionais de carácter radical que, en raras ocasións, pode usarse polo sistema como material simbólico.

Para Marletti a noción de controversia política permite diferenciar entre os temas que poden xerar opinións iguais dos *issues*, que comparte sempre opinións discordantes. “Mentres que un tema non é senón unha forma de xeneralización simbólica de situacións singulares que posibilita a comunicación, unha controversia supón o proceso mediante o cal o sistema político sanciona selectivamente a prioridade dun tema diante doutros temas, en relación con acontecementos, situacións e problemas. A modificación da controversia non é máis que o resultado que perseguen os procesos de tematización e debate público do acontecemento e dos problemas. Resulta neste caso que a función de tematización consisten en permitir a reinterpretación, o enriquecemento e a modificación de presentación das cuestións tematizadas, como tamén canalizar as dinámicas de negociación (Badía, 1992: 202-205).

Marletti sinala catro secuencias dos acontecementos, dos temas e das controversias políticas:

- Secuencias determinadas polos acontecementos que poden ser: a) os acontecementos excepcionais de carácter catastrófico, que non adoitan ser tematizados e, cando orixinan controversias políticas, son inscritos na axenda política a escala simplemente simbólica; b) os acontecementos críticos derivados da acción externa doutros sistemas políticos e non políticos. Estes acontecementos teñen efectos máis variables de tematización que non na modalidade anterior, xa que conseguen conservar durante máis tempo a atención xeral, sen levar a termo informacións de actualidade; e c) os feitos de crónica que afectan a esfera privada e que, tan só se son especialmente graves, pasan o ámbito da información local
- Secuencias desenvolvidas a partir de interaccións políticas. Refírense aos feitos políticos (accións/acontecementos realizados polo sistema político ou por outros sistemas), o grao de liberdade dos medios de comunicación de atribuír os criterios de relevancia informativa é notablemente máis elevada que no caso dos acontecementos propiamente ditos, en parte porque obxectivamente esta relevancia dificulta ignoralos ou substraelos do debate público.
- Secuencias desenvolvidas a partir de controversias. Hai catro tipos: as controversias políticas, as controversias de opinión, as controversias entre grupos de interese e as controversias de expertos
- Secuencias que parten dun tema ou dun problema, independentemente do acontecemento e das controversias. É o caso pouco frecuente de tematizacións autónomas do propio medio de comunicación.

3.3.2 Estratexias de comunicación política

Canel (1999) define as técnicas de comunicación de institucións coma o conxunto de regras (principios) e procedementos (aplicacións específicas) da comunicación de intención persuasiva que, con recursos psicolóxicos e informativos, levan a cabo as institucións para influír nos destinatarios co fin de conseguir unha adhesión permanente para exercer e distribuír poder, e realizar o ben público. Para Canel, a estratexia de comunicación máis básica é a cesión de información, conséguese a través de mediante técnicas:

- Manter unha relación fluída e próxima cos medios de comunicación
- Adiantarse as necesidades dos xornalistas e satisfacer as esixencias concretas
- Non amosar diferenzas no trato cos medios de comunicación
- Cando se ten unhas información que é de interese de noticia e se prevé que atraerá os medios de comunicación, é bo aproveitalo para dar informacións que interesen á institución e non tanto aos medios
- Coñecer ben os ritmos informativos dos medios de comunicación, para enviar a información nun momento no que haxa posibilidade de que non se converta en noticia.
- Téñense que combinar adecuadamente o uso de notas de prensa, roldas de prensa e de entrevistas, co fin de non golpear excesivamente aos medios. Un incremento esaxerado destes impactos de información oficial poderían acabar anestesiando o seu efecto

Outras técnicas serían a ocultación de información, a organización de eventos e a publicidade institucións. Canel propón a clasificación das técnicas e estratexias políticas na seguinte táboa:

Estratexias e técnicas para a comunicación política das institucións. Canel, 1999	
Estratexias de comunicación	Técnicas de comunicación
Cesión de información	Adecuación aos criterios de <i>noticiabilidade</i> profesionais Relación estable con medios de comunicación
Ocultación de información	Mentira “inadvertida” Confusión intencionada Relaxación da linguaxe Neutralización da información negativa Sesións <i>off the record</i> Filtracións
Escenificación: organización de eventos	Roldas de prensa <i>Briefings</i> de prensa

	Eventos especiais Discursos
Comunicación persuasiva: publicidade institucional	Insercións publicitarias Correo directo

Para Marletti (citado en Badía, 1992) unha das estratexias de comunicación política é a produción artificial de acontecementos que pode tomar dous camiños, combinables entre si. Por unha banda, as estratexias comunicativas orientadas cara o uso simbólico do acontecemento e das controversias políticas (produción de media events, políticas espectaculares). E pola outra, estratexias comunicativas orientadas cara o control do acontecemento, do tipo de declaracións posteriores ao acontecemento que ten que controlar, ao que quedan asociados e os substitúen en termos de imaxe. Isto leva a autorreferencialidade política que é un modo de conservación do sistema.

En ocasións, os medios de comunicación non poden ou non lles beneficia dar unha información. Segundo Canel, “ocultar información é basicamente mentir. Pero a mentira, dicir o contrario do que se pensa, é unha técnica que non compensa a longo prazo, non ten bos resultados na xestión da comunicación”. A mentira pode socavar coa credibilidade dos políticos que é o máis valioso que teñen. As estratexias que sinala para a ocultación son:

- A mentira inadvertida. É a que se produce sen intención por parte de quen dá a información. Conséguese mantendo desinformados ou sen datos aos portavoces
- A confusión intencionada consiste en crear espazos lingüísticos, por exemplo, mediante a relaxación da linguaxe. Trátase de substituír termos agresivos ou que teñan connotacións pexorativas por outros que son positivos, máis neutrais ou o suficientemente abstractos como para non significar nada
- A neutralización da información negativa. Consiste en acompañar a mala noticia dunha boa, de forma que, ao dar énfase a esta última, o efecto da primeira queda anestesiado.
- *Off the record*, é a forma de dar a coñecer unha información e evitar que sexa publicada
- A cortina de fume que é crear unha información para desviar a atención mediática cara ela
- A filtración que é a cesión de información parcial, prematura e desautorizada
- O globo sonda consiste na revelación dunha proposta que está baixo consideración co fin de probar a súa viabilidade
- O sopro que consiste en facer pública unha cuestión que a institución quere manter secreta co fin de provocar ao respecto un debate público

3.3.3 A comunicación de crise

Os sucesos son unha oportunidade para saber realmente a capacidade de xestión que teñen das institucións, así como da capacidade do seu líder. Ademais cando se presentan os líderes políticos terán grande visibilidade mediática “para ben ou para mal” e a oposición verá a oportunidade de retar a competencia que teñen nos gobernos (Edelman, citado por Canel, 2007). Estes sucesos deben ter resposta desde as áreas de comunicación institucional das administración atendendo a un plan de comunicación de crise. Segundo González e Pratt (citado por Sotelo, 1999), “a xeneralización da práctica da comunicación de crise débese a varios factores: por unha banda, a atención crecente que os medios de comunicación prestan ás catástrofes ou aos riscos de catástrofe, de diferente signo; e por outra banda, ao aumento das demandas que as empresas afrontan por defectos e negligencias nos bens e servizos que ofrecen no mercado”.

Lerbinger (citado en Sotelo, 1999) indica diferentes tipos de crises. Segundo esta clasificación, a catástrofe do Prestige sería unha mestura dos tres tipos. Comezou coma unha crise da natureza que acabou sendo unha crise debida á mala xestión e desembocou en crise de carácter social.

- Crises da natureza: trátase de situacións críticas que teñen consecuencias sobre o medio natural, no que se inclúe ao ser humano. Estas crises, que a miúdo provocan catástrofes de grandes dimensións, con perdas humanas e deterioro de ecosistemas, son resultado de fenómenos naturais (un terremoto, por exemplo) ou do mal uso dos recursos tecnolóxicos (o afundimento dun petroleiro). Ningunha organización é considerada, en principio responsable dun fenómeno natural, pero si se considera moralmente obrigada a colaborar na reparación da desastre.
- Crises de carácter social: neste tipo de crises, os problemas xorden por conflitos con sectores determinados da sociedade. Estes enfrontamentos poden ter un desenvolvemento cívico, e resólvense mediante a discusión pública (por exemplo, a presión dun grupo ecoloxista), ou son froito de acción malévolas, nas que a organización é atacada con procedementos criminais (acto de terrorismo)
- Crises debida a unha mala xestión: hai situacións críticas nas que a causa principal e incluso única é a conduta reprobable dun membro da organización. Lerbinger fala de falta de principios, engano ou comportamento impropio coma os motivos máis típicos deste xénero de crises, pero a lista de causas podería ser máis longa.

Sotelo sinala que os encargados da comunicación institucional deben tomarlle o pulso a sociedade e coñecer as tendencias e cuestións que se introducen na realidade política, económica, social e cultural dunha comunidade.

“A práctica de *issues management* é froito da presión dos grupos activistas e doutros sectores sociais para que as organización definan e desenvolvan a súa responsabilidade social, así coma

do debate sobre os caracteres de dita responsabilidade. As institucións deben facer todos os esforzos posibles para lograr a harmonía coa comunidade, ben influíndo sobre os caracteres da xente ou adaptándose a eles” (Heath e Cousino citado en Sotelo, 1999)

Coombs (citado en Sotelo, 1999) sinala as diferentes posturas que toman as institucións ao facer fronte a un estado crítico:

- Postura agresiva. Os directivos da organización negan ser responsables e acusan aos outros de ser causantes da situación
- Negación. A institución nega a existencia de crise algunha, e incluso argumenta sobre dita inexistencia
- Recoñecemento mínimo. Os responsables minimiza a crise e defenden a súa inocencia ante acontecementos que superan a súa capacidade de acción
- Postura resolutive. A organización intenta resolver os problemas xerados pola crise e evitar que volvan aparecer
- Recoñecemento pleno da responsabilidade. Os directivos manifestan publicamente a súa responsabilidade no desenvolvemento da crise e comprométense á súa rápida e completa resolución





4. A catástrofe do Prestige

O 8 de xuño de 2002 o petroleiro monocasco chamado Prestige, construído no ano 1976, parte do porto grego de Kalamata na que sería a súa derradeira viaxe. Ese día o barco contaminou o peirao heleno enchendo o lugar de nubes negras. Polo suceso, foron sancionados polas autoridades portuarias tanto o capitán do barco coma o mecánico. O capitán do barco, naquel momento, era Stratis Kostazo. Aquela mañá, antes de saír de porto, Stratis escribiu na bitácora: “Négome a recibir a capitania do navío a causa das malas condicións nas que está o barco”. Unhas horas máis tarde, Kostazo levanta áncoras cara San Petersburgo despois de ser convencido polos armadores de que se solucionarían os problemas. Tres meses máis tarde, Kostazo renunciará definitivamente a facerse cargo da embarcación (información publicada no xornal Ethnos, 7/01/2005).

O 12 de setembro de 2002, os armadores convencen ao antigo capitán do barco, Apostolos Mangouras, para que se faga cargo do barco que estaba no porto ruso de San Petersburgo no que levaba uns 128 días usándose como almacén flotante de hidrocarburos. O 30 de outubro de 2002, o barco sae de San Petersburgo con carga e para no porto de Ventspils (Letonia) onde completa a súa carga ata 76.993 Tm de fuel pesado. Nesa última viaxe a tripulación estaba formada por 27 persoas: o capitán e xefe de máquinas gregos, 24 tripulantes filipinos, entre os que estaban todos os oficiais de ponte e de máquinas, e un tripulante romanés.

Un dos motivos da impunidade dos donos do Prestige debeuse á maraña empresarial ao redor do barco. O petroleiro navegaba baixo bandeira das Bahamas, o seu propietario tiña a empresa inscrita en Liberia, Mare Shipping, e estaba xestionada pola ateniense, Universe Maritime. Algo parecido aconteceu nos afundimentos do Mar Exeo e do Casón. Resulta paradoxal que o Prestige dispuxera de todos os certificados de seguridade e de prevención da contaminación e contara coa máxima clasificación da American Bureau of Shipping (ABS), sociedade clasificadora do buque desde a súa construción. É dicir, o Prestige, un barco en mal estado, navegaba con todos os papeis en regra, a pesar de que contaminara en xuño Kalamata e que estivera fondeado coma almacén flotante de hidrocarburos en San Petersburgo.

O 13 de novembro de 2002, ás 15.10 horas, comeza a crise. Ese día, a esa hora, o capitán activou o sinal de alarma: “Prestige, latitude 42° 54'N lonxitude 009° 54'W. SOS. Perigo Non Definido”. Cando estaban no corredor marítimo de Fisterra, houbo unha explosión no barco a unhas 27 millas da costa galega. O barco comezaba a escorarse e en poucos minutos a inclinación sería de 25-30 graos. Segundo o libro “Crónica negra do Prestige”, o accidente puido deberse ao impacto dalgunha carga perdida doutro barco co Prestige. Foi un golpe no casco que provocou un burato. “Unhas horas antes do accidente, polo menos tres dos barcos que transiaban pola zona, castigados pola forte ondada, perderon parte da súa carga. Un transportaba

contedores, outro levaba troncos e o terceiro uns tubos de 1.100 metros de diámetro” (Gómez e Ordaz, 2003).

O Centro de Salvamento de Fisterra pon en marcha o dispositivo de auxilio, o helicóptero Helimer Galicia da Xunta e o Pesca I, rescatan a 24 dos 27 tripulantes, quedando só no barco o capitán, Mangouras, o primeiro oficial, Maloto, e o xefe de máquinas, Argyropoulos.

Esa tarde intentarán remolcar o barco co Ría de Vigo, remolcador propiedade da empresa privada Remolcanosa con contrato do Servizo de Salvamento Marítimo (Sasemar), do Ministerio de Fomento. Mais non houbo comunicación entre o barco e o remolcador durante tres horas. Segundo publicaron varios xornais e libros (Gómez e Ordaz, 2003; Pereiro, 2013), neses momentos estábase negociando o rescate entre o armador e as empresas (aseguradoras, intermediarias...) “Cando un petroleiro é rescatado, o salvador opta a unha recompensa millonaria entre o 10% e o 30% do valor total, segundo a gravidade da situación. Neste caso, podían ser uns 6.000 millóns de pesetas. A negociación foi para a empresa holandesa Smit Salvage (socia da empresa remolcadora do Ría de Vigo), con sede en Rotterdam que mediante un fax pechou coa armadora do Prestige Universe Martime o rescate”.

“O barco Remolcanosa está contratado polo Ministerio de Fomento. Pode facer contratas privadas se avisa con 15 días de antelación, que non é evidentemente o caso. Mangouras non foi moi explícito na súa primeira declaración sobre por que estivo *a velas vir* no primeiro momento, pero meses despois, no xulgado de Corcubión, aclarouno: *Non sabía que o Ría de Vigo era un remolcador do Estado, e polo tanto, de balde*. Non se sabe se Fomento estaba ao tanto desa dobre vida da concesionaria de Salvamento, pero nos portos galegos sabíao todo o mundo” (Pereiro, 2013)

Despois desta negociación, o capitán Mangouras informa que o barco será remolcado pero os intentos para remolcar o Prestige fallan e vai á deriva cara a Muxía, incluso pode verse desde terra. Finalmente, o remolcador Ría de Vigo consegue facerse co Prestige.

As autoridades españolas querían afastar o perigo da costa e aterra cun helicóptero de capitania no barco para facer acender os motores. Esa mesma noite embarcan no Prestige nove técnicos holandeses de Smit Salvage, entre eles está Wyste Huisman que toma o mando do Prestige. O primeiro que fai o novo capitán é apagar os motores polo intenso temporal. Comeza así unha viaxe agónica, na que o barco non tiña rumbo marcado.

O xoves 14 de novembro de 2002 comeza a verse o rastro do Prestige. Hai unha mancha de fuel dunhas 5 millas de lonxitude no mar. Esa noite, a mancha é dunhas 3.000 toneladas de fuel e está fronte ás costas de Fisterra. O barco comeza a afastarse da costa cara o norte. A compañía de salvamento Smit baralla a posibilidade de levalo ao porto da Coruña para transvasar alí a mercadoría, pero o delegado do goberno en Galicia, Arsenio Fernández de Mesa comunica que non o quere en ningún porto de España.

“O xoves 14 de novembro á primeira hora da mañá, no programa O miradoiro da Radio Galega, Xusto López Carril entrevista o Delegado do Goberno, Arsenio Fernández Mesa, que lle di que o Prestige está a unhas sete millas da costa. Xusto, que é de Muxía, empeza a recibir chamadas dos veciños dicindo que de sete millas nada, que o teñen diante, rodeado de remolcadores que non dan tirado del” (Pereiro, 2013)

O venres 15 de novembro de 2002 mentres Smit Salvage segue intentando rescatar o barco e non incumprir a esixencia de España de levar o barco lonxe da costa, as manchas de petróleo vertidas polo barco comezan a achegarse á Costa da Morte, unha mancha a 11 millas de Cabo Touriñán e outra a 18 de Fisterra. O petroleiro estaba a 65 millas deste punto (Fisterra) e a súa fenda medía xa 50 metros, cun alto risco de partirse. Os motores apagáronse definitivamente. O capitán é evacuado do barco e ao chegar a terra é detido por posible delito de desobediencia e outro delito contra o medio natural.

O sábado 16 de novembro comezaron a chegar as manchas de fuel, moi fragmentadas, á Costa da Morte, ás praias de Trece, Camelle, Santa Mariña, O Roncudo e Nemiña. O barco seguía sendo arrastrado cara o norte e estaba a 60 millas da costa. O domingo 17 de novembro O Prestige xa está a 70 millas de Fisterra e segue afastándose cun cambio de rumbo cara o sur. Pola noite, hai unha nova mancha que afecta a ría de Noia e ameaza a de Arousa. O luns 18 de novembro o Prestige segue a súa viaxe cara o sur, o goberno de Portugal prohíbe a entrada do barco en augas portuguesas coa fragata Joao Coutinho. Ata o momento, o petroleiro leva vertidas 4.000 toneladas de fuel que cubriron 150 quilómetros de costa.

O martes 19 de novembro de 2002, O Prestige afunde de noite. Levaba seis días de navegación sen rumbo e acaba a 266 quilómetros das Illas Cíes. Tardará seis horas en somerxerse completamente. Ao recibir a noticia, o goberno francés declara a prealerta de contaminación nas costas francesas. Mentres en España dáse unha mensaxe de que haberá indemnizacións cunha partida de 27 millóns de euros para os afectados. Nos días seguintes, varias mareas negras contaminarán Galicia, Asturias, o País Vasco, Francia e norte de Portugal.

“Ás sete e un minuto do 7º día, despois de percorrer ferido 437 quilómetros, o castigado casco parte en dous. Ás 10.45 h afunde a popa. Ás 15.18 h, a proa (...) En concreto a 3.600 metros de profundidade e a 240 Km da costa. Aínda que no seu día, Fernández de Mesa dixera: *Hay una cifra que está clara y es que la cantidad que se ha vertido no se sabe*, oficialmente verterá entre 10.000 e 20.000 toneladas. Con todo ao final sacaron das adegas 14.000 toneladas, co que neses sete días, o Prestige tivo que deitar no mar entre 50.000 e 60.000 toneladas”. (Pereiro, 2013)

4.1. MAREAS NEGRAS HISTÓRICAS

A historia das grandes mareas negras comezou co superpetroleiro Torrey Canyon o 18 de marzo de 1967. Seis dos seus tanques fenderon por un forte impacto contra o arquipélago das Scilly, ao suroeste de Cornwall. As 120.000 toneladas de cru dos seus tanques tinguiron todo Cornwall de negro, a illa de Guernsey e o litoral da Bretaña francesa. O terrible deste suceso

non foron só as 120.000 toneladas de cru das costas, senón que a cada intento de poñer fin ao desastre, as consecuencias eran peores debido a inexperiencia neste tipo de casos. Así usáronse 15.000 toneladas de deterxente para limpar, provocando aínda máis contaminación, e polo tanto, máis morte da fauna e da flora do lugar. A desesperación tamén levou ao goberno a bombardear o petroleiro durante tres días seguidos coa intención de queimar o cru. Unhas 1.000 bombas, 44.000 libras de queroseno, 12.000 litros de napalm e 16 mísiles deixáronse caer enriba do Torrey Canyon (información de cetmar.org).

A Bretaña francesa ao igual que Galicia, está entre os lugares con máis mareas negras. No ano 1978, a costa francesa tivo que enfrontarse a unha das peores mareas negras da historia, causada polo petroleiro de bandeira de Liberia, Amoco Cádiz. Outra das peores catástrofes foi, desta volta en Alaska, no ano 1989, causada polo petroleiro “Exxon Valdez” que verteu 40 millóns de litros de cru poñendo en perigo unhas das máis importantes reservas ecolóxicas do mundo.

Pero este tipo de catástrofes non para. Cada vez son máis graves. Un dos máis recente, no ano 2010, situouse coma a peor catástrofe petroleira de todos os tempos. Foi o afundimento da plataforma petrolífera de Deepwater Horizon, situada a 80 quilómetros da costa de Louisiana, no golfo de México. Todos os intentos non puideron evitar o derrame de 800.000 litros de cru dende a explosión na plataforma, o 20 de abril, ata o selado definitivo o 15 de xullo.

Desde os anos 60 contabilizáronse unhas 130 mareas negras no mundo e o Prestige está considerada coma unha das tres máis grandes. Galicia é un punto negro pola cantidade de casos de contaminación mariña. O Prestige é un máis da longa lista de contaminación das costas galegas por barcos de mercadorías. Sobre Galicia pesa a estatística dunha catástrofe marítima cada cinco anos. O risco ao que está sometido a costa é diario. Cada día unha media de 38 barcos con mercadorías perigosas pasan fronte a Galicia. Anualmente, son uns 14.000 buques. Desde o ano 1970, Galicia tivo cinco mareas negras cos nomes dos barcos accidentados nas súas costas : Polycommander, Urquiola, Andrios Patria, Casón, Mar Exeo e Prestige.

A primeira destas grandes mareas negras foi a do petroleiro Polycommander, o 5 de maio 1970, que verteu petróleo á entrada da Ría de Vigo, contaminando as illas Cíes, Panxón e Bationa. Foron unhas 13.000 toneladas vertidas. Seis anos máis tarde, o 12 de maio de 1976, o Urquiola embarrancou na entrada ao porto de A Coruña con 108.000 toneladas vertidas nesta ría. Máis da metade do cargamento do cru ardeu trala explosión inicial. Nesta catástrofe unhas 20.000 toneladas de petróleo chegaron á ría de A Coruña, Ferrol e Ares.

O 31 de decembro de 1978, o mal tempo provocou unha fenda no petroleiro grego Andros Patria a 30 millas das illas Sisargas, na Coruña. O suceso estivo acompañado dunha explosión e dun incendio. A pesar do mal estado no que se encontraba, o barco dirixese ao sur das Azores onde transvasa a carga a dous petroleiros ingleses. Neste suceso, unhas 47.000 toneladas de cru chegan ás costas galegas. En 1987, o cargueiro Casón encallou na Costa da Morte, creando unha situación de pánico entre a poboación.

O suceso previo ao Prestige foi o Aegean Sea, o 13 de decembro de 1992. Unha semana antes de que o Prestige aparecese en Galicia, os afectados por este suceso acababan de cobrar as indemnizacións, dez anos despois. O Aegean Sea contaminou 300 quilómetros da costa ga-

lega, as Rías da Coruña, Ares, Betanzos e Ferrol. O barco encallou fronte á torre de Hércules á entrada do porto da Coruña. Unhas horas máis tarde, partía en dous, comezaba a arder e acaba por afundir. Das 70.000 toneladas de petróleo que transportaba a Refinería Repsol da Coruña vertéronse ao mar unhas 67.000 toneladas. Uns 4.000 empregos directos estiveron paralizados polo desastre, as axudas tardarían dez anos en chegarlles aos afectados (información de cetmar.org)

4.2. O ESCENARIO DA TRAXEDIA

Galicia converteuse en 2002 no escenario dunha crise ecolóxica, pero tamén económica, política e social, que a situou no centro de todos os medios de comunicación estatais e tamén, internacionais. Esta catástrofe vai mudar a configuración da sociedade galega dunha maneira silandeira, que se aprecia mellor coa distancia que dá o tempo. É importante facer unha radiografía de Galicia para comprender a importancia que adquiriu nas reivindicacións das protestas e como pasou de ser o escenario da traxedia, a un actor máis.

Galicia é unha das chamadas nacionalidades históricas do Estado español, conta cunha cultura e unha lingua diferenciadas das do resto do Estado. Despois da transición, Galicia conseguiu en 1981 o seu Estatuto de Autonomía. As primeiras eleccións foron no ano 1981 das que saíu Alianza Popular con Xerardo Fernández Albor. Nas seguintes eleccións, en 1985, repetiuse a elección de Albor. Dous anos máis tarde, formouse o tripartito dos partidos de esquerdas encabezado por González Laxe do partido socialista. Dende 1989, o Partido Popular Galego encabezado por Manuel Fraga e Iribarne estivo no goberno da Xunta de Galicia por maioría absoluta. No momento do afundimento do Prestige coincide que tanto no goberno de Galicia como no de España está o Partido Popular.

“Se fixésemos unha análise sobre a posición dominante que mantén o Partido Popular de Galicia dende o comezo da autonomía, que xa tomaba o relevo da ampla confianza que durante a transición lle deramos ás tecnocracias tardofranquistas da UCD, atopariámonos coa sorpresa de que, lonxe de concluír que os galegos somos esencialmente conservadores, a explicación da nosa conduta electoral está relacionada cun problema predemocrático, que fai referencia á nosa incapacidade para sacar adiante o país sen a axuda das muletas que nos brindan as elites conectadas ao poder. Por iso levamos os máis de vinte anos transcorridos dende a instauración do réxime autonómico sen ter definido o marco estrutural da nosa política e do noso desenvolvemento económico e social, cunha dereita que nos enche de intermediarios eficaces para propiciar o poder de Madrid, e un nacionalismo que non acaba de desprenderse do tufo colonial dunha cruzada que, indo á procura dun tempo feliz no que Galicia sexa gobernada polos galegos, parece da a entender que agora nos gobernan os chineses ou os peruanos”. (Barreiro, 2004).

O profesor Sequeiros (1993) considera que para a modernización de Galicia tíñase que cambiar o discurso dos comportamentos políticos dos galegos. Tanto Sequeiros como Barreiro consideran que o éxito do Partido Popular radica en fomentar as forzas sociais e económi-

cas tradicionais. Mentres Sequeiro amosa unha esperanza na súa metáfora de *o muro fendido* da entrada de novos ventos en Galicia que poidan modernizala económica e socialmente e rachar co muro do tradicionalismo, Barreiro responde á metáfora coa do “muro que non amolece”.

O muro fende -como pensaba Sequeiros-, abre fendas por moitos sitios, pero as elites dominantes, donas do poder, conseguen recebar ese muro, e mantelo ergueito e funcionalmente operativo, facendo que viva a racionalidade social (Barreiro, 2004)

A situación socioeconómica de Galicia en comparación co resto de España e de Europa amosa a perda do tren da modernidade industrial e agora tecnolóxico. Galicia envellece máis que ningunha outra rexión de Europa, ten os soldos e as pensións máis baixas de España, e ten un paro e unha precariedade laboral moi por enriba da media española. A renda non chega ao 65 por cento da que corresponde á Unión Europea dos 15, e tampouco chegará ao 75 por cento da Europa notablemente empobrecida dos 25. Hai menos estudantes, menos camas de hospital que para o resto dos cidadáns de España. Dentro de Galicia, hai un desequilibrio entre a zona costeira e a interior. Comézase a apuntar unha desertización do interior e unha economía baseada na autoestrada do Atlántico, entre Ferrol e Tui (Barreiro, 2004). Nesta posición desfavorecida hai unha tendencia a manter unha posición de aldraxe do exterior cara o pobo galego, o que se deixa arrastrar sen actuar.

Nun país como o noso, máis proclive a resistir que a competir, e máis acostumado á reivindicación e á queixa que á xestión e á análise das responsabilidades, resulta perfectamente lóxico que o sentimento da aldraxe sexa un síntoma de confusa debilidade, que se relaciona co mundo a través de dous sentimentos contraditorios: un de hipervaloración, que nos sitúa no centro das envexas do mundo exterior, e outro de infravaloración, ou de autoodio, que nos converte en punto de atracción de celadas e inxustizas á cotío imaxinadas. Na lectura cotiá da prensa galega, que adoita reflectir con moita exactitude a forma hipocrítica na que ollamos a nosa realidade, resulta igual de fácil encontrar o titular triunfal “Galicia se convierte en la meta del turismo europeo”, como o titular derrotista “El comisario Fischler ataca la pesca en Galicia”, que amosan dúas formas distintas de falsear unha realidade que case nunca se move polos extremos (Barreiro, 2004).

O transvase da poboación das aldeas ás cidades segue sendo lenta con respecto o resto da península. Cando este transvase de poboación é fora do territorio galego, a experiencia provoca a interiorización no pobo da experiencia de Galicia como inviable. A emigración, o exilio económico, podería, pois, estar constituíndo unha manifestación indirecta da renuncia colectiva propio, de abandono dos sinais de identidade nos que con maior claridade se revela a existencia dun *nosoutros* ‘distinto’, tidos e vividos por amplas franxas da poboación como secundarios. É posible que Galicia, como idea transcendente, non sexa considerada portadora dun proxecto socialmente suxestivo e historicamente factible (Sequeiros, 1993).

O artellamento de novo dunha sociedade galega homoxénea necesita infraestruturas viarias en condicións para unir fisicamente a poboación, pero tamén unha comunicación social que vincule os diferentes cidadáns de Galicia uns cos outros. O minifundio, o individualismo galego, non é só un problema de división da terra, senón da non creación de redes de comunicación. A sociedade galega está dividida en dúas mentalidades ou pensamentos ideolóxicos, o que pode segmentar esta sociedade porque parece que “uns e outros vivamos realidades e situacións distintas, que pouco teñen que ver entre si, cando en realidade estamos todos dentro do mesmo barco” (Lamela, Carmen; Taboadela, Obdulia e Vázquez, Gabriel, 2003). Barreiro (2004) considera que a análise política galega carece de matices e simplifícase en nacionalismo/estatalismo. A dicotomía sitúase entre “os que pensan que un afondamento nas estruturas do autogoberno serviría para rachar co atraso tradicional, fronte aos que pensan que esa autonomía podería levar a perder definitivamente o tren do desenvolvemento e da modernidade, que viaxa arrastrado polas locomotoras española e europea”.

Esta situación está relacionada coa implicación da sociedade galega na vida social e política do país e o consentimento de gran parte da poboación de deixarse levar pola clase dirixente. Así, o pobo galego caracterízase por destacar a individualidade fronte a colectividade en todos os terreos. A falta de estrutura social na nosa comunidade, e polo tanto, a identidade social, como colectivo ou pobo cuns intereses, valores, unha forma de pensar, de sentir e de ver unhas cousas como intereses comúns. Segundo Barreiro, Galicia necesita crear unha nova identidade, un pobo que encha a terra.

Diz e Lois remítense ao estudo de Fabiola Mota (2002) para asegurar que Galicia está entre as comunidades españolas cun nivel medio baixo de capital social, no que existe baixa participación política e pouco tecido asociativo. Segundo Maiz (1996, citado por Diz e Lois) o Partido Popular teceu unhas relacións clientelares entre a Xunta e os cidadáns que xeraron “un subsistema de redes políticas, unha forma peculiar e informal de capital social que implicou a erosión do normal funcionamento das institucións democráticas e o sistema de partidos”.

4.3. OS ACTORES DA CRISE

Durante a catástrofe do Prestige participaron moitos e diversos actores tanto no rescate coma nas protestas nas rúas, na limpeza no litoral ou nos medios de comunicación coma testemuñas de primeira man ou expertos sobre o tema. De todos eles vaise falar dividíndoos en dous grupos, os que defenderon ao goberno e a súa actuación ou avalaron as súas teses, e os que as puxeron en dúbida ou criticaron, xa sexa con declaracións nos medios ou cunha acción coma limpar rochas nas praias ou ir a unha manifestación.

Estas posicións transcenden grupos ou colectivos establecidos noutras investigacións coma mariñeiros ou científicos, principalmente. Considéranse coma grupos homoxéneos que opinan e actúan igual cando houbo unha parte dos mariñeiros ou afectados que defenderon a actuación do goberno durante os días previos ao afondamento; e outra, na que se criticaba a decisión de afastar o barco das costas, na que se pedían máis medios para limpar a contaminación das mareas negras, máis axudas para os damnificados e o poder acceder a unha boa información sobre o caso. O mesmo ocorreu cos científicos, hai uns aliñados coa versión oficial ou

que responden aos intereses oficiais e outros que dan opinións menos condicionadas pola liberdade que lles dá, por exemplo, ser profesores/as universitarios, coma se verá máis adiante. Estes dous grupos son os máis simbólicos xunto cos voluntarios porque, por unha banda, os mariñeiros e xente do mar son os afectados ou vítimas, e por outra banda, os científicos son as fontes de información máis cualificadas. É dicir, son os colectivos que dan máis lexitimidade a uns discursos ou a outros. Hai estudos que conclúen que, por exemplo, os mariñeiros ao principio protestaban e logo, acolléronse ás axudas do goberno. Estas defensas non coñecen que houbo confrarías máis proclives ao poder e outras máis críticas durante todo o proceso e unifica o colectivo coma cun pensamento único. En resumo, houbo uns actores que se aliñaron en prol das teses do goberno, xa fose por convicción ou interese e outros ao redor do movemento Nunca Máis. Vese, pois, esas dúas *Galicias* que viven a cabalo entre a sociedade industrial e a sociedade reflexiva.

O resumo que se fai deseguido non entra en moitos detalles xa que a finalidade do presente non é historiográfica. Mais é importante presentar aos protagonistas da historia para comprender como foi a reconstrución da realidade polos medios de comunicación, os políticos e Nunca Mais e coma interactuaron con outros actores. Así estes protagonistas foron as fontes de información e os promotores de moitas informacións e, como xa se explicou, lexitimaron ou non os discursos do poder ou de Nunca Máis.

4.3.1 A actuación dos gobernos

A liña do presente estudo é centrarse na vertente política, social e comunicativa da crise do Prestige, e non na catástrofe ambiental. Realmente o afundimento do petroleiro foi percibida por grande parte da poboación coma unha crise política, máis ca ecolóxica. Durante os primeiros meses foi cuestionada por amplos sectores da poboación a actuación tanto do goberno central como do galego, ámbolos dous en mans do Partido Popular con maioría absoluta, non só en canto ao afastamento do barco sen rumbo, tamén pola falta de medios e por intentar minimizar a catástrofe, entre outras moitas negligencias.

A decisión de afastar o barco foi tomada polo gabinete de crise instalado na delegación do goberno español en Galicia, na que estaba ao mando o delegado, Arsenio Fernández de la Mesa e o director xeral da mariña mercante, José Luis López Sors. A pesar de ser desaconsellada por especialistas, porén decidiuse afastar o barco, segundo palabras que se lle atribúen a Francisco Álvarez Cascos: “que o leven ao quinto pino”. Barreiro (2004) sinala que a principios de 2001 López Sors mandou afastar o buque chipriota Castor que navegaba fronte a Almería e que tivo que ser acollido por Malta e iso levounos a pensar que podía funcionar unha segunda vez, intentar que outro país acollese un buque en mal estado. Daquela xa “a Organización Marítima Internacional protestara pola incomprensíbel actitude do goberno español e polas consecuencias que este tipo de decisións puídesen ocasionar”.

“Se a vostede lle contan o reboque en zigzag do petroleiro Prestige, entre o 13 o 19 de novembro de 2002, se mesmo se decata que se está a facer unha viaxe cara a ningures no medio dun mar arborado e sen posibilidades de arribar a ningún porto nin efectuar ningunha operación de

descarga, e se finalmente ve que o petroleiro afonda a 130 millas da costa galega, nunha sima impracticábel, non necesita de maiores informacións nin ser un especialista enxeñeiro naval, para concluír que está diante dunha forma de actuar irracional” (Barreiro, 2004: 55)

A decisión de afastar o barco foi defendida polo Partido Popular coma a correcta. O seu discurso baseábase en que ningún alcalde quería o barco. A súa mirada tiñana en desfacerse do problema enviándollo a outro país, ou a Francia ou a Portugal, e subliñar a responsabilidade da armadora e da propietaria da carga.

“Home, opinar agora con moviola é moi fácil, díxome (en ningún bar, no seu despacho) Enrique López Veiga. La decisión de alejar el barco de Muxía es una decisión lógica y yo no creo que haya nadie de ningún partido, de derechas ni de izquierdas, ni de arriba ni de abajo, que diga que tenía que haberse estrellado en Muxía. Y cuando aluden al rumbo errático... Cuando estaba a 69 millas, la que se hace cargo del petrolero es la compañía aseguradora porque de haber sido nosotros los que hubiésemos sido, sin solución de continuidad, los responsables subsidiarios de lo que hubiera pasado con el barco, xustificábase despois Fernández de Mesa, no contorno nobre dun dos salóns do Congreso” (Pereiro, 2013).

Outras das críticas que se lles fixo aos gobernos xestores da crise foi que vivían de costas á gravidade do problema e que intentaban vivir con normalidade, tendo unha actitude irresponsable. A fin de semana do 17 ao 19 de novembro as autoridades galegas, o presidente da Xunta, Manuel Fraga, o conselleiro de Política Territorial, Xosé Cuiña, e o de Medio Ambiente, Carlos del Álamo pasan a fin de semana fóra de Galicia nunha xornada de cacería en Madrid. Mentres que o ministro Álvarez Cascos cazaba nos Pireneos. Máis adiante en xaneiro, Fraga remodelará o seu goberno cando Xosé Cuiña e Carlos del Álamo dimitan pola crise do Prestige. No intento de minimizar a catástrofe puxeron en perigo a poboación, negando unha e outra vez as mareas. “Mesmo o 24 de novembro, cinco días despois do afundimento Mariano Rajoy poñía en dúbida a información do Instituto Hidrográfico Portugués sobre a existencia de derrames do petroleiro. O 5 de decembro admite que segue a expulsar fuel, aínda que o define coma *pequeños hilillos, cuatro regueros solidificados, con aspecto de plastilina en estimamiento vertical*” (Barreiro e al., 2003: 18)

“Portugal y Francia avistan nuevas manchas de fuel, pero España lo niega” (Voz de Galicia, 23/11/2002)

“Rajoy insiste en que no se debe hablar de marea negra” (Voz de Galicia, 24/11/2002)

“El Gobierno insinúa que hay grietas en el "Prestige", pero ninguna "importante" (Voz de Galicia, 05/12/2002)

Outro dos temas polos que foi criticado o goberno foi pola falta de medios para a limpeza dos areas e máis cando Galicia sufriu sete afundimentos na súa historia recente. Como expli-

ca Pereiro (2013), “o domingo 18, a reacción do goberno é fulminante e incrementa o dispositivo de medios técnicos e sobre todo humanos: 350 persoas. Para 190 quilómetros de costa, saen case dous quilómetros por persoa. España non tiña buques anticontaminación e o remolcador máis próximo a Galicia tiña base en Xixón. En todo o litoral non había nin oito quilómetros de barreiras mariñas, pero navegan cara a Galicia tres buques anticontaminación, un francés, un holandés e un ruso”. O Instituto de Estudos Económicos de Galiza patrocinado pola Fundación Barrié de la Maza fixo un informe no que concluíu que o accidente puxo de manifesto “a carencia de protocolos e planos de continxencia que deben incluír aquelas solucións técnicas necesarias para abordar os problemas náuticos e ambientais xerados polos accidentes marítimos”(Barreiro e al., 2004: 14).

“La falta de medios impide que todos los voluntarios puedan trabajar” (Voz de Galicia, 23/11/2002)

"El ejecutivo español ha tenido diez años para prepararse" (Voz de Galicia, 27/11/2002)

Outras das estratexias para buscar a normalidade e minimizar o desastre foi abrir a veda en febreiro. O patrón maior do Grove, Francisco Iglesias, dixo daquela: “Algúns queren decretar a normalidade, pero temo que non é posible”. A esta mesma lóxica de non levantar a polémica puido deberse a non intervención do exército inmediatamente, que dispón de material e de man de obra para limpar as praias. (Barreiro e al., 2003: 16-17)

Os gobernos do PP evitaron todo tipo de investigación da xestión da crise. Tanto o goberno central coma o galego negáronse a crear comisións sobre o afundimento do Prestige, evitando así responder de calquera responsabilidade. Incluso, cando se abriu unha comisión no Parlamento Europeo, a comisaria de Transportes e vicepresidenta da Comisión Europea, Loyola de Palacio, indicoulles aos eurodiputados que non é cometido do Executivo comunitario investigar as causas do accidente.

O 17 de decembro de 2002. O PP rexeita unha comisión de investigación do Prestige no Congreso dos Deputados, alegando que o Goberno está dando e continuará ofrecendo todo tipo de explicacións.

O 18 de decembro de 2002. O PP europeo resístese a crear unha comisión de investigación sobre o Prestige no Parlamento Europeo, aducindo que é momento de tomar medidas e non de “perder o tempo” con debates.

O 28 de decembro de 2002. Fraga avala a decisión do grupo do PP no Parlamento galego de non convocar ningún ministro para que compareza ante a comisión de investigación creada na cámara galega, dicindo que “unha vez que vimos que a oposición neste caso non foi leal, non había razón para darlle demasiados instrumentos”.

O 9 de xaneiro de 2003. O Goberno española rexeita que o seu Delegado de Galicia declare ante a comisión do Prestige ante a que estaba citado.

O 10 de xaneiro de 2003. O Partido Popular rexeita de novo no Congreso dos Deputados unha comisión de investigación sobre o naufraxio do Prestige alegando que se trata só dunha cuestión de “oportunismo” da oposición. Ese mesmo día comeza no Parlamento de Galicia unha comisión sobre o tema. Pero o Goberno español negálle ao Parlamento de Galicia toda a documentación do caso Prestige e confirma que ningún “funcionario ou autoridade estatal” comparecerá ante a comisión, alegando que unha comisión autonómica só pode analizar asuntos da súa competencia.

O 14 de xaneiro de 2003. A Comisión do Prestige do Parlamento de Galicia queda en suspenso tralo abandono da oposición que denuncia así a negativa a facilitar a documentación sobre o accidente por parte do Goberno central.

O 17 de xaneiro de 2003. Fracasa o segundo intento de crear unha comisión de investigación sobre o Prestige no Parlamento europeo, tralo voto negativo do Grupo Popular, dos liberais e da “eurodereita”. O portavoz do PP español na eurocámara, Gerardo Galeote, instou ao socialista Enrique Barón a que cesara no seu empeño “de trasladar ao ámbito comunitario o debate político español”.

O 22 de xaneiro de 2003. O Partido Popular veta a comparecencia de José María Aznar no Parlamento e volve rexeitar a comisión investigadora sobre o Prestige. María Jesús Sainz alega que a comisión “poría en perigo as axudas da UE”. Ese mesmo día, BNG e PSOE abandonan de xeito definitivo a comisión do Parlamento galego despois de que o PP se negase a aceptar que declararan ante a Cámara os conselleiros de Política Territorial, Medio Ambiente e Servizos Sociais.

O 31 de xaneiro, O Partido Popular, nunha iniciativa presentada no rexistro do Parlamento galego, anuncia que pedirá a disolución da comisión de investigación sobre o asunto do Prestige, xustificándoa na inoperancia da citada comisión, unha vez abandonada polos deputados da oposición.

O 18 de febreiro de 2003, o Goberno impide que Arsenio Fernández de Mesa acuda ao Congreso para explicar a xestión da crise do Prestige, e envía ao secretariado de Estado de Organización Territorial, Gabriel Elorriaga, que non tivo intervención algunha na xestión da crise.

O 22 de febreiro de 2003, os letrados do Parlamento de Galicia defenden que a comisión de investigación creada na cámara ten atribucións legais para reclamar a comparecencia do Delegado do Goberno en Galicia, vetada pola Administración Central.

O 7 de marzo de 2003, o grupo parlamentario popular impediu que o profesor da Universidade de Vigo, Pablo Serret, falase da catástrofe do Prestige na Comisión de Ciencia e Tecnoloxía do Congreso, malia ter sido convocado para iso.

O 12 de marzo de 2003, foi clausurada a comisión do Parlamento de Galicia coa maioría de votos dos representantes do Partido Popular.

O 20 de marzo de 2003. Na primeira sesión do Parlamento europeo sobre as causas do accidente do Prestige, a comisaria de Transportes e vicepresidenta da Comisión Europea, Loyola de Palacio, indicoulles aos eurodiputados que non é cometido do Executivo comunitario investigar as causas do accidente. Pola súa parte, o secretario do Estado de Fomento, Adolfo Menéndez, evitou dar detalles sobre as decisións tomadas polo seu departamento durante os primeiros días da crise.

Desde o principio a solución á catástrofe situouse coma económica. O 9 de decembro comezaron a cobrar os mariñeiros polo parón. “Manuel Fraga: *Yo vengo con dinero en la mano y otros vienen a hablar*” (Voz de Galicia, 22/11/2002). Foi en Caión, o 21 de novembro, na súa primeira aparición nunha zona afectada, rodeado da confraría do lugar, “presidida por Evaristo Lareo que era un home de confianza que daquela empezaba a encabezar as asociacións proclives aos pactos coas Administracións, baseados en máis vale cartos en man que futuras compensacións xustas voando” (Pereiro, 2013). A resposta do goberno central a crise do Prestige fíxose esperar un pouco máis, chegou o 24 de xaneiro de 2003, en forma do Plan Galicia, aprobado polo Goberno central no Consello de Ministros celebrado en A Coruña. O Consello de Goberno da Xunta de Galicia aprobara o día anterior, 23 de xaneiro, o Plan de Dinamización Económica de Galicia. Os contidos e as liñas de actuación dos plans non fan fincapé na rexeneración ambiental e céntrase na actuación en infraestruturas. Así as dúas terceiras partes do investimento dedícanse a infraestruturas de comunicación; estradas e o tren de alta velocidade. As referencias do documento ao Prestige son escasas e indirectas, menos cando se falan de medidas paliativas de limpeza do litoral e de axudas aos afectados. Os sectores produtivos que se identifican como máis afectados son a pesca e o marisqueo e propóñense medidas de substitución e renovación da pesca de baixura e de potenciación da industria de transformación. É rechamante que o Plan Galicia considere Lugo e Ourense como áreas de dinamización prioritarias.

“Daquel consello de ministros saíu o Plan Galicia, dúas palabras que inzaron os carteis de obras, os titulares de prensa e os argumentarios de campañas políticas. Tamén saíu o porto exterior da Coruña, aínda que en estrito sentido cartográfico está en Arteixo. O do Plan foi o típico caixón de xastre no que, baixo esa etiqueta, mesturaron proxectos en marcha, promesas difusas, pintado de raias nas estradas, estudos do AVE, investimentos á toa ou con fundamento e, sobre todo, infinidade de carteis de obra e anuncios en prensa” (Pereiro, 2013)

Neste mes, tamén, nace a Fundación Arao, creada por grandes bancos e empresas galegas para recadar cartos para os damnificados polo Prestige. O colectivo recolle o lema: Máis que Nunca, que tamén foi empregado por membros do goberno, coma unha oposición simbólica a Nunca Máis. “Aznar proferiu unha desas frases lapidarias: *Hoy más que nunca vamos a levantar Galicia y otros podrán quedar ladrando su rencor por las esquinas*” (Pereiro, 2013)

“E por iso se entende que incluso a propia reacción do partido vaia residenciando os erros nun lado -Fraga, de Mesa, López-Sors, Cuíña, del Álamo-, mentres vai atribuíndo a vitoria aos que deron a cara (Rajoy), os que aguantaron o tipo e prepararon a resposta política do Plan Galicia (Aznar), e mesmo aos que tiveron a prudencia e a colocación necesaria para formar nos equipos de restauración (Palmou, Arenas)” (Barreiro, 2004: 83)

Para Barreiro (2003: 36), o Partido Popular comeza a ter unha clara política informativa da catástrofe e unha estratexia tralo nomeamento de Rodolfo Martín Villa como “comisionado para as actuacións derivadas da catástrofe do Prestige” o 10 de xaneiro de 2003.

Malia iso, creouse unha última polémica cando en xullo de 2003, Fraga Iles concedeu as medallas de ouro de Galicia ao Ministro de Fomento, o máximo responsable da Administración central para o Prestige, Álvarez Cascos, e máis a Comisaria de Transporte da Unión Europea, Loyola de Palacios, a máxima responsable europea no transporte marítimo de mercadorías perigosas.

4.3.2. A plataforma Nunca Máis

A historia do nacemento da Plataforma Nunca Máis está vinculada ao afundimento do petroleiro Prestige. O día do afundimento do petroleiro as confrarías das Rías Baixas queixanse da falta de medios preventivos para afrontar a catástrofe. Dous días máis tarde, o 21 de novembro, no local do Bloque Nacionalista Galego en Compostela, reúnen os tres sindicatos galegos máis grandes (Comisións Obreiras, Unión Xeral dos Traballadores e Confederación Intersindical Galega), algunhas confrarías de pescadores e unhas vinte asociacións galegas (ecoloxistas, veciñais) para a organización dunha manifestación para o 1 de decembro en Santiago. Decídese que a manifestación teña o lema Nunca Máis, o mesmo que encabezou a manifestación do colectivo Mar Limpo nacido en 1992 tralo afundimento do Aegean Sea. Catro días máis tarde, o 25 de novembro, nace a Plataforma contra a Burla Negra, no Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela, formada por xente da cultura que denuncia a falta de información e a manipulación dos medios de comunicación. Nesta reunión, membros da plataforma de artistas deciden pechase na Casa da Cultura de Laxe, vila na que algúns estaban participando na rodaxe da serie de televisión ‘Mareas Vivas’. Os convocadores consideraban que Mareas Vivas simbolizaba o mundo dos mariñeiros galegos.

O día 27 de novembro, Uxía Senlle e Manuel Rivas presentan no Centro Galego de Madrid a Plataforma Nunca Máis. Neste acto, demandan mecanismos de protección e piden que Galicia sexa declarada zona catastrófica, ao tempo que chaman á cidadanía a manifestarse o 1 de decembro. Naqueles días e ata o 1 de decembro fanse manifestacións como a de Muxía (28 de decembro), con 3.000 persoas. O domingo 1 de decembro de 2002, unhas 200.000 persoas maniféstanse en Santiago de Compostela baixo o lema de Nunca Máis, protesta na que o escritor Manolo Rivas lee un manifesto que resume as demandas da convocatoria. Esa mesma tarde, reúnen os membros do Consello da Xunta e aproba axudas inmediatas para os mariñeiros afectados.

Tralo éxito acadado, a unión de asociacións, colectivos e sindicatos deciden convocar manifestacións en diferentes cidades galegas (manifestacións comarcais) para o 11 de decembro e botar a andar un movemento cívico que tomaría o seu nome do lema da manifestación do que xurdiu: Nunca Máis. Burla Negra únese á Plataforma e organiza o 6 de decembro a chamada Marea Gaiteira. O éxito das manifestacións comarcais do 11 de decembro, puxeron a andar unha sucesión de manifestacións durante os últimos días do ano 2002, todas elas convocadas polos diferentes colectivos de Nunca Máis. A folga de fame dos patróns maiores de

Cangas e o Grove, a cadea humana da muralla de Lugo, o parón do ensino, o apagamento voluntario e o velorio do mar foron os primeiros pasos dunha nova cidadanía galega.

No segundo mes de vida da Plataforma Nunca Máis chega o contraataque do Goberno. Comezou un ataque continuado do Goberno no que se acusaba ao Bloque Nacionalista Galego de utilizar a plataforma para fins partidistas. Ademais, membros do Partido Popular comezaron a declarar na prensa que Nunca Máis aproveitou a traxedia para recoller cartos da poboación. Estas acusacións, patentáronse na denuncia do sindicato Manos Limpias a Nunca Máis por incorrer no delito de estafa, xa que consideran que enganou a cidadanía recadando fondos para as accións da plataforma.

“En marzo, Benoit Bonnel, presidente do Comité anti-mareas negras de Saint Nazaire (Breñaña), constituído en decembro de 1999 tralo afundimento do Erika, contou nunha entrevista dos alumnos da Facultade de Comunicación da Universidade de Santiago que no caso do Erika, segundo ía chegando o verán, cando pararan as grandes mareas negras, mais non os efectos palpables da contaminación, os manifestantes e críticos de actuación do goberno francés ían criminalizándose ou aparecendo como culpables nos medios de comunicación” (Manuel Outeiriño, artigo no libro do Colectivo Mar de Tinta, 2005).

Nunca Máis continúa, a pesar das acusacións vertidas durante xaneiro contra a plataforma, cos actos reivindicativos programados: Canto de Autor para Galicia, Concertos Expansivos e a cadea humana de 50.000 alumnos convocada pola Coordinadora do Ensino Area Negra.

O mes de febreiro comezou coa simbólica manifestación chamada *das maletas* en A Coruña, o 9 de febreiro. Máis sen dúbida, a acción máis importante do movemento este mes foi a querela presentada por Nunca Máis contra os altos cargos do gabinete de crise do goberno e contra os capitán Mangouras, acusados de agravar os danos ecolóxicos do desastre. Durante todo febreiro, a Plataforma Nunca Máis tamén traballou de cara á manifestación convocada para o 23 de febreiro en Madrid. O lema da manifestación foi *100% dignidade* e reuniu a máis de 500.000 persoas. Nesta época, xa comezara a guerra de Iraq, o que provocou un arrefriamento das manifestacións de Nunca Máis e o tema do afundimento do Prestige pasou a un segundo plano, tanto mediático coma político. Aínda así, Nunca Máis continuou con varias campañas e volveuse a convocar unha grande manifestación en Santiago de Compostela o 4 de maio, tras 6 meses do afundimento, a unhas semanas das eleccións municipais para recordar que o barco seguía botando fuel. Comeza así, unha etapa de traballo de campo, de concienciación, levada a cabo xa dende o principio e patente na Carpa voluntaria e en exposicións e conferencias organizadas polos colectivos de Nunca Máis.

O 14 de xuño de 2003, Nunca Máis convoca unha manifestación en Bruxelas e entregálles un documento aos comisarios da Unión Europea para pedir unha comisión de investigación do Prestige. No verán, faise unha campaña para avisar das bandeiras azuis postas pola Xunta en praias afectadas de chapapote e organizan unha campaña para denunciar a Medalla

de Galicia concedida a Álvarez Cascos, considerado pola plataforma como un dos maiores causantes da marea negra por irresponsabilidade política.

Xa chegados ao aniversario do afundimento do Prestige, a Plataforma convoca unha manifestación o 16 de novembro de 2003. Hai tamén varias accións de denuncia da plataforma por non ser contemplado o Plan Galicia nos orzamentos do Estado ou polo estado dalgunhas praias, aínda cheas de chapapote. En decembro, A Burla Negra convoca o Foro Negro no que falan da continuidade da plataforma e acordan a necesidade de crear unha rede de comunicación entre as diferentes asociacións galegas. En maio de 2003, A Plataforma Nunca Máis tamén convoca un Foro, o da Verdade, no que se analiza o traballo de campo realizado durante todos estes meses.

A Plataforma Nunca Máis e os colectivos que o integran traballaron en centos de proxectos. Nos anexos, hai un listado das actividades de Nunca Máis durante os seus seis primeiros meses de vida. Así mesmo está a listaxe das asociacións e colectivos que conforman a plataforma entre os que hai ecoloxistas, feministas, asociacións veciñais, etc. No seguinte apartado preséntanse algúns dos integrantes na plataforma Nunca Máis coma o movemento veciñal, o ecoloxista e o cultural. Aproveitarase a análise para poñer de manifesto a relación dos movementos galegos entre eles, moi patente o exemplificar a importancia do movemento veciñal de Vigo e os seus lazos con outros colectivos de Nunca Máis. A meirande parte dos colectivos estudados neste apartado naceron no post-franquismo ou na transición á democracia. Todos menos Burla Negra e Area Negra, que xurdiron do propio naufraxio do Prestige; aínda que moitos dos seus compoñentes están ligados a asociacións como Amelga (en defensa da música en galego) ou de rexeneración pedagóxica, no caso de Area Negra.

4.3.2.1. O movemento ecolóxico

Dentro do movemento houbo moitos colectivos ecoloxistas, a maioría sitos en Galicia xa que existe na sociedade galega unha grande conciencia social cara os valores ecolóxicos. Unha enquisa do equipo da Facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña, dirixida polo catedrático José Luis Veira Veira, dá coma resultado que o 96% dos enquisados expresaron que os seres humanos deben convivir coa natureza antes de dominala. O 42% preferiu a preservación do medio natural antes que o crecemento económico (Lamela et al, 2003).

O filósofo Frieder Otto Wolf (citado en Francisco Fernández Buey e Jorge Riechmann, 1995) sinala que a cuestión ecolóxica actuará coma unha estratexia central para as forzas emancipadoras no período que se abre debido, en primeiro lugar, á urxencia e a magnitude da crise ecolóxica e en segundo lugar, a que non é unha cuestión de capa social. O ecoloxismo é, quizais, dos chamados novos movementos sociais o máis estendido mundialmente. Nos anos noventa, o 80% dos estadounidenses e máis de dous terzos dos europeos considerábanse ecoloxistas, segundo datos de Manuel Castells (2003). Os trazos máis importante que a perspectiva ecolóxica aporta ao pensamento contemporáneo é a conciencia da existencia dun límite natural que bate coa persistencia da cultura expansiva do capitalismo. Os efectos negativos do capitalismo na ecoloxía provocan desequilibrios locais, as manifestacións planetarias (cambios climáticos) e as catástrofes por tecnoloxías desapropiadas.

En España, segundo Jiménez Sánchez (citado por Cotillo), a principal diferenza do caso español é que as reivindicacións ambientais adoitan ser locais e poucas veces, son supralocais. Así, “a protesta ambiental en España defínese polo seu carácter social e local, así coma por estar politicamente fragmentada”. O movemento ecoloxista galego naceu a mediados dos anos 70, ao igual que no resto de España e de Europa e despois de terse iniciado en Estados Unidos. Os primeiros integrantes do movemento ecoloxista galego veñen da universidade e crean en 1976, A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia e en 1973, o Grupo Ornitolóxico Galego, que acabou chamándose a Sociedade Galega de Historia Natural. Ámbalas dúas asociacións están integradas dentro de Nunca Máis. Destas asociacións nacen, pola escisión nos anos 1980, pequenas organizacións ecoloxistas por discrepancias: Colectivo Ecoloxista Natureza e do Grupo Naturalista Hábitat na Coruña, de Erva en Vigo, de Gea en Santiago e de Adelpha en Lugo. Na década dos 90, nace a Federación Ecoloxista Galega. Dentro de Nunca Máis hai máis de 20 asociacións ecoloxistas. Moitos dos integrantes destas asociacións asesoran a Nunca Máis no referente ao medio natural.

Os grupos ecoloxistas foron outros dos actores que se implicaron no conflito en prol de darlle unha solución. Imos reparar nas accións emprendidas por un dos grupos máis activos Adegas. A organización, segundo explica na publicación “Impacto da maré negra e a súa limpeza, traballou na recollida do fuel que chegaba as costas. O primeiro que fixeron foi poñerse en contacto co Concello de Malpica para organizar unha limpeza simbólica. Logo púxose en contacto co Xefe de Demarcación de Costas de Galicia para pedir o material de limpeza. O primeiro grupo de voluntarios para limpar as praias foi o 23 de novembro e houbo un segundo grupo o 24 de novembro. Ante os centos de chamadas que recibiu a asociación tralas limpeza, decidiu seguir coordinando voluntarios, conscientes segundo indican no informe da “incapacidade da Administración de levar a cabo este traballo”.

O traballo de Adegas co voluntariado na recolla de fuel podería resumirse na coordinación de preto de 500 grupos, que traballaron en 80 praias e coídos, prestando un total de 16.868 xornadas de traballo, das que 13.831 foron xestionadas directamente pola Asociación. Os grupos organizados por Adegas acudiron a traballar en 80 praias de 21 concellos diferentes de Galicia, (18 foron da provincia da Coruña, 2 de Pontevedra e 1 da de Lugo). A algún foise en varias ocasións mentres que a outros só durante unha ou dúas xornadas. Os concellos nos que máis se traballou foron: Camariñas, Carballo, Carnota, Cervo, Corcubión, Ferrol, Fisterra, Laxe, Malpica, Muros, Noia, Pobra do Caramiñal, Ponteceso, Porto do Son, Ribeira, Sanxenxo, O Grove e Valdoviño.

Outros dos traballos de Adegas foi facer estudos e informes sobre o fuel recollido con decenas de documentos coma “Efectos sobre a saúde das actividades de limpeza do fuel do Prestige”, “Protocolo básico de actuación nas praias”, “Plan de descontaminación secundaria dos ecosistemas dunares afectados polas tarefas de retirada de fuel do Prestige”, “Informe para a Comisión de Medio Ambiente do Parlamento Europeo sobre a situación actual da futura Rede Natura 2000 en Galiza, en relación co vertido de fuel do buque Prestige e os labores de limpeza. En colaboración coa Federación Ecoloxista Galega”.

Adegas estivo na fundación da Plataforma Nunca Máis, na que continúa a participar tanto de forma directa como en colaboración con outros colectivos que tamén forman parte de Nun-

ca Máis. Participa en todas as mobilizacións de Nunca Máis e colaborou estreitamente co colectivo de Sanitarios de Nunca Máis no seguimento e denuncia dos efectos do fuel para a saúde, e recibiu a colaboración de Area Negra, Burla Negra e o Colectivo Chapapote, entre outros.

4.3.2.2 O movemento veciñal

Castells (2003) considera que as persoas se resisten ao proceso de individualización e atomización social e tenden a agruparse en organizacións territoriais que xeran sentimentos de pertenza e ás veces, de identidade cultural e comunal. Os movementos sociais urbanos buscan tres obxectivos fundamentais: demandas urbanas sobre as condicións de vida e o consumo colectivo, afirmación da identidade cultural local e a conquista da autonomía política local e a participación cidadá. Castells considera que os movementos urbanos cos seus discursos, actores e organizacións se integran co tempo nos gobernos locais (de forma directa ou indirecta) ou alimentan ao movemento ambiental, sobre todo nos barrios de clase media e no campo urbanizado.

O movemento veciñal que hoxe coñecemos en España ten as súas orixes a finais da década dos sesenta e principios dos setenta. A eclosión do movemento veciñal debeuse ao crecemento das periferias urbanas e ás malas condicións deste crecemento e a falta de democracia no sistema político (Elena Grau e Pedro Ibarra, 2002). Dentro da Plataforma Nunca Máis, hai unhas 60 Asociacións de veciños e culturais. A imposibilidade de estudar asociación por asociación, leva a recoller a identidade dunha asociación, coma exemplo, a Federación Veciñal Eduardo Chao de Vigo.

A Federación Veciñal Eduardo Chao de Vigo é representativa ao recoller o maior número de asociacións de veciños de toda Galicia e ao estar situada na cidade máis poboada de Galicia; ademais de acoller nos primeiros meses, a sede de Nunca Máis Vigo no seu local. A elección, tamén, atende a que o movemento veciñal é orixinario das cidades e como se explicou ao principio do apartado está ligado ao desenvolvemento das zonas urbanas nos anos 70. A Federación acolle as asociacións de veciños de Vigo, que á súa vez, están integradas por asociacións culturais, a maioría de danza e canto tradicional galegos. Polo que serve coma representación do gran número de colectivos culturais galegos integrados dentro de Nunca Máis.

O ano 1976, marca a eclosión do movemento veciñal vigués. Quince entidades presentaron os seus estatutos. A primeira asociación aprobada legalmente foi a de Teis, polo Goberno Civil. Esta asociación constituíuse para combater a “marxinación” do barrio de Teis e reclamar servizos como a rede de sumidoiros, a recollida do lixo, a construción de beirarrúas ou a iluminación pública (Diego Pérez, 2000).

A Federación de Veciños de Vigo constitúese en 1988, aínda que xa nacera anos antes, nunha época na que se deixaran atrás as reclamacións de saneamento dos barrios, ao xa terse cubertas, e se comezaba a pedir voz nos plenos, o que non permitía o alcalde vigués desta década, Manuel Soto. Este recoñecemento non lles chegaría ata o ano 1991. A Federación de Veciños Eduardo Chao defínese como entidade sen ánimo de lucro, cun claro contido de xus-

tiza social, defensora das liberdades públicas, do medio natural e do patrimonio artístico e cultural.

Nos últimos anos o movemento veciñal vigués implicouse na loita pola sanidade pública; recuperación das tradicións galegas (festas, bailes) e o fomento da lingua galega; recuperación do patrimonio da cidade (castelo de San Sebastián, ponte romana de Castrelos); creación de promotoras de vivendas a baixo custo (que chegaron a superar ás construídas pola Xunta); creación de asociación de montes para reclamar a recuperación dos montes en mancomunidade; implicación no combate dos novos problemas sociais como a drogadicción e a contaminación e defensa da sanidade pública. E que enlazan o movemento veciñal vigués con outros movementos ou colectivos integrados en Nunca Máis como podería ser a Plataforma pola Defensa da Ría de Vigo Cíes ou Plataforma pola Defensa da Sanidade Pública, posto que hai unha coincidencia coas preocupacións de outros movementos da plataforma.

Hai unha continua actividade ecoloxista no movemento veciñal vigués. A súa coincidencia con Nunca Máis reside na preocupación do movemento veciñal pola protección do litoral vigués e pola loita pola conservación das illas Cíes. A maior loita ecoloxista dos veciños vigueses sempre estivo relacionada coa reciclaxe do lixo. Non obstante, houbo tamén unha aposta pola defensa da ría que comeza en 1987 coa creación do Comité de Defensa da Ría de Vigo, no que participa a Asociación de Veciños de Alcabre e a Federación de Mariscadores, para opoñerse ao recheo de Bouzas e denunciar os responsables da administración portuaria por delito ecolóxico. En 1993, nace a Plataforma pola Defensa da Ría de Vigo que se opón á construción dunha terminal de abastecemento de combustible de grandes buques no litoral de Bouzas. Esta Plataforma actívase cada vez que se anuncia un recheo da zona portuaria de Vigo.

4.3.2.3 Os partidos políticos

Un dos temas máis controvertidos durante a protesta de Nunca Máis foi a súa relación cos partidos políticos. Foi acusado, por algúns políticos, de ser manipulado polo Bloque Nacionalista Galego e publicado polos medios de comunicación. “Por se había algunha dúbida, unha reportaxe apareceu en La Voz de Galicia en certo ton policial desvelaba que os puntos neuráxicos onde se distribuía material ao comezo eran sedes do Bloque ou da CIG, e as contas correntes correspondían a concellos do goberno nacionalista, como se encargou de salientar na súa denuncia por apropiación indebida o presunto sindicato Manos Limpas” (Pereiro, 2013). O feito é que dentro da plataforma Nunca Máis estaban inscritos partidos coma o Bloque Nacionalista Galego, Esquerda Unida e as Xuventudes do Partido Socialista, así coma os sindicatos Comisións Obreiras, UXT e a CIG.

Desde a transición foi moi recorrente o politicismo dentro dos movementos sociais. Unha postura que comezou a rachar a partir dos anos 90 pola desconfianza que hai cara aos políticos en grande parte da poboación. Historicamente, no estado español, os movementos eran antipoliticistas. Álvarez Junco (citado en Laraña, 1999: 281) diferencia entre dúas etapas na evolución histórica dos movementos sociais en España, unha clásica e unha moderna. A característica do período clásico, que vai desde mediados do século XIX ata a Guerra Civil, é a vixencia do marco principal antipoliticista, xa que desprezaban o poder político e o parlamentario e só quería “derrocar o Estado”. Na segunda etapa, que comprende desde a Guerra Civil

ata a transición da democracia, hai unha cambio radical cara ao politicismo, no que quedan relegados aos partidos políticos. “O esforzo por evitar a calquera prezo a repetición dos horrores da Guerra convértese nun elemento central (nunca máis) no marco unitario dos movementos de oposición ao franquismo, e nun factor decisivo de carácter pacífico da transición política” (Laraña, 1999). Este marco alongouse despois das primeiras eleccións democráticas. Segundo Fernando Morán (1998, citado por Laraña), “o obxectivo principal dos dirixentes políticos desde as primeiras eleccións consistiu en encamiñar e conter o cambio, en lugar de promoverlo” polo “temor á inestabilidade política despois dun longo período de exclusión dos cidadáns e unha lectura dun pasado proclive á inestabilidade”.

A subordinación dos movementos sociais aos partidos políticos, relegáronos a un segundo plano na transición política. Non obstante, como recorda Laraña, entre partidos políticos e movementos sociais houbo unha estreita relación que estivo presente ata as eleccións de 1996, no que foi derrotado o Partido Socialista de Felipe González. Nos primeiros anos da democracia, moitos dos líderes dos movementos sociais pasaron a formar parte dos cadros políticos dos concellos gobernados por partidos de esquerdas. Paradoxalmente, o movemento veciñal que foi un dos máis vinculados aos partidos de esquerdas, viviu, segundo Castells (1986, citado por Laraña), o receo destes cando intentaron desvincularse deles e empregar novas tácticas de mobilización e fomentaron a democracia participativa dentro da súa organización.

Un caso parecido pasou co movemento pacifista a causa do ingreso de España na OTAN. Nun primeiro momento, foi apoiado polo PSOE ata que en 1984, o partido do goberno cambia de política e defende a permanencia na OTAN. Despois do referendo no que gaña por escasa maioría a permanencia na OTAN, o movemento pacifista desactívase. Segundo Laraña, isto debeuse a que o goberno contou “co apoio das canles de televisión e influentes plataformas de opinión como o xornal El País”, “que defenderon a permanencia con significados que acenúan a necesidade de participación de España na defensa occidental, fronte ao retraemento, illamento e antiatlantismo que imputaban ao movemento pacifista”.

“En España, o triunfo do Partido Socialista levou consigo que este partido pasase nun curto espazo de tempo dunha loita antifranquista e unha vinculación cos movementos sociais, especialmente no movemento pola paz, no movemento obreiro e no movemento veciñal, á responsabilidade da xestión do poder. Iso levou a que a relación entre a socialdemocracia e os movementos sociais tiveran momentos difíciles e complicados: a postura ambigua respecto á entrada de España na OTAN, foi unha das causas da formación de Esqueda Unida e do seu intento de atraer os movementos sociais e as necesarias reconversións industriais conduciron a momentos tensos cos sindicatos obreiros maioritarios (UXT e CCOO). A nivel municipal a formación de concellos democráticos en 1977 contribuíu a que o movemento veciñal tivera que reformular as súas estratexias. O recrutamento para a xestión pública, social e política dos principais líderes veciñais e asociativos, tivo como consecuencia directa que os movementos veciñais quedaran debilitados” (Pont, 2004)

Contrariamente a este marco politicista reacciona a poboación que ten un certo rexeitamento en participar en asociacións ao consideralas politizadas. En cambio, isto non significa

que a sociedade española non sexa activa, xa que hai participación en asociacións deportivas e grupos locais, coma peñas ou confrarías.

“A participación en partidos políticos segue baixando ata unha taxa irrelevante do 1 por 100. Os resultados das enquisas amosan que, entre 1987 e 1994, os partidos ocupan sistematicamente o último lugar en simpatía comparados con outras organización, desde a pequena e mediana empresa ata os sindicatos” (Wert, 1996, citado por Laraña, 1999)

Laraña sinala que hai grupos de participación baseados nas “redes interpersonais que non están formalizadas en asociacións, carecen de visibilidade pública e constitúen estruturas de mobilización básicas nos movementos sociais”. Ademais sinala que nos anos 90 houbo un incremento da afiliación a ONG’s en España, organizacións independentes do Estado, reforzando a tese do rexeitamento ao marco politicista pola poboación. A isto hai que unirle que desde o ano 1994, coa campaña promovida pola Plataforma do 0,7 nas vías públicas de varias cidades españolas houbo un incremento da sociedade española pola solidariedade internacional.

Nas mobilizacións estudiantís de 1993, unhas das máis importantes da época, un “marcador de identidade” das asociacións estudiantís era a súa vinculación ou independencia dos partidos políticos, sendo as últimas as mellor valoradas polos estudantes.

Segundo Pont (2004) e Pradel et al. (2005), España viviu un ciclo de protesta durante os anos da segunda lexislatura do goberno do Partido Popular. Os movementos sociais que se deron nesta etapa foron, ademais de Nunca Máis, manifestacións contra as reformas educativas; o movemento das Terras do Ebro, manifestacións contra o cumio europeo en Barcelona, folga xeral do 20 de xuño de 2002, a manifestación contra a guerra de Iraq e manifestacións de marzo de 2004. En moitas destas accións colectivas hai un despoliticismo, sobre todo, nas protestas antiglobalización. Pont sinala as características destes movementos:

- Elevada integración simbólica: a conciencia de pertencer caracterízase polo sentimento de “nós”
- Baixa especificación de roles: o movemento ten un mínimo grao de diferenciación e de determinación de roles
- Formas de organización e de accións variables: os movementos sociais cambian de forma de actuación e de organización. En todos os movementos créase unha densa rede de grupos locais e comarcais e a coordinación con outras redes no territorio nacional
- Finalidade: cada movemento social ten un obxectivo e unha finalidade, coa intención de obrar un cambio nunha parte da sociedade ou na sociedade na súa totalidade. A finalidade do movemento nas Terras do Ebro, ademais de frear o transvase da auga do río Ebro, é a implantación da chamada “nova cultura da auga”

En canto ao nacionalismo galego naceu no século XX e tivo dúas fases que o precederon: o provincialismo e o rexionalismo. Coa chegada do franquismo, o nacionalismo galego queda reducido á resistencia cultural dalgúns grupos no exilio. Nos anos 60 naceron dous partidos: a Unión do Pobo Galego (UPG) e o Partido Socialista Galego (PSG), que comezan a reunificación ideolóxica en torno ao nacionalismo galego. Ningún dos dous partidos políticos recolle o legado do galeguismo no exilio e comezan unha andaina propia. Así, por exemplo, a Unión do Pobo Galego foi o primeiro grupo marxista nacionalista da historia da política galega. Pola súa parte, o Partido Socialista Galego viviu na clandestinidade nun grupo moi reducido sen actuación importante na vida política e social de Galicia (Beramendi, 1997). Co nacemento en 1975 da Asemblea Nacional-Popular Galega (AN-PG) propiciará o nacemento do Bloque Nacionalista Galego formada polos militantes procedentes da Asemblea, da Unión do Pobo Galego, do Partido Socialista Galego e doutros colectivos nacionalistas. O nacionalismo galego é acusado por Barreiro (2004) de non ter sintonizado coa cidadanía galega e levar o seu discurso ás elites culturais. Ao BNG están ligados outros grupos integrados en Nunca Máis como Adegas ou a CIG.

Poderíase facer unha comparación entre o nacionalismo galego nos movementos sociais e o catalán e o vasco, estes últimos máis estudados. Por exemplo, Laraña fai unha distinción entre o marco dominante dos movementos sociais durante o franquismo presentes en Cataluña e País Vasco. Para eles, a ausencia do recoñecemento dos dereitos civís reinterpretábase coma unha supresión dos seus dereitos históricos e da súa identidade.

A singularidade dos movementos nacionalistas no País Vasco e Cataluña foi considerar que a “condición nacional adquirese por residencia e non está supeditada ao coñecemento da súa lingua ou a súa ascendencia común”. Con esta liña de encadre, os movementos aumentaron a base electoral dos partidos nacionalistas cando chegou a democracia. Cambiaron o marco exclusivista do nacionalismo a un de inclusión. Tanto o movemento nacionalista catalán coma o vasco teñen unha subcultura activista de longa duración e repertorios culturais duradeiros que lles serven de base cultural e cognitiva.

“Durante o franquismo artellouse unha subcultura política de oposición (Johnston,1991) que nas comunidades catalá e vasca se transmitiu a través de estruturas de sostemento, como familias, asociacións voluntarias, escolas, igrexas e relacións clandestinas. Esa subcultura brindaba a un crecente sector da poboación un marco de significados alternativo ao da cultura oficial que facilitaba o seu apoio aos movementos nacionalistas” (Laraña, 1999: 381)

É dicir, estes movementos estaban escondidos no franquismo en organizacións con dúas caras para evitar a represión. A prohibición de símbolos nacionalistas no franquismo, fíxo que estes símbolos adquirisen maior carga de identificación emocional.

Segundo Johnston (citado por Laraña, 1999) as subculturas de oposición teñen as seguintes características (e poden aplicarse tamén ao movemento nacionalista galego):

- Están constituídas por relacións sociais regulares e recorrentes entre persoas
- Esas relacións mantéñense á marxe da sociedade global, xa que se caracterizan por diferenzas fundamentais nos seus valores, actitudes, normas e discurso
- Son axentes de socialización alternativa que transmiten eses elementos aos seus membros
- Estrutúranse non só mediante lazos entre os membros deses grupos, senón a través de “situacións de fala” nas que se expresan os sentimentos de oposición

4.3.2.4 Novos colectivos: novos discursos culturais

Hai algúns colectivos que ao igual que Nunca Máis naceron pola situación de crise do Prestige. Os exemplos máis coñecidos son os de Burla Negra e Area Negra, pero tamén se ha de falar do Colectivo Chapapote ou de Mar de Tinta. Todos eles, teñen unha composición profesional. A Plataforma Contra a Burla Negra está composta por persoas da cultura; Area Negra, por profesionais da ensinanza; o Colectivo Chapapote son debuxantes e Mar de Tinta son bibliotecarios da Universidade de Santiago. Todos están relacionados coa cultura e a creación artística.

Burla Negra naceu como un colectivo de artistas individuais a raíz do afundimento do Prestige pola preocupación da manipulación mediática durante os días do afundimento do Prestige. Unhas 200 persoas reuníronse no Auditorio de Galicia a través do boca a boca. Despois dunha asemblea naceu Burla Negra. O nome escolleuse por proposta do actor Miguel de Lira en honor do barco do último pirata galego, Benito Soto. O actor Branco propúxolles aos asistentes á reunión facer un encerro no concello de Laxe con outros actores da serie mareas Vivas. Así estábase preto do lugar da traxedia e protestábase por todo aquel simbolismo do esmorecemento do mundo mariñeiro da serie galega Mareas Vivas, da que moitos eran actores e na que tiñan un posto de traballo. No peche aberto en Laxe, Burla Negra organiza un gabinete de noticias de contrainformación e envían informacións a medios de comunicación de todo o mundo para dar conta da catástrofe que estaba a vivir Galicia. Consideran que é o único modo de que haxa unha mobilización da cidadanía, chegar primeiro fóra para que cheguen as novas ao propio país. Os asistentes ao peche, xa desde o primeiro día, teñen unha páxina de internet e infórmanse a través das páxinas do Instituto Hidrográfico de Portugal. Foi polo tanto unha guerrilla de información, como Castells (2003) lles chama aos zapatistas, inspiradores do movemento antiglobalización.

“Na asemblea ponse de manifesto a vontade de todos os presentes de que hai que facer algo e de que se está ocultando información dunha maneira bestial. De que todo aquilo, estábase ocultando información en vez de solucionar o problema. De aí queda manifesto que hai que facer algo dende o mundo da cultura, do país, que hai que servir de catalizador e dinamizador para que o discurso chegue aos medios de comunicación. Mover a información. Buscala de onde faga falta e incluso facer unha chamada para que se preste atención a todo isto. De aí xurde a idea de ir o peche de Laxe” (Membro 1 de Burla Negra. Entrevista a Burla Negra).

O peche acabou coa manifestación do 1 de decembro de 2003. Alí comezou como definiron os propios integrantes de Burla Negra no Foro da Verdade “unha frenética actividade de mobilización cidadá con resultados espectaculares para os promotores e alarmantes para as autoridades”. Entre as convocatorias máis soadas desta plataforma cultural estivo a Marea Negra Gaiteira, o Velorio do Mar xuntou na Praia de Riazor de A Coruña, a Cabalgata de Reis alternativa de Vigo e a Procesión das Maletas.

Burla Negra contabilizou ata 3.000 actos nun ano, case 40 libros publicados, 6 discos recompilatorios, arredor de vinte documentais en canles de todo o mundo, unha ducia de exposicións..., o poder de convocatoria (sen contar a asistencia a mobilizacións calcúlase 150.000 espectadores), editouse un xornal independente coa cabeceira de Nunca Máis, do que se difundiron 7.000 exemplares, vendeu 2.000 copias dun Cd coa mestura das cancións e consignas máis habituais das manifestacións e outros temas musicais de escarnio e maldicir.

Entre os actos culturais máis importantes está o “concerto expansivo”, máis de cen concertos de denuncia en toda Galicia, unha exposición con máis de trescentas obras doadas por artistas de todo o Estado e a carpa de circo de 1.600 m², baixo a que se deseñou o imaxinario colectivo do “País de Nunca Máis”, na que pasaron máis de trescentos artistas e 13.000 espectadores. Un ano despois do Prestige, Burla Negra montou unha rede alternativa de encontro, información, produción e circulación cultural baixo o nome de Arredemo, e na que participaron preto de 200 persoas e entidades espalladas por toda Galicia (extraído do documento Burla Negra: Cultura en Acción presentado no Foro da Verdade polo colectivo).

As etapas vividas por Burla Negra e definidas polos propios membros do colectivos son tres. Nun primeiro momento, ocuparon a rúa coa cultura da mobilización simbólica (Marea Gaiteira, Velorio do mar,...); despois recompilouse todo o material cultural de protesta en libros, discos, etc; e logo, traballouse na “xeración de novos discursos culturais” co proxecto de Arrédemo, unha rede alternativa de difusión e información cultural nacida das máis de 200 asociacións que participaron no Foro Negro.

“Pero agora chegou o momento de comprobar se en verdade existiu unha vontade transformadora da realidade. Porque se fose así, por forza toda esta actividade haberá de proporcionar peso específico a un novo discurso cultural. Á evidencia de que a cultura oficial é un invento duns poucos que nos sae demasiado caro á maioría, hai que engadirlle a demanda dunha política cultural democrática e participativa, na que a sociedade e os axentes culturais (empezando polos creadores) teñan unha presenza efectiva. É ben curioso que nun país que desprezaba a cultura propia e no que o artista non gozaba de prestixio social, fose precisamente o sector da cultura o que acadase un protagonismo tan importante poñéndose na vangarda do movemento cidadán de Nunca Máis. Síntoma de que a cultura é un sector non só estratéxico senón imprescindible para vertebrar a nova sociedade que saia do inevitable cambio político que se aveciña. Unha cultura de verdade, con todas as maiúsculas, esixente, ambiciosa, unha cultura que non sexa tan acomodaticia como a que imperou neste últimos quince anos, unha cultura con caras novas, con acentos distintos, unha cultura creativa e non especulativa, unha cultura con máis

acción e menos retórica, unha cultura que mire máis cara adiante que atrás” (extraído do documento Burla Negra: Cultura en Acción presentado no Foro da Verdade polo colectivo).

En decembro de 2003, Burla Negra organizou o chamado Foro Negro do que saíu a web Arredemo. No foro, ademais de Burla Negra, estiveron presentes máis de 200 asociacións culturais e medios alternativos galegos. Moitas das asociacións que expuxeron o seu traballo no Foro Negro eran colectivos galegos que traballaban na conservación da cultura popular. E que nas súas asociacións e no seu campo de influencia fixeron seu o berro de Nunca Máis, para integralo en actividades con rapaces ou maiores e ensinarlles a importancia do respecto ao medio natural ou simplemente, converter o Prestige na temática para os carnavais ou as festas. Foi, no Foro Negro, a mostra máis visible da hipótese de que detrás da loita de Nunca Máis, hai por parte de moitos colectivos un desexo de artellar a cultura galega.

Pola súa banda, Area Negra naceu no mundo da ensinanza e é un colectivo no que profesores/as e alumnos/as poden inscribirse a título individual para actuar dende o mundo da ensinanza na sociedade. Area Negra naceu para a organizar a cadea humana na Costa da Morte, pero este foi o inicio de sucesivas actividades no mundo da ensinanza non só sobre o Prestige, senón tamén na guerra de Iraq. Nunha web o colectivo recolleu as actividades máis destacadas: Cadea Humana, o referendo “Guerra, ¿si ou non?” (guerra de Iraq), manifestación “Aulas Abertas, aulas de liberdade” contra a prohibición de bandeiras de Nunca Máis e de Non á Guerra, actividades baixo o título “Aulas para non esquecer” no cabodano do Prestige e a máis recente, “Outro mundo é posible, existen outros camiños”, na que se fixo o camiño de Santiago ao revés porque “hai outro mundo posíbel, que existen outros camiños. Derrubemos todos os muros que queren impedirnos o paso: a agresión ao medio natural, a violencia de xénero, a guerra, a censura, o imperialismo económico, o colonialismo lingüístico, o integrista relixioso”. Area Negra está moi ligada ás ideas da antiglobalización.

Outros colectivos do mundo da cultura son o Colectivo Chapapote integrado por autores gráficos (cómico, imaxe, ilustración) que poñen o seu traballo a disposición de outras iniciativas cidadás, e Mar de tinta, que está formada polos traballadores dos arquivos e bibliotecas da Universidade de Santiago de Compostela e que facían lecturas de poesía reivindicativas.

4.3.3. As traballadoras e os traballadores do mar

Os mariñeiros son os primeiros afectados polo afundimento do Prestige. A marea negra pon en risco o seu modo de vida. Non foi a primeira vez que os mariñeiros se viron afectados por unha marea negra na historia recente de Galicia. Anteriormente repasáronse casos coma o Mar Exeo ou o Urquiola. Pero si a primeira na que as súas reivindicacións foron tan mediáticas.

Houbo dúas actitudes diferentes entre os mariñeiros, mariscadores e outros afectados polo Prestige que moitas veces foron asimiladas coma unha soa. Por unha banda, houbo parte da poboación afectada que viu a traxedia con resignación e pola outra banda, houbo outros afec-

tados que se converteron en loitadores activos contra a contaminación mariña e que participaron nas protestas contra o executivo galego e español. A peor cara, a dos que buscaron rendibilidade económica prevaleceu en moitas ocasións no recordo.

“Non teñen reparo en dicir en voz alta o que eles aseguran que outros din en voz baixa: que o Prestige foi unha riqueza para moitos mariñeiros. *Sacoulles as pulgas a moitos. Eu acababa de mercar unha lancha de sete millóns de pesetas a 25 anos, e acabareina de pagar este inverno. Eramos dous: 40 euros diarios cada un pola prohibición de faenar, outros 40 por limpar, máis 80 pola embarcación e un tanto por tonelaxe, en que outro sitio iamos sacar case 300 euros diarios?*, di Olga mentres retalla rede plástica para unhas nasas no comedor da súa casa” (Pereiro, 2013)

Malia a busca de rendemento por algúns, non hai que esquecer que houbo unha actitude loitadora pola maioría das traballadoras e traballadores do mar. O día do afundimento do Prestige pediron medios para comezar a loitar contra a polución e neste eido, na denuncia da falta de medios de limpeza, foron o actor máis activo. Un dos capítulos máis soados foi o da loita de 4.000 embarcacións contra o fuel na entrada das Rías Baixas organizada polas propias confrarías. Este foi un dos capítulos nos que se viu un goberno máis desaparecido en contraposición a unha sociedade civil activa.

“En contra dos criterios de eficacia e viabilidade establecidos polos técnicos e polas autoridades políticas, as confrarías e mariñeiros das Rías Baixas, e os empresarios e bateiros de Aguiño, Noia, Muros, O Grove, Portonovo, Combarro, Bueu, Cangas, Baiona e A Garda, dispuxeron as súas flotas e a súa xente para saír ao mar e facerlle fronte ao chapapote. Era o 2 de decembro de 2002, en pouco máis de 48 horas poñían en pé uns magníficos aparellos de traballo que permitiron facer o que a Administración do Estado non fixera, nin cría sequera que se puidese facer” (Barreiro e al., 2003: 43)

Así mesmo participaron activamente na protesta, por exemplo en peches en diferentes Concellos e houbo unha folga de fame dos patróns maiores de Cangas e O Grove (17/12/2002) para pedir que as autoridades fixeran caso á súa demanda de máis medios. A pesar de seren uns heroes para a opinión pública pola súa loita en defensa do mar, desde o Goberno tamén houbo críticas por estas actuacións de protesta.

“López Veiga acusa a algunos patrones mayores de querer sembrar la alarma” (La Voz de Galicia, 08/02/03)

4.3.4 Os voluntarios

Os voluntarios, segundo datos de Pereiro (2013), foron uns 120.000 e fixeron unhas 353.556 xornadas de traballo, cen mil máis que os militares. Pereiro sinala que a organización dos voluntarios “parece unha demostración de que é posible vivir sen Estado”.

“Javier Sar recorda que cando chegaron a Muxía os voluntarios atraídos pola etiqueta de *zona cero*, non tiñan nada para darlles de comer: *Collín do barco caro bombonas de butano porque non tiñamos gas. Estivemos así mes e pico, ata xaneiro. Empezamos a ir polos supermercados, e todo o mundo nos empezaba a dar o que queríamos e a ir polas aldeas, como en tempos de guerra, e viñamos coas furgonetas cheas de patacas, con polos. Era impresionant,... cando me chamaron de Santiago para dicirme que xa non facía falta que nos encargáramos da manutención, que dos poucos que quedaban xa se encargaban eles, cando lles dixen que as cousas que había aquí había que meterlles man, porque tiñamos por exemplo tres toneladas de carne nun conxelador, puxeron unha cara... Home, levamos seis meses cunha media de 400 voluntarios diarios, dándolles de comer, se vos parece increíble que teñamos tres mil quilos de carne é que non entendedes nada. Aínda hoxe moita xente non se dá conta do que estivo pasando” (Pereiro, 2013: 58)*

Segundo datos da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, 92,65% dos voluntarios viñeron organizados. O 22,78% por iniciativa dos Concellos, o 16,96% polas Universidades, o 12,73% polas Comunidades Autónomas, o 10,67% espontáneos e 9,30% polos ecoloxistas. Destes, o 49,02% procedía de Galicia, seguida de Madrid, con 12,69% e Andalucía, con 8,99%.

Os últimos voluntarios deixaron as praias o 15 de xullo de 2003, oito meses despois de que comezase. “Foron candidatos ao Premio Príncipe de Asturias da Concordia 2003, pero o xurado preferiu darllo á autora da saga de Harry Potter, onde vai parar. A Xunta agradécelles o seu labor cun diploma, unha camiseta, un bolígrafo, un chaveiro e unha campaña publicitaria” (Pereiro, 2013)

4.3.5. Os científicos

Os científicos foron un dos actores máis controvertidos da crise xa que dentro deste grupo hai dous discursos, o dos organismos oficiais como o CSIC, e o dos científicos a título persoal ou dos grupos universitarios. O catedrático Carlos Elías, da Universidade Complutense de Madrid, escribiu varios artigos sobre os discursos contrapostos dos científicos na catástrofe do Prestige. Elías explica que os investigadores de institucións coma o CSIC débense ás ordes do goberno, por iso, as informacións máis limpas proceden da Universidade, pola liberdade de cátedra.

Por exemplo, o mesmo día do afundimento un científico do CSIC, José Luis García Fierro do Instituto de Catálisis y Petroleoquímica, ofrece unhas declaracións ás axencias que, ao día seguinte, recolleu toda a prensa nacional nas que considera que é unha boa noticia –idea positiva- porque deixará de verter fuel. Na súa opinión, "la presión del agua, el barco se depositó a 3.600 metros de profundidad, y las bajas temperaturas, en torno a 2,4° C, convertirán el fuel en una sustancia sólida difícil de moverse y dispersarse". Esta foi unha tese que mantivo o goberno durante días. De feito, o delegado do Goberno en Galicia, Arsenio Fernández de Mesa, chegou a dicir o mesmo día 19 que “el fuel se ha convertido en un ladrillo en el fondo del mar”, baseándose nestes estudos. Ao día seguinte destas declaracións apareceu na prensa francesa (Le Monde e Liberation, 20-11-2002) científicos criticando esta posición. “Aínda hai

petroleiros afundidos durante a Segunda Guerra Mundial que contaminan os mares”, dixeron os expertos franceses.

Este día é un punto de inflexión xa que comeza a prensa española a buscar información científica máis alá das fronteiras. El Mundo publica o 29 de novembro de 2011 en portada unha información sobre a toxicidade do fuel vertido que tiña como fonte de información un informe do centro francés de investigacións mariñas: CEDRE (Centre de Documentation, de Recherche et d'Experimentations sur le pollutions accidentelles des Eaux). O CSIC tardaría en dar un informe coas mesmas conclusións aos medios de comunicación españois un mes, o 27 de decembro. Máis rápida foi a resposta do voceiro oficial do goberno, José Luis García Fierro, que dous días despois do artigo de El Mundo dicindo que o fuel do Prestige “no son lesivos para los seres vivos”.

O 11 de decembro de 2002, un grupo de 96 científicos das universidades galegas e o grupo ecoloxista Greenpeace publican un informe no que confirman os compostos orgánicos do fuel que poden ser canceríxenos. Así como sinalaban os efectos que producirá o vertido no ecosistema afectado. O 19 de decembro de 2002. A Conferencia Española de Decanos de Biología (CEDB) difundiu un comunicado no que lamentan que non se tivera solicitado asesoramento científico ás facultades universitarias, e denuncian que profesores especializados en estudos mariños con credibilidade contrastada estiveran “sendo ignorados polas Administracións implicadas”.

En xaneiro de 2003, 422 científicos, que traballaban no CSIC, no Instituto Español de Oceanografía, no Centros de Investigacións Mariñas da Xunta de Galicia e en 29 Universidades españolas, publican unha carta na revista científica norteamericana “Science” na que critican a xestión do Goberno no desastre do Prestige. Os asinantes da carta sinalaban que o Goberno español e a Xunta non consultaron a fontes científicas para tomar decisións transcendentais coma as de afastar o barco. Os biólogos, xeólogos, químicos, físicos, enxeñeiros e informáticos críticos coa actuación governamental denunciaron que “o Goberno español e autonómico sostivo durante trinta días que, desde o 13 de novembro, cando o Prestige comezou a ter problemas, cada decisión executada ao longo da crise, incluída a resolución de transportar o buque lonxe da costa, foi dirixida por un técnico experto español. A nosa opinión, a repetición e a xeneralización indiscriminada desta afirmación, comparte unha seria ameaza para a credibilidade do conxunto da comunidade de científica de España”.

Un dos asinantes da carta, Pablo Serrer, asistiu á Comisión de Ciencia e Tecnoloxía do Congreso por petición do PSOE pero foi vetado finalmente polo partido PP.

Carlos Elías (2006) recorda no seu artigo aos xornalistas a situación de supeditación dos científicos en España aos gobernos e dálles consellos para conseguir información de calidade:

- En España a lei da función pública obriga os funcionarios (excepto a profesores universitarios acollidos á liberdade de cátedra e investigación), a non revelar directamente as súas investigacións aos medios de comunicación sen o permiso de toda a xerarquía que, normalmente, ten no seu cume nun cargo político

- Esta estratexia consolidouse no franquismo e que non se modificou nos distintos gobernos democráticos. Tamén debe advertirse que esta forma de actuar ten a súa orixe no escaso peso que a ciencia e a técnica teñen sempre na historia de España
- Debe facerse fincapé en que unha das formas que ten un enxeñeiro ou científico en escalar postos na administración española consiste en elaborar informes que avalen o criterio político imperante
- Debe recordarlle ao lector todos os casos nos que se demostra que os comités de expertos da administración manipularon información e se demostrou moito despois
- Deben sempre contrastar eses informes con versións de profesores universitarios independentes (normalmente son os que non pertencen a comités ou a xerarquías universitarias) así como á Academia de Ciencias
- Debe sempre pedir opinión a expertos estranxeiros de países cunha cultura de liberdade e de ciencia maior que a española. Polo tanto son, basicamente, países anglosaxóns

4.3.6. Greenpeace

Greenpeace naceu o 9 de novembro de 1971 cunha expedición de doce integrantes canadenses que se dirixían á illa de Amchitka, situada nas proximidades de Alaska, para impedir a detonación dunha nova bomba nuclear na rexión. A pesar de que non chegaron a tempo para impedir o ensaio nuclear dos Estados Unidos, conseguiron converter a zona nunha reserva ornitolóxica. Despois do éxito, déronse conta de que podían conseguir cambios nas políticas dos gobernos e fundaron a ONG. Greenpeace defínese a si mesma coma “unha organización internacional non governamental, onde a súa principal prioridade é a difusión de campañas a favor do medio natural global. Leva a cabo campañas para deter o cambio climático; protexer a biodiversidade; diminuír o uso da enerxía nuclear e das armas; fomentar a paz, entre outras. Na actualidade, conta con tres millóns de asociados no mundo (Coronel et al., 2008)

En canto a Greenpeace España naceu en 1984 con sede en Madrid e na actualidade, ten outra en Barcelona. Conta na actualidade cuns 100.000 socios que aportan o 95% dos fondos da ONG. O resto dos ingresos conséguese por venda de merchandising.

No caso do Prestige, Nunca Máis denunciou a falta de recursos do goberno español para contrarrestar o vertido. A ONG deu a voz de alarma de que o vertido de hidrocarburos era máis do dobre do que sinalaban as cifras oficiais, polo que se reuniron co ministro de Medio Ambiente, Jaume Matas e esixiron que se fixesen públicos os resultados da análise de toxicidade dos vertidos. Greenpeace presentou unha queixa ante a Comisión Europea (2003/4247) e recomendoulles ás autoridades españolas e aos demais estados membros da Unión Europea proceder á eliminación de todos os buques petroleiros que estaban perdendo hidrocarburos para controlar as fugas e evitar a dispersión do petróleo nas augas mariñas.

Estas son algunhas das informacións publicadas sobre a actuación de Greenpeace na crise do Prestige, nas que se ve a súa función coma promotores de informacións.

CG, 28/11/02: “Greenpeace solicita que se hagan públicos los análisis del fuel-oil”
EP, 05/12/02: “Greenpeace deposita basura del ‘Prestige’ en la empresa que fletó el barco”
LVG, 08/12/02: “El ‘Rainbow Warrior’ llega hoy A Coruña”

4.3.7. Os medios de comunicación

Os medios de comunicación, ademais de ser a praza na que interactuaban diferentes discursos sobre a crise do Prestige, foi en si mesmo un actor e un dos máis controvertidos. Tanto o goberno coma Nunca Máis atribuíronlle manipulación da información. En cambio, entre a profesión houbo a sensación de que foi unha época de liberdade para exercer a profesión.

“É dicir, durante uns meses, os xornalistas e o público tomaron o control. Houbo, desde logo e como sempre, sensacionalismo, tremendismo, manipulación, por un lado e sobreactuación, polo outro. Pero tamén preguntas incisivas e inconformistas nas roldas de prensa, e sobre todo, re-preguntas, a esencia dunha rolda de prensa ou dunha entrevista que pretenda selo (...).

Despois coma sempre todo volveu ao rego, os xornalistas devolvémoslle o temón a quen correspondía, e a xente volveu sintonizar o que interesa (non a eles, precisamente). Supoño que nuns e noutros queda o recordo de como se fai e de como se pode volver facer” (Pereiro, 2013: 116-117).

Unha mostra de noticias nas que os propios medios foron os protagonista ou actores das informacións sempre ao redor da falta de transparencia dos gobernos ou da manipulación informativa das redaccións.

O 27 de novembro de 2002. La Voz de Galicia informa que traballadores de TVE de Galicia denuncian que a dirección obrígalle aos seus xornalistas a non utilizar a expresión “marea negra”. Ese mesmo día, o xornal La Opinión informa que o cadro de persoal de TVE en Galicia acusa o director do centro territorial de manipular e censurar datos e opinións para amosar nos informativos unha “realidade oficialista” diferente da situación da marea negra. Esta recompilación de denuncias aparece na publicación Burla Negra.

O 29 de novembro de 2002. O comité de empresa de CRTVG denuncia “o control informativo e a falta de liberdade co que o poder político amordaza os medios de comunicación públicos” no seu labor sobre o Prestige.

O 5 de decembro de 2002 Alfredo Urdaci presentaba o telexornal das 21.00 horas da TVE desde Muxía. Un grupo de voluntarios e veciños que protestaban detrás das cámaras contra a manipulación informativa de TVE. Uns minutos despois de comezado o informativo, Urdaci deulles paso aos estudos centrais en Madrid, desde onde se continuou o informativo.

O 6 de decembro de 2002, O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia emite un comunicado onde denuncia o “apagón informativo” que sofren os informadores por parte das autoridades españolas e acusa á Administración de ocultar datos. Tamén denuncia consignas impostas por televisións e nas radios públicas para que non se pronuncie a frase “marea negra”. Ese mesmo día o xornal El Mundo denuncia o silencio do CSIC no asunto do Prestige.

O 7 de decembro de 2002. O xornal La Opinión recolle as queixas de varios xornalistas que aseguran que o Goberno lles está poñendo atrancos ao seu labor.

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicou un libro titulado: "Prestige: a forza dos feitos. Relato e primeira análise de como se encarou o accidente" no que gaba a actuación da Consellería e analiza diferentes aspectos, entre eles a súa política informativa. No libro analízanse as "presuntas mentiras", "supostas verdades", "profecías incumpridas" e "contradiucións" publicadas nos medios sobre a xestión da catástrofe. Algunhas das conclusións respecto as informacións dos medios de comunicación:

- "Ante a proliferación creada e a proliferación de informacións de carácter sensacionalista, que puñan en dúbida o fornecemento e as condicións de salubridade dos peixes e os mariscos galegos, que accedían aos mercados, a Xunta de Galicia, en colaboración coa Administración Xeral do Estado, promoveu diversas campañas de información aos consumidores
- As administracións deron sempre a información de que se dispuña en cada momento. Puido haber equivocacións, desacerto nos prognósticos, declaracións desafortunadas...pero nunca se mentiu nin se ocultou información
- A Consellería de Pesca fixo todo canto estivo na súa man para que os medios de comunicación e a sociedade dispuxeran da información máis inmediata, abundante e veraz, mesmo permitindo o traballo dos xornalistas a bordo dos seus medios, e facilitando as fotos que os helicópteros obtiñan en alta mar
- A distorsión informativa veu derivada da morea de manifestacións interesadas realizadas por quen non tivo escrúpulos en apostar polo vantaxismo político que pode representar un accidente desa índole, mesmo a costa de prexudicaraopaís e á cidadanía
- Acuñáronse como "mentiras" das administracións o que só foron erros de cálculo, prognósticos desacertados, ou expresións desafortunadas, que en numerosos casos nin sequera se deberon a quen as pronunciaba
- En erros incorremos todos. Houbo cousas que se deron por certas, sen selo; vaticinios incumpridos, que por non ser da autoría da Administración, non adquiriron o selo de mentiras; contradicións e algunhas teimas, por parte de quen se dedicou a criticar as administracións, que encheron de confusión a opinión pública, e sementaron a alarma e a desconfianza da sociedade. (Xunta de Galicia, 2004: 515)

4.3.8. Outros estados: Francia e Portugal


O rumbo da crise do Prestige tivo que ver co feito de que foi unha catástrofe internacional, non só se contaminaron as costas galegas e españolas, tamén as portuguesas e francesas. Isto fixo que tanto o goberno francés coma o portugués, e os seus centros científicos tivesen un rol importante coma actores na crise. Elías (2006) sinala na súa comparación sobre os casos do Prestige e Doñana que na catástrofe galega era imposible poñerlle barreiras ao mar, mentres que en Doñana houbo un "absoluto control por parte de España, pois acordou a zona

afectada e os científicos que non estiveran autorizados polo goberno non tiñan acceso á zona contaminada”.

A decisión española de afastar o barco, primeiro cara Francia e logo, cara Portugal, nun intento de pasarlle o problema a outros gobernos, tivo resposta por estes. Na Comisión parlamentaria francesa sobre o Prestige, o almirante Jacques Gheerbrant, prefecto marítimo da zona atlántica de Francia dixo que enviou un fax para que o goberno español mudase o rumbo do norte cara ao sur para que non puxese en perigo a Francia (Barreiro e al., 2004: 18). Neste cambio de rumbo cara ao sur, o goberno de Portugal prohíbe a entrada do barco en augas portuguesas coa fragata Joao Coutinho.

“Pero ninguén o quere. Ao cabo do día, intentan entrar en augas territoriais portuguesas, e unha fragata, a Joao Coutinho, comunícalle ao Ría de Vigo se non sabe que non pode entrar nelas, e que consulte coas autoridades españolas a prohibición (sinal de que xa llela comunicaran). Segundo os partes do Centro de Salvamento de Fisterra, se preguntaban outra vez, tiñan que responderlles que eles soamente pasaban por alí. Cambian de rumbo, xa non se sabe para onde” (Pereiro, 2013).

Ademais de polo conflito do barco, Francia e Portugal, e algúns dos seus organismos contra a contaminación tiveron un rol fundamental coma informadores do que acontecía. Os medios galegos e españois informábanse nos seus homólogos franceses e portugueses para facer seguimento das mareas negras ou coñecer as previsións dos seus científicos.





5. Discursos e identidades na crise do Prestige

5.1. NUNCA MÁIS, UN MOVEMENTO SOCIAL

Nunca Máis é un movemento social no que se integran colectivos de diferente índole: asociacións culturais, partidos políticos, sindicatos, asociacións ecoloxistas, asociacións de veciños, confrarías. Todos eles marcaron a folia de ruta da plataforma, que tiña entre os seus obxectivos fins ecolóxicos pero tamén ‘nacionalistas’ de reactivación da economía, ligada tamén as demandas das confrarías de mariñeiros e da sociedade e a cultura galega.

Nunca Máis nace nunha situación de emerxencia, debido a crise do Prestige, e loita por resistirse á pasividade establecida polas institucións do goberno central e do goberno da Xunta. Nesta situación de risco a comunidade despregou a súa rede para loitar nun primeiro momento contra o perigo inmediato, a marea negra, e máis tarde para a reposición de responsabilidades e o seguimento da rexeneración dos danos ocasionados polo Prestige. Nunca Máis nace enclavada en Galicia cunha conciencia histórica do territorio que fai que a súa prioridade sexa a rexeneración da sociedade, a política, a economía e a cultura galega e queden nun segundo lugar as mareas negras e toda a crise ecolóxica derivada do afundimento do petroleiro, considerado un golpe máis á xa mancada sociedade galega. Recollendo de novo as definicións de movemento social do capítulo “A construción da protesta”, Nunca Máis responde a diferentes definicións. A primeira de Joachin Raschke: “Un movemento social é un axente colectivo mobilizador, que persegue o obxectivo de provocar, impedir ou anular un cambio social fundamental, obrando para iso con certa continuidade, un alto nivel de integración simbólica e un nivel baixo de especificación de roles, e valéndose de formas de acción e organización variables” (Fernández Buey e Riechmann, 1995). Efectivamente, Nunca Máis mobilizou á sociedade galega coa finalidade de provocar a reacción dos políticos ante a crise, para iso tivo un alto nivel de integración simbólica baseado na cultura galega e as súas accións foron variables, organizadas polos diferentes colectivos.

Segundo a definición de Tarrow (2012:33): Os movementos sociais son “as secuencias de acción política baseadas en redes sociais internas e marcos de acción colectiva que desenvolven a capacidade para manter desafíos fronte a opoñentes poderosos”. Vólvese a ver que Nunca Máis responde a esta definición. Nesta definición hai dous conceptos importantes: redes sociais internas e marcos de acción colectiva. Como se irá estudando ao longo do capítulo, Nunca Máis nace de colectivos e redes de contactos organizados previamente e aliña os discursos e as ideas para manter uns marcos de acción colectiva comúns que son o cemento que une as posicións dos diferentes integrantes. “Nunca Máis representa claramente un serio desafío á política galega de *aquí non pasou nada*, non só porque puxo de manifesto os erros políticos na xestión da catástrofe do Prestige, senon tamén porque ao refrescar a memoria colectiva sobre accidentes similares no pasado, cuestionou seriamente a política de inseguridade marítima do goberno rexional” (Aguilar e Ballesteros, 2005).

Ron Eyerman e Andrew Jamison consideran que os movementos son espazos públicos temporais que provén á sociedade de identidades e ideais. A plataforma galega converteuse nun “espazo público temporal” onde se lle ofreceu á sociedade ideas e identidades novas

baseadas na xa existente identidade galega.

Melucci (1996) considera que a noción de movemento social designa “unha acción colectiva que se acolle á solidariedade, manifesta un conflito, e supón a infracción dos límites de compatibilidade do sistema dentro do que a acción toma lugar”. Nunca Máis nace como mobilizador da cidadanía galega e pola solidariedade ante a catástrofe do Prestige e o conflito dos administradores aos que se lles atribúe unha actitude irresponsable ante a crise.

Sen entrar na discusión de se hai ou non hai uns novos movementos sociais, as características atribuídas por Offe (1992) a estes supostos NMS son coincidentes en grande medida con Nunca Máis. Os contidos que identifica Offe son un interese por un territorio (físico), un espazo de actividades ou “mundo de vida”, coma o corpo, a saúde e a identidade sexual; a veciñanza, a cidade e o contorno físico; a herdanza e a identidade cultural, étnica, nacional e lingüística; as condicións físicas de vida e a supervivencia da humanidade, en xeral. Os contidos de Nunca Máis expresan pois un interese claro polo mar como espazo físico a conservar e máis concretamente, polo mar galego e a pesca como forma de vida. Ademais Nunca Máis ten un claro compoñente de identidade cultural, nacional e lingüística galega. É polo tanto un intento de ‘frear’ o ‘tren do progreso da globalización’ para a supervivencia dun modo de vida identificado como galego. A identidade é reactiva, xa que intenta renovar Galicia.

Volvendo a definición de novos movementos sociais de Offe no modo de actuar, na organización interna acódeuse moito á non diferenciación, o linde entre o rol dos líderes formais e dos demais membros está desdubuxado. Como veremos no apartado da organización de Nunca Máis, non hai un líder concreto, recórrese a diferentes voceiros, normalmente xente da cultura, e os membros son as asociacións adheridas ás que non se lles pide máis requisito que estar de acordo co manifesto da plataforma. En canto as tácticas externas, hai unha recorrencia ás manifestacións masivas coma foi a fundacional do 1 de decembro.

O propio nome da plataforma recolle esas lóxicas das que fala Offe de utilizar vocabulario negativo como “nunca”. O slogan de Nunca Máis, en castelán *Nunca Más*, foi usado en diferentes protestas anteriores noutras partes do mundo, por exemplo, en Arxentina en contra do terrorismo de Estado nos anos 70 ou contra a ditadura militar de Brasil (1964-1979). Porén esta non foi a causa da escolla de Nunca Máis senón que esa expresión era o lema da plataforma Mar Limpo, nacida da catástrofe do Mar Exeo en 1992.

Foi tanta a repercusión do lema Nunca Máis da catástrofe do Prestige que se recoñece en Galicia e en España coma un lema en prol da conservación dos espazos e en contra dos desastres ecolóxicos coma lumes ou o petróleo. Así o 11 de agosto de 2006 volveu a recuperarse Nunca Máis para unha manifestación contra os lumes que houbo en Galicia ese ano. En 2012 volvéronse ver as pancartas de Nunca Máis nas manifestación en contra das prospeccións petrolíferas en Lanzarote e Fuerteventura.

“Durante a marcha antiglobalización do 1 de xuño de 2003 que recorreu as rúas da localidade francesa de Annemasse, sede do cumio do G-8, participantes españois portaron pancartas nas que se podía ler o slogan *Nunca Máis*. Aínda que a maioría de manifestantes e transeúntes descoñecían probablemente o significado do slogan, NM encarnaba un novo movemento social que se orixinara trala catástrofe do vertido do petroleiro Prestige na costa galega” (Aguilar e Ballesteros, 2005)

En canto aos actores que compoñen Nunca Máis, o retrato robot esgrimido dende Nunca Máis coincide coa idea de Claus Offe na que identifica os profesionais de servizos humanos e

públicos, a xente da vella clase media con intereses propios na protesta e a xente á marxe do mercado (estudantes, amas de casa, persoas retiradas...) como os integrantes dos NMS.

“A xente máis activa adoita ser nova máis ligada ás zonas das cidades. En sexo, non sabería determinar. É xente con certos estudos ou é estudante ou ten un emprego con tempo libre como son os ensinantes, os funcionarios, os profesionais liberais, a xente da cultura. É a xente que puido estar un pouco no día a día nas comarcas. Coa excepción de que hai que incluír a xente do mar, moi de referencia” (Entrevista a un portavoz de Nunca Máis).

É claro o paralelismo. Os servizos de sectores públicos ou humanos identifícanse ata nalgúns movementos creados en paralelo como foron Area Negra ou Burla Negra. A xente da vella clase media son os mariñeiros e mariscadoras xa que “moitas veces os seus intereses económicos coinciden coas esixencias políticas expresadas pola política de protesta dos novos movementos sociais”. E na derradeira categoría, a xente ao marxe do mercado, non se reflectiría tanto en amas de casa e xubilados, pero si nos estudantes. Un estudo do profesor da Universidade de Santiago de Compostela, Sabucedo (1997) demostrou que o potencial de protesta da xuventude galega é elevado como se viu nas accións en contra da L.O.U.

5.1.1. A catástrofe, unha oportunidade política?

Os escasos estudos que se fixeron sobre Nunca Máis estiveron centrados en analizar a oportunidade política do movemento. Desde que favoreceu o seu nacemento, se formou parte dun ciclo de protestas ata se foi unha protesta exitosa ou non e a represión que sufriu e as técnicas usadas polo poder para minimizar o movemento. O seguinte apartado está composto por conclusións propias e outras dos estudos, citados anteriormente, que se centraron na oportunidade política e no movemento Nunca Máis

5.1.1.1 O nacemento de Nunca Máis

Un dos temas máis tratados dentro das oportunidades políticas é por que nace un movemento social. Os autores do interaccionismo simbólico argumentan que a implicación cidadá e política nun tema reside no éxito que alcanzan as interpretacións destas situacións como inxustas ou indesexables. Polo que a gravidade obxectiva do problema necesita da definición de situación como inxusta e non atribuíble ás calidades dos membros que xeran a demanda de cambio.

O afundimento do Prestige sucedeu dunha loita por impoñer dous cadros interpretativos diferentes. Por un lado, unha interpretación vertida dende os gobernos español e galego na que se reducía o impacto do desastre e se atribuían as responsabilidades ás forzas externas e por outro lado, unha versión alternativa que cuestionaba a actuación da Administración e que foi encabezada pola Plataforma Nunca Máis co apoio dun grupo de científicos, doutros gobernos coma o francés e o portugués e co impulso, nun primeiro momento da interpretación feita por algúns medios de comunicación, que cuestionaban a versión do poder. A continuación, enumeráronse os factores que axudaron ao nacemento de Nunca Máis na sociedade.

- **A marea negra: un factor precipitante e dramático**

A marea negra, un chamado factor precipitante (de Smelser), fixo unha fenda no muro galego. A Galicia chegoulle a globalización en forma de chapapote como xa lle ocorrera noutras ocasións. Mais desta volta o volume da traxedia desbordou a situación. A chegada de

fuel ás costas creou unha sensación de urxencia e aceleración da poboación costeira galega que viviu a catástrofe en primeira persoa. E que se fixo máis intensa pola desinformación vivida neses días sobre a chegada ou non do fuel á costa. A visualización do problema en forma de chapapote, provocou un sentimento de desolación e unhas situacións dramáticas o que xunto coa incertidume vivida pola desinformación favoreceu o cambio na opinión pública.

“O Prestige constituíu un *agravio imposto de forma repentina* (suddenly imposed grievance), ou un inesperado e dramático acontecemento que puxo de relevo a existencia de importantes problemas sociais previos. Incluso poderíamos consideralo un *shock moral* (moral shock), algo que sucede cando *os feitos* ou a información xeran sensación de indignación na xente que logran que esta está disposta a actuar politicamente, con ou sen redes de contacto (Walsh, en Goodwin e Jasper, 2003)” (Aguilar e Ballesteros, 2005)

Destacar que este suceso dramático uniu as poboacións da costa que se viron afectadas a través do mesmo padecemento, polo que o seu ‘minifundio’ foi cuberto de fuel o mesmo que o da aldea veciña. Había un problema colectivo, que se estendeu a toda Galicia e tiña presenza física. Ademais, este evento dramático poñía en perigo o futuro e o modo de vida da xente da costa. Había un implicación económica e de subsistencia, que fixo que os pescadores e mariscadoras cuestionasen a validez do discurso do poder.

Este acubillo da cidadanía galega non o tivo o movemento Mar Limpo¹, nacido do afundimento Aegean Sea, que afectou á cidade de A Coruña e as poboacións próximas. O suceso non provocou a mobilización da cidadanía galega máis alá da afectada. En cambio, Nunca Máis tivo apoio de moitas das comarcas de Ourense, que non viviron en primeira persoa a traxedia. E aínda que a marea negra chegou ás autonomías do cantábrico e incluso, a Francia, non se creou unha plataforma que integrase todos os territorios implicados. A explicación está no derradeiro punto desta enumeración no que se fala do malestar estrutural en Galicia.

Outra particularidade da crise do Prestige que identifica Carlos Elías no seu artigo “Medio ambiente, manipulación política y control mediático del riesgo. Análisis del caso del hundimiento del petrolero Prestige” é que non se lle pode poñer valados a unha marea negra. O autor compara esta catástrofe coa de Doñana e sinala que en Andalucía só os científicos españois acreditados podían pasar á zona contaminada, porén, no caso do Prestige a contaminación estaba no mar e no litoral e había outros países afectados, Portugal e Francia.

- **Desaparición do estado**

Nunha situación de urxencia social, a cidadanía percibiu pasividade por parte das administracións, non só por deixar o barco en mans dunha empresa privada e logo, levalo fóra

¹ Mar Limpo naceu do afundimento do Aegean Sea en 1992 en A Coruña deste colectivo apareceron tres informacións en La Voz de Galicia, tres informacións no mes e medio despois da catástrofe. O movemento Mar Limpo apuntaba, como se aprecia na noticia do 18/12/92 de La Voz de Galicia, á inseguridade do porto de A Coruña. Hai que remitirse ao libro Aegean Sea. A verdade dunha catástrofe repetida, para comprender a importancia da marcaxe dun suceso polos medios de comunicación e polo discurso do poder. No libro considérase que houbo unha ‘mala’ información por parte dos medios de comunicación sobre o suceso. Segundo este libro, os medios de comunicación consideraron responsables a tripulación do Aegean Sea, seguindo as informacións do Goberno. O libro, escrito por un colectivo de mariños, encadra as responsabilidades nas autoridades marítimas de terra.

da costa galega, senón na negación e a mentira sobre a traxedia. Unha traxedia que non podía agocharse porque era visible na meirande parte dos areais galegos. A desprotección por parte dos gobernos chegou ata negarlles o material anticontaminación ás confrarías e aos voluntarios. Nesta sensación de desamparo, a emerxencia social fixo activarse a solidariedade colectiva. Poderíase asegurar que durante moitas semanas houbo unha desaparición do estado. Polo tanto, un estado que non axuda, ten un discurso menos válido ante a poboación. A cidadanía sente a desprotección do estado e, se como ocorreu no caso do Prestige, activa a solidariedade colectiva crea lazos de identificación social sen a intermediación da administración.

Todo o contrario pasoulles aos cidadáns galos co afundimento do Amocco Cádiz e logo do Erika, que crearon un sindicato, Vigipol², con todos os partidos constitucionais e os cidadáns de colectividade das zonas afectadas. O goberno francés uniuse á cidadanía contra un inimigo común: as leis de transporte marítimo internacional e o armador do Amocco Cádiz. Polo tanto, o discurso predominante da sociedade saíu fortalecido coa catástrofe, ao ser o primeiro en arroupar a cidadanía na loita contra a catástrofe ambiental. Nunha conferencia de Vigipol xunto a membros de Nunca Máis na Universidade de Vigo, os integrantes do público expresaban o seu sentimento de non só indefensión senón de ataque directo por parte do Goberno nos días máis graves da crise. Declaracións que ás que non daban crédito os membros de Vigipol que non tiñan vivida a desprotección do Estado no seu caso.

- **Os primeiros indignados**

A desinformación e a mentira por parte das autoridades provocou indignación entre a poboación que se sentiu desprotexida. A falta dun plan de comunicación durante a crise fixo que a desinformación á cidadanía crease máis inseguridade e, polo tanto, desacreditase máis ao goberno. A mentira da clase política que intentaba minorar o problema é considerado polos afectados como unha burla ou menosprezo, o que leva á esixencia de reparación e de condena. A iso hai que engadirlle o intento de minoración do problema, negando axuda material e humana, rexeitando nos primeiros momentos a limpeza das praias por voluntarios e demonizando a protesta nas rúas.

- **A fiestra mediática**

Sabucedo (2003) apunta que a comparación de discursos entre os medios de comunicación da información proporcionada polo estado e a facilitada polas institucións galas e portuguesas foron desvalorizando as fontes oficiais españolas a prol das estranxeiras.

Este é un dos puntos máis interesantes de toda a crise. O goberno español e galego actuou de costas ao escenario global do momento, no que a información, grazas a Internet e á cantidade de medios audiovisuais e escritos, non pode ser totalmente controlada polo poder. Pensou que co control da canle de televisión pública galega e española, así coma de medios afíns, podería ter cativa a opinión pública. Esquecéndose de que había varias canles de televisión privadas fóra do seu paraugas, caso de Telecinco, en busca de fidelizar á audiencia coa verdade.

Por outra banda, os medios de comunicación teñen que intentar facer unha construción da

² Vigipol é un sindicato mixto de 92 comunidades bretoas que se formou no ano 1978 logo do afundimento do petroleiro Amocco Cádiz fronte ás costas francesas. Polo que o sindicato francés leva 25 anos de traballo. O colectivo está formado por todos os partidos e axentes sociais franceses. O sindicato formouse para loitar contra a petroleira do Amozco Cádiz e despois dunha década conseguiron a indemnización.

realidade que pareza obxectiva, veraz. Non poden pois negar a chegada da petróleo ao litoral que está vendo a poboación por si mesma. Isto obriga ao medio de comunicación a recoller dalgunha ou outra maneira discursos diferentes aos do poder, polo menos, os que están no escenario da catástrofe e o viven.

- **A primeira cyber mobilización**

No anterior apartado destacouse a importancia da cobertura informativa da crise e como Internet foi unha plataforma importante para unha información diferente á oficial. Diz e Lois (2005) sinalan que o uso de Internet “constituíu un proceso inédito na historia de Galicia” e que foi “a primeira mobilización cyber en España”

“A rede converteuse en canal de información, fonte de información e medio de información. Cumprindo variadas e significativas funcións: 1) proporcionou información que non se ofrecía noutros medios *convencionais*, ademais era unha información moi rápida; 2) serviu tamén como punto de encontro para o debate; 3) foi a canle de difusión (e chave do éxito) de todas as iniciativas desenvolvidas a partir da catástrofe” (Diz e Lois, 2005)

- **O apoio do mundo científico**

As catástrofes son cubertas na maioría dos casos tendo como unha das fontes de información máis importante á comunidade científica. O mundo científico é unha fonte con moita lexitimidade para a opinión pública. A negación da comunidade científica da veracidade das fontes do Goberno, deslexitimaron á Administración e deron crédito aos discursos discordantes co poder coma o de Nunca Máis. Todos estes puntos sinalados, teñen relación os uns cos outros. Así, en situación de crise os medios de comunicación dan máis voz e credibilidade aos científicos en busca dun argumento alternativo ante a situación de desconcerto (Mark Neuzil e William Kovarik).

“Segundo un estudo realizado por Page e Shapiro (1992), os cambios na opinión pública están relacionados co grado de cobertura que se lle dea aos problemas nos informativos da televisión nacional. Tamén ten importancia a forma na que se dea a noticia. Os comentarios dos informativos e os informes dos expertos están fortemente relacionados con impactos de signo positivo, mentres que o que reivindican contestatarios e grupos desconformes percíbese como algo que é froito da estreiteza de miras e quizais da desinformación ou de intereses particulares dos grupos, polo que, en xeral, tenden a provocar respostas negativas” (McAdam, McCarthy e Zald, 1996)

Porén, houbo un pouco de confusión porque apareceron dúas versións desde o mundo da ciencia, unha oficial, do CSIC, e outra independente. Como xa se explicou no apartado sobre os científicos, o catedrático Elías (2006) sinala que os investigadores de institucións coma o CSIC débense ás ordes do goberno, por iso, as informacións máis limpas procederon da Universidade, pola liberdade de cátedra. Elías sinala que a crise do Prestige foi a primeira vez que os científicos españois se uniron para loitar contra a manipulación política.

- **Os voluntarios: os grandes difusores**

Os voluntarios que se acercaron ás praias a limpar viron a magnitude da catástrofe en primeira persoa. Estes voluntarios serviron como difusores da catástrofe á volta á súa cidade ou vila de orixe e polo tanto, contrapúñanse á minoración do problema levada polo discurso

governamental. O perigo destas fontes levou ao Goberno a evitar, pouco a pouco, a chegada de voluntarios. Foron polo tanto os voluntarios importantes nun traballo de transmisión interpersoal do suceso.

Os voluntarios foron os mellores transmisores da voz de Nunca Máis. Durante a crise e despois da crise, tanto medios coma gobernos, separaron a Nunca Máis dos voluntarios, coma se fosen dous fenómenos diferentes. Cando, en realidade, Nunca Máis é un grande paraugas no que entran os colectivos adheridos ao movemento, os voluntarios, os afectados e toda a sociedade galega, española e mundial crítica co suceso do Prestige.

- **As redes anteriores de movementos**

A Plataforma Nunca Máis está formada por unhas 350 asociacións. Unha organización tan ampla e tan activa dende os primeiros días non pode xurdir, senón parte dunha tradición previa de mobilización. Moitas das asociacións que o conforman manteñen en Galicia continuas mobilizacións en defensa do medio, dos dereitos da muller ou en defensa da educación pública. “Poderíamos incluso argumentar que Nunca Máis exemplifica un claro caso de recrutamento en bloque (bloc recruitment) no sentido que os organizadores do movemento conseguiron con éxito a integración absoluta no mesmo de redes sociais previas, o que axudou a reducir drasticamente custos transaccionais” (Aguilar e Ballesteros, 2005).

Como se citou nun dos anteriores apartados, xa co Aegean Sea, houbera unha resposta cidadá, pero sen moita repercusión mediática como foi Mar Limpo. E, se recollemos o encadramento que La Voz de Galicia facía da composición deste colectivo vemos como non dista moito da que fai de Nunca Máis na actualidade, xa que a plataforma estivo promovida dende un partido político e foi composta por colectivos sindicais, políticos, ecoloxistas e veciñais. Na manifestación que convocou Mar Limpo en A Coruña estivo presente o sector do mar tamén.

La Voz de Galicia 18/12/92

Constituida en La Coruña la plataforma Mar Limpo, que integran varios colectivos

La plataforma Mar Limpo quedó constituida a última hora de la tarde de ayer en el curso de la asamblea promovida por Unidade Galega de La Coruña, e integrada por diversas asociaciones de carácter sindical, político, ecologistas y vecinal, además de otras asociaciones estrictamente profesionales

Non obstante, a plataforma Nunca Máis está composta por un maior número de colectivos e moitos deles relacionados co mundo da cultura. Estes movementos fanse eco das tensións estruturais (Smelser) na sociedade, que son tamén un factor para cuestionar o discurso do poder previo ao suceso desencadeante.

“A parte do propio factor que significou a agresión e o impacto dunha catástrofe ecolóxica. Naquela época se vivía en Galicia un certo desencanto por certas políticas tanto do goberno da Xunta como do goberno central que se evidenciaba anteriormente en mobilizacións como o da L.O.U, o da folga xeral ou da guerra. Había un certo clima de desconformidade e de resposta social. Neste clima unha agresión deste calado axudou ao movemento. Había unha fatiga na sociedade por determinadas políticas e incluso, informativamente polo afogo que había. De aí naceu a conciencia de que había que facer algo” (Entrevista a portavoz de Nunca Máis)

Hai unha crenza errada de que a sociedade galega non é unha sociedade organizada en

asociacións. Un estudo do 2011 bota por terra este estereotipo identificando 4.955 agrupacións de todo tipo en 273 municipios. Case o 25% destas asociacións son culturais, un 16% veciñais, un 10,4% musicais e un 10,1% deportivas. Moitas destas asociacións foron as que conformaron o Nunca Máis en decembro de 2002.

5.1.1.2. O ciclo de protesta

As oportunidades políticas veñen moitas veces favorecidas por estar enmarcadas dentro dun período no que aumentan os conflitos. Tarrow enténdeo como unha fase de intensificación dos conflitos e a confrontación no sistema social que inclúe unha rápida difusión da acción colectiva dos sectores máis mobilizados aos menos mobilizados”.

“Nunca Máis non se limita unicamente a denunciar a tardía, secretista e errónea actuación das autoridades en relación coa catástrofe do Prestige, xa que, ampliando gradualmente a súa axenda inicial, vincula a súa estratexia ao descontento social relacionado cunha serie de importantes temas de ámbito nacional. Principalmente, NM incorpórase ás manifestacións contrarias á guerra de Iraq e ao apoio do goberno español á administración Bush” (Aguilar e Ballesteros, 2005)

Nunca Máis encádrase dentro das protestas que ocorreron no ciclo de protestas que xurdiron entre marzo de 2002 e marzo de 2004 en oposición a políticas do goberno central do Partido Popular, que contaba con maioría absoluta. Estas protestas foron contra a LOU, polo transvase do Ebro, manifestación contra o cumio Europeo en Barcelona, a folga xeral do 20 de xuño de 2002, a crise do Prestige, o NON á guerra e mobilizacións polos atentados do 11M. Pradel et outros (2005) sinalan que os factores que fixeron posible a emerxencia dun ciclo de protestas foron:

- O goberno da maioría absoluta da segunda lexislatura do PP emprendeu diversas reformas (da educación universitaria, do sistema de protección ao desemprego) e iniciativas de importancia para o país (o ingreso na guerra, a lei de inmigración ou o transvase do Ebro) desoíndo a opinión pública en xeral
- A deriva cara a extrema dereita e o autoritarismo do goberno levou a práctica inexistencia de partidos de esquerdas no exercicio da oposición. Polo que a ausencia de voces críticas que canalizaran o descontento social en aumento deixou aberta a posibilidade da acción directa como a única modalidade de expresión posible
- Despois das primeiras mobilizacións xurdidas a raíz da LOU e o PHN, un acontecemento excepcional, o afundimento dun barco petroleiro en Galicia, contribuíu a xerar un clima de opinión adverso ao goberno que puxo a proba a súa capacidade para xestionar unha crise política. A ineficacia dos operadores políticos e de comunicación foi evidente en varias ocasións de maneira que a manipulación informativa, a mentira e a desidia estimularon a contestación da cidadanía.
- Durante ese ciclo de protesta, os medios de comunicación cubriron deficientemente (e nalgúns casos non cubriron) as mobilizacións, poñendo de manifesto a submisión dos medios – públicos e algúns privados- aos intereses do goberno. A manipulación informativa foi unha das principais razóns polas que se produciu a caída do goberno despois dos atentados do 11 de marzo en Madrid

Pont (2004) tamén identifica o ciclo de protesta da segunda lexislatura do PP e analiza os

Discursos e identidades na crise do Prestige
 diferentes movementos nun cadro no que indica os desencadeamento da protesta, as demandas e as estratexias dos movementos sociais.

	Desencadeamento política gubernamental	Demandas	Estratexia do movemento
Movemento de estudantes Universidade e secundaria	Imposición sen consenso da LOU/ LOCE/LUC	Retirada da LOU/ LOCE / LUC	-Denuncia da LOU/ LOCE / LUC -Presentación de 1166 emendas polos partidos políticos de oposición -Asociacións e sindicatos de estudantes chaman á participación en eleccións claustrais
Mobilizacións do movemento obreiro	-Decreto sobre axudas ao desemprego -Anulación do subsidio agrario e PER	-Retirada do decreto de desemprego -Restitución do subsidio agrario	-Chamada á participación nas eleccións sindicais -Mobilizacións e folga xeral
Movemento a) antiglobalización b) por outra globalización	-Apoio incondicional do goberno á política do FMI, BM e ás grandes multinacionais	-Rexeitamento do modelo económico imperante Disolución do G-8 -Rectificación e control democrático do modelo imperante	-Mobilizacións e accións -Cambio de estratexia sindical
Movemento antitransvase (terras do Ebro, Cataluña e Aragón)	Aprobación do PHN sen consenso cos axentes sociais e políticos e sen alternativas	Retirada doo PHN e non ao transvase do Ebro	-Alegacións xurídicas, confección de informes técnicos -Acción de grupo de influencia no Parlamento Europeo
Movemento de reacción da catástrofe ecolóxica do Prestige	Medidas técnicas erradas e lentitude en ofrecer solucións	-Dimisión dos responsables -Medidas de prevención de catástrofes -Axuda eficiente aos pescadores afectados	-Participación nas eleccións -Mobilizacións en Galicia e Madrid
Movemento contra a guerra de Iraq	Decisións cunha mínima lexitimación (CIS: o 91% da poboación estaba en contra)	-Retirada do apoio de España ao EUA -Dimisión do presidente de España	Estratexias diferenciadas: 1) Aceptación da finalización do movemento. Participación nas eleccións. Potenciación de organismos internacionais 2) Continuación do movemento e da plataforma 3) Boicot ao sistema político. Desobediencia civil

Figura II. Desencadeamento, demandas e estratexia dos movementos sociais no ciclo (Pont, 2004)

5.1.1.3. O éxito ou fracaso de Nunca Máis

Outro dos puntos a estudar dentro das oportunidades políticas e se o movemento foi un éxito ou un fracaso. Como se viu no apartado teórico o éxito adoita ser inmaterial e pode valorarse pola obtención de novas vantaxes, a mellora da aceptación ou os cambios nos valores sociais (Tarrow, 2012: 369), entre outros. Aguilar e Ballesteros (2005) definen o éxito dun movemento social coma un avance gradual na consecución dos seus obxectivos no contexto no que este posúe recursos escasos que deben ser investidos de forma eficaz. As autoras non están de acordo con Tarrow que sinala só tres posibles escenarios para os movementos sociais: a represión, e a conseguinte disolución ou debilitación do movemento social; a revolución, como transformación radical do statu quo e a completa consecución dos obxectivos do movemento e a negociación que conduce á *institucionalización* ou domesticación do movemento. Sinalan que a democracia non pode ser “un drástico e inmediato xogo de ganancia total ou de perda total para algún dos actores que se enfrontan no espazo público”. Non cabe dúbida, que Nunca Máis tivo éxito ao ser determinante para a inclusión na axenda pública e na axenda governamental española do interese polas consecuencias ambientais, económicas e sociais dos vertidos mariños (Aguilar e Ballesteros, 2004; Diz e Lois, 2005 e Viñas, 2009).

Para valorar o éxito ou fracaso de Nunca Máis vaise a analizar o cambio na diagnose e prognóstico da contaminación ambiental por vertidos mariños nas políticas públicas, investigado por Verónica Viñas (2009). A autora fai unha análise de marcos das políticas públicas antes e despois do Prestige para saber se houbo un cambio nas políticas de prevención e loita contra a contaminación das catástrofes ambientais. Para iso, analizou documentos oficiais referidos a estas políticas como textos oficiais (textos legais, plans e programas), as actas dos debates parlamentarios relacionados, programas electorais dos principais partidos nas eleccións nacionais e rexionais, documentos dos actores sociais relevantes e textos dos medios de comunicación sobre os debates públicos. Partindo da idea de que houbo outros vertidos mariños nas costas españolas por afundimentos de barcos nas costas galegas como o Urquiola, o Casón ou o Mar Exeo que non provocaron cambios nas políticas públicas. A autora sinala que o Prestige significou un cambio na diagnose e prognóstico do problema da contaminación ambiental por vertidos mariños por parte das autoridades públicas. A súa conclusión é que “se comparamos os marcos dominantes despois do Prestige referidos á diagnose e prognóstico na loita contra vertidos mariños observamos que un problema ambiental convértese nunha solución económica”.

Cadro 1. A diagnose do problema antes e despois do Prestige, cal é o problema? (Viñas, 2009)

Marco dominante	Outros marcos presentes
Antes do Prestige	
Problema xurídico: dispersión e antigüidade da lexislación vixente nos ámbitos da xestión portuaria e o tráfico marítimo. Problema de xerencia: xestión non adecuada á situación e necesidades actuais Problema cuantitativo: importante aumento do volume de mercadorías perigosas e contaminantes transportadas	Problema do sistema de produción e consumo existente, sistema de produción e consumo inadecuado. Problema de degradación ambiental: mareas negras e vertidos Inexistencia do problema
Despois do Prestige	
Problema polas características dos buques petroleiros	Problema polas características dos buques (vellos,

Discursos e identidades na crise do Prestige

<p>(monocasco) Problema ambiental: vertidos de hidrocarburos ás costas (por accidente ou voluntarios) Problema cuantitativo: tráfico intenso por augas de xurisdición española de buques potencialmente contaminantes.</p>	<p>deficiente mantemento, pavillóns de conveniencia, empresas virtuais,...) Problema político: falta de asunción de responsabilidades por parte do goberno Problema de xerencia: ineficacia da prevención e da xestión pública, improvisación e descoordinación das tarefas. Non hai protocolo de actuación en caso de sinistro. Modelo de salvamento marítimo inadecuado e ineficaz Problema de competencias: centralización da planificación e a xestión sobre o litoral, o salvamento das costas e a actuación ante a contaminación mariña. Pluralidade de departamentos administrativos con competencias concorrentes Problema ambiental mundial: fragilidade e vulnerabilidade da biosfera terrestre Problemas do sistema económico: contradición capitalismo /recursos finitos do planeta Inexistencia do problema</p>
--	---

Despois do Prestige xorden grupos con problemas que antes non se tiveran en conta: pescadores, mariscadores, acuicultores, armadores embarcados, tripulantes de buques pesqueiros, redeiros, etc. É dicir, os habitantes da costa.

Cadro 2. Atribución de roles na diagnose antes e despois do Prestige (Viñas, 2009)		
	Marco dominante	Outros marcos presentes
Antes do Prestige		
Que ou quen ten o problema?	Os portos. As costas A seguridade doutros buques, a seguridade dos seus tripulantes e pasaxeiros O medio ambiente mariño O turismo	Zonas turísticas das costas e turistas
Que ou quen é responsable do problema?	Mercadorías perigosas e contaminantes transportadas polos barcos con orixe ou destino en portos marítimos nacionais	O crecemento económico, o desenvolvemento industrial e dos transportes Enorme expansión da utilización da enerxía O goberno
Despois do Prestige		
Que ou quen ten o problema?	Pescadores, mariscadores, acuicultores, armadores embarcados, tripulantes dos buques pesqueiros, redeiros, colaboradores familiares de embarcacións, comercialización en primeiro nivel, operarios de lonxas e fábricas de xeo e persoal laboral de confrarías de mariñeiros. Costas de Galicia e o Cantábrico O transporte mariño, a seguridade marítima, a seguridade da vida humano no mar e o medio	Todos os galegos e galegas de hoxe e os que veñan no futuro A sociedade en xeneralizado A grande maioría da poboación actual Todo o planeta futuro

	ambiente mariño O turismo As costas españolas	
Que ou quen é responsable do problema?	O accidente do Prestige Os buques monocasco O transporte de mercadorías altamente contaminantes	As Administracións públicas competentes Escaseza de recursos técnicos e humanos Profunda incompatibilidade (contradición) existente entre a dinámica expansiva do capitalismo e os recursos finitos do planeta Unha dinámica político-social e unha estrutura de consumo cada vez máis incompatibles co medio Barcos vellos, con deficiente mantemento, baixos pavillóns de conveniencia, empresas virtuais, tripulacións subestándar e custos (fiscais, laborais, seguridade) mínimos fronte ás costas españolas

Na localización xeográfica do problema na diagnose antes e despois do Prestige, hai un cambio ao especificarse despois da catástrofe as “costas de Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco”. Antes eran só os portos e as costas españolas.

Tamén houbo un cambio no prognóstico do problema das catástrofes ambientais debidas aos vertidos mariños despois do Prestige coa inclusión de catro novos ámbitos de actuación, segundo Viñas (2009):

- Unha estratexia que restrinxe a navegación en portos españois a buques con certas características (monocasco) e que regula a asistencia de buques en perigo e a entrada a portos refuxio
- Unha estratexia paliativa ambiental, de rexeneración das praias e costas afectadas
- Unha estratexia económica paliativa de axudas económicas aos directamente afectados
- Unha estratexia económica de grandes infraestruturas que representa máis do 80% do total do previsto no Plan Galicia (estradas, autovías, ferrocarril de alta velocidade) case exclusivamente fóra da zona afectada, aínda que na rexión galega. Hai que considerar que o orzamento de todas as medidas incluídas no Plan Galicia (12.000 millóns de euros) case duplica o importe total do orzamento do goberno rexional de Galicia dun ano. O orzamento conxunto do Plan Galicia e do Plan de Dinamización Económica, do goberno rexional, (case 15.000 millóns de euros, sen incluír as axudas aos afectados e outras partidas sen orzamento explícito, debido a que se basean en incentivos, desenvolvemento de estudos de viabilidade e plans sectoriais) é 50 veces superior ao Plan Nacional de Salvamento Marítimo e Loita contra a Contaminación para todo o territorio español do período 2002-2005 (1.022 millóns de euros). Para lexitimar as accións de investimento en capital físico (infraestruturas) argumentase que as mesmas promoverán o reequilibrio e a cohesión territorial, aumentarán o grao de desenvolvemento económico e dinamizarán a economía galega.

Cadro 4. O prognóstico de problemas antes e despois do Prestige: que hai que facer para solucionar o problema? (Viñas, 2009)	
Marco dominante	Outros marcos presentes
Antes do Prestige	
<p>Estratexia xurídica: actualización e modernización lexislativa en relación a portos e mariña mercante. Incorpora as normas comunitarias ao ordenamento español</p> <p>Estratexia de xerencia: mellora da xestión de portos. Coordinación institucional. Creación dun organismo especializado na prestación de servizos de busca, rescate e salvamento mariño, de control e axuda do tráfico mariño e de prevención e loita contra a contaminación do medio mariño</p> <p>Estratexia sancioadora: establecemento de sancións por contaminación e/ou vertidos</p> <p>Estratexia de control sobre buques con orixe ou destino en portos mariños nacionais</p> <p>Estratexia de dotación en medio de prevención</p> <p>Estratexia de márketing público: campañas de concienciación da opinión pública</p>	<p>Estratexia de seguridade no transporte: aumento da seguridade nos buques potencialmente perigosos para o medio ambiente</p> <p>Estratexia paliativa ambiental: rexeneración de praias</p> <p>Estratexia de competencias: asunción de competencias por parte do goberno autonómico galego no referente a portos, a salvamento mariño e ao servizo de inspección de buques</p> <p>Estratexia ambiental radical: apostar de forma decidida polas enerxías renovables. Novo modelo industrial e enerxético que reduza o fluxo de recursos e materias primas utilizadas</p>
Despois do Prestige	
<p>Estratexia xurídica adecuada á normativa europea</p> <p>Estratexia económica paliativa: axudas económicas aos afectados directamente</p> <p>Estratexia de márketing público: promoción produtos pesqueiros de Galicia e costa cantábrica</p> <p>Estratexia de xerencia: Comisión interministerial que coordine as actuacións e os medios. Cooperación intergubernamental e interadministrativa.</p> <p>Coordinación das actuacións da administración central (cun centro permanente dependente do ministerio de presidencia). Colaboración con organismos e institucións públicos e privados</p> <p>Estratexia restritiva da navegación: inspeccións. Prohibición en portos españois de buques monoscasco. Regulamentación da asistencia a buques en perigo e a autorización de entrada a portos refuxio. Control no mar territorial</p> <p>Estratexia paliativa ambiental: rexeneración de praias e do litoral</p> <p>Estratexia de inversión en infraestruturas</p> <p>Estratexia de dotación e mellora de recursos</p>	<p>Estratexia de afastamento: afastar o tráfico de mercadorías perigosas da costa</p> <p>Estratexia xurídica: regulamentación do transporte marítimo. Loita contra bandeiras de conveniencia</p> <p>Estratexia de competencias: transferencia de competencias a Galicia no salvamento mariño</p> <p>Estratexia ambiental radical: cambios na forma de vida. Superación do actual modo de vivir, producir e consumir</p> <p>Estratexia política: dimisión das autoridades responsables</p>

Segundo Viñas (2009), hai un empoderamento dos galegos e galegas dentro da atribución de roles nos marcos dominantes. Antes e despois do Prestige considerouse que son as administracións e os contaminadores os que deben solucionar o problema. Noutros marcos presentes aparecen os galegos e galegas e toda a sociedade como parte importante nas políticas de prevención e de loita contra as catástrofes ambientais. Tamén aparecen no marco dominante sobre quen hai que actuar os sectores da pesca e o marisqueo, coma nova poboación obxecto, que non era mencionada antes da catástrofe do Prestige.

Cadro 5. Atribución de roles no prognóstico antes e despois do Prestige (Viñas, 2009)		
	Marco dominante	Outros marcos presentes
Antes do Prestige		
Sobre que ou quen hai que actuar?	As Administracións públicas Expedidores de mercadorías perigosas por vía marítima Os operadores (propietarios, navieiros ou consignatarios) e os capitáns dos buques Opinión pública	Zonas turísticas A poboación en xeral As rexeneracións presentes e futuras O ecosistema mariño
Quen debe actuar?	As Administracións públicas. Sociedade de Salvamento e Seguridade marítima (SASEMAR) Expedidores de mercadorías perigosas por vía marítimas Os operarios (propietarios, navieiros ou consignatarios) e os capitáns dos buques O ente público Portos do Estado	
Despois do Prestige		
Sobre que ou quen hai que actuar?	Empresas e traballadores afectados. Armadores, tripulantes, mariscadores, redeiros, vendedores ambulante de pescado e marisco, traballadores de lonxas e traballadores da industria de conservación en frío Os buques que transportan mercadorías perigosas e contaminantes Barcos que entren ou saian de portos españois, ou que teñan que afondar no mar territorial O ecosistema mariño As administracións públicas	Medio ambiente de Galicia
Quen debe actuar?	As administracións públicas Os capitáns, os operadores e os axentes dos buques, os expedidores ou os propietarios de mercadorías perigosas ou contaminantes transportadas.	Todos os galegos e galegas. Os países en xeral, para erradicar as bandeiras de conveniencia. A sociedade en xeral debería modificar os seus hábitos de vida, de produción e de consumo

Viñas relaciona estes cambios nos marcos dominantes despois da catástrofe do Prestige, que considera poucas xa que di que hai máis similitudes que diferenzas, co movemento de protesta que puxo o punto de mira en Galicia como zona abandonada e no sector da pesca como o máis afectado pola catástrofe. Polo tanto a influencia do movemento social nas políticas públicas pode valorarse coma un éxito da protesta de Nunca Máis. Hai que valorar se a poboación tamén foi influenciada pola protesta social na súa construción da realidade. As enquisas realizadas por Sondaxe sobre o caso Prestige a poucos días do afundimento recollen as opinións dos galegos sobre a xestión da crise, a atribución de responsabilidades e a valoración das medidas tomadas (Lamela e outros, 2003).

Por outra banda, poderíase considerar que Nunca Máis fracasou en manter a súa memoria viva na sociedade galega. Foi vítima da minoración e criminalización do poder. A estratexia que máis éxito tivo do goberno foi relacionar a plataforma co BNG (Diz e Lois, 2005), pode ser polo rexeitamento da sociedade española á politización das asociacións.

A outra cara das oportunidades son restricións políticas, que Tarrow (2012: 74) define como “aqueles factores que desactivan dita acción (como a represión), pero tamén a capacidade das autoridades de presentarse como un bloque sólido fronte aos rebeldes”.

Segundo Diz e Lois, o goberno da Xunta e central fixo unha campaña de desprestixio co fin de minimizar o impacto da protesta e desincentivar a participación. Aparecen coma os aspectos máis destacados desta campaña:

- A raíz dunha carga policial diante do Parlamento de Galicia, o goberno critica duramente as prácticas e actuación da plataforma NM vinculándoa a movementos radicais de carácter independentista (fálase da plataforma coma os *batasunos* de Galicia)
- Alusións á forma de financiamento da plataforma acusándoa de non canalizar as doazóns cara os afectados. O colectivo Mans Limpas leva o asunto do financiamento aos xulgados o 13 de xaneiro de, cando interpuxo unha querela na Fiscalía Xeral do Estado. Máis tarde, o fiscal xeral, Jesús Cadenal, instou ao fiscal xefe de Galicia a abrir dilixencias contra a plataforma co fin de desprestixiala e minimizar o impacto
- Desde diferentes consellerías e por medio de circulares prohíbese nos centros educativos e sanitarios a utilización dos símbolos de Nunca Máis así coma o anuncio dos actos promovidos pola plataforma
- Por último, a estratexia que foi máis frutífera para o goberno, consiste en vincular a plataforma co BNG. A idea de que NM é a expresión civil do BNG e que estaba sendo manipulada polo BNG foi a principal arma de loita contra o movemento

Segundo Aguilar e Ballesteros (2005), “a xente que participaba en Nunca Máis presentaba tanto afiliacións cruzadas como superpostas, ao tempo que a existencia de diferentes constelacións de asociacións foi sempre a norma no movemento. Esta é a razón pola que sempre é difícil asignar protagonismo a individuos específicos, grupos ou conxuntos de grupos nun movemento social”.

“O movemento cumpriu unha función que poderíamos definir de *mecanismo relacional* -segundo McAdam, Tarrow e Tilly (1992)- no sentido de que congregou a grupos e individuos dispares, indignados pola incompetencia política respecto á xestión da marea negra e, en moitos casos, dispostos a aproveitar a oportunidade aberta pola crise ecolóxica para expresar o seu descontento co PP” (Aguilar e Ballesteros, 2005)

Se ben é certo que o BNG foi moi importante e segue a selo no sostén organizativo de Nunca Máis, non ten a capacidade de controlar as dinámicas abertas dentro dun movemento. Hai que observar que a meirande parte dos grupos integrados dentro de Nunca Máis son as máis de 70 asociacións culturais. Estas asociacións, que antes se asociaron ao movemento veciñal, teñen unha identidade reactiva, galeguista ou nacionalista. Ao observar o listado de colectivos integrados en Nunca Máis vese o groso destas asociacións que defenden e promoven a cultura popular galega (lingua, bailes, música, viños...). E, aínda que non están

representados na xestora de Nunca Máis directamente, si na asemblea; estes colectivos co só feito de adherirse á plataforma amosan o seu compromiso con non deixar esmorecer a cultura galega.

Para Aguilar e Ballesteros (2005), “a solidariedade inicial do movemento, que se mantivo no curto prazo, non puido ser sostido no longo prazo, principalmente pola ausencia de procesos de enmarcado que contribúan a definir unha identidade común e unida no movemento social”. Mais que unha falta de enmarcamento ou identidade como sinalan Aguilar e Ballesteros, non houbo unha posibilidade de reenmarcamento exitoso nunha segunda etapa do movemento. Os marcos do movemento que tiveron éxito nun primeiro momento de emerxencia social, acabaron por ser “reencadrados” polos gobernos no momento que colleron as rendas da crise. Os autores consideran que había dous grupos diferentes dentro do movemento que tiñan obxectivos diferentes e que iso foi o que non conseguiu unha identidade e uns obxectivos comúns:

- unha maioría que buscaba compensacións económicas (principalmente a comunidade pesqueira) e exhibía un interese de predominante a curto prazo
- unha minoría que buscaba beneficios políticos (adversarios do PP) nun interese no medio e longo prazo

Aguilar e Ballesteros sinalan que “o Prestige abriu unha fiestra de oportunidade, e non un horizonte de oportunidade”, tomando como referencia a definición de Goodwin e Jaspers que diferencian entre horizonte de oportunidade coma os trazos permanentes ou estruturais do panorama político dun país (constituicións, leis electorais, sistemas normativos e outros) que definen o que é posible ou o que non mentres que unha fiestra de oportunidade é unha oportunidade política de situación que se abre e pecha axiña no tempo.

“Tras as primeiras etapas de masiva indignación popular, Nunca Máis tratou de converter a fiestra de oportunidade ofrecida pola Prestige nun horizonte de oportunidade: ao concibir o contexto político nacional (que nese momento reunía a crecente oposición á guerra de Iraq, a recente folga dos sindicatos en contra da reforma do mercado do traballo e a revelación de escándalos financeiros coma *Gescartera*) como favorable, o movemento interpretou que este ofrecíalle posibilidades á hora de estender as críticas ao goberno conservador desde o nivel rexional ao estatal e así agrandar a súa rede de apoios. Porén o intento de crear un horizonte de oportunidades finalmente non tería éxito. A acción colectiva nos dous niveis de goberno, así coma as conexións entre o novo actor e diversos antagonistas coñecidos do PP (como os partidos nacionalistas e de esquerdas, sindicatos, grupos de interese de carácter progresista e movementos sociais de distinto tipo), contribuíron, porén, a que o movemento transcendera a base local inicial da protesta e ampliara as súas reivindicacións” (Aguilar e Ballesteros, 2005)

Moitos estudosos sinalan que Nunca Máis foi percibido coma un fracaso porque non conseguiu cambiar o signo político nas eleccións de municipais de 2003 (Aguilar e Ballesteros, 2005 e Werner Palz, 2010) que lle interesaba á minoría política integrante da plataforma.

“Se nos limitamos a analizar os resultados das eleccións municipais na zona máis danada pola marea negra, a Costa da Morte, e as Rías Altas, o PP perdeu representantes en comparación cos anteriores comicios celebrados en 1999, pero a perda non foi tan dramática coma se

Discursos e identidades na crise do Prestige esperaba (tres concelleiros no total dos municipios), mentres que o BNG, impulsor de NM, foi o peor parado politicamente coa redución de sete concelleiros. O PSG-PSOE mantense sen cambios, mentres as listas políticas independentes parecen ser as máis beneficiadas polo Prestige ao incrementar o número de representantes a 12 concelleiros”. (Aguilar e Ballesteros, 2005)

Outra análise fai Barreiro (2004) que considerou que as eleccións municipais de 2003 foron un correctivo para o PP en Galicia e considera que estes malos resultados foron escondidos pola explotación do éxito electoral de Muxía, “que foi un feito local e politicamente illado”. O autor sinala que houbo unha vitoria da esquerda nos grandes concellos de Pontevedra e Coruña.

“Sen que poida falarse dunha catástrofe electoral, hai que subliñar como un feito significativo que, en termos de voto, o PP de Galiza retrocedeu un 4% con respecto ás eleccións de 1999, o que, ademais de situar ao partido de Fraga por detrás da hipotética coalición BNG-PSOE, cousa que non sucedía desde 1979, representa unha das poucas excepcións perceptíbeis no medio dun panorama de forte estabilidade electoral do partido de Aznar, que no seu conxunto soamente se sitúa nun escaso 1% por debaixo das eleccións de 1999. E iso é tanto coma dicir que, aínda que os populares galegos poden salvar esta convocatoria facendo referencias nos resultados xerais, non hai dúbida de que o partido de Fraga sofre un correctivo que soamente pode explicarse pola incidencia da catástrofe do Prestige” (Barreiro, 2004)

5.1.2. A organización do movemento galego

Despois da primeira manifestación do 1 de decembro, A Plataforma Nunca Máis comezou a organizarse cunha estrutura comarcal situada na sede dalgunha das colectividades que se adheriron á plataforma. A descentralización da sede central de Nunca Máis, en Santiago de Compostela, buscaba a “participación individual” de todos os cidadáns que o desexasen sen ter que desprazarse á capital galega. Os Nunca Máis comarcais axudan a vertebrar o movemento en toda Galicia. Por unha parte, esas oficinas son as difusoras das carteleiras e comunicacións de Nunca Máis e por outra, teñen autonomía para preparar actividades do colectivo nos seus campos de influencia.

As decisións na Plataforma Nunca Máis tómanse na Asemblea aberta a todas as organizacións adheridas ao manifesto fundacional. Na Asemblea decídense as liñas de traballo, que pasan á xestora, organismo de coordinación, encargado de levar a cabo os actos programados. A xestora reuníase cada semana en Santiago de Compostela e estaba integrada por 20 membros.

- Dúas persoas de Sanitarios
- Unha persoa de Afega (Federación das asociacións ecoloxistas galegas)
- Un membro de Adegas (Asociación ecoloxista galega)
- Un membro da Plataforma pola defensa da plataforma da Ría de Arousa
- Seis persoas do sector do mar (confrarías de pescadores e mariscadores)
- Un membro da CIGA
- Un membro de Comisións Obreiras
- Un membro de UGT

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

- Unha persoa do BNG
- Dúas persoas da Burla Negra
- Tres portavoces (artistas)
- Unha persoa da comisión xurídica

Polo tanto, hai cinco sectores representados: o sanitario, os ecoloxistas, o sector do mar, o sector da cultura e o político (sindicatos e partidos políticos). Non se conta o membro da comisión xurídica porque ten un rol de conselleiro en cuestións relacionadas co dereito.

En total as asociacións e entidades que conformaban a plataforma Nunca Máis foron case 360. A lista completa está nos anexos e pódese ver na táboa o resumo. Os grupo máis numeroso é o de asociacións culturais (76) que se lle sumamos o de mundo da cultura, no que están os profesionais deste sector, serían uns 89. Ao engadirlle as asociacións lingüísticas serían uns 92. Case un terzo da plataforma Nunca Máis estaría relacionado co mundo da cultura, ben sexa como traballadores deste sector ou coma asociacións en prol da cultura galega. Isto pode explicar a importancia da identidade colectiva galega dentro do movemento. Tamén hai que sinalar que moitas asociacións de veciños (37) teñen coma unha das súas finalidades a cultura galega. Nesta liña poderíanse tamén engadir o mundo da ensinanza (32) e das asociacións de estudos (8).

Por detrás en número estarían partidos políticos (28) e os sindicatos (16), uns 44. Outro colectivo grande sería o dos sectores produtivos no que estarían tanto as agrupacións de pescadores e mariscadoras (32) coma outros sectores económicos (13). En total, 45. Por detrás, estarían os grupos ecoloxistas (32) nos que se poderían engadir os voluntarios (2).

Tipo de asociación	Numero de asociacións individuais
Asociacións culturais	76
Asociacións de veciños	37
Mundo da ensinanza	36
Agrupacións de pescadores e mariscadoras	32
Ecoloxistas	32
Política	28
Clubs deportivos	21
Sindicatos	16
Mundo da cultura	13
Sectores económicos	13
Colectivos feministas	10
Colexios profesionais	7
Asociacións estudos	8
Igrexa	6
Exclusión social ou problemas de saúde	6
ONG´s	5
Asociacións xuvenís	5
Asociacións lingüísticas	3

Medios de comunicación	3
Voluntarios	2
TOTAL	359
Elaboración propia	

A comisión xurídica é unha das comisións de traballo específicas que hai dentro da organización. Estas comisións, xurídica, ambiental, económica, está formadas por “persoas que no seu momento se brindaron a traballar de balde para Nunca Máis”. As comisións xeran informes sobre temas importantes de interese para a Plataforma como poden ser o Plan Galicia ou a situación ambiental. Estes informes serven para que a asemblea coñeza as liñas de traballo a emprender en cada campo de interese.

Os sectores antes mencionados poderían resumirse en científicos (sanitarios e ecoloxistas), xente do mar, políticos e xente da cultura. Hai que decatarse de que os científicos, a xente do mar e os políticos son os que marcan os campos de actuación que se han de corrixir na crise. Como se falará no apartado de enmarcamento, Nunca Máis expuxo uns problemas e unhas solucións todas relacionadas co afundimento do Prestige e relacionadas coa situación de desvantaxe de Galicia con respecto o resto do estado español. Non hai reclamacións directamente relacionadas co mundo da cultura. En cambio, foi o mundo da cultura o que deu identidade ao movemento.

Os portavoces da plataforma escolléronse dentro do sector da cultura e son os encargados de “poñer a cara da Plataforma” cando hai que emitir calquera comunicado. Un destes portavoces traballa, no día a día, na Plataforma e os outros son chamados para representar a Nunca Máis en certas convocatorias. Nos Nunca Máis Comarcais tamén hai un portavoz ou persoa de referencia que representa a plataforma na comarca.

O recurso dos ‘portavoces-artista’ foi unha forma de dar a coñecer a plataforma mediante un líder de opinión coñecido e persoa de referencia de toda a cidadanía. Máis, pouco a pouco, foise combinando o ‘portavoz-artista’ con outras persoas de Nunca Máis, sobre todo, segundo explica o portavoz da plataforma na entrevista, “pola idea equivocada que se estaba xerando de que Nunca Máis era un colectivo só de artistas”. Así que as manifestacións do 4 de maio, por exemplo, xa combinou estes portavoces con outros do mundo do mar ou de outros sectores.

Ademais da simboloxía que acompaña á elección do portavoz, o fundamental no caso de Nunca Máis é que o encargado de dar voz á plataforma redacta o discurso seguindo as pautas da xestora. A liberdade de creación dun texto representativo, seguindo unha pautas, deu moita liberdade de simboloxía a portavoces como Manolo Rivas, cunha bagaxe de escritor e creador de identidade cultural moi importante. Esta acción de organización do ‘portavoz-artista’ creou símbolos e encadrou a Nunca Mais dentro dunha especie de entidade potencial dos profetas (Castells, 2003), que son personalidades simbólicas que teñen como rol dar un rostro dos mobilizados. Os chamados profetas “afirman os valores e actúan como emisores de símbolos, converténdose á súa vez en símbolos, na que a mensaxe é inseparable do mensaxeiro”. Nesta categoría entraría Manolo Rivas, que actuou de portavoz nas máis importantes manifestacións do movemento.

O destacable de Nunca Máis é que utilizou esta estratexia simbólica axudándose do potencial

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

de mobilización do mundo da cultura. Polo tanto, aproveitou os recursos de Burla Negra. Mentres tanto, Burla Negra conformou unha organización rede (mediante a intervención interconectada e descentralizada). Esta forma de actuación é a maneira de produción e distribución real de códigos culturais na sociedade rede. Esta organización rede tamén é utilizada por Area Negra. No texto elaborado por Burla Negra para o Foro da Verdade considera que a súa organización foi práctica dos seguintes principios:

Asemblearismo e compromiso. Burla Negra foi desde o primeiro momento como un nome múltiple que calquera podía adoptar para convocar e asinar os seus actos de protesta, xa que non se trata dunha organización, nin ten líderes nin heroes nin xerarquías directivas.

(...)

Sinerxía. En cada un dos proxectos da plataforma participan profesionais dos diversos sectores.

(...)

Igualdade e pluralidade. Os proxectos de Burla Negra nunca se basean no cartel, senón na colaboración igualitaria e en contidos de interese común. En Burla Negra caben todos, os artistas anónimos e os máis recoñecidos, os Premios Nacionais de Literatura e os inéditos, os músicos con múltiple discografía e os novos valores. O peso das sinaturas queda relegado a un segundo plano para dar prioridade á multiplicidade das voces. Na riqueza desa diversidade recae a forza de Burla Negra.

(...)

Autofinanciamento. Burla Negra non ten ánimo de lucro, o seu fin non é a obtención de beneficios nin a recadación de diñeiro para actos benéficos, senón a dinamización cultural. Cada unha das producións de Burla Negra autofinansiase. E os posibles beneficios serven para poñer en marcha novas iniciativas.

(..)

Cultura, denuncia e espírito lúdico. Todos os actos de Burla Negra son actos de información e denuncia, pero tamén son acontecementos culturais nos que se busca a participación activa de todos os asistentes. A consigna é que cada acto de denuncia sexa unha festa da cultura e cada acto cultural unha manifestación da protesta cidadá.

Voluntariado cultural.(...) Precisamente por ser voluntario e desinteresado, este traballo permite facer unha posta en común, comunicarse, crear zonas de encontro e intercambio nas que se fundan novos espazos públicos, distintos dos espazos públicos oficiais porque se trata de espazos democráticos e non simples zonas xerarquizadas e burocratizadas. E nestes espazos compartidos xérase confianza, a confianza necesaria para chegar ao convencemento de que todo é posible.

5.1.3. O xiro cultural

O estudo dos discursos e da identidade de Nunca Máis é unha das oportunidades para analizar nun movemento a construción da cultura, dunha nova realidade dentro da acción colectiva. No contexto galego é xa importante o seu estudo por ser a protesta máis influínte na historia recente de Galicia. Tamén hai que reivindicar que a nivel do estado español foi un dos movementos sociais máis paradigmáticos pola construción da identidade e da cultura. Raschke (citado en Fernández Buey e Riechmann, 1995) identifica dúas intencións estratéxicas básicas: movementos con orientación de poder e movementos con orientación cultural. Sen dúbida, Nunca Máis é un movemento con orientación cultural.

Na sociedade post-industrial o poder está en mans dos que dominan a cultura (normas, valores, tradicións, comunidade) e o coñecemento. A cultura está presente nos discursos e na identidade da protesta e empapa todo, desde o modo de organizarse ata o modo de comunicarse cos membros da protesta e co resto do mundo. Nunca Máis baseándose na cultura galega proxectou unha reconstrución da mesma para unha sociedade post-industrial na que as vellas teimas se reconverteron en oportunidades.

Hai que destacar que Nunca Máis conseguiu aliñar o triángulo de identidade-cultural-comunicación, contribuíndo, sen querelo, a crear ou potenciar unha identidade cultural relacional (Wolton, 2004). Tamén chamado “pluralismo construtivo”. Identificando unhas especificidades mutuas busca a cooperación con outras culturas, a universalidade desde o propio. O movemento antiglobalización foi un dos primeiros en poñer a cultura e a comunicación no centro do debate e ensinar que unha representación única do mundo non é correcta. O movemento antiglobalizador, ao igual que Nunca Máis, desde esta postura incide en eidos coma o medio, a agricultura, etc. A identidade dos movementos sociais configúrase mediante o coñecemento creado durante a acción levada a cabo. Tanto o discurso coma a identidade dun movemento depende das situacións nas que está inmersa.

O apartado da organización do movemento serve para situar as voces que van construír os significados de Nunca Máis e desde Nunca Máis. Pódese ver que a meirande parte de colectivos veñen das diferentes vertentes de traballo en prol da cultura galega. Pode ser, por iso, e por haber tamén sectores económicos implicados e políticos de esquerdas e nacionalistas que houbo un enmarcamento de loita dos intereses de Galicia.

“O principal movemento xurdido a raíz do siniestro do Prestige, Nunca Máis, non ten un discurso ambientalista, senon principalmente de reivindicación do esquecemento histórico e atraso comparativo de Galicia, en defensa dos intereses desta rexión. O principal obxectivo de Nunca Máis era *canalizar as xustas demandas da cidadanía galega*” (Viñas, 2009)

5.1.3.1 Os marcos de referencia do movemento social

Para coñecer a identidade colectiva dos movementos e as súas redes de significación, o discurso empregado polos actores para describir as súas experiencias e motivacións para a acción é unha ferramenta de gran utilidade, que completa as técnicas cualitativas empregadas no interaccionismo simbólico. O enmarcamento dos acontecementos vai formulándose pouco a pouco coa interacción entre os grupos.

“Moitas veces no noso discurso caese en inconcreción xa que na medida en que quixéramos concretar máis daríanse máis problemas. Fixate que aquí conviven sectores enfrontados historicamente como os ecoloxistas e a xente de mar. Son xente que defende intereses contrapostos. Así que non se pode afondar en algún temas porque habería choque de intereses que non nos pode interesar. Entendemos que facer un mínimo común no que poidas coincidir” (Entrevista a Nunca Máis).

Esta poxa entre discursos integrantes de Nunca Máis fai que o enmarcamento da plataforma evolucione. Ademais, hai un continuo reenmarcamento, segundo evolucionen os outros discursos sociais como o dos antagonistas. Hai, polo tanto, continuos *reframing*. Entre moitos exemplos, recollese un técnico sobre o cambio de enmarcamento de Nunca Máis da decisión do Goberno de afastar o barco.

“Co tema de afastar o barco a 200 millas, Adegá, desde o principio, opúxose a esta idea cando a Nunca Máis lle parecía unha boa medida. Despois Nunca Máis cambiou a súa idea. Estaban de acordo porque se cadra foron vítimas das informacións xeradas polos medios de comunicación. Cando sucedeu isto, os medios de comunicación tenderon moito a falar como unha medida que se pensaba que era o mellor naquel momento. O Goberno enteiro tiña moito interese en que se mantivese esa idea. Quizais porque era unha medida fácil, que non solucionaba nada, pero servía para limpar a xestión. Os medios deron moita cobertura a iso e

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

se cadra, a inercia informativa deu lugar á que nun momento se valorara esa decisión como acertada. O discurso vaise reelaborando a medida que tes máis elementos. O principio tes un borrador e o final, tes un documento. Un pouco é non caer na linguaxe inicial que poida dar os medios de comunicación e atender a documentación. A información vai xurdindo por diferentes canais. A postura de NM foi mudando. Reelaborar as ideas é un exercicio normal. Ninguén ten a verdade absoluta nin ninguén nace aprendido” (Entrevista a portavoz de Adegas)

Na entrevista á Plataforma Nunca Máis, o mesmo colectivo sinalou as etapas que viviu a través das consignas que crearon, o que amosa a relevancia do discurso nos movementos sociais:

- A etapa das Solucións e Responsabilidades ou a etapa prehistórica. Esta etapa comprende dende que se auto convoca a manifestación ata o propio 1 de decembro. A Plataforma Nunca Máis non existía era só un slogan para unha manifestación. Tralo éxito conseguido na convocatoria decídese botar a andar e continuar coa mobilización. Nesta primeira manifestación as ideas que encabezan a manifestación foron Solucións e Responsabilidades.
- A etapa da Dignidade e a Incompetencia. Tras o nacemento o 1 de decembro de Nunca Máis comézanse uns meses de continuas mobilizacións que chega o seu cume coa manifestación do 23 de febreiro en Madrid baixo o lema Cen por Cento Dignidade. Nesta etapa o discurso da plataforma vai cambiando, pouco a pouco, segundo van acontecendo novas situacións. A Plataforma defínese a si mesma con Dignidade e os seus antagonistas con Incompetencia.
- A etapa de Nunca Máis, etapa de traballo de campo. Foi a eclosión de iniciativas levadas a cabo por algúns colectivos que pertencían a Nunca Máis, coa idea de aproveitar as sinerxías creadas e seguir construíndo país.

En lugar de basearse na homoxeneidade de ideas e valores entre os seus seguidores, o acordo adoita producirse nestes movementos na construción colectiva de cada grupo e pode explicarse co concepto “consenso de traballo”, proposto por Goffman (citado en Laraña) na súa análise das definicións colectivas dunha situación que prevalecen nos grupos sociais. Nestes acordos prácticos adoitan estar relacionados coa capacidade dos novos movementos para integrar a diversidade de orientacións valorativas, que coexisten en eles, e para producir novas definicións da situación que alcancen resonancia entre os seus seguidores de feito ou potenciais. Esta capacidade está en función do traballo diario que se desenvolva previamente á súa confrontación coas estruturas de poder, no proceso de construción da identidade colectiva que permite os movementos superar as diferenzas ideolóxicas entre os grupos e individuos que o integran.

O enmarcamento de Nunca Máis do sucedido durante a crise do Prestige tamén sufriu unha transformación cos acontecementos. Este enmarcamento sitúa o movemento dentro do conflito. A Plataforma Nunca Máis definiu a catástrofe do afundimento do Prestige mediante os marcos de atribución de: Diagnose/ Prognóstico/ Motivación.

A diagnose é a identificación dun feito como problemático e os seus responsables. O problema identificado por Nunca Máis foi o afundimento do Prestige e a marea negra que o precedeu, da que foron responsables o goberno central e o goberno da Xunta. A xestora de Nunca Máis encárgase de facer un seguimento dos problemas puntais relacionados co Prestige

como a situación dos areais galegos ou a inclusión nos orzamentos do Estado do Plan Galicia.

“O problema do Prestige é o problema dun accidente marítimo que non se tiña que ter producido. Un barco monocasco con mercadorías perigosas nun estado que non debería pasar as revisións que teñen que pasar os barcos. Ese accidente tería que ser imposibilitado porque era un buque que non debía circular. Pero, ben, dado o accidente, nós entendemos que houbo tempo para reaccionar de maneira que un vertido de 63.000 toneladas puido ser un vertido de 2 Ou 3.000 toneladas, se se fixera o que se tivo que facer. Hai que pensar que o barco estivo aí 6 días a deriva con indicacións improvisadas e erróneas. É un accidente que podía ser evitable. Aí fallou unha cadea de cousas. Dende un gabinete de crise de un goberno que tiña que ter claro o que facer dende o primeiro minuto e non o fixo. O final tratamos cunha desastre inmenso” (Entrevista ao portavoz de Nunca Máis).

En aparencia, polo tanto, o problema radicaba nun afundimento puntual. Habería que afondar como fixeron os membros de Burla Negra durante a entrevista de grupo ou grupo de discusión no que consideraron que había un malestar estrutural de moitos anos e se necesitaba crear unha cultura democrática.

Membro 2 de Burla Negra: “A razón pola que se xesta Burla Negra é para dar a resposta máis elemental a mala xestión da catástrofe. Pero, o mesmo tempo leva enleado outras cousas, que coa evolución teñen máis sentido agora. En realidade, a unión dese mundo da cultura, non era protestar contra o Prestige. Era protestar contra un mundo caduco. Temos outras problemas como as vacas tolas. Problemas graves que crean un malestar grande. Entón, eu creo que un pouco a acumulación de descontento que quere queimar etapas e que evolucione este país que está ancorado 25 anos máis atrás que o resto da península ibérica. Toma de conciencia de que se queremos cambiar este país, temos que poñernos a funcionar”.

Membro 5 de Burla Negra: “Eu creo que Burla Negra xa fixo unha reflexión xa no Foro Negro no que quedou evidenciado de que había que dar un paso na concepción. Por exemplo, reflexionas por qué non se conseguiron as reivindicacións de Nunca Máis despois un ano e medio. Pois, se reflexionas é porque hai un déficit democrático en Galiza terrible. Porque nun país democrático do noso entorno, civilizado, moderno, democrático. Hai moitos señores que non deberían estar gobernando. Iso é un valor democrático. É dicir, en Alemaña se plantea unha marea negra cunha contestación que houbo aquí. Habería cambios no goberno fulminantes. Nun ano e medio aquí, non pasou nada. Y por tanto, a reflexión é que o problema non é o Prestige senón que temos unha sociedade invernada. Aquí temos que comezar un traballo, toda a sociedade, para crear unha cultura democrática. Esta é unha reflexión que fixo Burla Negra. No Foro da Verdade, que acaba de ter lugar, todas as voces dos movementos, toda a xente, todos os discursos están reclamando a palabra democracia claramente. Tanto mariñeiros, sindicalistas, todos os sectores profesionais. O que teñen e común todos os discursos é esa puta palabra. Entón, esa é esa transición da que se fala vaia por aí. Non hai unha cultura democrática. A min dáme igual se está gobernando o PP ou o PSOE. Aquí ten que haber unha ética mínima”.

As responsabilidades reenmarcáronse co paso dos meses, sobre todo, polo duro contrataque do Goberno español e galego contra o movemento e a forza que ía adquirindo o colectivo. Nun primeiro momento, na manifestación do 1 de decembro denunciábanse as administracións e se piden dimisións por irresponsables. No manifesto do 1 de decembro, explicábase que se chegou a ensuciar o mar pola “cobiza de uns” (petroleiras, etc) e a

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

deixadez, o abandono dos outros (Goberno español e galego).

“Denunciamos as responsabilidades derivadas destas deficiencias. Reclamamos a dimisión das autoridades que coa súa ineficiencia e irresponsabilidade non souberon impedir que o accidente tivese as peores consecuencias. Dicímolo no código do mar: Delta India Mike India Sierra India Oscar November: Dimisión” (Manifesto 1 de decembro).

Houbo un *reframing*, redefinición do marco de referencia, por parte de Nunca Máis, xa que se pasou de mala organización e desinformación a ‘ineptitude por parte do Goberno’ e o engano. Hai unha mención á censura nos medios democráticos, problema que identificou dende o seu nacemento Burla Negra

“Nunca Máis considera que expresa o sentir cidadá ao exixir, por hixiene democrática, responsabilidades políticas na penosa xestión ante a catástrofe derivada do Prestige, e non só no que se refire ás decisións tomadas ante o accidente senón polo cúmulo de actuacións posteriores. A maioría electoral non pode ser unha patente de curso. Os votos non son ocultar a realidade, sen reparar na censura dos medios de comunicación. Os votos non son para avaliar a incompetencia. Os votos non son para atacar ou difamar ou menosprezar aos cidadáns cando, en exercicio dos seus dereitos, manifestan as súas críticas e as súas demandas dunha forma pacífica e exemplar”. (Manifestación 23 de febreiro)

Nunha comparación entre o manifesto fundacional e o manifesto renovado, vese o cambio cara ás autoridades. No primeiro documento, as responsabilidades están separadas das esixencias, mentres que no segundo, engloban as esixencias. No manifesto fundacional, as ‘denuncias de responsabilidades están ao final do texto’, mentres que no renovado está en cabeza das esixencias.

Manifesto fundacional

(...)

Denunciamos as responsabilidades derivadas destas deficiencias, reclamamos a dimisión das autoridades que coa súa ineficacia e irresponsabilidade permitiron que o accidente tivese as peores consecuencias, e demandamos a efectivización das medidas recollidas na táboa reivindicativa exposta para que o desastre que padecen reiteradamente as nosas costas (Polycommander, Urquiola, Erkowit, Andros Pátria, Casón, Mar Exeo...), e que tanto sufrimento provocan na sociedade galega non se volva a producir NUNCA MÁIS.

Manifesto actualizado

(...)

Por isto, a Plataforma cidadá NUNCA MÁIS, como expresión das demandas da cidadanía galega, esixe a posta en marcha das seguintes medidas:

1º. Por hixiene democrática, depurar as responsabilidades políticas, tanto do Goerno galego como do Goberno central.

Non podemos calar diante da manipulación e do escurantismo que están a practicar ambos os Gobernos do Partido Popular, utilizando todos os medios ao seu alcance e opóndose á creación de calquera comisión que dea luz a todo o acontecido.

A diagnose é a proposta de solucións a ese problema. As solucións considéranse que teñen que vir dos responsables de ámbalas dúas administracións:

“Por cuestións de competencias as solucións teñen que vir por parte do Goberno do Estado. É quen ten as competencias, pero evidentemente a Xunta en medidas de prevención debería ter un dispositivo eficaz destas medidas. As solucións de carácter legal ou normativo que garantan certa seguridade marítima por tanto de transporte de mercadorías debería haber un pulso claro de organizacións como o Parlamento Europeo ou a Organización Marítima Internacional (OMI) de regular moito mellor o transporte de mercadorías perigosas. Non existe o típico balado que debería existir” (Entrevista a portavoz de Nunca Máis).

As solucións foron cambiando durante o desenvolvemento da Plataforma. Nun primeiro momento, buscábanse solucións a curto termo como medios para a limpeza, pero, cando as praias xa tiñan estes materiais, Nunca Máis comezou a centrarse nas solucións a longo prazo.

- A declaración de Galicia como zona catastrófica coa inmediata dotación de recursos de todo tipo para reparar as graves consecuencias económicas, sociais, ambientais e para a saúde provocadas polo sinistro.
- A inmediata posta en marcha de mecanismos de prevención que impidan que a catástrofe vaia en aumento, coa posta a disposición dilixente dos medios económicos e lóxicos para impedir a contaminación de novas zonas, a intensificación nas xa contaminadas e a limpeza e a restauración ambiental da costa
- A adopción de medidas por parte do Goberno do Estado e da Xunta de Galicia que posibiliten que feitos como este non se volvan a repetir, con medidas dirixidas a afastar o tráfico de mercadorías perigosas das costas, controlar o tráfico, controlar o estado dos buques e as infraestruturas portuarias que almacenan substancias perigosas, e dotar a Galicia dun dispositivo de salvamento, loita contra a contaminación mariña e intervención rápida en casos de catástrofe suficientemente dotado (Manifiesto inicial).

O manifesto actualizado recolle máis solucións e apunta a máis campos de actuación. A continuación, recóllense os puntos máis importantes do manifesto actualizado resumidos. Nos anexos pódese consultar todo o documento.

1. Por hixiene democrática, depurar as responsabilidades políticas, tanto do Goberno galego coma do Goberno central.
2. Solución definitiva ao barco afundido polos seus constantes vertidos.
3. Dotación de medios modernos e planos de emerxencia profesionais de actuación e defensa diante das mareas negras.
4. Limpeza completa dos restos de manchas de fuel das augas mariñas costeiras e das illas e as súas praias, rochas e fondos.
5. Medidas urxentes para a recuperación dos valores naturais e produtivos das nosas rías e litoral.
6. Medidas concretas para a recuperación económica.
7. Mantemento das axudas aos sectores afectados.
8. Medidas concretas para evitar este tipo de catástrofes.

Ademais, de destacar que neste manifesto actualizado pídense responsabilidades políticas, hai tamén outros dous tipos de solucións. Por un lado, as solucións sobre contaminación mariña (barco afundido, medios de defensa contra as mareas negras, limpeza de praias e recuperación ecolóxica) e solucións de recuperación económica. Estas solucións

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

apuntan aos afectados:

É necesario seguir a manter as axudas establecidas, incluíndo como beneficiarios destas a todos os sectores realmente prexudicados.

Non imos aceptar que intereses de aforro económico sexan o condicionante para a apertura ou non de zonas de pesca ou marisqueo (manifesto actualizado)

O sector do mar é moi importante dentro da Plataforma por iso se dedica un punto específico. Hai que ter en conta que a Plataforma Nunca Máis está integrada por varios colectivos e o seu discurso é ‘aliñarse’ continuamente para recoller as reclamacións de todos e que unhas non contradigan ás outras. No manifesto actualizado tamén se apunta a necesidade dun “plano económico-social, contando coa participación da Xunta de Galicia, con cargo aos orzamentos xerais do Estado, sen ter en conta as partidas xa asignadas ao noso país, destinado prioritariamente a mellorar as infraestruturas e os servizos das comarcas afectadas e a promover a economía produtiva, sen esquecer a pesca e a acuicultura, coa finalidade de impedir a emigración e mellorar a renda e a riqueza”.

“É un desastre ecolóxico. Pero a repercusión é tan grande a nivel social e económico porque afecta a un sector, o da pesca, que representa algo tan importante como no P.I.B do produto interior bruto galego. É un sector moi dinámico na economía galega do que dependen outros moitos sectores. Neste sentido transcéndese do ámbito ecolóxico a ser un problema de “estado”, algo que nos atinxe a todos. Máis por consciencia de dignidade e desamparo ante un goberno, que non reaccionou. As solucións que se piden non son a nivel de rexeneración do litoral. Sempre se pediu un plan de choque económico de reactivación de turismo, de reactivación da economía no seu conxunto” (entrevista a portavoz de Nunca Máis).

A aliñamento dos discursos dos integrantes dun movemento non se ten porque dar en todos os enmarcamentos. No apartado de Solucións ao problema, Nunca Máis considera que o Plan Galicia debería levarse a cabo, aínda que critique algúns dos seus apartados. Así enténdese o Plan Galicia como un plan de choque ás consecuencias da catástrofe. Por iso, a Plataforma está vixiante da súa posta en marcha como o demostra a súa campaña de denuncia pola non inclusión do plan nos orzamentos dos estado para o ano 2004. Non obstante, e exemplificando como nun movementos social non todos os discursos teñen que estar aliñados, Adegas non apoia este enmarcamento de Nunca Máis.

“O Plan Galicia, dende o movemento ecoloxista, consideramos que para a súa realización necesita dunhas garantías medio ambientais, que como sabemos que non se van a dar por experiencias pasadas supón que como primeira medida rexeitemos a execución do Plan Galicia. A falta de midas medioambientais fai que o rexeitemos. As infraestruturas viarias non teñen nada que ver coas zonas afectadas. Dende Nunca Máis pídesse que se efectúe o Plan Galicia. Nós entendemos que o Plan Galicia está mal concibido porque vai contra o desenvolvemento sostible. Para Nunca Máis o máis importante é que se cumpran as inversións económicas e infraestruturas. Primeiramente, non aceptamos ese Plan desa forma. Resulta contradictorio que as organizacións que piden control do tráfico marítimo e dos petroleiros, están pedindo a creación das infraestruturas que fan a demanda do petróleo necesita que sexa maior” (entrevista a portavoz de Adegas).

Outro exemplo é o non aliñamento de Nunca Máis e Burla Negra, por exemplo, cando o

colectivo de artistas considera como antagonistas do conflito os medios de comunicación; mentres que Nunca Máis os considera audiencias. A plataforma durante toda a súa andaina utilizou os seus recursos para mobilizar a cidadanía por diferentes razóns. Nun primeiro momento, buscábase concienciar a xente porque era “un momento no que se necesitaba que todos axudásemos ou nas praias limpando ou na rúa protestando”. Por outro lado, “chamar a atención aos medios de comunicación, que tiveron durante toda a crise unha actitude ambigua para non enfrontarse contra o Goberno” e por último, “facer presión ao Goberno para que se escoitasen ás nosas reivindicacións”.

Despois de case dous anos, a plataforma considera que a mobilización deu os seus froitos. Por un lado, nun primeiro momento, consideran que houbo unha mobilización de xente que se solidarizou co problema e foi a limpar os areais. Ademais, de canalizar unha resposta social nun movemento. Algo no que non se tiña visto ata o de entón en Galicia.

“No plano político, ao principio, o logro máis importante foi o consello da xunta extraordinario o mesmo día da manifestación do que saíron unha serie de axudas directas ao sector do mar. Logo, foi obrigar ao Goberno a celebrar un consello de Goberno en Galicia, onde se lanzou a idea do Plan Galicia. E, tamén, a creación dunha comisión temporal no parlamento europeo” (Entrevista a portavoz de Nunca Máis)

Despois de definir a situación todo movemento ten que chamar á acción colectiva ou motivar á participación. As tres compoñentes que fan o individuo a participar na acción colectiva, como xa se explicou, son a inxustiza, a *agency* e a identificación.

A *agency* refírese a conciencia de que é posible alterar as condicións e as políticas mediante a acción colectiva. Este enmarcamento vén dado dos días máis difíciles, nos que a cidadanía tomou as rendas da crise ante a pasividade do goberno. A actuación da cidadanía nunha situación de emerxencia tira os muros da pasividade social e demostra que se pode alterar o destino coa acción. Por iso, os voluntarios, os pescadores e as mariscadoras son considerados como os primeiros que conformaron esta sociedade civil galega de loita directa co problema. Esta imaxe servirá, ademais, para romper co discurso do dirixismo do pobo galego.

E "Nunca máis" somos máis dos que sodes quen a ver. Somos todos os galegos e galegas que xa temos levantado un país. (Manifesto do 4 de maio-Santiago)

O marco de inxustiza ten dúas compoñentes: a cognitiva e a emocional. A cognitiva incorpora todas aquelas crenzas ás que xa nos referimos sobre como o goberno xestionou a crise e como tratou historicamente a Galicia. O outro gran elemento é emocional. As emocións, ao contrario do que se pensa popularmente, distan de ser elementos irracionais. ao contrario, xorden como respostas a diferentes avaliacións cognitivas do entorno. Neste momento, as emocións que se activaron nun sector importante da poboación galega foron as da ira e indignación. A ira posibilita a mobilización de enerxía para a superación dun obstáculo. É por esta razón pola que a resignación deixou paso á acción (Sabucedo, 2003).

“Amigos e amigas, bós días a todas e a todos.

Abandoadas, esa é a palabra. Abandoadas. Unha vez máis na soedade. Continuamos co noso litoral indefenso e desamparado polo que prometeron solucións. Non lles importa o noso futuro, está ben claro.

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

Eu e as miñas compañeiras fumos limpar o chapapote a Sálvora cando o goberno falaba dos hilillos tomando tranquilamente un café. Eran os días máis negros que sofria Galiza na súa historia.

Pero logo de seis meses, os dos hilillos xa andan máis preocupados en arrancar os votos ao noso pobo. Lembrao-los todos: dixeron que se ocorrera outra vez volvería facer o mesmo. Hai que ter cara!! E ao peor até son capaces!!

Nunca nos sentimos tan desprezados e humillados”

(Manifesto 4 de maio lido Esther Rivas, mariscadora de Cabo de Cruz).

Os participantes na protesta identifícanse os uns cos outros a medida que se vai construíndo unha identidade común. No apartado seguinte, afóndase niso.

5.1.3.2. A identidade de Nunca Máis

A compoñente de identidade refírese o proceso de definir o “nosoutros” tipicamente en oposición do “eles”, os que teñen diferentes intereses e valores. Segundo Sabucedo, “a extensión das zonas e dos grupos afectados, pero tamén a existencia dunha cada vez maior sentimento de identificación con Galicia, posibilitou construír o marco de identidade máis inclusivo. Unha gran parte da cidadanía galega asumiu o problema como propio, creándose desta forma un forte vínculo entre eles. O que estaba en xogo era o futuro de todos, o futuro do País”. Hai que pensar que o símbolo da protesta é unha bandeira galega que está sucia. É a expresión máxima da identidade galega, a súa bandeira nacional manchada polo petróleo do Prestige.

Como campos de identidade, ademais dos protagonistas, os “nosoutros” están os “eles” que serían os antagonistas e audiencia a quen hai que chegar. O *nosoutros*, en palabras dun portavoz de Nunca Máis, é “o movemento cívico galego”. Os protagonistas promoven ou simpatizan cos valores, metas e prácticas dun movemento social e estes actores beneficianse das accións do movemento. A primeira protagonista sería Galicia, que se define como “a humanidade que berra Nunca Máis”, “a conciencia libre”, “o pobo vivo”, “forza do pobo”. Os cidadáns de Galicia son interpelados por “irmáns” e se asocian a “unha nova denominación de orixe: Cen por cento Dignidade” e a outros adxectivos como “libres”, “dignos”, “democráticos”. Esta adxectivación positiva dos galegos e Galicia contrapóñena á idea de Galicia “asoballada e sen futuro”. Inténtase acabar coa idea fomentada pola forte emigración ocorrida en Galicia sobre a inexistencia dun proxecto viable de país.

Porque "Nunca máis" é unha negación, negámonos a aceptar que esteamos condenados recibir mareas negras para sempre, e a emigrar, e negámonos a aceptar que as autoridades actúen de forma tan irresponsábel e incompetente. Pero sobre todo "Nunca máis" é unha afirmación. "Nunca máis" significa Galiza sempre. Un si a Galiza e tamén á propia dignidade de cada un de nós. Nós non temos medo. Afirmamos que a Galiza ten dereito a ser un país no que os seus fillos podan ter traballo e vivir. E afirmamos que somos un país de cidadáns que merecemos ser respectados pola Administración. "Nunca máis" é un grande si, é o nome da esperanza para nosoutros. (manifesto do 4 de maio).

Galicia e os seus cidadáns, os protagonistas das mobilizacións son tamén identificados como parte do mar de Galicia: “todos somos mar”, “marea cívica”. O mar xunto coa terra son partes importantes de Galicia e dos galegos: “E dicímolos no nome da terra e no nome do Océano que teñen conta de nós e nos alimentan, e no nome dos galegos e galegas dignos e

libres”. É un mar que une a Galicia coa democracia e autonomía máis que co ecoloxismo. A manifestación chamada das maletas é a expresión clara do simbolismo da nova Galicia, cun futuro común na terra. Esta idea vaise xerando pouco a pouco, e non aparece no primeiro manifesto do 1 de decembro. Comézase a falar pouco a pouco dunha nova Galicia. Hai unha idea de futuro común unido a esa idea da “nova Galicia”. Unha nova Galicia democrática fronte á autoritaria, digna en oposición a resignada, colectiva:

“E gracias Galicia, galegos e galegas chegados da Terra e da diáspora. Si, gracias Galicia. Traemos aquí unha nova denominación de orixe: Cen por Cento Dignidade”(…)“Sólo unas palabras sobre la plataforma Nunca Más. Se ha hecho contra Nunca Más, que es en primer lugar un movimiento de afectados, una campaña que debería figurar en la Historia Universal de la Infamia. Se ha tratado de ensuciar la conciencia libre de Galicia, se ha arrojado un vertido de chapapote inmoral sobre la sociedad gallega. Ese ha sido, por ahora, el broche a la gestión sobre el Prestige. El broche de una forma de gobernar fea, amenazante y extremista. ¿Qué sería hoy de Galicia si no hubiera habido una reacción ciudadana? ¿Con qué moral, con qué honra, afrontaríamos el futuro? ¿Qué pensaríamos de nosotros y qué estarían diciendo de nosotros? ¡Ah, pobriños, esa resignación gallega! No, algunos no han entendido nada. No han entendido la importancia del factor humano en una emergencia, la unión como una necesidad, el valor de la participación y de la solidaridad como puertas a la esperanza. Y algunos, frente a las para ellos inesperadas protestas de Galicia, han perdido las formas y la compostura. No es que hayan perdido los estribos, es que han perdido el jinete.

Nós non somos “perros que ladran su rencor en las esquinas”, señor Aznar. O único alento que hai detrás do Nunca Más é o alento democrático. Teñen que asumir dunha vez que Galicia espertou, que xa non se cre contos para mantela durmida. Que Galicia xa non ten prezo. Teñen que entender que non somos un país de servos. Que queremos sacudirmonos de vez o nepotismo, o caciquismo e o clientelismo que teñen entangarañada á nosa terra, que atorán a súa prosperidade, creatividade e esperanza. E a todo iso dicimos Adeus, Adiós, Nunca Más. A liberdade ten o sabor salgado do mar/ (Manifesto do 23 de febreiro)

Fálase dunha sociedade galega nova, lonxe do individualismo e do medo ao caciquismo. Hai, como xa se explicou, un discurso de activación da cidadanía no que se busca romper co dirixismo pola que se deixan arrastrar parte da cidadanía galega, e pola anímia ou desencanto coa política no que se atopa outra parte da poboación.

-Nunca Más encheu o baleiro. Encheu o lugar deshabitado, vampirizado, polo réxime que nos goberna. Encheuno fisicamente. Os cidadáns habitaron o seu país. Enchérono animicamente. Recrearon Galicia como fogar democrático. E xa non saíron de aí, aínda que a contra-marea pretenda dar outra volta a impresión do baleiro. A xeografía cívica está interiorizada, pertence xa á paisaxe emocional, ao lugar que non se borra.

-Na paisaxe submariña hai dous espazos contrapostos. Por un lado, esas furnas que chaman as Marcas do Medo, e que os peixes refugan como lugar sinistro, pois tamén os peixes teñen a memoria da perda. O mergullador dáse conta axiña de que está nunha Marca de Medo pola densidade do silencio. O outro espazo é o que chaman almeiro. Un espazo de cor e de diversidade, a vida sostida na contra-corrente, o lugar do desove, da cría. Nunca Más naceu como un almeiro onde había unha Marca de Medo.

E enche o baleiro a través da cultura galega que seguía viva: o nacionalismo cultural, tan criado en Galicia durante os anos previos. Unha cultura reactiva que dá nacemento a unha cultura proactiva. Así mesmo, o identifica o propio Manolo Rivas no seu discurso de reflexión

-Nunca Máis expresou unha revolución no xeito de ollar. Permitiu visualizar plenamente o que estaba adormecido, oculto ou invisíbel. No afundimento, como exorcismo popular, emerxeu a comunidade. Outra cousa que emerxeu: O mar como cultura.

-Nós somos unha cultura marítima. Galicia criouse nesa relación tensa e amorosa co mar. Semella obvio dicir isto, pero cando se dá, como se deu en Galicia, unha forte desculturalización, o máis obvio pode pasar tamén ao eido da invisibilidade. Parta da gran desavinxa que xurdiu na catástrofe foi debida á ausencia na gobernación dunha conciencia marítima, e á ignorancia de que Galicia é unha cultura marítima. O mar non é un des-lugar. O mar é fogar.

-Fronte ao ruído e a confusión, a existencia dun movemento cívico permitiu que se desenvolvera a función da escoita. Na tradición popular, Os Escoitas eran os veteranos mariñeiros que tiñan o don de interpretar as falas do mar e coñecer así con adianto de horas e mesmo días os seus cambios de humor. Pois ben, Nunca Máis expresou esa vontade sensorial de escoitarmos o mar. E escoitarmos a nós mesmos. Escoitarmos como comunidade.

-Nesa escoita, nesa percepción de facer visíbel o invisíbel, foi moi interesante ver como se estableceu unha redescuberta, un vínculo creativo entre a xente e a xente, entre a xente e o territorio, entre a xente e as cousas. Nese habitat dun pobo activo e solidario, as cousas adquiriron un ánima, xurdiu unha iconografía activa, con significado de futuro, fronte á iconografía pasiva do souvenir.

-O espazo ao que deu lugar o movemento de Nunca Máis foi unha incubadora dunha cultura da esperanza, unha arte da vida, fronte á cultura taxidermista. O país da promesa, o país do andar, fronte ao país metido nunha gaiola de ferro etnográfica ou exhibido como submisión folclórica.

-A confrontación que se deu entre o Goberno e Nunca Máis foi a de Marte contra Venus, o poder (elixido, mais con cerne autoritario) contra a sociedade. O movemento cívico e democrático en Galicia foi unha onda importante que, despois de sufrir a hostilidade, puxo en evidencia ese goberno dunha dereita extremista e reaccionaria e contribuíu conscientemente ao cambio democrático no Estado español. Nunca Máis pediu entón a demisión da Xunta. E seguimos a facelo.

(...)

- Sexa o que for de aquí en diante como entidade formal, o que nos interesa de Nunca Máis é a súa condición de memoria do futuro. Iso que ten de almeiro, de vieira de Venus, de matriz dun novo e exemplar habitat, coas trabes da conciencia ecolóxica e democrática.

Galicia foi soñada aquí, na Coruña, polas irmandades da Fala creadas en 1917, como “célula de universalidade”. Ben, o 1 de decembro do 2002 e os días que o seguiron, Galicia aportou ao mundo unha “célula nai” para o universo solidario (Discurso de Clausura do Foro da Verdade por Manuel Rivas).

E, polo tanto, a construción desta cultura cívica da que fala Manolo Rivas e na que estiveron traballando en Nunca Máis e moi conscientemente en Burla Negra durante estes case dous anos. Mediante o discurso, Manolo Rivas, afianza esta cultura democrática que se veu reflectida nas actuacións dos primeiros meses e da que consideran que hai que traballar dende Burla Negra para que chegue a toda a sociedade galega. Unha cultura artelladora de Galicia despois da transición. Tanto Burla Negra como os portavoces de Nunca Máis, ao pertencer ao mundo da cultura, fixéron seus os discursos da plataforma, nos que sempre se pon de manifesto a intención dun cambio cultural e social.

-“Unha cultura, unha educación. Non é unha culpa moral. Non se pode culpar a xente, moralmente, de facer o que fai porque son problemas moi serios. Alí nunha vila, a xente ten que pensar como sobrevivir e das poucas opcións que ten e poñerse en mans do cacique ou do delincuente que lle toque pola zona. É unha cuestión cultural porque eso hai antropólogos que o levan estudiando anos e anos. O galego é incapaz de poñer diante o sentido da comunidade por diante dos intereses individuais. É un déficit de educación e dun mínimo de civismo. Na parte que nos toca, dende a cultura, Burla Negra, é impulsar novos valores culturais que teñan ese compromiso cos valores democráticos. Eso significa actuar a nivel de liberdade de expresión, de mensaxe didáctica e sobre todo, mantendo o traballo colectivo para obxectivos concretos que van dende montar unha acción para unha manifestación como montar unha rede na que todos se podan comunicar. O noso alcance é crear dinámicas. Hai un ideal utópico aí de transformación (Membro 5 da Burla Negra. Entrevista a Burla Negra)

-É unha cuestión xeracional. A cultura oficial representa unha visión caduca, anticuada, folclórica e tópica. Creo que non se corresponde coa cultura actual que pode ser universal ou vangardista sendo galega. Non ten porque recrearse no folclore (Membro 2 da Burla Negra)

-Hai dúas vertentes. Aí está o tema do catástrofe. O Prestige non é unha verdadeira catástrofe, a cultura oficial é a catástrofe. (Membro 6 da Burla Negra)

Nunca Máis enmárcase polo tanto dentro do mundo. Sendo un movemento social que frea a locomotora da globalización facendo unha revolución. Nunca Máis puxo no primeiro plano a necesidade de reformular o concepto de Seguranza dándolle un sentido integral, acorde co mundo en que vivimos, o da sociedade de risco.

Os gobernantes que máis falan de Seguranza nos seus discursos, como estamos a ver na que poderíamos chamar Xeración Foto dos Azores, son eles mesmos fontes de Inseguranza. A súa idea de seguranza é anacrónica, bélica, e condúcenos ao estado de excepción permanente. A seguranza promovida por unha nova cidadanía basease nunha seguranza que atinxa á vida das persoas, en todos os eidos (O medio ambiente, a sanidade, a alimentación, a educación) (Discurso de peche do Foro da Verdade de Manolo Rivas).

Nunca Máis é a Galicia democrática, que tamén se relaciona con outros movementos afíns que teñen as mesmas esperanzas coma o “Non á guerra”.

“Pero es también un acto de encuentro fraternal con el espíritu de que otro mundo es posible en muchas cosas. Con un renovado espíritu de ciudadanía. Nos mueve la voluntad responsable, la exigencia moral de decidir sobre los asuntos públicos que afectan a nuestra vida. Nuestro nunca más hoy, a principios del siglo XXI, se hace extensible a los actos de inhumanidad. Es un nunca más a la suspensión de las conciencias y a la producción del odio. Es un nunca más al terrorismo que destroza vidas y convivencia. Es un nunca más a las dictaduras y a los fanatismos. Es un nunca más a los mandatarios poseídos por el ardor guerrero y un nuevo espíritu imperial. Es un nunca más a la guerra. Un No a la guerra”. (manifiesto do 23 de febreiro-Manolo Rivas).

Esta referencia á antiglobalización é bastante difusa e en ningún momento se recolle ningunha simboloxía do movemento mundial. Nin sequera se relacionan os monos brancos dos voluntarios cos *tutte bianchi*, que sería unha relación simbólica moi doada. Esta simpatía polas ideas do movementos antiglobalización é máis clara noutros colectivos integrantes de

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

Nunca Máis como Area Negra, que adoita utilizar o slogan “outro mundo é posíbel”. Ademais, o colectivo de membros da ensinanza recolle ideas do movemento antiglobalización como son a construción do presente e do futuro da que teñen que ser protagonistas os cidadáns. Moitas estratexias de comunicación do movemento antiglobalización tamén aparecen no colectivo contra a Burla Negra.

“Temos a necesidade de construír a nosa historia coas nosas propias mans, sen actores ou actrices alleios á situación, alleios a nós. Cómpre-nos dicer a nós, mozos e mozas da nosa Terra, se pensamos seguir indo costa abaixo ou encarados ao porvir. Agora toca-nos dicer que hai algo alén desta noite de morte. Temos que coller os nosos fachos ben dispostos e facer-nos ouvir, dando-lle a saber á xente que é certo que un outro mundo é posíbel. Nós, queremos-lo ver xa!” (Manifesto da cadea humana).

Nunca Máis tamén relacionouse con intelectuais de todas as partes do mundo que representan esta loita pola antiglobalización e pola defensa das minorías como poderían ser Galeano, Saramago ou Mario Benedetti, que enviaron comunicados a o concerto de “un canto por Galicia”. Tamén, intelectuais galegos como Ramonet e Ramón Chao, implicados moi activamente nestas loitas.

Os voluntarios tamén son protagonistas que se consideran afíns a Nunca Máis dende a Plataforma. Máis adiante explicárase como os xornais fan un dobre xogo xa que non identifican os voluntarios como simpatizantes coa plataforma, pero si consideran que as manifestacións da plataforma fan que moitos voluntarios non vaian limpar os areas galegos. Os grupos ecoloxistas como Adegas, integrados en Nunca Máis, serán fundamentais para a organización de voluntarios. Ademais, dende Nunca Máis ofrecéronse varias homenaxes aos voluntarios como mostra da gratitude polo seu traballo

“Hai xente de entre vós que insulta aos voluntarios, que os calumnia..., que morde a man dos que nos axudan. Pero as nosas pedras e areas chaman por eles, piden que sigan chegando voluntarios ben informados e ben acollidos, as nosas pedras precisan ser limpadas e queren ser limpadas polas mans máis xenerosas. Deixen de desprestixiar aos voluntarios, os mellores amigos de Galiza..., eles si actuaron. Deixen de acusar inxustamente ás persoas que se preocupan verdadeiramente por tan grave asunto. Non pode ser que a Administración siga a dar este espectáculo triste, porque está dándonos un espectáculo desesperante, na vez de solucionar os problemas fai propaganda e provoca división social e insulta aos cidadáns que queren axudar a que se solucionen esta catástrofe. (¡Vivan os voluntarios!)” (Manifesto do 4 de maio)

Nunca Máis constrúe unha nova identidade galega que rexeita o pasado cheo de penurias da sociedade Galega. Manifestacións simbólicas coma o do 9 de febreiro de 2003 na Coruña baixo o lema “Salvemnos o mar ou só nos queda a maleta”, recorda a emigración do pasado dos galegos por razóns económicas. Nesta manifestación, á que foron unhas 200.000 persoas, moitas portaban maletas feitas artesanalmente como símbolo do pasado que non se quere volver repetir.

En segundo lugar, atópanse os antagonistas. Hai dous grandes antagonistas para Nunca Máis. Uns antagonistas serían as lóxicas capitalistas do armador do Prestige que levan un barco a circular en estado deplorable. Este inimigo cualifícase como “capitalismo

Discursos e identidades na crise do Prestige delincente”, “especuladores sen escrúpulos”, “xinetes da Apocalipse”. Polo tanto, hai unha loita común contra os globalizadores, que une os movementos antiglobalización.

Os segundos antagonistas son os Goberno central e o Goberno da Xunta, os que cualifica de ineficaces e irresponsables na primeira manifestación. Pídese a dimisión dos responsables do rumbo do Prestige e acúsaselles de non estar co pobo. O ton contra estes segundos antagonistas vai *en crescendo*, debido a forte confrontación que viviu Nunca Máis en xaneiro e febreiro co Goberno da Xunta e co Goberno central a través das acusacións dos políticos á Plataforma, que foron recollidas pola prensa. Así na manifestación do 23 de febreiro, xa se fala de incompetencia, dunha xestión penosa e de ser incapaces de cambiar de rumbo. E apúntase o ministro de Fomento do momento, Álvarez Cascos, como o que debería dimitir. Despois do 1 de decembro tamén se relaciona á mentira e o insulto co poder.

“Dicides que non existe problema ningún no noso mar. Pero tamén dixestes antes que non había marea negra..., dixestes tantas cousas...Dixestes que actuastes ben cando paseastes esa ruina arriba e abaixo da nosa costa. Dixestes que foi acertado mandalo mar adentro e afundilo no peor lugar posibel...¿Como nos podedes dicir esas cousas? ¿onde tendes o corazón? ¿Non sabedes logo que nos abrides as feridas? ¿Que tanto mal vos fixemos que vos merezamos ese desprezo, a que ese odio contra nós, contra un país e a xente? ¿Queríades que comésemos nós sós todo o chapapote? Nós só vos pedimos a verdade e vós mentídenos unha vez e outra. Pedímosvos a verdade e vós insultádesnos, chamástesnos "cans", chamástesnos "paxaros"..., e nós somos persoas, somos xente como vós. Non somos animais, iso si estamos a aprender a ter memoria de elefante. Non esqueceremos cousa, iso si”. (manifestación do 4 de maio-Esther Rivas)

Hai polo tanto unha continua contraposición entre os protagonistas e os antagonistas. Os manifestos serven de contestacións ás acusacións dos antagonistas. Anteriormente, veuse como no manifesto do 23 de febreiro, Manolo Rivas negaba todas as denuncias e os insultos feitos polos gobernos a Nunca Máis. Serven, polo tanto, como foro de ideas e explicación das opinións da plataforma sobre as políticas dos antagonistas:

“Pero este novo país de xente libre ten un problema que quere ver resolto. Porque os que vivimos aquí non imos vivir da propaganda e de promesas no papel ou nas pantallas das televisións, e tampouco poderemos todos vivir de atender ao turismo. Porque o famoso "Plan Galicia" ten case todo de fume e propaganda e non contempla ao sector máis afectado, o mar”

Entre os antagonistas, estarían os medios de comunicación para a Plataforma Contra a Burla Negra. Non obstante, deuse unha asimilación mediática de Burla Negra por parte de Nunca Máis. Os líderes ante os medios foron, na meirande parte dos casos, membros de Burla Negra, sen embargo, os marcos do colectivo de artistas foron asimilados aos de Nunca Máis, aos que claro pertencían, pero tiñan tamén outros obxectivos. E, á vez, prodúcese o efecto contrario, a identidade de Burla Negra asimílase a Nunca Máis dándolle un discurso de construción dunha nova identidade.

Debemos aclarar que o feito de que un colectivo sexa antagonista non elimina a posibilidade de colaboración con eles. Nunca Máis e Mais que Nunca (é dicir os Gobernos galego e español) só intercambiaron ideas nos foros colectivos como as manifestacións ou os medios de comunicación. Sen embargo, Adegas, integrante de Nunca Máis, colaborou co goberno de Galicia nas tarefas de limpeza, aportando informes e ideas para descontaminar os

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

areais. O mesmo ocorre con Burla Negra, que tamén buscou os medios de comunicación como altofalantes das súas actividades. Ámbolos dous grupos nun intento de participar activamente na solución do problema e na construción da sociedade.

As audiencias de Nunca Máis son os grupos que comparten os seus mesmos obxectivos, pero non o integran como poden ser grupos internacionais contra as mareas negras e Greenpeace. Anteriormente, falouse de Vigipol, como un dos grupos que mantivo relacións con Nunca Máis. Membros do colectivo francés desprazáronse a Galicia para dialogar con Nunca Máis e emprender accións como a manifestación de xuño en Bruxelas pola seguridade marítima na Unión Europea.

“Nós a nivel foráneo internacional, non tivemos moita relación. Funcionaron grupos de NM en outros puntos a nivel Ibérico, europeo,... relacionados algúns con grupos ecologistas potentes. Aí houbo relación no seu momento. Asistiron a manifestacións no primeiro momento xente dunha coordinadora-colectivo da Bretaña contra as mareas negras. Na mobilización de Bruselas recollimos colectivos coa mesma problemática da Europa Occidental: Italia, Francia, Reino Unido,... máis de carácter puntual. Relacións máis profundas non tivemos. Aí foi unha pena, foi un flanco que deixamos descuberto por incapacidade nalgún momento xa que daba máis xogo porque daba cancha para organizar internacionalmente de propostas ou demandas como o parlamento europeo ou así. Pero, así que non tivemos moita capacidade”(Entrevista ao portavoz de Nunca Máis).

O grupo ecoloxista de máis repercusión internacional é Greenpeace. Greenpeace estivo presente nos primeiros meses da crise. O grupo ecoloxista internacional nunca se integrou dentro da Plataforma. Non obstante, hai unha relación de colaboración entre os colectivos xa que teñen unha preocupación común: a marea negra.

“En canto a Greenpeace, eles fixeron a guerra polo seu lado, os seus informes polo seu lado. As organizacións ecoloxistas que actúan en Galicia estaban todas en Nunca Máis e organizámonos conxuntamente. Facían informes para nós. Incluso, nas manifestacións foras sempre as quixemos facer como Nunca Máis. Nós consideramos que Nunca Máis era o suficientemente amplo representaba unha sociedade que padecía un problema, un problema de todos, o gran mérito de Nunca Máis é que reconsidera que unha catástrofe ecolóxica sexa asumida como un problema de todos, que transcende o campo do ecoloxismo. Entón sempre se fuxiu de perder o perfil específico de Nunca Máis como representante dunha sociedade. E por eso as veces se descoidou outro tipo de contactos. De feito, houbo algún debate sobre Greenpeace. Pero, nós considerábase que comparecer públicamente con Greenpeace que nos tiña un problema xa que Greenpeace que é unha marca e unha organización poderosas podía tapar o que é Nunca Máis; apropiarse de todo isto. Taparía levaría a confusión, se pensaría que Nunca Máis é unha organización ecoloxista. Nós non nos puidemos definir como ecoloxistas pola amplitude do movemento. Evidentemente, é unha catástrofe ecolóxica pero ten múltiples dimensión que nunca máis pretende abordalas todas”. (Entrevista ao portavoz da Plataforma Nunca Máis)

5.1.3.3. As emocións

Unha maneira de achegarse as emocións do movemento Nunca Máis é analizando algúns dos símbolos de condensación que se usaron durante a protesta. Enténdense símbolos de condensación as formas condensadas que liberan tensión emocional de forma consciente ou inconsciente (Sapir, citado en Sádaba, 2008).

- A bandeira de Nunca Máis. Como xa se manifestou é un dos símbolos de identidade galega máis patentes. Mais hai que pensar que a bandeira está contaminada como Galicia. Trócase o branco, a limpeza, a luz, polo negro, que é o loito e a sucidade. Enriba da bandeira pódese ler un berro: Nunca Máis!. Un berro cheo de rabia e de indignación por ver a destrución de Galicia e a negligencias dos gobernantes.
- Os paraugas. Na primeira manifestación a choiva fíxose coas rúas de Santiago de Compostela. Isto levou a que os manifestantes abrisen os seus paraugas, a maioría deles negros, ou así os encadraron as fotografías dos medios de comunicación. Estes paraugas tinguiron de loito o corazón de Galicia, Compostela. Ademais leva a pensar na famosa frase de Afonso Daniel Castelao: “Mexan por nós e temos que dicir que chove”. Leva pois a unha evocación do loito e da humillación.
- As maletas. A manifestación das maletas evoca outro dos capítulos máis tristes da historia de Galicia, a emigración. É unha referencia a que a catástrofe pode levar outra vez á emigración dos galegos.
- As cruces. A manifestación na praia de Orzán volvía a dar presenza á morte e o loito polo mar é a protagonista.
- O alemán de Camelle, Man. A morte pola tristeza do suceso do alemán de Camelle foi a expresión máxima do loito. En manifestacións e publicacións estivo presente o recordo ao alemán de Camelle.
- A gaita presente nas manifestacións como nas festas. O instrumento que non se sabe se canta ou se chora.
- Os mariñeiros. A loita contra o fuel dos mariñeiros erixiuse como o capítulo heroico da historia. No manifesto da Dignidade dáselle as grazas pola súa axuda. Hai un continuo sentimento de agradecemento tanto ás xentes do mar coma os voluntarios, os que se consideran os verdadeiros heroes da traxedia.

“Permitidnos ahora un agradecimiento expreso a los miles de mujeres y hombres voluntarios que han hecho un trabajo de valor incalculable, imposible de cuantificar en la frialdad burocrática de la Contabilidad del Estado, y que han compartido con los gallegos días de sacrificio y esperanza”.(Manifesto do 23 de febreiro en Madrid)

Estes símbolos deixaron ver moitos dos sentimentos encontrados na loita contra o fuel e a pasividade das autoridades. Un dos primeiros sentimentos foi o de abandono polos gobernos que pasou a converterse en humillación.

“Abandoadas, esa é a palabra. Abandoadas. Unha vez máis na soedade. Continuamos co noso litoral indefenso e desamparado polo que prometeron solucións. Non lles importa o noso futuro, está ben claro (...) Nunca nos sentimos tan desprezados e humillados.

E seguimos soportando as consecuencias dunha incompetencia e dun abandono que non ten precedentes en ningún país. Dician eles hai uns días que o que chega agora son os restos dos barcos que limpan fronte a franxa atlántica. Por un lado minten e polo outro recoñecen que, dun xeito e máis do doutro, segue a chegar fuel.”. (Manifesto do 4 de maio)

5.1.4. A cultura de Nunca Máis

Detrás do nacemento de Nunca Máis e máis acusadamente da Plataforma Contra A Burla Negra hai un grande malestar da situación da cultura galega dende hai moito tempo pola

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

“desarticulación cultural galega”. Ámbalas dúas plataformas consideran que son parte dunha Galicia viva cun futuro común. O cultivo da cultura de activación de Galicia organizouse dende o mundo da Cultura con Burla Negra.

A Plataforma contra a Burla Negra mediante unha cultura asemblearia onde cada individuo pode levar un proxecto cultural a desenvolver, puxeron en marcha centos de actividades de protesta, que á vez servían como formas de difundir cultura. A organización rede, sen núcleo, foi desenvolvida polo movemento antiglobalización. No anexo recóllense algunhas actividades levadas a cabo dende o nacemento dos movementos de protesta polo Prestige e abafa o gran número de actividades levadas a cabo.

“As entidades que expresan proxectos de identidades orientados a cambiar os códigos culturais deben ser mobilizadoras de símbolos”(Castells, 2003). A simboloxía do movemento recollese da tradición galega, próxima á meirande parte dos manifestantes. A simboloxía comeza dende a bandeira da Plataforma Nunca Máis que é a bandeira de Galicia sucia polo chapapote. Hai unha evocación á bandeira galega, aínda que o trazo ten un azul máis forte. As cores azuis e brancas, que se recollen na bandeira, aparecen en todas as publicacións e na maior parte dos carteis da plataforma. Estas cores combínanse co branco das letras, coa limpeza, ao igual que o mono de traballo dos voluntarios. Do negro, polo tanto, emerxe o azul do mar e de Galicia.

A lingua na que se emiten os comunicados de Nunca Máis é o galego normativo. As linguas son a bandeira dos actuais nacionalismos históricos, como aprecia Castells ao analizar o nacionalismo catalán. A lingua “coma un sistema de códigos, cristalizando historicamente unha configuración histórica que permite compartir símbolos sen adorar outras iconas que os que xurdan na comunidade da vida cotiá” (Castells, 2003). A lingua é a portadora da cultura dunha comunidade e a súa renovación de xeración en xeración amosa a existencia desta comunidade. O portavoz de Nunca Máis entrevistado considerou que dentro de Nunca Máis se xerou unha identidade pre-nacionalista, que os participantes na manifestación de Madrid percibiron ao falar galego nun territorio alleo a esta lingua.

“Hai unha idea de conciencia e identidade proto nacionalista. Non é unha identidade claramente nacionalista. Pero si unha conciencia de identidade propia sen expresión política clara. Demostrouse na manifestación do 23 de febreiro de Madrid porque foi moi simbólico. O primeiro encontro emocional e afectivo con Galicia estando en Madrid. Adquiriuse esa conciencia de identidade. (...)O 23 de febreiro a manifestación foi en Madrid, a simboloxía de que foi lonxe de Madrid, que se falaba galego fora da terra. Se percibía ese sentimento de orgullo de ser galego, lonxe do sentimento de autoodio do galego. Era unha manifestación complicada porque non sabíamos os ánimos da xente para ir fora de Galicia. E mentres a organizamos vimos que a xente estaba moi animada a ir a berrar e a berrar en galego” (Entrevista ao portavoz de Nunca Máis)

As cancións populares galegas son transformadas en cancións reivindicativas. Símbolos como a maleta, o paraugas ou as cruces, todos eles presentes no imaxinario galego, deron un xiro de significado. A maleta da emigración deixase para construír unha nova Galicia e as cruces e o paraugas que eran símbolos dunha Galicia ligada á resignación ante a morte, e o transcorrer dos días chuviosos toman outros significado.

“O paraugas converteuse nun símbolo das liberdades. A buguina nun símbolo de mayday. A gaita, por dicilo así, tocou unha Marsellesa. A cruz feita con remos expresou a dor humana

Discursos e identidades na crise do Prestige
mais tamén a dor da natureza” (Discurso de clausura do Foro da Verdade por Manolo Rivas).

Máis, o que deu un tombo total foi a concepción da identidade galega. A identidade galega era individualista e minifundista e non protestaba. Xerouse unha cultura de protesta e de colectividade. Quizais, esta cultura estaba presente, pero non emerxera e non se vira xunta. Esta idea da construción do futuro acaba co fatalismo galego e fai uns individuos activos e non pasivos e despolitizados. Dáselle autonomía ao cidadán galego.

“En situación de catástrofe, “a situación entre a destrución e a construción só se salva coa acción de afortalamiento comunitario (construción de Comunidade), que sexa capaz de materializar a poboación. Así as actuacións da poboación galega ao implicarse na limpeza dos areas e na accións de protesta no caso do Prestige axudaron a que a poboación percibise un estado de control, de autocompetencia e de pertenza. Así a incorporación na memoria individual e colectiva da catástrofe, a inclúe como un acontecemento que non fractura a comunidade senón que a constrúe en continuidade co xa vivido” (Miguel Anxo García Álvarez: 2003).

Tamén, se xerou unha cultura de protesta e festa. A festa integrada nas mobilizacións estivo moi presente nos actos de Burla Negra. En canto á festa, segundo Burla Negra, estíbese a perder en Galicia este espazo de transmisión da identidade da cultura tan importante no desenvolvemento dos pobos.

-Membro da Burla Negra 4: Foi un rolo de cultura popular, un rolo moi choqueiro, da cultura da xente.

-Membro da Burla Negra 5: Fora o rolo burgués, preconcebido do que é cultura.

-Membro da Burla Negra 7: Toda esa xente tivo nun momento dado soltura para expresarse, para crear, para protestar, para inventar. Fallou o Goberno, as claves de seguridade, as vías de expresión, fallou

-Membro da Burla Negra 5: O discurso é múltiple. Hai un acordo, unha comunidade que se sinte doutra maneira. É máis a linguaxe da acción que do discurso.

(...)

-Membro de Burla Negra 4: Antes, tamén había un sistema de resposta a determinados problemas puntuais. Eran moi institucionais e moi sectoriais: manifestos, recitais solidarios, ... e todas esas fórmulas que eran unha forma complaciente, puntual ou coxuntural de protesta e que ante o tema do Prestige eran insuficientes. E pechadas ante a vocación que había.

-Membro de Burla Negra 7: Era pechado. Non ía todo o mundo. Era como unha expresión de pertenza ir a eses actos e de repente quedou mesquinamente pequena.

-Membro de Burla Negra 5: Ademais era triste. Eran técnicas tristes. A xente naquela época tiña que superar unha catástrofe. Foi doloroso, había moita rabia. E todo o mundo tiña que lidiar con emocións interiores. Entón que veña un tipo e que te torture cun manifesto aburrido e con poemas que non hai quen entenda. Iso non funcionaba.

-Membro de Burla Negra 2: A renovación

-Membro de Burla Negra 7: Todo se creou de novo. Inventouse clases de todo, de quitar o chapapote, ...todo se avanzou socialmente. Non había que esperar o que che dixeran. Senón que había que funcionar. Había que saír. Ese experimento tamén saíu en Burla Negra. Os mesmos feitos ían determinando o que se ía facendo.

Aquí houbo un aliñamento entre a cultura popular coñecida e de identidade para a meirande parte dos manifestantes (moitos traballaban na súa creación ou conservación) e a

cultura do movemento. Desta maneira, Nunca Máis da man da cidadanía, de Burla Negra e de os portavoces-artistas apropiouse da cultura do pobo galego, que quedara engaiolada dende a transición. Burla Negra tiña como 'proxecto' a reactivación da cultura galega nun desafío directo á cultura folclórica creada dende a Xunta; así como á cultura subvencionada. Xa dende a manifestación chamada Marea Gaiteira hai esta medida de forzas entre os portadores da cultura galega e os que a subvencionavan a súa supervivencia (e, á vez, os seus carceleiros).

5.1.5. A estratexia de comunicación da plataforma

A comunicación interna de Nunca Máis cos colectivos que a forman faise a través da asemblea xeral que se reúne en períodos con intervalos de meses. Nesta asemblea márcanse as liñas xerais de traballo que se pasan á xestora que as traballa. As decisións da xestora pásanse a todos os colectivos da asemblea a través dunha lista de correo electrónico. Destas decisións, tamén, se dá conta na páxina web da Plataforma.

Nun primeiro momento, a páxina web era corporativa e estaba xestionada por unha empresa. En febreiro, comezouse a xestionar por unha encargada de labores xornalísticos que lle deu un matiz máis interactivo. Sen embargo, a páxina web non se converteu nunha páxina máis alá da Plataforma Nunca Máis como si lle pasou á páxina de Burla Negra.

A páxina de Burla Negra foi un medio de difusión das novas doutros colectivos. Hai polo tanto un uso de Internet como medio de unión entre os colectivos, que salva o problema demográfico galego do espallamento xeográfico. Non obstante, como resaltan dende Nunca Máis, o uso de Internet non está nin moito menos xeneralizado en Galicia. Por iso se recorreu a unha división comarcal da plataforma, que sirva como centro de información e de distribución de material da mesma como son as bandeiras da plataforma, os carteis para as manifestación e os produtos para a venda (chubasqueiros, camisetas, etc).

A Plataforma Nunca Máis comezou a publicar en novembro de 2003 un voceiro de Nunca Máis, que sae nas convocatorias máis importantes. O primeiro foi polo aniversario do afundimento.

“A plataforma cidadá “Nunca Máis”, na súa vontade de seguir traballando na demanda de solucións ás consecuencias da catástrofe, entende a necesidade de contar cun órgano de expresión propio, do que este voceiro é canle, para unha mellor comunicación cos cidadáns e cidadás. E así mesmo, fai un novo chamamento á sociedade galega a que continúe a manter a forza reivindicativa, coa convocatoria de novas mobilizacións os días 13 e 16 de novembro” (Voceiro nº 1 de Nunca Máis).

Esta publicación recolle os traballos das diferentes comisións da Plataforma Nunca Máis nos que se explica a situación ambiental despois do Prestige, como vai a querela contra os acusados pola Plataforma por delitos ecolóxicos, etc. É, polo tanto, un medio de comunicación interno no que tamén se dá conta das próximas mobilizacións e actividades.

A Plataforma tamén editou uns pequenos folletos chamados *balanzos* nos que se explican os problemas que quedan por resolver, as actuación ou non actuacións do Goberno sobre estes problemas e as solucións que se lles tería que dar. Estes folletos enmarcan claramente as actuacións dos gobernos puntuais e as solucións que se deberían poñer en marcha.

Nunca Máis é, sobre todo, un foro para aproximar grupos distantes en moitas outras ocasións. Así, houbo un exemplo entre o achegamento dos ecoloxistas e das confrarías de pescadores. A non colaboración histórica entre estes dous colectivos, débese segundo un membro de Adegas ás informacións dos medios de comunicacións que non interpretan que as

demandas de ambos colectivos son coincidentes. As confrarías e Adega traballarían xuntas despois do Prestige e grazas a coñecerse en Nunca Máis.

“O problema parte do movemento ecoloxista. Non somos capaces de transmitir, porque falla o noso discurso ou pola segunda opción (que creo que pode ser a acertada), os medios de comunicación non recollen as nosas suxestións ou reivindicacións. A relación co tema da pesca. Nós falamos por unha forma de desenvolvemento da pesca que tería que entrar en clara consonancia coas confrarías. Nós estamos de acordo da pesca de baixura ou artesanal. Estas cousas non se recollen nos medios. Se da a idea de que nos imos en contra dos pescadores e as confrarías. Nos pedimos unha pesca de sostenibilidade. Neste sentido, houbo colaboración con algunhas confraría e outras non queren que haxa ese diálogo non son capaces de entender o que nos lle comentamos. Houbo colaboración coa confraría de O Grove, de Cangas, de Lira. Cofradías que foron abandeiradas do tema da protesta do Prestige. As confrarías máis ligadas aos aparatos do poder, defenden as posturas que lle chegan dende arriba. Chama a atención que agora mesmo esas confrarías que en todo momento estiveron en man do Goberno, son as que esixen as indemnizacións. E baixan a cabeza e non din nada. Son estas confrarías as que nos piden o asesoramento e o achegamento a científicos que lle poidan explicar un pouco o que lles pode vir encima. Facilitarlle documentos de explicación da situación. Son cambios de suxerencias técnicas por ambas partes. Eles non explican como está a situación na costa” (Entrevista a membro de Adega).

5.1.5.1. A comunicación externa do movemento galego

Nunca Máis utilizou varias estratexias de comunicación para levar á meirande parte da poboación as súas reivindicacións. A estratexia máis efectiva foron as grandes manifestacións. ao principio organizáronse grandes manifestacións de presión ao Goberno e de chamada de atención aos medios de comunicación coa intención de que a súa voz se escoitase, tanto na axenda política coma na mediática.

“Nós fuximos das accións efectistas. Sempre hai debates en torno a iso. Sempre pensamos que a mellor maneira de incidir en iso era pola cantidade. Así que buscamos máis accións de carácter masivo que as efectistas. Non gastamos moitos esforzos aí. O que intentamos foi preparar máis as mobilizacións. En torno a unha manifestación preparar unha campaña polas comarcas, arroupando con charlas. Buscando máis o carácter masivo que o simbólico ou efectista” (entrevista ao portavoz de Nunca Máis).

Tamén, se organizaron moitos pequenos actos de protesta ou concienciación a través dos Nunca Máis comarcais coa intención de chegar a todas as vilas do país. A creación de símbolos e a súa difusión en adhesivos, camisetas, bandeiras fixo que Nunca Máis aparecera en todos os recunchos de Galicia e de fóra de Galicia. Isto, difundiu en gran maneira o coñecemento de Nunca Máis. Na entrevista cun dos voceiros de Nunca Máis asegurábase que o boca orella entre a poboación foi moi importante para a imaxe de Nunca Máis, xa que as persoas implicadas no movemento achegaron a outros o coñecemento das demandas do colectivo. O movemento social convértese nun medio de comunicación en si. É, polo tanto, moi importante a imaxe dada por Nunca Máis a través das súas accións na percepción que a sociedade ten do colectivo.

Os media como forma de chegar á opinión pública tamén se consideraron. As relacións cos medios de comunicación foron a través de comunicados de prensa por fax ou correo electrónico ou con roldas de prensa. A baza máis importante xogada non foi o achegamento

aos medios de comunicación senón a busca da transparencia das informacións enviadas:

“Intentamos ser transparentes en contraposición ao Goberno. Intentamos ser o máis claros posibles e o máis sinceros posibles. Nós entendíamos que unha baza de Nunca Máis era ser o máis sinceros posibles porque estabamos contrastando coa información que saía do Goberno no que había bastantes dúbidas e ás veces con mentiras aberrantes. Entón, por aí quixemos ser moi serios. Brindámonos a dar informacións sobre o que nos pedían” (entrevista ao portavoz de Nunca Máis).

Nun primeiro momento de emerxencia da Plataforma non existía ningunha persoa específica encargada da comunicación. E algúns colectivos encargábanse de enviar as informacións aos medios de comunicación coa decisión previa da xestora. En xaneiro, unha xornalista axudaba de maneira desinteresada nos labores de difusión de comunicados e de relación cos medios de comunicación. Máis adiante, contratouse unha persoa con dedicación exclusiva. Desde o gabinete de prensa, considerábase que sempre que se convocaba unha rolda de prensa, hai xornalistas ou fotógrafos que a veñen a cubrir; aínda que non consideraba que o que logo saía nos medios de comunicación fose demasiado sobre o tema ou o que se debería de ter resaltado.

Na entrevista á encargada do gabinete de prensa de Nunca Máis, tamén explicaba a dificultade de introducir novos temas relacionados, por exemplo, cos orzamentos do Estado e o Plan Galicia, nas axendas xornalísticas. Os xornais non eran tan receptivos a estas informacións como ás informacións xa establecidas sobre reaccións da Plataforma despois dalgunha declaración sobre o colectivo por parte dun político. O portavoz de Nunca Máis aseguraba que poucas veces os medios de comunicación se dirixían a eles e non se aproveitaban da información que lles ofrecían sobre temas (ambiental, xurídico) relacionados co Prestige.

Sorprende a declaración do portavoz de Adegá que explica como en moitos casos o colectivo ecoloxista ten enviado notas de prensa aos xornais sen conseguir a súa publicación, e nos días seguintes, publicábase algunha información da Xunta na que se negaba o dito polos ecoloxistas. O tema proposto polo colectivo entra na axenda política, pero sen pasar pola axenda mediática e polo tanto, pola opinión pública.

“Chamounos a a atención de que moitos dos comunicados enviados aos medios de comunicación que non se ven reflectidos nos medios e en cambio, se recibe respostas hacia estes comunicados que non se publicaron. Ti denuncias episodios de contaminación dos sistemas hidrocarburos aromáticos policíclicos relacionado cos cupos de captura de marisco e de pesca. Esa información no se recolle nos medios, pero se recolle a información de comunicados oficiais da consellería de pesca desmentindo que se estean dando situacións de descontaminación ou situacións de diminución nas pesquerías. Incluso, no contido do comunicado vese que hai unha lectura de máis detalle que a propia afirmación que transcendeu nos medios de comunicación. Sabes que por detrás está fluíndo a información. Pero, esa información esta vetada por ese medios” (Entrevista ao portavoz de Adegá).

Este fenómeno é moi negativo para calquera movemento, porque os medios de comunicación néganlle unha das vías máis eficaces para entrar na opinión pública e, polo tanto, facer presión sobre o poder para solucionar certas problemáticas.

“Non existen estudos das zonas que continúan contaminadas. Se os medios de comunicación non o transmite á opinión pública, esta non demanda estes estudos ou coñecelos. No Foro de Verdade de Pontevedra á pregunta de por qué non se publicara os nove estudos de investigación especial que se fixeran polo Prestige. Non se publicaron porque a opinión pública non o demandara. Sigue así vivo un problema. A propia administración pretende calar iso” (entrevista ao portavoz de Adegas).

A encargada do Gabinete de prensa apunta que son os xornalistas de fóra do Estado os que chaman ou se acercan á Plataforma para que lles proporcionen contactos dalgún colectivo integrante, como o dos mariñeiros, para falar sobre o Prestige. Nesta apreciación coinciden Adegas e Burla Negra.

“Neste primeiro momento, destaca que a demanda por parte das axencias de información son moito maiores que os propios medios de Galicia. Adegas foi portada en periódicos estranxeiros e non en Galicia. Foi portada no USA Today, cando nos periódicos galegos se deixaba un pequeno anaco, unha columna apartada. O esforzo que facemos aquí para que se nos recolla en pouco. En cambio, nos diarios de fóra a resposta que nos deron foi unha cobertura con maior detalle” (Entrevista ao portavoz de Adegas).

Burla Negra consciente da maior acollida polos medios de fóra de Galicia e do Estado, traballaron no peche en Laxe por crear vínculos con media estranxeiros. Dende o colectivo, considérase que para chegar a Galicia hai que ir fóra. Pola súa parte, o Gabinete de prensa de Nunca Máis só envía as notas de prensa aos medios de prensa galegos ou emprazados en Galicia, por considerar a súa área de actuación. Esta táctica de chegar primeiro ao exterior empregárona en Burla Negra en varias ocasións, a máis recente co Foro Negro, na que a noticia foi cuberta por El País e non polos xornais galegos.

Membro de Burla Negra 5: Foi unha relación moi ambigua (cos medios de comunicación). No Foro Negro, houbo unha receptividade por parte dos medios de comunicación moi sorprendente. Pero, tamén foi debido a que o Foro Negro tivo traballo de dúas persoas que levaron todo o traballo de prensa e fixeron un traballo alucinante co tipo de comunicacións que fixeron, informaron. Logo, xerouse un pouco grazas a que saíu nos medios do Estado, no País en Babelia, no Mundo. Isto fixo que tamén os medios de aquí se implicasen. (...). Agora todo o que cheire a Nunca Máis hai un silencio. Non informan absolutamente de nada.

(...)

-Membro de Burla Negra 5: A dinámica dos medios de comunicación aquí, xa non digamos a Galega (RTVG), é non mover o cu por nada. Convocas roldas de prensa e o mellor aparéchese alguén como non che parece ninguén. O seu hábito é non ter nunca a iniciativa. Outra cousa é que se vai a vir un medio estatal como el País, que é profesional, porque hai interés informativo. Entón, non é posible que O Correo Gallego e A Voz de Galicia non teñan a súa propia versión do que vai a saír en el País. Ese é o problema que pasaba aí. Agora non van a informar nada porque non van a ter a súa iniciativa. Agora que si poder colar algo no País o en el Mundo ou non sei onde, entón estes veñen detrás. Entón si que chaman.

-Membro de Burla Negra 2: Aquí chaman medios de comunicación estranxeiros, nacionais

En canto á introdución das demandas de Nunca Máis na axenda política, desde Nunca Máis considérase que dende o primeiro momento no que se convocou o Consello da Xunta a raíz da manifestación do 1 de decembro, os políticos consideraron a Plataforma como un actor

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

mobilizador importante. Considérase a relación directa de moitas políticas governamentais como consecuencia das mobilizacións. Mais a non creación dunha comisión parlamentaria de investigación do suceso e o peche doutras vías por parte do Goberno, que deixaron a Nunca Máis sen posibilidades de pedir responsabilidades, levóunos ás denuncias presentadas en Corcubión por delito ecolóxico.

“No seu momento fomos, quizais, incluso un pouco forzados polas circunstancias. Non se nos pasaba pola cabeza ter que facer unha demanda pola vía penal, neste caso ser acusación popular en Corcubión. Fíxose nun momento no que estaban unhas das nosas reivindicacións (responsabilidades) estaban pechadas todas as vías onde se pudieran dirimir responsabilidades. Non existía unha comisión de investigación no Parlamento de Galicia, que se creou nun primeiro momento pero que en seguida o partido do goberno o Partido Popular se encargou de inhabilitar. Foi imposible incluso tras varias demandas no Parlamento do Estado de abrir esa comisión de investigación. Aínda estaba no aire a cuestión europea. O ver estas vías pechadas no plano político nos entendimos que unha vía que se podía utilizar era no plano penal. De feito a nosa demanda no plano penal ten dúas direccións. Dunha parte, apunta o que son capitán do barco a casa armadora (responsables de que ese barco circulase) e unha segunda parte, que apunta o Goberno a través do seu Gabinete de crise tres persoas responsables do Gabinete” (Entrevista a un portavoz da Plataforma Nunca Máis).

Hai un tira e afrouxa entre Nunca Máis e os gobernos central e autonómica que tivo como escenarios os medios de comunicación. Convertéronse polo tanto os medios de comunicación nun foro de discusión entre Nunca Máis e as Administracións.

Mentres que en Nunca Máis, levou un traballo de relación cos medios de gabinete de prensa tradicional. A Plataforma contra A Burla Negra realizou outras estratexias para levar as informacións sobre a visión do colectivo do que estaba a acontecer. Moitas veces utilizando os medios de contrainformación ou converténdose o propio colectivo en medio de contrainformación. Burla Negra naceu pola preocupación da manipulación da información dos medios de comunicación trala catástrofe do Prestige. O día despois da súa constitución, algúns membros da Burla Negra pecháronse en Laxe para converterse en contrainformadores mediante Internet.

“O día seguinte estábamos en Laxe. Vieiros montounos toda a loxística da páxina web e comezamos a fedellar na páxina web. A servir un pouco de catalizador de toda a información que nos ía chegando, buscando a información de fóra: do instituto oceanográfico portugués. (...). E sobre todo, esta necesidade que había de conectar cos medios de comunicación o que nos podían representar de algún xeito. Espallar o que estábamos vendo a través dos medios de fóra. A forma de chegar aquí era a través dos medios de fóra, falar cos medios de fóra. Facernos unha axenda a toda presa para que de fóra chegara aquí, ¿non?. Colocamos información a través de Reuters nas axencias internacionais, en CNN-plus e noutros. Foi un dos centros de información, os medios que viñan a cubrir a cousa pasaban por nós para ter unha orientación”. (Entrevista á Plataforma contra A Burla Negra)

Testemuña deste peche é o caderno de peche colgado na web da Plataforma contra A Burla Negra na que se explican:

“Son do interior, non coñezo o mar (un pouquiño si) nin vivo del coma os mariñeiros, pero crédeme, non necesitas telo problema diante para conmoveirse cando escoitas a alguén

directamente afectado, o sentimento de impotencia, rabia e medo por non saber como darán de comer as súas familias, agora mesmo estou en Laxe, vendo o problema mais de preto, e a situación é realmente preocupante; logo vexo os telexornais da TVG, ANTENA 3 ou TVG ou escoito a algún ministro dicir semellantes tonterías danme...só quero que seipades ca situación non é coma a pinta, sabédeo e facédello saber a outras, aínda que fisicamente non poidas axudar, podes facer moito, AXÚDANOS!!

Así, Burla Negra considerou que o seu obxectivo primordial era que á sociedade lle chegara a información limpa. A petición de Burla Negra dunha información sen manipulación só foi recollida nunha pequena columna de La Voz das informacións analizadas dos dous xornais galegos para este estudo. No resto das informacións sobre a Plataforma da Cultura non se menciona esta, quizais a loita máis importante de Burla Negra. A relación e preocupación de Burla Negra sobre a comunicación faise patente na súa web, que se fai eco da desaparición da revista Golfito, dun manifesto dun colectivo de xornalistas de Antena3 contra a manipulación nesta canle e do renacemento de Radio Kalimero. Así tamén, Burla Negra recolleu nunha pequena publicación o documento do Comité de Empresa de TVE-Galicia pola cobertura do Prestige.

“Os nosos medios de comunicación están a sufrir as presións e a censura manifestas por parte dos que nos gobernan, tanto dende Madrid como dende San Caetano, ao respecto das novas que se están a emitir sobre a marea negra publicada polo afundimento do Prestige. É sangrante en particular a consigna que lles impide aos xornalistas das televisións públicas que se lles impide falar de marea negra cando xa ascenden a seiscentos os quilómetros de costa estragados polo fuel”. (Publicación da Plataforma contra A Burla Negra)

Dentro das chamadas “iniciativas persoais”, colgadas na páxina web de Burla Negra, dáse esta idea de acción á cidadanía contra a manipulación nos medios de comunicación.

“VEEEEEÑAA!! AOS TELÉFONES CANDO MINTAN!

Respostar ás mentiras da tvg

Diante destas ofensivas de falsidades e inxurias contra a Plataforma Cidadá Nunca Máis, podemos actuar tamén individualmente mais como unha acción colectiva:

Cuando miremos e escoitemos mentiras na TVG, respondamos telefonando-lles, dandolles a información verídica, con paciencia e vontade de transmitir a verdades: (da os teléfonos).

Espallade a iniciativa!”

A necesidade dunha comunicación vertebradora da sociedade galega e máis concretamente, dos movementos sociais, polo tanto están dentro do traballo de Burla Negra dende o seu nacemento. Por iso, no Foro Negro organizado en decembro de 2003 pola colectividade, decidiu a creación de Arredemo, unha rede de colectivos galegos coa que poder interconectarse e intercambiar información.

-Membro de Burla Negra 7: ao principio, houbo unha dinámica de roldas de prensa e buscar os medios. Dada a respostas dos medios e no debate do Foro Negro houbo unha división de se se debía intentar avisar os medios, darlles traballo ou se buscasen redes alternativas. Houbo un debate sobre este tema. A definición última era pasar dos medios oficiais e do desgaste deste traballo. E concentrarnos en crear uns medios propios. É o intento da rede, a rede como distribución, a rede como contacto, a rede.

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

-Membro de Burla Negra 5: Logo os medios de comunicación alternativos todos os que se apunten.

-Membro de Burla Negra 2: O xornal autoeditable contramaré, a información que se colgaba en web,...abríronse un mundo de páxinas web nas que circulaba a información

-Membro de Burla Negra 5: E agora as páxinas en xeral funcionan. Xa se creou a dinámica de que se cambie información. O que sae en Burla Negra se publica en Indimedia e viceversa. Os primeiros días, era evidente que funcionaba porque eran os únicos medios de comunicación que había.

Incluso, conscientes da importancia da comunicación, membros de Burla Negra foron a Luar a amosar as súas queixas. Esta acción de ocupación dos espazos é moi típica nos chamados novos movementos sociais. A noticia é recollida en La Voz de Galicia, nunha pequena columna, pero non se explica que foi unha iniciativa da Burla Negra. Así se explica a acción no xornal dixital Vieiros:

“Nunca Máis foi o número estrela de Luar. Unha vintena de integrantes da Plataforma despregaron pancartas esixindo a dimisión dos responsables políticos da catástrofe do Prestige na emisión de Luar, o programa tótem da TVG. Despois duns momentos de desconcerto de realización, un dos participantes na protesta subiu ao escenario e micrófono en man explicou os motivos da intervención entre a sorpresa e os aplausos do público. O programa Luar que se emite en directo desde a discoteca Dona Dana de Touro volve á grella da TVG, en diferido, o domingo pola tarde. ¿E Gayoso que? Moi profesional” (Publicado na web de Burla Negra).

A Plataforma Contra a Burla Negra decidiu crear medios de comunicación propios para difundir o que estaba a ocorrer. Contramaré foi o primeiro medio de contrainformación nacido da catástrofe do Prestige. A nova foi recollida por Burla Negra, colectivo co que sempre mantivo ligazóns e co que intercambiaron novas. A particularidade do medio de comunicación galego o uso do *open distribution*.

“CONTRAMARÉ é a determinación colectiva de elaborar un medio de comunicación da Galicia que responda á traxedia. Esta iniciativa xorde dunha asemblea aberta celebrada o 14 de decembro en Aguiño, a carón da auto organización mariñeira, coa necesidade de confirmar, espallar e coñecer experiencias nas loitas contra a peste que nos abafa o mar e a terra. Esta experiencia autónoma resolve as bases da comunicación de masas, creba coa unidireccionalidade que lles outorga aos lectores a pasiva función de obxecto nunha relación mercantil. Créase un espazo libre sen divisións do traballo, no que todos seremos xornalistas, lectores, distribuidores... Contramaré non é unha mercadoría, non ten dono, pertencenos a todos os afectados pola catástrofe do Prestige e pola indecencia dos culpables, dos que a permiten, de quen a alenta. Por iso precisa vontades, apoios, compromiso e participación de todos, desde a elaboración das novas ata a reprodución en fotocopia e a distribución libre do boletín. Contramaré desvelará o oculto, o prohibido, o que os donos dos medios borran da realidade. Será a voz dunha Galicia determinada a apañar o futuro contra a deslealdade e o boicot dos gobernantes, contra o desleixo, a deserción e a incapacidade do Estado. Aquí non ten lugar o Capital nin a lóxica fragmentadora de experiencias colectivas. O propio nome define intencións: contra a maré negra, contra quen a xerou e quen a permite, construímos futuro coa creatividade inalienable da multitude. Non estamos dispostos a cederllo a ningún patrón. Así, será o voceiro democrático, aberto, libre, desta resistencia colectiva que xa é a organización creativa da nosa colectividade” (Contramaré, artigo publicado no libro do Colectivo Mar de Tinta, 2005).

Outra iniciativa foi o xornal Nunca Máis. O xornal Nunca Máis foi publicado polos membros de A Burla Negra para salvar esta falta de “información limpa” sobre o desastre do Prestige. A publicación mensual tivo tres números dende febreiro ata maio de 2003. A publicación coas cores de Nunca Máis recollía informacións sobre o Prestige, entrevistas a persoas involucradas na loita cívica e varias noticias ou seccións sobre a manipulación nos medios de comunicación e as mentiras ditas dende o poder. Ademais, daba unha axenda das citas máis importantes. Un dos reclamos da publicación era o póster central no que cada mes se presentaba un colectivo de Nunca Máis. Na primeira publicación era un póster coa bandeira e os outros dous números amosaban a Burla Negra e o colectivo Chapapote. O xornal Nunca Máis tiña a finalidade de ser un medio libre para toda a cidadanía e non só restrinxindo aos membros activos de Nunca Máis. No xornal había unha aposta por facer os membros de Nunca Máis en actores da historia, á sociedade cívica.

Indymedia ou Centro de Medios Independente (IMC, Independent Media Center) naceu en Seattle en 1999 como ‘unha forma para romper o monopolio mediático e tamén como fonte de provisión de noticias e información alternativa’. Na actualidade, hai 120 colectivos locais de Indymedia en Europa, América do Norte do Sur, Asia e África. Un destes centros é Indymedia Galicia, nacido do afundimento do Prestige. Os activistas de Indymedia asumen a produción das noticias por si mesmo, reflectindo unha filosofía do ‘Faino Ti Mesmo’ (Do It Yourself). Os activistas usan as novas tecnoloxías, como Internet, plataformas multimedia polo tanto uso de imprenta electrónica, vídeo, audio e fotografía para construír unha rede de comunicación alternativa, auto xestionada e participativa.

A asociación Cultural Xerminal ligada a Unión Libertaria de Ferrol comezou a publicar un xornal mensual chamado Marea Negra. Unha publicación de carácter ligado a ideoloxía da Unión Libertaria, pero que recolle un título relacionado co Prestige, aínda que as informacións son moi variadas.

Outras publicacións que nacen a raíz da mobilización cidadá son a revista Burla Negra; publicación saída polo aniversario do Prestige; o libro Sempre Mar, recolle textos literarios tamén da Burla Negra; Nunca Máis Muxía, revista na que a NM comarcal recolle as actividades de todo o ano, o mesmo fai Nunca Máis Vigo, que sacou un libro recompilatorio da exposición que fixera sobre todo o vivido polo colectivos nos meses das mobilizacións, ou a publicación dun boletín de Nunca Máis Lugo.

As publicacións dos colectivos que conformaban Nunca Máis tamén se afanaron en dar información sobre o acontecido. A asociación ecoloxista Galega Adegas dedicoulle tres números da súa revista Cerna ao Prestige. A maioría das informacións centrábanse na ecoloxía, pero tamén había algúns de apoio a Nunca Máis. Pola súa parte, o grupo ecoloxista Erva-Ecoloxistas en Acción comezou a publicar unha revista chamada Eidos, no que o primeiro número se centraba no Prestige. Ou Terra, da asociación de colectivos ecoloxistas galegos. Este apoio seguiuse noutras publicacións tanto dixitais coma impresas de diferentes asociacións galegas.

Internet, que daquela non contaba con redes sociais, foi moi importante para artellar a mobilización colectiva nacida do Prestige e moito máis nunha sociedade tan espallada no espazo como a galega. Incluso, Internet foi escollida para organizar un ano despois toda a información dos colectivos galegos mediante Arrédemo, o proxecto da Burla Negra. Contramaré, de Indymedia-Galiza ou a páxina web da Burla Negra amosan como internet era un soporte das súas informacións. Burla Negra ao día seguinte do seu nacemento xa tiña unha

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

páxina web na que colgar todas as informacións que querían dar a coñecer.

Internet foi unha fonte de información para a cidadanía e para os xornalistas. A maioría das cales entraban nas páxinas do Instituto Hidrográfico de Portugal e do Cedre (Centre de Documentation, de Recherche et d'Experimentations sur les Pollutions Accidentelles des Eaux) para coñecer o que realmente sucedía.

Incluso, foi un lugar de manifestacións coa recollida de sinaturas de Burla Negra, ou as queixas enviadas ao enderezo electrónico da Xunta de Galicia, ou secundando o ciber-apagón no que participaron máis de 200.000 web (27 de decembro) chamadas por Vieiros. Moitas páxinas colgaban o símbolo de Nunca Máis ou redireccionaban a páxina da plataforma.

As listas de correo son a maneira de Nunca Máis de informar a todas as asociacións que a integran do que acontece nas reunións da xestora e moitas asociacións reenvían esta información os seus socios. É, polo tanto, un medio de comunicación entre os diferentes membros do movemento.

Burla Negra abriu nos primeiros días, foros nos que se recollían as ideas de todos os cibernautas. Por suposto, os correos en cadea, ao igual que as mensaxes de móbil, serviron para avisar a xente de onde e cando era a mobilización.

Foi, polo tanto, sen dúbida, Internet un soporte para a comunicación alternativa e un espazo para a protesta en todo o conflito do Prestige.

5.1.5.2. A guerrilla da comunicación en Nunca Máis

A verdadeira guerrilla da información nas accións de protesta estivo na cidadanía como se exemplifica no libro *Nunca Máis: A voz da cidadanía* (Paz e Vázquez Carpentier, 2003). Os membros de Burla Negra, que canalizaron accións de guerrilla na maioría dos casos así o explica:

“Na manifestación do 1 de decembro, xa houbo un torrente creativo brutal. Foi un compoñente creativo moi grande que non houbera en ningunha manifestación anterior. Sen estar preparada a infraestrutura creativa dende a xente”. (Entrevista a Membro de Burla Negra)

É moi destacable a puntualización dun membro de Burla Negra que destaca como nas manifestacións se repetían os simbolismos sen que houbese un punto de unión previo.

“Foi un momento nas que as ideas, (preconcebidas anteriormente), funcionaran, rachouse o experimento social. Rachou, grupos a experimentar e de feito cadrou en todas partes do país as mesmas expresións culturais. Cadraban dous Neptunos en distintas manifestacións. Cadraban as ideas: as parodias, as cancións,...coas claves sociais, culturais de país que se tiñan, funcionouse. Rompeuse ese feitizo da idea de Galicia”. (Entrevista coa Plataforma Contra A Burla Negra)

A estratexia da guerrilla da comunicación é crear situacións localmente limitadas que axuden a activar unha actitude crítica. Por iso, pertúrbanse os modelos de interpretación “normais”. É máis a linguaxe da acción que do discurso. Os dous propósitos da política emancipadora son a deconstrución dos códigos dominantes mediante a apropiación da gramática cultural hexemónica, co propósito de perturbala, confundila e desprazala e a difusión de códigos alternativos ou emancipatorios propios mediante a reflexión e afondamento da linguaxe que usamos.

A mensaxe, o contido comunicado, consiste no propio ataque ás formas estético-culturais

aparentemente evidentes. Unha recolleita de Burla Negra e Area Negra amosan a emerxencia de técnicas subversivas nas mobilizacións tralo afundimento do Prestige.

O coñecemento dos aspectos simbólicos e reais de poder das estruturas espaciais é importante para a guerrilla da comunicación, posto que o efecto das súas accións depende en moitos casos dos lugares onde se realizan. Coas accións non se trata só de dar a entender algo no espazo público, tamén é importante cambiar este espazo “ocupado e escenificado” e enchelo con novas asociacións. A primeira acción deste tipo deuse coa Marea Gaiteira. Esta manifestación evoca as mareas gaiteiras de Fraga cada vez que foi reelixido presidente. Esta ocupación reta o poder de convocatoria de gaiteiros (cultura popular) de Fraga e proba o poder de convocatoria de Burla Negra, expresión da cidadanía e da cultura galega

A campaña de colgar bandeiras en todos os barcos, todos os balcóns e os puntos máis altos de Galicia tamén marcou o espazo de Nunca Máis e simbolizou que a cidadanía quería solucións. Converteuse nunha maneira de protesta que cheou toda Galicia de Negro, Branco e Azul. A asistencia duns membros de Burla Negra ao programa da Televisión Galega, Luar, tamén entraría dentro dunha ocupación do espazo televisivo, que se consideraba ata o momento ocupada polo poder. Ou a cadea humana que puxo futuro e esperanza á Costa de Morte tinguida de negro.

Un nome múltiple é “un nome que calquera pode utilizar”. Os participantes nas prácticas vinculadas co nome múltiple, forman parte desta persoa imaxinaria e colectiva. Así, a práctica dos individuos singulares cobra forza a través do mito colectivo e ao mesmo tempo reproducíno. O nome múltiple é unha maneira de superación da separación entre individuo e colectivo. No contexto político actual, temos o exemplo da guerrilla zapatista que converteu o nome do seu portavoz o subcomandante Marcos nun nome colectivo: “Todos somos Marcos”. Os nomes múltiples cuestionan a separación entre o individuo e o colectivo e son un ataque aos conceptos de modernidade e subxectividade burgueses. Nin Nunca Máis nin Burla Negra crearon un nome múltiple cen por cento. Sen embargo, Burla Negra sinalou coa súa campaña ‘De Man en Man’, o mito de Man, o que se considera a única vítima da marea negra. Ademais, de ser a vítima da catástrofe, Man era un artista ligado ao mar xa que recollía do mar o material das súas obras. Así que hai unha identificación dos membros de Burla Negra como artistas. Por outro lado, man é a extremidade do corpo coa que te unes aos outros. Así a libreta de Man é un xogo de palabras e o nacemento do colectivo Aberto Man por Man, que se simboliza moitas veces con mans collidas na páxina web de Burla Negra.

Outra táctica é a camuflaxe que é o enmascaramento que supera as barreiras de comunicación para confrontar á xente cun texto ou cunha acción. As cancións son asimiladas con facilidade e máis cando proceden da cultura popular polo que a mensaxe se interioriza inconscientemente. Por exemplo, a música da canción tradicional adaptada por Leilía para a manifestación do 4 de maio.

Eu chorei chorei mirando pro mare /Eu chorei chorei mirando pro mare /Que veña o culpable,
que veña o culpable/ Que diga a verdade /Que diga a verdade e non máis mentiras/ Que diga a
verdade e non máis mentiras/A marea negra, a marea negra invadiu as rías./Invadiu as rías e as
nosas vidas /Invadiu as rías e as nosas vidas /Outra vez vivimos, outra vez vivimos /Esta
inxustiza./ Esta inxustiza nunca máis se olvida/ Esta inxustiza nunca máis se olvida/
Xuntémonos todos, xuntémonos todos / Ten forza Galicia.

Os Fakes (falsificacións) imitan a voz do poder o máis perfectamente posible para poder falar durante un tempo limitado, sen ser descubertos, no seu nome e coa súa autoridade. O

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

obxectivo consiste en desencadear un proceso de comunicación no que se cuestiona a estrutura. O fake fai que as estruturas ocultas discursivas do poder queden de repente ao descuberto, xa que a alteración parece proceder xustamente de aquel lado que na orden do discurso ten a lexitimidade de falar e ser escoitado. Utilízanse signos reservados para o poder: institución, títulos, nome.

Fake=Falsificación+Descubrimiento/Desmentido/Recoñecemento.

Un fake que se descobre á primeira queda como unha sátira e se non se entende é un erro. O maior éxito é a rectificación do fake por parte das autoridades, xa que fan publicidade nos medios de comunicación aos activistas. O máis parecido o fake nas accións de protesta foi a campaña PePe de Ja, que nunca se chegou a levar a cabo debido os atentados do 11-M en Madrid. Nesta campaña, con mitin programado para o 12 de marzo, presentábase un novo partido Pepe de Ja.

XUNTOS

NA GUERRA POLA PAZ MUNDIAL

NA TOLERANCIA COS QUE SON COMA NÓS

NO ENSINO RELIXIOSO CONCERTADO E NO PÚBLICO DESCONCERTADO

...

IMOS A MÁIS

NOS DESASTRES MEDIOAMBIENTAIS

NA VIOLENCIA MACHISTA, NOS TOQUES E NAS MENUDENCIAS

NA REDUCCIÓN DO PARO (EN CANARIAS)

...

E A CULTURA, POR SUPOSTO, NIN TOCALA

A afirmación subversiva mediante unha esaxeración crea un distanciamento respecto ás formas ou aos enunciados utilizados. A suposta afirmación convértese así no seu contrario. O seguinte texto cheo de retransa publicado na revista da Burla Negra.

Revista Burla Negra. Carta do Apóstolo Santiago a todos os vociferantes. Carlos Santiago

“Y es por eso que salí hoy del sepulcro para enviaros esta carta apostólica, porque ya me enteré de que os ibais a reunir en este circo de revista algunos de los que andáis tonteando con Nunca Más, alla vosotros si queréis estar equivocados, pero como me estais llevando a los gallegos al precipicio, púes vengo para resolver todas las dudas y a ver si os enteráis de que quien mando alejar el barco fui yo y que Don Manuel y los ministros no tienen culpa de nada. Hice lo que hice, lo reconozco y no me arrepiento, porque ya digo, soy de derechas y siempre hago lo que tengo que hacer, que exactamente es lo que me sale de los santos cojones, que yo no le tengo que dar explicaciones a nadie, ni a vosotros ni a la virgen santísima, por mucho que sea la madre de mi mejor amigo. Y es que ahora sinceramente, yo no sé lo que queréis, porque ya tenéis el Plan Galicia para que os asfalten las corredoiras y vengan más turistas a ganarme el jubileo que es lo que necesita Galicia y no cuatro perros rabiosos que ladran su rencor por las esquinas. Además, ya hicimos las elecciones municipales para que la gente vendiera su voto a buen prezo, que bien caro lo tuvimos que pagar de esta vez, e incluso ahora os vamos a poner a un gallego de presidente en Madrid para que lo arregle todo y entonces no sé a que viene andar montando el circo, que aún me vais a matar a algún ministro a disgustos, que mirad por ejemplo el de Fomento, que deprimido me lo tenéis, que le descarrilan los trenes y aún tuvimos que darle una medalla para animarlo. ¡Por dios!”

O colaxe permite opoñerlles ás declaracións impresas dos políticos ou das institucións uns textos e unhas imaxes capaces de converter a súa autorrepresentación no contrario, deslexitimar. Un exemplo sería a crónica O Labirinto das mentiras publicado na revista Burla Negra, no que se recollen as declaracións dos políticos nos días do afundimento e se ordenou polos seguintes temas:

Capítulo 1. Mariano Rajoy ou a versión sofisticada de “Pinocho”

“(…) O 23 de novembro, cunha capacidade de precisión insólita, Rajoy indica que “a mancha ten 20 milésimas de milímetros de espesor, polo que é pouco importante”. Ese mesmo día o Instituto Hidrográfico portugués (IHP) informa que a masa de combustible ten 50 quilómetros de longo por 20 de ancho. (...)”

Capítulo 2. Manuel Fraga: Mentiras diferidas ao son da “Yenka”.

“(…) Fraga se permite o luxo de cometer tres enormes desprezos pola cidadanía. Primeiro, minte dicindo que tras o afundimento do barco “non saíu nada”; despois, se atreve a facer uso dunha ironía de certo pouco apropiada para o momento que vivía Galicia: “¿Que hai algún percebe menos de O Roncudo? ¿Que lle imos facer!; por último, nun exercicio de concepción mediaval da política onde o político non actúa como servidor do pobo senón como benefactor, afirma en Muxía: “eu veño con cartos no peto e outros veñen a falar”.

Capítulo 3. Estratexias de Ocultación

L. VEIGA (16-nov): “Non hai marea negra”

L. VEIGA (16-nov): “A mancha está dispersa e controlada” (isto díxoo en Camariñas, cando o fuel chegaba a Camelle).

L. VEIGA (17-nov): “A Xunta vai dar ás 4.000 familias afectadas o turrón e se logo pode vir o mazapán por parte do Goberno central e da UE, mellor”.

Capítulo 4. A precisión informativa

G.BOBADILLA (16-nov): “O derrame do Prestige non constitúe unha marea negra, senón unicamente un verquido, xa que se trata de fuel e non de petróleo”

DE MESA ((16-nov): “O fuel está moi fragmentado e téndese a disolver pola oleaxe”

Capítulo 5. O Xogo dos acertos

Capítulo 6. As Coordenadas da descordenación

Capítulo 7. A Cacería virtual

M.FRAGA (24-nov): “O da miña cacería non ten que ver nada coa realidade. É sinxelamente unha patraña”

Capítulo 8. Transparentes como unha lura..ceibando tinta

Por reinterpretación entendemos un método de distanciamento que cambia a maneira de ver obxectos ou imaxes xeralmente coñecidos, sacándoos do seu contexto usual como foi a baralla do Prestige. Unha baralla adaptada das cartas españolas onde as figuras representaban os políticos implicados na catástrofe. Hai unha evocación da baralla que tiña o exército estadounidense cos líderes da resistencia de Sadam Husein na guerra de Iraq.

Os *Spiner* (francotiradores semióticos) traballan con intervencións gráficas e lingüísticas, a miúdo fragmentadas. Pode servirse do material que se atopa durante as imprevisibles incursións no terreo do antagonista nos seus espazos e obxectos. En Europa, é moi usual nos carteis electorais e en EE. UU, nos anuncios de consumo. Moitos carteis ao longo das autoestradas galegas fixéronse eco do acontecemento do Prestige, a maioría das veces criticando ao Goberno.

No *Subvertising* (interferencia cultural) utilízanse textos e imaxes da industria publicitaria para reconstruír anuncios ou campañas publicitarias mediante o distanciamento. Varios

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

carteis presentes nas manifestacións ou en outras actividades, utilizan este método.

O teatro invisible e o *happening* son formas de intervención política que fan do espazo público un escenario totalmente diferente. Ambos sérvense de elementos teatrais. Pero, mentres que o teatro invisible realiza a súa entrada en escena de forma disimulada, no *happening* empréganse préstamos de ámbito teatral. Transfórmase por un momento a gramática cultural do espazo público. En certa medida, tanto o barco pirata Prestige levado por Burla Negra para a manifestación de Madrid como a Carpa solidaria do País de Nunca Máis serían un intento de levar ás rúas unha visión crítica do acontecido. Nas manifestacións de Nunca Máis houbo unha actuación que acudiu a todas as convocatorias. No velorio do mar foi o Neptuno e na manifestación en Madrid encheuse de chapapote. O seu testemuño recóllese na revista da Burla Negra:

..o meu nome carece de importancia...só un máis dos que andaron de manifestación arrastrando como tantos outros un corazón adoecido...

...no velorio que se fixo na praia do orzan pensei que non podía faltar neptuno...poseidón na mitoloxía grega...

...o consello de ministros pecha María pita con geiper-mans para representar o “plan Galicia” e “don esparadrapo” axudoume a pasar o mal trago...

Os *Campaigning* son fetiches mediáticos “sucesos” que determinan la información. O éxito do *campaigning* débese, en última instancia, a que se limita a intervencións puntuais, a curto prazo e “realistas”, nos que se lles fan indicacións de actuación concretas aos telespectadores dos media. A cadea humana do colectivo Area Negra na Costa da Morte podería ser un *campaigning* no que contrapón a forza dos rapaces, do futuro, coa desolación da marea negra do Prestige. Os rapaces compoñían a palabra VIDA: Un suceso creado con menos repercusión mediática foi o espido do colectivo Redes Negras perto da Torre de Hércules. Os corpos dos activistas daban o seu Non á Guerra. Tamén, os primeiros días un grupo de nudistas fixeron un *campaigning* nas praias de Arteixo cheos de chapapote (La Voz de Galicia, 21 de novembro de 2002).

O Gran Carnaval crea a cultura da ambivalencia. Na época do carnaval a cultura do poder perde temporalmente a autoridade ao romper coas regras que establece e pola liberdade vivida na festa. Hai un cambio de xerarquías e de valores vixentes que afastan a xente da orde presente. Non se pretende unha orde mellor, senón levar ao absurdo a normalidade do mundo. Nos Carnavais de Ourense de 2003 e 2004 estivo presente a protesta contra as políticas polo Goberno tralo afundimento do Prestige. No Carnaval de Ourense de 2003, chamábase á xente á “caza da gaivota” e no Carnaval do 2004 facíase unha crítica ao Plan Galicia en referencia aos orzamentos.

Tamén, o grande barco pirata levado pola Plataforma Contra As Redes Negras que levaron á manifestación do 23 de febreiro de 2003 a Madrid entraría dentro do carnaval. Os membros da embarcación eran as caricaturas dos que se consideraban os responsables políticos da catástrofe: Fraga, Álvarez Cascos,. Burla Negra, como xa se explicou nun apartado anterior, recorre á festa como modo de liberación. Esta táctica é utilizada polo movemento antiglobalización no seu proceso de formación /información da conciencia pública a través dos medios de comunicación.

“Así a celebración nas rúas e festiva é expresión dun proxecto alternativo de vida e de sentido, substituíndo coa xovialidade da creatividade e de compartir o espazo público o illamento e a

Discursos e identidades na crise do Prestige distancia das burocracias gobernamentais. (...). Así, a celebración pública é un obxecto en si mesma para o movemento, o valor do goce, pero tamén é unha forma de comunicación aos medios, aportando sons e imaxes interesantes que poidan canalizarse doadamente na linguaxe habitual das noticias e do entretemento” (Castells, 2003).

A maneira máis clara de facer patente a globalización dos movementos antiglobalización é transformar a orixe da idea de transformar os acontecementos globais para desmontar o poder mediante a converxencia nos momentos e lugares cubertos polos medios de comunicación, como expresións do proceso de globalización, e a continuación subverter o contido daqueles creando contramensaxes canalizados pola interferencia das protestas dos activistas. A Plataforma Nunca Máis utilizou en contadas ocasións este recurso. Houbo concentracións coas visitas de Aznar a Galicia e localizadas con algúns acercamentos de Fraga nos días da crise. A expresión máis clara desta converxencia de espazos foi coa entrega das medallas de Galicia, nas que se convocou unha manifestación paralela á entrega dos premios a ministros considerados responsables da catástrofe.



5.2. O DISCURSO MEDIÁTICO NA CRISE DO PRESTIGE

Chega o momento de analizar a construción da realidade feita polos medios de comunicación da crise do Prestige mediante a análise dos contidos dos tres primeiros meses e medio da crise, do 14 de novembro de 2002 ao 27 de febreiro de 2003. En primeiro lugar, analizarase a relevancia atribuída polos media, La Voz de Galicia, El Correo Gallego, El País e ABC, ao suceso, despois a tematización e por último, a actorialización. Neste punto, centrarémonos na análise do actor da protesta: Nunca Máis para coñecer a súa tematización e referenciación. Por último, farase un estudo do enmarcamento da crise por parte de tres medios estranxeiros: Jornal de Notícias, Le Monde e Eleutherotipia durante o mesmo periodo de tempo. Para ter unha visión do re-encadramento co paso do tempo, analízanse os medios de comunicación galegos e españois un ano despois do aniversario da chegada do Prestige ás costas galegas. Asimesmo, para comparar o suceso cun parecido farase un repaso ao publicado por La Voz de Galicia nos primeiros meses do afundimento do Mar Exeo, en 1992.

5.2.1 A relevancia da catástrofe petroleira

Na análise da relevancia da crise do Prestige na prensa hai que ver en primeiro lugar, o número de pezas informativas que publicaron a prensa analizado do 14 de novembro ao 27 de febreiro. Outro parámetro son o número de portadas, a presenza ou non de acompañamento gráfico, a categoría das informacións e as seccións nas que se encadrou a información.

Diarios analizados e unidades informativas							
La Voz de Galicia		El Correo Gallego		El País		ABC	
Total	%	Total	%	Total	%	Total	%
1531	32	1555	33	929	20	753	16
							4768
Elaboración propia							

A cobertura da catástrofe do Prestige foi o maior despliegue mediático que fixeron as empresas de información galegas e estatais sobre Galicia, tanto en intensidade como en duración. Mantívose a pulsión mediática durante meses ao redor da crise medioambiental e política. No estudo analízanse un total de 4768 unidades informativas de catro xornais, dous de ámbito galego, La Voz de Galicia e El Correo Gallego, e dous de ámbito estatal, El País e ABC. Con só un botarlle un ollo á primeira táboa vese que os diarios ubicados en Galicia publicaron máis pezas informativas totais sobre a crise do Prestige dos xornais de tirada estatal. Hai polo tanto un criterio de proximidade nesta decisión dos media.

Cobertura da crise do Prestige por periodos analizados															
La Voz de Galicia								El Correo Gallego							
1ª quenda		2ª quenda		3ª quenda		Total		1ª quenda		2ª quenda		3ª quenda		Total	
478	31%	429	28%	624	41%	1531	100%	478	31%	569	36%	508	33%	1555	100%
El País								ABC							
1ª quenda		2ª quenda		3ª quenda		Total		1ª quenda		2ª quenda		3ª quenda		Total	
383	41%	311	33%	235	25%	929	100%	334	44,4%	244	32,4%	175	23,2%	753	100%

A intensidade informativa foi variando durante o tempo. Nese gráfico vense as quendas de análise propostas nas que se observa unha evolución nas informacións. A primeira quenda vai do 14 de novembro ao 14 de decembro; a segunda do 14 de decembro ao 14 de xaneiro e a última, do 14 de xaneiro ao 27 de febreiro. As dúas primeiras analizan un mes cada unha e a última, un mes e trece días. Cada un destes periodos está marcado por un ou varios fitos que manteñen o interese dos media.

- 1ª quenda. Do 14 de novembro ao 14 de decembro. Da chamada de socorro do Prestige ata a primeira visita de Aznar a Galicia
- 2ª quenda. Do 14 de decembro ao 14 de xaneiro. Este segundo periodo está marcado por protestas de Nunca Máis, a limpeza da praia e unha política de negación do goberno central
- 3ª quenda. Do 15 de xaneiro ao 27 de febreiro. A partir de xaneiro o goberno central comeza unha estratexia de culpabilización de Nunca Máis e reforza a súa estratexia de axudas e subvencións co chamado Plan Galicia que anuncia o propio presidente nunha nova visita a Galicia.

O normal sería que despois do suceso, o afundimento do petroleiro, a atención mediática fose diminuindo. Así aconteceu en El País e ABC mais non nos diarios galegos. El Correo Gallego fai unha maior cobertura do segundo mes de crise. Mentres que La Voz de Galicia mantén a mesma atención mediática nos tres períodos. É dicir, non decae a relevancia do tema na terceira quenda analizada, mantense en niveis similares ás anteriores.

5.2.1.1. A portada dos diarios

Unha das maneiras de destacar ou non unha noticia é darlle lugar na primeira sección do diario, a portada. Na análise estúdase a cobertura durante tres meses e medio, do 14 de novembro de 2002 ao 27 de febreiro de 2003, un total de 103 días analizados, xa que o 25 de decembro e o 1 de xaneiro non se publica prensa. Durante eses días os xornais galegos, La Voz de Galicia e El Correo Gallego, levaron todos os días a noticias ás súas portadas, con 122 noticias en portada e 129, respectivamente. Como se pode ver incluso anunciaron diferentes informacións en portada da crise do Prestige. En cuanto a El País proporcionalmente o global das unidades publicadas polos catro xornais, publicou o 20% do total de pezas no interior. Podemos comparalo coas publicadas na portada, tamén proporcionalmente o conxunto dos catro, que foi o 25% das unidades informativas das portadas, un pouco por enriba.

Portadas publicadas da crise do Prestige polos diarios analizados							
La Voz de Galicia		El Correo Gallego		El País		ABC	
122	29%	129	31%	103	25%	64	15%
Total			418			100%	
Elaboración propia							

Nun estudo no que se compare o espazo informativo dado polos xornais en portada e dentro do diario, volve destacar que proporcionalmente El País deu máis relevancia en portada á información que o resto dos diarios, cun 11% das unidades totais publicadas por el na sección de inicio do xornal e un 89,2% no resto do total das súas noticias. Hai que ter en conta que os diarios galegos duplicaron case en número cada un deles ás pezas informativas dos diarios estatais. Por iso, é lóxico que proporcionalmente dedicaran un % inferior de

portadas, xa que no interior tiñan moitas unidades informativas. Por iso, estes datos non poder deben ser lidos comparativamente, senón diario a diario.

Espazo nas portadas e no interior dos diarios analizados								
	La Voz de Galicia		El Correo Gallego		El País		ABC	
Portada	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%
	122	8	129	8,3	103	11	64	8,5
Interior	1409	92	1426	91,7	826	89	689	91,5
	1531	100%	1555	100%	929	100%	753	100%

Elaboración propia

5.2.1.2. O acompañamento gráfico

Un dos parámetros que indica a relevancia dunha peza informativa é o seu acompañamento cunha imaxe, podendo ser ésta unha fotografía, unha infografía, unha ilustración ou varias das opcións anteriores. Nunha análise do uso ou non da imaxe polos xornais vese unha primacía das informacións con algún tipo de imaxe. É lóxico xa que a crise do Prestige tivo ducias de momentos icónicos como foi o propio afundimento do Prestige, o litoral galego tinguido de negro, os mariñeiros loitando contra o fuel ou a praza do Obradoiro chea de manifestantes. A maioría das informacións, o 54%, teñen algún tipo de elemento gráfico xa sexa unha fotografía, unha infografía, unha ilustración ou varias. O 46% non contan con este tipo de acompañamento. Na táboa compróbase que na maioría das ocasións o acompañamento eran imaxes fotográficas, nun 44% das veces, seguido polas infografías, nun 6%, as fotografías e infografías, nun 2% e as ilustracións, con menos relevancia, con presenza só nun 1,6% das ocasións.

Presenza de imaxe nas informacións analizadas									
Con fotografía		Sen imaxe		Foto e infografía		Infografía		Ilustración	
2106	44%	2191	46%	101	2%	290	6%	80	1,6%

Elaboración propia

Nun estudo máis polo miúdo da presenza ou ausencia de acompañamento gráfico pódese ver que os xornais galegos foron os que máis imaxes incluíron. La Voz de Galicia acompañou ás súas informacións de fotografías, nun 45,8%; de infografías, nun 6,8%; ilustrounas nun 3,2% e combinou fotografías e infografías na mesma información, nun 3,2%. En total, o 59% das pezas teñan acompañamento gráfico fronte ao 40,8% sen ningún tipo de imaxe.

Presenza de imaxes na cobertura da crise do Prestige nos diarios analizados									
	La Voz de Galicia		El Correo Gallego		El País		ABC		
Fotografía	702	45,8%	839	53,9%	273	29,3%	292	38,7%	
Sen imaxe	625	40,8%	642	41,2%	509	54,7%	415	55,1%	
Fotografía e infografía	49	3,2%	17	1,1%	29	3%	6	0,8%	
Infografía	105	6,8%	50	3,2%	95	10%	40	5,3%	
Ilustración	50	3,2%	7	0,45%	23	2%	0	-	
	1531	100%	1555	100%	929	100%	753	100%	

Elaboración propia

En canto a El Correo Gallego, o 53,9% das informacións están acompañadas dunha imaxe, tendo presenza as infografías nun 3,2% das ocasións, as fotografías e infografías, nun 1,1% e as ilustracións nun 0,45%. En total, nun 58,6% das informacións houbo algún tipo de acompañamento gráfico fronte ao 41,2% que non contaron con el. Este foi o diario no que

Discursos e identidades na crise do Prestige maior presenza tiveron as imaxes fotográficas nun 53,9% fronte do 45,8% de La Voz de Galicia; do 29,3% de El País e do 38,7% do ABC. Pola contra, El Correo Gallego foi o diario onde menos presenza tiveron as infografías, cun 3,2% das súas informacións totais.

No diario El País primaron as informacións sen acompañamento gráfico, nun 54,7% dos casos. Pola outra banda, estiveron o 29,3% das información con fotografía; o 10% con infografía; o 3% con fotografía e infografía e o 2% con ilustración. En total, o 45% das informacións tiveron algún tipo de acompañamento gráfico por detrás do xa comentado 54,7% sen ningún tipo de imaxe. Destacar que foi o xornal El País o que maior uso fixo das infografías, unha maneira de axudar ao lector/a a asimilar graficamente información dunha maneira sinxela. Porén foi o que menos imaxes fotográficas publicou só un 29% das súas información tiveron este acompañamento en comparación co 53,9% de El Correo Gallego, do 45,8% de La Voz de Galicia e do 38,7% do ABC.

O diario ABC foi o que menos presenza de imaxes tivo proporcionalmente cun dato de 55,1% de ausencia de acompañamento gráfico. Á hora de incorporar imaxes foron na meirande parte das ocasións, fotografías, nun 38,7% das veces. Moi por detrás, o 5,3% das infografías e o 0,8% da combinación de fotografías e infografías.

5.2.1.3. A categoría das informacións

En canto ao peso das informacións, a meirande parte foron pezas principais na páxina na que se publicaron, no 50% das ocasións, mentres que no 45% foron secundarias e o 5% coprincipais, acompañando a outras informacións. Se a isto engadímoslle que máis da metade tiñan algún acompañamento gráfico, dedúcese a grande relevancia que o tema Prestige tivo para os medios de comunicación impresos.

Relevancia das informacións publicadas da crise do Prestige					
Principal		Coprincipal		Secundaria	
2369	50%	258	5%	2141	45%
Elaboración propia					

Nunha análise por xornais vese como o que proporcionalmente deu máis importancia ás informacións do Prestige foi La Voz de Galicia, cun 52,1% do publicado seguido moi de preto por El Correo Gallego, cun 51,5% do total do diario. Despois foi ABC, cun 46,3% e El País, cun 45,3%. Os diarios galegos publicaron máis informacións principais que secundarias do acontecemento, mentres que nos estatais ocorreu o contrario.

Categoría das informacións da crise do Prestige nos diarios analizados								
	La Voz de Galicia		El Correo Gallego		El País		ABC	
Secundaria	610	40%	699	45%	466	50,1%	365	48,4%
Coprincipal	122	7,9%	55	3,5%	42	4,5%	39	5,2%
Principal	799	52,1%	801	51,5%	421	45,3%	349	46,3%
Total	1531	100%	1555	100%	929	100%	753	100%
Elaboración propia								

5.2.1.4. Os xéneros xornalísticos

A noticia foi o xénero máis usado nun 74% das ocasións, seguido polas reportaxes e crónicas, que son xéneros interpretativos, e apareceron nun 11,4%. O menos recorrente foi a entrevista só nun 2,6% dos casos. Unha primeira visión dos xéneros xornalísticos máis empregados na crise do Prestige amosa que houbo máis información que interpretación ou

opinión na cobertura do acontecemento.

Espazo dos xéneros xornalísticos na crise do Prestige				
Noticias	Reportaxe/crónica	Entrevista	Outros	Portada
74%	11,4%	2,6%	3%	9%
Elaboración propia				

A análise anterior é da totalidade dos diarios analizados. Nun estudo de cada un dos xornais podemos indicar como El Correo Gallego deu máis importancia ás informacións por riba do resto de xéneros, sendo o 89,7% dos seus contidos no interior. Foi o que máis noticias publicou e, en contraposición, o que menos entrevistas e reportaxes dos catro diarios. O ABC das 753 informacións publicadas, o 85,7% foron noticias dedicando un 8,7% do seu espazo a xéneros interpretativos (reportaxe ou a crónica) e xa moi por detrás, o 2,7% á entrevista. Pola súa banda, La Voz de Galicia dedicou o 74,5% do total dos contidos que publicou sobre o Prestige nos meses analizados ás informacións. O diario galego foi un dos diarios que máis espazo deu aos xéneros interpretativos, un 17,6%, xunto a El País. Por detrás foron as entrevistas, nun 3,8%. El País foi o que ofreceu ao seu lector máis interpretación dos acontecementos cun 75% de noticias do total de informacións; un 19,3% de reportaxes e crónicas e un 3,2% de entrevistas.

Espazo dos xéneros xornalísticos na crise do Prestige nos diarios analizados								
	La Voz de Galicia		El Correo Gallego		El País		ABC	
	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%
Noticias	1051	74,5	1280	89,7	621	75	591	85,7
Reportaxe/crónica	248	17,6	82	5,7	160	19,3	60	8,7
Entrevista	54	3,8	27	1,8	27	3,2	19	2,7
Outros	56	3,9	37	2,5	18	2,1	19	2,7
Total interior	1409	100	1426	100	826	100	689	100
Portada	122	-	129	-	103	-	64	-
Total	1531		1555		929		753	
Elaboración propia								

5.2.2. A tematización da crise do Prestige

Como se pode ver na seguinte táboa, a maioría das información tivo un marco político (44%) seguido polo ecolóxico (25%), o económico (10%), o técnico (7%) e o social/humano (6,3%). Pódese extraer unha primeira conclusión: a catástrofe ecolóxica foi enmarcada maioritariamente coma unha crise política nos medios de comunicación.

Marcos da crise do Prestige															
Ecolóxico		Económico		Sen determinar		Político		Sanitario		Social/humano		Técnico		Xudicial	
nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%
1174	25	479	10	102	2,1	2091	44	72	1,5	304	6,3	352	7	194	4
4768															
Elaboración propia															

Nunha análise por diarios de toda a crise, compróbase como todos os diarios, sen excepción, primaron o enfoque político sobre calquera outro. La Voz de Galicia dedicoulle o 40% das súas pezas; El Correo Gallego, o 41% ; El País, o 48,7% e o ABC, o 52%. Son os diarios publicados en Madrid os que máis importancia danlle a este encadramento e entre os

dous, o ABC especialmente, con máis da metade das pezas cun enmarcamento político.

O seguinte tipo de marco en importancia é o ecolóxico para os catro diarios. Son o 26% das unidades informativas de La Voz de Galicia; o 26,4% de El Correo Gallego; o 23% de El País e o 20% de ABC. Por detrás de estes dous marcos está o económico que é terceiro en relevancia para os catro diarios. É o 11% das informacións de La Voz de Galicia; tamén o 11% de El Correo Gallego; o 7,9% de El País e o 8,9% do ABC.

O encadramento técnico no é o cuarto en importancia para todos os diarios. Sí o é para La Voz de Galicia (8,4%), El Correo Gallego (7,7%) e El País (7,1%). Porén para o ABC o cuarto en importancia é o xudicial, cun 5,5%, mentres que o técnico ocupa o 4,7% das súas informacións nun sexto chanzo.

Tipos de marco na cobertura do Prestige								
	La Voz de Galicia		El Correo Gallego		El País		ABC	
	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%
Ecolóxico	399	26	411	26,4	212	23	152	20
Económico	168	11	170	11	74	7,9	67	8,9
Non determinado	37	2,4	30	1,9	20	2,1	15	2
Político	614	40	632	41	453	48,7	392	52
Sanitario	26	1,7	24	1,5	11	1,2	11	1,5
Social/Humano	107	7	109	7	50	5,3	38	5
Técnico	129	8,4	121	7,7	66	7,1	36	4,7
Xudicial	51	3,3	58	3,7	43	4,6	42	5,5
Totais	1531	100	1555	100	929	100	753	100

Elaboración propia

A quinta posición ocúpao o marco social-humano. Supoxo o 7% das informacións de La Voz de Galicia; tamén o 7% para El Correo Gallego, o 5,3% de El País e o 5% de ABC. Despois iría o encadramento xudicial para La Voz de Galicia (3,3%), El Correo Gallego (3,7%) e El País (4,6). Como xa se comentou ABC relegou o encadramento técnico á sexta posición (4,7%). O enmarcamento sanitario foi o menos recurrentes nos catro xornais na crise do Prestige segundo os datos, incluso por detrás do marco non determinado onde se recolleron marcos diversos como os de Comunicación.

O encadramento da crise tivo unha evolución que pode verse na táboa na que se recollen as quendas de análise por diarios. Na primeira quenda de análise, compróbase que os diarios galegos, La Voz de Galicia e El Correo Gallego priorizaron o encadramento ecolóxico nun primeiro momento, cun 37,2% e un 39,5% do total das información deste período, respectivamente. Porén os diarios estatais, El País e ABC, mantiveron durante toda a crise un enfoque político das informacións. Así na primeira etapa foron as pezas con enfoque político foron o 45,6% do total en El País e o 45,5% do ABC. A importancia do enmarcamento político aumenta nos catro diarios a medida que avanza a crise.

No segundo período El Correo Gallego decántase por pouco xa polo encadramento político (34,9%) sobre o ecolóxico (26,5%). La Voz de Galicia segue mantendo a importancia das informacións con enfoque ecolóxico (27,7%) as que chegan a igualar aqueles con

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

encadramento político, tamén cun 27,7%. El País enmarcou toda a crise desde a política, un 45,6% do total das informacións da segunda quenda e un 57,8, da terceira. O mesmo pasa, e con máis forza, no ABC, co 51,2% na segunda etapa e un 65,7% na terceira.

Tipos de marco na cobertura do Prestige analizado por quendas												
	La Voz de Galicia						El Correo Gallego					
	1ª quenda		2ª quenda		3ª quenda		1ª quenda		2ª quenda		3ª quenda	
	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%
Ecolóxico	178	37,2	119	27,7	102	16,3	189	39,5	151	26,5	71	13,9
Económico	33	6,9	72	16,7	63	10	57	11,9	69	12,1	44	8,6
Non determinado	6	1,2	10	2,3	21	3,3	2	0,4	13	2,2	15	2,9
Político	149	31	119	27,7	346	55,4	134	28	199	34,9	299	58,8
Sanitario	10	2	8	1,8	8	1,2	7	1,4	12	2,1	5	0,98
Social/Humano	44	9,2	37	8,6	26	4,1	46	9,6	49	8,6	14	2,7
Técnico	48	10	43	10	38	6	29	6	55	9,6	37	7,2
Xudicial	10	2	21	4,9	20	3,2	14	2,9	21	3,7	23	4,5
Total	478	100	429	100	624	100	478	100	569	100	508	100
	El País						ABC					
	nº		%		nº		%		nº		%	
	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%
Ecolóxico	104	27,1	71	22,8	37	15,7	89	26,6	42	17,2	21	12
Económico	29	7,57	37	11,8	8	3,4	35	10,4	24	9,8	8	4,5
Non determinado	9	2,3	2	0,64	9	3,8	6	1,7	5	2	4	2,2
Político	175	45,6	142	45,6	136	57,8	152	45,5	125	51,2	115	65,7
Sanitario	1	0,2	8	2,5	2	0,8	5	1,5	5	2	1	0,5
Social/Humano	28	7,3	15	4,8	7	2,9	21	6,2	14	5,7	3	1,7
Técnico	24	6,2	24	7,7	18	7,6	11	3,2	15	6,1	10	5,7
Xudicial	13	3,3	12	3,8	18	7,6	15	4,5	14	5,7	13	7,4
Total	383	100	311	100	235	100	334	100	244	100	175	100

Elaboración propia

En contraposición ao ascenso do marco político, está o descenso do ecolóxico. Pode parecer que é lóxico se a contaminación remite mais hai que ter en conta que durante todo o período da análise seguiu chegando petróleo ao litoral galego.

O mesmo acontece co marco social-humano que baixa en importancia da primeira etapa á última analizada. En La Voz de Galicia supuxo na primeira etapa o 9,2% do total do período, baixou na segunda ao 8,6% e na terceira, ao 4,1%. O mesmo acontece en El Correo Gallego, co 9,6% do total da primeira quenda; o 8,6 da segunda e o 2,7% da terceira.

Para ver máis en detalle a evolución dos marcos, a seguinte táboa amosa a porcentaxe que tivo cada quenda en cada un dos marcos. En La Voz de Galicia, a maioría das informacións co enfoque ecolóxico, sanitario, social-humano e técnico publicáronse na primeira etapa. Por número de informacións as económicas e as xudiciais tiveron máis cabida na segunda quenda. Na terceira etapa destacou o enfoque político e o non determinado.

En El Correo Gallego, aconteceu algo parecido. O marco ecolóxico e o social-humano estiveron máis presentes nun primeiro momento. Na segunda quenda, apareceron máis informacións económicas, sanitarias, técnicas e social humanas que nas outras dúas. Foron en número máis as informacións políticas, non determinadas e xudiciais na terceira etapa.

Tipos de marco na cobertura do Prestige por quendas																
	La Voz de Galicia								El Correo Gallego							
	1ª quenda		2ª quenda		3ª quenda		Total		1ª quenda		2ª quenda		3ª quenda		Total	
	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%
Ecolóxico	178	45	119	30	102	25	399	100	189	46	151	37	71	17	411	100
Económico	33	20	72	43	63	37	168	100	57	33	69	40	44	26	170	100
Non determinado	6	16	10	27	21	57	37	100	2	7	13	43	15	50	30	100
Político	149	24	119	20	346	56	614	100	134	21	199	31	299	47	632	100
Sanitario	10	38	8	31	8	31	26	100	7	29	12	50	5	21	24	100
Social/Humano	44	41	37	34	26	24	107	100	46	42	49	45	14	13	109	100
Técnico	48	37	43	33	38	29	129	100	29	24	55	45	37	31	121	100
Xudicial	10	19	21	41	20	39	51	100	14	24	21	36	23	40	58	100
	El País								ABC							
	nº		%		nº		%		nº		%		nº		%	
	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%
Ecolóxico	104	49	71	33	37	17	212	100	89	58	42	28	21	14	152	100
Económico	29	39	37	50	8	11	74	100	35	52	24	36	8	12	67	100
Non determinado	9	45	2	10	9	45	20	100	6	40	5	33	4	27	15	100
Político	175	39	142	31	136	30	453	100	152	38	125	32	115	30	392	100
Sanitario	1	9	8	72	2	18	11	100	5	45	5	45	1	9	11	100
Social/Humano	28	56	15	30	7	14	50	100	21	55	14	37	3	8	38	100
Técnico	24	36	24	36	18	27	66	100	11	30	15	42	10	28	36	100
Xudicial	13	30	12	28	18	42	43	100	15	36	14	33	13	31	42	100

Elaboración propia

En el País, das pezas con marco ecolóxico publicáronse máis no primeiro período, o 49%. Tamén estivo máis presente o social humano nesta etapa. O político mantívose durante todo o período analizado máis ou menos no mesmo ratio de pezas, sendo ao principio da crise onde se lle deu máis espazo.

No ABC hai un comportamento similar. O marco político estivo presente durante toda a crise e foi na primeira quenda onde se atoparon máis pezas tamén porque se publicaron máis que nos outros dous períodos.

5.2.2.1. Os temas máis relevantes

Na táboa pódese observar como o tema máis recorrente foi a actuación do goberno (10,7%) seguido de preto pola situación das mareas e vertidos (9,4%). O seguinte foi a limpeza do litoral, cun 9,1% do total. A actuación do Xunta estivo presente nun 5% a metade da atención mediática que tivo a actuación do goberno central (10,7%). Non moi lonxe o tema das subvencións e axudas económicas aos afectados, presente nun 4,4% das pezas informativas. Moi preto seguíulle o tema dos plans de reactivación económica, cun 4,2%.

O impacto ecolóxico, cun 3,9%, e o impacto social, cun 3,7%, foron os seguintes en importancia xunto, este último co tema da actuación da oposición política, tamén cun 3,7%. Un pouco por detrás, o impacto económico, nun 3,1% das pezas e o custe económico, co 2,2%. Os medios para a limpeza estiveron presentes no 3,04% das pezas informativas.

A tematización da crise do Prestige					
Tema	nº	%	Tema	nº	%
Accidente afundimento	73	1,5	Actuación Nunca Máis	94	1,9
Actuación da tripulación	49	1,02	Xustiza Nunca Máis	9	0,18
Comisións parlamentarias	59	1,2	Outros	381	7,9
Corredor atlántico	24	0,5	Partidos da oposición	180	3,7
Custe económico	105	2,2	Actuación petroleiras	54	1,13
Impacto económico	149	3,1	Políticos xustiza	28	0,58
Plans económicos	202	4,2	Empresa do Prestige	11	0,23
Subvencións económicas	210	4,4	Condicións do Prestige	61	1,27
Plans de emerxencia	50	1,04	Xudicialización Prestige	92	2
Actuación goberno	514	10,7	Prohibición pesca	156	3,27
Goberno alonxamento	58	1,2	Riscos para a saúde	66	1,38
Inspeccións do goberno	2	0,04	Salvamento	27	0,56
Impacto ecolóxico	186	3,9	Selado/ extracción fuel	142	2,9
Medios para a limpeza	145	3,04	Situación mareas / vertido	450	9,4
Limpeza do Prestige	438	9,1	Impacto social	181	3,7
Actuación mariñeiros	27	0,5	Actuación da Xunta	239	5
Normativa transporte	159	3,3	Zonas afectadas	150	3,14
					Total: 4768
Elaboración propia					

Por detrás temas como a actuación de Nunca Máis, accidente do Prestige e posterior afundimento, actuación da tripulación, as comisións parlamentarias, os plans de emerxencia, o alonxamento do barco polo goberno, xudicialización do caso, a actuación das petroleiras, as condicións do buque petroleiro e os riscos para a saúde. Por último e con menos de cincuenta informacións publicadas: a actuación da tripulación, o corredor atlántico, as inspeccións do goberno aos buques, o plan de emerxencia, a actuación dos mariñeiros, a xudicialización de Nunca Máis, a dos políticos, a actuación da empresa dona do Prestige e o salvamento.

Nunha comparativa entre xornais, vense pequenas diferencias respecto a radiografía xeral. A actuación dos goberno foi o tema máis máis importante para La Voz de Galicia (11%), para El País (16%) e para o ABC (12%) respecto ao total das súas informacións. Porén, non o foi para el Correo Gallego (6,6%) que fixo maior cobertura da limpeza do Prestige (10%) ou da situación das mareas e os vertidos (8,6%).

Os temas do marco da crise do Prestige nos diarios																	
Tema	LVG		CG		EP		ABC		Tema	LVG		CG		EP		ABC	
	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%		nº	%	nº	%	nº	%	nº	%
Accidente afundimento	20	1,3	20	1,2	26	2,7	7	0,9	Actuación Nunca Máis	28	1,8	41	2,6	12	1,2	13	1,7
Actuación da tripulación	9	0,5	13	0,8	12	1,2	15	1,9	Xustiza Nunca Máis	5	0,3	2	0,1	2	0,2	0	0
Comisións parlamentarias	11	0,7	19	1,2	18	1,9	11	1,4	Outros	108	7	118	7,5	76	8,1	79	10
Corredor atlántico	13	0,8	6	0,3	2	0,2	3	0,3	Partidos da oposición	41	2,6	65	4,1	32	3,4	42	5,5
Custe económico	37	2,4	32	2	20	2,1	16	2,1	Actuación petroleiras	11	0,7	12	0,7	19	2	12	1,6
Impacto económico	68	4,4	53	3,4	16	1,7	12	1,6	Políticos xustiza	8	0,5	9	0,5	8	0,8	3	0,3
Plans económicos	74	4,8	94	6	15	1,6	19	2,5	Empresa do Prestige	5	0,3	2	0,1	3	0,3	1	0,1
Subvencións económicas	43	2,8	89	5,7	31	3,3	47	6,2	Condicións do Prestige	19	1,2	12	0,7	20	2,1	10	1,3
Plans de emerxencia	19	1,2	14	0,9	11	1,1	6	0,7	Xudicialización Prestige	26	1,6	28	1,8	19	2	19	2,5
Actuación goberno	172	11	103	6,6	148	16	91	12	Prohibición pesca	65	4,2	46	2,9	19	2	26	3,4
Goberno alonxamento	24	1,5	12	0,7	15	1,6	7	0,9	Riscos para a saúde	25	1,6	22	1,4	10	1	9	1,1
Inspeccións do goberno	1	0,1	0	0	0	0	1	0,1	Salvamento	11	0,7	6	0,3	7	0,7	3	0,3
Impacto ecolóxico	78	5	59	3,7	27	2,9	22	2,9	Selado/ extracción fuel	47	3	54	3,4	18	1,9	23	3
Medios para a limpeza	43	2,8	59	3,7	34	3,6	9	1,1	Situación mareas / vertido	147	9,6	135	8,6	98	10	70	9,2
Limpeza do Prestige	148	9,6	161	10	66	7,1	63	8,3	Impacto social	58	3,7	68	4,3	31	3,3	24	3,1
Actuación mariñeiros	7	0,4	11	0,7	7	0,7	2	0,2	Actuación da Xunta	70	4,5	82	5,2	43	4,6	44	5,8
Normativa transporte	45	2,9	44	2,8	40	4,3	30	3,9	Zonas afectadas	43	2,8	64	4,1	29	3,1	14	1,8
									Totais	1531		1555		929		753	
										100%		100%		100%		100%	

Elaboración propia

Os segundos temas en importancia foron a situación das mareas e os vertidos e a limpeza do fuel. A situación das mareas e vertidos foi cuberto por La Voz de Galicia, nun 9,6%; por El Correo Gallego, nun 8,6%; por El País, nun 10%, e por ABC, nun 9,2% das ocasións. Tivo maior relevancia para La Voz de Galicia e para el País. A limpeza do Prestige interesou máis a El Correo Gallego que lle dedicou un 10% das súas pezas informativas. La Voz de Galicia, un 9,6%; El País, un 7,1% e o ABC, un 8,3%. Un tema complementario a este foi se houbo medios de limpeza suficientes ou non. Este tema ocupou o 2,8% das informacións de La Voz de Galicia; o 3,7% de El Correo Gallego; o 3,6% de El País e o 1,1% de ABC.

As informacións sobre o impacto ecolóxico do desastre tiveron relevancia en La Voz de Galicia, nun 5%; el Correo Gallego, nun 3,7% e por detrás, El País, nun 2,9%, e no ABC, tamén cun 2,9%. Foi polo tanto La Voz de Galicia o que máis atención lle prestou. Tamén este medio galego estivo máis preocupado que o resto polo impacto económico do suceso, ao que lle dedicou un 4,4% das informacións; seguiu El Correo Gallego cun 3,4%; El País, cun 1,7% e o ABC, cun 1,6%. En canto ao tema das axudas e subvencións aos afectados e os plans económicos foron máis importantes para El Correo Gallego. O xornal galego dedicoulle aos plans económicos, un 6% do total e as subvencións e axudas, un 5,7%. Pola súa banda, para La Voz de Galicia os plans económicos foron relevantes cun 4,8%; un pouco por diante do tema do impacto económico, 4,4%. Porén, non lle deu tanto espazo ás subvencións e axudas en comparación aos dous anteriores, só un 2,8%. Si que o fixo o ABC, no que o tema das axudas e subvencións ocupou un 6,2% das pezas informativas totais. Para El País nin o

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

impacto económico, cun 1,7%, nin os plans económicos, cun 1,6% foron demasiado destacados. As axudas e subvencións tiveron un pouco máis de atención, un 3,3%.

Outro tema sobre o fuel, foi o selado do barco e extracción deste, ocupou o 3% das informacións de La Voz de Galicia; o 3,4% de El Correo Gallego; o 1,9% de El País e o 3% de o ABC. En canto á normativa do transporte foi máis tratado nos diarios estatais que nos galegos. El País dedicoulle un 4,3% do total das súas pezas informativas mentres que o ABC, o 3,9%. En La Voz de Galicia, o 2,9% e en El Correo Gallego, o 2,8%. A prohibición de pesca foi un tema moi tratado en La Voz de Galicia, cun 4,2%. En El Correo Gallego, tivo un 2,9%; en El País, un 2% e no ABC, un 3,4%.

Destaca tamén como un diario galego como El Correo Gallego e un diario estatal como ABC foron os que máis espazo dedicaron á actuación da oposición. El Correo Gallego publicou informacións con este tema nun 4,1% e o ABC, nun 5,5%. O terceiro que máis importancia lle da é El País, cun 3,4% e o último, La Voz de Galicia, cun 2,6%. A actuación da Xunta tamén destacou máis nestes dous diarios que no resto cun 5,2% en El Correo Gallego e un 5,8%, en ABC. Por detrás, El País, cun 4,6% e La Voz de Galicia, cun 4,5%.

En canto ao impacto social e as zonas afectadas que son dous temas máis locais, tiveron entrada en El Correo Gallego, o primeiro, cun 4,3% e o segundo, cun 4,1%. En La Voz de Galicia, un 3,7% e un 2,8%; en El País, un 3,3% e un 3,1% e no ABC, un 3,1% e un 1,8%.

Podemos ver pois variacións da tematización por xornais. La Voz de Galicia deu prioridade por esta orde a cinco temas: Actuación do goberno (11%), situación das mareas e vertidos (9,7%), limpeza do Prestige (9,4%); outros (8,5%) e o impacto ecolóxico (5,2%).

El Correo Gallego non tematizou a actuación do goberno como o máis importante senon a limpeza do fuel do Prestige (10%). Os outros catro temas máis importantes para el foron: Situación das mareas e vertidos (8,7%); outros (8,4%), a actuación do goberno (6,7%), as axudas e subvencións económicas (5,8%).

El País tamén deu a maior cobertura á actuación do goberno co 15% do seu total. Sendo proporcionalmente o diario que máis importancia lle deu. Logo, á situación das mareas e vertidos (11%), a outros (8,9%), a limpeza do Prestige (7%) e a actuación da Xunta (4,7%).

O ABC tamén publicou a maior parte das súas unidades informativas sobre a actuación do goberno (12%); seguido de temas varios, denominado outros, cun 10,4%. Logo, a situación das mareas e os vertidos, cun 8,85%; a limpeza do fuel do Prestige, dun 8,4% e as subvencións e axudas económicas, cun 5,9%.

5.2.2.1.1. A tematización en La Voz de Galicia

No primeiro periodo analizado os temas máis importantes para La Voz de Galicia foron: a situación das mareas negras e dos vertidos (13%), a actuación do goberno (12%), a limpeza do petróleo do Prestige (9,8%), o impacto ecolóxico (9,6%), o impacto social (5,8%) e os medios de limpeza (3,7%) e a actuación da Xunta (3,5%).

Os temas do marco da crise do Prestige en La Voz de Galicia													
Tema	1º		2º		3º		Tema	1º		2º		3º	
	nº	%	nº	%	nº	%		nº	%	nº	%	nº	%
Accidente afundimento	13	2,7	4	0,9	3	0,4	Actuación Nunca Máis	7	1,4	3	0,7	18	2,8
Actuación da tripulación	1	0,2	7	1,6	1	0,1	Xustiza Nunca Máis	0	0	0	0	5	0,7
Comisións parlamentarias	0	0	3	0,7	8	1,2	Outros	11	2,3	28	6,5	69	11
Corredor atlántico	3	0,6	5	1,1	5	0,7	Partidos da oposición	5	1	5	1,1	31	4,9
Custe económico	8	1,6	14	3,2	15	2,3	Actuación petroleiras	4	0,8	3	0,7	4	0,6
Impacto económico	15	3,1	33	7,7	20	3,1	Políticos xustiza	0	0	2	0,4	6	0,9
Plans económicos	1	0,2	16	3,3	57	9	Empresa do Prestige	1	0,2	0	0	4	0,6
Subvencións económicas	14	2,9	21	4,9	8	1,2	Condições do Prestige	12	2,5	5	1,1	2	0,3
Plans de emerxencia	10	2	6	1,4	3	0,4	Xudicialización Prestige	7	1,4	12	2,8	7	1,1
Actuación goberno	59	12	42	9,8	71	11	Prohibición pesca	10	2	7	1,6	48	7,6
Goberno alonxamento	9	1,8	8	1,8	7	1,1	Riscos para a saúde	10	2	8	1,8	7	1,1
Inspeccións do goberno	0	0	0	0	1	0,1	Salvamento	9	1,8	1	0,2	1	0,1
Impacto ecolóxico	46	9,6	17	3,9	15	2,3	Selado/ extracción fuel	15	3,1	15	3,5	17	2,7
Medios para a limpeza	18	3,7	11	2,5	14	2,2	Situación mareas / vertido	64	13	48	11	35	5,5
Limpeza do Prestige	54	11	41	9,6	53	8,4	Impacto social	28	5,8	17	3,9	13	2
Actuación mariñeiros	1	0,2	6	1,4	0	0	Actuación da Xunta	17	3,5	8	1,8	45	7
Normativa transporte	13	2,7	10	2,3	22	3,5	Zonas afectadas	12	2,5	21	4,9	10	1,5
								477	427		627		
								100%	100%		100%		
Elaboración propia													

Na segunda quenda de unidades analizadas segue destacando a situación das mareas e os vertidos (11%), a actuación do goberno (8%) e a limpeza do Prestige (9,6%). Colle máis forza o tema do impacto económico, ocupando un 7,7% das pezas publicadas de La Voz de Galicia no 2º período mentres que no anterior período só un 3,1%. Así, as axudas económicas soben do 2,9% do anterior período ao 4,9%. A mesma porcentaxe acada o tema das zonas afectadas mentres que o impacto social chega ao 3,9% e o selado e extracción do fuel ao 3,5%.

O terceiro período ten variacións xa que o tema da situación das mareas e os vertidos queda relegado a un posto secundario cun 5,5% das informacións. Débese a que xa non urxe tanto informar sobre a chegada do petróleo ao litoral galego como nos períodos anteriores marcados polas mareas negras. Mais nesta época seguen chegando polución ás costas vasca e francesa. Pasa, entón, a actuación do goberno a un primeiro posto, cun 11%. Por detrás a limpeza do Prestige que segue como un dos temas de cabeza, cun 8,4%. Un dos temas que non tratara demasiado La Voz de Galicia foran os plans económicos anunciados polos gobernos central e autonómico para paliar a catástrofe. No primeiro período de análise, nun 0,2% e no segundo, nun 3,3%. Agora posícionao en terceira posición, cun 9% das informacións, debido á forte promoción política do chamado Plan Galicia que se anuncia nesta época. Por detrás, tamén aparece con forza a prohibición de pesca, cun 7,6%, en anteriores períodos, só un 2,2% e un 1,6%. Este é un dos temas que destaca en La Voz de Galicia por riba dos outros diarios. Por último, destacar que son tratados os temas de a actuación da Xunta, cun 7%, e dos partidos de oposición, nun 4,9%.

Os temas do marco da crise do Prestige en La Voz de Galicia																	
Tema	1º		2º		3º		Total		Tema	1º		2º		3º		Total	
	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%		nº	%	nº	%	nº	%	nº	%
Accidente afundimento	13	65	4	20	3	15	20	100	Actuación Nunca Máis	7	25	3	11	18	64	28	100
Actuación da tripulación	1	-	7	-	1	-	9	100	Xustiza Nunca Máis	0	-	0	-	5	-	5	100
Comisións parlamentarias	0	-	3	-	8	-	11	100	Outros	11	10	28	26	69	64	108	100
Corredor atlántico	3	-	5	-	5	-	13	100	Partidos da oposición	5	12	5	12	31	76	41	100
Custe económico	8	22	14	38	15	40	37	100	Actuación petroleiras	4	36	3	27	4	36	11	100
Impacto económico	15	22	33	48	20	29	68	100	Políticos xustiza	0	-	2	-	6	-	8	100
Plans económicos	1	1	16	21	57	77	74	100	Empresa do Prestige	1	-	0	-	4	-	5	100
Subvencións económicas	14	32	21	49	8	19	43	100	Condicións do Prestige	12	63	5	26	2	11	19	100
Plans de emerxencia	10	53	6	32	3	15	19	100	Xudicialización Prestige	7	27	12	46	7	27	26	100
Actuación goberno	59	34	42	24	71	41	172	100	Prohibición pesca	10	15	7	11	48	74	65	100
Goberno alonxamento	9	37	8	33	7	29	24	100	Riscos para a saúde	10	40	8	32	7	28	25	100
Inspeccións do goberno	0	-	0	-	1	-	1	100	Salvamento	9	-	1	-	1	-	11	100
Impacto ecolóxico	46	59	17	22	15	19	78	100	Selado/ extracción fuel	15	32	15	32	17	36	47	100
Medios para a limpeza	18	42	11	25	14	32	43	100	Situación mareas / vertido	64	44	48	33	35	23	147	100
Limpeza do Prestige	54	36	41	28	53	36	148	100	Impacto social	28	48	17	29	13	22	58	100
Actuación mariñeiros	1	-	6	-	0	-	7	100	Actuación da Xunta	17	24	8	11	45	64	70	100
Normativa transporte	13	29	10	22	22	49	45	100	Zonas afectadas	12	27	21	49	10	23	43	100
Elaboración propia																	

Nesta táboa pódese ver a evolución que teñen os temas durante os dous meses e medio analizados. Como, por exemplo, o tema do accidente e o afundimento tivo máis presenza na primeira época, coincidindo co feito en sí. Ou como o custe económico gañou protagonismo pouco a pouco, sendo no terceiro período (40%) no que se rexistran máis unidades informativas sobre este tema. O mesmo acontece co tema dos plans económicos que chega ao 77% das pezas informativas sobre este tema nesta época. En cambio, as subvencións e axudas económicas ten presenza na primeira queda analizada (32%), máis é na segunda na que máis aparece (49%) e acaba por esmorecer na terceira polo auxe do tema dos plans económicos.

Na primeira etapa é na que máis destacan as informacións sobre as consecuencias inmediatas do afundimento como pode ser o impacto ecolóxico, a limpeza da polución e os medios para facelo e a situación das mareas e dos vertidos. Así como dos temas sobre as posibles causas como as condicións nas que se encontraba o petroleiro Prestige (63%). Chama a atención que o tema da normativa do transporte en La Voz de Galicia tivo máis repercusión no terceiro período analizado (49%) e non no primeiro como pasou co resto dos diarios.

É neste terceiro período onde tamén teñen máis peso temas como a actuación dos partidos da oposición (76%), a prohibición de pesca (74%) e a actuación da Xunta (64%).

5.2.2.1.2. A tematización en El Correo Gallego

Pola súa banda, el Correo Gallego destacou no primeiro período polo tema da limpeza do petróleo do Prestige (12%). A pouca distancia, a situación das mareas e dos vertidos (12%).

En terceiro lugar, préstalle atención ás subvencións e axudas aos afectados (7,5%). Logo, veñen as informacións do impacto social (6,8%), as zonas afectadas (6%) e o impacto ecolóxico tamén un 6%; a actuación do goberno (5,2%) e os medios para a limpeza (4,8%).

Os temas do marco da crise do Prestige en El Correo Gallego													
Tema	1º		2º		3º		Tema	1º		2º		3º	
	nº	%	nº	%	nº	%		nº	%	nº	%	nº	%
Accidente afundimento	17	3,5	3	0,5	0	-	Actuación Nunca Máis	4	0,8	18	3,1	19	3,7
Actuación da tripulación	0	-	9	1,5	4	0,7	Xustiza Nunca Máis	-	-	-	-	2	100
Comisións parlamentarias	1	0,2	8	1,4	10	1,9	Outros	14	2,9	45	7,9	59	11
Corredor atlántico	5	1	1	0,1	0	-	Partidos da oposición	15	3,1	23	4	27	5,3
Custe económico	9	1,8	13	2,2	10	1,9	Actuación petroleiras	5	1	3	0,5	4	0,7
Impacto económico	16	3,3	23	4	14	2,7	Políticos xustiza	1	0,2	1	0,1	7	1,3
Plans económicos	6	1,2	29	5	59	11	Empresa do Prestige	1	0,2	1	0,1	0	-
Subvencións económicas	36	7,5	29	5	24	4,7	Condições do Prestige	10	2	1	0,1	1	0,1
Plans de emerxencia	6	1,2	6	1	2	0,3	Xudicialización Prestige	8	1,6	8	1,4	12	2,3
Actuación goberno	25	5,2	42	7,3	36	7	Prohibición pesca	4	0,8	6	1	36	7
Goberno alonxamento	5	1	5	0,8	2	0,3	Riscos para a saúde	6	1,2	10	1,7	6	1,1
Inspeccións do goberno	0	-	0	-	0	-	Salvamento	4	0,8	2	0,3	0	-
Impacto ecolóxico	29	6	16	2,8	14		Selado/ extracción fuel	5	1	25	4,3	24	4,7
Medios para a limpeza	23	4,8	26	4,5	10	1,9	Situación mareas / vertidos	58	12	60	10	17	3,3
Limpeza do Prestige	62	12	68	12	31	6	Impacto social	33	6,8	26	4,5	9	1,7
Actuación mariñeiros	3	0,6	7	1,2	1	0,1	Actuación da Xunta	18	3,7	20	3,5	44	8,6
Normativa transporte	21	4,3	11	1,9	12	2,3	Zonas afectadas	29	6	25	4,3	10	1,9
								479		569		507	
								100		100		100	

Elaboración propia

Na segunda quenda de noticias analizadas segue como tema máis tratado a limpeza do fuel do Prestige (12%) e como segundo, a situación das mareas e os vertidos (10%). Despois da categorización outros temas (7,9%), aparece a actuación do goberno (7,3) que ascende en importancia a unha cuarta posición da sétima do primeiro período. Por detrás, as subvencións e axudas económicas a afectados (5%), os medios de limpeza do Prestige (4,5%) e o as informacións sobre o impacto social (4,5%). Asímanse os plans económicos (5%) e o selado e extracción de fuel (4,3%).

No terceiro período, a categorización outros temas é na que se situaron máis unidades informativas de El Correo Gallego, o 11% xunto cos plans económicos, co mesmo 11%. A actuación da Xunta está en terceira posición, cun 8,6% e síguese a actuación do goberno, cun 7% e a limpeza do Prestige, cun 6%. Ao igual que, coma no caso de La Voz de Galicia, un dos máis tratados é a prohibición de pesca, cun 7%. Por último, os temas dos partidos da oposición (5,3%) e do selado e extracción (4,7%).

Os temas do marco da crise do Prestige en El Correo Gallego																	
Tema	1°		2°		3°		Total		Tema	1°		2°		3°		Total	
	n°	%	n°	%	n°	%	n°	%		n°	%	n°	%	n°	%	n°	%
Accidente afundimento	17	85	3	15	0	-	20	100	Actuación Nunca Máis	4	9	18	44	19	46	41	100
Actuación da tripulación	0	-	9	-	4	-	13	100	Xustiza Nunca Máis	-	-	-	-	2	-	2	100
Comisións parlamentarias	1	5	8	42	10	53	19	100	Outros	14	12	45	38	59	50	118	100
Corredor atlántico	5	-	1	-	0	-	6	100	Partidos da oposición	15	23	23	35	27	41	65	100
Custe económico	9	28	13	40	10	31	32	100	Actuación petroleiras	5	-	3	-	4	-	12	100
Impacto económico	16	30	23	43	14	26	53	100	Políticos xustiza	1	-	1	-	7	-	9	100
Plans económicos	6	6	29	31	59	63	94	100	Empresa do Prestige	1	-	1	-	0	-	2	100
Subvencións económicas	36	40	29	32	24	27	89	100	Condições do Prestige	10	83	1	8	1	8	12	100
Plans de emerxencia	6	-	6	-	2	-	14	100	Xudicialización Prestige	8	28	8	28	12	43	28	100
Actuación goberno	25	24	42	41	36	35	103	100	Prohibición pesca	4	8	6	1	36	92	46	100
Goberno alonxamento	5	-	5	-	2	-	12	100	Riscos para a saúde	6	27	10	45	6	27	22	100
Inspeccións do goberno	0	-	0	-	0	-	0	100	Salvamento	4	-	2	-	0	-	6	100
Impacto ecolóxico	29	49	16	27	14	24	59	100	Selado/ extracción fuel	5	9	25	46	24	44	54	100
Medios para a limpeza	23	39	26	44	10	17	59	100	Situación mareas / vertidos	58	43	60	44	17	12	135	100
Limpeza do Prestige	62	38	68	42	31	19	161	100	Impacto social	33	48	26	38	9	13	68	100
Actuación mariñeiros	3	-	7	-	1	-	11	100	Actuación da Xunta	18	22	20	24	44	53	82	100
Normativa transporte	21	48	11	25	12	27	44	100	Zonas afectadas	29	45	25	39	10	15	64	100

Elaboración propia

5.2.2.1.3. A tematización en El País

En canto a El País, na primeira etapa estudada o tema que máis apareceu foi a actuación do goberno (18,2%) seguido pola situación das mareas (12%) e a normativa do transporte (8,3%). Por detrás, a limpeza do petróleo do Prestige (7%), Outros (5,44%) e o informacións sobre o impacto social (4,6%).

No segundo período seguiu coas unidades informativas sobre a actuación do goberno como as máis numerosas, cun 14% e tamén deixando a segunda posición, outra vez, á situación das mareas e os vertidos, cun 12, 2%. En terceira posición as noticias sobre a tarefas de limpeza do Prestige (9%). Outros temas varios (6,7%) e os medios da limpeza (5,4%) ocuparon a cuarta e quinta posicións.

Na terceira quenda volveu encabezar o tema da actuación do goberno (14%) seguido da actuación da Xunta (7,6%). Logo xa temas como a situación das mareas e os vertidos (5,1%) e a limpeza do Prestige (4,6%). Volvendo na quinta posición aos partidos da oposición e a actuación de Nunca Máis, cada un cun 4,2%.

Discursos e identidades na crise do Prestige

Os temas do marco da crise do Prestige en El País													
Tema	1º		2º		3º		Tema	1º		2º		3º	
	nº	%	nº	%	nº	%		nº	%	nº	%	nº	%
Accidente afundimento	15	3,9	2	0,6	9	3,8	Actuación Nunca Máis	1	0,2	1	0,3	10	4,2
Actuación da tripulación	2	0,5	3	0,9	7	2,9	Xustiza Nunca Máis	0	-	0	-	2	0,8
Comisións parlamentarias	1	0,2	8	2,5	9	3,8	Outros	21	5,4	21	6,7	34	14
Corredor atlántico	1	0,2	1	0,3	0	-	Partidos da oposición	10	2,6	12	3,8	10	4,2
Custe económico	9	2,3	7	2,2	4	1,7	Actuación petroleiras	12	3,1	2	0,6	5	2,1
Impacto económico	2	0,5	10	3,2	4	1,7	Políticos xustiza	1	0,2	2	0,6	5	2,1
Plans económicos	3	0,7	6	1,9	6	2,5	Empresa do Prestige	1	0,2	1	0,3	1	0,4
Subvencións económicas	12	3,1	15	4,8	4	1,7	Condicións do Prestige	10	2,6	4	1,2	6	2,5
Plans de emerxencia	7	1,8	2	0,6	2	0,8	Xudicialización Prestige	8	2	5	1,6	6	2,5
Actuación goberno	70	18,2	44	14	34	14	Prohibición pesca	2	0,5	10	3,2	7	2,9
Goberno alonxamento	7	1,8	6	1,9	2	0,8	Riscos para a saúde	1	0,2	7	2,2	2	0,8
Inspeccións do goberno	0	-	0	-	0	-	Salvamento	3	0,7	1	0,3	3	1,2
Impacto ecolóxico	14	3,6	9	2,8	4	1,7	Selado/ extracción fuel	4	1	9	2,8	5	2,1
Medios para a limpeza	14	3,6	17	5,4	3	1,2	Situación mareas / vertido	48	12	38	12,2	12	5,1
Limpeza do Prestige	27	7	28	9	11	4,6	Impacto social	18	4,6	10	3,2	3	1,2
Actuación mariñeiros	2	0,5	3	0,9	2	0,8	Actuación da Xunta	14	3,6	11	3,5	18	7,6
Normativa transporte	32	8,3	6	1,9	2	0,8	Zonas afectadas	9	2,3	13	4,1	7	2,9
								383		311		235	
								100		100		100	
Elaboración propia													

Por número de información sobre un tema, a actuación do goberno tivo máis peso na primeira quenda con 70 pezas informativa,s o 47% do total. O mesmo acontece coa situación das mareas e os vertidos que recibe máis atención no primeiro período co 49% do total deste tema. A limpeza das consecuencias do Prestige e os medios entraron máis na segunda etapa. Por último, sinalar que a actuación de Nunca Máis na terceira.

Os temas do marco da crise do Prestige en El País																	
Tema	1º		2º		3º		Total	Tema	1º		2º		3º		Total		
	nº	%	nº	%	nº	%			nº	%	nº	%	nº	%		nº	%
Accidente afundimento	15	57	2	8	9	34	26	100	Actuación Nunca Máis	1	-	1	-	10	-	12	100
Actuación da tripulación	2	-	3	-	7	-	12	100	Xustiza Nunca Máis	0	-	0	-	2	-	2	100
Comisións parlamentarias	1	5	8	44	9	50	18	100	Outros	21	28	21	28	34	44	76	100
Corredor atlántico	1	-	1	-	0	-	2	100	Partidos da oposición	10	31	12	37	10	31	32	100
Custe económico	9	45	7	35	4	20	20	100	Actuación petroleiras	12	63	2	11	5	26	19	100
Impacto económico	2	12	10	62	4	25	16	100	Políticos xustiza	1	-	2	-	5	-	8	100
Plans económicos	3	-	6	-	6	-	15	100	Empresa do Prestige	1	-	1	-	1	-	3	100
Subvencións económicas	12	39	15	48	4	13	31	100	Condicións do Prestige	10	50	4	20	6	30	20	100
Plans de emerxencia	7	-	2	-	2	-	11	100	Xudicialización Prestige	8	42	5	26	6	31	19	100

Actuación goberno	70	47	44	30	34	23	148	100	Prohibición pesca	2	10	10	52	7	37	19	100
Goberno alonxamento	7	-	6	-	2	-	15	100	Riscos para a saúde	1	-	7	-	2	-	10	100
Inspeccións do goberno	0	-	0	-	0	-	0	100	Salvamento	3	-	1	-	3	-	7	100
Impacto ecolóxico	14	52	9	33	4	15	27	100	Selado/ extracción fuel	4	22	9	50	5	28	18	100
Medios para a limpeza	14	41	17	50	3	9	34	100	Situación mareas / vertido	48	49	38	39	12	12	98	100
Limpeza do Prestige	27	41	28	42	11	17	66	100	Impacto social	18	58	10	32	3	10	31	100
Actuación mariñeiros	2	-	3	-	2	-	7	100	Actuación da Xunta	14	32	11	25	18	42	43	100
Normativa transporte	32	80	6	15	2	5	40	100	Zonas afectadas	9	31	13	45	7	24	29	100
Elaboración propia																	

5.2.2.1.4. A tematización en ABC

O diario ABC prestoulle a maior atención mediática no primeiro período analizado á actuación do goberno (13%), logo a situación das mareas e vertidos (12%) e a limpeza do fuel do Prestige (9,8%). En cuarta posición á normativa de transporte (7,1%) e en quinta, as subvencións e axudas aos afectados (6,5%). Na segunda etapa tiveron igual importancia o tema da actuación do goberno (11%) e outros (11%), compartindo ámbolos dous a primeira posición. A segunda foi para as subvencións e axudas aos afectados (9%) e a situación das mareas (8,6%). O quinto posto para a limpeza do fuel do Prestige (7,7%).

Os temas do marco da crise do Prestige no ABC													
Tema	1º		2º		3º		Tema	1º		2º		3º	
	nº	%	nº	%	nº	%		nº	%	nº	%	nº	%
Accidente afundimento	5	1,4	2	0,8	0	-	Actuación Nunca Máis	1	0,2	6	2,4	6	3,4
Actuación da tripulación	9	2,6	4	1,6	2	1,1	Xustiza Nunca Máis	0	-	0	-	0	-
Comisións parlamentarias	1	0,2	6	2,4	4	2,2	Outros	18	5,3	28	11	33	19
Corredor atlántico	1	0,2	2	0,8	0	-	Partidos da oposición	18	5,3	13	5,3	11	6,2
Custe económico	3	0,8	8	3,2	5	2,8	Actuación petroleiras	9	2,6	2	0,8	1	0,5
Impacto económico	6	1,7	3	1,2	3	1,7	Políticos xustiza	1	0,2	1	0,4	1	0,5
Plans económicos	1	0,2	3	1,2	15	8,5	Empresa do Prestige	1	0,2	0	-	0	-
Subvencións económicas	22	6,5	22	9	3	1,7	Condições do Prestige	9	2,6	1	0,4	0	-
Plans de emerxencia	4	1,1	2	0,8	0	-	Xudicialización Prestige	7	2	9	3,6	3	1,7
Actuación goberno	45	13	27	11	19	10	Prohibición pesca	2	0,5	13	5,3	11	6,2
Goberno alonxamento	3	0,8	3	1,2	1	0,5	Riscos para a saúde	4	1,1	4	1,6	1	0,5
Inspeccións do goberno	1	0,2	0	-	0	--	Salvamento	3	0,8	0	-	0	-
Impacto ecolóxico	18	5,3	3	1,2	1	0,5	Selado/ extracción fuel	4	1,1	9	3,6	10	5,7
Medios para a limpeza	5	1,4	4	1,6	0	-	Situación mareas / vertido	40	12	21	8,6	9	5,1
Limpeza do Prestige	33	9,8	19	7,7	11	6,2	Impacto social	14	4,1	8	3,2	2	1,1
Actuación mariñeiros	1	0,2	0	-	1	0,5	Actuación da Xunta	15	4,4	11	4,5	18	10
Normativa transporte	24	7,1	4	1,6	2	1,1	Zonas afectadas	6	1,7	6	2,4	2	1,1
								334		244		175	
								100		100		100	
Elaboración propia													

As últimas unidades informativas analizadas do ABC trataban na maioría dos casos sobre varios temas (Outros, 19%), seguido polo tema da actuación do goberno (10,5%) á par coa actuación da Xunta (10%). En cuarto lugar, os plans económicos (8,5%) . O quinto posto está compartido por tres temas: a limpeza do Prestige (6,2%), a actuación dos partidos de oposición (6,2%) e a prohibición de pesca (6,2%). Nesta etapa tamén informouse sobre o selado e extracción do fuel, cun 5,7%.

Os temas do marco da crise do Prestige no ABC																	
Tema	1°		2°		3°		Total		Tema	1°		2°		3°		Total	
	n°	%	n°	%	n°	%	n°	%		n°	%	n°	%	n°	%	n°	%
Accidente afundimento	5	-	2	-	0	-	7	100	Actuación Nunca Máis	1	-	6	-	6	-	13	100
Actuación da tripulación	9	-	4	-	2	-	15	100	Xustiza Nunca Máis	0	-	0	-	0	-	0	100
Comisións parlamentarias	1	-	6	-	4	-	11	100	Outros	18	23	28	35	33	42	79	100
Corredor atlántico	1	-	2	-	0	-	3	100	Partidos da oposición	18	43	13	31	11	26	42	100
Custe económico	3	18	8	50	5	31	16	100	Actuación petroleiras	9	-	2	-	1	-	12	100
Impacto económico	6	-	3	-	3	-	12	100	Políticos xustiza	1	-	1	-	1	-	3	100
Plans económicos	1	5	3	15	15	79	19	100	Empresa do Prestige	1	-	0	-	0	-	1	100
Subvencións económicas	22	47	22	47	3	6	47	100	Condições do Prestige	9	-	1	-	0	-	10	100
Plans de emerxencia	4	-	2	-	0	-	6	100	Xudicialización Prestige	7	37	9	47	3	16	19	100
Actuación goberno	45	49	27	30	19	21	91	100	Prohibición pesca	2	7	13	50	11	42	26	100
Goberno alonxamento	3	-	3	-	1	-	7	100	Riscos para a saúde	4	-	4	-	1	-	9	100
Inspeccións do goberno	1	-	0	-	0	-	1	100	Salvamento	3	-	0	-	0	-	3	100
Impacto ecolóxico	18	82	3	13	1	4	22	100	Selado/ extracción fuel	4	17	9	39	10	43	23	100
Medios para a limpeza	5	-	4	-	0	-	9	100	Situación mareas / vertido	40	57	21	30	9	13	70	100
Limpeza do Prestige	33	52	19	30	11	17	63	100	Impacto social	14	58	8	33	2	8	24	100
Actuación mariñeiros	1	-	0	-	1	-	2	100	Actuación da Xunta	15	34	11	25	18	41	44	100
Normativa transporte	24	80	4	13	2	7	30	100	Zonas afectadas	6	-	6	-	2	-	14	100

Elaboración propia

En canto ao número de pezas informativas por quendas, no tema da actuación do goberno houbo máis información no primeiro período o que contrasta coa dinámica doutros diarios. Porén, a actuación do goberno tivo máis pezas informativas na terceira etapa. Como é lóxico, a situación das mareas e vertidos, a limpeza do Prestige, a normativa do transporte e o impacto ecolóxico tiveron máis forza ao principio e o selado e extracción do fuel na segunda etapa.

5.2.2.2. A tematización en portada

Os diarios levan nas súas portadas as informacións que consideran máis relevante da xornada anterior. Neste apartado farase un repaso das portadas dos diarios publicadas sobre os acontecementos máis significativos da crise do Prestige.

La Voz de Galicia foi o primeiro xornal en darlle importancia á aparición do Prestige a deriva nas costas galegas. Desde o día do S.O.S, o 13 de novembro de 2002, comeza a prestarlle moita atención mediática. O 14 de novembro, o xornal galego publica 13 noticias

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

sobre o suceso, o 59% das informacións publicadas entre os catro; mentres que o outro xornal galego, El Correo Gallego, só seis, o 27%. Os diarios estatais danlle só dúas noticias, El País (9%), e o ABC, só unha que é o 5% do total analizado esa xornada.

Ese día La Voz de Galicia, El Correo Gallego e El País adiantan a información nas súas portadas, sendo unha noticia principal no caso dos xornais galegos e secundaria, do de Madrid. Chama a atención que as informacións publicadas polos dous xornais galegos son alarmistas e presaxian o que logo aconteceu, a maior catástrofe ecolóxica de España.

LVG: “Un petrolero a la deriva amenaza a Galicia con otra gran marea”

CG: “Un petrolero, a punto de provocar la mayor catástrofe ecológica de Galicia”

El País: “El temporal causa tres muertos y deja un petrolero a la deriva frente a Galicia”.

Interior de ABC: “Amenaza de marea negra frente a las costas de Finisterre por el naufragio de un petrolero”.

Contrasta a visión de emerxencia social dos xornais galegos coa máis tranquilizadora do ABC nos días seguintes. O 15 de novembro publica en portada: “Seis remolcadores y una fragata de la Armada alejan de la costa gallega el peligro de la marea negra”.

O 17 de novembro de 2002 no que comeza a chegar a marea negra á Costa da Morte, todos os diarios abren en portada con esta información:

LVG: “La marea negra afecta ya a gran parte de la costa coruñesa”

CG: “Marea negra”

El País: “La mancha de petróleo amenaza con causar un desastre ecológico en Galicia”

ABC: “La marea negra del Prestige amenaza con arruinar los bancos de marisco gallegos”

Imos analizar o uso da linguaxe, para La Voz de Galicia, “la marea afecta ya” mentres que para os diarios estatais: “amenaza”. A maneira de titular de El País e ABC é máis ambigua non se entende se non chegou ás costas aínda o fuel e polo tanto é unha ameaza ou se queren dicir que chegou e agora haberá que avaliar se é un desastre ecolóxico e cantos bancos de mariscos desaparecen. No interior, La Voz de Galicia sinala: “La marea negra se extiende de Fisterre a Arteixo”. Na mesma liña é o titular da noticia principal do interior de El Correo Gallego: “La marea negra del 'Prestige' afecta a 80 kilómetros de costa”. El País xa no interior titula: “El fuel alcanza la costa de Galicia” e ABC: “La marea negra del "Prestige" se salta todas las barreras y alcanza la Costa de la Muerte”.

Outro día dos que destacan no periplo do Prestige antes de afondir é a súa entrada en augas portuguesas que os xornais deberían recoller o 19 de novembro. La Voz de Galicia publica en portada: “El rumbo errático del <<Prestige>> pone en peligro las Rías Baixas”. No interior trata o tema, sendo o diario que o destaca máis dos analizados: “Portugal deniega el permiso para que el "Prestige" ataque en sus puertos”. El Correo Gallego abre con que “La marea puede llegar a todas las rías” e non aparece a información sobre Portugal. Destaca tamén a ausencia sobre este tema por parte de El País o 19 de novembro que abre en portada coas mareas negras (“La mancha de fuel amenaza las rías de Noia y Arousa”) aparecen no interior as axudas da Xunta polas perdas dos mariñeiros (“La Xunta fija en 30 euros diarios las ayudas a los marineros afectados por el vertido del Prestige”) e unha reportaxe de carácter social/humano (“Para estas Navidades, carbón líquido”). O ABC abre coas mareas negras en portada (“Otra gigantesca mancha de fuel amenaza ahora la riqueza ecológica y pesquera de las Rías Bajas gallegas”), porén recolle a información de que o barco está en augas

Discursos e identidades na crise do Prestige portuguesas nunha noticia secundaria (“El barco, en una zona bajo control portugués”). Tamén ese día refírese ao tema das axudas como unha noticia principal: “La Xunta arbitra ayudas de hasta novecientos euros al mes para los trabajadores”.

O día do afundimento é no que publican máis novas desta etapa os catro xornais, aínda que o ABC segue moi por detrás dos outros tres. Pola outra banda, el País aumenta considerablemente as informacións pasando a publicar unhas doce noticias que son máis do dobre que en xornadas anteriores. As portadas dos xornais dese día son:

LVG: “El "Prestige" se hunde y lanza otra marea negra hacia Galicia”

CG: “El "Prestige" se hunde con 65.000 toneladas de fuel”

El País: “El 'Prestige' se hunde a 250 kilómetros de Galicia”

ABC: “Una bomba de relojería bajo el mar”

La Voz de Galicia é o diario que estes días vai facer maior seguimento das mareas negras e polo tanto das consecuencias ecolóxicas do suceso no litoral galego. O mesmo día do afundimento xa destaca que, ademais de afundir, o barco manda outra marea negra. Pola outra banda, o ABC cun espectacular titular de portada: “Una bomba de relojería bajo el mar” deixa en suspenso se haberá consecuencias ou non co afundimento.

Ao día seguinte ao afundimento do Prestige, o número de informacións entre La Voz de Galicia, El Correo Gallego e El País é máis parello. O ABC case dobra o número de informacións en dez no que se manterá os días seguintes. O foco informativo está na chegada dunha nova marea negra que vai en todas as portadas. Os titulares de portada pasan do pesimismo de La Voz de Galicia con “las peores previsiones” ao optimismo de El Correo Gallego pasando pola crítica de El País á falta de medios de limpeza da marea.

LVG: “El temporal empuja una marea negra que desborda las peores previsiones”

CG: “Los vientos pueden salvar a las Rías Baixas”

El País: “Los equipos de rescate carecen de barcos para atajar la mancha de fuel”

ABC: “Vientos de cien kilómetros empujan otra mancha del "Prestige" a las costas gallegas”

O día 22 de novembro a atención mediática segue a centrarse no avance da mancha cara as Rías Baixas e na evolución da catástrofe ecolóxica. La Voz de Galicia sinala: “Primeras bolsas de fuel en el lugar donde se hundió el "Prestige". El Correo Gallego segue centrándose nas Rías Baixas coma o día anterior co titular a noticia da portada: “Alerta roja: el fuel navega hacia las Rías Baixas” El País abre o xornal con “Los expertos creen que el fuel vertido por el 'Prestige' dobla la cifra oficial”. Polo tanto segue cunha liña crítica ao goberno. O ABC céntrase en que “La marea negra del Prestige afecta ya al norte de las Rías Bajas”.

A novidade informativa da xornada está na visita de Fraga ao litoral onde anuncia axudas na cofraría de Caión. La Voz de Galicia recolle as palabras de Fraga no interior do xornal: “Manuel Fraga: "Yo vengo con dinero en la mano y otros vienen a hablar". Para El Correo Gallego, “la Xunta palía la tragedia con sesenta millones de euros”. El País publica unha noticia co título: “Fraga visita por primera vez la zona afectada y dice que "todo se va a arreglar". Pola contra, a información das axudas non se recolle polo ABC ese día.

Data publicación	Acontecementos principais	La Voz de Galicia		El Correo Gallego		El País		ABC	
21/11/2002	Chegan manchas negras ás costas	16	28%	17	30%	14	25%	10	17%
22/11/2002	Fraga anuncia axudas aos afectados	14	29%	14	29%	11	22%	10	20%
24/11/2002	Chegan os primeiros voluntarios	19	40%	14	29%	6	12%	9	19%
01/12/2002	Avanza a 2ª marea	22	38%	15	26%	7	12%	14	24%

La Voz de Galicia fai un despliegue informativo moi denso o 24 de novembro da crise ecolóxica con 19 informacións que é superior en número ao resto de xornais. O diario galego abre en portada co titular: “Nuevos vertidos de fuel sitúan a Galicia ante el peor de los escenarios”. Outras informacións que recolle son a negación de Rajoy da palabra “marea negra”, a chegada dos voluntarios e o caos organizativo e as críticas da oposición a Fraga pola súa ausencia na crise. O marco da situación das mareas tamén abre o xornal El Correo Gallego este día: “Se acerca otra marea negra aún más grave” que contrasta co do día anterior referido ás subvencións económicas: “1200 euros ao mes”. Neste día tamén recolle a chegada dos voluntarios: “Voluntarios de toda España se suman a la limpieza de las playas”. El País segue destacando en portada o marco de falta de medios de limpeza: “El fuel se amontona en la costa ante la falta de medios para su limpieza”. No interior segue coa información de falta de medios e tamén trata que “Fraga, de cacería en Toledo”. O ABC só dedica na portada un pequeno sumario para adiantar unha entrevista a Fraga a dobre páxina que titulan coa declaración do Presidente da Xunta: “Lo del Prestige pasa de tarde en tarde y hay que procurar que pase más de tarde en tarde”.

O 1 de decembro abren todos os xornais coa segunda marea negra en portada. La Voz de Galicia: “Galicia se enfrenta impotente al impacto de la segunda marea negra”. El Correo Gallego anuncia a manifestación que acontecerá ese día e a segunda marea negra: “Galicia grita hoy ¡nunca más! mientras una segunda marea negra salpica Costa da Morte”. Tamén El País publica como noticia principal de portada a marea: “La nueva marea negra llega a la costa esparcida en múltiples manchas”

Este é o día no que o ABC publica máis informacións desde que comezou a crise. A maioría trata sobre a contaminación das costas, a normativa de transporte e tamén as críticas de Rajoy á oposición por aproveitar a crise para desgastar o goberno (“Rajoy recrimina al PSOE que aproveche el “Prestige” para desgastar al Gobierno”) e a contestación de Felipe González á crítica do goberno da súa xestión do Mar Exeo. ABC titula na súa noticia principal de portada: “Segunda marea negra”. No interior titula a información sobre o tema: “Galicia se encomienda al viento mientras la segunda marea negra pone cerco a las Rías Bajas”.

Todos os xornais publican a información sobre a primeira protesta de Nunca Máis como información principal das súas portadas ao día seguinte.

LVG: “Marea humana frente a marea negra”

CG: “Galicia vive la mayor protesta de su historia para que no se repita la tragedia del ‘Prestige’”

El País: “Más de 150.000 gallegos exigen dimisiones por el desastre ecológico”

ABC: “La manifestación contra los vertidos del ‘Prestige’ deriva en una crítica a la clase política”

O 3 de decembro o rei Juan Carlos visita as costas galegas. La Voz de Galicia recolle en

portada coma noticia principal que está piques de chegar a marea ás Rías Baixas. Como noticia secundaria de portada ao monarca co efectista titular: “El Rey baja a la arena”. No interior titula: “Juan Carlos I pide a la gente que "arrime el hombro" y se termine con la demagogia”. O retrouso “arrimar o ombro” aparecerá máis veces na crise por parte do goberno con esta idea de que hai que queixarse menos e axudar máis na limpeza.

El País tampouco abre o diario coa visita do rei en portada senon coa información de que a marea negra está preto das Rías Baixas. A información sobre o monarca vai en páxinas interiores e destaca a petición de materias que lle fan pescadores e voluntarios (“Pescadores y voluntarios reclaman al Rey más medios y el apoyo del ejército”).

El Correo Gallego destaca a visita real como principal en portada (El Rey en Galicia: "Todos a una como Fuenteovejuna") sobre a que considera secundaria, a chegada do fuel ás Rías Baixas (La marea negra se planta en la bocana de la ría de Arousa). En canto á acollida do rei por parte dos veciños do lugar non fala de críticas senon de admiración hacia o monarca ("Aí o tes, isto si que é un rei").

ABC: “El Rey reclama unidad y la ayuda de todos para superar la catástrofe del "Prestige". En el interior, “El Rey insta en Galicia a unir esfuerzos y trabajar "todos a una, como en Fuenteovejuna". O día 4 de decembro, o diario de Madrid atribúe a chegada de voluntarios á chamado do rei: “La llamada del Rey moviliza a cientos de voluntarios de toda España”.

Coa chegada do fuel ás Rías Baixas vívese un dos capítulos máis significativos da crise: a loita dos mariñeiros contra o fuel na entrada das Rías Baixas. O 5 de decembro os xornais abren con isto. A portada da Voz de Galicia di: “Los marineros intentan salvar las rías con sus propias manos”; ao do Correo Gallego: “Pelea titánica contra la marea negra, que entra en todas las rías”; El País, porén, non destaca o traballo dos mariñeiros senon que Francia está en alerta pola chegada do fuel ás Rías Baixas: “Francia declara la alerta en su costa, mientras el fuel llega a las Rías Bajas” e como noticia secundaria da relevancia aos mariñeiros e volve a destacar o tema da falta de medios en portada como xa fixera en días anteriores: “Los pescadores retiran el combustible con sus manos ante la falta de medios”.

O mesmo acontece co ABC que deixa para páxinas interiores a actuación dos mariñeiros nunha noticia titulada “Angustioso combate cuerpo a cuerpo de los pescadores de las Rías Bajas contra la marea”. En portada sinala: “Manchas del "Prestige" se disgregan y llegan a la costa cantábrica y las Rías Bajas”.

O 7 de decembro chegan miles de voluntarios pola ponte festiva de decembro. Feito que é destacado por El País (“Miles de voluntarios limpian Galicia mientras acecha otra marea negra”) e polo ABC (“Miles de voluntarios de toda España dan una lección a la clase política en Galicia”) en portada. La Voz de Galicia destaca a manifestación “Gaitas contra la marea negra” de Burla Negra en portada mentres que El Correo Gallego destaca a chegada de novas mareas negras (Dos grandes manchas de fuel surgen de las entrañas del 'Prestige'). Xa no interior destaca a labor dos voluntarios (“El 'Prestige' suelta fuel mientras los voluntarios salvan playas” e “Galicia abrumada por la corriente solidaria que llega de toda España”, “Este fin de semana todos somos Galicia” e “Diario titánico de un voluntario de O Grove”) e informa da protesta de Burla Negra (Una 'marea de gaiteros' protesta en Santiago contra la 'burla negra').

O 12 de decembro La Voz de Galicia volve primar as manifestacións en portada por diante de outras información:

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

LVG: Quince mil personas se manifiestan en Santiago y exigen dimisiones

CG: Una tercera marea negra sumergida amenaza las Rías Baixas

El País: Los pescadores de las rías se movilizan ante la llegada de la tercera marea negra

O ABC: "Aznar exige a sus ministros que den la cara y no minimicen la catástrofe del "Prestige".

Tres días máis tarde, é a primeira visita de Aznar a Galicia desde que comezou a crise que recollen todos os xornais en portada. El Correo Gallego lévao en portada pero como información secundaria. En cambio, La Voz de Galicia e ABC enmárcano como noticia principal de portada e incluso leva outra noticia acompañándoo.

LVG: "Aznar promete 265 millones para paliar los daños del "Prestige"

LVG (secundaria): "Dije que vendría con los deberes hechos y aquí estoy"

CG: "Cuenta atrás para las rías ante su peor marea negra"

CG (secundaria): "Aznar asume los errores, pide disculpas y dice que se quedó donde podía ser más útil"

El País: "Aznar asume la responsabilidad por todas las decisiones sobre el 'Prestige'"

ABC: "Admito todos mis errores, aunque todavía no sé cuáles han sido"

ABC (secundaria): "Nuevas disculpas en una visita de tres horas"

O enfoque que lle da cada un dos catro xornais analizados a primeira visita de Aznar é diferente. La Voz de Galicia titula pola promesa de axudas económicas do presidente do goberno. El Correo Gallego e El País titulan dunha maneira parecida porque Aznar asume os erros cometidos. Ao estudar a portada de ABC, obsérvase que leva dúas noticias contradictorias. Incluso a noticia principal é contradictorio no sentido en sí mesmo. Este titular pon en boca de Aznar que admite erros, aínda que non sabe cales son, polo tanto non pode admitir algo que descoñece. A noticia que o acompaña parece unha crítica velada ao presidente xa que sinala que a visita durou tres horas, como sinalando que foi curta. Daquela era moi criticado que Aznar non fose antes a Galicia.

O 17 de decembro nas catro portadas estivo presente a visita do daquela príncipe Felipe. Pódese observar como cada un dos xornais encadrou a noticia segundo o seu discurso. La Voz de Galicia introduciu o abandono da poboación polos políticos no titular: "Los marineros piden la mediación del Príncipe y abuchean a los políticos". Pola contra, El Correo Gallego destacouno como información principal as palabras de "Don Felipe: <<Que sepa Galicia que no está sola>>". El País volve a destacar a falta de medios coma un dos problemas da crise e enmarca así a visita do príncipe: "Los marineros expresan al Príncipe su desesperación por la falta de medios". ABC non levou ao príncipe na noticia principal de portada que para eles foi: "Aznar asume <<con todas las consecuencias>> la decisión de alejar el <<Prestige>> de la costa", un titular moi similar ao do 15 de decembro noutros xornais con motivo da visita do presidente a Galicia. O príncipe aparece nunha foto noticia de portada titulada "Hay que arrimar el hombro" na que entremesturado con voluntarios a pé de praia. No interior está a noticia da visita do príncipe ("Don Felipe afirma que <<sigue siendo hora de arrimar el hombro>>") na que se repite o retrouso: <<arrimar o ombro>> que xa dixera o rei anteriormente. Outra das información importantes do día foi a folga de fame dos patróns maiores das Rías Baixas que entrou en todos os xornais como información interior. Para el País foi unha noticia principal (Huelga de hambre en las Rías Baixas).

O 18 de decembro seguiu a visita real pero só estivo presente na portada de El Correo Gallego coma secundaria (Cajas, banca e Inditex presentan al Príncipe su plan para relanzar Galicia). A noticia do día para La Voz de Galicia foi: “El fuel de los tanques del <<Prestige>> no se podrá recuperar antes de junio” e para El País: “La Costa da Morte sufre una marea negra con manchas de fuel de un metro de grosor”. O 18 de decembro menos do ABC que destacou como noticia principal: “Dos etarras listos para atentar asesinan a un guardia civil en un control cerca de Madrid”. A única información que puxo en portada o diario de Madrid foi unha información secundaria titulada: “Caldera manipuló la copia de un documento oficial para acusar a Rajoy de mentir”. Pasa para este xornal, a partir deste día e nos seguintes o caso do Prestige a segundo plano, pasando a ser o máis importantes o terrorismo de ETA. Ese día houbo unha manifestación de protesta en Vigo durante a visita de Felipe de Borbón. La Voz de Galicia recolleouna no interior do xornal (“Un grupo violento de manifestantes provocan una carga policial en Vigo”).

O 29 de decembro hai un descenso en número das informacións como os días anteriores e seguintes por ser a época do Nadal. Ademais cada un dos xornais trata un tema diferentes como principal. La Voz de Galicia leva a súa portada que “El capitán del <<Prestige>> advirtió que tomar rumbo noroeste partiría el barco” e como noticia secundaria de portada: “Los empresarios temen más a la marea negra que a la implantación del euro”. El Correo Gallego abriu con “Fraga puede dar la sorpresa y nombrar vicepresidente ya” e El País deu unha noticia secundaria a “5.000 toneladas de fuel se desplazan desperdigadas frente a las costas gallegas”. Pola súa banda, ABC destaca unha entrevista a Mariano Rajoy: “Con el <<Prestige>> algunos han querido pasar facturas y tumbar al Gobierno”. Ese mesmo día, en páxinas interiores, La Voz de Galicia dedica unha reportaxe a Man, o alemán de Camelle que morreu (El <<Prestige>> se llevó a Man). El Correo Gallego informa sobre a manifestación de Nunca Más na Coruña: “Cinco mil personas secundan el velorio del mar en el arenal coruñés de Orzán”.

A partir de mediados de xaneiro, pódese identificar outra etapa mediática do Prestige na que o goberno español comezará a 'reencadrar' a crise. O 17 de xaneiro de 2003 salta ás portadas dos xornais a dimisión do conselleiro Xosé Cuiña. É o único político afectado pola crise do Prestige. Para La Voz de Galicia, “Fraga destituye a Cuiña”, mentres que para el Correo Gallego, “Cuiña dimite para librar al PP de un 'cerco mediático'”. El País interpreta que “El PP aprovecha la crisis del 'Prestige' para echar al 'número dos' de Fraga”, mentres que el ABC nunha información secundaria afirma que: “La crisis del <<Prestige>> se lleva por delante al <<número dos>> de Fraga en Galicia”.

O grande órdago do Partido popular para cambiar o rumbo da crise veu co anuncio do Plan Galicia que foi o 24 de xaneiro de 2015. Os diarios galegos titulan dunha maneira moi parecida destacando que é “a maior inversión de la historia de Galicia”. O ABC destaca “o compromiso personal” de Aznar na crise, o que foi moi cuestionado.

LVG: “Aznar responde con la mayor inversión de la historia de Galicia”

CG: “La mayor inversión pública jamás realizada en Galicia”

El País: “El Gobierno invertirá 5.200 millones en Galicia”

ABC: “Aznar anuncia su 'compromiso personal' frente a la marea negra y un millonario plan de inversión”

Ese día, La Voz de Galicia foi a que fixo maior cobertura coa publicación de 25 noticias. Por detrás, estiveron El Correo Gallego, con 19; El País, con 12, e ABC, con 5. Non foi o

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

maior número de noticias que publicou nun día, isto aconteceu o 21 de febreiro no que non houbo ningún acontecemento forte da crise e as noticias eran declaracións do goberno sobre as axudas, Nunca Máis ou a situación do capitán do Prestige, Mangouras.

O 10 de febreiro celebrouse a protesta das maletas en A Coruña. La Voz de Galicia levouno en portada como noticia principal baixo o título: “Cien mil personas pidieron en A Coruña "nunca máis". El Correo Gallego abre con “Fraga cree que "la oposición cacerolesa se arrepentirá" e como noticia secundaria na portada: “A Coruña vive su mayor protesta anti chapapote”. Polo tanto, hai unha relación implícita entre as dúas noticias, Fraga advirte aos manifestantes que protestaron nas rúas da Coruña. El País tamén inclúe a manifestación na portada pero como noticia secundaria baixo o titular: “Decenas de miles de gallegos exigen un mar limpio de fuel para no tener que emigrar”.

Nos últimos días de febreiro vai esmorecendo a cobertura da crise do Prestige, habendo cada vez menos informacións. O 19 de febreiro de 2003, El País leva a súa portada como noticia secundaria o xuízo do Prestige (“El juez cita como imputados a los altos cargos de Fomento que alejaron el 'Prestige’”), ao igual que o ABC (“Los miembros de la comisión de crisis del "Prestige" son citados por el juez como imputados”) e La Voz de Galicia (“El juez de Corcubión imputa al delegado del Gobierno por el desastre del Prestige”). Pola súa banda, El Correo Gallego non trata o xuízo en portada e decántase pola noticia de que “Fraga abre otra etapa en la Xunta para relanzar Galicia”.

5.2.2.3. O encadramento e a tematización da crise do Prestige

Houbo, polo tanto, na crise do Prestige un encadramento principalmente político e logo ecolóxico e os principais temas tratados foron: a actuación do goberno, a situación das mareas e vertidos, a limpeza do Prestige, outros, a actuación da Xunta, as axudas e subvencións e os plans económicos. Hai polo tanto que cruzar os temas cos tipos de marcos para ter unha visión completa do enfoque que fixeron os diarios da crise. A táboa cos datos de todos os tipos e temas de marcos en cada un dos diarios están nos anexos (non se reproduce neste apartado polo súa dimensión).

Encadramento e tematización																												
	La Voz de Galicia												El Correo Gallego															
	Económico		Ecolóxico		Outros		Político		Social/ Humano		Técnico		Xudicial		Económico		Ecolóxico		Outros		Político		Social/ Humano		Técnico		Xudicial	
	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%
Actuación goberno	0	-	5	0,3	1	0,1	153	10	4	-	2	-	7	0,4	0	-	1	0,1	0	-	96	6,1	1	0,1	2	0,1	3	0,1
Situación mareas	0	-	123	8	0	-	8	1	0	-	16	1	0	-	0	-	118	7,5	0	-	3	0,1	0	-	14	0,9	0	-
Limpeza Prestige	0	-	93	6	0	-	14	1	22	2	19	1	0	-	2	0,1	105	6,7	0	-	20	1,2	19	1,2	12	0,7	0	-
Outros	10	0,6	10	0,6	23	1,5	50	3	6	1	4	-	4	0,2	15	0,9	10	0,6	23	1,4	54	3,4	8	0,5	5	0,3	3	0,1
Actuación Xunta	0	-	0	0	0	-	68	4	0	-	1	-	0	-	1	0,1	0	-	0	-	81	5,2	0	-	0	-	0	-
Axudas económica	19	1,2	1	0,1	0	-	23	2	0	-	0	-	0	-	60	3,8	2	0,1	0	-	26	1,6	1	0,1	0	-	0	-
Plans económico	10	0,6	0	0	0	-	63	4	0	-	1	-	0	-	28	1,8	0	-	0	-	66	4,2	0	-	0	-	0	-
	1531												1555															

Discursos e identidades na crise do Prestige

	El País												ABC																
	Económico		Ecológico		Outros		Político		Social/ Humano		Técnico		Xudicial		Económico		Ecológico		Outros		Político		Social/ Humano			Técnico		Xudicial	
	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%		nº	%	nº	%
Actuación goberno	0	-	0	-	1	0,1	141	15	3	0,3	1	0,1	2	0	0	-	1	0,1	1	0,1	85	11	0	-	0	-	4	0,5	
Situación mareas	2	0,2	81	8,7	0	-	10	1	0	-	7	0,7	0	-	0	-	61	8,1	0	-	4	0,5	0	-	5	0,6	0	-	
Limpeza Prestige	1	0,1	31	3,3	1	0,1	15	1,6	10	1	7	0,7	1	0,1	1	0,1	29	3,8	1	0,1	17	2,2	12	1,5	1	0,1	0	-	
Outros	7	0,7	6	0,6	7	0,7	46	4,9	3	0,3	2	0,2	4	0,4	4	0,5	9	1,1	8	1	49	6,5	1	0,1	1	0,1	7	-	
Actuación Xunta	0	-	0	-	0	-	43	4,6	0	-	0	-	0	-	0	-	0	-	0	-	44	5,8	0	-	0	-	0	-	
Axudas económica	25	2,6	0	-	0	-	10	1	0	-	0	-	0	-	22	2,9	0	-	0	-	24	3,1	0	-	0	-	1	0,1	
Plans económico	5	0,5	0	-	0	-	19	2	0	-	0	-	0	-	2	0,2	0	-	0	-	17	2,2	0	-	0	-	0	-	
	929												753																
	Elaboración propia																												

Ao cruzar os datos dos tipos de marcos e temas, danos unha radiografía á analizada anteriormente. Todos os diarios, menos El Correo Gallego, dedican o maior número de pezas ao marco político do tema actuación do goberno. El Correo Gallego, ao ecolóxico de situación das mareas e dos vertidos.

Para La Voz de Galicia os temas cos marcos máis destacados son: o goberno actuación-político (10%); a situación das mareas e vertidos-ecolóxico (8%); a limpeza do prestige-ecolóxico (6%); a actuación da Xunta con enmarcamento político (4%); e os plans económicos desde o marco político (4%).

Pola súa banda, El Correo Gallego preocupábase principalmente da situación das mareas e vertidos desde a visión ecolóxica (7,5%); logo, co mesmo marco, da limpeza da contaminación do Prestige (6,7%); en terceiro lugar, a actuación do goberno con enmarcamento político (6,1%); tamén o marco político para a actuación da Xunta (5,2%) e o mesmo para os plans económicos (4,2%).

El País enmarca politicamente a actuación do goberno (15%); en segundo lugar, a situación das mareas-ecolóxico (8,7%) e o resto de tipos de marcos e temas xa moi por detrás: Outros-político (4,9%); actuación da Xunta-político (4,6%) e limpeza da contaminación do Prestige desde o marco ecolóxico (3,3%).

Tamén o ABC prioriza o enmarcamento político da actuación do goberno (11%) do seu total de pezas publicadas; a situación das mareas e vertidos con marco ecolóxico (8,1%); outros-político (6,5%), a actuación da Xunta con marco político (5,8%) e limpeza do Prestige desde o ecolóxico (3,8%).

Volve a comprobarse que a crise foi vista como un asunto político, xa que o tipo de marco político e o tema actuación política foron os máis cubertos. A crise non se focalizou na actuación da empresa do Prestige ou na actuación da tripulación, senón na actuación que fixo durante este tempo o goberno español, e en menor medida, o goberno da Xunta. Desde os primeiros días aparecen nos diarios unidades informativas sobre esta temática. Ben é certo que, segundo o diario, en unidades informativas máis ou menos relevantes polo tamaño da peza ou pola posición dentro da páxina. Exemplo disto pode ser a peza informativa publicada o 20 de novembro de 2002 xunto a información do afundimento do Prestige. A dobre páxina q

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

e abrindo o diario galego e a sección de Afondo a imaxe do Prestige partido e afundindo baixo o titular: “El viento empuja 10.000 toneladas de fuel hacia Galicia”. Á dereita unha información a dúas columnas titulada: “Rajoy defiende la actuación del Gobierno y Portugal la cuestiona”.

“La tesis de Rajoy se sustenta en que, con la decisión de alejar el buque de la costa, se ha evitado <<una catástrofe mucho mayor>>, aunque al mismo tiempo admitía que la situación general <<no es buena>>, para después recalcar que España <<ha cumplido escrupulosamente con sus obligaciones>> (...) La defensa a ultranza del operativo por parte del portavoz del Gobierno se solapa con las críticas de técnicos y capitanes de Marina Mercante, que cuestionaban de raíz las decisiones adoptadas desde el pasado miércoles (...)”.

Ese mesmo día, na seguinte páxina cunha imaxe de Rajoy a catro columnas xunto a Fernández de la Mesa co titular: “El Gobierno declarará Zona de Emergencia toda la costa afectada”. Nunha información coprincipal: “Los grupos parlamentarios, incapaces de aprobar una propuesta conjunta” e na columna da dereita: “Rajoy visita el área en helicóptero por la mañana y por la tarde se va a Sevilla a un congreso”. Na páxina continua como información principal: “Chira arremete contra la <<incapacidad>> de los responsables europeos”. Tamén nesta páxina unha entrevista á Comisaria europea de enerxía e transporte, Loyola de Palacio: “<<Si se aplicasen las normas, esto se podría haber evitado>>. Nas páxinas seguintes, informacións sobre os medios que conta Galicia para loitar contra a marea negra e as medidas que tomarán os mariñeiros. Obsérvase que hai unha crítica á actuación do goberno, mais queda velada entre tanta información e contraposicións de discurso, quedando indefinido o enmarcamento dos responsables da afundimento por parte desde diario. Na portada, onde o diario destaca o máis relevante e vese a liña editorial, ábrese co titular: “El <<Prestige>> se hunde y lanza ora marea negra hacia Galicia” e nos destacados:

- ”La nueva mancha se dirige a la costa y si el viento continúa impulsándola puede llegar en dos días”
- ”Rajoy anuncia que el viernes se declarará la Zona de Emergencia y promete una primera ayuda de 27 millones de euros”
- ”El Gobierno defiende su actuación y confía en que la carga se solidifique en el fondo”.

Comprobamos como non destaca nos sumarios ningunha das voces disconformes coa xestión do salvamento do barco, que aparecen en interior do diario, dentro das informacións.

Ao analizar o mesmo día en El Correo Gallego, non encontramos referencia nos titulares das pezas publicadas á crítica á actuación do goberno. Ese día ábrese en portada con: “El <<Prestige>> se hunde con 65.000 toneladas de fuel”. A información principal da Apertura é: “El <<Prestige>> se hunde pero el miedo sigue flotando”. A seguinte unidade informativa da voz o goberno: “<<No podemos estar tranquilos en quince días>>”. A continuación, 16 unidades informativas fan un repaso por distintos escenarios:

- “El buque <<Prestige>> reposa a más de 3.500 metros de profundidad”
- Reacciones (gobiernos estranxeiros, comisión europea, parlamento europeo e ecoloxistas)
- El barco también estuvo tres veces en Algeciras
- Fomento prevé que el fuel quedará solidificado en los fondos marinos
- Indignación en Camariñas por el misterioso destino del fuel retirado
- Pérez: <<El nombre de los productos de la Costa da Morte ya está manchado>>

- El lado humano de la tragedia
- O Grove propone cerrar Arousa con una barrera de mil quinientos barcos
- Limpieza de barcos en pleno suceso
- Piden un plan integral de subvenciones
- El Gobierno quiere que Bruselas se haga cargo del paro biológico
- Recogida acelerada de mejillón en Arousa y Muros para evitar el fuel
- Desde el Congreso y el Senado se exige por unanimidad apoyo urgente
- Una incipiente psicosis colectiva arrastra a los mercados gallegos
- Monseñor Barrio critica la falta de sensibilidad en la defensa del ecosistema
- ¿Quién pagará los daños si el armador no tiene solvencia?

Como pode verse, hai sobreabundancia de pezas informativas, que crean 'ruido mediático' e non deixan encadrar o problema e os responsables.

Un repaso das informacións de El País do día do afundimento, amosa un encadre dirixido á normativa do transporte por parte da Unión Europea, un enmarcamento parecido ao de diarios como Le Monde e do ABC, como veremos máis adiante.

- Portada: “El 'Prestige' se hunde en alta mar con 60000 toneladas de fuel a bordo”
- El 'Prestige' se hunde a 250 kilómetros de Galicia
- Los marisqueros de las Rías Bajas adelantan la recogida por temor a que el fuel se extienda
- Una complicada red de empresas
- Compuestos cancerígenos
- Europa inspeccionará 4.000 'barcos basura' cada año a partir del próximo verano
- El 'Erika' aún está pendiente de juicio
- ¿Quién toma las decisiones?
- La oposición denuncia la falta de recursos del Gobierno para afrontar un desastre ecológico
- "Esto parece el ejército de Pancho Villa"
- Gibraltar, la gasolinera del Estrecho
- El Gobierno británico comunica a la UE que el petrolero repostó en el Peñón el pasado 13 de junio

O diario ABC segue a mesma liña e enfoca moitas das súas informacións na normativa do transporte e na falta de inspeccións dos barcos petroleiros, acusando a Xibraltar de ser responsable de non facer controis ao Prestige.

- Portada: Una bomba de relojería bajo el agua
- El "Prestige" se hunde a 261 kilómetros de las Cíes tras verter otras 6.000 toneladas de fuel
- El Parque Nacional de las islas Atlánticas se enfrenta a su primera prueba de fuego
- Londres admite que no hubo tiempo en Gibraltar para inspeccionar el barco
- De Palacio exige por escrito a los Quince que acaben con los "barcos basura como el <<Prestige>>”
- Las protestas de Gibraltar, encaminadas a asegurar la permanencia de sus privilegios

Na codificación dos datos incluían as informacións sobre Gran Bretaña e Xibraltar en Outros/Político, por iso, esta categoría destaca no ABC e en El País, cando daría unha visión máis significativo ao situalo dentro de Normativa do transporte.

Un dos temas que estiveron presente no principio da crise foron a normativa do transporte, as inspeccións dos barcos e o corredor atlántico nun intento do goberno español de situar o problema nestas coordenadas. Sinalouse que o Prestige pasara por portos europeos e

que non se lle fixera unha inspección, concretamente por Kalamata, en Grecia e por Xibraltar, en Gran Bretaña.

La Voz de Galicia informa o 16 de novembro nunha noticia principal do interior: “La Unión Europea y Rajoy acorralan a Gibraltar por incumplir sus responsabilidades”. Mais non insiste nesta liña e o 19 de novembro fala doutro país, Grecia, que pode ser culpable dos feitos: “Bruselas constata que Grecia tampoco inspeccionó el buque”. Porén, Xibraltar estivo sempre apuntado por todos os diarios como o culpable debido a información oficiais.

Pola súa banda, El Correo Gallego trata o tema de Xibraltar, promovido polo goberno español durante varias xornadas. O 16 de novembro coa información: “El 'Prestige' entró en el puerto de Gibraltar el pasado mes de junio”; o 18 de novembro con “Gibraltar, centro de un nuevo conflicto” e o 19 de novembro con “Aznar repercutirá en la discusión sobre Gibraltar el siniestro del 'Prestige'”. El ABC foi o que máis deu entrada a este tema malia ser o xornal que menos espazo deu ao Prestige. O 16 de novembro comezou esta temática en portada cunha pequena noticia sobre o mesmo tema: “Dos documentos confirman que el 'Prestige' se dirigía a Gibraltar y desmienten la versión británica”. O 17 de novembro continúa nunha noticia secundaria: “El embajador inglés sigue negando, pese a la evidencia, que el barco fuera al Peñón. O 19 de novembro segue informando sobre que o barco dirixíase ao Peñón de Xibraltar (“Polémica con Gibraltar”). Dous días máis tarde: “Un directivo de la empresa que fletó el 'Prestige' fue ministro de Gibraltar”. Durante os seguintes días continúa, o 22 de novembro: “Aznar pide a la Unión Europea que no tolere 'puertos paraíso' como el de Gibraltar” e “Gibraltar sólo inspeccionó seis petroleros desde el año 1999”. Este xornal intenta enmarcar como un dos culpables da catástrofe a Xibraltar.

El País, o 16 de de novembro, publica sobre isto: “Loyola de Palacio relaciona con la evasión de impuestos en Gibraltar el incidente del petrolero”. Tamén introduce ese mesmo día a posible responsabilidade de Grecia uns días antes, o 16 de novembro, coa noticia secundaria: “La Comisión Europea también pedirá explicaciones a Grecia sobre la falta de control del barco 'Prestige'”. O 19 de novembro en dúas noticias secundarias continúa co tema: “Gran Bretaña dice que el barco sólo iba a cruzar el Estrecho” e “La UE afirma que su interlocutor es Londres, y no Gibraltar.

En canto aos conflitos diplomáticos, destaca a falta de referencia a negativa de Francia de que o barco entre nas súas costas, feito que a opinión pública coñecería moitos meses despois e en cambio, a información sobre que estivo en augas lusas.

Os gobernos estranxeiros, os seus organismos e os seus medios tamén foron actores onde os media españois recurrían para contrastar as informacións oficiais como en La Voz de Galicia do 23 de novembro: “Portugal y Francia avistan nuevas manchas de fuel, pero España lo niega” ou “Portugal cifra en 40 kilómetros cuadrados la mancha que afloró del buque hundido”. Ao día seguinte o diario busca información en científicos lusos sobre se o petróleo saerá do barco: Análisis lusos confirman que el petrolero hundido sigue vertiendo hidrocarburo. En canto ao impacto ecolóxico, La Voz de Galicia, o 12 de febreiro: “El Gobierno galo cree que la contaminación afectará a Francia 'varios años'”

Hai unha comparación velada entre a actuación dos gobernos francés e luso ante a crise e o español. Os gobernos estranxeiros serven os medios españois para exemplificar como se afronta unha crise. O 4 de decembro, El País: “Francia declara la alerta en su costa, mientras el fuel llega a las Rías Bajas”. Dous días despois o mesmo diario: “Portugal moviliza a cientos de funcionarios y militares ante la proximidad del fuel”. Outro diario como ABC sinala o 6 de decembro: “Francia anuncia un crédito de 4 millones para afrontar su marea”. Pola súa banda,

La Voz de Galicia, o 4 de xaneiro, “Chirac usa todos los recursos y coloca a su primer ministro al frente de la crisis” e nunha noticia secundaria desta: “Francia filtrará, o incluso prohibirá, la presencia de voluntarios”.

5.2.3 A actorialización

O estudo sobre a cobertura do Prestige dos grupos de investigación do Departamento de Ciencias da Comunicación da USC codificaron un total de 36 actores nas informacións da crise do Prestige: Autoridades marítimas, buques anticontaminación, confrarías, ecoloxistas, afectados, Nunca Máis, voluntarios, sociedade galega, institucións educativas, institucións militares, institucións sanitarias, institucións xudiciais, institucións científicas, autoridades relixiosas, medios de comunicación, empresas do sector turístico, outras empresas, sindicatos, empresas petroleiras, persoal do Prestige, impersoal, casa real, comisión europea, concellos, goberno e parlamentos autonómicos, goberno e parlamentos estranxeiros, goberno español, institucións internacionais, parlamento de Galicia, parlamento de España, parlamento de Europa, partido popular, partidos da oposición, servizos de salvamento e Xunta de Galicia.

Dicir que para a presentación dos datos no estudo simplificáronse as categorías respecto á base de datos para facelo máis manexable.

Presenza dos actores e o contexto no que aparecen								
Actores	Total	%	Neutral	%	Negativo	%	Positivo	%
Cofradías	225	3,76%	162	72%	5	2,2%	58	25,8%
Ecoloxistas	104	1,74%	77	74%	4	3,8%	23	22,2%
Afectados	447	7,48%	276	61,7%	14	3,13%	157	35%
Nunca Máis	104	1,74%	69	66,3%	8	7,69%	27	25,9%
Voluntarios	172	2,87%	57	33,1%	2	1%	113	65,6%
Sociedade galega	129	2,15%	74	57,3%	8	6,2%	47	36,4%
Institucións educativas	48	0,80%	37	77%	2	4,1%	9	18,7%
Institucións militares	80	1,33%	33	41,2%	5	6,25%	42	52,5%
Institucións sanitarias	17	0,28%	17	100%	0	0	0	0
Institucións xudiciais	116	1,94%	102	87,9%	5	4,31%	9	7,75%
Institucións científicas	296	5%	253	85%	11	3,7%	32	10,8%
Medios de comunicación	47	0,78%	29	61,7%	2	4,25%	16	34%
Empresas petroleiras	121	2,02%	51	42,1%	63	52%	7	5,78%
Persoal do Prestige	114	1,9%	65	57%	37	32,4%	12	10,5%
Impersoal	1011	16,9%						
Casa Real	46	0,76%	14	30%	0	0	32	69,5%
Comisión europea	107	1,79%	57	53%	3	2,8%	47	43,9%
Goberno español	1205	20,7%	608	50%	269	22,3%	328	27,2%
Parlamento de Galicia	18	0,30%	13	72%	1	5,5%	4	22,2%
Parlamento español	26	0,43%	11	42%	4	15,3%	11	42,3%
Parlamento europeo	44	0,73%	22	50%	4	9%	18	40,9%
Partido popular	230	3,84%	155	67%	39	16,9%	36	15,6%

Partidos de oposición	527	8,82%	384	73%	38	7,21%	105	19,9%
Xunta	666	12%	391	59%	74	11%	201	30%
Elaboración propia								

O goberno español é o actor con máis presenza nas informacións analizadas, ten presenza nun 20,7%. O seguinte actor é Impersoal (16,9%) e refírese principalmente aos fenómenos meteorolóxicos, as mareas, ao fuel e outros. O terceiro en ter presenza mediática é a Xunta de Galicia, nun 12% das unidades informativas, e por detrás, os partidos da oposición (8,82%). Van logo os afectados, cun 7,48%, grupo no que se poderían engadir ás confrarías, que son o 3,76%. As institucións teñen unha visibilidade dun 5,32%. Logo, está o partido popular, cun 3,84%. Pola contra, as voces máis críticas coa xestión do goberno na crise teñen unha escasa presenza. Así, Nunca Máis, un 1,74%, o mesmo que os ecoloxistas. Pola súa banda, os ecoloxistas, rabuñan un pouco máis, un 2,87% de presenza mediática.

Se se fai a suma dos actores políticos do partido popular (goberno central, goberno da Xunta e partido popular) suman un 36,54%. Se ademais se lles engaden o resto de actores do mundo político coma os partidos da oposición, comisión europea, parlamento de Galicia, parlamento español e parlamento europeo, supón o 48,61% e coa casa real sería xa o 49,37%. Polo tanto case a metade das voces das pezas informativas do Prestige son oficiais. Poderíanse sumar aqueles actores que do mundo administrativo (xudicial, militar, etc) e serían polo tanto máis da metade.

No lado contrario estaría a sociedade civil que tería unha presenza inferior. As confrarías xunto aos ecoloxistas, os afectados, Nunca Máis, os voluntarios e a sociedade galega só suman o 19,74% das veces que se fai referencia a actores dentro das unidades informativas.

A maioría dos actores aparecen cunha valoración neutral nas unidades informativas. Nembargantes, o actor voluntarios, o actor institucións militares e o actor casa real ten máis positivos que negativos e que neutros. Nun 65,6% das ocasións é valorado positivamente, nun 33,1% de maneira neutra e nun 1% negativamente. Este actor aínda é superado polo actor casa real valorado positivamente nun 69,5%, negativamente en ningunha e neutro, nun 30% das veces. As institucións militares son valoradas positivamente nun 42%, negativamente, nun 5% e negativamente, nun 33%.

Hai un actor que é valorado máis negativamente que de maneira neutra ou positiva son as empresas petrolleiras. Nun 52% das ocasións é negativo, positivamene, en case un 6% e neutro, nun 42% das veces.

Como conclusión, nunha crise coma o do Prestige, na que o poder político desapareceu do escenario da mesma, destaca o feito de a maior parte dos actores na prensa analizada sexan do goberno español ou galego, e non da sociedade civil.

5.2.3.1. Os actores da crise como fontes de información

O gran peso que tiveron os gobernos español e galego e a política en xeral, como actores da crise, tamén foi patente no seu rol como fontes de información. O goberno español foi fonte de información no 83% das ocasións que foi actor; a Xunta de Galicia, no 91% e os partidos da oposición, no 91%. Dos actores institucionais, só o actor Casa real, tivo pouca relevancia como fonte de información, só exerceu como tal no 52% das súas aparicións como actor. Os científicos tamén tiveron unha papel importante como fontes de información, nun 91% das ocasións nas que foron actores da información, o mesmo que o mundo da educación. Nesta liña, tamén están os ecoloxistas, nun 92%.

En canto a Nunca Máis, descendeu ata o 77% as ocasións nas que ademais de actor participaba na información na función de fonte de información.

Os únicos casos nos que ás veces que os actores non foron fonte en máis da metade das ocasións foi cos militares (35%), os técnicos dos buques anticontaminación (38%), as autoridades marítimas (15%) e o servizo de salvamento (40%). A maioría das veces era o actor goberno o que falaba por estes actores. As empresas petroleiras (28%) e a tripulación do Prestige (37%) tampouco tiveron moita presenza como fontes de información.

Os actores da crise do prestige coma fontes ou non das informacións													
Actor	Fuente						Actor	Fuente					
	Sí		Non se sabe		No			Sí		Non sabe		Non	
	nº	%	nº	%	nº	%		nº	%	nº	%	nº	%
Cofrías	175	77%	28	12%	23	10%	Empresas petroleiras	35	28%	11	9%	75	61%
Mariñeiros/afectados	288	64%	55	13%	104	23%	Personal do Prestige	43	37%	11	9,6%	60	52%
Ecologistas	96	92%	7	6,7%	1	0,9%	Goberno español	1034	83%	70	5,6%	136	10%
Nunca Máis	81	77%	9	8,6%	14	13%	Xunta	610	91%	14	2%	42	6%
Voluntarios	101	58%	23	13%	48	27%	Partidos oposición	482	91%	15	2,8%	30	5%
Sociedade galega	64	78%	16	17%	49	37%	Casa real española	24	52%	6	13%	16	34%
Educación	44	91%	2	4,1%	2	4,1%	Comisión europea	88	82%	15	14%	4	4%
Militares	28	35%	15	18%	37	46%	Concellos	132	80%	19	11%	13	8%
Sanitarias	14	82%	0	0	3	17%	Autonomías	55	84%	4	6%	6	9%
Xudiciais	83	71%	22	18%	11	9%	Gobernos estranxeiros	235	71%	46	13%	48	14%
Científicas	271	91%	15	5%	10	4%	Instituc. internacionais	7	53%	3	23%	3	23%
Relixiosas	8	100%	0	0	0	0	Partido popular	181	78%	8	3,4%	41	17%
Medios comunicación	38	80%	6	12%	3	6%	Parlamento de Galicia	13	72%	1	5,5%	4	22%
Sector turismo	23	82%	2	7%	3	10%	Parlamento español	18	69%	2	7,6%	6	23%
Outras empresas	123	78%	10	6,3%	24	15%	Parlamento europeo	36	81%	3	6,8%	5	11%
Sindicatos	35	83%	3	7%	4	9,5%	Autoridades marítima	9	15%	7	12%	41	71%
Buques anticontaminación	67	38%	27	15%	79	45%	Servizo salvamento	25	40%	4	6,4%	33	53%
Elaboración propia													

5.2.3.2. Os actores institucionais

Os medios de comunicación analizados deron máis entrada os actores institucionais como o goberno español e galego. A presenza do actor goberno español nas pezas informativas nos diarios analizados é bastante parella en todas as publicacións. Puidendo sinalar que o goberno español foi un actor presente en aproximadamente o 25% da cobertura total feita ao redor do Prestige nos tres primeiros meses e medio despois do suceso.

O actor goberno español nos diarios analizados							
La Voz de Galicia		El Correo Gallego		El País		ABC	
386	32%	334	27,7%	251	20,8%	234	19,4%
Total				1205		100%	

Elaboración propia

Nunha análise por diarios vese que o contexto no que aparece o actor goberno español dista nas diferentes publicacións. En La Voz de Galicia o contexto positivo é de só un 14% das unidades informativas. O neutro é o maioritario cun 45% e é seguido de preto por un 41% negativo. Similar é o caso de El País, cun 51% das informacións neutras, un 35% negativas e un 14% positivas. Pola contra, en El Correo Gallego o contexto positivo (45%) gaña ao negativo (4%) e o neutro é tamén a maior cun 51%. O mesmo pasa no ABC, co 58% neutro, o 38% positivo e o 4% negativo.

Contextos nos que aparece o actor goberno español																							
La Voz de Galicia				El Correo Gallego				El País				ABC											
Negativo		Neutro		Positivo		Negativo		Neutro		Positivo		Negativo		Neutro		Positivo							
157	41%	174	45%	55	14%	15	4%	170	51%	149	45%	87	35%	129	51%	35	14%	10	4%	135	58%	89	38%

Elaboración propia

La Voz de Galicia foi o contexto máis negativo para o goberno español, nun 41% das ocasións, mentres que El País, cun 35%. Pola súa banda, El Correo Gallego foi o que situouno máis positivamente, nun 45%, pouco por detrás o ABC, nun 38%.

5.2.3.2.1. O actor goberno español

Se cruzamos o actor goberno español e a súa valoración coas unidades informativas por temas nas que está presente, encontramos que a meirande parte están en: actuación do goberno, no alonxamento do barco polo goberno, nos plans económicos, nas subvencións económicas, nos medios para a limpeza do fuel, na limpeza do petróleo do Prestige, na normativa do transporte, no selado e extracción do fuel e na situación das mareas e vertidos.

En La Voz de Galicia, a meirande parte das informacións sobre a actuación do goberno contextualiza negativamente o actor goberno español, un 15% do total das publicadas no diario, dunha maneira neutra nun 10,6% e positivamente, nun 1,8%. O alonxamento do Prestige por parte do goberno tamén leva a que sexa un contexto negativo, nun 3,3% das noticias. O mesmo acontece nas unidades informativas sobre o impacto ecolóxico nun 2% fronte ao 0,7% neutro. Nas informacións sobre plans económicos, hai unha preponderancia do contexto neutro, nun 7,7%, seguido da positiva, nun 3,1% e da negativa, nun 1,29%. Unha visión positiva do actor goberno español predomina nas informacións sobre as subvencións económicas, un 3,1%, moi por enriba das negativas, nun 0,25% do total das publicadas nas que está presente este actor en La Voz de Galicia. Outro tema no que é un actor de contexto negativo é nas informacións sobre medios de emerxencia e o mesmo acontece coas de medios de limpeza, cun 2%, fronte ao 0,7% neutro e ao 0,5% positivo. Pola contra, no tema da limpeza do Prestige predomina o contexto neutro, nun 2,3% seguido do positivo, nun 1,2% e o negativo queda cun 0,7% das ocasións. Na normativa do transporte hai máis informacións neutras (2,3%) sobre o actor goberno español, indo logo as negativas (1%) e por último as positivas (0,5%). Destaca que todas as informacións publicadas sobre Salvamento teñen o

Discursos e identidades na crise do Prestige
 actor goberno español nun contexto negativo, cun 1,29% do total das noticias de La Voz de Galicia. A situación das mareas e os vertidos é o tema no que se publican máis informacións nas que aparece o actor goberno español en negativo (4,6%) despois do tema da actuación do goberno (15%).

O goberno español e os temas dos marcos												
Temas	LVG			CG			EP			ABC		
	Negat	Neutro	Posit	Negat	Neutro	Posit	Negat	Neutro	Posit	Negat	Neutro	Posit
Actuación capitán	-	-	-	-	0,59%	-	-	0,79%	-	-	2,56%	0,42%
Comisións parlamenta	0,7%	0,5%	-	-	1,49%	-	0,39%	-	0,39%	-	0,85%	0,42%
Goberno-actuación	15%	10,6%	1,8%	1,79%	9,2%	6,8%	15%	9,16%	4,7%	1,7%	7,69%	11,1%
Goberno-alonxamento	3,3%	0,7%	-	-	1,49%	0,29%	1,1%	2,3%	0,39%	-	0,42%	1,28%
Goberno inspección	-	-	0,5%	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Impacto ecolóxico	2%	0,7%	-	-	1,19%	0,29%	0,39%	0,39%	-	-	0,42%	-
Accidente afundim.	0,25%	0,5%	-	0,29%	0,29%	0,29%	-	2,7%	-	-	-	-
Corredor atlántico	-	0,5%	0,5%	-	0,29%	1,19%	-	1,1%	-	-	1,28%	0,42%
Económico custe	0,25%	2,84%	0,7%	0,59%	2,09%	0,89%	0,39%	4,7%	0,39%	-	3,41%	1,28%
Económico impacto	0,5%	1%	0,5%	-	1,19%	0,29%	-	0,7%	0,39%	-	0,85%	1,7%
Económico plans	1,29%	7,7%	3,1%	-	2,3%	9,8%	-	2,3%	0,39%	-	0,85%	2,13%
Económico subvención	0,25%	1,8%	3,1%	-	0,29%	8,08%	1,5%	1,5%	3,58%	-	2,99%	8,9%
Emerxencia medios	0,5%	-	-	-	-	0,29%	-	-	-	-	-	-
Emerxencia plans	0,25%	1%	-	0,29%	0,29%	0,59%	-	1,1%	-	0,42%	0,42%	0,42%
Limpeza medios	2%	0,7%	0,5%	-	0,59%	2,99%	1,5%	1,5%	-	-	0,85%	0,42%
Limpeza Prestige	0,7%	2,3%	1,2%	0,29%	2,99%	3,59%	1,1%	1,9%	1,9%	-	2,99%	0,42%
Mariñeiros actuación	-	0,25%	-	-	0,29%	-	-	-	-	-	-	-
Normativa transporte	1%	2,3%	0,5%	0,89%	1,19%	2,69%	1,1%	4,3%	-	-	4,27%	2,13%
Nunca Máis actuación	-	0,5%	-	-	1,19%	-	-	0,39%	-	-	0,85%	-
Outros	1,5%	2%	0,25%	-	5%	0,59%	2,3%	1,9%	0,39%	0,85%	2,56%	1,28%
Petroleiras actuación	0,25%	-	-	-	0,59%	-	-	0,39%	0,39%	-	0,42%	-
Prestige condicións	0,5%	-	-	-	0,29%	-	0,39%	0,79%	-	-	0,42%	-
Prestige xustiza	0,25%	0,5%	0,7%	-	0,29%	-	-	0,39%	0,39%	-	2,56%	0,85%
Políticos xustiza	0,25%	0,25%	-	-	1,79%	0,29%	-	-	-	-	-	0,42%
Prohibición de pesca	0,25%	0,7%	0,25%	-	0,59%	0,59%	-	0,79%	-	-	0,85%	0,85%
Partidos oposición	0,25%	0,5%	-	-	3,89%	0,89%	2,3%	4,78%	-	-	8,1%	2,13%
Salud riscos	-	1,29%	-	-	1,19%	0,89%	-	0,39%	-	-	0,42%	0,42%
Salvamento	1,29%	-	-	-	-	-	0,39%	0,39%	-	-	0,42%	0,42%
Selado/extracción fuel	1,5%	1,8%	-	0,29%	2,69%	0,89%	0,39%	0,79%	0,39%	-	0,85%	-
Sit. mareas/vertidos	4,6%	3,1%	0,25%	-	4,79%	0,29%	5,1%	2,39%	-	1,28%	7,69%	-
Social impacto	0,25%	-	-	-	0,29%	0,89%	-	0,39%	-	-	0,85%	0,42%
Zonas afectadas	0,5%	0,25%	-	-	1,49%	0,59%	-	1,59%	-	-	-	-
Xunta actuación	-	-	-	-	0,59%	0,29%	-	0,39%	-	-	1,7%	-

En canto a El Correo Gallego publica menos informacións con contexto negativo do actor goberno español. Destaca que nas informacións sobre a actuación do goberno só hai un 1,79% delas negativas fronte ao 15% de La Voz de Galicia e de El País, cada un. A meirande parte destas informacións son neutras respecto ao tratamento do goberno español e incluso, un 6,8% son positivas. Tamén o tema do alonxamento do Prestige por parte do goberno, que en La Voz de Galicia prima o contexto negativo, teñen a meirande parte das unidades informativas neutras, un 1,49%, e un 0,29% positivas. No custe económico da crise o actor goberno español foi tratado de maneira neutra, nun 2,09% das ocasións, positivamente, nun 0,89% e negativamente, nun 0,59%.

Nas informacións sobre os plans económicos e as subvencións e axudas hai un enfoque positivo do actor goberno español, cun 9,8% e o 8,08%, respectivamente, en El Correo Gallego. A limpeza dos medios, que en La Voz de Galicia había unidades informativas negativas respecto ao actor goberno español, ten máis positivas no caso de El Correo Gallego, cun 2,99% e un 0,59% neutras. Tamén a limpeza do fuel do Prestige ten un 3,59% de informacións neste sentido positivo cara o actor analizado e 2,99% neutras. Tamén é favorable para o goberno español o tema da normativa do transporte no diario radicado en Santiago.

O diario El País recolle ao actor goberno español nas informacións sobre actuación do goberno nun senso negativo na maioría dos casos, nun 15% seguido das neutras, nun 9,16% e as positivas, un 4,7%. Tamén son maioritariamente negativas as informacións sobre a situación das mareas e os vertidos para este actor, nun 5,1% dos casos. Neste diario só hai un tema no que o actor español aparece en contexto positivo, nun 3,58% das noticias do total publicado, son as referentes as subvencións económicas. Os plans económicos son neutras na meirande parte dos casos co actor analizado, nun 2,3%.

En canto ao ABC acontece o mesmo que con El Correo Gallego hai máis novas con contexto positivo do actor goberno español no tema goberno actuación que negativas. O 11,1% son positivas, o 7,69%, neutras e o 1,7% negativas. Tamén o tema do alonxamento do barco da un enfoque positivo do goberno español, no 1,28% do total das noticias analizadas dese diario fronte ao 0,42% neutras. Como o resto dos diarios o tema subvencións e axudas económicas é positivo para o goberno español, nun 8,9% e neutro, nun 2,99%. O mesmo pasa con plans económicos, cun 2,13% das noticias en positivo e un 0,85% neutro para este actor. As informacións sobre os partidos da oposición tamén son maioritariamente positivas para o goberno central, nun 2,13% e 8,1% neutrais.

5.2.3.2.2. *O actor impersonal*

O segundo actor con máis protagonismo foi un actor impersonal que aparece sobre todo nas informacións dos primeiros días da crise e fai referencia ao buque Prestige e as mareas negras, entre outros. O actor impersonal aparece 386 veces en La Voz de Galicia; en El Correo Gallego, 309 veces; en El País, unhas 162 e en ABC, unhas 154. Este actor non ten ningún tipo de valoración, nin negativa nin positiva. O actor impersonal aparece durante case os catro meses analizados, aínda que é na primeira época ata mediados de xaneiro na que ten máis relevancia e polo tanto está en máis informacións co afundimento do Prestige e as primeiras mareas negras.

Un monstruo herido frente a Muxía (LVG, 15/11/2002)

El temporal empuja una marea negra que desborda las peores previsiones (LVG, 21/11/2002)

Las últimas oleadas de fuel elevan a 423 el número de playas afectadas (LVG, 02/02/2003)

El 'Prestige' vomita más fuel y ahoga miles de esperanzas (CG, 18/11/2002)

Una veintena de manchas de gran densidad amenaza el Cantábrico (CG, 25/11/2002)

El fuel a la deriva dispara la alarma en Galicia (El País, 21/11/2002)

El fuel deja atrás las Rías Bajas (El País, 01/12/2002)

Avistada una mancha de fuel de dos millas cerca de Asturias (El País, 27/01/2003)

La fuga en la popa del petrolero se reduce a una tonelada al día (ABC, 18/01/2003)

Debido á natureza do feito é pois comprensible o uso deste actor impersonal que noutros contextos serve para esconder o verdadeiro actor do feito mais neste caso está xustificado.

5.2.3.2.3. O actor Xunta de Galicia

A Xunta de Galicia foi o actor de noticias en 666 unidades no total dos diarios analizados. El Correo Gallego foi o que deu máis presenza á Xunta. Case a metade das informacións nas que aparece este actor foron publicadas neste medio. Despois séguelle, La Voz de Galicia; El ABC e o que menos importancia lle deu foi El País.

O actor Xunta de Galicia nos diarios analizados							
La Voz de Galicia		El Correo Gallego		El País		ABC	
164	24,6%	327	49%	78	12%	97	14%
Total				666		100%	
Elaboración propia							

Para La Voz de Galicia, el actor Xunta aparece nas informacións sobre o tema da prohibición da pesca e nas que tratan sobre a actuación do propio organismo. Estas últimas son nas que se sitúa nun contexto máis negativo. En canto a El Correo Gallego destaca a Xunta de Galicia nos mesmos temas que o outro diario galego (prohibición pesca e actuación Xunta) e ademais en moitos outros temas como a situación das mareas e os vertidos, a limpeza do Prestige, a actuación dos partidos da opoción e as subvencións e axudas económicas e os plans económicos. Nestes dous últimos temas de información económicas sitúao maioritariamente nun contexto positivo. En conclusión, la Xunta de Galicia é un actor principal, polo que tamén deducimos que fonte de información, de El Correo Gallego.

Os diarios de Madrid actorializaron pouco á Xunta de Galicia, só nas informacións que tratan sobre a súa actuación. En El País priman os contextos neutros para este actor aínda que tamén negativos para este tema. Mentres que para o ABC, os neutros.

A Xunta de Galicia e os temas dos marcos												
Temas	LVG			CG			EP			ABC		
	Negat	Neutro	Posit	Negat	Neutro	Posit	Negat	Neutro	Posit	Negat	Neutro	Posit
Gobierno-actuación	1	2	3	1	3	6	2	3	1	0	1	1
Impacto ecolóxico	2	2	2	0	0	5	1	0	0	0	0	1
Económico custe	0	2	1	0	5	4	0	3	0	0	1	0
Económico impacto	0	2	0	2	6	5	0	0	0	0	2	1
Económico plans	0	8	0	1	14	15	0	0	0	0	2	1
Económico subvención	2	4	6	0	12	28	0	2	1	1	3	4
Emerxencia medios	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

Emerxencia plans	1	1	0	0	2	4	0	0	0	1	0	0
Limpeza medios	3	3	1	1	3	1	2	1	0	0	0	1
Limpeza Prestige	2	9	4	0	15	11	0	2	0	0	5	0
Mariñeiros actuación	0	0	1	0	3	2	0	0	0	0	0	0
Normativa transporte	0	0	0	0	0	2	0	0	0	0	3	2
Nunca Máis actuación	0	2	0	0	7	3	0	0	0	0	3	0
Outros	2	2	0	0	10	10	2	6	0	1	7	2
Prohibición de pesca	3	21	4	1	23	6	0	8	0	0	6	2
Partidos oposición	0	2	1	1	17	3	0	2	0	0	6	1
Salud riscos	0	3	2	0	4	4	0	1	0	0	4	1
Sit. mareas/vertidos	1	3	0	0	14	1	4	3	0	0	1	2
Zonas afectadas	1	0	0	1	7	0	0	0	1	0	1	0
Xunta actuación	12	37	6	3	31	30	13	18	2	6	18	6
Totais	30	103	31	11	176	140	24	49	5	9	63	25
	164		327				78			97		

Elaboración propia

5.2.3.3. Actores que exercen de contrapunto

Deseguido vanse analizar algúns dos actores e fontes de información que serviron de contrapunto aos actores institucionais. Odriazola (2011) denomina así a aquelas fontes que lle serven os medios de comunicación para contrarrestar as informacións oficiais. O autor sinala que poden denominarse así os grupos de presión, os expertos-científicos, os ecoloxistas e a persoas que tiveron relación co desastre. Neste apartado situaranse os científicos como as autoridades expertas en materias de interese para o caso; os mariñeiros como vítimas e heroes no feito; e Nunca Máis, como movemento social que busca cambiar o rumbo da crise.

5.2.3.3.1. Os científicos

Se algún actor tivo sorprendente pouca presenza durante a crise do Prestige ese foi o colectivo dos científicos. Nunha noticia de La Voz de Galicia do principio da crise, do 12 de decembro, explícase: “Los científicos gallegos se sienten despreciados por la Administración”. Houbo diferencias entre uns e outros diarios á hora de incluír os científicos como actores. Como se pode ver na táboa, foi El Correo Gallego o que máis os incluíu seguido por La Voz de Galicia por pouca distancia. El País e o ABC deron menos relevancia os actores científicos, sobre todo, o ABC onde é moi escasa a súa presenza. Só aparece en 34 ocasións nas súas 753 pezas informativas.

O actor científico nos diarios analizados							
La Voz de Galicia		El Correo Gallego		El País		ABC	
96	32,4%	106	35,8%	60	20%	34	11,4%
Total		296				100%	

Elaboración propia

A pouca relevancia dada ao actor científico agrávase aínda máis se se pensa que nesta categoría recóllense as aparicións nas pezas informativas tanto dos actores científicos de

Discursos e identidades na crise do Prestige organismos oficiais coma o CSIC que dan informes supervisados polo goberno como aquelas voces a título persoal ou de científicos universitarios. Polo tanto vese un desinterés por dar entrada a este actor. Isto contrasta coa necesidade durante unha crise de ter opinións ou voces expertas que contextualicen as causas e consecuencias do sucesos.

Os científicos e a tematización														
Temas	LVG			CG			EP			ABC				
	1ª	2ª	3ª	1ª	2ª	3ª	1ª	2ª	3ª	1ª	2ª	3ª	nº	%
Accidente afundimento	3	1	0	0	1	0	0	0	2	0	0	0	7	2,3
Goberno-actuación	3	1	2	1	0	1	3	0	4	2	1	1	19	6,4
Goberno alonxamento	2	1	0	1	1	0	1	0	0	0	0	1	7	2,3
Impacto ecolóxico	8	7	5	8	9	6	5	6	0	3	3	0	60	20
Económico impacto	0	3	2	0	1	0	0	0	0	1	0	0	7	2,3
Económico subvención	1	1	0	2	0	0	0	0	0	0	0	0	4	1,3
Limpeza Prestige	3	6	5	11	4	3	2	3	0	0	0	2	39	13
Normativa transporte	0	0	1	1	1	1	0	0	0	0	0	0	4	1,3
Outros	1	0	4	0	2	3	1	1	1	1	0	0	14	4,7
Prestige condicións	2	2	0	4	0	1	1	1	0	1	0	0	12	4
Riscos para a saúde	7	3	1	0	2	0	1	1	0	0	1	0	16	5,4
Selado/ extracción fuel	0	8	3	4	6	11	1	4	3	3	5	4	52	17
Sit. mareas/vertidos	3	7	0	8	11	2	8	3	8	4	1	0	55	18
Total	33	40	23	40	38	28	23	19	18	15	11	8		
	96			106			60			34				
	296													
	Elaboración propia													

O Impacto ecolóxico foi o tema no que apareceu máis o actor científico sendo neste caso fonte de información sobre as consecuencias do afundimento do barco petroleiro seguido da situación das mareas negras e os vertidos. Pediuselles a súa opinión sobre as consecuencias para o ecosistema . Na portada de El País, do 26 de decembro, publícase unha información: “Los científicos pronostican un lenta recuperación” ou en El Correo Gallego “Tres años de recuperación”, días antes, o 10 de decembro. Tamén foron consultados sobre os riscos para a saúde do consumo de pescados e mariscos. Este tema implica o impacto económico para Galicia xa que é a pesqueira é unha das súas maiores industrias. La Voz de Galicia (12/1) sinala: “Los análisis confirman que el marisco gallego es apto para el consumo”. Dos días despois, El Correo Gallego: “Seguridad Alimentaria garantiza la calidad del pescado y el marisco gallego”. O impacto económico tamén estivo presente nas informacións. Para ABC (30/11): “Investigadores de Santiago calculan en 10 años el tiempo mínimo de recuperación”.

Polémico foi o tema dos riscos do fuel do Prestige polas contradictoria versións entre España e Francia. O 24 de novembro, La Voz de Galicia apunta: “Toxicología alerta del alto

contenido de azufre del fuel vertido por el Prestige”. O xornal recolle a información que lle proporciona José Cabrera Forneiro, xefe do servizo de información toxicolóxica. Nesta información o diario explica que o goberno non fixo público ningún análise químico do combustible polo momento: “Aunque de momento el Gobierno no ha hecho público ningún análisis químico oficial del combustible, expertos como José Cabrera alertaban ayer a los equipos de rescate para que tomaran precauciones al entrar en contacto con el fuel o la arena contaminada”. Esta información é unha pequena noticia e non se explica en ningún momento os perigos que pode supoñer entrar en contacto con este fuel. O 28 de decembro, El Correo Gallego publica: “El CSIC aconseja un estudio epistemológico de los efectos del fuel” en referencia á presentación da institución científica do seu informe. Un día despois El País explica que “El informe del CSIC sobre la toxicidad del fuel del Prestige copia uno anterior francés”: “es una copia resumida del que el 29 de noviembre, 16 días después del accidente del petrolero, elaboró el CEDRE, un instituto francés dedicado a estudiar la contaminación de las aguas” nunha información que leva en portada.

Durante toda a crise hai moitas informacións contradictorias nas que ao final da peza ou a ler a peza e outra publicado o mesmo día ou noutro día non sabes realmente o que acontece. Vense, polo tanto, exemplos do pernicioso da “doctrina da equidade” que sinalaba Juan Ramón Muñóz Torres como a crenza de que “para informar basta con difundir distintas versións sobre un tema, para que o lector poida elixir entre elas, como se a verdade puidera ser obxecto de elección”. Moitos exemplos disto danse cando o actor é científico. Danse diferentes versións do actor goberno e do actor científico e tamén entre diferentes actores científicos.

Un exemplo sería as informacións publicadas por El Correo Gallego sobre se había escapes ou non de fuel no buque uns días despois do afundimento. O mesmo 20 de novembro recóllese a hipótese da solidificación do fuel: “Fomento prevé que el fuel quedará solidificado en los fondos marinos”. Ao día seguinte, informa que: “El buque puede estar todavía soltando combustible al mar”. Pasa outra xornada e négase o do día anterior: “Los ingenieros navales descartan que se escape más fuel-oil del barco” e o 23 de novembro: “El Erika estuvo soltando fuel durante días”. Polo tanto, échéronse páxinas e páxinas de xornais con distintas versións. O diario xustifícase ante os lectores como que non se posicionan, simplemente dan todas as visións. En ocasións, trátase de conclusións científicas lóxicas que con sentido común poderían ser defendidas desde o principio. Da entrevista que lle fai a xornalista especializada en xornalismo científico Malen Ruiz de Elvira ao oceónografo e tripulando do Nautilo, Fiz Fernández, sae un titular revelador: “El fuel seguirá subiendo porque su densidad es menor que la del agua” (17/01). Non hai dúbida a especulacións, a entrevista nun titular da unha explicación científica coñecida por todos e que podía ter evitado as especulacións feitas durante dous meses polos diarios sobre se o petróleo emerxerá ou non.

Pódese ver como si houbo unha tendencia duns diarios polas versións máis oficiais e doutros polas máis alternativas. En canto ao tema do salvamento do Prestige, o ABC reforza a versión oficial da acertada xestións gubernamental dos días seguintes ao afundimento. O 26 de novembro publicaba unha información titulada: “As 7 razóns que desaconsellaron el trasbordo de la carga”. Segue en xaneiro, o 17, dando voz a quen apoia este enfoque: “El centro anticontaminación galo apoya que se alejara el petrolero de la costa”.

Pola outra banda, está La Voz de Galicia foise posicionando claramente en contra da xestión do salvamento do buque petrolero. O 24 de novembro dalle cabida a unha entrevista co director dos museos científicos de A Coruña, Raúl Núñez Centella: “Mover el barco hacia

el sur fue como escupir contra el viento”. O 5 de decembro tamén recolle unha información reforzando esta idea: “Científicos de Vigo denuncian que fue un error alejar el barco”. Durante a crise, tense que reforzar o feito de que a decisión de alonxar o barco foi errada. Nunha entrevista que fai El País a Jean Michel Cousteau: “La decisión de alejar el Prestige fue equivocada, muy equivocada”. Pode verse como se usa a entrevista como xénero de opinión para dar entrada a voces diferentes ao goberno.

Entre as informacións da temática, Actuación do goberno español, destaca aquelas nas que os científicos denuncian que non foron consultados na crise. Este tema aparece a raíz do artigo publicado no Science a finais de xaneiro e desaparece da axenda uns días despois das primeiras informacións. Moitos diarios titularon estas información desde o enfoque en que o problema foi a que non foron consultados. Por exemplo, en El País: “300 científicos denuncian nun manifesto a súa marxinação” (21/01/2003). O día seguinte son contestados polo ministro de ciencia e tecnoloxía, Josep Piqué. Así o explica o titular dunha noticia en El Correo Gallego: “Piqué niega que se haya marginado a los científicos” Noutras informacións tres días despois en La Voz de Galicia sinálase no titular que o problema foi a xestión do goberno: “Más de 400 expertos critican la deficiente gestión” e tamén ese día publica: “Los científicos denuncian que el CSIC carece aún de plan para Galicia”. Uns días antes, o 22 de xaneiro, Piqué visitaba o Centro de Investigación Mariña de Vigo. La Voz de Galicia recolle: “Científicos de Vigo se rebelan ante Piqué por marginarles en la crisis”. Despois desta confrontación directa co goberno, o actor científico desvaécese en diarios como el ABC e El Correo Gallego e segue activo no xornal El País.

Outras informacións aparecen xa nos primeiros días da crise. El País publica o 6 de decembro: “Manifiesto contra la actuación del gobierno” e seis días máis tarde reforza coa información en portada: “Los científicos creen que el Prestige causará una marea negra prolongada”

5.2.3.3.2. A xente do mar

Unha primeira aproximación comparando a presenza do actor científico coa do actor xente do mar é que primáronse as vítimas e os heroes representados nos traballadores do mar sobre os expertos. Fíxose máis atención, polo tanto, ao humano que ao técnico científico.

A xente do mar nos diarios analizados							
La Voz de Galicia		El Correo Gallego		El País		ABC	
225	38.6%	211	36%	87	14,9%	59	10%
Total				582		100%	
Elaboración propia							

Os diarios galegos foron os que máis importancia lle deron o actor xente do mar. Se comparamos o global das aparicións deste actor nos catro diarios, vemos que La Voz de Galicia cun 38,6% foi o que máis cobertura lle deu; seguido de El Correo gallego, cun 36%. Nunha análise das quendas establecidas descubrimos que é no primeiro periodo cando os diarios galegos teñen máis presente a este actor e no terceiro. Mentres que para El País é na segunda quenda e para no ABC hai un gradación decrecente da primeira á última etapa. Na primeira etapa estarían episodios como a limpeza das Rías por parte dos mariñeiros. Un feito que tivo moita cobertura en La Voz de Galicia e en El Correo Gallego mentres que no terceiro o fin da prohibición de pescar ocuparía moitas liñas nestes diarios. Tamén a xente do mar protagonizaría en diferentes etapas, aínda que principalmente na primeira, pezas informativas

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

sobre o impacto social nas zonas afectadas polo Prestige.

A xente do mar nos diarios analizados por quendas																							
La Voz de Galicia						El Correo Gallego						El País						ABC					
1ª	%	2ª	%	3ª	%	1ª	%	2ª	%	3ª	%	1ª	%	2ª	%	3ª	%	1ª	%	2ª	%	3ª	%
97	43	54	24	74	32	83	39	69	32	59	28	34	39	38	43	15	17	28	47	18	30	13	22
225		100%				211		100%				87		100%				59		100%			
Elaboración propia																							

Na táboa comprobamos como a limpeza do Prestige e as informacións sobre os medios para elo son nas que máis presenza ten este actor. Para La Voz de Galicia estas informacións son nas que máis aparece o actor xente do mar na primeira queda, seguidas das referidas o impacto social e o impacto económico. Polo tanto destácase o seu papel como parte da solución do problema, a limpeza, e como vítimas que van sufrir un forte impacto na súa forma de vivir e nas súas economías polas mareas negras. Na segunda queda na que La Voz de Galicia dalle menos espazo a este actor seguen presentes nas pezas sobre Limpeza do Prestige e impacto económico e comezan a seguen a ser tamén importantes os temas de subvencións e axudas económicas que forman parte da solución do problema e a actuación dos mariñeiros nas que entran como a folga de fame. Na terceira queda a prohibición de pesca é o tema que destaca sobre o resto en La Voz de Galicia.

Como acontecía en La Voz de Galicia, para El Correo Gallego é importancia ao principio da crise o rol da xente do mar na limpeza da contaminación do Prestige, as súas demandas de medios para facelo e o impacto social que van sufrir. Destaca neste diario a grance importancia que lle da a este actor nas informacións sobre as subvencións e as axudas económicas que para eles á a cuarta tematización do actor xente do mar. Na segunda etapa analizada seguen sendo importantes estes actores nos mesmos temas e na terceira, como xa acontecía no outro diario galego, a prohibición de pesca despunta.

Xa se comentou que o actor xente do mar tivo pouca entrada nos diarios El País e ABC. Para El País este actor estivo presente nas información sobre os medios de limpeza e despois nos que trataban sobre a limpeza. Pola contra, para el ABC a súa presenza en limpeza medios case non existiu e sí tivo relevancia na limpeza do Prestige.

Polo tanto, foi o tema da limpeza da contaminación do Prestige onde tivo máis cabida o actor xente do mar. En la Voz de Galicia, o 29 de novembro, aparece a peza: “Una avanzadilla de 20 pesqueros saldrán al encuentro del fuel”. Para o ABC, o 4 de decembro: “Angustioso combate cuerpo a cuerpo de los pescadores de las Rías Bajas contra la marea” e ao día seguinte: “Los pescadores asumen la responsabilidad de plantar cara a la marea por la falta de medios”. Entre este actores tamén están recollidos os de outras partes de España que en febreiro comezaron a recibir as consecuencias do Prestige. En El País, o 7 de febreiro: “Pesqueros vascos recogen 2000 toneladas de fuel en solo un día”.

En canto ás informacións sobre a falta de medios para levar a cabo a limpeza, como exemplo a peza de La Voz de Galicia, do 21 de novembro: “Las cofradías del sur denuncian la falta de medios”. Sobre o impacto social, o mesmo diario publica varias pezas informativas, entre elas a do 3 de decembro co titular: “É terrible, este pobo vive do mar”

A xente do mar e a tematización																								
Temas	LVG						CG						EP						ABC					
	1 ^a		2 ^a		3 ^a		1 ^a		2 ^a		3 ^a		1 ^a		2 ^a		3 ^a		1 ^a		2 ^a		3 ^a	
	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%
Goberno-actuación	2	2	2	3,7	0	-	2	2	1	-	2	3	3	9	3	8	0	-	3	11	0	-	1	-
Impacto ecolóxico	6	6	0	-	2	2	2	2	0	-	0	-	1	-	1	-	0	-	1	-	0	-	0	-
Económico impacto	15	15	10	18	6	8	5	6	4	5	3	5	1	-	4	-	1	-	0	-	2	11	0	-
Económico subvención	6	6	6	11	2	2	10	12	6	8	7	11	3	9	2	5	1	-	7	25	1	-	1	-
Emerxencia plans	1	-	1	-	0	-	1	-	3	4	0	-	0	-	0	-	0	-	0	-	0	-	0	-
Limpeza medios	10	10	4	7,4	2	2	12	14	17	24	1	-	11	32	6	15	0	-	0	-	2	11	0	-
Limpeza Prestige	22	22	8	14	7	9	20	24	17	24	10	16	6	17	5	13	5	33	9	32	3	16	2	15
Mariñeiros actuación	1	-	7	12	0	-	4	5	6	8	2	3	2	6	2	5	1	-	1	-	0	-	1	-
Outros	1	-	4	7,4	1	-	4	5	1	-	9	15	1	-	3	8	0	-	1	-	4	22	2	15
Prohibición de pesca	2	2	5	9,2	46	62	2	2	2	2	19	32	0	-	1	-	2	-	0	-	2	11	5	38
Riscos para a saúde	3	3	0	-	0	-	0	-	0	-	1	-	0	-	0	-	0	-	0	-	1	-	0	-
Selado/ extracción fuel	0	-	1	-	2	2	0	-	3	4	0	-	0	-	0	-	2	-	0	-	0	-	0	-
Sit. mareas/vertidos	5	5	2	3,7	4	5	6	7	5	7	4	6	2	6	3	8	1	-	1	-	0	-	0	-
Social Impacto	21	21	3	5,5	2	2	12	14	3	4	0	-	4	11	7	18	0	-	5	18	3	16	1	-
Zonas afectadas	0	-	0	-	0	-	2	2	1	-	0	-	0	-	0	-	2	-	0	-	0	-	0	-
Xunta actuación	2	2	1	-	0	-	1	-	0	-	1	-	0	-	1	-	0	-	0	-	0	-	0	-
Total	97	54	74	83	69	59	34	38	15	28	18	13	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%
	225						211						87						59					
	Elaboración propia																							

O tema da prohibición ou non de pescar nas augas galegas estivo presente durante a crise nos diarios galegos, e sobre todo, en La Voz de Galicia. No terceiro trimestre fai 46 referencia a isto nas que o actor son os mariñeiros. O 28 de novembro publica a información: “Los arrastreros solicitan que se les impida faenar entre Cedeira y Ribeira” máis adiante o 15 de xaneiro, o diario galego explica no titular dunha noticia que “Las cofradías del norte rechazan por temeraria la reapertura de las Rías”.

Como xa se dixo o tema das axudas e subvencións tivo tamén como actor á xente do mar, sobre todo, en El Correo Gallego, que prestoulle maior atención. O 24 de novembro, este diario publica unha noticia co titular: “Las ayudas son un tranquilizante para los pueblos” nesta liña, o ABC, o 13 de decembro: “Los jornales del chapapote”. El País dalle unha volta o tema o 9 de xaneiro co titular: “Ayudas para tapan la boca”

Informacións nas que se fala da actuación dos mariñeiros son moi variadas. Entre elas, a do 19 de decembro de El País: “Casco critica a los huelguistas de hambre y los opone a los que se vuelcan contra la marea”. Sobre a folga de fame publica o mesmo xornal uns días máis adiante, o 23 de decembro: “Los patrones dejan la huelga de hambre tras transcender el

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

Gobierno a sus presiones”. En contraposición, o enfoque do ABC sobre a actuación do goberno que publica o 19 de novembro unha noticia co titular: “Las Cofradías destacan la especial sensibilidad del Gobierno y la Xunta”; o 26 de novembro, “Están facendo leña do árbol caído” ou o 16 de xaneiro: “<<El ejecutivo se equivocó pero la oposición fue barriobajera>>”.

5.2.4. O actor da protesta: Nunca Máis

Os medios de comunicación son vitais para os movementos sociais. Por unha banda, son o espazo ou tribuna pública onde entran os debates e cuestións máis relevantes do momento. Por outra banda, o feito de ser actores públicos lévalles a ser retratados polos medios, a ter unha identidade mediática. Malia iso a entrada da protesta nas páxinas de información non é sempre sinxela, sobre todo, se cuestiona o orde establecido.

Antes de entrar analizar a presenza de Nunca Máis na prensa, fagamos un repaso das información publicadas polos catro diarios sobre as diferentes protestas durante a crise do Prestige, non todas protagonizadas por Nunca Máis. Na seguinte táboa, recóllense as informacións de manifestacións, actos simbólicos como apagón solidario ou a cadea humana e a folga de fame dos mariñeiros, entre outras.

A relevancia da protesta nos diarios analizados							
La Voz de Galicia		El Correo Gallego		El País		ABC	
94	38,5%	67	27,4%	62	25,4%	21	8,6
Total				244		100%	
Elaboración propia							

Vendo o cadro, compróbase que nos tres primeiros meses e medio despois da catástrofe do Prestige, publicáronse en total, entre os catro diarios, 229 informacións sobre a protesta. O diario que introduxo nas súas páxinas máis destas informacións foi La Voz de Galicia, un 38,%, seguido de El Correo Gallego, un 27,9%; El País, un 25,4% e o ABC, un 8,6%.

Se se fai unha categoría de protesta dentro das informacións totais publicadas sobre as 4768 pezas informativas analizadas da catástrofe do Prestige nos catro diarios, pódese considerar que o 5,1% da cobertura estivo destinada á protesta.

Diarios analizados e unidades informativas								
	La Voz de Galicia		El Correo Gallego		El País		ABC	
Protesta	94	6,1%	67	4,3%	62	6,2%	21	2,7%
Total	1531	100%	1555	100%	929	100%	753	100%
Elaboración propia								

Nunha comparativa entre as pezas publicadas sobre protestas e o total de unidades en cada un dos diarios, compróbase que El País foi o que fixo maior cobertura proporcionalmente, un 6,2% do total das súas información. Incluso por enriba da media do global, do 5,1%. En segunda posición, La Voz de Galicia, cun 6,1% do total das súas unidades informativas e en terceiro lugar, El Correo Gallego. Bastante por detrás, el ABC, cun 2,7%. Polo tanto, pódese ver que a protesta ten dificultades para entrar na axenda mediática do ABC.

No estudo pártese da premisa que actores da protesta como mariñeiros, estudantes, voluntarios eran parte de Nunca Máis. Os movementos sociais non teñen afiliados senon

Discursos e identidades na crise do Prestige activistas ou cidadáns que participan dunha ou outra maneira. Mais os diarios distinguiron entre os eventos convocados pola plataforma e outros. Burla Negra, inclúese dentro de Nunca Máis, aínda que houbo unidades informativas nas que se fixo referencia explícita ao colectivo. Neste casos, sempre se aclarou que pertencía á plataforma Nunca Máis. Na seguinte táboa vese os actores protesta máis que apareceron nas pezas informativas analizadas.

Cobertura informativa dos actores da protesta por La Voz de Galicia								
	La Voz de Galicia		El Correo Gallego		El País		ABC	
Nunca Máis	66	70%	53	79%	47	75,8%	18	85,7%
Xente do mar	10	10,6%	2	2,9%	8	12,9%	2	9,5%
Greenpeace	3	3,1%	1	1,4%	4	6,4%	-	
Ensinanza	11	11,7%	7	10,4%	-	-	1	4,7%
Outros	4	4,2%	4	5,9%	3	4,8%	-	
Total	94	100%	67	100%	62	100%	21	100%
Elaboración propia								

Polo tanto, Nunca Máis foi para todos os diarios o actor principal da protesta. La Voz de Galicia diferenciou entre Nunca Máis e a protesta, por exemplo, dos mariñeiros (folga de fame) e dos estudantes galegos na cadea humana. En cambio, El País considerou que a cadea humana era un acto dentro da loita do movemento social Nunca Máis. Tamén hai que destacar que El País foi quen cubriu máis as accións de Greenpeace, seguido de La Voz de Galicia.

Nunha análise máis a fondo sobre o actor Nunca Máis hai que engadir todas aquelas información que trataron sobre el e non foron a causa da súa natureza como axente da protesta. Trátanse de todas a información que envolven a Nunca Máis coa polémica. Este tipo de información comezaron a aparecer a principios de xaneiro.

Ao recontar todas aquelas unidades informativas nas que se menciona ao actor Nunca Máis, implícita ou explícitamente, son 279 unidades informativas. O diario que deu máis entrada a este actor foi La Voz de Galicia, con 88 pezas; seguido de El Correo Gallego, con 77; despois ABC, con 61; e por último, El País, con 53. Como se ve na táboa dabaixo na que se analiza a entrada do actor Nunca Máis proporcionalmente ao global das unidades de cada diario acontece que ABC foi o que lle deu máis importancia.

Diarios analizados e unidades informativas sobre Nunca Máis								
	La Voz de Galicia		El Correo Gallego		El País		ABC	
Nunca Máis	88	5,7%	77	4,9%	53	5,7%	61	8,1%
Total	1531	100%	1555	100%	929	100%	753	100%
Elaboración propia								

Na seguinte táboa obsérvase como ABC fixo maior cobertura de Nunca Máis coma actor da polémica que coma actor da protesta. En contraposición, El País cubriu o actor Nunca Máis en situación de protesta principalmente, cun 88,7% e só un 11,3% na polémica.

Información sobre o actor Nunca Máis na prensa analizada								
	La Voz de Galicia		El Correo Gallego		El País		ABC	
Protesta	66	75%	53	68,8%	47	88,7%	21	34,4%
Polémica	22	25%	24	31,2%	6	11,3%	40	65,5%
Total	88	100%	77	100%	53	100%	61	100%

Elaboración propia

Como xa se mencionou, hai un cambio de representación do actor Nunca Máis a partir de principios de xaneiro, é aí cando comezan a aparecer pezas informativas da polémica. Contamos as pezas informativas sobre a polémica e sobre a protesta e dividímolos en dúas quendas: as publicadas antes de xaneiro (1ª quenda) e as despois (2ª quenda).

Información sobre o actor Nunca Máis na prensa analizada																
	La Voz de Galicia				El Correo Gallego				El País				ABC			
	1ª	%	2ª	%	1ª	%	2ª	%	1ª	%	2ª	%	1ª	%	2ª	%
Protesta	45	100	21	49	36	100	17	41,4	22	100	25	80,6	15	94	6	13
Polémica	-	-	22	51	-	-	24	58,5	-	-	6	19,3	1	6	39	86
Total	45	100	43	100	36	100	41	100	22	100	31	100	16	100	45	100

Elaboración propia

Nesta táboa compróbase que a polémica envolve a Nunca Máis a partir de xaneiro en todos os diarios menos en El País que só lle dedica o 19,3% das informacións sobre Nunca Máis deste periodo. En La Voz de Galicia ocupa o 51% a polémica fronte á protesta, o 49%; en El Correo Gallego, o 58,5% a polémica fronte ao 41,4 da protesta; e no ABC a súa presenza é a maior de entre os catro, co 86% das informacións sobre Nunca Máis ao redor dos casos polémicos que se lle atribuíron nesta segunda etapa.

Unha maneira de ver a relevancia que se lle atribuiu ao actor Nunca Máis é analizar en cantas portadas apareceu e por suposto, se foi noticia polas manifestacións ou actos de protesta ou polas polémicas que se lle atribuíron.

Portadas sobre o actor Nunca Máis na prensa analizada				
	La Voz de Galicia	El Correo Gallego	El País	ABC
Protesta	8	6	5	2
Polémica	3	3	-	-
Outras	1	-	-	-
Total	12	9	5	2

Como podemos observar os actos de protestas foron máis relevantes que a polémica na meirande parte dos diarios nas súas portadas. Hai que sinalar que codificouse a noticia “Varias personas intentan abalanzarse sobre el coche de Rajoy cuando acudía a un acto a Galicia” como protesta e non como polémica. En canto o titular en serie publicado na portada de La Voz de Galicia do 27 de xaneiro clasificouse como Outras.

Nunha análise das portadas de La Voz de Galicia apréciase que o actor Nunca Máis só

Discursos e identidades na crise do Prestige acaparou a noticia principal de portada en tres ocasións: “Marea humana contra marea negra”, “El BNG patentó a su nombre la plataforma y la bandera de Nunca Más” y “Nunca Más convoca en Madrid a más de 300.000 personas”. Destas tres informacións, só as dúas sobre manifestacións van acompañadas de imaxes e ocupan case toda a portada.

Outras como “Quince mil personas se manifiestan en Santiago y exigen dimisiones” e “Un cadena de 42.000 escolares llena de vida la Costa da Morte” son noticias secundarias de portada acompañadas dunha imaxe da manifestación ou do evento reivindicativo. Noticia secundaria sen fotografía é: “El fiscal general ordena investigar las cuentas de Nunca Más” que queda relegado pola noticia principal do día: “Fraga destituye a Cuíña”. Tamén sen fotografía aparece outra información do ámbito xudicial e como secundaria: “Nunca Más se querella contra el Gobierno central por la catástrofe del <<Prestige>>”. Como fotografía que ilustra outras pezas sobre o Prestige preséntase a imaxe de “Miles de personas protestaron ayer en la playa del Orzán”. Como secundaria en serie está: “La plataforma Nunca Más recibe en el País Vasco el premio Sabino Arana” y como un breve en una columna: “Fraga acusa al BNG de <<batasunizar>> Galicia con Nunca Más.

Nunha análise sobre os contidos dos titulares, destacar que só no da manifestación de Santiago explícase as demandas de Nunca Más (por que protesta), especifícase que “exigen dimisiones”, no resto elúdense.

Portadas de la Voz de Galicia do actor Nunca Más	
Data	Titular
02/12/2002	Marea humana contra marea negra
12/12/2002	Quince mil personas se manifiestan en Santiago y exigen dimisiones
29/12/2002	Pé de foto: Miles de personas protestaron ayer en la playa del Orzán
17/01/2003	El fiscal general ordena investigar las cuentas de Nunca Más
20/01/2003	Nunca Más se querella contra el Gobierno central por la catástrofe del <<Prestige>>
23/01/2003	Una cadena de 42.000 escolares llena de vida la Costa de la Muerte
27/01/2003	La plataforma Nunca Más recibe en el País Vasco el premio Sabino Arana
10/02/2003	Cien mil personas pidieron en A Coruña “nunca más”
13/02/2003	El BNG patentó a su nombre la plataforma y la bandera de Nunca Más
14/02/2003	Fraga acusa al BNG de <<batasunizar>> Galicia con Nunca Más
19/02/2003	Destacado: Admitida a trámite la querella de la plataforma Nunca Más contra las autoridades de Fomento
24/02/2003	Nunca Más convoca en Madrid a más de 300.000 personas

El Correo Gallego abre o 2 de decembro de 2002 coa manifestación de Nunca Más a toda plana só un pequeno anuncio á dereita dunha marca de coches rouballe un pouco de protagonismo. O titular é “Galicia vive la mayor protesta de su historia para que no se repita la tragedia del 'Prestige' con dous subtítulos: “Entre 150.000 y 200.000 personas colapsaron Santiago para reclamar al Gobierno la declaración de zona catastrófica” e “Fraga promete limpiar hasta el último centímetro de costa, asegura que “hemos aprendido la lección” y anuncia que exigirá a la UE que se vuelque en ayudas. Abaixo da fotografía a modo de información secundaria está unha editorial titulada: “Dolorosamente hartos” e encadra perfectamente cal foi o problema, quenes os responsables e cal a solución. O diario atribúe

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

este enmarcamento aos manifestantes da convocatoria de Nunca Máis ou máis ben á sociedade galega. A editorial di: “Galicia salió ayer a las rúas de Compostela porque está dolorosamente harta de ver pasar frente a sus costas y en la más absoluta impunidad a los barcos-basura, las bombas de relojería que suponen los 4.000 buques que cada año nos amenazan...” (problema) e “Pero Galicia salió a la calle también para pedir responsabilidades. En primer lugar a la Unión Europea y subsidiariamente al gobierno de la nación, para que no permita que esta situación se prolongue durante más tiempo y apliquen desde ahora la normativa impulsada por la comisaria Loyola de Palacio...”.

A outra manifestación á que lle da a relevancia do titular e a imaxe principal en portada é á protesta de Madrid en febreiro. Tamén hai un plano xeral da manifestación como na de Compostela. Hai uns subtítulos: “Decenas de miles de personas-cien mil para la Delegación del Gobierno, un millón para los organizadores- se manifestaron bajo el lema “Queremos conocer la verdad. Exigimos responsabilidades”, “Sátira, retransmisión y mucho humor en una protesta que abrió un trailer disfrazado de Prestige, en el que viajó una versión paródica y brasileña de Aznar, Fraga, ministros y consejeros”, “López Veiga anuncia la reapertura gradual de la pesca para abastecer a un mercado “ansioso de productos gallegos” e “La cúpula del Gobierno se vuelca con Galicia”. Como podemos observar, nestes titulares e nos do resto de portadas non se explica a existencia do movemento social de dimisións dos xestores da crise do goberno español. Tampouco na primeira protesta de Nunca Máis que documenta El Correo Gallego en Muxía (“Más de tres mil voces gritan 'nunca máis'”), dous días antes da histórica de Compostela, nin na imaxe do 12 de decembro da manifestación en Vigo que se explica nun subtítulo en serie da portada: “Más de doscientos mil gallegos salieron anoche a las calles, en la víspera de la doble moción de censura de Bloque y PSdeG contra Fraga”.

En canto as información da polémica só unha: “Los carteles de 'Nunca Máis los diseña la empresa que le lleva las campañas al Bloque” foi noticia principal de portada, sen imaxe e con dous subtítulos de serie aclarándoa: “El responsable de la compañía coruñesa de marketing Torné e asociados es asesor externo de los nacionalistas” e “De las cuatro personas con firmas autorizadas en las cuentas de la plataforma, una es secretario de la CIG y otra lleva finanzas del BNG”.

Portadas de El Correo Gallego do actor Nunca Máis	
Data	Titular
29/11/2002	Más de tres mil voces gritan 'nunca máis'
01/12/2002	Galicia grita hoy ¡nunca máis! mientras una segunda marea negra salpica Costa da Morte
02/12/2002	Galicia vive la mayor protesta de su historia para que no se repita la tragedia del 'Prestige'
12/12/2002	Pié de foto: Impresionante panorámica de la manifestación que anoche recorrió bajo la lluvia las calles de Vigo
10/01/2002	Destacado: Fraga dice que al frente de 'Nunca Máis' están radicales “que se mueven fuera de la Constitución” y la plataforma no cierra las puertas a ser investigada
13/01/2003	Comisiones quiere frenar a la UPG en 'Nunca Máis'
14/01/2003	Destacado: Vázquez se desmarca de la línea del PSOE y acusa: “Radicales e independentistas dirigen Nunca Máis”
23/01/2003	Nunca Máis espera hoy doscientos mil gallegos
24/01/2003	Una marea humana pide 'nunca máis' en Madrid

Pola súa banda, El País indicou desde o principio que os responsables da catástrofe estaban no goberno español na información principal do día 2 de decembro: “Más de 150.000 gallegos exigen dimisiones por el desastre ecológico”. Nos subtítulos sinala: “El PP no acudió a la protesta de Santiago, la más numerosa de la historia de Galicia. Subliñar que El País é o único diario dos analizados que ese día non abre portada cunha imaxe da manifestación senón de voluntarios limpando o fuel das praias. Un voluntario leva pintado nas costas: “Fraga ven”.

A seguinte manifestación que aparece en portada é o Velorio do Mar que só ten unha imaxe do día despois coas cruces prantadas na praia de Riazor que acompaña a peza informativa: “El informe del CSIC sobre la toxicidad del fuel copia uno francés anterior”. Na columna esquerda unhas declaracións de José Luís Rodríguez Zapatero: “La situación de crisis nos obliga a estar preparados para gobernar”. Nesta peza explícase que Zapatero foi seleccionado por El País Domingo como protagonista político do ano.

Outra das informacións sobre Nunca Máis que destaca en portada El País, o 23 de xaneiro, é nunha pequena peza na columna dereita: “Nunca Más reúne a 45.000 jóvenes en una cadena humana contra la marea negra” sen acompañamento gráfico. Na noticia pódese ler que os estudantes foron convocados por Nunca Máis, concretamente polo colectivo de profesores Area Negra e ao final fai referencia á polémica que envolve eses días á plataforma: “La plataforma, atacada en las últimas semanas por los dirigentes del PP tanto del Gobierno como en el gallego, consideró un éxito la convocatoria”.

O 10 de febreiro unha pequena peza trata sobre a chamada “manifestación das maletas” baixo o titular: “Decenas de miles de gallegos exigen un mar limpio de fuel para no tener que emigrar”. Parece como se fixese referencia ao colectivo “Mar Limpo”, nacido da catástrofe do Mar Exeo, e destaca a temática da emigración da manifestación. No interior lese: “Las cofradías de pescadores exigieron responsabilidades políticas por la catástrofe del Prestige, la limpieza completa de la costa y un plan de regeneración ambiental y económica”. En canto á manifestación do 24 de febreiro, é a única na que El País dalle o titular e a imaxe principal de portada. Pode ser porque a manifestación celebrouse en Madrid. Dentro da información só hai declaracións directas de Zapatero que asistiu á manifestación: “Que a estas alturas no haya habido asunción de ninguna responsabilidad es muy elocuente de qué tipo de gobierno tenemos”. Na peza infórmase que ademais de Zapatero asistiron Xosé Manuel Beiras, BNG; Gaspar Llamazares, IU e os sindicalistas, Cándido Méndez e José María Fidalgo. Ao final da información recóllese o parecer do goberno: “El Gobierno descartó ayer la depuración de responsabilidades políticas en forma de dimisiones, alegando que, aunque al principio de la crisis cometió errores, <<ya se han pagado>>”.

Portadas de El País do actor Nunca Máis	
Data	Titular
02/12/2002	Más de 150.000 gallegos exigen dimisiones por el desastre ecológico
29/12/2002	Pé de foto: Varios miles de personas, que acudieron a la convocatoria de Nunca Más, plantaron ayer cruces en la playa de Riazor, en A Coruña, para simbolizar la muerte del mar como consecuencia de la marea negra provocada por el Prestige
23/01/2003	Nunca Más reúne a 45.000 jóvenes en una cadena humana contra la marea negra
10/02/2003	Decenas de miles de gallegos exigen un mar limpio de fuel para no tener que emigrar
24/02/2003	Una marea humana exige en Madrid responsabilidades por el Prestige

El ABC nunca fixo referencia ao actor Nunca Máis nas súas portadas. O 2 de decembro cunha imaxe pechada, un plano medio dun manifestante cun paxaro crucificado, abre a portada baixo o titular: “La manifestación contra los vertidos del <<Prestige>> deriva en una crítica a la clase política”. Un subtítulo di: “Ausencia del PP y abucheos a Zapatero en Santiago, en la mayor concentración de la historia de Galicia”. A segunda ocasión na que aparece a protesta na portada é nun pequeno destaque, sen imaxe nin ningunha outra referencia ao Prestige, no que sinala: “Varias personas intentan abalanzarse sobre el coche de Rajoy cuando acudía a un acto a Galicia”, xa en páxinas interiores explícase que foron manifestantes da plataforma Nunca Máis.

Portadas de ABC do actor Nunca Máis	
Data	Titular
02/12/2002	La manifestación contra los vertidos del <<Prestige>> deriva en una crítica a la clase política
09/02/2003	Varias personas intentan abalanzarse sobre el coche de Rajoy cuando acudía a un acto a Galicia

5.2.4.1. A cobertura da protesta

As noticias sobre a manifestación seguen un guión máis ou menos parecido nas diferentes convocatorias: cifras de manifestantes, crónica de ambiente, algún anaco do manifesto e as declaracións dos membros dos partidos políticos da oposición (Partido Socialista, Bloque Nacionalista Galego e Esquerda Unida). O discurso de Nunca Máis só é recollido con algunha cita extraída do manifesto. É de louvar que na manifestación do 1 de decembro El Correo Gallego reproduce enteiro o manifesto lido por Manolo Rivas. Este foi o espazo máis grande no que se recolle o discurso de Nunca Máis sobre o suceso do Prestige. Nesta mesma manifestación, La Voz de Galicia recolle algunhas propostas deste manifesto nunha información secundaria.

As manifestación son narradas como crónicas sociais na meirande parte dos casos. Isto fai que se recolla informacións anecdóticas como o colapso nas autopistas da protesta do 1 de decembro ou a descrición dos manifestantes.

Os diarios destacan a grande participación que teñen as mobilizacións. Así que as fotografías adoitan ser planos xerais para ver as prazas e rúas cheas de manifestantes. O ABC foi o que publicou planos máis pechadas das convocatoria. Porén, en moitas outras ocasións o ABC, ou os xornalistas do diario, usan as imaxes para contradicir o texto ou para dar unha mensaxe que non está nesta. O 23 de xaneiro a noticia titulada: “El PP desactiva la rebelión de los diputados gallegos que ponía en peligro el Gobierno de Fraga” é acompañada da imaxe de científicos do CSIC con bandeiras de Nunca Máis na visita de Josep Piqué, no pé de fotografía lese: “Josep Piqué fue recibido en las instalaciones del CSIC de Vigo por medio centenar de investigadores al grito de <<¡nunca más!>> y con banderas de la plataforma. A fotografía máis significativa é a publicada o 25 de xaneiro, o día despois do anuncio do Plan Galicia. Baixo o titular: “Aznar anuncia su <<compromiso personal>> frente a la marea negra y un millonario plan de inversiones aparece unha imaxe do presidente e os seus ministros e un pouco máis abaixo unha imaxe da protesta fóra do Concello da Coruña. Nesta imaxe un rapaz ten os ollos vendados e a boca tapada en sinal da censura da protesta e da compra de vontades mediante os plans económicos do goberno.

La Voz de Galicia aproveita as súas seccións locais ou comarcais para publicar as

Discursos e identidades na crise do Prestige
informacións sobre mobilizacións nas cidades ou vilas galegas. Polo que non lles da o valor dunha información interesante para toda Galicia ou serve como modo de ocultamento. Conséguese así un desvertebramento da sociedade galega respecto á colectividade. Así, ocorre coa xira da Carpa do País de Nunca Máis, co entroido de 2003 ou co Foro Negro. Por exemplo, no caso da Carpa do País de Nunca Máis, o día da súa inauguración publicouse unha pequena noticia publicada na sección de Espectáculos. E, cada vez, que a carpa se inaugura nunha vila galega pasa á sección comarcal da zona en informacións sobre as actividades. Polo súa parte, El Correo Gallego non recolle esta información.

Os xornalistas e, máis concretamente, a manipulación dos medios de comunicación da información estaban no punto de mira dos manifestantes. Sen embargo, as referencias sobre a acusación ós media son mínimas.

LVG, 4/12/02. “Según una de las organizadoras, la intención del acto será “denunciar la situación de este país, de manera pacífica, para combatir o que este a pasar e criticar a censura mediática”

LVG, 6/12/02. Titular “Gaiteirada en protesta por la descoordinación y la falta de transparencia”

“Gran parte de los músicos y bandas de gaitas de Galicia, (...), recorrerán hoy Santiago para protestar por la descoordinación y la falta de transparencia. El acto, (...), pretende tomar las calles con música y humor, <<como berro pola liberdade de expresión>>” .

Para analizar a cobertura da protesta imos centrarnos nas dúas manifestacións ou *protest events* (Gamson, 1992) máis importantes de Nunca Máis ou as que máis transcenderon nos diarios analizados: a manifestación do 1 de decembro e a do 23 de febreiro. Nestas citas, Nunca Máis foron os promotores (Molotch e Lester, 1974 citado en Sampedro Blanco) organizaron actividades ao redor da xestión do accidente do Prestige, co fin convertelo en noticia. As porcentaxes de cobertura mediática da mesma medirá a efectividade do colectivo.

5.2.4.1.1. Manifestación do 1 de decembro

O espazo concedido, á manifestación depende segundo o diario. La Voz de Galicia dalle seis páxinas máis amportada e contraportada mentres que El Correo Gallego, 5 páxinas máis portada e contraportada. O ABC só a portada, páxina e media na sección Nacional e na de opinión unha fotonoticia na que aparecen os políticos do PSOE, José Luis Rodríguez Zapatero e José Blanco. Mais é El País o que menos información proporciona desta protesta, o titular principal da portada cunha imaxe da limpeza das praias e unha páxina da sección España.

Os diarios galegos anuncian días antes e o día mesmo da manifestación que está convocada. La Voz de Galicia sinala nunha información na páxina 13 de A Fondo: “Los organizadores esperan que la manifestación de hoy en Santiago sea <<histórica>>, segundo explica no breve reclámase “a declaración de zona catastrófica para Galicia, tras la marea negra provocada por el vertido de fuel del Prestige”. El Correo Gallego anuncia días antes a manifestación de Compostela e o día mesmo da protesta titula no mesmo sentido que o outro diario galego: “Galicia grita hoy ¡nunca máis! Mientras una segunda marea negra salpica Costa da Morte”.

La Voz de Galicia abre a información sobre a catástrofe do Presige coa manifestación e a información da marea negra nunha mesma información, así como a visita do Rey. O titular é : “Galicia responde al impacto de la marea negra con una movilización social histórica”. O antetítulo da noticia: “Decenas de miles de personas proclaman en Santiago el lema “Nunca

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

Máis” mientras la maior mancha destrozaba una franja de costa entre Cedeira y Corrubedo”. No subtítulo: “El visitará hoy las zonas dañadas en la Costa da Morte”. Contraponse así a manifestación á chegada da marea negra. Os manifestantes loitan contra a contaminación segundo da a entender a información na entradiña.

“Galicia respondió ayer al nuevo impacto de la marea negra provocada por el Prestige con una de las mayores movilizaciones sociales de su historia. Mientras decenas de miles de personas reclamaban en Santiago medidas bajo el lema <<Nunca Más>>, la mancha de 11.000 toneladas que lanzó el petrolero antes de hundirse entraba con virulencia en la costa gallega”.

A dúas columnas xunta a esta noticia principal a primeira información sobre a manifestación cunha imaxe dos paraugas baixo os que estaban os manifestantes. Non se ven nin bandeiras só a palabra “máis” nunha pancarta. O titular: “Un grito bajo un mar de paraugas” no que aparecen partes do manifesto baixo diferentes palabras destacadas: Invocación, Zona catastrófica, Dispositivo de Salvamento e Dimisións. Segundo estes fragmentos escollidos do manifesto, as reclamacións son: “sen que se nos oculte a realidade, sen que se secuestre información”, “esiximos a declaración de Galicia como zona catastrófica”, “reclamamos para Galicia a dotación dun verdadeiro dispositivo de salvamento, dun plan de emerxencia e dun operativo de reacción inmediata para loitar contra a contaminación mariña” e “reclamamos a dimisión das autoridades que coa a súa ineficiencia e irresponsabilidade”.

A seguinte información titúlase: “El eco de <<Nunca Más!>> inunda Galicia e unha crónica de ambiente sobre os manifestantes. Ao lado, da imaxe do Obradoiro cheo de paraugas, unha columna con outros fitos da protesta en Galicia (pola autonomía, fletán, etc). Abaixo outra información na que resposta a pregunta da entradiña: “Cuántos eran?” baixo o titular: “<<E cantos vamos ser?, pois unha chea, home, unha chea>>”. Na outra páxina séguese a reforzar a crónica de ambiente cunha información sobre “La masiva asistencia a la protesta colapsó los accesos a Santiago”. Nesta mesma páxina: “Huevos para Zapatero y tensión entre nacionalistas y socialistas”. Na información fai unha valoración sobre as relacións ambas formacións políticas: “La manifestación evidenció en algunos momentos enfrentamientos entre nacionalistas y socialistas” ou “En la manifestación, socialistas y nacionalistas escenificaron las tensiones entre ellos, agravadas tras la decisión del PS-deG de presentar la moción de censura contra Fraga. El BNG se esforzó en ocupar los primeros lugares de la marcha y relegar al PSdeG”. Na columna dereita imaxes de políticas e un pequeno titular debaixo. A imaxe de Beiras está sobre o destacado: “A río revuelto”; a de Llamazares: “<<Clamor>> social e a dos alcaldes de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo e o de Lugo, Xosé López Orozco sobre “Alcaldes movilizados”.

Na páxina 6 recóllense as testemuñas dalgúns asistentes á marcha de protesta baixo o título: “¿Por qué ha decidido acudir a la manifestación de Nunca Más?”. Son dez testemuñas, catro de traballadores do mar e dúas de estudantes. En ningunha delas explícase realmente cal foi o problema, só o seu apoio na loita contra a traxedia. Ao lado unha crónica na que se fala da asistencia de xente de Muxía á manifestación e faise referencia a que eles acuñaron a palabra jalipote co titular “Muxía contra o jalipote” e o subtítulo: “La denominación histórica del chapapote en el señorío de A Barca a sus marineros en una marcha de protesta a la que se sentían obligados a asistir”. Nos destacados un par de declaracións: “Había que ir a Santiago todos defendían que había que ir, aunque se arrimara un diputado al otro extremo de la pancarta, eso era lo de menos” e “se os fondos estiveran limpos, este paro biolóxico íalle vir

ben ao mar; eu só pido que mo devolvan coma o deixei, e daquela moi ben xa non estaba”. Esa crónica dá a entender que os asistentes desconfiaban da politización da protesta máis a situación obrigoulles a asistir. Na fotografía, unhas nenas de Muxía coa expresión: Nunca Máis! pintado na fronte.

Na páxina do lado, un faldón con imaxes de concentracións en Madrid, Barcelona e Bruselas. A noticia principal desta páxina son as reaccións de Fraga á protesta co titular: “La Xunta demanda que la UE ayude a Galicia con el fondo para catástrofes” e o subtítulo: “Fraga admite que pudo haber errores, <<pero só se equivoca o que traballa>>”. Nesa noticia un despiece do Manifesto do goberno galego aprobado ese día nunha reunión extraordinaria do Consello da Xunta. Este manifesto preséntase do mesmo xeito que o de Nunca Máis cuns ladillos que separaban a modo de puntos: “Solidaridad”, “Aprendizaje”, “Medidas judiciales” e “Ayuda de Bruselas”.

Despois de facer un repaso de todas as informacións publicadas por La Voz de Galicia vese que non se entende o motivo da manifestación. Suxírese que hai unha politización por parte dalgúns partidos políticos e mala relación entre o PSOE e o BNG. En resumo, hai moitas páxinas de información sen información real, da voltas ao redor da protesta sen explicala e moito menos que é ou quen é Nunca Máis.

El Correo Gallego é o que maior cobertura fai da manifestación. Dédicalle, como xa se comentou, a portada enteira. Logo, abre a sección do tema do día con ela cunha fotografía a dobre páxina da pancarta principal co lema: “Nunca Máis”. Nesa mesma páxina publícase unha fotografía xeral do Obradoiro, outra dunha nena con bágoas pintadas na meixela e un par de fotografías de políticos. Nunha delas, Quintana e Beiras e noutra, Touriño e Zapatero. O titular di: “Una espectacular `marea humana' colapsa Santiago en la mayor manifestación de la historia de Galicia”. A información ábrese coa estimación de participación, despois sinala que a manifestación máis numerosa nunca vista en Galicia. No texto sinalase que a marcha é para pedir a dimisión dos xestores da crise do goberno e pedir que Galicia sexa declarada zona catastrófica. Nun recadro faise mención á plataforma Nunca Máis e quenes a integran: políticos, sindicatos e mundo da cultura e dentro de cada un deste grupo indica personalidades que estiveron presentes na protesta ese día. Noutra información desta dobre páxina recóllese: “Rodríguez Zapatero, recibido a 'huevazos””. Nunha columna á dereita sinalábanse con breves “curiosidades”: autopista, atascos, taxis, restaurantes, Manu Chao e Centros Comerciais. A seguinte páxina ten imaxes da manifestación de Santiago e fai referencia ás concentracións noutras partes de España e de Europa: Bruselas, Barcelona, Madrid y Sevilla. Como xa se indicou recóllese noutra plana, o manifesto de Nunca Máis enteiro da plataforma, dándolle voz desa maneira ás súas reclamacións. As páxinas 12 e 13 serven para dar espazo os políticos, tanto os que estiveron na protesta, como os que responden os que alí estiveron.

A información principal e con fotografía xira ao redor das declaracións de Zapatero e en coma titular: “Zapatero: <<Es imprescindible acabar con la censura y el autoritarismo>>”, a secundaria é para Beiras e dáselle entrada co titular: “Beiras: <<Los ciudadanos reclaman la máxima responsabilidad a Fraga>>”. Nunha columna dereita recóllese declaracións doutros políticos e sindicalistas. Na páxina enfrontada está a resposta do Partido Popular a estas manifestacións. Co titular: “El PP acusa a los socialistas del uso partidista de la manifestación” e co subtítulo: “Xesús Palmou denunció la instrumentalización de la marcha en la que su partido quiso participar”. No faldón unha noticia con declaracións do presidente do goberno: “Aznar: <<Culpar de la catástrofe al Ejecutivo es una torpeza exagerada>>” e nunha columna á dereita: “Rajoy reta a Zapatero a acudir al Congreso para debatir y dar “la

cara”.

O diario El País fai unha crónica de ambiente da manifestación do 1 de decembro baixo o titular: “Más de 150.000 gallegos exigen dimisiones”. Malia que o título pode dar a entender que se vai sinalar quen debe dimitir e o porque, no interior da información danse poucas pistas. No subtítulo: “La mayor manifestación que recuerda Galicia pide responsabilidades por la catástrofe del 'Prestige'” tampouco da a entender que imos ler unha crónica de ambiente. Na entradiña xa vemos as descrições do ambiente, a alusión o mal tempo.

“En el país de la lluvia, nadie recuerda una multitud de paraguas como la que ayer colapsó el casco histórico de Santiago de Compostela. El temporal que partió el Prestige también conspiró contra los que habían convocado a la ciudadanía para proferir un grito de rabia: “Nunca Más”. Pero la lluvia no impidió que la tragedia reuniese a la mayor manifestación que se recuerda en Galicia. Desde estudiantes de bachillerato de las tierras agrícolas de Melide, en A Coruña, hasta los percebeiros de la Costa da Morte; desde jóvenes anarquistas a mejilloneros de las Rías Bajas que se confesaban militantes del PP, se unieron en una 'marea cívica' de más de 150.000 personas, según la policía municipal, que elevó un clamor para exigir responsabilidades políticas por la catástrofe”.

Esta foi a liña de toda a peza informativa que só variou para dar conta dos ovos que se lle lanzaron a Zapatero por un grupo de manifestantes. En canto as declaracións recolléronse do líder do PSOE que sinala que o goberno de Aznar atenta “contra la dignidad del pueblo gallego” e reforza a idea: “<<Decían que todo estaba controlado y no lo estaba, que no había marea negra y si la hay>>”. Logo veñen unhas palabras de Llamazares cunha idea parecida: “el desbarajuste y la mentira que según él, han caracterizado la actuación del Ejecutivo”. Pola súa banda, Beiras pide que Aznar e Fraga asuman responsabilidades e que os socialistas non politicen a desgraza (“no olvidó advertir a los socialistas contra la tentación de pescar en río revuelto”).

Nesta mestura de crónica social e declaracións políticas aparece un pequeno despece baixo o titular: “Nos han dejado una estela de ruina”. É a historia dos mariñeiros, personificada en José. Segundo se pode ler, o retratado é votante do PP mais asegura que non vai votar a este partido máis: “Yo soy militante del PP. Aunque tengo en casa el carné, para mi desgracia. Porque en los años que me quedan de vida no les vuelvo a votar más”.

Pódese concluir tras analizar a crónica social da manifestación do 1 de decembro de El País, que o diario encadra a protesta como unha oportunidades política para a oposición e como un evento social no que asistiron miles de galegos a recitar consignas. En canto a Nunca Máis como actor social non aparece só como eslogan: “los que habían convocado a la ciudadanía para proferir un grito de rabia: <<Nunca más>>”, “La pancarta de la cabecera con el <<Nunca más>>, la portaban representantes de los sindicatos y de los colectivos de pescadores” e “Hoy somos la humanidad que grita <<Nunca más>>, agregó antes de finalizar” (sobre a lectura do manifesto por parte de Manolo Rivas).

O diario ABC leva a manifestación nunha páxina e media da sección Nacional. En canto á imaxe que acompaña á crónica é máis pechada que a do resto dos diarios e encádranse só paraugas. Non se pode ler nin unha soa pancarta e aínda que hai algunha bandeira nacionalista está dobrada polo que non se ve ben. O ABC enfoca a información da manifestación na liña que marcan xa na sección de opinión nun pé de fotografía no que aparecen dirixentes socialistas na manifestación.

“Convocada por la Plataforma <<Nunca Más>>, los manifestantes reclamaban medidas de seguridad que impidan que se vuelva a producir en las costas gallegas una catástrofe como la que ha provocado el hundimiento del <<Prestige>>. La protesta derivó en una crítica a la clase política. En la marcha no estuvo presente ningún representante del PP ya que, según el secretario general de los populares en Galicia, Xesús Palmou, <<era claro y evidente que algunas fuerzas no querían que fuésemos>>. Sí acudió el secretario general del PSOE, José Luis Rodríguez Zapatero (en la imagen), que tuvo que aguantar que algunas personas le abuchearan y le arrojaran huevos, en protesta por lo que se ha calificado como una <<instrumentalización de la tragedia>>.”

Lese como o ABC sitúa a reclamación dos manifestantes nas medidas de seguridade e crítica é a toda a clase política en xeral, e concretase en Zapatero, o que é maltratado por intentar manipular á cidadanía. En canto o PP, sinal que quería asistir mais sentiu que os outros partidos non querían. A crónica da manifestación segue este discurso. O titular é “Santiago, una marea humana contra el <<Prestige>>”. É dicir, un ser inanimado como o Prestige é polo que se queixan os manifestantes. No subtítulo: “Gritos contra el Gobierno y huevos para Zapatero en una marcha que congregó a 200.000 personas”. No interior da noticia incídese na politización da manifestación e no desexo do PP de asistir.

“Ni la lluvia, ni las insólitas retenciones en todos los accesos a Santiago de Compostela, ni la polémica por la politización de la manifestación -un reproche hacia el PSOE compartido por el PP y el BNG- redujo la impresionante afluencia de gallegos a su capital”

Sínálase polo tanto ao PSOE como os culpables de politizar a manifestación e de excluír o PP dela. En ningún momento, culpabilízase a Nunca Más que vese como a voz da cidadanía manipulada polo PSOE, en tal caso. Máis adiante, unhas declaracións de Mariano Rajoy explícanos e destacan que o seu partido non é o culpable da catástrofe.

“...no acudió ningún dirigente del PP, que intentó hasta última hora que le permitieran sumarse a la convocatoria, una situación que el vicepresidente del Gobierno, Mariano Rajoy calificó de <<injusta, porque no somos los culpables del accidente>>. Rajoy mostró su respaldo a los gallegos de buena fe que han acudido a protestar por el vertido, pero criticó quienes quieren aprovechar para <<pescar a río revuelto>>”.

Depois destas declaracións dáse voz a Zapatero e explícase que foi recibido con ovos. Recóllense as súas palabras nas que sinala que “primero se produjo un accidente, pero después llegaron las decisiones equivocadas del Gobierno”. En ningún lugar, sínálase que unha destas decisións erradas fora o afastamento do barco, só que houbo unha negación do executivo da existencia dunha marea negra. Máis adiante, Zapatero critica a reunión dos representantes das confrarías á mesma hora que a manifestación. O seguinte é contraponer estas declaracións os eloxios do avogado dos mariñeiros o vicepresidente: “En este encuentro, el vicepresidente del Gobierno llegó a emocionarse por los elogios del avogado de los pescadores, Ramón Sabín, quién le agradeció que se hubiera reunido varias veces con ellos <<sin hacerse ni una sola foto>>”.

Sínálase, polo tanto, que Rajoy non está nas manifestacións, está traballando para solucionar a crise. A seguinte declaración que se recolle é a de Xosé Manuel Beiras, portavoz do BNG, para reforzar a idea da politización da protesta para gañar votos nas eleccións:

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

“<<las formaciones políticas no deben pretender protagonizar esta movilización, porque no podemos vampirizar e ir a pescar a río revuelto>>”.

En canto a Nunca Máis aparece na información a través das consignas que berran os asistentes á protesta e ao final da información dedícanse unhas liñas ás súas reclamacións e sinálase que está composto por organizacións ecoloxistas e de afectados, sindicatos, partidos e entidades cidadáns e que reclaman dimisións dentro do goberno, sen indicar nunca por que.

“El escritor Manuel Rivas, autor de <<El lápiz del carpintero>>, se encargó de leer un manifiesto en el que las organizaciones ecologistas y de afectados, sindicatos, partidos y entidades ciudadanas que integran la plataforma <<Nunca Más>> reclaman la adopción de las medidas necesarias para evitar que se reproduzcan este tipo de catástrofes y exigen la dimisión de los responsables del Gobierno”.

Dase finalizada a noticia con declaracións de Fraga que láíase de non poder asistir á manifestación por culpa da oposición. O xornal destacou que o político insistiu en que era momento de traballar e que “<<ya llegará el momento de exigir responsabilidades>> y de <<desemascarar a más de uno>>”.

En conclusión os catro diarios tratan a manifestación para dar cobertura as disputas entre políticos e deixase en segundo plano, a protesta que se trata a modo de crónica social. Case non entran as demandas dos propios manifestantes. Ademais hai unha tendencia ao paternalismo por parte dalgúns diarios cara os manifestantes. Cuestiónase que fosen á manifestación pola súa propia vontade e suxírese que foron manipulados por partidos políticos, concretamente, neste momento da crise, o foco está no partido socialista, debido a que o día anterior presentou unha moción de censura no parlamento.

5.2.4.1.2. A manifestación do 23F

La Voz de Galicia publica os catro días anteriores á manifestación en Madrid cuestións polémicas ao redor do evento, así como os posibles asistentes. O 19 de febreiro baixo o título: “La Justicia respalda a Nunca Más y fija una ruta larga para la marcha del día 23”. Nunha columna á dereita outra peza: “Varios consejeros del Gobierno vasco acudirán a la protesta” . O día 21 de febreiro outra información: “Más de mil autocares de toda España irán a Madrid para la marcha del 23” cunha infografía sobre a ruta e debaixo unha información secundaria: “Una plataforma cuestionada por el PP por su vinculación al BNG”. O sábado 22 a polémica é sobre os reforzo de Renfe de cara a manifestación: “Renfe cede a la presión y dobla servicios en Madrid por la marcha de Nunca Más”. Abaixo unha información sobre o contido do manifesto: “El manifiesto oficial pedirá de forma explícita la dimisión de Cascos”. No interior da información: “El texto supone una vuelta de tuerca en el discurso de Nunca Más. Amén de las judiciales, hasta ahora los responsables de la plataforma se habían limitado a exigir responsabilidades políticas, pero sin especificar que cabezas querían ver rodar”. Na columna dereita vólvese facer repaso dos asistentes: “Los líderes de la oposición en el Congreso ya han confirmado su asistencia”. O día da manifestación publícase unha información na que se destaca o número posible de participantes na concentración: “Más de 50.000 gallegos viajan en bus a Madrid para ir a la marcha de Nunca Más”. Vólvese a facer referencia a un cambio de discurso no interior da peza, pero desta volta, por parte do goberno.

“Consciente de las cifras que se están manejando y del apoyo masivo que Nunca Más ha recibido no sólo en Galicia, sino también en el resto de España, el gobierno ha cambiado sus

ataques a la plataforma (a la que acusa de estar dirigida por el BNG) y ha moderado su discurso para evitar polémicas”.

O día despois da mobilización, hai unha información a dobre páxina co titular: “Una gran marea humana exige responsabilidades políticas”. A imaxe central é un plano xeral da manifestación, logo hai unha imaxe pequena de ambiente con manifestantes vestidos con monos brancos e á dereita unha imaxe de Beiras, Zapatero e Touriño xuntos. Esta imaxe dista das fotografías da primeira convocatoria do 1 de decembro na que ían separados. Esta información é máis concreta que a da primeira manifestación da plataforma. Recóllese as peticións da plataforma do manifesto (demisión de Cascos), así como o que din as pancartas. Debaixo desta información encontramos o contrapunto cunha información na que se da a contestación do conselleiro de pesca: “López Veiga dice que Nunca Más conduce a Galicia al precipicio” no que volve a argumentación da politización da plataforma.

A terceira e a cuarta páxina dedicaas La Voz de Galica a recoller opinións nas columnas do laterais dalgúns manifestantes e a nunha páxina, unha crónica social sobre a viaxe en autobús e noutra, sobre a manifestación co titular: “<<Aquí se ve, Galicia en pie>>, corearon los manifestantes”. Aínda se lle dedica unha noticia máis noutra páxina na que se relaciona coas limpezas das praias: “La movilización de Madrid vacía de voluntarios el litoral”.

Días despois ábrese unha nova polémica a raíz da manifestación sobre os fondos para fretar autobuses para ir a Madrid. O 25 de febreiro: “Vázquez acusa de prevaricación a los concellos que fletaron autobuses”. Na columna dereita sinálanse os concellos “gobiernos locales de PSOE y BNG subvencionaron el transporte”. A resposta chega o día seguinte noutras noticia: “Alcaldes socialistas y nacionalistas defienden su apoyo a Nunca Más”, no subtítulo: “El BNG recuerda que el concello coruñés también fletó autobuses en otras ocasiones” e tamén dous días despois: “El PP investigará en los concellos si fletaron autobuses para ir a Madrid”. Ao lado, noutras información: “BNG y PSOE ayudaron a costear el traslado desde 22 municipios”. Pode verse, polo tanto, como se crea polémica ao redor da manifestación e sobre todo, entre os políticos. Volve ser o *protest event* un excusa para seguir co xogo de acusacións e descalificacións entre partidos políticos, deixando ao actor Nunca Más nun segundo plano.

Os lectores de El Correo Gallego puideron ler o día da manifestación unha información de crónica de ambiente dos preparativos da xornada anterior por parte de Burla Negra baixo o título: “El desembarco del 'Fuel parade'”. É un dos poucos achegamentos que fai a prensa o traballo da plataforma desde dentro.

O día da manifestación a peza principal di: “Miles de ciudadanos corean en Madrid el “Nunca Más” e séguese a orde xeral deste tipo de crónicas: cifra de asistentes, procedencia dos asistentes, unhas liñas do manifesto, declaracións do goberno e dos políticos presentes. Non se fai referencia, como sí fixo La Voz de Galicia, á petición da dimisión de Álvarez Cascos.

“La manifestación concluyó con la lectura de un manifiesto por parte del escritor Manuel Rivas, en el que se pedían dimisiones, se exigen soluciones y se acusaba al Gobierno de actuar “tarde y mal”. El gobierno respondió a la movilización ciudadana expresando su “máximo respeto” al derecho de manifestación de los ciudadanos y dirigió sus ataques a la oposición por ir de protesta en protesta y por utilizar en su beneficio electoral,...”.

Volve aparecer a idea que a mobilización social vai pasar factura nas urnas e que os

partidos políticos da oposición aproveitan a situación ao seu favor.

Na páxina impar ven unha crónica de ambiente na que se presenta a manifestación como unha verdadeira festa. Ilústrase con varias imaxes chamativas desta “fuel-paredé” mais a imaxe principal é a de Beiras con Zapatero e Touriño, instantánea que tamén se recollía en La Voz de Galicia. Na columna dereita declaracións de líderes do partido popular nas que manifestan o seu respecto a Nunca Máis mais sinalan que a oposición non debería estar neste tipo de protestas.

Na páxina seguinte hai outra información sobre a presenza ese fin de semana de galegos en Madrid e as actividades paralelas que haberá. Tamén se fai referencia a concentración noutras cidades europeas como Lisboa, París e Bruselas.

O 25 de febreiro volve unha información ás páxinas de El Correo Gallego sobre a manifestación baixo o titular: “Nunca Máis espera <<respuestas>> del Ejecutivo tras la marcha de Madrid”. Nesta peza dase voz a algúns dos portavoces da plataforma Nunca Máis.

“La cantante y portavoz de Nunca Más, Uxía Senlle, aseguró que la marcha cumplió las expectativas planteadas”, al tiempo que rechazaba que la plataforma estuviese manipulada políticamente. <<Ya le gustaría a algún partido político, monopolizar todo este movimiento, pero no es así>>, aseguró al respecto”.

Debaixo desta información, as reaccións de Álvarez Cascos (“El gobierno prefiere el BOE”) e as de Jaime Matas e a constestación de José Bono a estas últimas (“Lo irresponsable es ir de caza”).

Tamén el diario El País adiantou a manifestación de Nunca Máis en Madrid días antes, o día 14 de febreiro (“Nunca Máis convoca una manifestación en Madrid “por el mar y la democracia”), o 21 de febreiro (“La marcha de Nunca Más pedirá dimisiones por la crisis del Prestige”) e o 22 de febreiro (Zapatero y Llamazares se unirán a la manifestación de Nunca Más”). Unha crónica social fai a apertura da cobertura da manifestación: “240.000 voces claman 'Nunca Más' en Madrid”. Na outra páxina unha crónica sobre a creatividade nas manifestacións de Nunca Máis co titular: “Los gallegos viajaron toda la noche en 1.200 autobuses para protestar en la capital”. El País tamén reproduce as reacción do executivo á manifestación: “El Gobierno asegura que no habrá dimisiones porque ya ha pagado por la crisis del 'Prestige’”. Nesta información é cando aparece a petición de dimisión dos manifestantes do ministro Álvarez Casco, que non se reflectiu nas crónicas sociais da manifestación. Ese mesmo día publícase unha entrevista a Emilio Pérez Touriño, na fotografía que acompaña a peza aparece o político na manifestación xunto a Zapatero.

En canto ao ABC publica a primeira información sobre a manifestación o día no que se celebra cun “Rato da <<la bienvenida>> a los gallegos que hoy se manifiestan en Madrid”. No subtítulo: “<<Nunca Más>> espera convocar a unas 200.000 personas; ya se han fletado casi 1.000 autocares”. O luns 24 de febreiro recolle a manifestación do día anterior baixo o titular: “<<Nunca Más>> convierte la protesta del <<Prestige>> en un acto de censura general al Gobierno”, acompañada dunha imaxe dun manifestante botándose petróleo enriba e detrás outros coa pancarta de Nunca Máis. O enfoque é de crónica social destacando “os insultos” que se oiron como adianta a entrada: “Los manifestantes pidieron las destituciones de Rajoy, Fraga, Matas y Loyola de Palacio en un ambiente de duras descalificaciones al Ejecutivo y a la Xunta”. Hai unha columna con destacados de insultos e pancartas: “<<Fraga, cabrón estrena el panteón>>, <<Hay que ir morrendo, Manolo>> ou <<Aznar, valiente quédate en el rancho con tu pariente>>”. Polo tanto, dase unha visión dos manifestantes de

vándalos que ocuparon as rúas de Madrid.

As conclusións que se poden extraer desta análise son moi similares ás do estudo de Sampedro (1997) sobre a insumisión. Este colectivo foi promotor de noticias a través de protestas e accións simbólicas mais as fontes informativas era, sobre todo, os voceiros dos partidos. A prensa concedeu cobertura aos activistas pero negoulles o acceso as súas páxinas.

5.2.4.2. A cobertura da polémica

En toda a cobertura da plataforma Nunca Máis, a prensa galega (La Voz de Galicia e El Correo Gallego) recolle unha disociación entre as noticias de Nunca Máis das manifestacións e as noticias da polémica. A separación das dúas realidades, desaparece, pouco a pouco, para invadir tamén os eventos de protesta.

LVG, 25/02/03: Vázquez acusa de prevaricación a los concellos que fletaron autobuses para Madrid

LVG, 27/02/03: “El PP investigará en los concellos si fletaron autobuses para ir a Madrid”
“BNG y PSOE ayudaron a costear el traslado desde 22 municipios”

Ao redor das manifestación, coméncase a xerar tamén polémica. A primeira vez ao redor do das maletas. La Voz de Galicia publica o 9 de febreiro a peza: “Beiras, Touriño y Llamazares asisten hoy a la marcha de Nunca Máis”. Dependente desta hai unha peza coprincipal sobre unha polémica: “Colectivos de emigrantes cargan contra la manifestación tras recibir un fax de la Xunta”.

“Las críticas se centran en que Nunca Máis <<esixe un futuro para os galegos que non sexa a emigración, cando Galicia non ten nin que ter máis emigración>> y califican de <<mal gusto>> que se llene de maletas el puerto coruñés en un gesto simbólico <<cando as outras maletas produciron moita dor entre todos nós>>.”

Outros dos eventos de protesta que tivo asociada polémica foi a cadea humana organizada por Area Negra, o colectivo de profesores da plataforma. O ABC publica o 15 de xaneiro de 2003: “Acusan a <<Nunca Máis>> de utilizar políticamente a los niños”

Os días previos á manifestación do 23F comeza a polémica de quen paga os autobuses que levarán os manifestantes a Madrid. La Voz de Galicia publica o 28 de febreiro de 2003: “El PP tendrá que investigar también a sus concellos por fletar autobuses” e na información coprincipal: “Fraga tacha de <<politiquería sucia>> los pagos por parte de BNG y PSOE”.

Plataforma politizada e fraudulenta

O 5 de xaneiro o ABC introduce ao final dunha información sobre o Prestige titulada: “Las fugas del <<Prestige>> arrojan una nueva <<marea negra>> a la costa gallega” un discurso ao redor de Nunca Máis que comezará a cristalizar nos días seguintes.

“Un centenar de personas se concentraron ayer en el mercado de abastos de Santaigo para reivindicar la calidad de los productos de mar gallegos. La manifestación fue convocada por <<Nunca Máis>>, una plataforma autodefinida como independiente, pero que empieza a ser cuestionada por su supuesta vinculación con el BNG”.

Desde o éxito da manifestación do 1 de decembro de Nunca Máis pesou sobre a

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

plataforma a sombra de que era usada para fins políticos. Daquela a manipulación non se concretara. Sinalábase máis ao PSOE que ao BNG. A partir de xaneiro, sinálase ao partido nacionalistas e danse probas da vinculación desta co movemento malia que se sabía desde o principio que era membro da plataforma e incluso, da xestora. As acusacións van máis alá e sinálase o posible fraude da financiación da plataforma, apuntando que non se sabía que os donativos ían para sufragar as convocatorias de protesta e non axudar ao afectados.

ABC comeza o 7 de xaneiro a publicar informacións ao redor do financiamento da plataforma. Na páxina 20 de Nacional, pódese ler na columna dereita: “El PP acusa a <<Nunca Máis>> de utilizar las ayudas con fines políticos”. O diario segue dando voz ao partido popular nesta liña dous días despois: “El PP reclama una investigación de la financiación de <<Nunca Máis>>”. Ao día seguinte nun pequeno destacado dentro dunha información sobre a non comparecencia de Fernández de Mesa no parlamento danse as explicacións de Nunca Máis baixo o titular: “El agujero de <<Nunca Máis>>”.

“Uxía Senlle, que presentó ayer un listado de ingresos y gastos que refleja un déficit de 1.808 euros, reconoció que sus actividades pueden beneficiar al BNG, <<como a cualquier fuerza que responda a las demandas de la ciudadanía>>”.

O ABC publica o 8 de xaneiro, unha información a toda páxina: “Los actos de <<Nunca Máis>> pierden fuerza al acentuarse su proximidad al BNG”. O subtítulo: “Arenas acusa a la plataforma de intentar generar crispación en Galicia”.

O 8 de xaneiro de 2003 comezan a aparecer as unidades polémicas de Nunca Máis na prensa en La Voz de Galicia co titular: “Los nacionalistas toman las riendas de la plataforma cívica Nunca Máis”. Anteriormente, xa se suxerira na manifestación do 1 de decembro que o movemento estaba manipulado polos partidos da oposición, máis é, a partir, desta data cando se tematiza esta idea. No interior da unidade informativa: “Más allá de polémicas con cierto olor a elecciones -este año se celebrarán comicios municipales-, lo cierto es que el nacionalismo ha logrado hacerse en las últimas semanas con las riendas de la plataforma cívica y sus ramificaciones en las siete grandes ciudades”. A continuación, a información vai facendo un repaso das sete cidades galegas e da relación dos responsales do BNG ou da CIG nestas urbes coas manifestacións. Hai cidades nas que non logra relacionar a ningún ou a ningún espazo deste partido con Nunca Máis e fai discurso baleiros.

“**A Coruña.** La primera rueda de prensa ofrecida por la organización se celebró en la sede del BNG. Entre las caras que siempre figuran en las convocatorias aparecen, entre otras, las del secretario comarcal de la CIG...”

“**Lugo.** Los máximos responsables son, a su vez, dirigentes de organizaciones nacionalistas y de izquierdas. Aunque las marchas no están encabezadas por ninguna sigla, banderas gallegas con una estrella roja asoman siempre tras las primeras filas”

“**Ourense.** Un eterno sindicalista, Etlvino Blanco, secretario comarcal de la CIG, actúa como portavoz de Nunca Máis, aunque en las movilizaciones se pueden ver pocas pancartas partidistas”.

Ao día seguinte, La Voz de Galicia publica unha noticia titulada: “Nunca Máis recaudó 90.000 euros en el primer mes tras abrir su cuenta”.

“Al hilo de esto, el conselleiro de la Presidencia, Jaime Pita, reveló que su partido medita

presentar una moción en la Cámara autonómica para conocer las cuentas de Nunca Más, cuyos responsables, según el popular, se está beneficiando de <<la buena fe de la gente>> para obtener fondos con los que financiar sus actividades”

Esta información ten dúas frases destacadas, ámbalas dúas de dous dirixentes do partido popular en Galicia: “<<Están tomándonos o pelo claramente>> e <<Estas plataformas están politizadas>>”.

Ao día seguinte, La Voz de Galicia publica outro breve ao redor do mesmo tema: “El PP denuncia que militantes del BNG controlan la cuenta bancaria de Nunca Más”. Dous días máis tarde, noutro breve: “Manos Limpias denuncia a Nunca Más por presunta estafa”. O 17 de xaneiro, a unidade principal da páxina 12 é: “Malvar abre diligencias informativas contra la plataforma Nunca Más”.

O 13 de xaneiro, o ABC publica: “Dos de las cuatro personas con acceso al dinero de <<Nunca Más> trabajan para el BNG y su sindicato”, que é a información principal da páxina.

Apostolos Mangouras

O 8 de febreiro, ABC faise eco de que sae o capitán Apostolos Mangouras da cadea con este titular: “<<Nunca Más>> aplaude la libertad del único detenido por la tragedia del <<Prestige>>. Destaca nesta información que fálase de Nunca Más sen facer referencia ao portavoz da plataforma que deu as declaracións.

“La misma satisfacción que expresó <<Nunca Más>>, que no dudó en afirmar que había sido víctima de una <<una falta de humanidad>>, quizá olvidando que su situación estaba derivada de las decisiones del juez que instruye el sumario”.

O 13 de febreiro, La Voz de Galicia promove unha información titulada: “El BNG gestionó la patente de la marca y el logotipo del colectivo Nunca Más”. No antetítulo dan as explicacións do BNG a acusación do titular: “El Bloque alega que lo hizo para evitar su uso fraudulento y que ya ha traspasado los derechos”. No subtítulo o diario resposta á aclaración do partido: “La coalición cursó la solicitud en enero cuando ya había trascendido que tenía el dominio de la web”.

Batasunizar

O 14 de febreiro comeza a campaña de asociación de Nunca Más a Batasuna en la Voz de Galicia. O diario publica unha noticia a toda páxina: “Fraga secunda la tesis de Mayor Oreja de que le BNG <<batasuniza>> Galicia”.

“Manuel Fraga se sumó ayer a la tesis que Jaime Mayor Oreja expresó el miércoles en Ferrol de que el BNG está <<batasunizando>> a la sociedad gallega a través de la plataforma Nunca Más”. Esta información segue ao redor das relacións entre Fraga e Beiras. Abaixo nunha peza secundaria: “Nunca Más tacha de grosero y difamador al vicesecretario del PP”.

Ao día seguinte, segue esta liña de discurso coa resposta de Beiras a Fraga. Nunha columna dáselle voz a Nunca Más: “Nunca Más exige rectificaciones sobre la <<batasunización>>”. O 28 de febreiro nun breve recollido tamén en La Voz de Galicia: “Rajoy contradice al presidente de la Xunta y niega que Galicia se esté <<batasunizando>>”.

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

O ABC publicou unha peza coprincipal na que poñen en boca do alcalde da Coruña, Francisco Vázquez: “<<El BNG y grupos radicales manipulan a Nunca Más para “batasunizar” a Galicia>>”.

En boca dos políticos

ABC comeza a engadir Nunca Más en varias das súas informacións ao redor da política ou dos políticos. Non é o elemento principal da unidade, é un elemento de contraposición e negativo dentro do contexto da peza. Un exemplo sería a información publicada o 14 de xaneiro. O titular di: “López Veiga asegura que Galicia <<saldrá reforzada>> de la catástrofe del <<Prestige>>” Subtítulo: “El conselleiro considera a <<Nunca Más>> un <<movimiento excluyente>>”. Ese mesmo día, volve aparecer o colectivo noutra información con este uso. O titular é: “PSOE y BNG abandonan temporalmente la comisión de investigación en Galicia” e o subtítulo: “Vázquez se desmarca del PSOE y tacha a <<Nunca Más>> de oportunista”. O 3 de febreiro, o titular: “López Veiga defiende el liderazgo de Fraga y tilda de <<bobadas>> las protestas”.

A posición de El País

El País é o único diario dos analizados que non reproduce o discurso do poder polemizando a Nunca Más. A súa estratexia é a contraria, serve para negar as acusación vertidas noutros diarios. Por exemplo, o 13 de febreiro publican: “El PP intentó sumarse a Nunca Más cuando ya sabía que se había fundado en la sede del BNG” e amosar as contrariedades do discurso do goberno.

5.2.4.3. A identidade mediática de Nunca Más

A identificación de Nunca Más como unha plataforma integradora doutros colectivos recóllese polos xornais nos días previos á manifestación autoconvocada do 1 de decembro. Sen embargo, a conformación, pouco a pouco, da plataforma non se ve logo reflectida en ningunha noticia na que se explique a súa ampla conformación

CG, 1/12/02: “Para que catástrofes ecológicas y económicas como las provocadas por estos barcos no se vuelvan a repetir, hoy a las doce del mediodía partirá de los jardines de la Alameda de Santiago la manifestación organizada por la plataforma Nunca Más integrada por los partidos de la oposición, sindicatos y organizaciones sectoriales.

LVG, 29/11/02: “La manifestación del domingo está convocada por la plataforma Nunca Más, compuesta por partidos políticos (BNG e IU), sindicatos (CIG, USO, CNT e SLG), grupos ecologistas y organizaciones de pescadores y mariscadores, aunque, según Manuel Rivas, “o de menos son as siglas”.

LVG, 1/12/02: “La plataforma, integrada por partidos políticos y organizaciones sectoriales y sindicales, aspira a que esta manifestación sea “la maior que se ha registrado en Santiago”, según explico un portavoz.

Os voluntarios non se relacionan en ningunha información directamente con Nunca Más. Sen embargo, si se fai unha relación sobre a falta de voluntarios nos arenais cando hai manifestación da Plataforma. Hai referencia dalgunha manifestación na que asistían voluntarios cos seus ‘atuendos’.

LVG, 2/12/02. “(...)Algunos se trajeron las mascarillas, los monos petroleados de limpiar la

Discursos e identidades na crise do Prestige
playa, los artilugios más variopintos en forma de petróleo, de bidón...”

Volvendo á disociación entre a liña editorial do ABC e algunhas das imaxes que se publicaron. O 2 de xaneiro aparece unha información na lonxa de Muxía cunha imaxe de varios voluntarios da limpeza das praias que celebran o aninovo alí. Entre eles, destaca unha voluntaria cunha camiseta de Nunca Máis, así como ao fondo unha bandeira do movemento social. Deste modo, conéctase os voluntarios coa protesta.

O mesmo pasa cos mariñeiros, que non os sitúan dentro de Nunca Máis. A manifestación das maletas de A Coruña é a única na que se lle da voz a un cofrade ao nivel dos políticos da oposición e polo tanto, suponse como apoio a Nunca. Incluso, hai informacións no ABC nas que se nega que haxa mariñeiros dentro do colectivo.

ABC, 05/01/2003: “(...)De hecho, el vicepatrón de la cofradía de Vigo, Xulio Alonso, criticó que <<no se ha recibido ni una sola llamada de la organización ni en ésta ni en el resto de las cofradías de Pontevedra>>”. Alonso puntualizó que <<ni los marineros ni las cofradías hemos convocado ninguna manifestación>> y reclamó que <<no hagan campañas políticas>>”.

As informacións das manifestacións asimilan Burla Negra a Nunca Máis. É un indicativo de que non hai unha polisemia no discurso sobre os movementos sociais. Por outro lado, Burla Negra é integrante de Nunca Máis e apoiou todas as convocatorias da plataforma galega con actividades propias. Esta asimilación mediática é parella á explicada por Laraña sobre as loitas estudiantís dos anos 80 en España, nas que o movemento nacido nos institutos foi asimilado ó universitario. Os portavoces do movemento definiron a primeira como explícitas categorías políticas que non respondían os rasgos simbólicos, verbalizados, da identidade colectiva do movemento nos institutos.

O xogo de baleirar Nunca Máis, de deixalo só como unha consigna e non relacionalo como a voz do pobo galego, leva incluso a algúns diarios a insinuar que realmente os manifestantes non están alí por apoio real a Nunca Máis, senón por inercia.

LVG, 02/12/2002: “La denominación histórica del chapapote en el señoría de A Barca a sus marineros en una marcha de protesta a la que se sentían obligados a asistir”.

Os manifestantes non son considerados como integrantes de Nunca Máis, senón como unha marea ou masa que se une a un logo, como un actor impersoal:

CG, 24/2/2003: “Una marea humana pide ‘nunca más’ en Madrid.

Portada de La Voz de Galicia, 10/2/03: “Cien mil personas pidieron en A Coruña <<nunca más>>”.

O diario El País insiste na manifestación do 1 de decembro que moitos dos manifestantes eran votantes do partido popular e incluso, recolle declaracións dun deles que di que é afiliado mais non volverá a votar a esta opción política. Polo tanto, El País faise eco da oportunidade política que pensaba daquela moitos partidos que supoñía a crise do Prestige.

EP, 01/12/2002: “Yo soy militante del PP. Aunque tengo en casa el carné, para mi desgracia. Porque en los años que me quedan de vida no les vuelvo a votar más”.

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

Ata o de agora observamos as informacións das que Nunca Máis foi actor importante, xa como promotor dos protest events ou como 'mazá da discordia' das que chamamos noticias da polémica. Agora imos ver as técnicas que se usaron nos medios de comunicación para ir xerando a identidade mediática de Nunca Máis.

A suxestión consiste en poñer en contradición o que un movemento defende cunha actitude persoal que leva a cabo. Un exemplo de suxestión é que as manifestacións non deixan limpar as praias. Os xornais suxiren que os manifestantes deberían traballar máis en limpar as praias e menos en protestar. Nos primeiros momentos, a suxestión faise cunha simple contraposición espacio temporal entre a marea humana e a marea negra. As palabras do rei sucederan a declaracións dispersas o longo deste periodo que suxiren o lector que a xente debería “arrimar el hombro”.

LVG, 2/11/2002: “Decenas de miles de personas proclamaron el lema “Nunca Más” mientras la mayor mancha destrozaba una franja de costa entre Cedeira y Corrubedo.

LVG, 3/12/2002: “Juan Carlos I pide a la gente que “arrime el hombro” y se termine con la demagogia”.

CG, 5/1/2003: (Cofradía de Vigo) “Cuando esto termine seremos nosotros los que convoquemos alguna movida, pero de momento nuestra máxima preocupación es retirar el fuel”.

El País, 19/12/2003: “Casos critica a los huelguistas de hambre y los opone a los que se vuelcan contra la marea”

Outra suxestión é ao redor do lucro coa traxedia. A partires do mes de xaneiros do ano 2003 suxírese que Nunca Máis aproveitou a situación de traxedia para recoller cartos en nome dos afectados e facer un uso fraudulento destes ao utilizalos para a protesta.

CG, 5/1/2003. Titular: “Alonso: << La Cofradía no recibió ni un céntimo de Nunca Más>>”.

CG, 9/1/2003: “El dirigente popular criticó además a la plataforma por <<aprovecharse>> de la <<buena fe>> de la gente, en relación a las ayudas recibidas y a su destino. En este sentido, anunció que el PDG estudia presentar en el Parlamento una iniciativa <<para tratar de que se clarifique cuál es la actuación de esa plataforma, cuáles son los objetivos y poder saber incluso cuáles son sus recursos, cuál es su presupuesto y cómo se puede estar recaudando de esta forma totalmente ilegal”

Titular de CG, 9/1/2003. Titular: “El PP pedirá a la Cámara que estudie la gestión de recursos de Nunca Más”.

Outra é o dirixismo do cidadán galego. Non se lle da a Nunca Máis a entidade nos medios analizados como para ser un actor activo con voz ao nivel dos políticos. E a parte desta situación de desvantaxe, considérase que non é un colectivo autónomo e que está dirixido polo partido político Bloque Nacionalista Galego como o principal beneficiado da Plataforma Nunca Máis. E dicir, suxírese que a Plataforma atende a intereses políticos.

Portada do CG, 11/1/2003: “Los carteles de ‘Nunca Más’ los diseña la empresa que le lleva las campañas al Bloque”.

LVG, 8/1/2003. Titular: “Los nacionalistas toman las riendas de la plataforma cívica Nunca Más” Antetítulo: “Miembros del BNG y CIG capitalizan la gestión del movimiento en siete ciudades gallegas” “Más allá de polémicas con cierto olor a elecciones-este año se celebrarán comicios municipales-lo cierto es que el nacionalismo ha logrado hacerse en las últimas

Discursos e identidades na crise do Prestige
semanas con las riendas de la plataforma cívica y sus ramificaciones en las siete grandes ciudades”

As suposicións, son o uso de calificativos nun contexto determinado intenta minorizar a credibilidade de aquel o que se refire. Relaciónase Nunca Máis co partido nacionalista BNG e isto aparece como algo negativo. Tamén, recóllense os adxectivos de radical e revolucionario. A estas suposicións se lles unen outras como as de ser un movemento asembleario, ésta atribución recogida en el Correo Gallego.

CG, 9/1/2003: “Pita acusa a la plataforma de estar al servicio del “nacionalismo radical” y de “grupos marginales, antidemocráticos e incluso revolucionarios”

CG, 13/1/2003: “Estas fuentes advierten que la estrategia asamblearista se está trasladando ya al campo educativo, donde la CIG tiene una fuerte implantación, mediante la Coordinadora Area Negra, que ha convocado para el día 22 una cadena humana de escolares. Tampoco se descarta que próximamente ocurra algo parecido en el campo sanitario”.

LVG, 21/2/2003. Titular: “Una plataforma cuestionada por el PP por su vinculación al BNG”. “Nunca Máis constituyó inicialmente una gestora a la que, paulatinamente, fueron incorporándose partidos, sindicatos, asociaciones, colectivos profesionais y todo tipo de entidades. Sin embargo, la vinculación de Nunca Máis al BNG y la CIG, que puso a su servicio toda la infraestructura material y humana, llevó al PP a descalificarla como plataforma del nacionalismo”.

As asociacións son palabras que se equiparan a un movemento para predispoñer aos lectores negativamente cara este. Neste apartado, o exemplo máis claro foi a asociación de Nunca Máis con Batasuna. Sen embargo, tamén se relacionou coa anticonstitucionalismo, con actitudes ilegais e ata co Ku Kux Klan.

CG, 9/1/2003: “Y esta plataforma no es menos que otras. Si se analiza quien la compone, queda totalmente desautorizada, porque son siempre los mismos”, dijo el conselleiro que, en otro momento, afirmó que “todos sabemos que hay y habrá (en Galicia) los primos de los batasunos, los jarraicitos”. (...) El titular de la Presidencia llegó incluso a comparar algunas e las actitudes de Nunca Máis con las desarrolladas por el Ku Kux Klan. Así, en referencia a la protesta habida en A Coruña en la que los manifestantes portaban cruces y algunos iban vestidos con capuchones, Pita dijo: “hicieron una algarada carnavalesca al estilo del entierro de la sardina verdaderamente irreverente. Incluso diría que con una apariencia como la que veíamos con carácter xenófobo en algunas ciudades de Estados Unidos cuando aparecía aquella secta de los encapuchados. Y añadió: <<Todo el mundo sabe que el nacionalismo radical tiene un carácter xenófobo importante en diversas direcciones>>”

Nas noticias nas que se cuestiona as contas de Nunca Máis ou a súa relación co BNG, El Correo Gallego utiliza a fotografía do político que fixo a acusación ou algunha fotografía de arquivo dalgunha manifestación. La Voz de Galicia non enmarca estas noticias con fotografías. Ás que lles poñe ilustración adoitan ter un marcado carácter de política institucional. Por exemplo, a caricatura que ilustra a información do 8/1/2003 (Los nacionalistas toman las riendas de la plataforma cívica Nunca Máis) na que se pon unha caricatura de Beiras e de Aznar, o primeiro pinta *Nunca Máis* e o segundo, *Máis que Nunca*. Na noticia do 13/2/2003 (El BNG gestionó la patente de la marca y el logotipo del colectivo Nunca Máis) publícase unha gráfica sobre unha sondaxe de votos nas futuras eleccións

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

municipais. Hai, polo tanto, unha imaxe da Plataforma relacionada coa política entre partidos; co que se lle rouba a súa entidade. Outra asociación fotográfica chocante é a fotografía duns “voluntarios de Sevilla” limpando coa noticia do 20/2/2003: “Nunca Máis anuncia una quérella contra el Gobierno por alejar el barco”.

Os xornais recollen algunhas unidades informativas de confrontacións entre a policía e os manifestantes. A primeira información sobre cargas policiais foi nunha manifestación dos voluntarios. Nesa información dásele motivos ós policías para cargar: considérase que o grupo estaba a “desviar a circulación”, estratexia utilizada en toda manifestación para chamar a atención sobre un problema. Tampouco, hai culpabilización dos voluntarios e se relacionan con actitudes pacíficas.

LVG, 4/12/2002: “La policía carga contra voluntarios que protestaban ante el Parlamento gallego”(…) “La protesta se desarrolló pacíficamente durante hora y media, mientras la policía local compostelana se veía obligada a desviar la circulación en O Hórreo.(…) Después de varias advertencias para que se retirasen, la policía cargo contra el grupo”.

Píe de Foto: “Los agentes policiaais arremetieron contra los manifestantes que se habían tendido en la calle cortando el tráfico”.

Uns días máis tarde, en la Voz de Galicia, en cambio, se considera que os manifestantes de Vigo ‘provocaron’ a carga e se lles identifica polas bandeiras que levaban á concentración (presuposición).

LVG, 18/12/02: “Un grupo violento de manifestantes provocan una carga policial en Vigo
Subtítulo: “Más de 3.000 personas increparon a Fraga en el acto de inauguración del Marco”
Corpo: “Ya media hora antes de la inauguración cerca de mil personas que portaban banderas republicanas, gallegas con la estrella roja y pancartas, coreaban consignas contra la Xunta y el PP, y gritos de <<dimisión>> e <<incompetencia>>, un ruído ensordecedor que acompañó al presidente Fraga en su breve recorrido a pie hasta el interior del edificio

LVG, 19/12/2002. Título: “Una protesta en A Coruña acaba con una dura carga a estudiantes y periodistas”

Antetítulo: “Los agentes policiaais golpearon a varias personas, que sufrieron diversas lesiones”
“El encargado de dirigir a las fuerzas del orden, un hombre trajeado, se encaro con unos chavales. Tras discutir el primero se abalanzo sobre el estudiante y de inmediato comenzó la carga. Varios periodistas, perfectamente identificados, recibieron una lluvia de porrazos que afecto a cuatro(...) Cuando todo acabo, y al retirarse del lugar, un agente dedico un gesto de vi

O Prestige é o actor impersoal que leva a convocar manifestacións. Considérase como o causante das mobilizacións, sobre todo, nos primeiros días nos que os xornais non sabían definir toda aquela mobilización.

LVG, 1/12/2002. “La Plataforma Nunca Máis pretende que la manifestación que se celebrará hoy a las doce de la mañana, en Santiago sea un “clamor histórico” para reclamar la declaración de zona catastrófica para Galicia, tras la marea negra provocada por el vertido de fuel del Prestige”.

LVG, 2/2/2002. Subtítulo-portada “El Prestige provoca una de las mayores manifestaciones de la historia de Galicia”.

“Galicia responde al nuevo impacto de la marea negra con una movilización social histórica!

A topicalización de determinada información aumenta ou reduce o énfase: a información aparece con frecuencia reorganizada con pasivizacións, nominalizacións para favorecer ou desfavorecer a algúns actores. O Goberno central e a Xunta son desresponsabilizados dende o primeiro momento mediante esta técnica. Hai un uso de verbos como denunciar ou protestar sen obxecto directo ou complementos ou non se enuncia o suxeito das accións negativas que serían os gobernos. Moitas veces o suxeito negativo é o Prestige o que se lle personaliza e substitúe aos responsables que sinalan os movementos de Nunca Máis, as Administracións.

LVG, 16/11/02: “Indignante. Ésta fue la palabra más frecuente utilizada por las asociaciones ecologistas para describir la situación ocasionada por el fuel. Y tras el enfado lanzan la pregunta. ¿Por qué no se procedió ayer, cuando la situación en el mar era favorable, al trasvase del combustible?”

LVG, 20/11/02: “Ecologistas <<Se ha escondido la basura debajo de la alfombra>>”

LVG, 24/11/02: “Arousa se rebela contra la negativa a suministrar barreras”

LVG, 29/11/02: “Más de cuatro mil personas asistieron ayer a una manifestación en Muxía para protestar por la forma en que se gestionó el accidente del Prestige”

LVG, 30/11/2002: “El escritor Manuel Rivas y la cantante Uxía Senlle pidieron ayer, en nombre de la plataforma ciudadana Nunca Más a los gallegos que participaran en masa en la manifestación, convocada para el próximo domingo para protestar en Santiago por el vertido de fuel del buque Prestige”

LVG, 26/11/2003: “El mundo de la cultura gallega ha decidido mobilizarse y dar una respuesta conjunta ante el desastre provocado por el Prestige”.

A modo de conclusión do apartado, a forza que tivo a cidadanía durante os primeiros días da crise do Prestige e a ausencia dos poderes políticos, non se viu reflectida nas páxinas dos diarios. Os políticos seguiron sendo os actores e fontes de información hexemónicas, mentres que todas as voces de contrapunto foron marxinais.

A voz do movemento de protesta Nunca Máis que canalizou o discurso do pobo galego non foi recollido polos medios analizados directamente. Nestes eventos recollíanse as declaracións dos políticos da oposición que asistían, volvendo, así os medios de comunicación, unha e outra vez, ao uso de fontes de información políticas. Esta é unha mostra máis da idea de que un movemento social ten que seguir fins electoralistas que ten que estar titorizado por políticos. Os medios non viron ou non quixeron ver a autonomía dos cidadáns que aqueles días pediron responsabilidades os gobernantes.

5.2.5. Os medios de comunicación estranxeiros

A finalidade de analizar prensa estranxeira é contar con outros enmarcamento, non só cos da prensa galega e española, para poder ter perspectiva da amplitude do problema. Como a crise transpasou fronteiras, houbo contaminación, non só do litoral de España, senón tamén de Portugal e Francia, é acaído ver a súa construción dos acontecementos. Neste estudo incluíuse a Grecia tamén porque os donos do barco petroleiro e dous membros da tripulación, entre eles, o capitán Apostolos Mangouras son desta nacionalidade. Os medios analizados son Jornal de Notícias de Portugal; Le Monde de Francia; e Eleutherotypia de Grecia.

5.2.5.1. O Jornal de Notícias

Durante os días da crise, moitos galegos informáronse a través dos medios portugueses. Jornal de Notícias publicou en total 209 pezas informativas sobre o Prestige e levouno en

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

portada en 22 ocasións, todas nos primeiros días despois do afundimento para informar a maioría dos casos sobre como avanzaba a marea negra. En xaneiro xa non ten tanta importancia a crise que recóllese en páxinas interiores e volve aparecer unha portada o 24 de febreiro sobre a manifestación en Madrid co titular: “Maré humana exige demisioes por causa do <<Prestige>>”.

Jornal de Noticias																		
	Económico		Ecolóxico		Outro		Político		Sanitario		Social Humano		Técnico		Xudicial		Total temas	
	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%
Accidente/afundimento	-	-	1	0,4	-	-	1	0,4	-	-	1	0,4	2	0,9	1	0,4	6	2,8
Custe económico	1	0,4	-	-	-	-	1	0,4	-	-	-	-	-	-	-	-	2	0,9
Impacto económico	7	3,3	-	-	-	-	2	0,9	-	-	1	0,4	-	-	-	-	10	4,7
Económico plans	-	-	-	-	-	-	1	0,4	-	-	-	-	-	-	-	-	1	0,4
Axudas económicas	1	0,4	-	-	-	-	4	1,9	-	-	-	-	-	-	-	-	5	2,3
Actuación goberno español	-	-	-	-	-	-	22	10	-	-	-	-	-	-	1	0,4	23	11
Actuación goberno francés	-	-	-	-	-	-	2	0,9	-	-	-	-	-	-	-	-	2	0,9
Impacto -ecolóxico	-	-	8	3,8	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	8	3,8
Limpeza Prestige	-	-	-	-	1	0,4	1	0,4	-	-	-	-	3	1,4	-	-	5	2,3
Limpeza medios	-	-	4	1,9	2	0,9	12	5,7	-	-	2	0,9	6	-	-	-	26	12
Mariñeiros actuación	-	-	1	0,4	-	-	1	0,4	-	-	-	-	1	0,4	-	-	3	1,4
Normativa transporte	-	-	-	-	-	-	14	6,6	-	-	-	-	-	-	-	-	14	6,6
Outros	-	-	-	-	15	7,1	1	0,4	-	-	-	-	-	-	-	-	16	7,6
Petroleiras actuación	-	-	-	-	1	0,4	1	0,4	-	-	-	-	-	-	-	-	2	0,9
Empresa Prestige	-	-	2	0,9	1	0,4	-	-	-	-	-	-	-	-	3	1,4	6	2,8
Prohibición pesca	2	0,9	-	-	-	-	4	1,9	-	-	-	-	-	-	-	-	6	2,8
Prestige xustiza	-	-	-	-	-	-	1	0,4	-	-	-	-	-	-	-	-	1	0,4
Salvamento	1	0,4	-	-	-	-	1	0,4	-	-	-	-	1	0,4	-	-	3	1,4
Selado/extracción fuel	-	-	-	-	-	-	1	0,4	-	-	-	-	11	5,2	-	-	12	5,7
Mareas/vertidos	-	-	42	20	-	-	1	0,4	-	-	-	-	4	1,9	-	-	47	22
Impacto social	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	11	5,2	-	-	-	-	11	5,2
Total	12	5,7	58	27	20	9,5	71	33	0	-	15	7,1	28	13	5	2,3	209	100

Elaboración propia

O enmarcamento polo Jornal de noticias tamén foi político (33%) por diante do ecolóxico (27%), que quedou en segundo lugar e por detrás, o técnico (13%). A tematización da crise do diario portugués foi sobre a situación das mareas e os vertidos (22%) e en segundo lugar, os medios para a limpeza (12%) e en terceiro lugar, a actuación do goberno español (11%). Outros temas son a normativa do transporte (6,6%) e o selado e extracción do fuel (5,7%).

A catástrofe do Prestige aparece o 14 de novembro nas páxinas interiores de Jornal de Noticias, un día despois do mayday do capitán, nunha información principal co titular: “Naio em risco de contaminar mar da Galiza” na fotografía os tripulantes na Casa do Mar de Vigo.

Ao día seguinte advírtese no sumario de portada: “Mancha de fuel ao largo da Galiza pode ameazar a costa portuguesa”. No interior, volve destacar a ameaza do buque para Portugal e na información secundaria, unha crónica sobre como viven estes momentos de incertidume as xentes de Fisterra. Na columna dereita informacións sobre a normativa de transporte. O 16 de novembro non abren en portada coa información mais en páxinas interiores levan unha información sobre a mancha de fuel, que non chegará ás costas portuguesas e informan sobre o afastamento do buque de Galicia O día seguinte informan xa da chegada da mancha á costa galega e da viaxe á deriva do Prestige.

O 18 de novembro abren en portada coa imaxe dos areias galegos tinguidos de negro sobre a que pode lerse: “Mar Negro na Galiza”. O 19 de novembro ábrese coa información do rumbo do buque nun infográfico e enriba a palabra: “Não” e o titular: “Portugal recusa petroleiro accidentado”. No interior, a información principal reforza esta idea: “Portugal diz “não” ao navio poluidor” e no subtítulo: “Governo não autorizará a entrada do <<Prestige>> em portos nacionais”. Outras pezas informativas do día son: “Greenpeace exige trasfega do combustível” e “Costa da Morta vestida de luto”.

O 20 de novembro a peza principal da portada dedícase ao suceso baixo o titular: “Ameaçados”. Sobre a imaxe do Prestige afundíndose os sumarios: “Catástrofe atingirá a costa portuguesa se os ventos não mudarem”, “Espanha acusada de gerir mal a crise e empurrar para Portugal” e “Pescadores temem efeitos devastadores nos recursos marítimos”. No interior, a primeiro información vai sobre o afundimento do barco e a situación das mareas, mentres que o segundo vai xa sobre a actuación do goberno española na xestión do salvamento do barco. Jornal de Noticias criticou abertamente a xestión do goberno no afastamento do Prestige. Toda unha páxina dedícase a este tema con tres pezas informativas de maior a menor: “Portugal e Espanha sacodem as culpas”, “Incúria das autoridades” e “Estratégia de Madrid contestada dentro e fora do país”. Incluso, o diario nega as informacións do goberno español nas súas páxinas.

“Para piorar ainda mais as coisas, de Espanha chegaram duas informações negadas por Portugal: a de que o armador tinha pedido a Lisboa para disponibilizar um porto para atracar o <<Prestige>>; e a de que Portugal teria rejeitado integrar o gabinete de crise espanhol”.

Na información secundaria recóllense as declaracións dun deputado social-demócrata portugués responsabilizando ao goberno español.

“O deputado social democrata Jorge Moreira da Silva responsabilizou, ontem, Madrid por não ter retirado o crude do navio e ter provocado danos irreparáveis no ecossistema marinho com essa negligência. (...) Afundado o navio, agora <<só resta corrigir as consequências>>, diz, apontando o dedo <<à incúria das autoridades espanholas>>, defendendo que Lisboa deveria responsabilizar judicialmente o Estado vizinho. <<Não sei se o governo quer travar essa

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

batalha, mas acho que pescadores, autarquias e organizações nao-governamentais deveriam fazê-lo>>, advoga”.

O diario portugués incluso analiza a estratexia comunicativa do goberno español e todas as informacións falsas que da a coñecer á opinión pública: “À medida que os dias foram pasando, Madrid tentou responsabilizar o armador do <<Prestige>> (...) Pelo meio, Espanha justificou alguma da inêpcia com a discussao entreando gerada sobre o destino final do navio: Singapura ou Gibraltar”.

O día seguinte abre cun destacado en portada: “Marinha portuguesa barrou caminho ao <<Prestige>>”. Porén, no interior, abre coa información do perigo para o litoral portugués a dúas páxinas: “Região Norte está mais ameaçada”. Unha pequena peza fai referencia ao adiantado na portada: “Portas diz que impediu entrada”, en referencia ás declaracións do ministro de defensa luso nun debate de urxencia no parlamento do seu país sobre o caso Prestige.

O 22 de novembro as informacións tratan sobre que non chega a mancha a Portugal grazas aos ventos: “Ventos defendem Portugal da poluição”. As últimas liñas serven para tratar o estado das relacións hispano-lusas nas que se recollen as palabras do ministro de defensa español, Federico Trillo, negando desencontro. A seguinte páxina vai sobre a preparación da zona lusa pola posible chegada da marea negra, van activar o “plano Mar Limpo” para combater a contaminación.

Ao día seguinte, só levan o Prestige en páxinas interiores nas que destacan a situación das mareas e informan de que o “Exército espanhol tenta limpar areais”. Na peza destácase a falta de medios para limpar as praias.

O 24 de novembro, Jornal de Notícias leva no sumario: “Portugal sem meios para vigiar petroleiros na costa”. No interior, a información máis destacada explica no titular: “Mais manchas no mar” e no subtítulo: “Instituto Hidrográfico detecta aumento de fuelóleo que poderá estar a ser liberado dos tanques afondados do <<Prestige>>”. A información coprincipal informa sobre a ocultación do goberno español da marea negra baixo o titular: “A negação de Espanha”.

“A única certeza espanhola é a de que o preço dos percebes vai aumentar (...) Maré negra? Não é nada disso, foi dizer à Corunha o vice-presidente do Governo central espanhol, Mariano Rajoy (...). Poucas horas depois, o Ministério de Fomento anunciava que persiste “um grave risco de contaminação” nas costas galegas,...Nesta onda de contradições, Rajoy continua a fazer orelhas moucas às críticas das organizações ambientalistas internacionais”.

A seguinte páxina trata sobre a normativa do transporte co titular: “Europa está refém do poder do petróleo”. Na contraposta, fálase sobre o cuestionada que é opción de levar o barco a alta mar. As seguintes dúas páxinas recollen o impacto económico para o turismo galego e o ecolóxico.

Os días seguintes, o diario rebaixa a súas informacións e non trata o tema da actuación do goberno español a modo de crítica. O 25 de novembro, o sumario e a primeira información do interior sinalan que “As manchas chegaram ao Norte da Galiza”. O 26 de novembro só hai unha páxina de información con tres pezas informativas sobre estimacións do impacto económico en Portugal, que non hai contaminación en Portugal polo momento e no seu peixe e sobre a normativa do transporte. Ao día seguinte, só publica unha peza informativa sobre a normativa do transporte co titular: “Espanha e França antecipam medidas”. Volve destacar o

28 de novembro a actuación do goberno español na loita contra os buques contaminantes: “Espanha desloca fragata para vigiar navios perigosos”. Nesta liña segue o 29 de novembro coa peza titulada: “Garantidas compensacións a pescadores portugueses” e no subtítulo: “Fraga Iribarne dá a entender que o fuelóleo implica perigos e Portugal adere ao acordo dos países vizinhos”. O 30 de novembro abre a portada co titular: “Galiza entrou en alerta xeral”. No interior, desenvolve nunha soa información a chegada dunha grande marea negra a Galicia. Ao día seguinte, ábrese o Jornal de Noticias cunha fotografía da limpeza das praias e enriba pode lerse: “Galiza de negro”. No interior: “Mancha de fuelóleo já chegou à Galiza”.

O 2 de decembro a fotografía da portada é para a manifestación do Obradoiro, ao fondo a catedral e toda chea de paraugas co titular: “Chuva de protestos inundou Santiago”. No interior, en páxinas interiores ábrese a sección de sociedade coa protesta co titular: “200 mil vozes unidas contra os petroleiros”. O titular non amosa a liña da información que acompaña que quere reflectir a indignación dos galegos. Na fotografía, unha bandeira portuguesa enriba dos paraugas, o que dá a entender o apoio ao pobo galego por parte dos veciños. No interior, tamén se destaca o irmanamento entre ambos: “E uma bandeira lusitana agita-se no alto entre os demais. <<Sou galego. A nossa nação é Portugal. Mais que Espanha>>”, explica Afonso Fernandes.

Nunca Máis é entendida polo diario como unha consigna, non lle dá entidade neste punto á plataforma cando recolle na entradiñas as súas demandas.

“Santiago de Compostela viveu, ontem, a maior manifestação de toda a história de Galiza ao acolher quase 200 mil pessoas que disseram <<Nunca Máis>> ao tráfico de petroleiros pelas costas galegas, à actuação ineficaz e passiva do Governo espanhol, que permitiu que uma segunda maré negra esteja novamente nas costas de Finisterra, e para pedir a demissão de todos os responsáveis pela catástrofe”.

Chama a atención o contraste entre a cobertura desta manifestación por Jornal de Noticias e as coberturas dos xornais galegos e españois. O luso resposta xa nesta peza informativa que a manifestación, non está politizada, que o pobo galego maniféstase pola indignación do que están a vivir en primeira persoa. Trata con dignidade aos manifestantes, que identifica coa xente do mar, cobertura que contrasta co paternalismo e a crónica social dos medios propios.

“<<Isto não é política. É a nossa vida>>, atira Antonio Pérez, pescador de Finisterra. (...) Não apunham bandeiras nacionalistas, nem gritam eslogans. De mãos nos bolsos, abrigos sob os seus impermeáveis amarelos e verdes de sempre -os mesmos que levam quando saem para o mar- assistem à fúria da multidão (...) Acusam o Governo da Junta Autónoma da Galiza de manipular informação, a que só têm acesso graças aos franceses e aos portugueses.”

Na páxina do lado, pezas informativas sobre o endurecemento do goberno española na práctica da normativa do transporte (“Espanha expulsou navio de Malta”) e sobre a limpeza da contaminación (“Barcos de muitos países utilizados na limpeza”).

O 3 de decembro no sumario de portada advirte da chegada do fuel ás Rías Baixas. Porén, a información á que lle dedica máis espazo é a visita de Juan Carlos: “Visita do rei à Galiza fez calar os protestos” e o subtítulo: “Juan Carlos pediu a ajuda de todos e <<menos fotos demagógicas>>”. No texto explícase que na recepción ao monarca había un grupo de voluntarios que amosaron as súas queixas cos políticos e un grupo de persoas locais que

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

recibiron con cariño e pedindo respeto para o monarca. A información da chegada do fuel ás Rías Baixas sinálase na seguinte páxina cunha infografía. Ao lado, unha información sobre os voluntarios lusos que foron a limpar as praias de Fisterre: “Portugueses continuam até acabar a poluição”.

O 4 de decembro, o diario luso co anuncio da espera da chegada da marea negra a Portugal. Na portada, o titular principal: “Minho de prevenção à espera da maré negra” e no subtítulo: “Manchas de fuel já estavam à noite a menos de 30 Km da costa portuguesa. Marinha e Proteção Civil em alerta”. No interior a información: “Mancha mais perto de Portugal” segue a mesma lóxica. Na páxina do lado, fálase da loita dos mariñeiros das Rías Baixas contra o fuel a modo de crónica: “Dor manchada de raiva”. Outras informacións van sobre o impacto ecolóxico, as aves mortas pola toxicidade do fuel; e as medidas tomadas por parte da Comisión Europea (“Europa faz lista negra de navios malditos”).

O 5 de decembro, nun pequeno destacado de portada, trátase como as manchas de fuel están máis preto de Portugal. No interior: “Ventos e marés vão ditar a sorte”. Na páxina do lado, unha crónica social sobre a espera dos mariñeiros lusos do Minho baixo o título: “Aproveitar o maná do mar até ao fim”. Na seguinte, fálase sobre situación dos vertidos na costa galega e na do lado, está dedicada ás reaccións políticas do goberno portugués e ao final, sobre a crise política española baixo o titular: “Portugal quer verbas da UE”.

Os dous días seguintes no destacado de portada, faise un seguimento da marea negra que afástase polos ventos das costas de Portugal e nesta liña van as informacións do interior. O 9 de decembro titúlase a información principal de portada: “Portugal aluga plataforma para recolher o fuel” e sinala que poden rebentar os tanques do Prestige. Os días seguintes continúan as informacións sobre a espera da marea negra e os medios de limpeza previstos.

O 13 de decembro en portada un breve informa de que a “Terceira maré do <<Prestige>> entrou na ria de Pontevedra”. No interior, a información principal comeza coas mocións de censura a Fraga (“<<Prestige>> usado como arma política”). Dous días máis tarde, a información en interior na 25, o titular: “Um mês depois do desastre Aznar apresenta desculpas” e no subtítulo: “Galegos manifestaram-se contra o atraso da visita do primeiro-ministro”. Ao día seguinte tamén se recolle a crise política: “Contestação a Aznar chega a Barcelona” e o mesmo o 17 de decembro que sinala a folga de fame como a información máis importante do día sobre a crise do Prestige: “Pescadores galegos em greve de fome”. Polo tanto, a crise política e as protestas foron durante estes días o temas principais. Ao día seguinte na información titulada: “Mau tempo impede limpeza da Galiza”, acompañao o subtítulo: “Pescadores desemperam com tanta falta de meios e coordenação. Greve de fome ganha força”. O 19 de decembro destácase a peza informativa: “Terceira vaga da maré negra chegou á Costa da Morte” na columna dereita: “Policia carregou sobre manifestantes”. O 20 de decembro a noticia principal sobre o tema é: “Bombas dão voz ao rancor galego”, no subtítulo: “Dois engenhos explosivos desactivados nas sedes do PP em Sanxenxo e em Poio. Camião foi incendiado”. Todas estas informacións que foron, na maioría dos casos, as principais, dan mostra do descontento deses días en Galicia.

O correspondente do Jornal de Notícias en Santiago de Compostela publica un artigo de opinión o 23 de decembro baixo o titular: “Povo galego perde confiança nos políticos e na Coroa”. Na primeira parte das mocións de censura de Fraga e as actuacións deste, Touriño e Beiras, en contraposición coloca ao pobo galego ao que louva.

“A Galiza real, o povo, demonstrou, mais uma vez, estar acima de todos eles. Soube organizar-

se, rejeitar a caridade desnecessária, traballar na defensa do seu e non aceptar todo o circo que os grandes montaram à volta desta desgraza que non cessa”.

Durante o Nadal baixou a información sobre o Prestige que centrouse na situación das mareas. O 28 de decembro destaca o apagón: “Apagão na Galiza contra o desastre”. O subtítulo é sobre a situación da contaminación: “Manchas de poluente passaram a costa norte a caminho do Sudoeste da França, mas podem voltar a mudar de rumbo amanhã”. O 29 de decembro faise eco da entrevista de La Voz de Galicia a Apostolos Mangouras co titular: “Capitão acusa autoridades españolas”. Acaba o ano cunha información sobre unha enquisa publicada na SER na que sinala que a maioría dos españois consideran que Fraga debe demitir e o 40% que Álvarez Cascos. A peza titúlase: “Tempestade empurra fuel e..políticos”.

Nos primeiros días de 2003, as unidades informativas cobren a chegada do fuel a Francia. O 8 de xaneiro volve destacarse a protesta social na información: “Constestação volta às ruas” e subtitulada: “Cem mil galegos exigen apuramento de responsáveis pelo caso <<Prestige>>”. No interior pode lerse como volve a haber ocultamento de información por parte do goberno: “Ontem, os marinheiros da Costa da Morte contradiziam os peritos contratados pelo Governo espanhol, garantindo que o fuelóleo que, nestes dias, tem chegado ao litoral provém do Prestige e nao do desprendimento das rochas, onde o fuelóleo possa ter-se acumulado. Os peritos têm rejeitado sempre a possibilidade de uma quarta maré negra”.

O 11 de xaneiro, a información principal do día sobre o Prestige sinala a dificultade de investigar o que aconteceu baixo o titular: “Espanha evita investigação sobre Prestige” e o subtítulo: “Governo central recusa à Galiza entrega de documentos e comparecer na comissão galega”. Durante o resto do mes, hai diferentes informacións sobre o Prestige destaca a información do 25 de febreiro sobre o plan Galicia: “Plano millónario para salvar a Galiza”. O 30 de xaneiro recolle nun breve a denuncia de Nunca Máis polo xudicial: “Galegos queixam-se em tribunal” e unha pequena imaxe dun pez morto na praia.

En febreiro, segue en descenso a cobertura do Prestige cunha peza informativa ao día, na maioría das ocasións secundaria. Trátanse temas como a limpeza das praias, a apertura a pesca e o marisqueo, a contaminación en Francia e País Vasco, a liberación de Mangouras, a manifestación das maletas, a extracción do fuel ou a imputación de cargos do goberno.

Neste mes hai varias informacións nas que se fala de Nunca Máis e comeza a dárselle identidade por parte do diario luso. A primeira información é unha peza con fotografía sobre a manifestación das maletas, a segunda é o anuncio da manifestación de Madrid dentro da información titulada: “Juiz galego convoca elementos do Governo” e as catro unidades informativas publicadas sobre a protesta en Madrid.

O día da manifestación publican unha entrevista ao escritor Manolo Rivas sobre quen é Nunca Máis. Destacar que o portavoz da plataforma identifica que a reacción do goberno contra o movemento debeuse a que estaba a calar na sociedade e que disto déronse conta por dúas manifestación espontáneas dos galegos. A primeira, no derbi Celta-Deportivo, na que os siareiros de ambos comezaron a berrar: “Nunca Máis” espontaneamente, o que foi transmitido polas televisións. O segundo, que os desfiles de Reis convertéronse en actos de protesta. Ese mesmo día publican unha información sobre que é a manifestación e que haberá convocatorias en varias cidades de Europa. O luns 24 de febreiro no sumario da portada: “Maré humana exige demissões por causa do <<Prestige>>”. Na información a toda páxina, abrindo a sección de sociedade e cunha imaxe con plano case cenital no que se pode ver unha enorme bandeira do Nunca Máis. A xornalista faise eco das peticións do manifesto lido por

Manolo Rivas ao final da marcha. Outra peza da páxina coprincipal faise eco da manifestación que se celebrou en Lisboa.

A análise de Jornal de Notícias contrasta co dos diarios galegos e españois no seu discurso menos aliñado co poder e máis cos galegos afectados pola catástrofe. E que para resumir fágome eco do artigo de opinión escrito pola galega Mercedes Vázquez e publicado no diario luso o 19 de decembro e titulado: “Ainda nos resta Portugal”, en referencia á canción de Siniestro total. “Restam-nos os nossos irmãos portugueses, informando-nos com verdade desde o principio, com actos de solidariedade como o povo galego, quando podiam estar furiosos pela intenção inicial de pôr o barco nas suas águas, há muita humanidade por aprender, isto quando têm o fuelóleo á porta”

5.2.5.2. Le Monde

O diario Le Monde publicou 99 pezas informativas durante os tres meses seguintes ao afundimento. As informacións interiores publicáronse na sección internacional mais cando a temática era científico-técnica publicábaas nunha sección especial dedicada á ciencia e cando ía sobre o avance das mareas entraba en rexional.

O diario galo adiantou a información do Prestige en 21 das portadas publicadas neste tempo. Na maioría das ocasións no sumario de titulares acompañado dunha pequena imaxe na columna esquerda da portada e na maioría das ocasións co destaque de “Marea negra”. O primeiro avance na portada aparece o 19 de novembro a modo de sumario e cunha pequena imaxe do Prestige en alta mar: “Marée Noire/Les côtes de Galice touchées par le pétrole du <<Prestige>>”. Ao día seguinte, a peza informativa principal da portada de Le Monde era tamén sobre o buque petrolero debido ao seu afundimento. O diario francés ilustra cunha banda deseñada o adianto da noticia na que se ve o barco afundindo e nunha pequena lancha ao armador marchando cunha maleta chea de cartos mentres di: “Hereusement, ma cravate n'est pas tachée!” (Felizmente, a miña gravata non se manchou!). Como veremos máis adiante o diario galego tematizou o problema ao redor da normativa do transporte europea e a necesidade de endurecela como apunta xa nesta portada. No titular: Brisé, le <<Prestige>> sombre avec <<70.000 tonnes de fioul>> (Roto, o <<Prestige>> afunde con 70.000 toneladas de petróleo). Ao día seguinte, un breve en titular coa imaxe do buque sinala : “L'Europe face aux scandales du transport pétrolier” (Europa fai fronte aos escándalos do transporte petrolero). Nas últimas liñas indica: “La Commission européenne a rappelé aux Quinze leurs <<obligations politiques>>. Chirac réclames des mesures <<draconiennes>>” (A Comisión europea recordou aos Quince as súas obrigacións políticas. Chirac reclama medidas draconianas).

O 23 de novembro nun titular de sumario sinala: “Le gouvernement espagnol sous les feu des critiques” (O goberno español baixo o fogo das críticas). O xoves 28 de novembro, outro titular de sumario sobre un pacto entre o goberno español e francés para endurecer a normativa do transporte: “Chirac et Aznar lancent la chasse aux navires-poubelles” (Chirac e Aznar van a cazar ás navieiras contaminantes). Ao día seguinte, na portada lea unha información sobre outro buque perigoso que está en Tallin, o <<Byzantio>>.

O 5 de decembro un titular anuncia o Plan Polmar contra a contaminación mariña que teñen preparado para cando chegue a marea negra ás súas costas. O día seguinte anuncian tamén no sumario que chega a marea negra: “La nappe approche de la côte française” (O manto próximo ás costas francesas). Nesta liña tamén o sumario do día 7 de decembro: “Le fioul s'échappe du <<Prestige>>. La France se prépare” (O fuel escápase do <<Prestige>>.

Francia prepárase).

O 9 de decembro volve converter o tema Prestige na información principal co titular: “Marée noire du <<Prestige>> le pire est encore à venir”(Marea negra do Prestige o peor está por vir). A peza explica que o petróleo non se conxelarán no fondo do mar como dicía a súa ficha técnica polo que se espera unha longa contaminación en todo o litoral atlántico. O día seguinte no sumario de portada: “Le plan Polmar-terre est déclenché” (O plan Polmar-terre está activado).O 11 de decembro nestes titulares: “Le contre-feu de José María Aznar”, no que anuncia a información anterior sobre unha intervención televisiva do presidente do goberno español onde explica a crise e di que endurecerase a normativa do transporte.

O 18 de decembro, unha información secundaria cunha imaxe da limpeza das praias di: “Comment combattre le fioul polluer” (Como combater o fuel contaminante). Uns días despois, o 21 de decembro, no sumario: “Le sous-marin <<Nautil>> colmate les brèches” (O submariño <<Nautil>> tapa as fendas). O 4 de xaneiro, o sumario de portada trata a situación das mareas: “La pollution s’étend sur le littoral atlantique” (A contaminación exténdese polo litoral atlántico). Nesta liña o sumario do 7 de xaneiro: “A façade atlantique se prépare à un long combat” (A fachada atlántica prepárase para un longo combate). Neste momento é cando máis importancia teñen para este xornal o tema da situación das mareas e vertidos. Ao día seguinte, o sumario: “Qui paiera la facture?” (Quen pagará a factura?). O 24 de xaneiro unha nova marea negra chega a Francia e nunha pequena información: “La marée noire, malgré le <<Nautil>>”. O último sumario en portada, o 19 de febreiro. “Comment pomper le fioul de l’epave” (Como bombear o fuel dos restos do barco)

Na análise de contido cuantitativa vese como as informacións políticas co tema da normativa do transporte foron as máis recorrentes, no 22% das pezas publicadas sobre o Prestige por Le Monde. Logo, o tema da situación das mareas e os vertidos, nun 18% e cun enfoque maioritariamente ecolóxico. Seguen a limpeza do Prestige, nun 10%, con un tipo de marco ou técnico ou social humano e o selado e extracción do fuel, cun 8% e marco técnico. A actuación do goberno español tamén tivo un enfoque político. Ningunha das informacións políticas foi moi crítica co executivo español, limitáronse a contar que era cuestionado pola xestión da crise.

As informacións sobre a actuación do goberno español foron publicadas a finais de novembro e principios de decembro. A máis crítica foi a do 30 de novembro baixo o titular: “M. Aznar vivement contesté après la catastrophe du pétrolier <<Prestige>>”. O artigo informa sobre a negación de Mariano Rajoy da marea negra e que desmentiu as declaracións da ministra francesa, Roselyne Bachelot, nas que aseguraba que o petroleiro seguía perdendo petróleo. O diario sinala que a xestión do salvamento foi errónea ao deixarlo en mans da empresa de salvamento que “préférerait remorquer le Prestige vers Portugal ou un port africain”. En verdade, foi o goberno español o que obrigou a remolcar o barco mar adentro.

“Mais cette volonté du gouvernement espagnol de minimiser la catastrophe, la désorganisation des moyens de secours et l’absence d’information on eu raison de la résignation des Galiciens. Une manifestation aura lieu dimanche à Saint-Jacques-de-Compostelle, organisée par le mouvement Nunca Más (Jamais plus) avec le soutien de partis politiques, de syndicats, d’associations écologistes et de personnalités comme l’écrivain galicien Manuel Rivas.”

Nesta información é a primeira vez que se da conta de Nunca Más no diario Le Monde, para anunciar a súa manifestación do 1 de decembro. Sobre a manifestación infórmase o 3 de decembro na información principal da páxina 6 de internacional baixo o titular: “Marée noire: la colère monte en

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

Galice contre Madrid et le gouvernement régional” (Marea negra: Galicia monta en cólera contra Madrid e o goberno rexional). Sobre as peticións que se facían no manifesto o diario publica: “Il a demandé que la Galice soit déclarée <<zone de catastrophe>> et réclame la démission du président du gouvernement, José María Aznar, et du président de la Galice, Manuel Fraga” (Pide que Galicia sexa declarada zona catastrófica e reclama a demisión do presidente do goberno, José María Aznar, e do presidente de Galicia, Manuel Fraga).

Le Monde																		
	Económico		Ecológico		Outro		Político		Sanitario		Social Humano		Técnico		Xudicial		Total temas	
	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%
Accidente/afundimento	-	-	2	2	-	-	1	1	-	-	-	-	-	-	-	-	3	3
Custe económico	3	3	-	-	-	-	2	2	-	-	-	-	-	-	-	-	5	5
Axudas económicas	1	1	-	-	-	-	1	1	-	-	-	-	-	-	-	-	2	2
Actuación goberno español	-	-	-	-	-	-	8	8	-	-	-	-	-	-	-	-	8	8
Actuación goberno francés	-	-	-	-	-	-	2	2	-	-	-	-	-	-	-	-	2	2
Impacto -ecolóxico	-	-	1	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	1
Limpeza Prestige	-	-	-	-	-	-	2	2	-	-	3	3	5	5	-	-	10	10
Normativa transporte	-	-	-	-	-	-	22	22	-	-	-	-	-	-	-	-	22	22
Nunca máis actuación	-	-	-	-	-	-	1	1	-	-	-	-	-	-	-	-	1	1
Outros	-	-	-	-	3	3	3	3	-	-	-	-	-	-	-	-	6	6
Petroleiras actuación	1	1	0	-	0	-	1	1	0	-	0	-	0	-	0	-	2	2
Empresa Prestige	2	2	0	-	0	-	0	-	0	-	0	-	0	-	2	2	4	4
Riscos saúde	0	-	0	-	0	-	0	-	2	2	0	-	0	-	0	-	2	2
Selado/extracción fuel	0	-	0	-	0	-	0	-	0	-	0	-	8	8	0	-	8	8
Mareas/vertidos	0	-	15	15	0	-	1	1	0	-	0	-	2	2	0	-	18	18
Impacto social	1	1	0	-	0	-	0	-	0	-	4	4	0	-	0	-	5	5
Total	8	8	18	18	3	3	44	44	2	2	7	7	15	15	2	2	99	100

Elaboración propia

O venres 3 de xaneiro de 2003, Le Monde publica unha reportaxe sobre Galicia (así titúlase: Galice) na varios integrantes de Nunca Máis son fontes de información: Manuel Rivas, escritor e portavoz de Nunca Máis; Xurxo Souto, un dos creadores de Burla Negra; Francisco Peña, presidente da asociación cultural Alexandre Bóveda e membro do BNG; e José Luis Dopico Moras, representante da flota artesanal da Coruña. A estas fontes de información engádelle a de dous xornalistas: José Luis Vilela, adxunto ao director en La Voz

Discursos e identidades na crise do Prestige de Galicia e Xosé Manuel Pereiro, xornalista da Televisión española. Tamén hai declaracións dunha mestra de infantil de Malpica como poboación afectada do desastre. Nesta reportaxe Nunca Máis e Burla Negra son considerados a voz do pobo e con eles, comeza a reportaxe. Non houbo na prensa galega nin española unha peza informativa con tantas fontes de información da plataforma Nunca Máis. O 25 de febreiro, Le Monde tamén inclúe nas súas páxinas de internacional información sobre a manifestación de Madrid baixo o titular: “Manifestation à Madrid contre l'irresponsabilité dans le désastre provoqué par le <<Prestige>>” (Manifestación en Madrid contra a irresponsabilidade no desastre provocado polo <<Prestige>>”.

Le Monde encadra a actuación do goberno francés na crise dunha maneira positiva. En xaneiro, cando comezan a chegar a marea negra a Francia, titulan unha información publicada na sección de sociedade francesa (France-société): “Jacques Chirac se place à la tête de la mobilisation contre la marée noire sur le littoral atlantique”(Jacques Chirac sitúase á cabeza da mobilización contra a marea negra no litoral atlántico). A única voz crítica que deixa entrar nas súas páxinas é o 7 de febreiro, a dun deputado rexional que sinala que “l'insuffisance des moyens mis en place par le gouvernement pour lutter contre le marée noire du Prestige” (os insuficientes medios posto polo goberno para loitar contra a marea negra).

5.2.5.3. Eleftherotipia

O diario heleno Eleftherotipia era hai dez anos o diario máis lido en Grecia, situándose nun segundo lugar nestes momentos. O xornal grego só publicou 16 noticias ao redor do Prestige nos primeiros meses, malia que había dous tripulantes desta nacionalidade, un deles o capitán e que o dono do buque é deste país. A maioría das informacións xiraron ao redor da acusación da Unión Europea de que Grecia e Gran Bretaña non fixeron inspeccións ao barco do Prestige cando estivo nalgún dos seus portos. O diario recolle a versión do seu goberno de que non se adoita facer inspeccións os barcos que están en tránsito, que non entran no porto.

Eleftherotipia					
	Económico	Ecolóxico	Outro	Político	Total
	nº	nº	nº	nº	nº
Accidente/ afundimento	-	2	-	-	2
Goberno español actuación	-	0	-	1	1
Normativa do transporte	-	0	-	2	2
Inspección barco	-	0	-	3	3
Outros	-	1	1	1	3
Empresa Prestige	1	0	1	0	2
Empresa salvamento	1	0	0	0	1
Situación mareas e vertidos	-	2	0	0	2
	2	5	2	7	16
	16				
Elaboración propia					

O 19 de novembro, o día antes do afundimento do Prestige, a información sobre a catástrofe entra na axenda do xornal grego Eleftherotyia. Este primeiro día publica nunha

columna da portada: “αργος θανατός Prestige” (morte lenta do Prestige) e enriba desta información unha pequena imaxe da limpeza das praias. No interior co mesmo título na sección de Mundo publícase unha información na que se da conta das mareas negras no norte de España causadas por un barco petroleiro e sinálase que a Unión Europea pide explicacións a Gran Bretaña e a Grecia polas inspeccións dos portos, xa que o buque pasou por ambos países. Nunha columna ao lado desta información principal hai outra noticia que se titula: “Υπουργείο Ναυτιλίας δηλθε τράνζιτ” (O Ministerio de Asuntos Marítimos: “o barco pasou”). Na peza dáse a coñecer a versión do goberno grego de porque non inspeccionou o barco cando estivo no porto de Kalamata. Ademais sinala que o barco non ten nada que ver con Grecia e que na tripulación só había dous helenos. Os temas das inspeccións dos barcos petroleiros e a normativa da Unión Europea en seguridade marítima van estar presente durante toda a cobertura que fixo o Eleutherotypia do suceso.

Ao día seguinte a información do Prestige é o segundo tema en importancia en portada acompañado dunha fotografía do barco afundindo. No titular pódese ler: “Βόμβα Βυθού” (bomba profunda) e explica brevemente que o barco afundi no norte de España, acompaña tamén a información un gráfico de Galicia e da súa situación en España. Na sección de Mundo, baixo o título “Πετρελεος”(Petróleo) informase sobre o afundimento. Nunha información á dereita vólvese a tratar o tema do día anterior, a acusación da Unión Europea da falta de inspeccións polo goberno grego dos barcos que afondan nas súas augas. Volven a darse as explicacións do goberno grego sobre porque non fixo inspección do barco e tamén trátase se o barco pertence ou non a empresarios gregos. Outra información secundaria sinala sete desastres ecolóxicos acontecidos no mundo polo petróleo. Estas informacións van acompañados duns gráficos sobre os animais que corren risco pola contaminación do fuel.

O día 21 de novembro, o Prestige volve aparecer en portada do diario grego nunha columna cun titular parecido ao de dous antes: “Καυγός για τον αργό θανατό” (polémica pola morte lenta). Trata de non a culpa ou non de Grecia e Gran Bretaña do acontecido acompañado de unha pequena imaxe de limpeza de praias. No interior do xornal, na sección de Mundo, unha información principal co titular: “ Σταματηστε τα τάνκερ σπιδοτενεκέδες” (Parade os tanques basura). Trátase a culpa ou non de Grecia no caso do Prestige, explícase que o barco ten bandeira de Liberia e que Unión Europea quere acabar cos buques monocasco. A esta información principal, acompaña varias pequenas pezas con temas a dobre páxina con temas como a desastre ecolóxica, o fin dos monocascos, un plan renove para que os barcos gregos en 2015 sexan todos de dobre casco e faise referencia a unha información do diario Independent na que se asegura que o Prestige pertence a unha familia grega. En todas as informacións vaíse fiando o discurso de que Grecia cumpre coa normativa marítima imposta coa Unión Europea e que está en proceso de renovar a súa frota.

O 22 de novembro xa non aparece a catástrofe do Prestige na portada, só en páxinas interiores na sección mundo. Baixo o titular: “Προσευχές στον άνεμο” (Rezádelle o vento” informa sobre a contaminación do litoral galego, o perigo para a costa lusa, as xestións de Aznar para endurecer a normativa de seguridade marítima e a previsión de Italia de prohibir a entrada de buques monocasco nos seus portos. Unha información secundaria sinala que as autoridades marítimas dos Estados Unidos vixiaban o barco polo potencial risco e confirman que pertence a unha familia grega.

O día seguinte só aparece a información do Prestige nunha sección na que se fai un repaso á prensa do País. É un gráfico publicado no diario “Nea” de Galicia e o litoral contaminado. O 24 de novembro volve nun faldón na sección mundo unha noticia sobre o

suceso na que se trata o potencial perigo do petróleo que segue no buque baixo o mar. O 25 de novembro unha información acompañada cunha imaxe da limpeza das praias cuestiona quen ten a culpa do naufraxio do Prestige. Recolle a testemuña da empresa de salvamento que sinala o goberno español por levar o barco a mar aberto. En contraposición, Jaime Matas declara que non ten que dar explicacións sobre o suceso. Ademais recolle unhas declaracións do capitán do barco, Mangouras nas que sinala que intentou axudar no rescate e que non se dirixía o porto de Xibraltar.

A última referencia que se fai o Prestige nos primeiros meses é unha información sobre a toma da presidencia da Unión Europea polo país heleno o 11 de decembro. Na pequena peza explícase que un dos temas pendentes é a normativa de seguridade marítima aberta polo caso Prestige.

A conclusión que se fai da análise é que o diario céntrase en contestar os organismos e ás informacións internacionais que sinalan a Grecia como un dos culpables da crise. Nun primeiro momento, recolle as informacións oficiais que negan a implicación e presentan o país como responsable na renovación dos buques que transportan petróleo. En pequenas informacións méntase que o dono é grego máis non se afonda no tema. O tema Prestige só interesa durante unha semana seguida á prensa helena.

5.2.6. O caso do Mar Exeo en La Voz de Galicia

Despois da cantidade de informacións publicadas ao redor do sinistro do Prestige, contrasta a pouca relevancia que se lle deu ao afundimento do Mar Exeo no seu día. Pode argumentarse que non tivo as consecuencias tan desastrosas para o medio ambiente que tivo o Prestige e que o impacto quedou limitado á zona da Coruña. Nos primeiros tres meses publicáronse só 49 informacións sobre este tema por La Voz de Galicia que foi escollido para esta análise por estar radicado na Coruña, onde aconteceu o suceso. Só nos dous primeiros publicouse na sección de apertura do diario no resto estivo na sección de Marítima. Outro dato sobre a pouca relevancia que se lle deu ao acontecemento é que só apareceu en portada en tres ocasións: o 4 decembro de 1992, o 27 de decembro de 1992 e o 11 de xaneiro de 1993. O 4 de decembro co buque en chamas no porto de A Coruña, o 27 de decembro as movilizacións en Ferrol e o 11 de xaneiro sobre a manifestación de Mar Limpo.

Outra variable que amosa a relevancia é o acompañamento gráfico das informacións. Como se pode ver na táboa, só o 30,6% das pezas informativas ían cunha fotografía e o 4% ademais con infografía. En contraposición, o 65,3% non tiñan imaxe. Das informacións con imaxe hai poucas nas que se vexa a contaminación ocasionada polo afundimento do Mar Exeo. Varias informacións son de roldas de prensa e de manifestacións dos afectados.

Presenza de imaxes na cobertura da crise do Mar Exeo en La Voz de Galicia		
	nº	%
Fotografía	15	30,6
Sen imaxe	32	65,3
Fotografía e infografía	2	4
Total	49	100
Elaboración propia		

En canto os actores das pezas informativas, tamén chama a atención en comparación co

TERESA BARBERENA FERNÁNDEZ

caso do Prestige, a cantidade de voces críticas e voces de afectados polo Mar Exeo e pola contra, as poucas fontes institucionais ou políticas. A continuación, expónse algúns dos actores que entraron en La Voz de Galicia e o encadramento que fan do problema. Non se engadiron as informacións sobre asociacións de mariñeiros, que son varias, nas que se sitúa a solución na declaración de zona catastrófica e que se reparan os danos con indemnizacións.

Quen foi o responsable do afundimento do Mar Exeo?	
Actor	Encadramento
Cal é o problema?	
UGT	Falta de seguridade marítima
Concello de Oleiros	A carencia de medios do porto da Coruña
Técnicos en sinais marítimas	Mal estado das sinais marítimas
Doce cofradías de A Coruña	Inseguridade do porto
Mar Limpo	Inseguridade do porto
CCOO	Repsol ordeou a entrada e ten que facelo a autoridade marítima
Quen foi o responsable?	
Secretario federal UGT Marina mercante	Ministerio de Transportes
Greenpeace	Industria do petróleo e Repsol
Doce cofradías de A Coruña	Repsol e o goberno central
Concello de Oleiros	Autoridades portuarias de A Coruña
CCOO	Administración marítima e Repsol
Mar Limpo	Autoridades
Cal é solución?	
Greenpeace	Nova política enerxética
Xosé Cuíña	Portos galegos xestionados pola Xunta
Mar Limpo	Mellor seguridade marítima e indemnizacións
Elaboración propia	

Ao ver os actores do Mar Exeo e as súas reclamacións parece como se fose a antesala do Prestige. Os mesmos grupos de actores (sindicatos, ecoloxistas, traballadores do mar, ...) nunha e outra crise hai o mesmo tipo de reclamacións e os mesmos problemas de xestión da seguridade marítima e de falta de medios de limpeza. A crítica os políticos foi moi escasa nas informacións mais se lemos a información da manifestación de Mar Limpo en A Coruña, o 10 de xaneiro de 2002, podemos encontrarnos nas últimas liñas:

“En opinión de Camilo Nogueira, en La Coruña se ha tratado de <<minimizar>> la catástrofe, cuando en <<Escocia, ó día seguinte de ocorrer o accidente nas illas Shertland había 16.000 millóns de pesetas para indemnizacións>>. <<É inadmisibile que Felipe González non visitara o lugar do siniestro>>, o contrario que o primeiro ministro británico”

Os temas máis tratados durante a crise do Mar Exeo en La Voz de Galicia foron as

Discursos e identidades na crise do Prestige indemnizacións os afectados (16%), a actuación do goberno (16%) e os medios para a limpeza (10%) e a normativa do transporte (10%). O tema das indemnizacións dos traballadores do mar foi o tema con máis cobertura no Mar Exeo e foi capitaneado polas asociacións de mariñeiros tanto da Coruña como de Ferrol. Na portada do 27 de febreiro debaixo dunha imaxe dun mariñeiro entrando nunha lancha podemos ler no titular: “Movilizaciones en Ferrol para reclamar indemnizaciones por la marea negra”. Tres días despois na peza informativa principal da sección marítima: “Retrasos en el cobro de ayudas a los afectados por la marea negra”. O 5 de xaneiro de 1993 co titular: “Las cofradías se unen para paliar las secuelas de la marea negra” hai unha peza informativa na que sinalan ao goberno central como responsable de que o Mar Exeo encallase e por iso, esixen indemnizacións deste.

“El portavoz de las cofradías coruñesas, que convocaron ayer una rueda de prensa, dijo que las declaraciones oficiales hechas desde Madrid han creado inquietud, al desviar hacia la compañía aseguradora la responsabilidad del pago de todas las indemnizaciones”

O Mar Exeo en La Voz de Galicia														
	Económico		Ecolóxico		Outro		Político		Técnico		Xudicial		Total	
	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%
Accidente	0		0		0		0		1	18%	2	36%	3	6%
Impacto económico	2	4%	0		0		0		0		0		2	4%
Indemnizacións	0		0		3	20%	5	33%	0		0		8	16%
Actuación do goberno	0		0		0		7	44%	0		1	18%	8	16%
Impacto ecolóxico	0		1	6%	0		0		1	18%	0		2	4%
Medios para a limpeza	0		1	6%	1	6%	0		3	18%	0		5	10%
Mariñeiros actuación	0		0		0		2	12%	0		0		2	4%
Normativa do transporte	0		0		1	6%	4	24%	0		0		5	10%
Mar Limpo actuación	0		0		0		1	6%	0		0		1	2%
Outros	0		0		4	26%	0		0		0		4	8%
Actuación da oposición	0		0		0		1	6%	0		0		1	2%
Prohibición de pesca	0		0		0		1	6%	0		0		1	2%
Saúde riscos	0		0		1	6%	0		1	18%	0		2	4%
Salvamento	0		0		0		0		1	18%	0		1	2%
Extracción do fuel	0		0		0		0		1	18%	0		1	2%
Situación dos vertidos	0		1	6%	0		0		1	18%	0		2	4%
Xunta actuación	0		0		0		1	6%	0		0		1	2%
	2	4%	3	6%	10	20%	22	44%	9	18%	3	6%		
	49							100%						
Elaboración propia														

As informacións sobre a actuación do goberno refírense a esas que o situaban como o responsable do suceso como “El secretario federal de UGT de la Marina Mercante culpa del siniestro a Transportes” ou “Doce cofradías coruñesas piden la dimisión de Solbes y Solchaga”.

En canto ás informacións sobre a limpeza da contaminación causada polo naufraxio, pode servir como exemplo a publicada o 6 de decembro de 1992 baixo o titular: “Greenpeace dice que la forma de proteger el marisco es casi inútil”. Sobre a normativa do transporte, a do 9 de decembro titulada: “Aprobada la directiva que obliga a informar de la carga peligrosa”.

5.2.7. Un ano despois do Prestige

O 13 de novembro de 2003, foi o primeiro aniversario do Prestige, todos os diarios deron unha ampla cobertura do tema. Mais foi La Voz de Galicia quen fixo unha cobertura maior en número de pezas publicadas como se pode ver na primeira táboa. En total, publicou unhas 90 pezas informativas, o 72% do total dos catro diarios.

Diarios analizados e unidades informativas							
La Voz de Galicia		El Correo Gallego		El País		ABC	
Total	%	Total	%	Total	%	Total	%
90	74	13	10,7	11	9	7	5,7
							121
Elaboración propia							

O tipo de marco político seguiu sendo o máis recorrente; subiu a segundo lugar, o marco técnico; en terceiro lugar, o económico; en cuarto, o social humano; e en quinto, o ecolóxico, que foi desprazado da segunda posición que ostentaba nos primeiros meses do suceso. Polo tanto un ano despois o afundimento do Prestige seguiu léndose como un tema político mais xa non como un problema ecolóxico.

En canto os temas máis relevantes, os diarios fixeron un repaso os que máis tematizaran na crise. Chama a atención que só La Voz de Galicia tivese como uns dos temas do aniversario a normativa do transporte e o resto, non lle desen nin unha soa peza informativa. Tamén este diario e o ABC foron os únicos que publicaron informacións sobre os plans económicos e as axudas e subvencións económicas.

Nun repaso das portadas vemos a liña da construción da realidade por parte de cada un dos diarios. La Voz de Galicia abre cunha noticia principal baixo o título: “Los gallegos esperan más avancen en la lucha contra los efectos del <<Prestige>>”. Co titular adiántasenos que a peza principal do interior é o comentario dunha enquisa de Sondaxe sobre a percepción da crise. Na imaxe: “Varios operarios continuaban ayer los trabajos de limpieza en la playa de O Rastro (Fisterra)”. Na columna dereita en forma de sumario: “Mariano Rajoy, secretario general del PP: <<No volvería a hablar de los hilillos, pero yo leí el informe que me dieron>>”; “Los científicos y la Xunta avalan la salubridad de los pescados y los mariscos gallegos” e “El capitán que precedió a Mangouras evita testificar después de recibir amenazas”. Pola súa banda, El Correo Gallego preocupábase ese día sobre unha información de actualidade ao redor do Prestige, que é un informe que cuestiona que a contaminación mariña non entrase na cadea alimentaria. O diario dedica varias pezas a desmentir dito informe. No titular: “Les sacan los colores a dos biólogos por usar el 13-N contra el marisco gallego”. No

Discursos e identidades na crise do Prestige

subtítulo: “El Gobierno garantiza que la contaminación marina no entró en la cadena alimentaria” e “Matiz de chiste de Juan Freire: el pescado con fuel podría afectar pasados treinta años del consumo frecuente”. Non hai ningún acompañamento gráfico.

Na portada de El País podemos ler baixo unha fotografía do capitán Mangouras en Barcelona, o titular: “La seguridad marítima en Galicia sigue igual que antes del 'Prestige'”. Como antetítulo: “Primer aniversario de la catástrofe del Prestige”. O ABC nunha noticia secundaria atribúe os fallos da xestión da situación das mareas a un fallo dos satélites: “El fallo de los satélites, que no tomaron imágenes los primeros días, agravó la crisis”.

Un ano despois do Prestige																											
	Económico				Ecolóxico				Outros		Político				Social/Humano			Técnico				Xudicial					
	Voz	CG	EP	ABC	Voz	CG	EP	ABC	Voz	EP	Voz	CG	EP	ABC	Voz	CG	EP	Voz	CG	EP	ABC	Voz	CG	EP			
Accidente	-	1	-	-	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	1	1	-	-	-	-	-			
Actuación tripulación	-	-	-	-	-	-	-	-	-	2	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	2	1	-			
Custe económico	4	1	1	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-			
Plans económico	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	6	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-			
Axudas económica	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	3	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-			
Actuación goberno	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	4	2	1	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	-			
Medios limpeza	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-			
Limpeza Prestige	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	-	-	4	-	-	1	-	-	-	-	-	-			
- Mariñeiros actuación	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	-	-	3	-	-	6	-	-	-	-	-	-			
Normativa transpore	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	6	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-			
Nunca máis actuación	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	3	-	-	-	1	1	-	-	-	-	-	1	-	-			
Outros	-	-	-	-	-	-	-	-	6	-	3	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-			
Oposición actuación	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-			
Empresa Prestige	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-			
Prestige condicións	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	2	-	-	-	-	-	1			
Prestige xustiza	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	-			
Prohibición pesca	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-			
Saúde risco	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	3	1	2	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-			
Salvamento	1	-	-	1	-	-	-	-	-	-	3	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-			
Extracción	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	8	-	-	-	-	-	-			
Vertidos	-	-	-	-	5	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	-	2	-	-	-			
Xunta actuación	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	2	2	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-			
Zonas afectadas	-	-	-	-	3	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-			
Total	8	2	1	1	8	0	1	0	6	2	35	7	4	4	9	1	1	19	1	1	2	5	2	1			
	13		10,4		9		7,2		8		6,4		52		41,6		11		8,8		24		19,2		8		6,4

El Correo Gallego abre en interior co tema da salubridade do pescado como xa anunciaba na portada. A primeira dobre páxina con cinco diferentes pezas informativas vai ao redor da cadea alimentaria e a contaminación marina. A información principal co titular: “Matiz de chiste: el pescado con fuel afectaría tras 30 años de consumo”. Abaixo as reaccións do presidente do CSIC, do presidente das confrarías afectadas polo Prestige, do conselleiro da presidencia da Xunta, do presidente da Cámara de Comercio de Vigo e o presidente de Adegas. Á dereita baixo co cintillo: “Respuesta institucional”, o titular: “El Gobierno garantiza que la contaminación no entró en la cadena alimentaria”. A información secundaria titúlase: “Las cofradías de la Costa da Morte destacan la normalidad en la pesca” e na columna dereita: “El Consello aprobará hoy el Plan Gallego contra la contaminación marina”.

Despois desta páxinas máis de actualidade, comezan unhas información sobre a memoria do aconteceu un ano antes. A información principal ten o titular: “Los responsables del petrolero habrían preferido que encallara” na peza informativa explícase que “para a casa armadora hubiera sido más rentable el embarrancamiento”. É unha información que xustifica a manobra do alonxamento do barco polo executivo.

“Sabín, que también fue el letrado de los afectados por los daños ocasionados por el Mar Egeo, estima la opción de alejar el buque como la mejor de las que se podrían haber tomado, <<ya que los vientos de tercer y cuarto cuadrante que soplan en esta época en el litoral gallego hacían casi imposible llevarlo a alguna ría, excluyendo las Rías Baixas, aunque por su naturaleza y riqueza ecológica y productiva, ya quedaban descartadas de antemano”.

No reforzo da versión do goberno tamén vai a información da páxina 10 co titular: “López Veiga pide sensatez porque <<se ha salido bastante bien parado>>”. Na información secundaria dedícase á oposición: “PSOE y BNG ven la costa igual de indefensa”. Na columna da dereita varios breves sobre protestas: “Concentraciones en las principales ciudades y actos culturales”, no interior sinálase que son convocados por Nunca Máis e Burla Negra. O seguinte breve cunha imaxe da Torre de Hércules titúlase: “Greenpeace reclama soluciones y más protección desde la Torre de Hércules”.

El País tematiza o aniversario ao redor de que non se reforzaron os medios de salvamento e unha entrevista ao capitán do barco. A información principal sobre o Prestige publicada na sección de España titúlase: “Las autoridades marítimas no han reforzado los medios de salvamento en Galicia un año después” e o subtítulo: “Técnicos de las capitánías reconocen que no disponen de ningún nuevo protocolo de actuación”. A información principal da seguinte páxina trata do informe sobre a salubridade na cadea alimentaria e sobre o impacto ecolóxico. O titular é : “La Xunta y Oceanografía dicen que el pescado no tiene hidrocarburos desde que se abrió la veda” e o subtítulo: “El rastro del chapapote aún es visible en zonas muy concretas de la costa de Galicia”. Na información secundaria: “Arenas afirma que <<paliar la catástrofe>> costará 829 millones de euros a todas las administraciones”.

Na portada o diario xa avanzaba a entrevista ao capitán do Prestige, que vai a toda páxina co titular: “He vivido temporales muy fuertes, pero nunca una situación tan complicada”. Abre así as pezas informativas ao redor do estado no que se atopaba o barco. Na páxina seguinte: “El anterior capitán del 'Prestige' denunció graves deficiencias en el petrolero”, cunha peza abaixo titulada: “Anomalías registradas en el cuaderno de bitácoras”. Na columna dereita: “Efrapios pidió el relevo al no atenderse sus reclamaciones”. Noutra páxina segue coa situación do barco na actualidade, no fondo do mar: “La primera autopsia tras el

hundimiento”. Unha información abaixo: “La catástrofe le ha costado a Francia 200 millones, sin incluir los daños ecológicos”.

O ABC abre en páxinas interiores cunha información sobre os satélites baixo o título: “Los satélites fracasaron con el <<Prestige>> que aclaran no antetítulo: “Los satélites de última generación no tomaron imágenes durante los primeros días y no estuvieron disponibles en ciertos periodos de las semanas siguientes. Muchas imágenes no tenían calidad para desvelar manchas de fuel, que podían confundirse con algas”. Na páxina do lado, unhas imaxes do satélite, unha infografía sobre o rumbo do barco agónico e outra sobre o afundimento do buque petrolero. Nunha terceira páxina dedicada ao aniversario, a información principal dedícase á política: “El <<Prestige>> desató una marea de crispación en las relaciones PP-PSOE”. Dentro desta información hai un pequeno breve no que se fala sobre o informe da salubridade dos produtos galego baixo o titular: “Dudas gratuitas” e nas que se recollen as palabras do presidente do CSIC desacreditando a investigación da Universidade da Coruña. Na columna dereita: “Fraga superó dos censuras en <<el peor momento de su vida política>>”. Na páxina 22 volve a facer fincapé sobre o tema da salubridade dos produtos do mar na peza principal desta páxina: “El Ejecutivo Autonómico garantiza la salubridad de los productos del mar”. A información secundaria dedícase a: “Casi 100 millones de dólares costará la extracción del fuel según las estimaciones de Repsol”.

